ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Alejandro
Otero Varela

Tese de doutoramento

Historia da división comarcal de Galicia

Santiago de Compostela, 2023

Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

HISTORIA DA DIVISIÓN COMARCAL DE GALICIA

Alejandro Otero Varela

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2023

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

D./Dna. **Alejandro Otero Varela**

Título da tese: **Historia da división comarcal de Galicia**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Santiago de Compostela**, **19 de abril do 2023**.

Sinatura

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D./Dna. **Valerià Paül Carril**

En condición de: **Titor/a e director/a**

Título da tese: **Historia da división comarcal de Galicia**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Alejandro Otero Varela, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **19 de abril do 2023**.

Sinatura

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A papá.
Con todo o amor.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Esta investigación desenvolveuse ao abeiro dun contrato para a Formación do Profesorado Universitario (FPU) concedido polo Ministerio de Universidades, entre outubro do 2018 e marzo do 2023.

AGRADECEMENTOS

Aos meus pais, Toñito e Aurelia. As dúas persoas que mo deron todo. Que me apoiaron incondicionalmente en cada un dos meus pasos e soños. Grazas polo amor e o cariño. Pola complicidade. Polo esforzo e sacrificio da vida na procura dun futuro mellor. Por facer que todo saíse sempre ben. Para min é unha satisfacción e un orgullo ser o voso fillo. Quérovos.

Á miña curmá Susana por ser irmá desde o primeiro recordo. Á miña tía Glorita por facer de segunda nai cargada de sentimento. Á miña tía Nena por mexer con agarimo berces interxeracionais, entre eles, o meu. Á miña avoa polos consellos máis elementais e necesarios. Á miña familia catalá por estar preto aínda na distancia. Para todos vós o meu recoñecemento.

Aos amigos de Monforte. Os de sempre. Xuntos desde que nos ensinaron a pintar sen saírnos dos bordes. Grazas por estar e coidarme. Por quererme ben.

Aos amigos de Santiago. Os da resi. Cantos grandes momentos pasamos xuntos. Grazas por facerme sentir tan libre ao voso carón.

A Patri. Grazas pola túa inmensa xenerosidade e o coidado cotián.

Aos compañeiros e fundamentalmente amigos do doutoramento. Sodes só bos momentos, tanto dentro como fóra do traballo. Grazas pola vosa calidade humana. Que sorte tiven de compartir estes anos convosco.

Ao Departamento de Xeografía e ao Grupo de Análise Territorial. A miña aprendizaxe académica debe de vós. Sodes exemplo de compañeirismo expresado en bos consellos e apertas afectuosas. Grazas polo soporte nos tempos duros da vida.

A Luís, Giacomo, Dino e Paolo. Grazas por abrirme as portas a outras realidades.

A Valerià. Grazas pola entrega e o inxente esforzo depositado nesta investigación. Por confiar en min e guiarme. Por facerme pensar. Pola amizade. Por ser a mellor compaña para este camiño.

A todos e todas os que dunha maneira ou doutra compartistes comigo este traxecto. Grazas, de corazón.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO / ABSTRACT

Esta investigación pescuda o debate acerca das comarcas acontecido en Galicia desde que este se expón como tal, tanto no que respecta aos discursos que se xeraron ao seu redor como aos mapas que se foron deseñando. O obxectivo principal consiste en determinar os distintos significados que se lle atribuíron a esta escala territorial en Galicia, de xeito que se poida concretar como foron evolucionando. Con este fin, desenvolvemos unha análise bibliográfica en profundidade, con especial dedicación á recollida sistemática e cartografado de todas as divisións comarcais identificadas. Metodoloxicamente, empregamos tamén técnicas cualitativas para acadar uns resultados máis ricos e plurais no que se refire á experiencia comarcalizadora dos anos 1990-2000, cando se produciu un proceso de comarcalización como tal do país.

Os resultados obtidos permiten evidenciar que os discursos, os mapas e os significados das comarcas foron mudando en relación cos contextos políticos e académicos nos que se inseriron. En primeiro lugar, o nacemento do Estado-nación español nas primeiras décadas do século XIX definiu uns ámbitos de escala comarcal —os partidos xudiciais— que xogaron un papel fundamental na consolidación da consciencia comarcal. Xa no século XX, a comarca adquiriu maior protagonismo. En particular, foi definida polos galeguistas como o ámbito máis axeitado sobre o que cimentar a organización territorial de Galicia. Desde o punto de vista político, estivo presente nos debates da Segunda República. Foi tamén empregada polo franquismo con distintos fins non coincidentes cos do galeguismo. Amais, tivo unha importancia singular no sistema educativo como ámbito de referencia á hora de explicar Xeografía, nomeadamente en manuais escolares e, co paso dos anos, na universidade. Nas décadas de 1970 e 1980, converteuse nun monotema dentro do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela con numerosas propostas académicas ao respecto. Porén, foi nas derradeiras décadas do século XX cando se produciu unha intensificación dos debates e dos traballos en torno á cuestión comarcal. A chegada da democracia implicou que desde o goberno autonómico se avanzase inicialmente na consolidación da comarca como ente local. Así e todo, na súa implantación nos anos 1990, non foi alén dun perímetro para a aplicación de políticas, enfocado moi en particular cara ao desenvolvemento local. Esta etapa veu acompañada dun intenso debate ao respecto, que levou, entre outros, á creación dunha complexa trama de órganos comarcais e á oficialización dun mapa comarcal.

Desde a aparición do debate comarcal nas primeiras décadas do século XX, demos en identificar varios significados do termo *comarca*: como nivel político-administrativo, como ámbito para a xestión do territorio, como ferramenta para a súa descrición xeográfica, como marco para o desenvolvemento local, como espazo de recoñecemento social, etc. Esta pluralidade de significados gardan relación coa maneira particular de entender e percibir a comarca desde o poder político, a academia e/ou a sociedade en xeral.

* * *

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

This research focuses on the debate about the *comarcas* that has taken place in Galicia since they were first coined as such, both the discourse surrounding them and the maps of them that were designed. The main objective is to determine the different significance attributed to these regional divisions in Galicia in order to show their development. To achieve this objective, we undertake an in-depth bibliographic analysis, paying special attention to the systematic collection of data and the cartography of all the territorial divisions on a *comarcal* scale. As part of the methods, we have also employed qualitative techniques to provide more in-depth results of the experience of *comarcal* regionalisation carried out between the years of 1990 and 2000, when such a process took place in Galicia.

The results achieved show evidence that the debates, the maps and the significance of the *comarcas* changed in relation to the political and academic contexts in which they emerged. Firstly, the birth of the Spanish nation state in the first decades of the 19th century defined areas on a *comarcal* scale ―the jurisdictions (*partidos xudiciais*)― which played an important role in the establishment of *comarcas* in the public conscience. Later, in the 20th century, the *comarcas* acquired greater prominence. Above all, they were defined by Galician nationalists as the most suitable way to base the territorial distribution of Galicia. From a political point of view, it was present in the debates held during the Second Republic. It was also used during the Franco regime to different ends than those of the Galician nationalists. Moreover, it was especially important within the educational system as the area of reference in geography, included in school textbooks, and in later years, at university. In the 70s and 80s, it became the main topic in the Department of Geography of the University of Santiago de Compostela with numerous academic proposals about it. In the last decades of the 20th century, the debates about this topic intensified, as did the number of projects done about the *comarcal* division of Galicia. The arrival of democracy implied that the regional government would become involved in establishing the *comarca* as a regional entity, although its implementation in the 1990s went no further than drawing up a perimeter for political purposes, focusing mainly on local development. This era was accompanied by an intense debate, that led to, among other things, the creation of a complex web of *comarcal* organisms and the establishment of an official map of the *comarcas*.

Since the appearance of the debates in the first decades of the 20th century, we can identify several different meanings of the term *comarca*: at an administrative and political level, as a place for territorial management, as a tool for geographical descriptions, as a framework for local development, as an area for social identity, etc. These meanings relate to the personal understanding and perception of the *comarca* from a political point of view, an academic one and/or from society in general.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ABREVIATURAS

AGACAL:	Axencia Galega de Calidade Alimentaria
AGADER:	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
AGE:	Asociación Española de Geografía
AGE:	Alternativa Galega de Esquerda
AN-PG:	Asemblea Nacional-Popular Galega
ANT:	A Nosa Terra
AP:	Alianza Popular
BANTEGAL:	Sociedade Xestora do Banco de Terras de Galicia
BDCYL:	Biblioteca Digital de Castilla y León
BNE:	Biblioteca Nacional de España
BNG:	Bloque Nacionalista Galego
BNPG:	Bloque Nacional-Popular Galego
BOCGCD:	Boletín Oficial de las Cortes Generales. Congreso de los Diputados
BOE:	Boletín Oficial del Estado
BOPG:	Boletín Oficial do Parlamento de Galicia
BUP:	Bacharelato Unificado Polivalente
BUSC:	Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela
BVD:	Biblioteca Virtual de Defensa
BVMC:	Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes
BVPB:	Biblioteca Virtual del Patrimonio Bibliográfico
CCdeG:	Converxencia Centrista de Galicia
CD:	Coalición Democrática
CdeG:	Centristas de Galicia
CDS:	Centro Democrático y Social
CE:	Constitución Española
CEOTMA:	Centro de Estudios de Ordenación del Territorio y Medio Ambiente
CG:	Coalición Galega
CNG:	Converxencia Nacionalista Galega
CP:	Coalición Popular
DA:	Disposición Adicional
DOG:	Diario Oficial de Galicia
DOT:	Directrices de Ordenación do Territorio
DSCCRE:	Diario de Sesiones de las Cortes Constituyentes de la República Española
DSCD:	Diario de Sesiones del Congreso de los Diputados
DSPG:	Diario de Sesións do Parlamento de Galicia
EAG:	Estatuto de Autonomía de Galicia
EAJ-PNV:	Euzko Alderdi Jeltzalea-Partido Nacionalista Vasco
EG:	Esquerda Galega
EGAP:	Escola Galega de Administración Pública
EM:	En Marea
ERC:	Esquerra Republicana de Catalunya
EU:	Esquerda Unida
FEADER:	Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural

FRG:	Federación Republicana Gallega
GAL:	Grupo de Acción Local
Galiciana:	Biblioteca Dixital de Galicia
GDR:	Grupo de Desenvolvemento Rural
GeC:	Galicia en Común
GeoEuskadi:	Euskadiko Datu Espazialen Azpiegitura-Infraestructura de Datos Espaciales de Euskadi
ICGC:	Institut Cartogràfic i Geològic de Catalunya
IDEAragon:	Infraestructura de Datos Espaciales de Aragón
IEC:	Institut d'Estudis Catalans
IES:	Instituto de Educación Secundaria
IET:	Instituto de Estudos do Territorio
IGE:	Instituto Galego de Estatística
IGN:	Instituto Geográfico Nacional
ILE:	Institución Libre de Enseñanza
ILG:	Instituto da Lingua Galega
INB:	Instituto Nacional de Bacharelato
JAE:	Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas
LCR:	Liga Comunista Revolucionaria
LEADER:	Liaison Entre Actions de Développement de l'Économie Rurale
LRBRL:	Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local
LRHL:	Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales
LRSAL:	Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local
LVG:	La Voz de Galicia
MNCN:	Museo Nacional de Ciencias Naturales
Nós-UP:	Nós-Unidade Popular
OAC:	Oficina Agraria Comarcal
ORGA:	Organización Republicana Gallega Autónoma
PAC:	Punto de Atención Continuada
PCA:	Programa Coordinado de Actuación
PCE:	Partido Comunista de España
PCG:	Partido Comunista de Galicia
PDC:	Plan de Desenvolvemento Comarcal
PG:	Partido Galeguista
PNG:	Partido Nacionalista Galego
PNRO:	Partido Nazonalista Repubricán d'Ourense
POG:	Partido Obreiro Galego
PORN:	Plan de Ordenación dos Recursos Naturais
PP:	Partido Popular
PRODER:	Programa Operativo de Desarrollo y Diversificación Económica de Zonas Rurales
PRRS:	Partido Republicano Radical Socialista
PSA:	Partido Socialista de Aragón
PSC:	Partit del Socialistes de Catalunya
PSdeG-PSOE:	Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español
PSG:	Partido Socialista Galego
PTG:	Partido do Traballo de Galicia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PTI:	Plan Territorial Integrado
RAE:	Real Academia Española
RAG:	Real Academia Galega
RAH:	Real Academia de la Historia
RSEHN:	Real Sociedad Española de Historia Natural
SEAGA:	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos
SEG:	Seminario de Estudos Galegos
SERGAS:	Servizo Galego de Saúde
SITGA:	Servizo de Información Territorial de Galicia
STC:	Sentenza do Tribunal Constitucional
TFG:	Traballo de Fin de Grao
TFM:	Traballo de Fin de Mestrado
TVG:	Televisión de Galicia
UCD:	Unión de Centro Democrático
UDG:	Unión Demócrata Galega
UE:	Unión Europea
US:	Unidad Socialista
USC:	Universidade de Santiago de Compostela
UPG:	Unión do Povo Galego

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

1 INTRODUCIÓN 29
1.1 Obxecto de estudo 30
1.2 Enfoque e delimitación 35
1.3 Estado da cuestión: de Cataluña a Galicia 37
1.4 Obxectivos 40
1.5 Hipóteses 41
1.6 Metodoloxía e fontes 41
1.6.1 Análise e revisión bibliográfica 41
1.6.2 Mobilización de material orixinal e inédito 43
1.6.3 Realización de entrevistas a persoas chave 44
1.6.4 Estudo dos discursos e textos políticos 47
1.6.5 Traballo de campo 49
1.6.6 Elaboración de cartografía propia 50
1.7 Xustificación da estrutura 55

2 THEORETICAL FRAMEWORK 63
2.1 Classical Chorographic Tradition 64
2.2 Classical Regional Geography 67
2.3 Regional Science 74
2.4 New Regional Geography 77
2.5 New Regionalism 84
2.6 New New Regional Geography 86

3 ANTECEDENTES: UNHA REVISIÓN DAS DIVISIÓNS DE ESCALA COMARCAL ATÉ O SÉCULO XVIII 91
3.1 As orixes: os *populi* castrexos e os condados medievais 91
3.2 A representación de ámbitos comarcais en cartografías antigas de Galicia 93
3.3 A estrutura eclesiástica en arciprestados e arcediagados 102
3.4 Os señoríos xurisdicionais 111

4 AS COMARCAS NA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO ESPAÑOL 115
4.1 O partido xudicial dentro do Estado liberal español 115
4.1.1 As primeiras divisións xudiciais 115
4.1.2 Os partidos xudiciais de 1834 121
4.1.3 O período xudicial entre 1867 e 1965 126
4.1.4 Os partidos xudiciais de 1965 á actualidade 132
4.2 As comarcas durante a Segunda República 137
4.3 Os mapas comarcais do franquismo 141
4.4 O debate comarcal desde a chegada da democracia 156
4.4.1 A comarca dentro da Constitución española 156
4.4.2 A comarca no Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) 160
4.4.3 A lexislación básica estatal en materia comarcal 163
4.5 A cuestión comarcal no primeiro autonomismo galego (1981-1989) 166

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.5.1 Os primeiros debates comarcais no Parlamento de Galicia 167
4.5.2 Propostas de comarcalización na primeira autonomía 173

5 AS COMARCAS NO SISTEMA EDUCATIVO ESCOLAR E UNIVERSITARIO ESPAÑOL 191
5.1 O tema comarcal nas Xeografías de Galicia 191
5.2 Estudos comarcais en Xeografías de España 199

6 AS COMARCAS AO SERVIZO DA NACIÓN GALEGA 219
6.1 O rexionalismo galego e os estudos «comarcais» de A. Brañas 219
6.2 Achegas comarcais do nacionalismo galego anterior á guerra civil 224
6.3 As comarcas na obra de R. Otero Pedrayo 234
6.4 O tratamento das comarcas polos epígonos de R. Otero Pedrayo 257
6.4.1 As achegas comarcais de A. Fraguas Fraguas 258
6.4.2 As comarcas na obra de F. J. Río Barja 262
6.4.3 Traballos monográficos sobre as comarcas 268
6.5 A comarca no feble nacionalismo galego das décadas de 1960 e 1970 272

7 AS COMARCAS NAS ORIXES DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA DA USC 277
7.1 As primeiras contribucións ao estudo das comarcas 277
7.2 O estudo sobre as feiras e mercados periódicos 286
7.3 As primeiras divisións comarcais sistemáticas 292
7.4 O tratamento das comarcas dentro de obras enciclopédicas 300
7.5 Estudos monográficos sobre as comarcas dirixidos desde o Departamento de Xeografía 305
7.5.1 Os espazos supracomarcais nas teses de doutoramento 306
7.5.2 Os ámbitos comarcais nas memorias de licenciatura 311
7.6 Achegas comarcais desde fóra do Departamento de Xeografía 316

8 O PROCESO DE COMARCALIZACIÓN DAS DÉCADAS DE 1990 E 2000 331
8.1 Estudos académicos comarcais pilotados por A. Precedo Ledo 331
8.2 O Plan de Desenvolvemento Comarcal 344
8.2.1 Os órganos de desenvolvemento comarcal 352
8.2.1.1 O Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial 353
8.2.1.2 A Comisión de Comarcalización 355
8.2.1.3 Os consellos comarcais 355
8.2.1.4 A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia 356
8.2.1.5 As unidades técnicas comarcais 360
8.2.1.6 As fundacións para o desenvolvemento das comarcas 360
8.2.1.7 Os centros comarcais de promoción e exposición de recursos 371
8.2.2 Os plans comarcais 376
8.2.3 O mapa comarcal de Galicia 383
8.2.3.1 Etapa preparatoria do mapa 385
8.2.3.2 Proposta oficial e fase de alegacións 391
8.2.3.3 O mapa comarcal definitivo 395
8.2.4 Os últimos anos de funcionamento do PDC 402
8.3 A visión dos ex-xerentes sobre o proxecto comarcal 408
8.3.1 «Nós fomos os "moteros"»: o arranque do plan comarcal 408
8.3.2 A figura do xerente comarcal: «paracaidistas» sen capacidade de decisión ... 410

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.3.3 O papel da administración autonómica: «un experimento con gasosa» para a Xunta de Galicia? 411
8.3.4 Entre relación «fluída e boa» e «odio visceral»: o diálogo coas administracións locais 413
8.3.5 Os recursos das fundacións comarcais: «en números vermellos» 414
8.3.6 «Un descoñecemento absoluto»: a contribución da xente á comarcalización 415
8.3.7 Entre a «teoría» do PDC e a «práctica» do LEADER: a dicotomía na xestión de fondos europeos 417
8.3.8 Os centros comarcais: un «edificio singular» que pretendeu asentar un «proxecto de futuro» 418
8.3.9 A toma de decisións nas fundacións: quen era o «vértice da pirámide»? 420
8.3.10 A «ambición» dos plans de desenvolvemento comarcal 421
8.3.11 Empezar «a casa polo tellado»: un proxecto abocado ao fracaso desde o seu inicio 422
8.3.12 O desmantelamento do PDC: «a nai pariuno e a nai matouno» 424
8.3.13 Unha segunda oportunidade para o proxecto comarcal? 425
8.4 O debate político en torno ao PDC acontecido no Parlamento de Galicia 426
8.4.1 A idea inicial do PP e o cambio de dirección nos primeiros anos do *fraguismo* 427
8.4.2 A consolidación do novo modelo comarcal e a crítica da oposición 432
8.4.3 Os controvertidos órganos comarcais do modelo *precediano* 437
8.4.4 A lei comarcal e outras normas lexislativas 442
8.4.5 O proceso de elaboración do mapa comarcal 448
8.4.6 O deterioro e desmantelamento do proxecto comarcal 450
8.5 Críticas e modelos académicos alternativos 457
8.5.1 Posturas académicas críticas co PDC 457
8.5.2 Contrapropostas e contramodelos académicos 463
8.5.3 O estudo académico das cabeceiras de comarca 473
8.5.4 O papel desenvolto por algunhas editoriais sobre o asunto comarcal 478
8.6 Comarcalizacións sectoriais recentes desde o goberno autonómico 481
8.6.1 A institucionalización do desenvolvemento rural 481
8.6.2 Os traballos autonómicos en materia de ordenación do territorio 491
8.6.3 Outras comarcalizacións sectoriais 502
8.7 Propostas comarcais recentes desde o nacionalismo galego 507

9 DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS / DISCUSSION AND CONCLUSSIONS 513
9.1 *Discusión e conclusións* 513
9.2 *Discussion and conclusions* 532

FONTES DE INFORMACIÓN 545
Bibliografía 545
Fontes cartográficas 608
Debates políticos 613

ANEXO 623

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1.1. Comarcas convertidas en entes locais no Estado español 32
Figura 1.2. Mapa de *regions* e *comarques* oficializadas pola Generalitat de Catalunya en 1936 38
Figura 1.3. Algunhas das cartografías comarcais esbozadas por Precedo Ledo (1987) na súa historia da división comarcal de Galicia 51
Figura 1.4. Cambios nos límites municipais dos concellos de Galicia durante o século XIX 52
Figura 1.5. Cambios na planta municipal dos concellos galegos durante o século XX e XXI 53
Figure 2.1. An example of a map of the world according to Strabo 65
Figure 2.2. The most important diagram of the regional monograph in classical Catalan Regional Geography: *La Cerdanya*, by Vila Dinarès (1926) 70
Figure 2.3. Hartshorne's (1939) representation illustrating the relationship between Geography and the systematic sciences 71
Figure 2.4. An example of the criticism of classical Regional Geography based on its apparent inability to obtain precise boundary regions, with Central Europe (*Mitteleuropa*) as an example 73
Figure 2.5. Grot's caricature depicting the criticisms of Vidalian Regional Geography 74
Figure 2.6. An example of functional regionalisation in Washington State (USA), involving hierarchically organised nodes and networks 76
Figure 2.7. The model of regional institutionalisation proposed by A. Paasi (1986) 80
Figure 2.8. Infra and supra-state regions for cooperation in the Western Mediterranean 85
Figure 2.9. The world megapolitan archipelago according to DATAR (2011) 88
Figura 3.1. *Descripcion del Reyno de Galizia* de H. Ojea (1603) 94
Figura 3.2. Ámbitos comarcais identificados en *Descripcion del Reyno de Galizia* de H. Ojea (1603) 95
Figura 3.3. *Il Regno di Galicia* de G. Cantelli da Vignola e D. de Rossi (1696) 96
Figura 3.4. *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia* de T. López (1784) 98
Figura 3.5. «Comarcas» identificadas no *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia* de T. López (1784) 99
Figura 3.6. *Carta Geométrica de Galicia* de D. Fontán (1845) 100
Figura 3.7. Unidades comarcais na *Carta Geométrica de Galicia* de D. Fontán (1845) ... 101
Figura 3.8. Arcediagados de Galicia cara aos séc. XII-XIII 103
Figura 3.9. Bispados de Lugo (1768), Mondoñedo (1764), Tui (1767), Santiago (1825), Ourense (1763) e Astorga (1762) contidos na *España Sagrada* 104
Figura 3.10. Representación actual dos arciprestados históricos das dioceses de Lugo (1768), Santiago (1825) e Tui (1767) 106
Figura 3.11. Mapas dos arciprestados das dioceses de Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui recollidos en Carreras Candi (1936) 107
Figura 3.12. Arciprestados de Galicia en 1994 108
Figura 3.13. Arciprestados de Galicia na actualidade 109
Figura 3.14. Organización catequística da arquidiocese de Santiago (1935) 110

Figura 4.1. Partidos xudiciais da antiga «provincia» de Santiago (1813)..... 117
Figura 4.2. Representación actual dos partidos xudiciais da antiga «provincia» de Santiago (1813)..... 118
Figura 4.3. Partidos xudiciais de Galicia por J. Velarde (1813) 119
Figura 4.4. Partidos xudiciais de Galicia en 1834..... 122
Figura 4.5. Partidos xudiciais de Galicia (1867-1872)..... 127
Figura 4.6. Mapas dos partidos xudiciais das provinciais galegas a comezos do séc. XX editados por A. Martín 128
Figura 4.7. Xulgados municipais e comarcais (1945)..... 130
Figura 4.8. Situación dos partidos xudiciais de Galicia antes da reforma de 1965..... 131
Figura 4.9. Partidos xudiciais de Galicia (1965-1988)..... 133
Figura 4.10. Partidos xudiciais actuais de Galicia (1988-) 135
Figura 4.11. Comarcas fixadas polo Ministerio de la Gobernación (1965) 143
Figura 4.12. Cabeceiras de comarca e núcleos de expansión establecidos no *Acuerdo del Consejo de Ministros de 11 de junio de 1971*..... 145
Figura 4.13. «Gran Comarca Compostelana» definida por García Briones (1971)..... 146
Figura 4.14. Comarcas esbozadas pola Deputación de Pontevedra no marco das *Directrices de actuación para el cuatrienio 1972-1975* (1973) 147
Figura 4.15. Comarcas agrarias impulsadas polo Ministerio de Agricultura na década de 1970..... 150
Figura 4.16. Comarcas agrarias «homoxéneas» fixadas pola Confederación Española de Cajas de Ahorros (1971) 151
Figura 4.17. Comarcas agrarias en función de núcleos comerciais agrarios establecidas pola Confederación Española de Cajas de Ahorros (1971) 152
Figura 4.18. Comarcas educativas definidas polo Ministerio de Educación y Ciencia (1970-1) 154
Figura 4.19. Mapa comarcal da AISS (1977)..... 155
Figura 4.20. Evolución dos partidos políticos no Parlamento de Galicia (1981-1989) 167
Figura 4.21. División sanitaria impulsada polo Ministerio de Sanidad y Seguridad Social (1980-1) 175
Figura 4.22. Mapa sanitario establecido pola Xunta de Galicia. Nivel VI (1984)..... 176
Figura 4.23. División sanitaria fixada pola Xunta de Galicia. Nivel V, IV e III (1984)..... 177
Figura 4.24. Proposta académica de división sanitaria (1984)..... 179
Figura 4.25. Mapa sanitario decretado polo goberno galego en 1989 180
Figura 4.26. Proxecto de división sanitaria entre a Consellería de Sanidade e o Sergas (1990)..... 181
Figura 4.27. Áreas de recrutamento dos centros de ensino medio segundo Lois González (1990)..... 183
Figura 4.28. Comarcas definidas por IDASA (1984) en función do sentido de pertenza dos concellos..... 185
Figura 4.29. División comarcal achegada por IDASA (1984)..... 186
Figura 4.30. Mapa comarcal de Galicia segundo De la Huerga Fidalgo (1982)..... 188
Figura 5.1. «Comarcas» presentes en Labrada Romero (1804) 192
Figura 5.2. División comarcal achegada por Martínez Padín (1849)..... 194
Figura 5.3. Mapa comarcal identificado en Rubido Prieto (1891)..... 196
Figura 5.4. División comarcal esbozada por Crespo Rodríguez (1916, 1918) 197
Figura 5.5. Mapa comarcal fixado por Martínez Morás e Lens Seijo (1936)..... 198
Figura 5.6. As comarcas de Galicia segundo Dantín Cereceda (1922)..... 201

Figura 5.7. Mapa das «regiones naturales» de Galicia (Dantín Cereceda, 1942) 203
Figura 5.8. Mapa de comarcas proposto por Dantín Cereceda (1942) 204
Figura 5.9. División comarcal formulada por Doporto Marchori (1930) 207
Figura 5.10. Proposta comarcal de Martín Echeverría (1928) 208
Figura 5.11. División comarcal achegada por Revenga Carbonell (1961) 211
Figura 5.12. Mapa de comarcas en De Terán Álvarez (1968) 212
Figura 5.13. División comarcal formulada por Arija Rivarés (1972) 215
Figura 5.14. Mapa de comarcas achegado por Cabo Alonso (1987) 216
Figura 6.1. «Municipios» e «ciudades» identificados en Brañas (1898b) 223
Figura 6.2. «Terra de Caldelas» segundo Risco (1927) e «Terra de Melide» por Otero Pedrayo (1933) 228
Figura 6.3. División comarcal contida na *Geografía General del Reino de Galicia* (Carreras Candi, 1936) 231
Figura 6.4. Esbozo comarcal da provincia de Ourense feito por Risco (1936) 233
Figura 6.5. Comarcas sinaladas por Otero Pedrayo n'*A Nosa Terra* (1925-6) 236
Figura 6.6. División comarcal presente en *Síntesis xeográfica de Galicia* (Otero Pedrayo, 1926c) 237
Figura 6.7. Mapa comarcal formulado por Otero Pedrayo (1926d) na primeira edición da *Guía de Galicia* 239
Figura 6.8. Mapa comarcal en *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* (Otero Pedrayo, 1928) 242
Figura 6.9. División comarcal segundo Otero Pedrayo (1929b) 244
Figura 6.10. Mapa comarcal formulado na segunda edición da *Guía de Galicia* (Otero Pedrayo, 1945) 246
Figura 6.11. Comarcas esbozadas por Otero Pedrayo (1955-6) na súa *Geografía de España* (I) 249
Figura 6.12. Comarcas esbozadas por Otero Pedrayo (1955-6) na súa *Geografía de España* (II) 250
Figura 6.13. División comarcal segundo Otero Pedrayo (1958) recollida dentro da *Geografía de España y Portugal* (1952-1967) 252
Figura 6.14. Comarcas esbozadas en *Historia de Galiza* por Otero Pedrayo (1962) 254
Figura 6.15. Comarcas sinaladas por Otero Pedrayo (1972) na provincia de Ourense 255
Figura 6.16. Mapa comarcal de Otero Pedrayo (1975) contido en *Galicia: una cultura de occidente* 257
Figura 6.17. Mapa comarcal contido na *Geografía de Galicia* de Fraguas Fraguas (1953) 260
Figura 6.18. Comarcas identificadas por Fraguas Fraguas (1953) na súa *Geografía de Galicia* 261
Figura 6.19. División comarcal contida na *Xeografía* que dirixe Río Barja en 1996 265
Figura 6.20. Comarcas esbozadas en *Galicia, esa descoñecida* por Río Barja (1999) 268
Figura 6.21. Ámbitos comarcais estudados en memorias de licenciatura e teses doutorais baixo a dirección de Otero Pedrayo, Fraguas e Río Barja 272
Figura 6.22. Mapa comarcal segundo Barrio Val et al. (1979) 275
Figura 7.1. División comarcal formulada en Mensua Fernández (1967) 278
Figura 7.2. Mapa comarcal contido en *Conocer España: Geografía y guía* (1973) 280
Figura 7.3. Ámbitos supracomarcais considerados por Casas Torres et al. (1976) 282
Figura 7.4. Comarcas definidas por Miralbés Bedera e De Torres Luna (1976) 283

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.5. Comarcas esbozadas para a provincia de Pontevedra por Hernández Borge (1978) 284
Figura 7.6. Áreas de influencia de escala comarcal na provincia da Coruña segundo Miralbés Bedera e De Torres Luna (1969) 287
Figura 7.7. Feiras e mercados periódicos sinalados por Miralbés Bedera e Casas Torres (1973) 289
Figura 7.8. Feiras de categoría «comarcal» e «subcomarcal» segundo Miralbés Bedera (1982) 290
Figura 7.9. Feiras e mercados periódicos identificados en Miralbés Bedera (1982) 292
Figura 7.10. División de Galicia en comarcas segundo Miralbés Bedera et al. (1980) 294
Figura 7.11. Mapa comarcal formulado por Miralbés Bedera et al. (1983) 297
Figura 7.12. Xerarquización das comarcas fixadas por Miralbés Bedera et al. (1983) 298
Figura 7.13. Comarcas definidas en De Torres Luna et al. (1985) 301
Figura 7.14. Mapa comarcal esbozado por De Torres Luna (1994) 302
Figura 7.15. Ámbitos comarcais identificados en torno aos camiños de Santiago por De Torres Luna (1995) 303
Figura 7.16. División comarcal esbozada por De Torres Luna et al. (2000) 305
Figura 7.17. Ámbitos de escala comarcal no val do Ulla segundo Rodríguez Martínez-Conde (1975, 1982) 307
Figura 7.18. Áreas de escala comarcal identificadas por Villarino Pérez (1981) para a provincia da Coruña 308
Figura 7.19. Comarcas fixadas por Chantada Acosta (1982, 1990) nun sector da provincia coruñesa 309
Figura 7.20. Comarcas definidas para unha parte da provincia de Lugo por López Andión (1992) 311
Figura 7.21. Comarcas nas memorias de licenciatura e teses de doutoramento coordinadas desde o Departamento de Xeografía (1973-1995) 315
Figura 7.22. Estudos comarcais impulsados polas Cámaras Oficiais de Comercio da Coruña e Santiago (1986-1990) 316
Figura 7.23. División comarcal identificada en Pérez Alberti (1979) 318
Figura 7.24. Ámbitos comarcais definidos na obra de Bouhier (1979) 319
Figura 7.25. Mapa de comarcas esbozado por Souto González (1980) 321
Figura 7.26. «Rexións económicas» de Galicia segundo Souto González (1980) 322
Figura 7.27. División comarcal observada en Pérez Alberti et al. (1981) 324
Figura 7.28. Comarcas e bisbarras definidas por Pérez Alberti (1982) 325
Figura 7.29. Ámbitos de escala comarcal identificados por Souto González na periferia de Vigo (décadas de 1970-1980) 327
Figura 7.30. Comarcas de Galicia segundo Mella Márquez (1983) 330
Figura 8.1. Sistema de asentamentos identificado en Precedo Ledo (1974) 332
Figura 8.2. Principais centros urbanos na década de 1980 segundo Precedo Ledo 334
Figura 8.3. División comarcal establecida en Precedo Ledo (1987) 336
Figura 8.4. Mapa de comarcas esbozado por Precedo Ledo (1990a) 338
Figura 8.5. Áreas urbanas das principais urbes de Galicia segundo Precedo Ledo 340
Figura 8.6. Cabeceiras comarcais identificadas en Precedo Ledo (1993a) 342
Figura 8.7. Sistema urbano observado en Precedo Ledo (1994) 343
Figura 8.8. «Comarcas piloto» e a súa evolución (1991-1996) 347
Figura 8.9. Unidades territoriais de Galicia segundo Precedo Ledo 351
Figura 8.10. Órganos de desenvolvemento comarcal 352

Figura 8.11. Evolución do máximo órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal durante os goberno de Fraga Iribarne (1990-2005) 354
Figura 8.12. Composición dos consellos comarcais 356
Figura 8.13. A «árbore das comarcas»: o emblema do PDC 357
Figura 8.14. Traballadores da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia en 1995 358
Figura 8.15. Estrutura organizativa da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia 359
Figura 8.16. Partido político na alcaldía no momento de constitución da respectiva fundación comarcal 362
Figura 8.17. Participación dos líderes políticos municipais no proceso de constitución das fundación comarcais 365
Figura 8.18. Composición do padroado das fundacións comarcais 366
Figura 8.19. Reunión dos xerentes das vinte fundacións piloto en 1995 369
Figura 8.20. Fundacións comarcais beneficiarias de fondos europeos de desenvolvemento rural 370
Figura 8.21. Relación de centros comarcais 374
Figura 8.22. Principais áreas de mercado de Galicia segundo os resultados obtidos dos cuestionarios municipais de recoñecemento territorial (1990) 387
Figura 8.23. Primeira proposta coñecida de mapa comarcal de Galicia (1990) 389
Figura 8.24. Reivindicacións municipais sobre a primeira proposta de mapa comarcal de Galicia 390
Figura 8.25. Proposta oficial de mapa comarcal de Galicia (1996) 392
Figura 8.26. Reivindicacións municipais sobre a proposta oficial de mapa comarcal de Galicia 394
Figura 8.27. Mapa comarcal aprobado definitivamente (1997) e vixente na actualidade 395
Figura 8.28. Tipoloxía comarcal segundo a obra teórica de Precedo Ledo 399
Figura 8.29. Áreas funcionais aprobadas de xeito oficial 401
Figura 8.30. Evolución dos partidos políticos no Parlamento de Galicia (1989-2020) 427
Figura 8.31. Programas electorais do PP para as eleccións galegas de 1989 e 1993 en relación co tema comarcal 432
Figura 8.32. Mobilizacións veciñais na Fonsagrada en xaneiro de 1992 461
Figura 8.33. Ámbitos comarcais observados en Lois González e Martínez Gargamala (1998) 466
Figura 8.34. «Comarcas» tratadas na *Xeografía de Galicia* que edita Gran Enciclopedia Galega (1993-1999) 468
Figura 8.35. Proposta comarcal formulada por Rodríguez González (1996) 477
Figura 8.36. Comarcas estudadas pola editorial Ir Indo nas colección*s Galicia en comarcas* (1993-1996) e *Galicia a fondo* (1998-2003) 479
Figura 8.37. Comarcas segundo a editorial Ir Indo na colección *Galicia en comarcas* (2005) 480
Figura 8.38. GAL/GDR para o período 1991-1993 482
Figura 8.39. GAL/GDR para o período 1994-1999 484
Figura 8.40. GAL/GDR para o período 2000-2006 485
Figura 8.41. GAL/GDR para o período 2007-2013 486
Figura 8.42. GAL/GDR para o período 2014-2020 e actual 487
Figura 8.43. Ámbito de actuación das oficinas agrarias comarcais 489
Figura 8.44. Mapa das comarcas gandeiras 490

Figura 8.45. Distritos forestais de Galicia 491
Figura 8.46. Modelos territoriais formulados nos documentos previos á aprobación definitiva das DOT (*Avance* 2004, Aprobación inicial 2008) 492
Figura 8.47. Áreas funcionais homoxéneas recollidas no *Avance* das DOT (2004) 494
Figura 8.48. Ámbitos comarcais presentes na aprobación inicial das DOT (2008) 495
Figura 8.49. Modelos territoriais formulados nas DOT (2004, 2008) 496
Figura 8.50. Unidades comarcais e supracomarcais nun estudo publicado pola Deputación Provincial da Coruña (2008) 498
Figura 8.51. Comarcas paisaxísticas de Galicia 499
Figura 8.52. Presentación por parte do goberno galego do mapa dos «xeodestinos turísticos» de Galicia en novembro do 2011 500
Figura 8.53. Mapa dos «xeodestinos turísticos» de Galicia (2011-2022) 501
Figura 8.54. Mapa dos novos «xeodestinos turísticos» de Galicia (2022-) 502
Figura 8.55. Ámbitos sanitarios dos PAC 504
Figura 8.56. Localidades que contan con polo menos un centro público de bacharelato 505
Figura 8.57. Área de actuación das oficinas comarcais de emprego 506
Figura 8.58. Estrutura comarcal interna do BNG 508
Figura 8.59. Mapa comarcal de Nós-UP 509
Figura 8.60. Comarcas esbozadas por Nós-UP dentro dos actuais límites de Galicia 510
Figura 8.61. Algúns exemplos dos brasóns deseñados por Projeto Estreleira para as comarcas de Nós-UP 511
Figura 9.1. Representación dos mapas comarcais de límites precisos en Galicia 515
Figura 9.2. Frecuencia dos límites comarcais en Galicia 516
Figura 9.3. Relación entre a división xudicial de 1834 e as comarcas oficiais actuais (1997) 517
Figura 9.4. Unha banda con deseños comarcais do independentismo galego actual 522
Figura 9.5. Ilustracións de Castelao que mostran o seu desapego pola xustiza 523
Figura 9.6. Órganos e instrumentos comarcais creados polo PDC nas décadas de 1990 e 2000 526
Figura 9.7. Indicadores sobre comarcas 528
Figura 9.8. Algúns exemplos da inclusión do mapa comarcal oficial en libros escolares de Xeografía 529
Figura 9.9. Tratamento ás comarcas nos principais medios galego de comunicación de masas 530

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1.1. As catro etapas da historia da división comarcal galega identificadas en Precedo Ledo (1987)..... 39
Táboa 1.2. Entrevistas realizadas a académicos expertos en materia comarcal..... 47
Táboa 1.3. Visitas realizadas a cada un dos centros comarcais..... 49
Táboa 4.1. Cambios na división xudicial como consecuencia da división municipal..... 123
Táboa 4.2. Mudas na división xudicial entre a aprobación do mapa municipal galego (1836-1840) e 1965..... 124
Táboa 5.1. Superficie das «comarcas» identificadas en Labrada Romero (1804)..... 193
Táboa 6.1. Programa fixado por Río Barja para o estudo das comarcas..... 264
Táboa 8.1. Orzamentos destinados á Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (1995-2011)..... 358
Táboa 8.2. Proceso de constitución das fundacións comarcais..... 363
Táboa 8.3. Principais cuestións relativas ao proceso de constitución dos centros comarcais..... 373
Táboa 8.4. Equipos de redacción dos plans comarcais..... 378
Táboa 8.5. Modelo a seguir na redacción dos plans comarcais..... 379
Táboa 8.6. Principais cuestións concernentes aos plans comarcais..... 381
Táboa 8.7. Composición e superficie das comarcas oficiais de Galicia..... 396
Táboa 8.8. Puntos principais do proceso de supresión das fundacións comarcais..... 405

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1 INTRODUCIÓN

Saber o momento preciso en que a cuestión das comarcas espertou o interese para este investigador é complicado. Quizais esta inquedanza forme parte do vivido na infancia. A miña aldea, «perdida» nun cativo concello do interior de Galicia, dista máis de 6 km da cabeceira municipal. Porén, a escasos 3 km emprázase a capital do concello veciño. Camiñando, a distancia ao núcleo cabeceira é de case dúas horas —uns 15 minutos en coche—, mentres que o traxecto a pé á cabeceira municipal do concello veciño é duns 45 minutos —uns 7 minutos en coche—. Cómpre sinalar que o vencello persoal tamén é maior co núcleo capital do concello alleo que co propio. Neste escenario, lembro preguntarlle aos meus maiores o porqué desta situación. Por que os avós e a xente da parroquia tiñan a obriga de desprazarse a un lugar máis afastado para iren ao médico ou demandaren calquera papeliño na Casa do Concello cando había outro lugar máis próximo e cos mesmos servizos? Daquela, non houbo éxito co interrogante. Hoxe en día, a situación segue sendo a mesma, mais eu xa conto cunha resposta máis clara: a división municipal non funciona da maneira axeitada, o que condiciona, tal e como veremos nestas páxinas, indefectiblemente o debate comarcal no país.

Á artificialidade percibida no relativo aos límites municipais cómpre sumar outro factor: o sentimento de desapego en relación coa capital provincial. Son contadas as veces que tiven que desprazarme «obrigado» á cidade de Lugo; en particular, catro ou cinco viaxes por cuestións médicas familiares que requirían dunha maior especialización. Esta desconexión case total coa cidade de Lugo contrasta cunha certa maior sintonía con Ourense, nomeadamente por motivos de maior proximidade. Porén, a indiferenza coa cidade das Burgas tamén é clara. Xorde entón unha nova constatación que fun desenvolvendo co paso destes anos: ao igual que a división municipal, a planta provincial tampouco semella a máis apropiada en Galicia.

Posiblemente o feito de nacer e medrar nunha «indiscutible» cabeceira comarcal tamén xogue o seu papel neste «idilio» que sinto polas comarcas. Observei desde cativo dinámicas que corroboran a atracción, a forza real, do eido comarcal en casos tales como: os anciáns da parroquia que se desprazan ao hospital comarcal para seren atendidos por especialistas sanitarios; un veciño que se move ao xulgado para arranxar un certificado ou á oficina de emprego para un curso de formación; outro que vai até a oficina comarcal agraria por cuestión dun saneamento ou que se traslada ao rexistro da propiedade por mor dunhas fincas; a rapazada que colle cada día un autobús de ida e outro de volta entre as súas aldeas de Bóveda, de Pantón, da Pobra do Brollón, do Saviñao ou de Sober e o instituto; as amizades que veñen ao cine, ás clases de baile ou a alternaren un sábado. Esta gravitación sobre Monforte convida a imaxinar un ámbito de escala comarcal que, sen unha estrutura político-administrativa que lle dea soporte, opera e é asumido pola xente, a diferenza dos anteriores dous niveis territoriais, que son, *a priori*, máis problemáticos.

Estas vivencias son algúns exemplos que espertaron en min a necesidade de saber sobre a organización territorial de Galicia e as distintas escalas político-administrativas que operan no país. Os mapas provincial e autonómico foron xa abondo estudados, para o conxunto do Estado, por Burgueño Rivero (1996) e García Álvarez (2002), respectivamente, tal e como tiven ocasión de coñecer a fondo nas materias de Xeografía de España e Xeografía Rexional de España, cando cursei os últimos dous cursos do grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. A formación do mapa municipal —galego— tamén foi tratada en profundidade por Fariña Jamardo (1990) nunha copiosa obra en once volumes. E a cuestión parroquial foi analizada, entre outros, polo

USC DE COMPOSTELA

propio Fariña Jamardo (1996) e, recentemente, nunha publicación coral editada en 2009 pola Xunta de Galicia coordinada por García Pazos (2009). En contraposición con estas atencións académicas recibidas por outras escalas da organización territorial, fun decatándome paseniño de que a cuestión comarcal resulta, de lonxe, a máis desatendida, a pesar da súa indubidable presenza ao longo e ancho do país.

Desde a perspectiva da miña traxectoria académica, manifestei desde o comezo unha querenza polo tema da división comarcal de Galicia. No meu Traballo de Fin de Grao —TFG— pescudei sobre a división comarcal actual, a impulsada desde a Xunta de Galicia nas décadas de 1990 e 2000, con especial atención aos testemuños dos que foron xerentes das extintas fundacións comarcais. De feito, nas aforas de Monforte, e a unha certa distancia do núcleo, hai unha pantasma de edificio enorme, ciscado nunha marxe da estrada nacional, que sempre foi unha incógnita e esa primeira investigación achegoume certa luz ao respecto. Logo, no Traballo de Fin de Mestrado —TFM— fun máis atrás no tempo e procurei até que punto determinadas comarcas actuais se corresponden con delimitacións territoriais pretéritas a través da revisión de fontes cartográficas antigas de Galicia, convencido como estaba daquela de que o debate comarcal proviña de hai séculos. Todas as lecturas realizadas aqueles anos leváronme a unha conclusión que constitúe dalgún xeito o meu punto de partida nesta investigación: as divisións municipal e provincial, que son produto do Estado liberal na primeira metade do século XIX, foron impostas e non responden de xeito adecuado á realidade territorial, social e económica de Galicia. Pola contra, a comarca —considerada, xunto coa parroquia, un nivel territorial propio— acáelle máis axeitadamente.

A finais do ano 2018, en fin, asumo a elaboración desta tese de doutoramento co obxectivo de pescudar en profundidade sobre o ámbito comarcal en Galicia. Nestes intensos case cinco anos non só me dediquei á confección da tese doutoral en si, senón que fun presentando algúns avances das pescudas que ía desenvolvendo, en especial sobre o proceso de comarcalización das décadas de 1990 e 2000. Estes avances plasmáronse coa participación en congresos e, ás veces, en publicacións diversas.

Chego ao final desta investigación no mes de abril de 2023. Foi un traballo duro, mais, ao mesmo tempo, satisfactorio. Difícil, sobre todo, pola gran cantidade de materiais e fontes cos que traballei e que irei debullando deseguido; ás veces sentinme desbordado, mesmo asfixiado, pola enorme mobilización que tiña que levar a cabo e asústame decatarme de que o número definitivo de referencias académicas citadas na bibliografía é de máis de mil. Gratificante, porque creo que contribuín ao avance do coñecemento xeográfico de Galicia: non sei se obturei de todo o oco detectado na Xeografía do país, como dicía antes, mais desde logo creo contribuír a enchelo de forma significativa[1].

1.1 OBXECTO DE ESTUDO

A organización territorial é un dos obxectos de estudo clásicos da Xeografía. En primeiro lugar, porque todo territorio implica o establecemento —ou o seu intento— duns determinados límites ou fronteiras, o que constitúe un lugar común en Xeografía política. E, en segundo lugar, como consecuencia das relacións entre poder, ideoloxía e territorio que se producen por parte de diferentes actores como os estados-nación, organismos internacionais, entidades subestatais existentes na maior parte dos países do mundo e/ou movementos nacionalistas e/ou rexionalistas, como tamén foi longamente estudado por parte da Xeografía política. Ademais, as demarcacións administrativas, ao igual que a lingua, a historia ou a cultura, constitúen un símbolo de identidade á hora de definir un determinado territorio e diferencialo do resto. Non

[1] Como nota de estilo na escrita, quero indicar que até o de agora escribín en primeira persoa, mais no sucesivo vou falar en impersoal e/ou en plural.

é este o lugar para revisar estes asuntos desde unha perspectiva teórica, mais o ensaio de Nogué Font (1991 [trad. 1998]) recolle á perfección estas tres constatacións que vimos de achegar.

En España, o modelo de organización territorial oficial vén marcado por tres niveis esenciais que afectan o conxunto do territorio, reproducidos *ad nauseam* polo sistema escolar e nos medios de comunicación. Por descontado, estas escalas non deben ser entendidas como algo aséptico, neutro ou racional, senón que contan cunha profunda carga política, ideolóxica e identitaria. Trátase, por unha banda, do mapa municipal e do provincial, creados na primeira metade do século XIX polo Estado liberal e que se inspiran no modelo territorial francés en *départements* e *communes* (Fariña Jamardo, 1990; Burgueño Rivero, 1996, 2011; Font Garolera, 2008; Burgueño Rivero e Guerrero Lladós, 2014). E, por outra banda, do mapa autonómico, que é produto do modelo definido na actual Constitución de 1978 e establecido con sorprendente rapidez no tránsito das décadas de 1970 a 1980 (García Álvarez, 2002), vixente até data de hoxe. Entre estes niveis temos a escala comarcal, non sempre explicitada, que xoga un rol moito menos protagonista e que está sometida, alá onde xorde, a unha forte controversia.


A comarca, no conxunto español, é un «ámbito territorial intermedio» entre a provincia e o concello (Burgueño Rivero, 2001; Zoido Naranjo et al., 2013; Membrado Tena, 2016). Nunha primeira abordaxe, o carácter «intermedio» da escala comarcal é do pouco que se pode dicir que sexa aplicable para todo o territorio español. No pasado, destacados xeógrafos como Solé Sabarís (1968, 1975) ou Vilà Valentí (1972, 1980, 1993), que abordaron a definición deste termo, sinalaron algúns dos factores caracterizadores: o medio físico, os usos e modos de vida da poboación, as relacións sociais e comerciais, o sentimento de pertenza colectivo, a paisaxe, os límites, a integración de concellos, a evolución histórica, a presenza dun núcleo de poboación que aglutinase a súa periferia ou a súa sinxeleza fronte a divisións de orde superior. Porén, na actualidade, estes factores deixaron de ser intrínsecos da comarca e cómpre falar de múltiples caracterizacións, delimitacións e visións ao seu redor que se aplica a realidades territoriais moi heteroxéneas.

A comarca non constitúe un nivel de organización territorial definido a escala estatal como o concello e a provincia, senón que no marco administrativo vixente depende subsidiariamente do que se decide en cada comunidade autónoma. Neste senso, os motivos que impulsan a súa creación son diversos, tales como: a fragmentación e irracionalidade do mapa municipal e a controversia do provincial; o recoñecemento de ámbitos con marcada personalidade e tradición nos que se subliman as aspiracións de diferentes nacionalidades para artellaren un ámbito intermedio de seu; ou a simple descentralización administrativa (Burgueño Rivero, 2001; García Álvarez, 2008; Membrado Tena, 2016). Porén, a comarcalización dun territorio comporta, indefectiblemente, dificultades de carácter político e técnico (Rodríguez González, 2005). Por unha banda, as comarcas dependen de decisións políticas que implican unha reorganización dos poderes de decisión establecidos e da capacidade de xestión de determinados recursos públicos, o que as enfronta a problemas con outros niveis político-administrativos e a seren utilizadas como un instrumento partidista. E, por outra banda, as comarcas resultan dun traballo de delimitación complexo —especialmente naqueles territorios de máis forte urbanización e, de forma antitética, tamén nos de moi baixas densidades— e tampouco son poucos os problemas que xorden á hora da elección do núcleo ou núcleos que se escollen como cabeceira comarcal.

A nivel do conxunto do Estado español só hai comarcas dotadas de competencias e con capacidade xurídica propia nas comunidades autónomas de Aragón —33 comarcas— e Cataluña —42 *comarques*— e, de maneira parcial, nas de Castilla y León —El Bierzo— e Euskadi —sete *cuadrillas* na provincia de Araba— (Figura 1.1). Respecto de Cataluña, cómpre

sinalar que a comarca do Barcelonès non conta cun órgano de goberno propio desde a disolución do seu *Consell Comarcal* no 2019 (*Llei 1/2019*), en parte pola concorrencia coa reimplantada área metropolitana (*Llei 31/2010*). Desta forma, hai 40 comarcas «convencionais», unha de réxime especial: Val d'Aran, con especificidades recoñecidas no estatuto e con lexislación propia —nomeadamente, as *Lleis/Leis 16/1990* e *1/2015*— que implica cesión de competencias, e outra sen organismo administrativo de seu. Xusto no momento de pechar esta tese doutoral, a inicios de marzo de 2023, reábrese a porta á comarca 43ª, o Lluçanès, validada pola consulta realizada en xullo de 2015 mais freada durante os anos máis intensos do *procés*, en principio, semella ser, sen *Consell Comarcal*. En Aragón, curiosamente, unha comarca das 33 non tivo *Consejo Comarcal* até 2019 (*Ley 8/2019*), a chamada «Central», isto é, a área de influencia directa de Zaragoza, de xeito que coa implantación desta última comarca, moi tarde en relación coas outras 32, se solucionou a escala metropolitana e a comarcal ao mesmo tempo, a diferenza do caso catalán, no que existen solapamentos moito máis complexos.

Figura 1.1. Comarcas convertidas en entes locais no Estado español



Fonte: IGN; IET; ICGC; IDEAragon; geoEuskadi; Consejo Comarcal de El Bierzo. Elaboración propia.

Noutras comunidades autónomas atopamos casos de «continentes», pero sen «contidos» asociados —isto é, de mapas comarcais mais sen órganos político-administrativos asociados

definidos a esta escala (Paül Carril e Tort Donada, 2005; Tort Donada, 2008; Paül Carril e Pazos Otón, 2009)—, como é o caso de Galicia (Burgueño Rivero, 2001; Membrado Tena, 2016). Esta situación dispar leva a García Álvarez (2008: 172) a falar dos ámbitos comarcais con múltiples cualificativos pouco condescendentes: «incompleto», «variable», «irregular», «leado», «dinámico», «inestable», «efémero», «transitorio», etc.

Toda esta heteroxeneidade ao redor do concepto de comarca vén determinada polo seu carácter non vinculante a nivel estatal, o que a converte necesariamente en ámbito moi influído pola percepción dos habitantes. Non é estraño, así pois, que a súa concreación territorial diste de ser unívoca. Para o conxunto dos mortais, a comarca non é máis ca unha área que «nos es reconocida por un nombre, quizás antiguo, unas ciertas características y unos límites, más o menos vagos» (Vilà Valentí, 1993: 235). Neste vencello inestable entre comarca e percepción popular, Rovira Virgili (1931 [ed. 2005: 30]) apuntaba acertadamente que «les comarques (…) són fetes, més que de res, del sediment humà que deixa la història al seu pas damunt la terra». Desde unha perspectiva actual, Membrado Tena (2013, 2016) expresa que a idea de comarca foi penetrando na sociedade até o punto de ser un termo bastante cotián:

> La idea de comarca ha ido calando también hasta cierto punto en nuestra sociedad. Lugares tan visibles como hospitales, centros educativos, áreas de servicio de autopista, multitud de empresas privadas y algunas denominaciones de origen llevan el nombre de su comarca, y los principales medios de comunicación escritos (…) tienen secciones e incluso ediciones comarcales (Membrado Tena, 2013: 8).

Alén da vitalidade do concepto no momento presente, cómpre indicar que se trata dun vocábulo con fondas raíces históricas. Segundo Arias López (2013), o primeiro documento —coñecido— que dá conta do termo *comarca* é o *Fuero de Castrotorafe*. Trátase dun texto anónimo datado en 1129, escrito en latín, e que rexistra unha primeira versión do vocábulo en masculino: «ET QUANTO REGALENGO PER TERMINO ET PER HEREDADE QUANTUM HABET EN AQUESTE *COMARCO*, VOBIS CONCILIO DE CASTROTORAF» (Muñoz Romero, 1847: 480; esta cursiva e as seguintes en documentos históricos é nosa). Outra fonte consultada ao respecto de determinar as orixes históricas precisas do termo, o *Corpus del Diccionario Histórico de la Lengua Española*, que ofrece a Real Academia Española —RAE—, recolle que a primeira aparición de *comarca* é en «Los signos del juicio final», un poema de Gonzalo de Berceo escrito en castelán medieval e datado na primeira metade do século XIII: «Assín serán ligeros, ésta es la verdat, / como es en nos mismes la nuestra voluntat / que corre quanto quiere sin nulla cansedat: / en qual *comarca* quiere, ý prende vezindat»[2].

Se imos ao primeiro documento en galego do que temos noticias deste termo, Arias López (2013) sinala que é nas *Cantigas de Santa María* de Afonso X «o Sabio», escritas en galegoportugués na segunda metade do século XIII. Concretamente, é a Cantiga 115: «ca un sãt om y esta / que end e patriarcha / daquela terra e a / en pode la *comarca* / et conssello te dara / bõo se deus me parca» (Schaffer, 2010: 130). O Tesouro Informatizado da Lingua Galega, que achega o Instituto da Lingua Galega —ILG—, considera a primeira aparición deste termo nun texto moito máis recente do galego contemporáneo. Trátase de *Vilancicos* (1827) de Luis Corral: «Un instante siquera qu' eu farei o son con a gaita. Vide entre tanto chegando pastores de estas *comarcas*, de manteiga, mel e flores traei a o Neno canastas»[3]. Respecto ao termo

[2] Consulta en liña. <*https://apps.rae.es/CNDHE/*>
[3] Consulta en liña. <*http://ilg.usc.es/TILG/*>

bisbarra —un sinónimo de *comarca* en galego—, a primeira vez que aparece documentado, segundo o ILG, é na obra *Prosas varias* (1887) de Florencio Vaamonde.

En relación coa etimoloxía do termo *comarca*, este deriva do prefixo latino «COM-» e o termo «MARCA». Existe coincidencia entre os filólogos á hora de sinalar que o étimo «MARCA» non ten unha raíz de orixe latina, senón que, a pesar da súa latinización, procede do xermánico *mark*, que indica 'confín, límite, raia, fronteira ou territorio fronteirizo' —e que coincide co termo latino *confinium*— (García de Diego, 1954; Machado, 1959; Coromines Vigneaux, 1961; Nascentes, 1966; Da Cunha, 1982; Segura Munguía, 1985; Coromines Vigneaux e Pascual Rodríguez, 1991). O significado de límite ou fronteira xa aparecía noutras linguas, como en alto alemán antigo —*marka*—, en anglosaxón —*mearc*— e en islandés antigo —*mark*—. Segundo Coromines Vigneaux e Pascual Rodríguez (1991), malia que a súa orixe xermánica é ben coñecida, non se descubriu aínda desde que dialecto penetrou ao romance. Segundo estes académicos, é probable que se incorporase ao galorrománico por conduto do fráncico e, posteriormente, desde o occitano ou o latín gálico estenderíase ao ámbito hispánico.

No latín, asentouse o termo «COMARCHUS» para referir o señor dunha vila ou lugar (De Miguel Navas e Gómez de la Cortina, 1867; Barcia Martí, 1883). Neste contexto, tamén hai acordo de que o termo existiu no galegoportugués, onde se dá un maior arraigo do masculino *marco* —aínda vivo no galego actual— e co mesmo significado de fronteira ou límite. Para Coromines Vigneaux e Pascual Rodríguez (1991) non é sinxelo asegurar se é unha innovación galegoportuguesa derivada de «marca» ou se é tanto ou máis antigo que este. Ademais, consideran que comarca está emparentado, como palabra de substrato, co termo galego-portugués *cómaro/cômaro* —vivo no galego actual e, no portugués moderno, como *cômoro*— e o seu derivado *comareiro*. Frei Martín Sarmiento xa definía a mediados do século XVIII os termos *cómaro* e *comareiro* como «aquellos límites entre dos heredades, o los términos de una, en que nace yerba y se pasta, porque no se labra» (Pensado Tomé, 1973: 315). Respecto destes termos emparentados con *comarca*, Coromines Vigneaux e Pascual Rodríguez (1991) dan exemplos deles en textos escritos en portugués nos séculos X e XI.

Tamén a evolución semántica do termo *comarca* mostra que o seu sentido actual en castelán é recente. As primeiras constatacións escritas mantiveron un significado de 'límite, confín ou territorio situado nos límites con outro' (Arias López, 2013). No *Dictionarium latino-hipanicum* de Nebrija (1492), que tivo unha grande importancia na fixación e consolidación da lingua castelá, aparece como «*comarca, confinium*», o que vén reafirmar o seu significado de 'límite ou fronteira'. Tamén outros humanistas sinalan esta acepción como Del Rosal (*ca*. 1610: 164), que di: «de marca, que es raya y término del reyno o heredad»; ou Covarrubias (1611: 226), que, no seu *Tesoro de la lengva castellana o española*, apunta a «*confinium*, el contorno y lo cercano a vna tierra». Nesta mesma liña sitúase o *Diccionario de la lengua castellana* (1726-1739) —coñecido como «Diccionario de Autoridades»—, que define o termo como «el país contiguo y cercano à una tierra ò lugar, que está en contorno de ella» (RAE, 1729: 426).

Facendo unha evolución das versións sucesivas do *Diccionario* da RAE, que entendemos como paradigmático dos significados das palabras en español, atopamos de entrada que xa se produce no século XVIII unha variación do termo en relación co devandito. Así, na primeira edición do *Diccionario de lengua castellana* (1780) establécese o significado deste concepto nun sentido semellante ao dado no momento presente, e xa non na liña do «Diccionario de Autoridades». En efecto, defínese naquela altura como o «territorio que comprehende un pueblo con todos sus alrededores» (RAE, 1780: 244), aínda que se segue acompañando esta definición do termo latino *confinium*, pervivencia do significado anterior. Ademais, xa desde a primeira edición se recollen as derivacións *comarcado*, *comarcano*, *comarcante* e *comarcar*. En coherencia con este significado, en 1796, a Real Academia de la Historia —RAH— presenta o

seu *Diccionario de voces españolas geográficas*, que vén definir o termo como sinónimo de «distrito» e, á súa vez, este como «territorio que comprehende la jurisdiccion de un prelado, juez, ó señor» (RAH, 1796: 32). Xa no século XX, a voz latina *confinium*, que acompaña á definición de *comarca*, desaparece a partir da quinta edición do *Diccionario* da RAE (1817) para ser substituída por *regio*. Así, dalgún xeito, refórzase o significado de *comarca* como 'territorio' no canto do de 'límite' ou 'fronteira'.

Na sétima edición do *Diccionario* da RAE, a definición muda levemente por «división de territorio que comprende varias poblaciones» (RAE, 1832: 180) e mantense invariable até a penúltima edición no 2001. Na actualidade, a versión que achega o *Diccionario de la Lengua Española* considera dúas acepcións: «1. Territorio que, en un país o una región, se identifica por determinadas características físicas o culturales. 2. Entidad administrativa compuesta por una pluralidad de municipios en el seno de una provincia»[4].

Pola súa banda, o *Dicionario* da Real Academia Galega —RAG— vén definir este termo como o «territorio natural que abrangue concellos e vilas con características xeográficas, económicas e culturais comúns»[5]. No que respecta ao sinónimo *bisbarra*, este é definido na mesma fonte como «territorio de límites pouco precisos, que xeralmente rodea un núcleo de poboación de certa relevancia e que pode abranguer outras entidades de poboación». Na actualidade, o *Dicionario* da RAG tamén recolle os termos *marco*, *cómaro* e *comareiro*, xa aludidos.

Hoxe en día, o vocábulo tamén goza de plena vitalidade no portugués e no catalán. O *Dicionário da Língua Portuguesa*, que ofrece a Porto Editora, defíneo como unha «circunscrição territorial com julgado de primeira instância»[6]. Pola súa banda, o *Diccionari de la Llengua Catalana* do Institut d'Estudis Catalans —IEC— achega dúas acepcións: «1. Extensió de territori, més reduïda que una regió, a la qual donen una certa unitat les relacions de veïnatge entre els llocs que la formen, certes condicions naturals o fets històrics» e «2. Entitat local de caràcter territorial formada per l'agrupació de municipis contigus»[7]. Alén destas linguas, o termo carece dunha equivalencia precisa noutros idiomas, mais si hai conceptos que se poden considerar próximos, mesmo intercambiables, como son *county* ou *shire* en inglés, *pays* en francés, *compressori* ou *paese* en italiano ou *landstrich* ou *kreis* en alemán.

1.2 ENFOQUE E DELIMITACIÓN

De entrada, abordamos o obxecto de estudo desde un enfoque diacrónico ou retrospectivo. Así, ante todo, o que procuramos é un traballo que compendie e analice todas as achegas —coñecidas— sobre as comarcas galegas, cos matices que realizaremos nas próximas páxinas desta introdución. Neste contexto, é pertinente sinalar a importancia que tivo aquí como modelo a seguir a *Història de la divisió comarcal* de Burgueño Rivero (2003) sobre as comarcas catalás. Burgueño Rivero (2003: 13-145) constrúe unha evolución histórica do feito comarcal en Cataluña que constitúe para nós a vimbieira na que tecemos o noso propio discurso.

A obra de Burgueño Rivero (2003) desprégase en dúas partes ben diferenciadas: «La divisió comarcal: idees, propostes i debats» (p. 13-145) e «Comarques» (p. 147-196). Nesta tese doutoral só tomamos a primeira como referencia. A segunda tamén ten unha dimensión diacrónica, mais sobre todo vale, baixo o noso punto de vista, para xustificar, comarca a comarca, a súa propia división en 52 comarcas —dez máis cás actuais—, cuxo mapa achega nas conclusións da primeira parte (Burgueño Rivero, 2003: 143). Dito sexa de paso, nalgún

[4] Consulta en liña. <*https://dle.rae.es/*>
[5] Consulta en liña. <*https://academia.gal/dicionario/*>
[6] Consulta en liña. <*https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa/*>
[7] Consulta en liña. <*https://dlc.iec.cat/*>

momento da elaboración desta tese doutoral desbotamos precisamente concluírmos co noso propio mapa comarcal de Galicia, aínda que as conclusións daremos algunha indicación ao respecto mais sen mapa *ad hoc* específico.

Burgueño Rivero (2003) explica con xeito no seu traballo a importancia deste tipo de investigacións e/ou enfoques que procuran explicar un feito desde o punto de vista da súa evolución a través do tempo:

> L'anàlisi retrospectiva és particularment pertinent per tal d'abordar amb coneixement de causa la qüestió del mapa comarcal. En aquest afer no és cap tòpic dir que no més amb la revisió del passat podrem construir una divisió territorial amb la que tots els ciutadans se sentin identificats i respectats (Burgueño Rivero, 2003: 12).

No noso caso, a abordaxe da cuestión comarcal desde a década de 1990 —período, como veremos no apartado de resultados, no que as comarcas son asumidas e traballadas desde o goberno autonómico— até a actualidade quizais fose suficiente para conformar unha tese doutoral. Porén, procuramos unha ambición maior, polo que consideramos que este traballo debía incluír o debate comarcal anterior aos anos 1990. É así como xorde unha das principais cuestións ás que debemos facer fronte neste traballo: a súa delimitación temporal. Até que punto do pasado nos deberiamos remontar? A cuestión resulta central nesta introdución e ímonos dedicar a ela no sucesivo.

De tomarmos como guía o traballo efectuado por Burgueño Rivero (2003) para o caso catalán, vemos que o seu estudo se inicia no tránsito entre os séculos XVI e XVII, isto é, coa primeira listaxe sistemática de comarcas coñecida como tal. É nese momento no que aparecen as primeiras corografías de Cataluña, nomeadamente o *Libre primer de la historia Cathalana en lo qual se tracta de historia o descripció natural, ço es de cosas naturals de Cathaluña*, coñecida como *Geografia de Catalunya* —aínda que esta denominación é presentista—, de Gil (1600 [ed. 2002]). Este libro achega xa unha relación sistemática de comarcas, que describe e delimita —cunha listaxe bastante potente de núcleos abranguidos para cada unha delas— (Casassas Simó, 1988; Burgueño Rivero, 2003). Tamén no século XVII se produce unha inxente actividade cartográfica renacentista na que aparecen abondosos corónimos comarcais, o cal resulta nun *corpus* acaído para comezar por parte de Burgueño Rivero (2003).

Outros académicos que traballaron no tema comarcal en Cataluña como Vila Dinarès (1931 [ed. 2005], 1937) ou Rovira Virgili (1931 [ed. 2005]) sinalan que as primeiras divisións comarcais proceden da prehistoria, concretamente das tribos prerromanas. O propio Burgueño Rivero (2003), malia comezar o seu estudo entre os séculos XVI e XVII, como acabamos de sinalar, recoñece tamén que a historia das comarcas se inicia moito tempo antes. Non ignora que moitos dos nomes comarcais son profusamente utilizados na documentación medieval e, de feito, que algunhas das denominacións teñen mesmo unha orixe condal. Postos a mirar atrás, tamén afirma que a pegada dos pobos iberos se pode observar nalgúns dos corónimos comarcais. Porén, este xeógrafo afirma que «aquesta protohistòria de les comarques resta, però, fora del nostre abast» (Burgueño Rivero, 2003: 12) e engade, a tal efecto, que o seu estudo debe ser abordado por outra ciencia: a Historia.

Neste punto, estamos en termos xerais de acordo con Burgueño Rivero (2003) e, de feito, para o caso de Galicia, Bermúdez Beloso (2017) vén de soster unha tese de doutoramento sobre as «protocomarcas» altomedievais —non denominadas *comarcas*, seríano en todo caso *avant la lettre*— que se encadra dentro da Historia. Malia que Baliñas Pérez (1992, 2006), tamén desde esta disciplina, sostivo o innegable carácter comarcal destas circunscricións territoriais

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

altomedievais galegas, aquí optamos por obvialas, entre outros motivos, pola falta de verbalización do concepto obxecto de estudo.

No caso galego, a historia da Xeografía de Galicia pode remontarse ao século XVI, cando aparecen as primeiras corografías a escala do conxunto de Galicia (Paül Carril, 2019). No que respecta á cartografía, o primeiro mapa suficientemente detallado relativo ao territorio galego é publicado en 1603, obra de H. Ojea (Méndez Martínez, 1994). Porén, en ambos os dous casos dáse unha circunstancia que nos afasta do paradigma catalán. Mentres que en Cataluña «tant en els mapes com en les descripcions geogràfiques o corografies, la realitat comarcal és objecte d'atenció preferent» (Burgueño Rivero, 2003: 14), en Galicia, e de acordo coa análise que realizamos no TFM —segundo o explicado máis arriba—, non. De feito, no noso caso de estudo, as obras que achegan un tratamento preferente ás comarcas —tanto listaxes sistemáticas como mapas comarcais— son xa de avanzado o século XX, como veremos nos apartados correspondentes de resultados desta investigación. Así, non podemos trasladar os argumentos esgrimidos por Burgueño Rivero (2003) en relación co momento seminal de inicio do debate comarcal á nosa investigación.

Sen deixar de recoñecer que existen uns antecedentes —ao igual que no caso catalán— que ligan a comarca a tempos pretéritos, estamos de acordo con González Mariñas (1994) cando subliña que non é posible realizar unha consideración da comarca anterior ao século XIX como forma de organización territorial definida. Desta forma, decidimos comezar o noso estudo coa creación do Estado liberal español nas primeiras décadas do século XIX, por varios motivos. Por unha banda, aparecen as primeiras Xeografías de Galicia como tales que consideran, aínda que de entrada de xeito superfluo, algunhas comarcas ou, mellor dito, «terras» e «vales». E, por outra, o nacemento do Estado liberal en España materializa a división en partidos xudiciais, que, tal e como sinalan académicos como Precedo Ledo (1987) ou Burgueño Rivero (2003), funcionan como unha división comarcal *de facto*, tanto no que se refire á escala como á súa posterior transcendencia. Neste contexto, un dos antecedentes que imos relatar deseguido é López Morán (1994), quen non dubida de categorizar literalmente a planta xudicial do século XIX en chave de «comarcalización histórica».

En terceiro lugar, cómpre engadir que se ben o século XIX é o do nacemento do Estado-nación liberal español, tamén o é o da súa «contra» galega, primeiro en forma de «provincialismo» e, unhas poucas décadas logo, xa como «nacionalismo», seguindo a terminoloxía de Fernández del Riego (1983a, 1983b) empregada por Beramendi González (2007). De acordo cunha liña de pensamento que aquí asumimos, Paül Carril (2007) interpretou que as comarcas xurdiron como tales no imaxinario territorial galego ao servizo desta ideoloxía contra-hexemónica; esta mesma opinión foi reiterada polo mesmo autor en Paül Carril e Pazos Otón (2009) ou, xa para o contexto instaurado coa crise pandémica da Covid-19, en Trillo Santamaría et al. (2022), de xeito que as comarcas galegas son lidas como discursos ideolóxicos que aparecen nun determinado contexto —no oitocentos?— e teñen unha vixencia continxente. Polo tanto, o século XIX resulta acaído, tamén, para explorar os alicerces deste discurso.

1.3 Estado da cuestión: de Cataluña a Galicia

A Xeografía desempeñou —e desempeña— un papel importante e decisivo no estudo das comarcas, especialmente no esforzo de sistematización (Gómez Moreno, 1992; Vilà Valentí, 1993; Zoido Naranjo et al., 2013). Para Gómez Mendoza (2001a, 2001b, 2013, 2018), os nomes de moitas comarcas, dentro do contexto español, van inevitablemente asociados ao nome do xeógrafo ou xeógrafa que os estudou na súa tesiña ou tese de doutoramento e «todas ellas en su conjunto constituyen quizá uno de los mayores capitales de la Geografía Regional» (Gómez Mendoza, 2018: 21). Respecto da contribución da Xeografía no estudo dos diferentes niveis

USC DE COMPOSTELA

político-administrativos en que se organiza un territorio, esta destacada académica tamén sostén que a disciplina estivo ausente, por exemplo, no debate sobre as autonomías, mais que se reservou «para un momento distinto, (…) el momento subregional» (Gómez Mendoza, 2001b: 20).

Dentro de España, Cataluña é o territorio no que se desenvolveu unha maior tradición de estudo comarcal. Non podemos omitilo como o contexto territorial que maiormente nos inflúe desde unha perspectiva académica. Destacan, en particular, os traballos de Vila Dinarès (1937), Casassas Simó e Clusa Oriach (1981), Lluch Martín e Nel·lo Colom (1983) ou Burgueño Rivero (2003), que achegan distintas «historias da división comarcal» nas que analizan tanto os seus antecedentes como os debates máis contemporáneos. Xa de xeito temperán, o estudo comarcal catalán coincide nas primeiras décadas do século XX cun amplo abano de monografías comarcais como as do Gironès (Santaló Parvorell, 1923), a Cerdanya (Vila Dinarès, 1926), a Plana de Vic (De Reparaz Ruiz, 1928) ou o Montseny (Llobet Reverter, 1947).

No caso catalán, un fito de grande importancia respecto á división comarcal foi a oficialización por parte da Generalitat de Catalunya dun mapa comarcal en 1936, en cuxa elaboración uns poucos anos antes participaron de cheo os xeógrafos (Figura 1.2). Non é necesario explicar nesta introdución o proceso conducente a este mapa, pero cómpre resaltar que o carácter —oficial e identitario ao converterse en mapa de «resistencia» ao franquismo— que tivo condicionará o resto de traballos posteriores sobre a división comarcal de Cataluña (Oliveras Samitier, 1995; Burgueño Rivero, 2003).

Figura 1.2. Mapa de *regions* e *comarques* oficializadas pola Generalitat de Catalunya en 1936



Fonte: ICGC.

Tamén son copiosas en Cataluña as monografías rexionais presentadas nas décadas dos 1980 e 1990, tales como o Val d'Aran (López Palomeque e Majoral Moliné, 1982), a Segarra (Tort Donada, 1986) ou o Bages (Oliveras Samitier et al., 1992), entre outras, as máis delas ao abeiro da colección comarcal auspiciada pola Caixa de Catalunya, aparecido entre 1978 —volume de Osona— e 1993 —volume do Pla d'Urgell—. O tema comarcal tamén é abordado en obras máis monumentais como a *Geografia de Catalunya* que dirixe Solé Sabarís (1958-1964) ou a *Gran geografia comarcal de Catalunya* —en 19 volumes— que publica a Fundació Enciclopèdia Catalana (1981-1985). A Societat Catalana de Geografia mantense co paso dos anos como un foro constante de debate comarcal, por exemplo, nas últimas dúas décadas, cos números especiais de *Treballs de la Societat Catalana de Geografia* 67-68 (2009) e 83 (2017), ambos os dous dedicados á sempiterna controversia da organización territorial catalá, ou coa serie de oito saídas de traballo de campo denominadas «les altres comarques» que remataron en completas recensións reflexivas na revista devandita, nas que se consideraba a súa pertinencia en termos de recoñecemento oficial (Bertran Gonzàlez et al., 2021).

Fronte á profunda tradición de estudo das comarcas en Cataluña, en Galicia, *a priori*, o tema preséntase como máis desatendido. Pese a isto, varios académicos e estudosos desde distintos enfoques abordaron o tema comarcal galego. Cómpre comezar por sinalar a abundante bibliografía xerada por quen foi o «pai» do Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia —PDC— na década de 1990, A. Precedo Ledo, que será obxecto de estudo nesta tese doutoral —véxase o capítulo 8—. Aos efectos desta introdución, salienta en especial a súa obra *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*, que edita a Xunta de Galicia en 1987. Neste traballo, Precedo Ledo (1987) achega a súa particular «historia da división comarcal» galega. No terceiro apartado do sexto capítulo da obra que leva por nome «Divisiones territoriales de Galicia: las propuestas de comarcalización», presenta unha recompilación de 15 divisións comarcais de Galicia acometidas por outros académicos e/ou institucións ás que clasifica en catro/cinco etapas (Táboa 1.1).

Táboa 1.1. As catro etapas da historia da división comarcal galega identificadas en Precedo Ledo (1987)

Divisións históricas e administrativas	Comarcas naturais e xeográficas tradicionais	Partidos xudiciais	Comarcalizacións «modernas»	
			Para a planificación	Científicas
• De la Huerga Fidalgo (1982)	• Dantín Cereceda (1942) • Otero Pedrayo (1926d [ed. 1980]) • Fraguas Fraguas (1953) • De Torres Luna et al. (1985)	• Delimitación nova [sic.] (pre-1965) • Delimitación antiga [sic.] (1965-1988)	• Educativas (1970-1971) • Agrarias (1972) • AISS (1977)	• Miralbés Bedera et al. (1980) • Miralbés Bedera et al. (1983) • Mella Márquez (1983) • Sanitarias (1984) • IDASA (1984)

Fonte: Precedo Ledo (1987: 269-327). Elaboración propia.

Até esta investigación doutoral, podemos considerar o traballo de Precedo Ledo (1987) como a única análise comparable efectuada en Galicia. No entanto, alén desta particular «historia» da división comarcal galega, outros académicos, desde diferentes disciplinas: Arquitectura, Dereito, Economía, Historia, Ciencia Política, Socioloxía, etc., pescudaron con solvencia sobre as comarcas galegas, aínda que sempre de forma parcial.

Desde o campo da Xeografía, cómpre salientar os traballos sobre organización territorial que, baixo distintos enfoques, acometeron García Álvarez (2003), Lois González (2004), Rodríguez González (2004a) ou Paül Carril e Pazos Otón (2009). Estes académicos xustifican

a vitalidade das comarcas como ámbitos axeitados sobre os que organizar o conxunto do país. Tamén varios xeógrafos achegáronse ao estudo das comarcas desde un punto de vista sectorial. Este é o caso de Lois González (1990) sobre o mapa educativo de Galicia ou de González Pérez (1998a) sobre as divisións sanitarias —a súa investigación doutoral circunscríbese ás provincias de Ourense e Pontevedra—. Ambos os dous académicos achegan a súa particular «historia da división comarcal» recompilando e explicando divisións sectoriais da natureza indicada que tiveron lugar en Galicia.

Tamén debemos salientar as contribucións ao tema comarcal de González Mariñas (1994), que aborda a cuestión das comarcas considerándoas como o nacionalismo galego as construíu, nomeadamente na época de preguerra e para o que recompilou algúns dos escritos ao redor da comarca de destacados persoeiros como Castelao, Otero Pedrayo ou Risco, por pór algúns exemplos. O vencello das comarcas co nacionalismo —ou, mellor dito, co rexionalismo— galego, tamén foi abordado por García Álvarez (2001), que centrou a súa investigación no modelo de organización territorial que Brañas deseñou para Galicia.

Os traballos de Ferreira Fernández (1999, 2000) e López Mira (2000) sobre as comarcas tamén supoñen antecedentes importantes a ter en conta nesta investigación. Desde o campo do Dereito e a Administración Pública, os seus estudos abordan as posibilidades que ofrece a lexislación estatal e, en particular, a autonómica, para o desenvolvemento das comarcas. Amais, afondan nos aspectos xurídicos das leis e outras normas en relación co proxecto de desenvolvemento comarcal impulsado pola Xunta de Galicia na década de 1990.

Os partidos xudiciais tamén foron obxecto de estudo por numerosos académicos e estudosos, entre os que podemos destacar o propio Ferreira Fernández (2000), Castro López (1989), López Morán (1994) e, de xeito especial, o exhaustivo traballo de Fariña Jamardo (1990). N'*Os concellos galegos*, Fariña Jamardo (1990) considera un capítulo no que define e recompila os principais fitos na evolución do mapa xudicial galego desde a súa formación nas primeiras décadas do século XIX até finais do século XX.

Finalmente, debemos destacar a tese de doutoramento de Caridad Graña (2012a), que afonda nos aspectos de planificación, desenvolvemento e carácter arquitectónico do proxecto comarcal impulsado polo goberno galego nos anos 1990 e 2000. A investigación deste arquitecto reúne os fitos máis importantes en relación cos órganos de desenvolvemento comarcal, os plans comarcais e, particularmente, sobre os centros comarcais.

1.4 OBXECTIVOS

Detectado o nicho investigador no que nos situamos, e analizado o estado da cuestión do asunto a tratar, convén fixar o obxectivo principal desta investigación. Este consiste en **determinar os distintos significados que se lle atribúen á *comarca* en Galicia desde a súa aparición como tema de debate e ver como estes foron evolucionando**. Derivado deste obxectivo principal, derívanse unha serie de obxectivos secundarios que se listan deseguido:

1. Resolver desde cando se fala de comarcas en Galicia e en que termos.
2. Coñecer os diferentes mapas comarcais de Galicia e precisar até que punto as divisións comarcais máis antigas inflúen nas posteriores.
3. Valorar en que momentos o mapa comarcal foi empregado por parte de calquera administración pública e con que intereses.
4. Relacionar a evolución do mapa comarcal coa historia da Xeografía de Galicia —e de España—.
5. Interpretar en que sentido o mapa comarcal foi un debate político-ideolóxico, en particular para o nacionalismo galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6. Pescudar en que termos se desenvolveu o debate comarcal na Galicia autonómica e de que modo a dinámica galega foi diferente á doutras comunidades autónomas.
7. Reparar en se o mapa comarcal actual, aprobado en 1997 e na actualidade só con efectos de delimitación, resulta valedoiro no momento presente.

1.5 HIPÓTESES

En relación cos obxectivos sinalados e como derivada das consideracións efectuadas nas páxinas precedentes, apuntamos as seguintes hipóteses de traballo:

i. Unha primeira hipótese ten que ver cos partidos xudiciais. Malia non seren denominados como «comarcas», delimitaron uns ámbitos de escala comarcal e fixaron unhas cabeceiras que veñen funcionando desde hai case 200 anos. Presupomos que estas divisións xudiciais contribuirían a reforzar o nivel territorial comarcal e a fixar na mente da poboación —e nas súas relacións funcionais— esta división, que influiría tamén nos estudos posteriores sobre este tema.
ii. Nunha segunda hipótese consideramos que o significado determinante de comarca en Galicia xorde co galeguismo en datas relativamente recentes —achamos que nas primeiras décadas do século XX, nun estadio xa avanzado do desenvolvemento do galeguismo como nacionalismo—. Os nacionalistas galegos, posiblemente por imitación dos cataláns, procurarían unha organización territorial propia para Galicia en base á comarca e á parroquia, como contrapunto á provincia e ao concello.
iii. Unha terceira hipótese intenciona o estudo do proxecto comarcal implantado pola Xunta de Galicia na década de 1990. Inicialmente, semella que as expectativas en torno á división comarcal de Galicia sería altas, mais remataríase facendo un uso nesgado e limitado da chamada daquela, e aínda hoxe, «comarcalización».

1.6 METODOLOXÍA E FONTES

Ao tratarse dun tema tan amplo e que procura dar resposta a diferentes obxectivos, a presente investigación realizouse a través de distintos métodos e técnicas. Pasamos a explicalas e detallalas deseguido.

1.6.1 Análise e revisión bibliográfica

En primeiro lugar, acometemos unha análise e revisión bibliográfica en profundidade. En calquera traballo de investigación, a revisión de textos escritos sobre o tema é unha parte fundamental, que permite coñecer a información que foi abordada por outros investigadores na materia (Clark, 1997; Flowerdew, 1997; White, 2003). Segundo Flowerdew (1997), a revisión bibliográfica constitúe unha parte esencial da investigación á hora de deseñar e centrar o traballo que se vai a realizar.

A esta literatura científica chegamos a través de Internet e da consulta dos fondos da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela —BUSC—[8]. En ambos os dous casos, introducimos nos buscadores palabras chave como *comarca*, *bisbarra* e *rexión*/*región* en booleana con *Galicia*/*Galiza* e, a continuación, fomos consultado aquelas achegas que achamos que podían ser do noso interese. As que plasmamos na bibliografía son as que consideramos analiticamente que presentan sentido na tese doutoral. Aos traballos en cuestión tamén chegamos empregando outros métodos. Así, por exemplo, analizamos as fontes citadas de obras previamente consultadas, isto é, estas últimas leváronnos a outras (Flowerdew, 1997). De entrada, a obra de Precedo Ledo (1987), referida máis arriba, valeunos para detectar nun

[8] Consulta en liña. <*https://iacobus.usc.gal/*>

primeiro estadio quince referencias chave na materia, a partir das cales tiramos do fío. E, ademais, fixemos unha análise polo miúdo da produción científica dalgúns dos autores considerados fundamentais na temática das comarcas, de xeito que analizamos a totalidade das súas referencias vertidas no BUSC e tentamos determinar até que punto abordaban o obxecto de estudo; este é o caso, moi en particular, de R. Otero Pedrayo e de A. Precedo Ledo.

A tipoloxía de obras textuais que examinamos é diversa: manuais, tratados, monografías, dicionarios especializados, guías e diarios de viaxes, memorias de licenciatura, teses de doutoramento, obras de divulgación, obras didácticas, obras de referencia en Xeografía, etc. Cómpre sinalar que, de xeito inicial, demos prioridade á produción científica elaborada por xeógrafos para poder ter unha primeira valoración do estado no que se atopaba o tema comarcal desde a disciplina en Galicia. Logo, fomos introducindo diferentes achegas desde outras disciplinas que contribuíron a uns resultados máis ricos e plurais.

Respecto da cronoloxía das obras bibliográficas consultadas, as primeiras corresponden a Xeografías de Galicia dos primeiros anos do século XIX, mentres que as máis recentes son, obviamente, dos derradeiros anos. Os traballos máis antigos foron consultados no Fondo Patrimonial que a Universidade de Santiago de Compostela custodia na Biblioteca Xeral, e non na Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, onde adoitan estar as obras máis recentes que teñen interese para nós. Cómpre destacar que mentres as segundas acostuman a poderse levar en empréstito, os primeiros teñen que necesariamente ser consultados na sala. Algúns destes documentos tamén están accesibles en Internet a través de diferentes plataformas como a Biblioteca Dixital de Galicia ―Galiciana―[9], a Biblioteca Nacional de España ―BNE―[10], Minerva-Repositorio Institucional da USC[11], a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes ―BVMC―[12] ou a Biblioteca Virtual del Patrimonio Bibliográfico ―BVPB―[13]. Todos estes materiais dos que tiramos proveito están citados ao longo desta investigación e relacionados convenientemente na bibliografía.

De entre a bibliografía consultada, cómpre destacarmos a revisión en profundidade que fixemos de varias series de publicacións periódicas. Por unha banda, consultamos na procura de «indicios» comarcais todos os números dos xornais *A Nosa Terra* (1916-1936) e *Nós* (1920-1936) e o mesmo cos «arquivos» do Seminario de Estudos Galegos (1927-1934), que funcionaron todos eles como voceiros e plataformas de actuación do clima intelectual xerado polo nacionalismo galego na época de preguerra. Tamén revisamos os números da *Revista de Economía de Galicia* (1958-1968), outro instrumento vencellado ao galeguismo na ditadura franquista e que contou cunha sección significativamente denominada «Las Comarcas». A información obtida destas fontes vencelladas ao nacionalismo galego aparece reflectida no capítulo 6 desta tese. Finalmente, fixemos unha revisión de Xeografías ―Rexionais― de Galicia e de España, que de xeito habitual inclúen un apartado sobre comarcas, en particular sobre as galegas ―véxase capítulo 5―.

Ademais das referencias bibliográficas textuais, tamén mobilizamos obras de carácter cartográfico (Dunn, 1997; Perkins, 2003). Como guía tomamos os catálogos de Méndez Martínez (1994, 2000), que achegan unha relación sistemática e detallada da cartografía considerada histórica de Galicia. Como fontes de información complementarias neste senso cómpre destacar a Galiciana, a BNE, a BVPB, o Instituto Geográfico Nacional ―IGN―[14], o

[9] Consulta en liña. <*https://biblioteca.galiciana.gal/*>
[10] Consulta en liña. <*https://www.bne.es/*>
[11] Consulta en liña. <*https://minerva.usc.es/*>
[12] Consulta en liña. <*https://www.cervantesvirtual.com/*>
[13] Consulta en liña. <*https://bvpb.mcu.es/*>
[14] Consulta en liña. <*https://www.ign.es/*>

Institut Cartogràfic i Geològic de Catalunya —ICGC—[15] e a Biblioteca Virtual de Defensa —BVD—[16]. Polo xeral, os catálogos de Méndez Martínez (1994, 2000) valéronnos para determinar a conveniencia da consulta de determinados mapas e logo procurámolos nas fontes complementarias. Todos os mapas históricos teñen en común a representación individualizada do territorio galego —ou do noroeste peninsular— e, a partir da primeira metade do século XIX, tamén emerxe o nivel provincial —división interna dentro de Galicia—. O primeiro mapa que consideramos nesta tese doutoral é o de H. Ojea, presentando en 1603, mentres que as últimas cartografías consultadas deste xeito son dos primeiros anos do século XX, pois ao longo do século pasado xa pasan a formaren parte de libros. A análise destas cartografías consistiu na procura de topónimos de escala comarcal. O número total de mapas analizados, que se relacionan nun apartado de seu dentro da bibliografía desta investigación, foi de 94.

Tamén incorporamos un conxunto amplo de documentación de carácter xurídico. No que respecta aos aspectos legais sobre a cuestión comarcal usamos como referente o traballo de Ferreira Fernández (1999, 2000). Alén desta referencia bibliográfica, as leis e decretos máis recentes consultámolas en liña, tanto no *Diario Oficial de Galicia* —DOG—[17] como no *Boletín Oficial del Estado* —BOE—[18]. A lexislación máis antiga, non dispoñible nestas plataformas, obtivémola por outras fontes. Así, varios decretos recuperámolos en formato dixital a través de Aranzadi, da base de datos do Congreso de los Diputados e da BVMC. Nun caso puntual, foi necesaria a consulta física no Arquivo Municipal do Concello de Santiago —cuxa documentación se custodia no Arquivo Histórico Universitario—, en concreto, para a consulta do documento que permitiu a reconstrución dos partidos xudiciais para a antiga provincia de Santiago en 1812 —véxase apartado 4.1—.

1.6.2 Mobilización de material orixinal e inédito

Tivo grande importancia a análise de toda unha serie de materiais orixinais relativos ao proxecto de comarcalización de Galicia que durante as décadas de 1990 e 2000 se impulsou desde a Xunta de Galicia. Trátase da información sobre o tema comarcal que foi xerada no seo da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e das 31 fundacións comarcais que se crearon. Inicialmente, foron eses organismos os que custodiaron a información e, tras a súa disolución, a documentación pasou a outros departamentos e/ou institucións autonómicas: a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural —AGADER—, o Instituto de Estudos do Territorio —IET— e o Arquivo de Galicia. Toda a arquitectura institucional relacionada con este proceso é analiza polo miúdo no apartado 8.2 desta investigación.

Desde o IET facilitáronsenos os cuestionarios municipais de recoñecemento territorial, que o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial —un organismo dependente da Presidencia do goberno autonómico; véxase apartado 8.2.1— elaborou en 1990. Os cuestionarios que se conservan son os relativos a 214 concellos, non tendo noticias dos documentos referidos aos 99 concellos restantes —daquela había en Galicia 313 concellos—. O acceso a estes valiosos documentos deuse o 10 de decembro de 2020 e puidese obter unha copia do seu contido. Cómpre subliñar que foi esencial a axuda prestada por J. Figueroa Davila, traballador do IET e que formou parte da Sociedade Comarcal.

En AGADER, que se empraza no centro que no seu momento ocupou a Sociedade Comarcal, tivemos acceso a información de distinto tipo sobre esa Sociedade, as fundacións comarcais e os centros comarcais. Respecto á Sociedade Comarcal, puidemos chegar ás actas

[15] Consulta en liña. <*https://cartotecadigital.icgc.cat/*>
[16] Consulta en liña. <*https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/*>
[17] Consulta en liña. <*https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/*>
[18] Consulta en liña. <*https://www.boe.es/diario_boe/*>

da súa constitución e a informes sobre o seu funcionamento e actividade. A información sobre os centros comarcais estaba relacionada con distintas cuestións: orzamento e proxecto de construción, equipamento, inauguración, cursos impartidos, visitas, exposicións, conferencias, etc. En AGADER tamén consultamos os datos sobre o proceso de extinción das fundacións comarcais: acordos de disolución do padroado, proceso de liquidación, débedas, etc. Cómpre indicar que nos desprazamos fisicamente para realizar as consultas en varios días do mes de decembro de 2020 e que contamos coa axuda de J. Mª Soriano Villalba, empregado neste organismo e que coñece ben os últimos anos de funcionamento da Sociedade Comarcal por canto que foi o seu liquidador.

Finalmente, no Arquivo de Galicia puidemos consultar os pormenores relativos ás fundacións comarcais, isto é, as actividades e proxectos que realizaban, os gastos, as reunións do padroado na que se fixaban as liñas a seguir, os convenios mediante os cales colaboraban cos Grupos de Acción Local (GAL)/Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), etc. Ademais, tamén se conserva unha copia das cartas fundacionais e dos estatutos e regulamentos de réxime interno de cada fundación comarcal —e modificacións posteriores que estes puidesen sufrir—, que foron obxecto de estudo nesta tese. As consultas foron efectuadas de maneira presencial en varios días de decembro do 2020, nos que aproveitamos para dixitalizar a información co obxectivo de analizada posteriormente de maneira máis acougada.

Cómpre indicar que tamén procuramos as alegacións ao mapa comarcal de Galicia, das que temos constancia porque se relacionan no propio *Decreto 65/1997* polo que se aproba a división comarcal definitiva. En AGADER, no IET e no Arquivo de Galicia non tivemos constancia de que gardasen esta documentación, polo que, a través do procedemento de «acceso á información pública» que ofrece a Xunta de Galicia, dirixímonos, o 10 de marzo de 2021, á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza preguntando sobre este asunto. Porén, non tivemos éxito na resposta.

1.6.3 Realización de entrevistas a persoas chave

A realización de entrevistas foi outro dos métodos que empregamos para a obtención de información nesta investigación. O obxectivo perseguido era o de contar con datos fundamentados ao respecto e ter unha visión máis ampla e completa da man de persoas directamente implicadas no proceso de comarcalización na etapa aberta na década de 1990.

O principal motivo polo que se elixiu esta técnica de investigación cualitativa foi porque se procuran, a diferenza da enquisa, respostas abertas (Ruiz Olabuénaga; 1996; Valentine, 1997; Kvale, 2011; Lune e Berg, 2017). Para Valentine (1997: 111) as entrevistas «are a dialogue rather than an interrogation. (…) The advantage of this approach is that it is sensitive and people-oriented, allowing interviewees to construct their own accounts of their experiences by describing and explaining their lives in their own words». Así, as entrevistas ofrecen a oportunidade de que entrevistador e entrevistado teñan un diálogo amplo, que permita explicar as experiencias, valores, crenzas, pensamentos, complexidades ou contradicións dun xeito moito máis profundo do que ofrece unha enquisa. Sinala Valentine (1997: 111) que o obxectivo «is not to be representative (…) but to understand how individual people experience and make sense of their own lives». Na mesma liña se pronuncia Ruiz Olabuénaga (1996: 170), que afirma que o fin último da entrevista non é acadar unha resposta «objetivamente verdadera, sino subjetivamente sincera».

As persoas entrevistadas desempeñaron o posto de xerente dalgunha das extintas fundacións comarcais. O total de entrevistas realizadas foi de 27, entre abril de 2017, a primeira, e outubro de 2020, a última. As persoas entrevistadas foron identificadas inicialmente a través dunha *Orde do 28 de outubro de 2015* da Consellería de Facenda, na que se relacionaban os

nomes de 31 ex-xerentes comarcais. Cómpre sinalar que varios dos entrevistados non aparecen nesta listaxe, xa que desempeñan o posto de xerente con anterioridade a ese momento. Deste xeito, varios deles foron localizados empregando a técnica do *snowballing*, onde un individuo leva a outro, e estoutro a outro alén (Ruiz Olabuénaga, 1996; Valentine, 1997). Ademais, pese a que un bo número de xerentes foron incorporados pola administración autonómica ás oficinas de emprego, o que facilitou a súa localización, outros tantos marcharon a lugares e postos de traballo diferentes, polo que atopalos foi unha tarefa cargada de complexidade. Ademais, a falla de interese dalgúns deles a colaboraren neste traballo implicou que non se puidese chegar a máis persoas. En todos os casos houbo un desprazamento até o lugar acordado cos entrevistados, que normalmente coincidía co lugar no que residen/traballan. As entrevistas tiveron entre uns 30 minutos e unha hora de duración. Cómpre sinalar que unha parte delas ―13― foi xa mobilizada no noso TFG, citado máis arriba. Para esta tese activáronse xa as 27.

Á hora da realización da entrevista seguimos un modelo semiestruturado. Así, a pesar de elaborarse de antemán unha listaxe de temas que desexabamos cubrir, as preguntas non foron formuladas dunha maneira ríxida, senón que segundo a resposta obtida fomos improvisando o ritmo, a frecuencia, o contido, a orde ou a forma das preguntas ―engadindo novas cando era preciso―. Tentamos evitar un formato de «pregunta-resposta» e desbotamos unha formulación que puidese ser entendida como unha imposición ou esixencia. Deste xeito, preferimos usar máis outras formas como «cal é a súa opinión de», «cónteme acerca de» ou «fáleme de». Á hora da realización das entrevistas, tamén lle demos importancia ao principio de reciprocidade, isto é, á interacción e intercambio de ideas cos entrevistados, xa que é fundamental escoitalos e seguir o fluxo da conversación en todo momento e non tratalos como meros subordinados dos que extraer información (Ruiz Olabuénaga, 1996; Valentine, 1997).

Antes de comezar coas preguntas estritas sobre a cuestión pareceunos axeitado tratar unha serie de aspectos introdutorios. Así, en primeiro lugar, fixemos unha autopresentación, que axudou no establecemento dunha necesaria relación de confianza entre entrevistador e entrevistado. A continuación, contamos de que ía a entrevista, pero sen ofrecer demasiados detalles sobre o tema a tratar para evitar contaminala ou que os entrevistados se sentisen incapaces de manifestar opinións contrarias (Taylor e Bogdan, 1984; Valles Martínez, 2002). Neste momento, aos entrevistados asegurámoslles o seu anonimato, así como que non tiñan a obriga de responder preguntas que non desexasen ou que os fixesen sentir incómodos. Deseguido, solicitamos o seu permiso para gravar o seu testemuño e, desta forma, facilitar a recollida de información. Logo desta primeira toma de contacto fomos introducindo as diferentes preguntas sobre o tema, que as podemos agrupar en tres bloques ou partes:

- En primeiro lugar, tentamos que o entrevistado, dunha maneira distendida e relaxada, falase acerca del e dese unha primeira impresión sobre a súa experiencia no seu posto de traballo.
- A segunda parte correspondeu co groso da entrevista, onde fomos introducindo preguntas de carácter máis abstracto, difícil ou sensible. A grandes trazos fai referencia a como se relacionaba e á maneira na que se desenvolvía no seu traballo.
- E, a terceira, e última parte, contou cun carácter máis lixeiro e relaxado. Procuramos que os entrevistados falasen sobre a situación actual e futura do tema comarcal, intentando facer tamén unha recapitulación ao redor do proceso de comarcalización.

USC DE COMPOSTELA

O seguinte paso unha vez realizadas as entrevistas consistiu en transcribir e codificar os testemuños acadados (Crang, 1997; Cope, 2010). O proceso de codificación trátase, segundo

Cope (2010: 285), dun traballo emocionante, intrigante e valioso e que vén consistir nunha «critical self-evaluation of the research process». O traballo de codificación procura reducir a elevada cantidade de datos que produce a investigación cualitativa e estruturalos e organizalos de xeito científico. Así, por unha banda, é esencial para reducir o tamaño dos datos aproveitando os de máximo interese e desbotando os superficiais co fin de facilitar a comprensión e ter un maior control fronte ao caos das observacións brutas. Por outra banda, este labor procura a creación dunha estrutura organizativa que axude a clasificar os datos dentro de liñas de similitude para, desta forma, sacarlles o máximo proveito.

Á hora de codificar as entrevistas empregamos o software NVivo (Bazeley e Jackson, 2013). Este traballo levámolo a cabo a través da asignación de códigos, que axudaron na organización das ideas. Neste sentido, hai dous tipos de códigos: os descritivos —ou manifestos— e os analíticos —ou latentes— (Crang, 1997; Cope, 2010). Dunha banda, os códigos descritivos ou manifestos son aqueles que resultan evidentes, é dicir, que proceden directamente das declaracións dos entrevistados. Da outra, os códigos analíticos ou latentes non se din de maneira explícita na entrevista, senón que xorden na revisión de datos. Unha vez rematado o traballo de codificación estabamos xa en condicións de construír o contido desta investigación, que plasmamos no apartado 8.3. Nel, achegamos unha escolma das citas máis expresivas segundo a nosa interpretación, co fin tanto de recoller unha visión persoal das testemuñas como de sustentar unha determinada visión coas súas propias palabras. Cómpre indicar que para garantir o anonimato, a cada un dos entrevistados démoslle unha asignación numérica —desde E1 até E27—.

Alén destas entrevistas aos ex-xerentes das fundacións comarcais, cómpre sinalar a grande importancia que tiveron para esta investigación outras entrevistas realizadas a académicos que se significaron no tema comarcal, non só de Galicia, senón tamén doutros territorios (Táboa 1.2). Cómpre deixar claro que estoutras entrevistas, a diferenza das anteriores, non se reflicten no apartado 8.3. Sobre estas conversas podemos destacar o seguinte:

- En primeiro lugar, debemos destacar as catro entrevistas mantidas con destacados xeógrafos cataláns no mes de febreiro de 2019. Estas permitíronnos coñecer mellor o debate comarcal de Cataluña —que podemos considerar como o máis maduro do Estado español— e foron fundamentais para axudarnos a situar no tema.
- En segundo lugar, realizamos unha serie de entrevistas a académicos —principalmente xeógrafos— que se significaron no estudo das comarcas de Galicia, tanto por achegar propostas de división comarcal do país como por desenvolver análises integrais da organización territorial galega. Alén dos sete nomes que relacionamos na Táboa 1.2, debemos destacar os profesores F. R. Durán Villa, J. Hernández Borge e J. M. López Andión, cuxa axuda foi esencial para organizar o capítulo 7 desta investigación e tamén pola súa colaboración noutros apartados da tese. Todas estas entrevistas e encontros permitiron ir orientando a investigación e contribuíron a uns resultados máis proveitosos, amais de permitiren localizar referencias de interese que doutro xeito pasarían inadvertidas.
- En relación coas entrevistas anteriores realizadas en Galicia, resulta relevante destacarmos o encontro con A. Precedo Ledo, no sentido de que foi, como veremos no capítulo 8, o artífice principal da división comarcal oficial. A información facilitada serviunos para achegarnos ao tema, mais a calidade e cantidade de datos recollida foi máis limitada xa que non permitiu gravar. Alén da reunión mantida con Precedo Ledo en maio do 2019 (Táboa 1.2), tentamos, sen éxito, novos encontros con este xeógrafo en reiteradas ocasións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Finalmente, da nosa estadía en Italia cómpre salientar dúas entrevistas realizadas a xeógrafos que traballan en temas de organización territorial nese país (Táboa 1.2) e cuxos testemuños foron de grande axuda na confección do marco teórico.

Táboa 1.2. Entrevistas realizadas a académicos expertos en materia comarcal

Data	Lugar	Entrevistado
5/2/2019	Lleida	J. Burgueño Rivero
6/2/2019	Barcelona	J. Tort Donada
6/2/2019	Barcelona	J. Font Garolera
7/2/2019	Tarragona	J. Oliveras Samitier
24/4/2019	Santiago de Compostela	M. Villarino Pérez
7/5/2019	Santiago de Compostela	A. Precedo Ledo
8/5/2019	Santiago de Compostela	R. C. Lois González
8/5/2019	Santiago de Compostela	X. M. Santos Solla
4/12/2020	Santiago de Compostela	J. Caridad Graña
8/3/2021	*Telefónica*	A. Doval Adán
9/11/2021	Trieste	S. Zilli
24/11/2021	Milano	P. Molinari
19/4/2022	Santiago de Compostela	R. Rodríguez González

Elaboración propia.

1.6.4 Estudo dos discursos e textos políticos

Outra parte importante desta investigación foi a análise dos *Boletíns Oficiais do Parlamento de Galicia* —BOPG— e *Diarios de Sesións do Parlamento de Galicia* —DSPG— que tratan sobre o tema comarcal. O total de BOPG e DSPG analizados foi de 251, entre o 7 de decembro de 1983, o primeiro, e o 27 de marzo de 2012, o último. A maioría deles corresponden a sesións cuxo obxecto principal é o proceso de comarcalización e toda a trama xurdida ao seu redor, se ben algúns debates enmárcanse noutros máis amplos que teñen que ver con orzamentos, proxecto de leis sectoriais, previsións dos departamentos da Xunta, etc. En todos os casos, chegamos a estes debates introducindo a palabra chave *comarca* no buscador que para este fin ofrece o Parlamento de Galicia[19]. O número de resultados obtidos foi de máis de mil DSPG e máis de catro mil BOPG, polo que logo tivemos que facer unha selección daqueles cuxa análise arroxaba datos significativos aos efectos desta tese doutoral. Esta información reflíctese no subapartado 4.5.1 —os do período 1981-1989— e no apartado 8.4 —desde 1990 á actualidade— desta investigación.

En relación con este tipo de textos, tamén traballamos cos diarios de sesións e os boletíns oficiais que publican as Cortes Españolas. Así, abordamos dous momentos históricos: a Segunda República (1931-1936) e o debate en torno á actual Constitución (1978). Por unha banda, os diarios de sesións concernentes á Segunda República —divididos en tres lexislaturas: 1931-1933, 1933-1935 e 1936— obtivémolos da Serie Histórica que ofrece a páxina web do Congreso de los Diputados[20]. Unicamente atopamos debates sobre a cuestión comarcal de interese para esta investigación na primeira lexislatura (1931-1933), que foron publicados no *Diario de Sesiones de las Cortes Constituyentes de la República Española* —DSCCRE—. O número de documentos consultado para este período foi de seis, que se

[19] Consulta en liña. <*https://www.es.parlamentodegalicia.es/Buscador/Xeral/*>
[20] Consulta en liña. <*https://app.congreso.es/est_sesiones/*>

evidencian no apartado 4.2 desta investigación. E, por outra banda, os *Boletines Oficiales de las Cortes Generales: Congreso de los Diputados* —BOCGCD— e *Diarios de Sesiones del Congreso de los Diputados* —DSCD— que abordan o tema comarcal dentro do debate sobre a actual Constitución foron consultados na páxina web do Congreso de los Diputados[21]. Neste caso, procuramos os diarios de sesións do ano 1978, o que deu un total de 151 documentos, dos que só catro foron finalmente mobilizados aos efectos da análise realizada nesta investigación. A información subtraída destes documentos reflíctese no subapartado 4.4.1.

O proceso de consecución do Estatuto de Autonomía de Galicia implicou tamén un intenso debate en torno aos proxectos que se foron formulando, con alusións constantes ás comarcas. Esta serie documental foi tamén analizada para os dous mesmos momentos históricos: a Segunda República e no inicio do período constitucional actual. Así, por unha banda, os proxectos de Estatuto relativos ao período da Segunda República foron consultados na obra de García Cotarelo et al. (1986). Esta documentación reflíctese no apartado 4.2 desta investigación. E, por outra banda, os documentos pertencentes ao actual período democrático foron recompilados pola propia Xunta de Galicia (1978a, 1978b). A información analizada plasmámola no subapartado 4.4.2. Tamén tivemos acceso ao proxecto de reforma do Estatuto pactado polas forzas políticas no Parlamento de Galicia entre 2006 e 2007. Este texto foi enviado por C. Aymerich, naquel momento deputado do BNG, ao profesor R. Lois González a demanda de V. Paül Carril, quen nolo facilitou. O seu contido tratámolo no apartado 8.4.

Ao igual que as entrevistas, os debates parlamentarios tamén foron codificados (Crang, 1997; Cope, 2010). O proceso de codificación foi realizado con axuda do mesmo programa: NVivo (Bazeley e Jackson, 2013). O número de boletíns oficiais e diarios de sesións do Parlamento de Galicia que se someteron a codificación foi de 240. Deixamos á marxe do proceso de codificación os boletíns oficiais e diarios de sesións das Cortes Españolas —tanto os relativos á Segunda República como os do período actual— e os referentes ás dúas primeiras lexislaturas do Parlamento de Galicia (1981-1985 e 1985-1989), xa que o reducido número de documentos permitía un manexo manual doado. Alén disto, no apartado 8.4, ao igual que fixemos coas entrevistas, achegamos citas textuais destes debates, co obxectivo de ilustrar a base das interpretacións derivadas deles. Nesta ocasión, ao tratarse dun asunto público e ao que calquera persoa pode ter acceso, non consideramos preciso garantir o anonimato do emisor. Así, damos en todo momento o nome do deputado en cuestión e o seu partido político —o que permite ver tamén a tendencia das forzas políticas ao respecto—.

Do período autonómico actual cómpre indicar que tamén foron consultados os programas electorais dos partidos políticos que acadaron representación no Parlamento de Galicia, entre as primeiras eleccións autonómicas celebradas en outubro de 1981 e as derradeiras en xullo do 2020, co obxectivo de ver o tratamento que fan das comarcas. Esta documentación plasmámola nos apartados 4.5.1 —as dúas primeiras eleccións autonómicas: 1981 e 1985— e 8.4 —desde os comicios de 1989 até a actualidade—. O número de programas electorais consultado foi de 41. Os máis recentes —relativos ás dúas últimas convocatorias electorais— están dispoñibles en Internet —oito—, mentres que aos máis antigos accedemos por outras vías. Así, o Partido Popular —PP—, o Partidos dos Socialistas de Galicia —PSdeG-PSOE—, Esquerda Unida —(EU), que conserva o programa de coalición Alternativa Galega de Esquerda (AGE)— e o Partido Comunista de España —PCE— fixeron chegar cadanseus documentos. No caso do PP foron dous, do PSdeG-PSOE nove, de EU un e do PCE un, todos vía e-mail. Aos programas do Bloque Nacionalista Galego —BNG— tivemos acceso na Fundación Galiza Sempre —sete de xeito presencial e dous foron enviados vía e-mail—. Os

[21] Consulta en liña. <*https://www.congreso.es/es/busqueda-de-publicaciones/*>

sete programas restantes do PP e os dous de Coalición Galega —CG— consultámolos na Biblioteca do Parlamento de Galicia. Finalmente, os dous do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega —PSG-EG— estaban dispoñibles na BUSC.

1.6.5 Traballo de campo

O traballo de campo tamén tivo un lugar preponderante nesta investigación. Isto ten que ver coa importancia de experiencias derivadas da observación no campo, a cal presenta unha alta capacidade para subministrar información de interese para unha ciencia social como a Xeografía (Ruiz Olabuénaga, 1996; Zusman, 2011). Así, durante os anos de elaboración desta investigación visitamos todas as comarcas «oficiais» de Galicia —as definidas pola Xunta de Galicia en 1997—. O noso obxectivo era conseguir información e experiencias *in situ* que se reflectisen nesta investigación.

Boa parte das visitas desenvolvéronse de xeito paralelo á realización das entrevistas aos ex-xerentes comarcais. O desprazamento até o lugar de residencia e/ou traballo destas persoas foi aproveitado para ter un coñecemento directo das comarcas. Nalgúns casos, os propios entrevistados fixeron de guías das «súas comarcas», o que supuxo un traballo máis proveitoso, no que mantivemos conversas máis distendidas, interpretacións en base a exemplos visibles, fotografías, etc. Porén, non todas as visitas ás comarcas galegas foron realizadas neste contexto, senón que tamén nos achegamos ás comarcas a través de saídas de campo que se organizan para o alumnado do grao en Xeografía e Ordenación do Territorio e, noutros casos, con motivo de turismo e lecer.

Táboa 1.3. Visitas realizadas a cada un dos centros comarcais

Data	Lugar	Centro comarcal
26/6/2017	A Pobra de Trives	Expo Trives
9/5/2019	Caldas de Reis	Expo Caldas
6/10/2020	Palas de Rei	Expo Ulloa
13/10/2020	Ordes	Expo Ordes
20/10/2020	O Carballiño	Expo Carballiño
20/10/2020	Ribadavia	Expo Ribeiro
21/10/2020	Cambados	Expo Salnés
21/10/2020	A Cañiza	Expo Paradanta
21/10/2020	Vilanova dos Infantes (Celanova)	Expo Celanova
23/10/2020	Toedo (A Estrada)	Expo Tabeirós-Terra de Montes
28/10/2020	Mondoñedo	Expo Mariña Central
28/10/2020	Viveiro	Expo Mariña Occidental
9/3/2021	Lalín	Expo Deza
20/3/2021	O Barco	Expo Valdeorras
9/7/2022	O Castro de Caldelas	Expo Caldelas
6/11/2022	Buño (Malpica de Bergantiños)	Expo Bergantiños
18/2/2023	Monforte de Lemos	Expo Lemos

Elaboración propia.

Nas nosas andainas, o que fixemos foi coñecer, polo menos, a cabeceira comarcal —ou cabeceiras— de todas as comarcas, aínda que estes núcleos nunca fosen determinados de xeito oficial pola Administración. En particular, achegámonos aos centros comarcais, entendidos

como a parte «visible» do proxecto comarcal (Táboa 1.3). No subapartado 8.2.1.7, presentamos unha relación visual destas construcións.

Alén das excursións ás distintas comarcas de Galicia, é pertinente destacarmos unha saída de campo que realizamos en febreiro de 2019 por varias comarcas de Cataluña. Guiados polos profesores J. Tort Donada e V. Paül Carril visitamos as comarcas «oficiais» do Anoia, a Conca de Barberà e a Segarra, que abranguen territorios que agochan certa «reivindicación» comarcal, tales como a Alta Segarra —en torno á vila de Calaf— ou a Baixa Segarra —con centro na vila de Santa Coloma de Queralt—. Estas vivencias permitíronnos ver que o mapa comarcal —o catalán, neste caso— non é unha división pechada nin incontrovertible. Amais, percatámonos como o rápido crecemento dalgúns núcleos poden chegar a disputar a capitalidade comarcal; no caso da comarca da Segarra, válenos de exemplo o rápido crecemento de Guissona en comparación coa cabeceira comarcal que ostenta a vila de Cervera.

En relación co traballo de campo, participamos en determinados actos, que tamén subministraron información de interese para esta investigación. De acordo con Phillips e Johns (2012), o traballo de campo non se restrinxe só ao estudo *in situ* no terreo, senón que adquire un carácter máis amplo que abrangue, por exemplo, a participación en congresos científicos. De maneira destacada, algúns destes actos dos que tiramos maior proveito foron: o XI Coloquio Nacional de Desarrollo Local da AGE, celebrado en Logroño os días 29-30 de novembro de 2018; a 2019 Regional Studies Association Annual Conference, celebrada en Santiago os días 4-7 de xuño de 2019; ou o X Coloquio de Pensamiento Geográfico da AGE, celebrado en Santiago os días 22-24 de setembro de 2022.


1.6.6 Elaboración de cartografía propia

A elaboración de cartografía propia constituíu outra parte importante desta investigación. Tiñamos claro que unha tese doutoral en Xeografía require cartografía, xa que os mapas, inherentemente espaciais, constitúen unha ferramenta esencial da linguaxe do xeógrafo (Dunn, 1997; Martin, 1997; Perkins, 2003). Así, ao longo dos capítulos de antecedentes e resultados presentamos 134 mapas de elaboración propia que axudan na representación, identificación e análise dos ámbitos comarcais, sempre a escala galega. O esforzo que carrexou este labor durou os máis de catro anos da tese e resulta inconmensurable.

Por fixar algunhas comparacións, a obra de Burgueño Rivero (2003: 13-145) que empregamos como paradigma achega un total de 32 mapas de elaboración propia para o conxunto de Cataluña, como se dixo máis arriba, do Renacemento á actualidade, nos que representa divisións comarcais previas doutras autorías. Anterior no tempo, Vila Dinarès (1937), acerca 12, dos pobos prerromanos á división aprobada en 1936, tamén para Cataluña. Pola súa banda, o noso antecedente galego de referencia, Precedo Ledo (1987: 269-327; táboa 1.1), presenta 15 cartografías propias a escala do conxunto de Galicia. Na Figura 1.3 presentamos seis exemplos dos mapas identificados por Precedo Ledo (1987). A todas luces, resulta evidente a dimensión do traballo cartográfico aquí realizado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 1.3. Algunhas das cartografías comarcais esbozadas por Precedo Ledo (1987) na súa historia da división comarcal de Galicia



Otero Pedrayo (1926d [ed. 1980]) | Dantín Cereceda (1942) | Partidos xudiciais (pre- 1965)

Educativas (1970-1971) | De la Huerga Fidalgo (1982) | Miralbés Bedera et al. (1983)

Fonte: Precedo Ledo (1987: 269-327).


Para a elaboración da nosa cartografía empregamos o programa ArcGIS (Booth e Mitchell, 2001). Cómpre indicar que á hora de representar as diferentes divisións comarcais, botamos man de dous métodos. Por unha banda, a construción de parte dos ámbitos comarcais fixémola seguindo os límites político-administrativos —municipais e/ou parroquiais—, polo que as unidades resultantes debuxáronse agrupando os polígonos do mapa base, que recuperamos do IGN e do IET. Por outra banda, os ámbitos comarcais que son resultado dunha descrición imprecisa, ambigua e sen límites definidos plasmámola na cartografía de maneira aproximada. Dos 134 mapas, 72 son de límites precisos, 36 de límites difusos, 17 reúnen ámbitos comarcais que presentan ambas as dúas situacións e nove non cartografan perímetros comarcais, senón núcleos cabeceira de comarcas.

Respecto aos mapas que son resultado de límites precisos, debemos dicir que a inmensa maior parte deles segue uns límites municipais. Porén, algúns concellos presentan desde a súa constitución na primeira metade do século XIX unha evolución cambiante, que se traduce nunha serie de anexións, fusións, segregacións e intercambio de parroquias que deu como resultado non só cambios nos límites municipais, senón tamén nas derivas comarcais. Así, dependendo da época en que o autor que tratemos perfile determinadas comarcas en base ao mapa municipal as lindes empregadas poden variar respecto do mapa municipal actual. Nas Figuras 1.4 e 1.5 achegamos dúas cartografías, que elaboramos en base aos datos recompilados por Fariña Jamardo (1990), nas que representamos as mudas producidas nos límites municipais desde a súa constitución —en 1836 os concellos das provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra e en

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


1840 a de Lugo— até a actualidade. Desta forma, tivemos en conta os cambios producidos na planta municipal á hora de esbozar cada mapa comarcal.

Figura 1.4. Cambios nos límites municipais dos concellos de Galicia durante o século XIX



Fonte: Fariña Jamardo (1990). Elaboración propia.

Figura 1.5. Cambios na planta municipal dos concellos galegos durante o século XX e XXI



Fonte: Fariña Jamardo (1990). Elaboración propia.

Respecto aos mapas comarcais de límites precisos, cómpre sinalarmos algunhas cuestións metodolóxicas específicas máis relativas á súa elaboración:

- Os mapas de partidos xudiciais de 1812 para a provincia de Santiago e 1834, que corresponden coas Figuras 4.2 e 4.4, respectivamente, foron cartografados a nivel parroquial —véxase apartado 4.1—. Porén, a listaxe de parroquias presenta bastantes complicacións: hai parroquias que xa non existen, outras que son posteriores, algunhas omítense, outras aparecen duplicadas, erros na denominación, nalgúns casos non hai coincidencia entre o nome da parroquia e a súa dignidade eclesiástica, abundantes confusións de parroquias con lugares e xurisdicións, etc. A falla dun traballo preciso e documentado no que se informe da evolución dos ámbitos parroquiais levou a que tomásemos como referente o *Diccionario* de Madoz (1845-1850). Isto permitiunos comprobar se había parroquias que xa non existían na época ou comprobar as esquecidas.
- Outros mapas comarcais —de límites claros— que presentaron particularidades foron os das Figuras 8.22 e 8.26, nos que plasmamos os resultados obtidos dos Cuestionarios municipais de recoñecemento territorial (1990) —véxase apartado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.2.3—. En ambos os dous casos, a participación dos concellos non achegan respostas o suficientemente precisas e cerradas a algunhas das preguntas. Neste casos, a adscrición dun determinado concello a unha ou outra comarca dependeu en gran medida da nosa particular percepción, o cal resulta un procedemento aceptable en Ciencias Sociais de acordo con Wood (1993) e Morange e Schmoll (2016).

- Tamén o mapa das Oficinas Agrarias Comarcais —OAC—, que plasmamos na Figura 8.43, presentou certas dificultades —véxase apartado 8.6.1—. A área de actuación de cada oficina non aparece en ningunha das canles oficiais da Xunta de Galicia, polo que esta información foi solicitada á Consellería do Medio Rural. Desde a Secretaría Xeral Técnica facilitáronnos dúas listaxes, o 23 de maio e 2 de xuño do 2022, que relacionaban 66 e 69 oficinas agrarias, respectivamente. A falla de coincidencia, non só no número senón tamén nos perímetros territoriais, levounos a formular un procedemento particular: contactar directamente con cada OAC para, en primeiro lugar, comprobar a súa existencia e, logo, preguntar pola súa área de actuación.

Alén das cartografías nas que representamos ámbitos comarcais de límites definidos, esta investigación tamén inclúe un bo número de mapas de comarcas «imprecisas», tanto no relativo ao seu número como á súa extensión. Estas comarcas deben ser entendidas como o produto da nosa particular lectura ao respecto, isto é, son o resultado da nosa interpretación subxectiva, o cal, como se dixo, resulta aceptable se se fai de forma rigorosa (Wood, 1993; Morange e Schmoll, 2016). Nestes casos, os autores que seguimos non achegan unha relación clara de cales son, segundo o seu criterio, as comarcas de Galicia e, aínda menos, os límites das mesmas. Un exemplo claro témolo en varios dos mapas comarcais de R. Otero Pedrayo —apartado 6.3—, quen, ao tratar nas súas obras a Xeografía de Galicia, vai mencionando comarcas deseguido.

Neste caso, decidimos a localización das unidades comarcais tendo como base o mapa topográfico de Galicia —o relevo e a rede hidrográfica— e os asentamentos de poboación —cabeceiras comarcais e outros núcleos destacados—, que obtivemos do IGN e do IET. Porén, nos mapas definitivos, non presentamos estas capas de base co obxectivo de evitar unha cartografía de lectura máis complexa. Neste contexto de «imprecisión» comarcal, optamos por representar en todo momento aqueles territorios que son referidos como *comarca*, *bisbarra*, *rexión*, *terra* e *país* —e os seus equivalentes en castelán—, por entender que son termos máis «propiamente» comarcais. Porén, noutros casos a identificación foi máis complexa e o resultado produto da nosa particular visión, seguindo, novamente, as precaucións oportunas (Wood, 1993; Morange e Schmoll, 2016). Así, territorios que son definidos como *valle*, *monte* ou *montaña*, *depresión*, *meseta* ou *veiga* puidemos representalos como comarcas —ou non— en función do seu contexto e da intención do autor. En todos os casos optamos por plasmar estas comarcas mediante formas circulares coa intención de tentar achegar unha sensación de falla de límites, un método axeitado, segundo Didelon et al. (2011), para representar lóxicas territoriais difusas e imprecisas.

Un aspecto importante sobre as representacións cartográficas ten que ver co respecto da toponimia orixinal comarcal, parroquial, municipal e de demais corónimos (Tort Donada, 2001) na forma en que é presentada polos diferentes académicos e/ou institucións. Isto levounos a empregar en varios mapas os topónimos deturpados ao castelán; por descontado, somos conscientes de que resultan inaceptables no actual momento, mais sempre queremos amosar o orixinal. Tamén respectamos as formas en galego que non seguen a norma actual. Unicamente empregamos en todo momento a forma galega —a recollida no Nomenclátor da Xunta de

Galicia[22]— para os nomes de asentamentos humanos —aldeas, vilas, cidades—, pois non son o obxecto central desta tese doutoral. Respecto aos núcleos, os únicos que cartografamos corresponden aos centros —ou subcentros— comarcais mencionados como tales polos respectivos autores. Desta forma, estes centros non aparecen nunca como mapa base por defecto, a non ser que teñan sentido na propia tese doutoral.

Cómpre indicar que coa vontade de obter tamén unha cartografía menos esborrallada utilizamos determinadas abreviaturas. Trátase de apelativos —sinónimos de *comarca*— que acompañan aos nomes comarcais propios. Son as seguintes:

- b. (gal./cas. *bisbarra*)
- c. (gal./cas. *comarca*)
- cu. (gal. *cunca*, *conca*, *bacía*/cas. *cuenca*)
- de. (gal./cas. *depresión*)
- me. (gal./cas. *meseta*)
- mo. (gal./cas. *monte*, *montaña*)
- p. (gal./cas. *país*)
- pe. (gal./cas. *península*)
- r. (gal. *rexión*/cas. *región*)
- se. (gal. *serra*/cas. *sierra*)
- t. (gal. *terra*/cas. *tierra*)
- v. (gal. *val*/cas. *valle*)
- ve. (gal. *veiga*/cas. *vega*)

1.7 XUSTIFICACIÓN DA ESTRUTURA

Á hora de organizar a información desta investigación, procuramos agrupar as achegas sobre a cuestión comarcal de forma coherente, establecendo un relato e un fío condutor. Para determinar as diferentes etapas empregamos parámetros como a autoría, procedencia e finalidade das propostas, debates, ideas, mapas, etc. O obxectivo perseguido era que cada capítulo achegase un significado particular e global do concepto de *comarca*.

Tamén a cronoloxía foi un indicador manexado, aínda que non determinante, á hora de organizarmos os resultados da tese. Así, cando resultou preciso, a cronoloxía superponse e remátase un apartado anos despois de comezar o seguinte apartado anos atrás. Novamente, Burgueño Rivero (2003: 13-145) resulta paradigmático, pois distingue nove apartados —das comarcalizacións catalás do Renacemento á fase aberta coa reinstauración da división comarcal republicana nos anos 1980 pola Generalitat de Catalunya restituída por segunda vez— que, en termos xerais, seguen a liña do tempo. No entanto, se analizamos con detemento a obra, comprobamos que, por exemplo, este último capítulo citado comeza coas *municipalies* propostas por Casassas Simó e Clusa Oriach (1981) e o anterior, sobre as comarcas na ditadura franquista, remata co imprescindible libro de Lluch Martín e Nel·lo Colom (1983) (Burgueño Rivero, 2003: 121-122). Así, Burgueño Rivero (2003) tamén racha a liña do tempo ao xerar unidades textuais coherentes —apartados— ao redor de significados específicos de comarca.

Esta investigación está artellada en cinco *capítulos* de resultados —empregamos esta palabra para referirnos ao primeiro chanzo na xerarquía de títulos—, máis tres iniciais —o presente, netamente introdutorio e metodolóxico, o de carácter teórico e un de antecedentes históricos— e un final —o de discusión e conclusións—. Todos eles, á súa vez, están estruturados en varios *apartados* e *subapartados* —usamos estoutros termos para referirnos a

[22] Consulta en liña. <*https://www.xunta.gal/nomenclator/*>

aqueles niveis de xerarquía inferior ao de *capítulo*— para organizarmos o volume de información mobilizado. Cómpre indicar que varios dos capítulos de resultados perfilámolos de xeito inicial en Otero Varela e Paül Carril (2020).

Logo deste capítulo introdutorio, o capítulo 2 aborda as achegas teórico-conceptuais sobre *rexión* e Xeografía Rexional. A activación destas contribucións móstrase pertinente para fundamentar de forma axeitada a tese de doutoramento. Ademais, as comarcas, como nivel de organización territorial intermedio, constitúen un nivel de referencia básico dentro da Xeografía Rexional desenvolvida no contexto español. Dentro deste apartado, propóñense seis etapas na evolución do concepto rexional en función das principais correntes xeográficas, segundo foi identificado pola bibliografía pertinente. As primeiras consideracións do apartado, precisamente, destínanse a determinar a idoneidade destas fases en función dunha revisión de referentes nesta materia. Imos, pois, da tradición corográfica clásica orixinada no mundo grecorromano até a *New New Regional Geography* —tautoloxicamente así denominada— da última Xeografía anglosaxoa.

O capítulo 3 corresponde cos «antecedentes» das comarcas en Galicia, isto é, sistematizamos brevemente aquelas investigacións sobre ámbitos territoriais asumidos como de escala comarcal que son anteriores ao establecemento do Estado liberal na primeira metade do século XIX. Este capítulo pode parecer certamente contraditorio co dito no apartado 1.2 desta mesma introdución, cando afirmamos que as comarcas como tal non son anteriores ao século XIX. Porén, non quixemos ignorar a existencia destes traballos sobre «protocomarcas» —a maior parte realizados por historiadores e académicos vencellados ás ciencias da antigüidade—, como tamén recoñecen para o caso catalán Vila Dinarès (1937) ou Burgueño Rivero (2003). Entre outros, consideramos neste capítulo os *populi* castrexos, os condados medievais, os arciprestados e arcediagados eclesiásticos, os señoríos xurisdicionais ou as cartografías históricas sobre Galicia, na procura de topónimos comarcais. Esta última revisión provén en gran medida do noso TFM defendido en setembro de 2018.

O primeiro dos capítulos de resultados da tese doutoral, numerado como 4, aborda a cuestión comarcal dentro da organización territorial cambiante do Estado-nación liberal español. Aquí incluímos aqueles mapas, debates e propostas comarcais que se desenvolveron estritamente ligados a un poder político civil que se foi asentando paseniño ao longo do turbulento oitocentos español, o cal, mediante o réxime restauracionista instaurado en 1874, enlazou de cheo co século XX. En todo este período cómpre concibir a comarca como ámbito territorial dirixido desde o poder instituído para a consecución duns determinados obxectivos. O punto de partida é 1812, momento no que se promulga a Constitución de Cádiz, que marca o inicio do Estado-nación liberal español. Nunha longa revisión, chegamos até 1990, ano no que, coincidindo co inicio da terceira lexislatura do Parlamento de Galicia, a cuestión comarcal acada un protagonismo central dentro do contexto autonómico galego e, polo tanto, asumimos que esta se subtrae do marco institucional español e pasa a ser un asunto só galego, de seu, coa súa idiosincrasia político-administrativa propia, o que xa se aborda noutro capítulo ulterior. Dividimos este gran capítulo 4 en cinco apartados, tamén guiados polo principio de procurar fases coherentes de comarcas:

- O apartado 4.1 recolle a evolución dos partidos xudiciais, que, malia non seren denominados como *comarcas*, operan sen dúbida nesta escala. O estudo desta figura abranguémolo desde o seu nacemento nas primeiras décadas do século XIX até a división xudicial vixente (1988).
- O apartado 4.2 trata o debate comarcal durante a Segunda República (1931-1936 en Galicia). Alén dos partidos xudiciais —que tamén operaron durante estes anos—, a

figura da comarca foi unha peza recorrente nos debates sobre o texto estatutario coñecido como «de 1936» que tiveron lugar durante ese intenso período. Tamén consideramos dentro deste apartado os debates comarcais que se desenvolveron nas Cortes republicanas e nos que se significaron figuras dos nacionalismos catalán e galego. Interpretamos estas iniciativas dentro dun capítulo dedicado ao Estado-nación liberal español porque se produciron ao seu abeiro. Galicia, a diferenza de Cataluña, non tivo marxe para poder chegar a realizar un proceso comarcalizador nesa etapa.

- O apartado 4.3 aborda a cuestión das comarcas durante o franquismo (1939-1975). Reunimos varias publicacións comarcais de carácter sectorial e técnico elaboradas polos distintos departamentos gobernamentais, entre as que podemos destacar as dos ministerios de Agricultura, de Educación ou de Gobernación.
- O apartado 4.4 considera os debates políticos en torno á comarca acontecidos durante o proceso de redacción da Constitución (1978) e do Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) vixentes. Estes debates conduciron, por primeira vez, a que se lle dese respaldo legal á comarca na historia de Galicia —durante a Segunda República, puido acontecer, mais non foi o caso—. Tamén tratamos aquí os debates ao redor da lexislación estatal básica en materia comarcal, que coinciden case en exclusiva coa norma vixente: a *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*.
- O último apartado, o 4.5, reúne as diferentes achegas e propostas de división comarcal durante o primeiro autonomismo (1981-1989). Trátase de mapas comarcais que van presentando as distintas consellerías unha vez que o goberno galego xa se vai asentando, como os relativos a sanidade ou a ordenación do territorio. Tamén traemos o debate acontecido no Parlamento de Galicia neste período, no que se pode detectar unha certa vontade por institucionalizar as comarcas como entes locais. Con todo, como afirmabamos máis arriba, até 1990 non comeza unha fase verdadeiramente galega, cun debate autónomo, en relación co asunto que nos ocupa.

O capítulo 5 desta investigación considera as achegas comarcais producidas dentro do sistema educativo escolar e universitario español. Aos efectos desta tese doutoral, non se pode esquecer que non hai sistema educativo galego —nin escolar nin universitario— até os anos 1980 e, aínda así, resulta dubidoso que se poida categorizar como tal (Santos Solla, 1999; Paül Carril, 2019). A ciencia xeográfica vaise incorporando nos plans de estudo con motivo, por unha banda, de necesidades de tipo pedagóxico e, por outra, de argumentos de carácter nacional e patriótico, tal e como acertadamente sostiveron Lacoste (1976 [trad. 1977]) ou Capel Sáez (1976, 1981). Isto implica a necesidade de manuais de Xeografía —tanto de Galicia como de España— que foron empregados no ensino e aprendizaxe desta ciencia (Durán Villa, 1990, 2019; Gómez Mendoza, 1997, 2018). Estas achegas foron elaboradas maioritariamente por mestres e profesores vencellados á Institución Libre de Enseñanza —ILE— e á Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas —JAE—. Este capítulo dividímolo en dous apartados segundo a abordaxe xeográfica da obra:

- O apartado 5.1 trata a cuestión comarcal dentro de Xeografías de Galicia. Abrangue un período cronolóxico amplo, que vai desde os primeiros anos do século XIX até os anos previos á guerra civil. Estas obras, malia centrárense en aspectos xeográficos de Galicia, enmárcana e interprétana dentro do Estado español. Moitas destas obras constitúen verdadeiras monografías rexionais, dentro dos parámetros da Xeografía Rexional clásica francesa que agroma e chega ao seu esplendor nas primeiras décadas do século

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

XX (Paül Carril, 2019, 2020). Na súa maior parte, son traballos elaborados por mestres e profesores galegos e destinados a valeren de guía no ensino escolar.

- O apartado 5.2 aborda as comarcas dentro de Xeografías de España. Aquí, Galicia é considerada como unha «rexión» máis dentro do Estado español. Os primeiros estudos que consideramos analiticamente relevantes aos efectos desta tese doutoral veñen da man de J. Dantín Cereceda. Tamén incluímos neste apartado as achegas de Xeografías de España que na segunda metade do século XX tratan o tema das comarcas.

Cómpre indicar, como veremos deseguido, que non incluímos neste quinto capítulo algunhas Xeografías de España e de Galicia, a raíz de que a súa autoría nos leva a consideralas noutros capítulos. Así, varias Xeografías de Galicia son tratadas no capítulo 6 ao considerarmos que a súa abordaxe se realiza desde a óptica do nacionalismo galego. Tamén acontece o mesmo cos algunhas Xeografías de Galicia elaboradas por xeógrafos do Departamento de Xeografía da USC nas décadas de 1970-1980 e que son incluídas no capítulo 7 desta investigación.

O capítulo 6 aborda as comarcas ao servizo da construción nacional galega. Aquí consideramos aquelas achegas vencelladas ao nacionalismo galego que veñen definiren un modelo político-administrativo propio baseado na triloxía seguinte: parroquia, comarca e Galicia —a «Terra», en maiúscula—, fronte ao concello e á provincia. Isto é o que González Mariñas (1994) ten sistematizado como «unidade disputada» para referirse á cuestión do conxunto do territorio galego, «intermediación arelada» ao eido comarcal e «naturalidade interditada» á cuestión parroquial. Analizamos como para os nacionalistas galegos a comarca deveu o ámbito territorial mellor adaptado á realidade galega, progresivamente erixido na ferramenta axeitada para combater a provincia, considerada unha imposición do Estado liberal español e allea a Galicia. Dentro deste capítulo consideramos os seguintes apartados:

- O apartado 6.1 reúne as achegas da primeira fase do rexionalismo, de acordo coa periodización de Fernández del Riego (1983a, 1983b) e Beramendi González (2007). Desde o punto de vista territorial, este primeiro galeguismo concrétase principalmente nos traballos de A. Brañas. Malia que este persoeiro aínda non aposta por un modelo comarcal definido e claro, si avanza na procura dun modelo organizativo propio, como sostén García Álvarez (2001).
- O apartado 6.2 abrangue as achegas de intelectuais do nacionalismo galego que se significaron no tema comarcal durante as primeiras décadas do século XX. Trátase dos escritos de A. Bóveda, A. Castelao, F. López Cuevillas ou V. Risco, que reivindicaron a importancia da comarca dentro dunha nova organización territorial para Galicia implantada en chave nacional. Tamén consideramos aquí as intervencións que neste sentido se produciron desde os principais voceiros do nacionalismo galego: o Partido Galeguista —PG—, o Seminario de Estudos Galegos —SEG— ou o xornal *A Nosa Terra*. É necesario sinalar que non consideramos neste apartado as intervencións de destacados dirixentes galeguistas no Congreso español durante a Segunda República, senón que o facemos no 4.2, ao xulgarmos que o contexto no que se producen garda relación coa aprobación dun estatuto de autonomía para Galicia que engloba distintos puntos de vista alén do galeguista.
- O apartado 6.3 recolle toda a obra xeográfica de R. Otero Pedrayo, desde as súas primeiras publicacións na década de 1920 até os derradeiros na década de 1970. Achegamos un apartado de seu a este intelectual do nacionalismo galego —diferenciado do 6.2—, xa que consideramos que foi o que máis se significou no estudo das comarcas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

galegas. Non en van, varios académicos como Santos Solla (1999) ou Lois González (2015) veñen consideralo o «xeógrafo» do nacionalismo galego.

- O apartado 6.4 representa a «continuación» da obra xeográfica de Otero Pedrayo. Aquí tratamos as achegas de A. Fraguas Fraguas e F. J. Río Barja, que se poden considerar como os «discípulos» de Otero Pedrayo que máis sobresaíron no estudo das comarcas galegas. Neste apartado abordamos tamén as monografías que desde a USC realizaron durante as décadas de 1950 e 1960 un estudo sobre un ámbito comarcal e que foron dirixidas por algún destes tres xeógrafos.
- Finalmente, o apartado 6.5 abrangue as achegas académicas sobre a cuestión comarcal vencelladas ao nacionalismo galego que detectamos nas décadas de 1960 e 1970. Consideran Beramendi González e Núñez Seixas (1995) que o nacionalismo galego destas décadas foi particularmente feble, unha situación que Santos Solla (1999) traslada ás achegas xeográficas.

O capítulo 7, cuarto de resultados, trata os estudos comarcais nas orixes do Departamento de Xeografía da USC, entre finais da década de 1960 e os anos 1990. Neste momento, iníciase no seo do Departamento de Xeografía unha nova etapa que ten que ver, entre outros acontecementos, coa saída de Otero Pedrayo con motivo da súa xubilación e a chegada á cátedra de Xeografía de Mª R. Miralbés Bedera —procedente da Universidad de Zaragoza— e, posteriormente, de Mª P. De Torres Luna —que proviña da de Navarra— (Hernández Borge, 2017; Durán Villa, 2019). Estas profesoras distáncianse das interpretacións dos xeógrafos do capítulo anterior —vencellados ao nacionalismo galego— no sentido de deixaren de interpretar Galicia «en clave de país» (Constenla Vega, 2005: 85). Segundo Santos Solla (1999: 1353), materializouse unha «postura claramente oposta a calquera intento de estudar a Galicia como unha realidade socioespacial cunha identidade propia», o que tamén afectou o xeito en que se abordou o estudo das comarcas. Dentro deste capítulo dividimos os resultados en seis apartados:

- O apartado 7.1 recompila as primeiras contribucións do Departamento de Xeografía no estudo das comarcas, que van desde finais da década dos 1960 até mediados da dos 1970. Trátase na súa maioría de estudos que non chegan a cubrir o conxunto do territorio e que se aproximan máis á análise de conxuntos comarcais ca de comarcas propiamente ditas.
- O apartado 7.2 trata o estudo dos lugares de celebración de feiras e mercados, ao ser entendidos estes, de maneira declarada polos profesores do Departamento de Xeografía que os realizaron, como xeradores de ámbitos territoriais de alcance comarcal.
- O apartado 7.3 aborda as primeiras divisións de comarcas declaradamente como tales realizadas nesta etapa. Trátase de achegas cuxa finalidade verbalizada consiste en avanzar na delimitación das comarcas de Galicia. Desta forma, debuxan mapas de escala propiamente comarcal que abranguen o conxunto do territorio.
- O apartado 7.4 xunta aqueloutras achegas de carácter comarcal que forman parte de obras de carácter enciclopédico. Son maioritariamente Xeografías de Galicia que dedican algún apartado ao estudo das comarcas, mais sen seren estas o obxectivo principal dos devanditos traballos.
- O apartado 7.5 considera o estudo das comarcas a través das teses de doutoramento, das memorias de licenciatura e doutros estudos monográficos sobre comarcas que son dirixidas desde o Departamento de Xeografía instituído como tal ao longo das décadas.
- E, o último apartado, o 7.6, é o que presenta un maior distanciamento respecto das achegas anteriores. Os xeógrafos que se significan neste apartado impulsaron a creación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> da Sociedade Galega de Xeografía nos anos 1980, como paraugas declarado daquelas persoas que non comulgaban coas liñas marcadas polo Departamento e que desenvolveron parte da súa actividade desde fóra da institución universitaria, nomeadamente a traballaren na educación secundaria (Constenla Vega, 2005).

O último capítulo de resultados, o 8 da numeración xeral, afonda no proceso de comarcalización máis actual, o que impulsa a Xunta de Galicia nas décadas de 1990 e 2000, nomeadamente durante a presidencia de M. Fraga Iribarne (1990-2005). Este é o máis voluminoso desta investigación, entre outros motivos porque coincide co período no que máis se traballou e se falou sobre as comarcas declaradamente de toda a historia. É o celme desta tese doutoral e o que achega un maior caudal de información inédita, dado que até o de agora se fixeron poucas análises dos traballos realizados eses anos, tal e como, de feito, daremos conta no propio capítulo. O «pai» intelectual do proxecto comarcal foi A. Precedo Ledo, catedrático de Xeografía na USC desde 1985 e que asumiu o estudo das comarcas como un dos seus principais temas de traballo (Hernández Borge, 2017). Ademais, este xeógrafo ocupou altos cargos na administración autonómica durante a maior parte da presidencia de M. Fraga, en concreto desde o primeiro ano deste no poder, o que levou a que o seu proxecto comarcal se oficializase. Consideramos artellar este copioso capítulo en sete apartados principais e varios subapartados, a saber:

- O apartado 8.1 relaciona as achegas académicas sobre as comarcas que son obra do propio Precedo Ledo durante a década de 1980. Este apartado analiza a visión comarcal do que foi o principal impulsor do proxecto comarcal antes da entrada na escena política e, tamén, outras que, estando xa dentro da administración autonómica, presentan un baixo grao de vinculación co seu traballo político-administrativo.
- O apartado 8.2 está dedicado á análise da teoría e da práctica do Plan de Desenvolvemento Comarcal —PDC—, desde inicios dos anos 1990 até finais dos anos 2000. Aquí analizamos os órganos de desenvolvemento comarcal, os plans comarcais, a elaboración do mapa comarcal en si, a súa fixación en 1997 e tamén o desmantelamento de todo este sistema na década posterior.
- O apartado 8.3 está dedicado a analizar as olladas dos xerentes das extintas fundacións comarcais sobre o proxecto comarcal. En función da análise cualitativa das entrevistas realizadas *ad hoc* mediante codificación, agrupamos os resultados en 13 subapartados.
- O apartado 8.4 considera o debate político sobre a cuestión comarcal que tivo lugar no Parlamento de Galicia entre 1990 —momento no que se formula o PDC— e a actualidade. Nel emerxen as sensibilidades de diferentes partidos políticos en relación co proceso en marcha, ou unha vez este xa foi pechado. Este debate vén ser a continuación do analizado no apartado 4.5 centrado nas dúas primeiras lexislaturas autonómicas, malia que, como xa dixemos, o tema comarcal galego acada uns significados propios a partir de 1990, o que nos obriga a segmentalo entre dous apartados comprendidos en dous capítulos distintos, e distantes.
- O apartado 8.5 torna ao debate académico, desta vez centrado nas visións críticas sobre o PDC e en propostas de modelos alternativos. Decidimos que as antíteses á arquitectura precediana debían ser analizadas dialecticamente no propio capítulo dedicado á súa conformación.
- O apartado 8.6 analiza comarcalizacións achegadas desde diferentes departamentos do goberno autonómico. O groso destas ten que ver coa institucionalización, por unha banda, do desenvolvemento rural e, por outra, da ordenación do territorio. Tamén

consideramos outras comarcalizacións sectoriais. Todas elas vense notablemente influídas polo mapa comarcal aprobado en 1997.

Sobre esta organización interna do territorio galaico durante a Idade Media, Baliñas Pérez (1992) ou Bermúdez Beloso (2017) apuntan á existencia de diversas unidades territoriais tales como *comitatus* ou *terra*. Para García de Cortázar (1985: 66) estes nomes facían referencia a áreas de perfís absolutamente descoñecidos: «aparecen alguna vez en los textos, sin que lleguemos a saber el alcance territorial de los vocablos, y ni siquiera, si el conjunto de los mismos llega a formar una red (…) de acogimiento de los distintos núcleos». Nesta liña, Bermúdez Beloso (2017) sinala a dificultade para determinar o significado de cada acepción e as diferenzas entre elas, xa que se trata de unidades cambiantes e de extensión variable. Para esta historiadora tampouco se pode falar de que exista unha estrita estrutura xerárquica entre elas, nin sequera que respondan á mesma cronoloxía: «algunhas xorden como resultado da

evolución doutras, ou unhas provocan que outras queden relegadas a un segundo plano, todas en fin parecen ter algún tipo de relación coas restantes» (Bermúdez Beloso, 2017: 82).

O traballo é moi laborioso á hora de diferenciar e coñecer con precisión o alcance territorial de *comitatus*, *commisso*, *mandamento* e *mandatio*, algúns dos nomes empregados no territorio da actual Galicia durante a época medieval (García de Cortázar, 1985). No intento de achegar unhas pautas de diferenciación, Bermúdez Beloso (2017) considera que *comitatus* comezaría a ser máis habitual entre a documentación posterior ao século XI. Noutro senso, a principal distinción que achega entre *commisso*, por unha banda, e *mandamento* e *mandatio*, por outra, está no seu emprego preferente en función da área xeográfica. En calquera caso, todas estas acepcións farían referencia a «distritos administrativos» de carácter rexio, nos que o monarca delegaba unha serie de dereitos, privilexios e responsabilidades. O feito de que se procurase unha rede territorial de control por parte da monarquía convídanos a pensar que puidesen contar cuns límites definidos e coñecidos, tanto polas instancias do poder como polos seus súbditos (Baliñas Pérez, 1992; López Alsina, 2008; Bermúdez Beloso, 2017).

Outros nomes que se empregan son os de *terra* e *territorium*. No caso de *terra*, o vocábulo tería unha dobre intención, xa que designaría tanto a «entidade superior, ampla, de grandes dimensións e ás veces comparable ao bispado, (…) como a outra que agrupa varias parroquias e ten unha extensión de menos de 50 km²» (Bermúdez Beloso, 2017: 390). No que respecta aos *territoria*, Bermúdez Beloso (2017) observa que a única diferenza considerable ten que ver con que aparecen de xeito máis frecuente en documentos de carácter familiar, cotián e próximo. Alén disto, por regra xeral, estas unidades, tamén de asignación rexia, eran de maior superficie, o que implicaba que os titulares das mesmas ―nobres e institucións eclesiásticas máis poderosas― puidesen confiar partes delas a outras persoas.

Baliñas Pérez (1992, 2000, 2006) si considera, dun xeito bastante determinista, que os primeiros territorios medievais de Galicia contaban xa con «espazos acoutados, limitados e individualizados por unha serie de elementos naturais claramente identificables» (Baliñas Pérez, 2006: 95). Concretamente, destaca a importancia do «val» marcado polo curso dun río ou da «meseta» como elementos destacados na individualización do espazo. Afirma que foi «na segunda metade do s. IX e comezos do X cando se vai ir producindo a comarcalización do territorio de Galicia, feita en base aos *territoria*, (…) formacións socio-naturais que son as devanceiras das actuais bisbarras» (Baliñas Pérez, 1992: 317). Neste sentido, Sánchez Pardo (2008) presenta un estudo sobre dous «territorios» de escala comarcal ―Terra de Celanova e Nendos (o actual ámbito betanceiro *lato sensu*)―, nos que constata a súa presenza como tales na plena idade media.

Porén, unha proba da complexidade para fixar nin sequera unhas pautas básicas de diferenciación entre esta serie de nomes con significado espacial está en que era habitual que un mesmo «territorio» puidese aparecer baixo acepcións distintas dependendo do documento (Baliñas Pérez, 1992, 2006; Bermúdez Beloso, 2017). Nun estudo máis recente, Bermúdez Beloso (2019) exemplifica esta cuestión co topónimo de *Présaras* ―no territorio dos actuais concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar―, que aparece referido en varios documentos da plena idade media indistintamente como *commisso*, *comitatus*, *mandatione* ou *territorio*. Como conclusión, podemos sintetizar que os termos empregados para referir territorios de alcance «comarcal» designaban realidades moi diversas que ían mudando de superficie, nome e equivalencia de xeito bastante frecuente.

3.2 A REPRESENTACIÓN DE ÁMBITOS COMARCAIS EN CARTOGRAFÍAS ANTIGAS DE GALICIA

A cartografía histórica, como representación gráfica dun territorio, reflicte o xeito de organizarse dunha determinada sociedade nun determinado momento da historia. Durante o século XVI produciuse en Europa un forte desenvolvemento da cartografía, unido ao avance do

USC DE COMPOSTELA

coñecemento xeográfico, mais Galicia aínda non era representada daquela dunha maneira individual, senón que aparecía dentro da Península Ibérica ou en marcos máis amplos. De maneira xeral, esta representación de Galicia é moi deficiente, cunha liña costeira difusa e imprecisa, que en bastantes ocasións non vai alén de facer constar o seu topónimo. Neste contexto, as primeiras cartografías de Galicia propiamente ditas son do tránsito do século XVI ao XVII, momento no que se representa por primeira vez Galicia de modo separado do resto do territorio peninsular (Méndez Martínez, 1994, 2000, 2001; Álvarez Monterroso, 2015). Polo que respecta á nosa investigación, a cartografía histórica de Galicia móstrasenos relevante para o tema comarcal, xa que representa topónimos que se poden identificar con esta escala.

En 1603, presentouse o primeiro mapa transcendente do territorio galego, a *Descripcion del Reyno de Galizia*, obra do relixioso ourensán Hernando Ojea (Figura 3.1). O mapa foi gravado en Antwerpen por Abraham Ortelius e presentado dentro do seu *Theatrum Orbis Terrarum* —considerado o primeiro atlas moderno—. Hai consenso en sinalar que se trata do mapa máis importante e representativo da Galicia do século XVII, por canto é a primeira cartografía cun trazado realizado expresamente para este territorio (Méndez Martínez, 1994, 2000, 2001). É tamén o primeiro mapa que incorpora información orixinal e, ademais, é elaborado por un autor local, o que implica un maior grao de coñecemento do territorio que se representa. O mapa, a pesar dos seus erros, destaca polo seu carácter pioneiro e pola súa ampla difusión, no sentido de constituír unha obra que non é superada nun longo período de tempo e que deu orixe a unha importante familia documental a través da súa reprodución posterior.


Figura 3.1. *Descripcion del Reyno de Galizia* de H. Ojea (1603)



Fonte: Galiciana.

A información que se recolle coincide case exclusivamente cos principais asentamentos humanos e coa rede hidrográfica, mais tamén achega outros topónimos que se poden considerar asimilables á escala comarcal (Figura 3.2). Estes nomes comarcais represéntanse cunha tipografía destacada que permite pensar que non se trata nin de entidades de poboación nin de accidentes do medio físico. Ademais, a súa disposición no mapa vén indicar que abranguen un ámbito territorial moito máis extenso que o reservado aos nomes de lugar. Son 13 os topónimos de escala comarcal que se representan con este tipo de tipografía destacada, tales como «Camba tierra», «tierra de Limia» ou «val de Minor». Porén, ademais destes nomes comarcais facilmente identificables a simple vista, podemos considerar outros seis, que se ben son representados como núcleos de poboación ou como accidentes xeográficos, teñen interese desde o punto de vista desta análise por canto presentan certos atributos «comarcais», tales como «tierra de Miranda», «val de Salas» ou «Vergantinos». Nesta obra, cumpriría falar, polo tanto, de 19 topónimos comarcais.

Figura 3.2. Ámbitos comarcais identificados en *Descripcion del Reyno de Galizia* de H. Ojea (1603)



Fonte: Ojea (1603). Elaboración propia.

Durante todo o século XVII e a maior parte do XVIII, os avances cartográficos relativos a Galicia son escasos, no sentido de que ao longo destas case dúas centurias o mapa de Ojea non é superado. O que fan os autores posteriores a Ojea é, con maior ou menor tino, reproducir o seu mapa. Así, é imitado por cartógrafos neerlandeses como W. Blaeu, J. Hondius, J. Janssonius, G. Kremer, A. Ortelius ou F. de Wit, que obtiveron versións máis ou menos modificadas e, noutros casos, deron lugar a auténticas copias. Tamén salientaron os traballos doutros cartógrafos como os franceses N. de Fer, J. B. Nolin ou R. de Vaugondy, o alemán P. Schenk ou os italianos D. de Rossi e G. Cantelli da Vignola (Méndez Martínez, 1994, 2000, 2001). Polo que respecta aos topónimos de escala comarcal, os 13 claramente cartografados no mapa de Ojea repítense todos, con maior ou menor frecuencia, nas cartografías sucesivas que seguen o modelo de Ojea. Así, dos 30 mapas consultados para esta época —entre 1609, o primeiro, e 1776, o último— (Méndez Martínez, 1994, 2000), son 19 os que presentan algún tipo de topónimo de escala comarcal.

Alén dos corónimos comarcais sinalados de xeito inicial por Ojea (1603), nas cartografías sucesivas unicamente podemos constatar a presenza dun novo corónimo: «comarca de Lemos». Este aparece en 1696, dentro da obra *Il Regno di Galicia* dos cartógrafos italianos G. Cantelli da Vignola e D. de Rossi (Méndez Martínez, 1994, 2000) (Figura 3.3). O máis significativo deste corónimo consiste na verbalización do termo *comarca*. Deste xeito, podemos afirmar que se trata da primeira alusión comarcal dentro da historia da cartografía de Galicia representada de maneira explícita. Aparece unha vez máis varias décadas máis tarde, en 1762, en *Le Royaume de Galice divisé en plusieurs territoires*… do cartógrafo francés I. B. Nolin, baixo o cualificativo de «territoire de Lemos». O feito de que sexa un mapa francés pode explicar a tradución de comarca por *territoire*, xa que, ademais, só se emprega esta noción para referirse a este ámbito.

Figura 3.3. *Il Regno di Galicia* de G. Cantelli da Vignola e D. de Rossi (1696)



Fonte: IGN.


Dentro da análise cartográfica das obras que beben da de Ojea (1603), resulta peculiar o mapa *Le Royaume de Galice*, presentado 1708 polo cartógrafo francés N. de Fer (Méndez Martínez, 1994, 2000). Este autor decide converter as comarcas en «sierras» que até ese momento se viñan esbozando de xeito maioritario como «tierras». A modo de exemplo, a «tierra de Soneyra» ou a «tierra Deça» pasan a ser «sierra de Soneyra» e «sierra Deça» respectivamente e, ademais, debúxanse todos aqueles montes que se tornan necesarios para reforzar a idea de que estamos ante un país montuoso no que se torna necesario o cualificativo de *sierra* (Lois González e Paül Carril, 2016). O último mapa da serie que imita o de Ojea (1603) ―e que inclúe corónimos comarcais― é de 1776, obra de R. de Vaugondy.

En 1784, preséntase o *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia* de T. López (Figura 3.4), un dos cartógrafos españois máis recoñecido de todos os tempos (Garcia e Moreira, 2008). Esta obra foi recollida, xunto aos doutras provincias e territorios, dentro do *Atlas Geográfico de España, que comprehende el mapa general del Reyno y los particulares de sus provincias* (1804). No que fai ao mapa de Galicia, podemos afirmar que supón un avance na representación cartográfica do territorio galego e que permite superar a reprodución sistemática do mapa de Ojea (1603). Cómpre precisar que a confección deste mapa non se realizou mediante traballo de campo, senón que, para a súa elaboración, o autor valeuse de enquisas que mandou enviar a distintas autoridades civís e relixiosas (Méndez Martínez, 1994, 2000; Moreira e Otero Varela, 2020). Ademais, López (1784) beneficiouse da información achegada polas cartografías dos distintos bispados de España, recollidos na *España Sagrada: Theatro Geographico Historico de la Iglesia de España* de Henrique Flórez ―que veremos no subapartado seguinte― e que foran gravados por el uns anos antes.

A novidade do mapa de López (1784) respecto aos anteriores radica na capacidade para representar a realidade galega cun grao de detalle e afondamento moito maior que o usado até daquela (Moreira e Otero Varela, 2020). Isto traduciuse nun considerable incremento dos topónimos representados, tanto de entidades de poboación como doutro tipo, así como a inclusión de información relativa á autoridade relixiosa, ás infraestruturas ou á división nas sete «provincias» galegas (Lorenzo Martínez e Sáez de Andrés, 1989; Méndez Martínez, 1994, 2000, 2001). Neste sentido, o propio autor foi consciente da realidade territorial de Galicia e, como figura no texto explicativo adxunto ao mapa, sinalou que «el número de Pueblos de este Reyno es tan grande, que no sería posible escribirlos con claridad, (…) por cuya razón solo se colocan las parroquias ó feligresias, en los parages donde hubo espacio para ello».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.4. ***Mapa Geográfico del Reyno de Galicia*** **de T. López (1784)**




Fonte: IGN.

Atendendo de xeito principal á diferente tipografía coa que se representan os nomes comarcais, é posible identificar 41 ámbitos desta escala (Figura 3.5). Os termos máis habituais que acompañan estes territorios son os de «tierra» e «valle», tales como «tierra de Miranda», «tierra de Trasdeza», «valle de Rosal» ou «valle de Vivero». Porén, para representar estas «comarcas» tamén se empregan outros cualificativos como «concejo» ou «montaña». A distribución das unidades comarcais no conxunto do territorio galego é bastante irregular e descontinua. Aparecen concentradas de xeito maioritario nos bordes de Galicia, tanto na parte costeira como nas fronteiras deste país con Asturias, León e Portugal, o que xera un forte contraste co interior galego, que aparentemente queda como un inmenso espazo orfo de perímetros comarcais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.5. «Comarcas» identificadas no *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia* de T. López (1784)




Fonte: López (1784). Elaboración propia.

A *Carta Geometrica de Galicia*, que presenta D. Fontán na primeira metade do século XIX (Figura 3.6), constitúe un traballo de enorme importancia e mesmo se pode considerar como a máxima expresión da cartografía galega de todos os tempos. Este xeógrafo e matemático comezou a traballar neste asunto en 1817 e non foi até case vinte anos despois, en 1834, cando presentou a minuta da súa obra. Con posterioridade, en 1845, obtivo o gravado da carta en París por L. Bouffard. O mapa foi o primeiro que achegou un rostro bastante preciso do que é Galicia, introducindo métodos e técnicas científicas na cartografía que permitiron dar un gran salto adiante na cartografía española que até este momento viña marcada pola concepción cartográfica da «dinastía» dos López (Méndez Martínez, 1994, 2000; Álvarez Monterroso, 2015). Para Otero Pedrayo (1946) esta obra axudou a perder a imaxe difusa, imprecisa e vaga que Galicia tivo durante séculos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Figura 3.6. ***Carta Geométrica de Galicia*** **de D. Fontán (1845)**



Fonte: BVPB.

Segundo Álvarez Monterroso (2015), na primeira versión de 1834, cartografáronse 6.153 nomes —en Galicia e partes de Asturias, León, Portugal e Zamora—. Logo, na versión de 1845, engádense moitos máis topónimos, até os 8.533. Os nomes máis frecuentes, como resulta esperable, son os de parroquias e lugares, mais cómpre sinalar a presenza de 39 topónimos que se poden considerar como ámbitos de ámbito comarcal (Figura 3.7). Destes, a inmensa maior parte deles son definidos como «valle» —31—, aínda que tamén os hai que se concretan como «tierra» ou «país», tales como «tierra de Soneira» ou «país del Riós». Só un dos topónimos comarcais vén definido como «comarca» —«comarca de Jallas»— sen que saibamos cal pode ser o motivo.

Figura 3.7. Unidades comarcais na *Carta Geométrica de Galicia* de D. Fontán (1845)



Fonte: Fontán (1845). Elaboración propia.

Logo da publicación do mapa de Fontán, continuáronse realizando mapas que non deixaron de ser versións máis ou menos modificadas deste. A representación de Galicia no seu conxunto deixou de ser a opción maioritaria e comezaron a aparecer cartografías a nivel provincial —na medida en que estas se estabilizaron logo de 1833— (Méndez Martínez, 1994, 2000, 2001). De entre estes, destacan polo seu grao de detalle os mapas de F. Coello (1847-1870) recollidos no *Atlas de España y sus posesiones de ultramar*, que, de maneira irregular e difusa, achega algún que outro topónimo comarcal que xa considerara Fontán con anterioridade. Neste sentido, Paül Carril (2016), que estuda o caso do sur da provincia de Ourense, percibe unha gran continuidade entre Fontán e Coello. A segunda metade do século XIX implicou o aumento do carácter divulgativo da cartografía, que se viu reforzado coa introdución de nova información, o aumento do contido decorativo e a incorporación de cor. Porén, estas cartografías deixan de representar aspectos comarcais.

3.3 A ESTRUTURA ECLESIÁSTICA EN ARCIPRESTADOS E ARCEDIAGADOS

A Igrexa Católica adoptou desde as súas orixes unha estrutura territorial en dioceses e outras demarcacións menores co obxectivo de garantir unha mellor administración (Barreiro Fernández, 1974a, 1974b; Morán García, 1993, 1998). As primeiras divisións e sés eclesiásticas en Galicia datan do período suevo, tal e como se revisou no apartado 3.1. Porén, determinar con precisión os límites territoriais, e mesmo a existencia dalgunhas destas unidades, resulta imposible a causa da escasa documentación que se conserva e, en bastantes casos, os documentos adoitan estar alterados ou mesmo falsificados nun intento por parte dos bispados de ampliaren cadansúas demarcacións territoriais (Morán García, 1993).


Do que non hai dúbida é que desde moi antigo, as dioceses acomodan no seu interior unha serie de divisións menores: arciprestados e arcediagados. Segundo Filgueira Valverde (1979), trátase de formas de organización antigas, xa que moitos dos topónimos presentan certa continuidade cos *populi* castrexos. Para Otero Pedrayo (1969a) moitos destes ámbitos eclesiásticos desempeñaron un papel importante na configuración de unidades de escala comarcal. Así, apunta que, en moitos casos, «o sentido das comarcas» viña recoñecido pola «organización dos arcedianádegos» (Otero Pedrayo, 1969a: 115). Segundo Burgueño Rivero (2003), que estuda estas demarcacións eclesiásticas para o caso de Cataluña, considera que en moitos casos «aquestes demarcacions internes contribuïren a fonamentar identitats comarcals, afavorint la identificació d'un territori amb determinada ciutat o nom de comarca» (Burgueño Rivero, 2003: 26). Deste xeito, estas divisións eclesiásticas, poden ser lidas como unhas antecesoras das comarcas actuais. De aí o interese de abordalas especificamente.

Os arcediagados constátanse en Galicia desde o século VI, mais resulta complexo achegar unha relación destes. En todo caso, semella que non foron unha figura de importancia relevante na sociedade da época a causa de que aparecen pouco na documentación (Barreiro Fernández, 1974a). Inicialmente, os arcediagos foron concibidos como auxiliares do bispo ou arcebispo no goberno da diocese ou arquidiocese, mais logo o número destes iría aumentando con motivo da grande extensión das dioceses e do aumento da poboación. No concordato de 1851 a figura do arcediagado foi suprimida a causa da súa impopularidade —tiñan capacidade para imporen gravames aos súbditos— e porque funcionaban como contrapoder da autoridade episcopal (Gallego Domínguez, 1988).

Nun intento de achegar unha relación dos arcediagados galegos, Barreiro Fernández (1974a) sinala a existencia de 26 cara aos séculos XII-XIII (Figura 3.8). Porén, apunta este académico que precisar as súas atribucións, os seus límites ou a súa evolución posterior resulta imposible. No esbozo cartográfico destes, ademais de observarmos certas liñas de similitude coas comarcas actuais, podemos precisar que presentan unha dimensión moi variable en función da diocese. Así, os arcediagados son de extensión máis reducida nas dioceses de Lugo ou Tui —«Neira» ou «Alabruje», por exemplo— e de maior superficie nas de Mondoñedo ou Santiago, tales como «Montenegro» ou «Nendos». O feito de que estas figuras se conciban como mecanismo para reforzaren o papel do bispo sobre determinados territorios queda patente na contorna da vila de Melide, onde as dioceses de Lugo e Mondoñedo crearon os arcediagados de «Abeancos» e «Melliz», respectivamente, para reafirmaren a súa soberanía sobre este territorio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.8. Arcediagados de Galicia cara aos séc. XII-XIII



Fonte: Barreiro Fernández (1974a); Barreiro Mallón (2002); Cornide (1764); Flórez (1763, 1764, 1767b). Elaboración propia.

En paralelo á figura do arcediagado xurdiu o arciprestado, tamén ao redor do século VI (Barreiro Fernández, 1974b). O arcipreste concibiuse de xeito inicial como auxiliar do bispo —habendo só un por diocese—, mais logo foi evolucionando até constituír o chanzo intermedio da organización eclesiástica, isto é, o ámbito territorial asentado entre o arcediagado por enriba e a parroquia por embaixo. Segundo Barreiro Fernández (1974b) ou Morán García (1993, 1998), as necesidades administrativas e o aumento da poboación son os principais factores que obrigaron a Igrexa a reorganizar a súa estrutura en arciprestados, igual aconteceu cos arcediagados. Con todo, establecer unha relación destes primeiros arciprestados, así como a súa evolución posterior, resulta un proceso complexo pola falla de documentación en Galicia (Morán García, 1993, 1998). Malia a estas circunstancias, Barreiro Fernández (1974b: 159) considera que se fixaron conforme a criterios axeitados: «la jerarquía eclesiástica aprovechó las

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

zonas naturales preexistentes y se acomodó a ellas no creando en ningún caso instituciones que no fueran asimiladas por el pueblo».

Figura 3.9. Bispados de Lugo (1768), Mondoñedo (1764), Tui (1767), Santiago (1825), Ourense (1763) e Astorga (1762) contidos na *España Sagrada*



Fonte: Galiciana; BVD; IGN; BDCYL.

Outro aspecto que non está de todo claro ten que ver coa relación que se daría entre os arciprestados eclesiásticos e os ámbitos de carácter rexio. Neste sentido, Baliñas Pérez (2000) e Bermúdez Beloso (2017) sosteñen que habería condados que se converteron en arciprestados, polo que o seu nome e alcance territorial chegaría até a actualidade. De feito, para Beramendi González (2016) parte das unidades de carácter civil que se perderon coas reorganizacións político-administrativas atoparon a súa continuidade na estruturación relixiosa da época. Porén,

un estudo recente sobre un texto da etapa sueva, en orixe do século VI, mais recuperado e modificado con posterioridade, sinalou a falla de relación entre os arciprestados e os condados (Bermúdez Beloso e Ibáñez Beltrán, 2019). O documento achega unha relación de 11 *comitati* no territorio que abranguerían as actuais dioceses de Lugo e Mondoñedo, o que contrasta cos ao redor de 40 arciprestados da diocese luguesa en época moderna.

Unha importante fonte que permite coñecer a situación das dioceses durante a segunda metade do século XVIII é a *España Sagrada: Theatro Geographico Historico de la Iglesia de España.* Trátase dunha voluminosa achega —56 tomos— sobre a historia eclesiástica da igrexa española concibida e realizada na súa maior por H. Flórez. Este relixioso é autor dos primeiros tomos, entre eles os das dioceses de Astorga —vol. XVI— (Flórez, 1762), Ourense —vol. XVII— (Flórez, 1763), Mondoñedo —vol. XVIII— (Flórez, 1764), Santiago —vols. XIX e XX— (Flórez, 1765a, 1765b) e Tui —vols. XXII e XXIII— (Flórez, 1767a, 1767b). Os tomos XL e XLI, relativos á diocese de Lugo, son presentados varios anos máis tarde e baixo a autoría do sacerdote M. Risco (1796, 1798). O estudo das dioceses complétase con mapas que ilustran distinta información de carácter civil e eclesiástico: o da diocese de Astorga é obra de M. Sutil (1762); as de Ourense e Mondoñedo, de J. A. Cornide (1763, 1764); a de Tui, de R. Amoedo (1767); e, a de Lugo, de autor descoñecido (1768) —datado 28 anos antes da súa inserción na *España Sagrada*—. A de Santiago é a única que non achega un mapa, mais este baleiro é cuberto posteriormente cunha cartografía de Á. Marín (1825) (Figura 3.9).

O significativo desta magna obra é que amosa a estrutura organizativa interna das dioceses en arcediagados e arciprestados. No caso dos arcediagados, esta división só é descrita nos volumes correspondentes ás dioceses de Mondoñedo (Flórez, 1764), Ourense (Flórez, 1763) e Tui (Flórez, 1767b), que veñen coincidir de xeito exacto cos sinalados por Barreiro Fernández (1974a) (Figura 3.8). Respecto á cartografía, a división en arcediagados só é representada no mapa da diocese de Mondoñedo (Cornide, 1764), que considera os mesmos catro que os identificados por Barreiro Fernández (1974a), a saber: «Azumara», «Montenegro», «Trasancos» e «Vivero» (Figura 3.8).

No que respecta aos arciprestados, estes non se relacionan nin se referencian dentro dos tomos da *España Sagrada*, polo que a súa identificación só a podemos efectuar nas representacións cartográficas das dioceses de Lugo (s.n., 1768), Santiago (Marín, 1825) e Tui (Amoedo, 1767) (Figura 3.9). Unha reconstrución deste arciprestados presentámola na Figura 3.10. A diocese tudense plasma 13 arciprestados para os que se sinalan os seus límites e un bo número das parroquias que os forman. No caso de Lugo, o mapa representa 39 arciprestados cos seus límites —con todo, o escaso número de parroquias que se cartografan leva a que sexa moi complexa a reconstrución dos límites destes arciprestados—. O mapa da arquidiocese de Santiago, aínda que varias décadas despois, plasma 35 arciprestados con límites perfectamente definidos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.10. Representación actual dos arciprestados históricos das dioceses de Lugo (1768), Santiago (1825) e Tui (1767)




Fonte: Amoedo (1767); Marín (1825); s.n. (1768). Elaboración propia.

A falla de documentación no pasado sobre os arciprestados galegos que permita unha visión precisa sobre estas demarcacións leva a que usemos unha fonte que, aínda que moi contemporánea, achega unha representación clara destas divisións para o conxunto de Galicia. Así, xa ben entrado o século XX, dentro da *Geografía General del Reino de Galicia* que dirixe Carreras Candi (1936), engádense os mapas de todas as dioceses galegas —dentro dos volumes correspondentes ás catro provincias galegas— (Figura 3.11). Esta fonte é relevante, xa que nos permite coñecer a organización interna dos bispados galegos a comezos do século XX. A relación de arciprestados por diocese é a seguinte: Lugo con 40 arciprestados, Mondoñedo 26, Ourense 37, Santiago 35 e Tui 15.

Respecto dos mapas considerados na *España Sagrada*, presentados máis de 150 anos antes, unicamente podemos establecer unha comparativa da evolución destes ámbitos para as dioceses de Lugo, Santiago e Tui. No caso do bispado de Lugo, a división mantense practicamente

estable, xa que na España Sagrada cartográfanse 39 arciprestados, polos 40 do mapa incluído na obra de Carreras Candi (1936). Os cambios teñen que ver coa participación de «Cotos de Lugo» —en «Cotos derecha» e «Cotos izquierda»— e «Camba y Dozón» —en «Camba» e «Dozón»— e a unión dos de «Gomelle» e «Ferreira y Ferreirua»—para formar o de «Ferreira»—. Pola súa banda, na diocese de Tui engádense dous arciprestados máis en relación ao mapa de Amoedo (1767), a saber: «Puenteareas» e «Tuy». A arquidiocese de Santiago mantense inalterable co mesmo número de arciprestados, 35.

Figura 3.11. Mapas dos arciprestados das dioceses de Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui recollidos en Carreras Candi (1936)



Fonte: Álvarez Limeses (1936); Amor Meilán (1936); Carré Aldao (1936); Risco (1936).

En 1994, os xeógrafos De Torres Luna e Pazo Labrador presentan *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*, na que achegan unha relación detallada e por parroquias dos 177 arciprestados galegos —incluídos os arciprestados urbanos— (Figura 3.12). Por dioceses, Lugo conta con 43 arciprestados, Mondoñedo-Ferrol con 16, Ourense con 45, Santiago con 48, Tui-Vigo con 20 e Astorga —só no que respecta á parte galega— con cinco. Malia a actualidade desta obra en relación co marco histórico que se está artellando neste capítulo da tese, o seu contido, ao igual que a obra de Carreras Candi (1936), semella axeitado para achegar unha comparativa da evolución destes ámbitos de escala comarcal.

Figura 3.12. Arciprestados de Galicia en 1994



Fonte: De Torres Luna e Pazo Labrador (1994). Elaboración propia.

De entrada, podemos afirmar que os arciprestados se presentan como unha división que se mantén estable no tempo. As dioceses de Lugo, Ourense, Santiago e Tui apenas variaron a súa estrutura interna en arciprestados. Así, as de Lugo, Ourense e Santiago mantéñense entre os 40 e 50 arciprestados en relación coas divisións achegadas na *España Sagrada* e/ou en Carreras Candi

(1936). No caso da de Tui, esta diocese tamén mantén un número de arciprestados máis ou menos estable. Unicamente a diocese de Mondoñedo afástase un chisco desta tendencia, xa que rexistra unha notable redución de arciprestados ao pasar de 26 en Carreras Candi (1936) a 16 en De Torres Luna e Pazo Labrador (1994). Na diocese mindoniense rexístranse os arciprestados de maior dimensión, o que contrasta cos das dioceses de Lugo ou Ourense. En relación coas comarcas, podemos observar un vínculo notable entre os nomes dos arciprestados e moitos topónimos comarcais, por exemplo: «Bergantiños», «Deza», «Montes», «Monterrei» ou «Soneira». Cómpre sinalar que o número de arciprestados e a súa representación cartográfica en 1994 achega unha división en unidades máis próximas en escala aos actuais concellos que ás comarcas.

Figura 3.13. Arciprestados de Galicia na actualidade




Fonte: Arcebispado de Santiago de Compostela; Bispado de Astorga; Bispado de Lugo; Bispado de Mondoñedo-Ferrol; Bispado de Ourense; Bispado de Tui-Vigo. Elaboración propia.

Nunha análise do mapa de arciprestados galegos que opera no momento presente, podemos apreciar unha redución, que afecta todas as dioceses con maior ou menor intensidade. En cifras

totais, o número de arciprestados pasa de 177 en De Torres Luna e Pazo Labrador (1994) a 81 na actualidade —incluídos os arciprestados urbanos— (Figura 3.13). Os máis significativos son os casos das dioceses de Lugo e Ourense, que pasan de 43 e 45, respectivamente, en 1994 a 10 e 12. Cómpre sinalar que algunhas dioceses, caso das de Lugo, Mondoñedo e Ourense, contan cunha nova división en arciprestados que presentan certas semellanzas coa división comarcal actual —que veremos no apartado 8.2.3 desta investigación—, no que respecta tanto á súa superficie como á súa denominación.

Figura 3.14. Organización catequística da arquidiocese de Santiago (1935)



Fonte: Pardal Vidal (1935). Elaboración propia.

En relación cos mapas eclesiásticos, e sen termos coñecemento doutros precedentes nesta dirección, parécenos axeitado presentar un traballo acometido pola Arquidiocese de Santiago no que se presenta unha división en comarcas. En marzo de 1935, ese arcebispado achegou unha división comarcal —así nomeada— para a organización catequística do seu territorio. Esta delimitación foi obra do párroco B. Pardal Vidal, que fora nomeado uns anos antes como máximo responsable do catecismo na arquidiocese compostelá. Segundo López Calvo (1997,

2003), que estudou a fondo a obra deste relixioso, o obxectivo que perseguía Pardal Vidal era a consecución dunha nova división —alén dos arciprestados— que permitise mellorar a organización da actividade catequística. As parroquias son agrupadas en *zonas* —143— e estas, á súa vez, en *comarcas* —12— (Figura 3.14).

3.4 OS SEÑORÍOS XURISDICIONAIS

Durante a época moderna, o Reino de Galicia, na forma territorial consolidada logo da Idade Media, formou unha *provincia*/*reino* e contou con institucións propias como a Audiencia, a Capitanía Xeral e a Intendencia (Barreiro Fernández, 1984, 1989; González Mariñas, 1993). Nun chanzo inferior estaban as sete «provincias» galegas, que non funcionaban como tales, senón que meramente conformaban o territorio das cidades con representación na Xunta do Reino de Galicia —órgano que só tiña unha función consultiva— (González Mariñas, 1977; Río Barja, 1958d, 1990; Gallego Domínguez, 1988; Burgueño Rivero, 1995, 2011; Saavedra Vázquez, 2004). Segundo o xeógrafo Río Barja (1990: 10), as chamadas sete «provincias» non tiñan carácter «de circunscrición político-administrativas, senón a significación de parciais áreas provinciais que funcionarían soamente a efectos de reparto de impostos e levas militares e que serven para a comunicación de ordes procedentes do poder central». Isto non quita que estes «distritos provinciais» contasen cunha longa tradición: cinco delas desde o século XV —Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Santiago— e as dúas restantes desde o século XVI —A Coruña e Tui—.

A unha escala de maior detalle, o territorio de Galicia estaba dividido en xurisdicións señoriais e coutos, isto é, «circunscripciones bien definidas en las que un determinado señor ejercía cierto poder» (Saavedra Fernández, 1990a: 167). Segundo Gallego Domínguez (1988: 55), constituían as «células básicas de gobierno local». Para o conxunto de España, varios académicos falan dun mundo complexo e heteroxéneo de entes intermedios —de escala próxima á comarcal— que operaron baixo distintas modalidades: *concejo*, *condado*, *corregimiento*, *coto*, *distrito*, *ducado*, *estado*, *gobernación*, *hermandad*, *jurisdicción*, *marquesado*, *merindad*, *ochavo*, *partido*, *señorío*, *sexmo*, *tenencia*, *valle*, *vizcondado*, etc. (Garrigós Picó, 1982; Burgueño Rivero, 1996, 2003; Orduña Rebollo, 2003; García Rubio, 2007). Cómpre sinalar que en Galicia aínda non están esclarecidas as causas e o proceso que levou á transformación dos señoríos medievais en xurisdicións modernas, alén de asumir diferenzas evidentes entre ambos os dous (Pousa Diéguez, 2018).

Galicia, segundo Río Barja (1990), rexistraba un alto número deste tipo de circunscricións: 509 xurisdicións e 159 coutos, sen diferenzas reais entre ambas as dúas alén da súa denominación. No plano territorial, estas xurisdicións formaban un mapa caótico, heteroxéneo, irracional e irregular, cheo de descontinuidades e enclaves. Respecto da extensión das xurisdicións, Saavedra Fernández (1990a) sinala que tiñan un tamaño moi desigual: «las había extensas y "compactas", como las de la ciudad de Lugo, villa de Pontevedra, villa de Muros, corregimientos de Viveiro y Betanzos, la de O Bolo, etc.», mais tamén as había «que se componían tan sólo de dos o tres parroquias» (Saavedra Fernández, 1990a: 119). Este mesmo académico apunta a que en Galicia a compartimentación do espazo en xurisdicións e coutos semellaba alcanzar uns niveis superiores aos de calquera outra parte da península.

Esta diversidade xurisdicional era consecuencia da pluralidade de poderes que exercían o control territorial: secular, de reguengo, de abadengo, eclesiástico, de ordes militares ou, mesmo nalgunha ocasión, a xurisdición dependía dos seus veciños dun xeito semellante ao que serían os concellos produto do Estado liberal. O señorío secular era o máis extenso —ao redor do 60%— e destacaban de xeito significativo as propiedades en mans de determinadas casas da aristocracia, tales como as de Lemos, Altamira, Monterrei ou Salvaterra (Río Barja, 1990;

USC DE COMPOSTELA

Saavedra Fernández, 1990a, 2013). A heteroxeneidade do mapa tamén viña explicada porque o territorio tiña carácter patrimonial, é dicir, estaba ligado a dinámicas de merca, herdanza, usurpación, troco, doazón, etc. Segundo Río Barja (1990), o carácter persoal dos señoríos, condicionados por estas dinámicas, impedía a súa estabilidade e tamén a súa continuidade político-territorial.

Á súa vez, as divisións señoriais estaban divididas internamente en parroquias, mais era habitual a falla de coincidencia entre os límites xurisdicionais e os parroquiais, polo que unha determinada parroquia podía estar repartida entre diferentes xurisdicións señoriais. No interior das xurisdicións tamén se enmarcaban os *partidos fiscais*, que viñan ser o ámbito territorial empregado polo poder real para o pagamento dos trabucos —mesmo se daban distintas delimitacións dependendo do tipo de trabuco— (Gallego Domínguez, 1988; Saavedra Fernández, 1985, 1993, 2013). Neste contexto, se xa non resulta doado recompoñer a xeografía señorial a causa da maraña de coutos e xurisdicións que non respectaban os lindeiros das parroquias, a xeografía fiscal é aínda máis complexa. Saavedra Fernández (2013) refírese a esta compartimentación do territorio como unha «impenetrable silveira» para as autoridades reais e tamén para os propios señores que en numerosas ocasións eran incapaces de identificar todas as terras do seu patrimonio.

Os *corregimientos* eran unha peza chave nas relacións entre a monarquía e as oligarquías da época moderna. Para Cataluña, Burgueño Rivero (2003) relaciona os *corregimientos* e *alcaldías mayores* coa división comarcal, mais no caso de Galicia a comparativa preséntasenos complicada. Neste sentido, durante o século XVIII, en territorio galego só se daba conta de cinco *corregimientos*: Baiona, Betanzos, A Coruña, Ourense e Viveiro —os de Betanzos e A Coruña foron tratados de xeito conxunto até mediados dese século— (González Mariñas, 1993; López Díaz, 2016; Saavedra Vázquez, 2020). Segundo López Díaz (2016), en Galicia estas institucións eran de «débil entidad» e caracterizábanse pola diversidade no que respecta ao emprazamento, calidade e demografía dos núcleos nos que se asentaban. Igualmente, considera que contaban con termos reducidos sobre os que exercer a súa xurisdición, unha situación que podemos comprobar cunha ollada ao mapa achegado por Río Barja (1990).

É posible que certas das demarcacións xurisdicionais que vimos até o de agora tivesen en Galicia carácter comarcal. Neste sentido, no estudo de Río Barja (1990) podemos observar que algunhas xurisdicións eran moi extensas: Lugo —501 km²—, Vilalba —427 km²— ou Valdeorras —408 km²— e, ademais, outras tantas tiñan nomes de comarcas: Courel, Deza, Monterrei, Montes, Tabeirós, Ulloa, Valdeorras, Xallas, etc. En calquera caso, González Mariñas (1994) ou Ferreira Fernández (2000) consideran que no Antigo Réxime, agás excepcións moi puntuais, non existiu unha arquitectura comarcal operativa e xeneralizada que se poida considerar como precedente inmediato das actuais comarcas. Ambos os dous académicos consideran que non debemos considerar o mapa de xurisdicións señoriais como antecedente da división comarcal posterior, entre outros motivos polo elevado número de unidades, as súas dimensións reducidas ou o seu carácter patrimonial. En palabras de González Mariñas (1994):

> O panorama de Galicia no antigo réxime o que amosa é un mesturado e complexísimo conxunto de xurisdiccións, coutos, vilas e parroquias que non permiten en realidade falar dunha base comarcal definida e operante. (…) En modo ningún se poden toma-las antigas xurisdiccións como presunta estructuración comarcal (González Mariñas, 1994: 120-121).

Non obstante, académicos como Martín Mateo (1984, 1987), Río Barja (1990), Saavedra Fernández (1990b), De Torres Luna e Lois González (1993), González Mariñas (1994), Santos Solla (1994) ou Rodríguez González (1996, 1997a, 1999) consideran que, cando menos no

tramo final do Antigo Réxime, existía unha «vida comarcal» que funcionaba na esfera económica e social. Tratábase de «áreas de influencia» que, sen recoñecemento xurídico, viñan definidas por un determinado conxunto de lugares centrais que canalizaban unha parte importante das actividades comerciais e das relacións sociais da época.

En palabras de González Mariñas (1994: 121): «a vida comunitaria galega funcionou por espacios supraparroquiais, e máis tarde supramunicipais, dende sempre, con manifestacións típicas do mundo do troco, do intercambio de bens e dunha florida tradición de feiras comarcais». Esta «vida comarcal» tamén é defendida por Martín Mateo (1984: 96) ao afirmar a existencia dunha serie de ámbitos de escala comarcal que «englobaban una serie de lugares, entidades, grupos de población, no reconocidos jurídicamente, pero que giraban en torno a las cabeceras de una zona, mercado desde luego y fortaleza normalmente». A mesma idea é sostida por Saavedra Fernández (1990b) para o conxunto do territorio galego durante a época moderna:

> Desde o punto de vista económico Galicia non formará sequera unha unidade, senón que aparece moi parcelada en comarcas, con diferentes "polos de atracción". (…) A mesma abundancia de feiras e mercados denota unha acusada atomización comarcal. (…) Todo era fragmentación, atomización, e os campesiños identificábanse, diante de todo, coa súa comarca, co seu "país" (Saavedra Fernández, 1990b: 109-110).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4 AS COMARCAS NA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO ESPAÑOL

Neste capítulo, o primeiro de resultados, imos analizar a cuestión comarcal que se desenvolveu ligada ao poder político civil, desde a creación do Estado liberal español na primeira metade do século XIX até 1990. Así, imos, nunha longa revisión, contemplar a instauración e evolución do mapa de partidos xudiciais (1812-); o debate comarcal acontecido durante a Segunda República (1931-1936); o tratamento que a comarca recibe durante o franquismo (1939-1975); a abordaxe actual das comarcas na redacción da Constitución vixente (1978), o Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) e outra lexislación estatal básica; e os mapas e reflexións comarcais que tiveron lugar no primeiro autonomismo (1981-1989).

4.1 O PARTIDO XUDICIAL DENTRO DO ESTADO LIBERAL ESPAÑOL

Ao longo da historia, a procura por dar coa organización territorial axeitada sobre a que estruturar o exercicio dos poderes públicos foi unha das principais preocupacións dos seus responsables. Nas primeiras décadas do século XIX, o nacemento do Estado liberal permitiu rachar en España coa estrutura herdada do Antigo Réxime e instaurar un novo modelo político-administrativo proxectado en tres chanzos: provincia, partido xudicial e concello. O obxectivo principal era achegar unha división máis racional, regular, homoxénea, uniforme e de límites ben definidos que operase a varios niveis e que abranguese o conxunto do Estado aos efectos de goberno, control e administración (Burgueño Rivero, 1996, 2011).

Dos tres ámbitos territoriais creados polo Estado liberal, os partidos xudiciais significanse por construírense cunha escala que podemos convir en considerar comarcal. A abolición da caótica e desorganizada trama de xurisdicións como consecuencia da supresión dos privilexios feudais revelou a necesidade dun instrumento que implantase a igualdade xurídica en todo o territorio en base a unhas unidades nin demasiado grandes nin excesivamente pequenas. O novo Estado liberal tamén procuraba unha ferramenta coa que reafirmar o seu centralismo e que servise de canle para transmitir e executar decisións, o que levou á procura dunhas unidades intermedias entre a provincia e o concello (Capel Sáez, 1968; Cores Trasmonte, 1995; Burgueño Rivero, 1996).

Desde o mundo académico, Burgueño Rivero (1995) considera que a división en partidos xudiciais se acometeu ligada ao propio concepto de *comarca*:

> Las divisiones judiciales decimonónicas fueron un primer ensayo de comarcalización administrativa moderna, por cuanto en su elaboración se emplearon criterios geográficos tales como la población, las distancias, la accesibilidad, las relaciones mercantiles y económicas o la misma percepción del hecho comarcal (Burgueño Rivero, 1995: 32).

4.1.1 As primeiras divisións xudiciais

A falla de material impídenos coñecer con precisión o momento exacto no que se deron os primeiros pasos para a consecución dunha nova división en partidos xudiciais. No caso galego, os traballos semella que foron iniciados pola Xunta Suprema do Reino de Galicia, constituída en 1808, como o máximo órgano representante do poder galego durante a Guerra da Independencia (1808-1814) (Burgueño Rivero, 1995). Neste contexto, a primeira mención

USC DE COMPOSTELA

explícita aos partidos xudiciais foi na Constitución de 1812 ou de Cádiz, concretamente no art. 273, que di que «se establecerán Partidos proporcionalmente iguales, y en cada cabeza de Partido habrá un Juez de letras con un Juzgado correspondiente».

Cómpre sinalar que a Constitución de 1812 mencionaba, aínda que non como ámbito territorial sobre o que organizar o conxunto do Estado, o termo *comarca*. Así, o art. 310, relativo á formación dos concellos, sinala que «se pondrá Ayuntamiento en los pueblos que no le tengan, y en que convenga le haya, no pudiendo dexar de haberle en los que por sí ó con su *comarca* lleguen á mil almas, y tambien se les señalará término correspondiente». Porén, aquí, como apunta Ferreira Fernández (2000), o termo *comarca* non se refire a unha realidade histórica nin ten o significado que lle damos actualmente, senón que cómpre entendelo desde unha perspectiva meramente xeográfica: como a contorna que rodea un *pueblo*.

Na liña marcada pola Constitución gaditana, o *Decreto do 9 de outubro de 1812* polo que se fixaba o *Reglamento de las Audiencias y Juzgados de primeira instancia* achegaba as bases para a creación dos partidos (Burgueño Rivero, 1996). Explícase que son as Deputacións Provinciais —ou as Xuntas onde estas non estivesen establecidas— e as Audiencias ás que lles corresponde «la distribución provisional de partidos de sus respectivas provincias» (cap. II, art. 1). A continuación, sinálase que a confección dos partidos se debe facer en base a unidades «proporcionalmente iguales», que «no baxen de cinco mil vecinos» —equivale a entre 20.000 e 25.000 habitantes— e que teñan presente a «mayor inmediación y comodidad de los pueblos para acudir á que se les administre justicia». Sobre as «cabezas de partido» di que se deben seleccionar aquelas que pola súa «localidad, vecindario, proporciones y demas circunstancias sea mas á propósito para ello» (cap. II, art. 2). A norma tamén se presenta como flexible, xa que precisa que se pode constituír un partido que non alcance os 5.000 veciños atendendo á súa «localidad y distancia, ó por la mucha extensión del pais» (cap. II, art. 4).

En marzo de 1813 materializouse o traspaso de poderes entre a Xunta Suprema do Reino de Galicia e a Primeira Deputación Provincial Única de Galicia, que se afanou desde un primeiro momento na consecución dunha división xudicial. Neste sentido, constituíuse unha Comisión con representantes da Deputación Provincial e da Audiencia, que, incialmente, se esforzou na coordinación das sete comisións que se crearan en cada unha das «provincias» galegas —A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui— (González Mariñas, 1974, 1993; Fariña Jamardo, 1990; Burgueño Rivero, 1995). Deste xeito, podemos dicir que a fase inicial dos traballos para a consecución dun novo mapa xudicial foi descentralizada, xa que cada unha das «provincias» en que se dividía o Reino de Galicia tiña a misión de preparar unha proposta de división en partidos.

A definición dos distintos partidos xudiciais de Galicia foi recoñecida pola Comisión como unha tarefa de extraordinaria complexidade derivada da realidade xeográfica galega e da falla de información e datos precisos (Fariña Jamardo, 1990). Ademais do escaso tempo do que dispoñía, debía facer fronte a distintas circunstancias: a falla de estatísticas axeitadas e precisas, a imperfección dos mapas e censos, o espallamento da poboación galega, a confusión entre lugar e parroquia, o agreste da topografía, a multitude de xurisdicións e coutos que se sobrepoñían e que eran a orixe dos numeroso enclaves ou a falla de colaboración dos párrocos —considerados como a principal fonte de información—, etc.

Do traballo das comisións provinciais só se coñece e conserva o proxecto que se presenta para a «provincia» de Santiago. En agosto de 1813 deuse a coñecer o *Plan de arreglo de partidos y capitales para los juzgados de 1ª instancia en el territorio de la antigua provincia de Santiago*, que asinaron P. N. Apray, L. López Ballesteros, F. Montenegro e J. Rodríguez. Tamén se conserva un mapa no que se esbozan os partidos xudiciais e cuxa autoría está ligada probablemente á propia Comisión de Santiago (Figura 4.1).

Figura 4.1. Partidos xudiciais da antiga «provincia» de Santiago (1813)



Fonte: BVD.

Propúxose para esta «provincia» a súa división en 15 partidos xudiciais (Figura 4.2), dos que se detallan as parroquias que forman parte de cada un e a súa cabeceira. Resulta preciso indicar que dous dos partidos xudiciais son presentados como «incompletos» ou «parciales» —«La Ulloa» e «Entre-Rios»—, xa que se expresa que teñen a súa continuidade noutras «provincias». Os partidos non se nomean co nome da cabeceira, senón con outras denominacións que se poden considerar de carácter netamente «comarcal», tales como «Arosa», «Barbanza» ou «Morrazo». Como podemos observar na Figura 4.2, para cada partido xudicial sinálase a súa cabeceira, que en varios casos queda descentrada do territorio xudicial. A cidade de Santiago é compartida como cabeceira de dous dos partidos xudiciais.

A Comisión formada pola Deputación Provincial e a Audiencia presentou a súa proposta de división xudicial para o conxunto de Galicia o 13 de setembro de 1813, no que coñecemos como *Informe de la Comisión especial para la división de Galicia en partidos y juzgados de 1ª instancia, según el capítulo 2º de la ley de 9 de octubre último* e que leva as sinaturas de J. G. Quiroga, P. Olmos, F. J. Vázquez e J. A. de la Vega (Fariña Jamardo, 1990, 1993a; Ferreira Fernández, 2000). A súa proposta consistía na división de Galicia en 47 partidos xudiciais, dos que se sinalaban as parroquias que formarían cada un e as súas cabeceiras —cómpre sinalar que se omiten moitas parroquias e outras aparecen duplicadas e que a confusión destas con lugares ou xurisdicións é frecuente—. Segundo Fariña Jamardo (1990), ademais dos traballos das comisións provinciais —entre elas, a da provincia de Santiago—, a Comisión tamén se valeu do Censo de 1797 e do mapa de Galicia de T. López. Estes partidos xudiciais foron representados nun mapa a escala do conxunto de Galicia por J. Velarde (Figura 4.3).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.2. Representación actual dos partidos xudiciais da antiga «provincia» de Santiago (1813)




Fonte: *Plan de arreglo de partidos y capitales para los juzgados de 1ª instancia…* (1813). Elaboración propia.

Pese a coñecermos só o proxecto elaborado para a provincia de Santiago, semella que a Comisión considerou o bo facer das comisións provinciais e que mantivo as súas propostas *grosso modo*. No caso de Santiago, a Comisión unicamente suprimiu un partido xudicial —fusiona «Arosa» e «Lanzada»—, mais modificou bastantes cabeceiras e límites (Burgueño Rivero, 1995). Dos partidos resultantes, só o de «Viana» incumpría o mínimo de 5.000 veciños —aínda que esta situación estaba amparada, como xa vimos, polo art. 4 cap. II do *Decreto do 9 de outubro de 1812*—. Segundo López Morán (1994: 52), esta primeira división «practicamente manterase intacta, con lixeiras variantes, síntoma non só do acerto da comisión senón da realidade sociolóxica de Galicia que ofrecía unhas comarcas suficientemente delimitadas ás que as comisións só lles tiveron que pór límites e nomes».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.3. Partidos xudiciais de Galicia por J. Velarde (1813)



Fonte: BVD.

A Comisión sinalou a dificultade que supuxo transformar a «arbitraria» e «incómoda» división en xurisdicións de orixe feudal nunha nova organización en partidos xudiciais que tivese unha demarcación homoxénea e compacta e que evitase distancias superfluas. Porén, como era de esperar, o mapa resultante non foi do agrado de todos e sucedéronse continuas reclamacións de varias localidades (Fariña Jamardo, 1990; Burgueño Rivero, 1995; López Mira, 2000). Neste sentido, Fariña Jamardo (1990: 67) sinala que a Deputación Provincial de Galicia debía enfrontar case a diario as «continuas reclamacións dos pobos [sic], baseadas nos prexuízos que dela reciben, ben polos defectos nas demarcacións dos partidos, ben pola súa excesiva extensión, mala situación da capital, e outros gravísimos inconvenientes».

Con todo, o proxecto de división xudicial presentado en 1813 non chegou a ser revisado polas Cortes. O regreso de Fernando VII en maio de 1814 implicou a abolición de todos os avances producidos durante o Bienio Constitucional (1812-1814) e a consecuente volta ao Antigo Réxime, no que se pasa a coñecer como o Sexenio Absolutista (1814-1820). A comezos de 1820, o pronunciamento do coronel Del Riego obrigou El-Rei a aceptar a Constitución de Cádiz e levou a que reinstaurasen todas as institucións que foran suprimidas, o que deu inicio

ao período constitucional de tres anos que se coñece como o Trienio Liberal (1820-1823). No caso de Galicia, constitúese unha nova Xunta Suprema de Galicia (Fariña Jamardo, 1990, 1993a; Ferreira Fernández, 2000). Este órgano aprobou de xeito provisional, o 3 de marzo de 1820, a división en partidos de 1813, baixo o título de *Provincia de Galicia, distribución de esta provincia en 47 partidos*. É así como os partidos xudiciais de 1813 se «oficializan» en 1820 (Figura 4.3).

A Xunta Suprema de Galicia desembocou en xullo de 1820, do mesmo xeito que acontecera anteriormente, na Segunda —para diferenciala da Primeira— Deputación Provincial Única de Galicia. No que respecta aos partidos xudiciais, o novo máximo órgano de poder en Galicia pretendía unha nova división que atendese as numerosas peticións e reclamacións dos núcleos (González Mariñas, 1974, 1994; Fariña Jamardo, 1990). Así, formulouse un novo proxecto de división de Galicia en 43 partidos xudiciais, en lugar dos 47 establecidos inicialmente. Este proxecto non o coñecemos, mais, segundo Fariña Jamardo (1990), semella que a contestación foi maior que en 1813 e que as Cortes, no verán de 1821, decidiron manter a división xudicial de Galicia fixada en 1813. A idea das Cortes era que fosen os novos órganos provinciais que se ían crear os que achegasen unha nova división en partidos xudiciais.

A través do *Decreto do 27 de xaneiro de 1822* aprobouse a nova división de España en provincias, o que implicou a partición de Galicia en catro unidades —moi semellantes ás actuais—, e máis O Bierzo, con Valdeorras. O nacemento das novas provincias tivo, inevitablemente, consecuencias nos partidos xudiciais por varias cuestións. Por unha banda, a aparición das novas provincias supuxo a desaparición da Segunda Deputación Provincial Única de Galicia, que viña desenvolvendo un intenso labor na consecución dunha nova división en partidos (González Mariñas, 1993). E, por outra banda, obrigouse aos partidos en vigor —os de 1813— a axustarse aos novos límites provinciais (Ferreira Fernández, 2000). Porén, os novos lindeiros entre provincias trouxeron un problema engadido: as descricións eran moi xerais e a súa interpretación formulaba problemas. Sinala Fariña Jamardo (1990) que a nova división provincial afectaba a practicamente todos os partidos fronteirizos das catro provincias galegas e tamén destas con Asturias, León e Zamora.

No caso dos concellos, ademais de restituírense de inmediato os que existiran no primeiro período constitucional (1812-1814), unha das primeiras medidas que tomou a Xunta Suprema de Galicia, e que logo respectou a Segunda Deputación Provincial Única de Galicia, consistiu en que en cada cabeceira de partido se creasen concellos provisionais que comprendesen todas as parroquias do ámbito xudicial respectivo mentres non se constituísen nun concello ou se integrasen nalgún (Fariña Jamardo, 1990, 1994; Ferreira Fernández, 2000). A falla de documentación ao respecto e os acordos e desacordos entre concellos imposibilita achegar un esbozo cartográfico claro de como foron evolucionando os límites xudiciais durante este intenso período. Segundo Ferreira Fernández (2000), o feito de que se usasen os partidos xudiciais como base para impulsar a creación dos concellos levou a que, en Galicia cando menos, a comarca fose instrumentalizada para municipalizar o territorio e non á inversa.

En outubro de 1823, Fernando VII suspendeu de novo a Constitución de Cádiz e anulou todas as disposicións do Trienio Liberal (1820-1823). Esta segunda volta ao absolutismo, coñecida como a Década Ominosa (1823-1833), foi máis forte e represiva que a primeira e veu durar até o falecemento do monarca. Entre as medidas que se tomaron estaban a supresión das provincias, partidos xudiciais e concellos e a reinstauración da complexa trama administrativa en xurisdicións.

Durante esta segunda volta ao absolutismo, a Audiencia de Galicia solicitou a D. Fontán un proxecto de división en *corregimientos*, que terían escala comarcal (Barreiro Fernández, 1993). É posible que se achegasen traballos para todo o territorio galego, mais só se coñece o

dedicado a «La Cañiza», presentado como *Plano del corregimiento de la Cañiza, dividido en alcaldías reales* (1826). Ademais, ten a ben cartografar os *corregimientos* veciños, a saber: «Bande», «Celanova», «Puente-Areas», «Redondela» e «Ribadavia». A escala seguida na confección dos *corregimientos* é equiparable os partidos xudiciais, por canto o da Cañiza comprende practicamente a mesma extensión que a do partido en 1813 (Fariña Jamardo, 1990; Burgueño Rivero, 1995). Isto podémolo interpretar como un acerto dos órganos de goberno de Galicia no deseño dos partidos xudiciais en 1813.

4.1.2 Os partidos xudiciais de 1834

A morte de Fernando VII e a minoría de idade da súa filla levaron a que a raíña María Cristina de Borbón asumise a rexencia (1833-1840). Dous meses despois deste momento, aprobouse o *Decreto do 30 de novembro de 1833*, atribuído a J. de Burgos, e que establecía a nova división provincial e pola que Galicia quedaba dividida nas catro provincias que perduran hoxe (Burgueño Rivero, 1996, 2011; García Álvarez, 2002). Esta norma fixaba que outras demarcacións, entre elas a de xustiza, se deberían axustar á nova división provincial (art. 4). Neste sentido, o *Decreto do 26 de xaneiro de 1834* veu uniformar a demarcación xudicial coa administrativa ao distribuír o territorio en audiencias. No caso de Galicia, as catro provincias galegas quedaron enmarcadas dentro da Audiencia da Coruña.

Os partidos xudiciais foron fixados polo *Decreto do 21 de abril de 1834*. Achegábase unha listaxe detallada dos núcleos que formarían os partidos xudiciais en que se dividirían cada unha das recentemente creadas provincias. No que respecta aos partidos xudiciais galegos, a formación destes levouse a cabo por agregación de parroquias —cómpre sinalar que hai parroquias que xa non existen e outras que son posteriores, así como ausencias, duplicidades e cambios de nome—. Porén, a norma semellaba flexible, xa que abría a división xudicial a aquelas alteracións que a «experiencia acredite ser necesarias para su mayor perfeccion» (art. 2). Da división xudicial que se presenta, no propio decreto de 1834 dise que é urxente e necesaria polos beneficios que ten para os pobos unha mellor administración de xustiza e porque veñen ser o ámbito que escollería os procuradores nas próximas eleccións que se convocasen a Cortes.

Galicia quedaba dividida en 47 partidos xudiciais (Figura 4.4). A división de 1834, a diferenza das achegas precedentes, non ten unha autoría coñecida, mais crese que D. Fontán puido desempeñar un papel chave á hora de perfilar os límites das provincias e partidos xudiciais de Galicia (Burgueño Rivero, 1995). Entre outros motivos, este intelectual era un gran coñecedor do territorio galego e levaba xa anos traballando na elaboración da *Carta Geometrica de Galicia* —véxase o apartado 3.2—. Anos máis tarde a aprobación do mapa xudicial, o propio Fontán manifestou durante a súa etapa como deputado nas Cortes que «he tenido una parte muy principal en la división de Galicia en sus cuatro provincias, en la subdivisión de estas en partidos judiciales y aún en la formación de sus ayuntamientos» (DSCC 20/12/1836).

O resultado é que os partidos xudiciais establecidos en 1834 son en esencia os mesmos que os presentados en 1813 (González Mariñas, 1974). A única diferenza substancial entre ambas as dúas divisións ten que ver coa supresión do partido xudicial de «Santa María del Sar», mais o número mantense porque se crea o de «Negreira» —que, segundo Fariña Jamardo (1990), xa intentara nas etapas constitucionais previas formar un partido de seu—. Os criterios seguidos na delimitación dos partidos tamén foron os mesmos que os da primeira etapa constitucional: volume demográfico, topografía, accesibilidade, distancias e relacións entre núcleos, divisións apoiadas no medio natural, centros de mercado, etc. Porén, rexístrase un cambio respecto ao mínimo demográfico, que se rebaixa a 4.000 veciños —equivalente a entre 16.000 e 20.000

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

habitantes—. Os partidos xudiciais de Viana e Quiroga eran os únicos que quedaban por debaixo do limiar requirido (Burgueño Rivero, 1995).

No que respecta aos cambios de cabeceira de partida, estes son máis frecuentes. Algúns deles teñen que ver coa elección de vilas máis dinámicas e que se foron consolidando como novas cabeceiras: Carballo, Muros, Ordes ou Verín. Noutros casos, o cambio da capital xudicial seguiu o camiño inverso co obxectivo de acadar unha maior centralidade, o que levou a mudar dun núcleo que finalmente se consolidaría por outro máis pequeno: Vilamartín en vez do Barco e Taboada no canto de Chantada. Algúns dos cambios tiveron lugar nun ambiente conflitivo, xa que enfrontou a vilas próximas e con potencial semellante como Allariz e Maceda, Arzúa e Melide, Corcubión e Vimianzo ou A Pobra de Trives e O Castro de Caldelas —as primeiras de cada parella veñen substituír as segundas— (Burgueño Rivero, 1995). Outros cambios de capital xudicial foron As Nogais e Tabeirós por Cruzul e A Bemposta, respectivamente.

Figura 4.4. Partidos xudiciais de Galicia en 1834



Fonte: *Decreto do 21 de abril de 1834*. Elaboración propia.

Ao longo do século XIX as modificacións foron puntuais e viñeron marcadas por mudas na división municipal ou alteracións na capitalidade (Táboa 4.1). Un dos primeiros cambios que afectaron o mapa xudicial aprobado en 1834 tivo que ver coas correccións introducidas nalgúns lindeiros como consecuencia da entrada en vigor das divisións municipais. Porén, estes cambios foron mínimos xa que as deputacións provinciais, as encargadas de confeccionar a nova división de concellos —que foi acometida por agregación de parroquias—, comprometéronse a respectar os límites xudiciais. Neste sentido, as deputacións galegas, agás a de Lugo, constituíron en cada un dos partidos xudiciais unhas comisións de traballo que avanzaron no arranxo dos concellos e que integraban a alcaldes, deputados, xuíces e outros «homes idóneos» dentro do partido (Fariña Jamardo, 1990). Na práctica, o feito de que se traballase por partidos implicou que os límites xudiciais se mantivesen case intactos.

O mapa municipal definitivo de Galicia, tomando como referencia os de 1836 para A Coruña, Ourense e Pontevedra e 1840 para Lugo —o desta provincia foi máis tardío porque tivo que refacer a división municipal—, foi maioritariamente respectuoso coa división en partidos xudiciais. A modificación máis relevante afectou os partidos de Ortigueira e Viveiro e, como consecuencia, tamén supuxo un cambio na división provincial (Burgueño Rivero, 1990). Así, cinco parroquias do partido de Viveiro pasaron ao partido de Ortigueira como resultado da creación do concello de Mañón e o mesmo aconteceu coa parroquia do Freixo —no concello das Pontes—, que pivotou do partido viveirense ao ortigueirés. Na provincia de Lugo tiveron lugar a maior parte dos cambios nos límites xudiciais, que afectaron sete partidos. No caso da provincia de Ourense, todos os cambios nos límites xudiciais foron como consecuencia da partición de parroquias por mor da nova división municipal (Táboa 4.1).

Táboa 4.1. Cambios na división xudicial como consecuencia da división municipal

Provincias da Coruña e Lugo
- Do partido de Viveiro ao de Ortigueira pasan a parroquia do Freixo logo da creación do concello das Pontes, e as de Bares, As Grañas do Sor, Mañón, Mogor e As Ribeiras do Sor logo da creación do concello de Mañón.
Provincia de Lugo
- Do partido de Lugo ao de Sarria pasa a parroquia de San Mamede de Castro logo da creación do concello de Paradela. - Do partido de Monforte ao de Quiroga pasan as parroquias de Canedo, Eixón, Fornelas e Piño logo da creación do concello da Pobra do Brollón. - Do partido de Monforte ao de Sarria pasan as parroquias do Hospital, San Pedro do Incio e Trascastro logo da creación do concello de Rendar —hoxe, O Incio—. - Do partido de Sarria ao de Lugo pasan as parroquias de Franqueán coa creación do concello do Corgo, e a de Ferroi —antes, Santa María de Moreiras— logo da creación do concello de Guntín. - Do partido de Sarria ao de Monforte pasa a parroquia de Sobreda logo da creación do concello de Piñeirón —hoxe, O Saviñao—. - Do partido de Sarria ao das Nogais pasan as parroquias de Covas, Laxes e Lebruxo logo da creación do concello de Neira de Xusá —hoxe, Baralla—. - Do partido de Sarria ao de Quiroga pasa a parroquia de Óutara logo da creación do concello da Pobra do Brollón. - Do partido de Taboada ao de Sarria pasa a parroquia de San Vicente de Gondrame logo da creación do concello do Páramo. - Do partido de Vilalba ao de Lugo pasa a parroquia de San Clodio de Aguiar logo da creación do concello de Outeiro de Rei.
Provincias de Lugo e Pontevedra
- Do partido de Lalín ao de Taboada pasa unha parte da parroquia de Ramil —repartida entre os concellos de Agolada e Palas de Rei—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Provincia de Ourense
- Do partido de Vilamartín ao da Pobra de Trives pasa unha parte da parroquia de Portomourisco —repartida entre os concellos de Larouco e Petín—.
- Do partido da Pobra de Trives ao de Vilamartín pasa unha parte da parroquia de Freixido —repartida entre os concellos de Larouco e Petín—.
- Do partido de Verín ao de Allariz pasa unha parte da parroquia da Alberguería —repartida entre os concellos de Laza e Vilar de Barrio—.
- Do partido da Pobra de Trives ao de Allariz pasa unha parte da parroquia das Chás —repartida entre os concellos de Maceda e Montederramo—.
- Do partido de Verín ao de Viana do Bolo pasa unha parte da parroquia de Parada da Serra —repartida entre os concellos da Gudiña e Castrelo do Val—.
- Do partido de Ourense ao de Allariz pasa unha parte das parroquias de Triós e Loña do Monte —repartidas a primeira entre os concellos de Esgos e O Pereiro de Aguiar, e a segunda entre Esgos e Nogueira de Ramuín—.
- Do partido do Carballiño ao de Ourense pasa unha parte da parroquia de Viña —repartida entre os concellos de Cea e Vilamarín—.

Fonte: Fariña Jamardo (1990). Elaboración propia.

Pouco despois da consolidación dos concellos, os cambios na planta xudicial seguíronse sucedendo ao longo do século XIX e XX (Táboa 4.2). Na provincia de Ourense producíronse a maior parte destas mudas. Boa parte dos cambios tiveron que ver co traspaso de concellos entre partidos, como foi o caso dos concellos da Arnoia e Castrelo de Miño, que pasaron do partido de Celanova ao de Ribadavia, ou do Bolo, que trocou Valdeorras por Viana do Bolo. No século pasado, os concellos que mudaron de partido semellaron facelo pola maior atracción que exercía sobre eles unha gran cidade: Ourense inclúe Esgos —do partido de Allariz— e Parada de Sil —do partido da Pobra de Trives— e Lugo suma Meira —do partido da Fonsagrada— e Rábade —do partido de Vilalba—.

Tamén foi habitual o traslado da capitalidade a outros lugares dentro do partido —o que implicou, como consecuencia, un cambio na súa denominación—, a saber: A Lama por Ponte Caldelas, As Nogais por Becerreá, Taboada por Chantada e Vilamartín polo Barco (Táboa 4.2). Respecto dos nomes dos partidos xudiciais, cómpre sinalar que o partido que ten por cabeceira o Barco é o único cuxa denominación, «Valdeorras», vai alén da súa capital. Algo semellante acontece co partido xudicial de «Tabeirós», que recibe esta denominación até os anos 1870 do século XIX, cando a súa cabeceira era xa desde ben cedo a vila da Estrada. Algúns cambios menores nos límites xudiciais tiveron que ver co traspaso de parroquias entre concellos de diferentes partidos.

Táboa 4.2. Mudas na división xudicial entre a aprobación do mapa municipal galego (1836-1840) e 1965

Provincia da Coruña
- 1954. O concello de Curtis pasa do partido de Arzúa ao de Betanzos.
Provincia de Lugo
- 1840. Traslado da capitalidade das Nogais a Becerreá, o que implica tamén un cambio na denominación do partido.
- 1840. Traslado da capitalidade de Taboada a Chantada, o que implica tamén un cambio na denominación do partido.
- 1925. O concello de Rábade —logo de segregarse de Begonte— pasa do partido de Vilalba ao de Lugo.
- 1956. O concello de Meira pasa do partido da Fonsagrada ao de Lugo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Provincia de Ourense
- 1843. Traslado da capitalidade de Vilamartín ao Barco. O partido pasa a denominarse *Valdeorras*. - 1845. As parroquias de Coedo e Torneiros pasan do concello da Merca ao de Allariz e, polo tanto, do partido de Celanova ao de Allariz. - 1863. A parroquia de Navío pasa do concello de Cenlle ao de San Amaro e, polo tanto, do partido de Ribadavia ao do Carballiño. - ? O concello do Bolo pasa do partido de Valdeorras ao de Viana do Bolo. - ? Os concellos da Arnoia e Castrelo de Miño pasan do partido Celanova ao de Ribadavia. - ? O partido de Señorín en Carballino pasa a denominarse *Carballino*. - ? O concello de Esgos pasa do partido de Allariz a Ourense. - 1946. O concello de Parada de Sil pasa do partido da Pobra de Trives ao de Ourense.
Provincia de Pontevedra
- 1845. Traslado da capitalidade da Lama a Ponte Caldelas, o que implica tamén un cambio na denominación do partido. - 1869. O partido de Tabeirós pasa a denominarse *Estrada*, se ben o xulgado xa viña funcionando nesta vila desde 1841. - 1870. Os lugares de Bugarín e Cuíña pasan do concello de Campo Lameiro ao de Cerdedo —hoxe, Cerdedo-Cotobade— e, polo tanto, do partido de Caldas de Reis ao da Estada. - 1960. O concello de Ponte Sampaio —logo de integrarse a Pontevedra— pasa do partido de Ponte Caldelas ao de Pontevedra.

Fonte: Fariña Jamardo (1990). Elaboración propia.

Durante as primeiras décadas de funcionamento dos partidos xudiciais, tamén se ensaiaron outras figuras intermedias entre estes e as provincias. Estas figuran foron designadas con distintos nomes: *subprefecto, gefe político subalterno, jefe de distrito, subdelegado subalterno, subdelegado de partido, subdelegado civil*, etc. Porén, ningunha destas demarcacións chegou a asentarse na trama político-administrativa, xa que as normas que as contemplaban tiveron escaso percorrido. En calquera caso, non se pode falar de que estes ámbitos se situasen a unha escala estritamente comarcal, no sentido que lle damos na actualidade.

O precedente inmediato destes ámbitos intermedios entre a provincia e o partido xudicial atopámolo na figura do «subprefecto», deseñado durante o reinado de Xosé I. A través dun decreto en abril de 1810 dividiuse o conxunto de España en 40 prefecturas e 111 subprefecturas (Melón Ruiz de Gordejuela, 1952; Burgueño Rivero, 2012). No caso de Galicia, contempláronse catro prefecturas e 12 subprefecturas, das que non se chegou a concretar o seu perímetro territorial. Á prefectura do «Tambre» —ou A Coruña— correspondían as subprefecturas de Corcubión, Santiago e A Coruña; á do «Alto Miño» —ou Lugo—, as de Mondoñedo, Viveiro e Lugo; á do «Sil» —ou Ourense—, as de Monforte, Monterrei e Ourense; e á do «Bajo Miño» —ou Vigo—, as de Pontevedra, Tui e Vigo (Barreiro Fernández, 1984; Chantada Acosta e Hernández Borge, 1985; González Mariñas, 1993). Porén, esta división non chegou a materializarse, xa que Galicia foi prontamente controlada polos contrario a Napoleón.

En 1813, xa coa Constitución de 1812 aprobada, o *Decreto do 23 de xuño de 1813* foi promulgado co obxectivo de instaurar a figura do «gefe político subalterno» nas capitais de partido de provincias «muy dilatadas o muy pobladas» (cap. 3 art. 3). O obxectivo era o de crear un instrumento —como medida excepcional— ao servizo do goberno que permitise reforzar a misión dos órganos superiores (Burgueño Rivero, 1996; Ferreira Fernández, 2000). Entre os seus cometidos estaban cuestións de orde pública, comunicación de ordes e servir de canle entre o mundo local e o xefe político superior. Porén, o complexo procedemento para o seu establecemento, que implicaba poñer de acordo o Goberno central, as Cortes e a Deputación Provincial respectiva, imposibilitou a súa implantación.

Pola súa banda, J. de Burgos, que fora subprefecto de Almería baixo a administración xosefina, tras ocupar o Ministerio de Fomento, aprobou o *Decreto do 30 de novembro de 1833* que consideraba a creación da figura do «subdelegado de partido» ou «subdelegado subalterno» (Burgueño Rivero, 1996, 2012). Habería un ou dos dous por provincias e só naquelas de «mayor extensión e importancia», o que descartaba aquelas de «corta población» ou nas que non houbese un «pueblo de bastante consideración para que le sirva de capital» (art. 3). O obxectivo desta figura, segundo a norma, era coñecer mellor as necesidades da xente e contribuír de xeito máis doado á resolución dos conflitos que se puidesen dar.

Anos despois, o ministro de Gobernación, P. de la Escosura, a través dun *Decreto do 2 de outubro de 1847*, fixou a figura do «subdelegado civil», que só implicaba un cambio de nome e que viña a desempeñar as mesmas funcións que a dos «subdelegados» anteriores. A norma consideraba 119 subdelegacións civís para o conxunto de España, das que oito eran as que correspondían a Galicia, a saber: Ferrol, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Noia, Ribadavia, Santiago de Compostela, Tui e Vigo. Porén, ao igual que acontecera con anterioridade con estas figuras, non se chegou a constituír ningunha subdelegación, xa que a norma foi suprimida aos poucos días (Nadal Piqué, 1987; Burgueño Rivero, 1996).

Finalmente, o sucesor do anterior á fronte do Ministerio de Gobernación, L. J. Sartorius, tamén estableceu, a través dunha *Real Orde do 1 de decembro de 1847*, a creación de 50 «jefes de distrito». No caso de Galicia, as xefaturas que se consideraron foron cinco: O Barco de Valdeorras, Ferrol, Monforte de Lemos, Santiago de Compostela e Vigo. No entanto, estes tamén tiveron un corto percorrido e a súa supresión foi decretada en setembro de 1849 (López Morán, 1994; Burgueño Rivero, 1996).


4.1.3 O período xudicial entre 1867 e 1965

Alén das pequenas mudas en varios partidos xudiciais que se foron sucedendo até a segunda metade do século XX, entre 1867 e 1872 aconteceu un cambio de grande envergadura que afectou a división xudicial de Galicia. A través dun *Decreto do 27 de xuño de 1867* eliminároнse oito partidos xudiciais, dous por provincia: Negreira e Pontedeume na da Coruña, Ribadeo e Vilalba na de Lugo, Allariz e Viana na de Ourense e Ponte Caldelas e Redondela na de Pontevedra. O resultado foi que o novo mapa formulado estaba composto por 39 partidos xudiciais (Figura 4.5).

Os concellos dos partidos suprimidos en 1867 foron repartidos entre as unidades veciñas, mais nalgúns casos non se agregaron á cabeceira xudicial máis próxima. Esta situación conduciu a que os novos partidos resultantes debuxasen ámbitos territoriais máis «forzados» para dar cabida aos novos concellos (Figura 4.5). Por exemplo, Carballo esténdese cara ao sur na procura do concello da Baña —no antigo partido de Negreira—; o mesmo acontece con Caldas de Reis, que incorpora ao seu termo xudicial o concello da Lama —do antigo partido de Ponte Caldelas—; Viveiro avanza cara ao interior para integrar Vilalba; ou, peculiar é o novo partido de Ourense, xa que o feito de sumar o concello de Xunqueira de Ambía leva a que «case» se cree un enclave.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.5. Partidos xudiciais de Galicia (1867-1872)




Fonte: *Decreto do 27 de xuño de 1867*. Elaboración propia.


Os partidos xudiciais suprimidos en 1867 foron repostos poucos anos despois, en 1872, a causa da forte contestación dos concellos dos partidos afectados e, especialmente, das súas vilas cabeceira (Fariña Jamardo, 1990). Ademais, as deputacións provinciais tamén se opuxeron á reestruturación xudicial. Con todo, a redución de partidos xudiciais no período 1867-1872 implicou que desde ese momento crecesen as propostas e os intentos por reducir o número de partidos xudiciais. Así, por exemplo, en 1875, só tres anos despois de volver ser repostos os partidos orixinais, presentouse un proxecto de división xudicial que pretendía reducir drasticamente o seu número a 16. Segundo Fariña Jamardo (1990) e González Mariñas (1994), a proposta era a seguinte: catro partidos xudiciais na provincia da Coruña —A Coruña, Ferrol, Muros e Santiago—, tres na de Lugo —Lugo, Mondoñedo e Monforte—, outros tres na de Pontevedra —Ponteareas, Pontevedra e Tabeirós— e seis na de Ourense —Celanova, Ourense cidade, Ourense, Trives, Xinzo e Viana—.

Cara ás décadas finais do século XIX tamén comezaron a aparecer propostas de reforma da administración local española en base á comarca, como foi o caso do proxecto presentado en 1884 por F. Romero Robledo, ministro da Gobernación con Cánovas. Esta é a única vez na historia da lexislación española —que teñamos constancia— que se vai apostar por establecer unha administración local de base comarcal para todo o Estado (Burgueño Rivero, 1996; Ferreira Fernández, 2000; Vilar Ramírez, 2004; García Rubio, 2007). Os perímetros comarcais recibirían o nome de *región* e o seu ámbito e a súa capital serían coincidentes cos partidos xudiciais. O propio proxecto de lei tamén determinaba que o seu órgano de goberno sería unha *Junta* formada por dez membros —elixidos polos concellos— e que asumiría parte das competencias das deputacións provinciais e dos propios concellos. Entre as súas competencias estarían: instrución primaria, cárceres de partido, servidumes e vías pecuarias, resolución de conflitos territoriais entre localidades e, de xeito principal, apoiar e auxiliar os concellos na prestación de servizos.

Na liña de redución dos ámbitos xudiciais, dous partidos, Negreira e Ponte Caldelas, foron novamente suprimidos en 1926. Durante o período de tempo en que deixaron de funcionar, os concellos do partido xudicial de Negreira foron incorporados ao de Santiago, mentres que os de Ponte Caldelas fixérono ao de Pontevedra. No entanto, ambos os dous, do mesmo xeito que no pasado, volveron ser restablecidos só cinco anos despois, en 1931, grazas á presión veciñal (Fariña Jamardo, 1990). Alén deste pequena muda, entre a segunda metade do século XIX e a primeira do XX foron saíndo á luz unha gran cantidade de mapas —a maior parte deles a nivel provincial— que representaban a división en 47 partidos xudiciais (Méndez Martínez, 2000). Un exemplo son os mapas editados por A. Martín e presentados, no caso das provincias galegas, en diferentes tiradas nas primeiras décadas do século XX (Figura 4.6).

Figura 4.6. Mapas dos partidos xudiciais das provinciais galegas a comezos do séc. XX editados por A. Martín





Fonte: BVD.

Neste contexto de análise sobre os partidos xudiciais, cómpre sinalar a aprobación en 1944 da *Ley de 19 de julio de 1944 de bases para la reforma de la Justicia Municipal*, que implicou a creación dos xulgados «municipales», «comarcales» e «de paz». Os primeiros, os xulgados municipais, contemplábanse nas capitais de provincia e nos concellos de máis de 20.000 habitantes. Pola súa banda, os comarcais procuraban agrupar aqueles concellos inferiores a esta cifra e, para a súa constitución, tivéronse en conta criterios como a densidade de poboación, a distancia, os medios de comunicación, a situación da capital ou o respecto polos límites provinciais e xudiciais. Non se fixaron uns limiares demográficos como no caso dos municipais, mais apuntábase a que se evitaría a creación dunha comarca de poboación moi reducida. Polo que respecta aos xulgados de paz, estes consideráronse nos concellos que integraban a «comarca» e cuxa cabeceira non asumía o xulgado comarcal.

En harmonía coa lei anterior, a través da *Orden del Ministerio de Justicia de 24 de marzo de 1945*, establecéronse os xulgados municipais, comarcais e de paz para o conxunto do Estado. No caso de Galicia, foron creados 16 xulgados municipais, 115 comarcais e 194 de paz (Ferreira Fernández, 2000; López Mira, 2000) (Figura 4.7). Sen ter en conta os xulgados de paz pois os seus perímetros corresponden estritamente coas divisións municipais, podemos falar dunha rede «comarcal» formada por 128 ámbitos como resultado da suma dos xulgados de tipo comarcal e municipal —o concello da Coruña conta con dous xulgados municipais e Vigo con tres, polo que de xeito global estes concellos considerámolos como un só perímetro—.

As «comarcas xudiciais» coinciden *grosso modo* cun territorio inferior ao dos partidos xudiciais. Neste sentido, podemos establecer unha relación entre estas unidades e os perímetros municipais, no sentido de que un bo numero destes ámbitos comarcais abranguen entre un e dous concellos. Só na parte oriental das provincias de Lugo e Ourense podemos considerar que os xulgados comarcais corresponden con ámbitos de escala máis semellante á comarcal. As comarcas xudiciais de «Quiroga», «Ribadeo» e «Viana» son as únicas que respectan a

integridade dos partidos xudiciais e só nalgúns outros casos puntuais, tales como «Maceda», «Mondoñedo» ou «Puebla de Trives», podemos falar de «verdadeiros» ámbitos de escala comarcal no sentido que lle concedemos habitualmente a este termo.

Figura 4.7. Xulgados municipais e comarcais (1945)



Fonte: *Orden del Ministerio de Justicia de 24 de marzo de 1945*. Elaboración propia.

A estrutura territorial dos xulgados comarcais —e municipais— foi mudando ao longo do século XX. En 1974, a través da *Ley 42/1974, de 28 de noviembre, de bases, orgánica de la justicia*, pasáronse a considerar os «juzgados comarcales» como «juzgados de distrito». Nesta norma non se sinalan novas demarcacións nin criterios específicos, alén de que debían coincidir co «territorio de uno o varios municipios, y radicarán en las poblaciones que se señalen» (Base 7ª.10 *Ley 42/1974*). Uns anos despois, o *Decreto 2104/1977* veu reafirmar a consideración dos xulgados comarcais como xulgados de distrito e a fixar as disposicións xerais e o xeito de proceder destes ámbitos. No plano territorial simplemente se volveu incidir en que exercerían a súa xurisdición no territorio dun ou varios concellos. Porén, o decreto anterior foi derrogado pola *Ley Orgánica 6/1985, de 1 de*

julio, del poder judicial, que determinou que os xulgados de distrito se transformasen en xulgados de primeira instancia e instrución ou en xulgados de paz (DT 3ª *Ley 6/1985*).

De volta aos partidos xudiciais, como xa sinalamos con anterioridade, o mapa decretado en 1834 mantense, en esencia, até 1965 (Capel Sáez, 1968; Fariña Jamardo, 1990; Burgueño Rivero, 1996) (Figura 4.8). Unicamente producíronse pequenos cambios vencellados á adscrición dalgún concello, ao intercambio de parroquiais entre estes ou ao traslado de cabeceiras xudiciais. E, de xeito excepcional, a demarcación xudicial só tivo que soportar as breves reducións que afectaron o número de partidos de 1867-1872 —que levou á supresión de oito ámbitos xudiciais: Allariz, Negreira, Ponte Caldelas, Pontedeume, Redondela, Ribadeo, Viana do Bolo e Vilalba— e de 1926-1931 —o que implicou a supresión de dous partidos xudiciais: Negreira e Ponte Caldelas—. Así, os 47 partidos xudiciais deseñados nas primeiras décadas do século XIX conseguen perdurar até 1965, o que leva a que acaden unha vixencia de 130 anos. En 1965, como veremos deseguido, deuse unha redución do número de partidos xudiciais que, esta vez si, veu, en parte a instalarse.

Figura 4.8. Situación dos partidos xudiciais de Galicia antes da reforma de 1965



Fonte: Fariña Jamardo (1990). Elaboración propia.

4.1.4 Os partidos xudiciais de 1965 á actualidade

En 1965, a través do *Decreto 3388/1965, de 11 de noviembre, por el que se modifica la demarcación judicial*, rachouse co mapa de partidos xudiciais que viña funcionando desde 1834. Considerouse que as dificultades nas vías de comunicación e a escaseza e lentitude dos medios de transporte, que estiveran detrás da proliferación dos partidos xudiciais como argumento para achegar a xustiza á cidadanía, estaban xa superadas (Capel Saéz, 1968). Ademais, o traballo exiguo de moitos xulgados e a circunstancia de moitas cabeceiras se viren afectadas polo declive demográfico e a perda de vitalidade económica, comercial e industrial foron razóns usadas na reestruturación da planta xudicial.


Segundo o Decreto 3388/1965, debíanse suprimir aqueles partidos xudiciais menos dinámicos. Así, agregaríanse a outras cabeceiras «aquellos territorios que por su escasa actividad y buenas vías de comunicación resulta aconsejable fusionar». Porén, cando non fose posible agregar o territorio dun partido xudicial a outro anexo, sinálase que «se ha fusionado dos o más partidos judiciales conservándose la capitalidad en uno de ellos, destacado de los restantes por su mayor población, más trabajo, mejores vías de comunicación, desarrollo económico u otras circunstancias que puedan eludir suspicacias locales». A norma tamén recoñecía a existencia dalgúns partidos que poderían ser suprimidos pero que se mantiñen pola súa situación xeográfica «en un extremo de la provincia (…) con largo o duro recorrido hasta la capital o cabeza de otros, y el obligado respeto a los límites provinciales, ha motivado el que (…) subsistan con su anterior extensión».

A aplicación do Decreto 3388/1965 levou á supresión en Galicia de 20 partidos xudiciais. Isto deu como resultado unha redución moito máis drástica que a dos períodos anteriores: 1867-1872 e 1926-1931 (Fariña Jamardo, 1990). Na provincia da Coruña, desapareceron os partidos xudiciais de Arzúa, Muros, Negreira, Ordes, Ortigueira, Padrón e Pontedeume. En Lugo, eliminánronse os de Becerreá, Quiroga, Ribadeo, Sarria e Viveiro. No caso de Ourense, as divisións xudiciais que se descartaron foron as de Allariz, Celanova, Viana do Bolo e Xinzo de Limia. E, na de Pontevedra fórono as da Cañiza, Caldas de Reis, Ponte Caldelas e Redondela. O resultado deveu nun mapa formado por 27 partidos xudiciais (Figura 4.9). Os novos ámbitos xudiciais, especialmente os nucleados polas principais cidades galegas, foron os que máis incrementaron a súa superficie, como acontece en Lugo, Ourense ou Santiago. Unicamente mantéñense completamente estables en relación coa división anterior á aplicación deste decreto 11 partidos xudiciais.

A forte redución de partidos xudiciais acontecida en 1965 percibiuse como negativa, non só polos retrasos e dificultades que supuxo no funcionamento do servizo de xustiza e no aumento dos tempos de desprazamento, senón tamén a causa do golpe que implicou para a vitalidade e economía de moitas vilas que desenvolveran as súas actividades terciarias vencelladas aos xulgados (González Mariñas, 1974; Cores Trasmonte, 1981; Rodríguez González, 1996, 1997a). Segundo González Mariñas (1974: 58), esta reforma xudicial foi rexeitada de xeito contundente pola poboación: «la reforma de 1965 acabó siendo por completo impopular, sin que llegase nunca a contar con la plena aceptación del pueblo gallego, que sigue llamando partido y considerando cabecera a las villas que tradicionalmente lo fueron».

A división en partidos xudiciais aprobada a mediados dos anos 1960 estivo vixente até 1988. Durante estes algo máis de 20 anos, o único cambio significativo no que atinxe a demarcación xudicial tivo que ver coa creación dun novo partido xudicial en 1982 (Fariña Jamardo, 1990). A través da *Ley 12/1982, de 31 de marzo, por la que se crean nuevos juzgados de primeira instancia e instrucción y distrito*, constituíuse en Galicia o partido xudicial de «Villagarcía de Arosa», que integraba 11 concellos dos partidos xudiciais de Cambados e Pontevedra.

Figura 4.9. Partidos xudiciais de Galicia (1965-1988)



Fonte: *Decreto 3388/1965, de 11 de noviembre, por el que se modifica la demarcación judicial*. Elaboración propia.

En 1988, a promulgación da *Ley 38/1988, de 28 de diciembre, de demarcación y de planta judicial*, vixente na actualidade, implicou a reformulación da división xudicial a través da creación de novos partidos. No punto IV do preámbulo, relaciónanse algúns dos criterios que de modo xeral se debían seguir na demarcación dos perímetros xudiciais: respecto polos límites municipais —a modificación nos límites dos concellos implica a adaptación automática da división xudicial á nova delimitación—, unha «configuración circular», un mínimo «deseable» de 50.000 habitantes, unha superficie media de entre 700 e 1.000 km² e un máximo 15 km de distancia desde calquera punto da demarcación xudicial á cabeceira de partido. A mellora das comunicacións e das condicións de vida e o incremento da poboación urbana e decrecemento da rural conduciu a que moitos dos partidos xudiciais «novos» fosen nas zonas costeiras onde o seu número se mantivo baixo en relación coa división histórica (López Trigal, 1989; Burgueño Rivero, 1996).

A *Ley 38/1988* achega unha relación dos partidos xudiciais por provincia. A norma indica os concellos que forman parte de cada ámbito xudicial, pero evita sinalar unha cabeceira e mesmo a denominación do conxunto do partido. Neste sentido, o art. 4.4. expresa que deben ser as comunidades autónomas as competentes para determinar a capitalidade dos partidos xudiciais e, á súa vez, o seu nome —como consecuencia de identificar o concello que pasa a asumir a capitalidade—. O feito de que o Estado non se pronunciase sobre a capitalidade dos partidos xudiciais ou que a Xunta de Galicia se demorase o máximo posible nesta cuestión, ten que ver, segundo Fariña Jamardo (1990) ou López Mira (2000), co «medo» a pronunciarse en ámbitos territoriais onde a cabeceira estaba a ser discutida a nivel local, tales como Arzúa/Melide, A Cañiza/Ponteareas ou Castro Caldelas/A Pobra de Trives/Viana do Bolo.

En calquera caso, a lei de 1988 supuxo unha volta, aínda que non na súa totalidade, á división de 1834, xa que implicou o establecemento de 45 demarcacións xudiciais en Galicia (Figura 4.10). Porén, as «novas» divisións xudiciais, que son as que se manteñen vixentes na actualidade, non son exactamente as mesmas en relación coa división xudicial histórica. Por unha banda, deixaron de existir de maneira definitiva os partidos xudiciais de Allariz, A Cañiza, Ponte Caldelas, Pontedeume, Quiroga, Ribadeo e Viana do Bolo, mentres que, por outra, xurdiron os de Cangas, Marín, O Porriño, Ribeira e Vilagarcía de Arousa —se ben este último, como xa apuntamos, tiña personalidade propia desde 1982—. Todos os «novos» partidos localízanse na área das Rías Baixas, que xa nos anos 1980 rexistraba altos niveis de crecemento demográfico e económico. Pola contra, no interior, é onde se emprazaban os partidos xudiciais suprimidos.

Durante estes máis de 30 anos de vixencia do mapa xudicial instaurado en 1988 houbo varios intentos por parte da administración autonómica para introducir cambios. Segundo López Mira (2000), a Xunta de Galicia arelaba traer de volta os partidos xudiciais de 1834 que foran suprimidos. Porén, o Tribunal Constitucional, na Sentenza 62/1990, do 30 de marzo, determinou que a planta xudicial era competencia do Estado e que ás comunidade autónomas só lles correspondía participar, entre outras, no establecemento das cabeceiras xudiciais. Esa sentenza aseguraba que «las Comunidades Autónomas asuman competencias participativas en la organización de las demarcaciones judiciales, pero no, como ya se ha visto, en el establecimiento de la planta judicial, que en todo caso es competencia exclusiva del Estado» (STC 62/1990: FJ 7º).

Desde o mundo académico, na segunda metade do século XX, danse a coñecer varias propostas que conciben o partido xudicial como un ámbito axeitado sobre o que organizar a administración local do conxunto do Estado. Una destas propostas máis significativas foi presentada polo maxistrado De la Huerga Fidalgo. N'*O goberno da Galicia rural: institucións* (1975), achega un modelo institucional e de goberno para o rural galego, mais di que se pode extrapolar ao conxunto de Galicia. Propón a adopción de tres niveis político-administrativos: o *concello rural* ou *urbán* —uns 2.000 dos primeiros e 120 dos últimos, que estarían formados por entre unha e tres parroquias en función do volume demográfico—, o *distrito* —ámbitos intermedios entre os concellos e a rexión— e a *rexión* —que equivalería ao conxunto de Galicia— (De la Huerga Fidalgo, 1975).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.10. Partidos xudiciais actuais de Galicia (1988-)



Fonte: *Ley 38/1988, de 28 de diciembre, de demarcación y de planta judicial*. Elaboración propia.

O feito de que De la Huerga Fidalgo pertenza ao campo do Dereito pode ser unha razón detrás da reivindicación do partido xudicial como perímetro territorial dos *distritos*. Considera que os partidos xudiciais son o nivel que mellor encaixa coa realidade territorial galega no sentido de que tende a coincidir coas «comarcas». En efecto, considéraos a «única entidade adeministrativa oficial que foi feita cun certo axeitamento ao país. (…) É unha unidade que abrangue unha zona coincidente máis ou menos con comarcas naturáis» (De la Huerga Fidalgo, 1975: 427). Os partidos xudiciais son presentados como entidades que non son nin grandes de máis para a solución dos problemas cotiáns —como acontece coa provincia—, nin tampouco demasiado pequenos para acadaren certa entidade —como sucede co concello—. Así, en relación coas divisións municipal e provincial, coida que o nivel comarcal é o ámbito axeitado que «recolle as ventaxas de ambos e escude os seus serios incomenentes» até o punto de que, segundo o autor, «faría innecesaria a eisistenza deles» (De la Huerga Fidalgo, 1975: 427).

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Porén, De la Huerga Fidalgo (1975) non procura respectar a división xudicial nin vixente —a do período 1965-1988— nin anterior e, aínda que non achega un mapa no que se concreten as distintas unidades, considera que o número de entes intermedios máis apropiado situaríase ao redor de 20. Isto suporía, segundo o autor, «dar ao partido unha estensión doble da que tivo tradicionalmente» (De la Huerga Fidalgo, 1975: 427). Ademais, coida que o distrito debería ter un nome propio diferente ao da súa cabeceira para evitar sentimentos de desarraigo nas restantes entidades. Convídase, nese sentido, a tomar o nome da comarca ou comarcas abranguidas. Os distritos están chamados a asumiren competencias de diversa índole e, para o correcto desenvolvemento dos seus cometidos, o maxistrado propón unha serie de institucións propias que actuarían con plena autonomía e independencia, a saber: un *xefe político* con funcións directivas, unha *asambrea distrital* con representantes de todos os concellos e uns *delegados administrativos* con funcións técnicas e que representen a todos os servizos administrativos. De la Huerga Fidalgo viría a perfeccionar o seu modelo uns anos máis tarde —como veremos no apartado 4.5.2—, mais coa particularidade de que desbota calquera vencello dos ámbitos comarcais propostos coa división en partidos xudiciais.

Alén desta proposta, desde o ámbito académico hai un consenso xeneralizado en que os partidos xudiciais viñeron reforzar o carácter comarcal de Galicia achegando unidade, puxanza e, especialmente, uns límites definidos á realidade social, económica e mesmo psicolóxica de escala supramunicipal que con carácter funcional estaba operando no territorio. Esta tese é defendida por numerosos académicos como González Mariñas (1974, 1994), Castro López (1989), López Morán (1994, 1997), Burgueño Rivero (1995), Rodríguez González (1996, 1997a, 1999, 2011), Ferreira Fernández (2000), Lois González (2004) ou González Mariñas e López Mira (2004), que avogan pola relación clara e incuestionable entre os partidos xudiciais decimonónicos e as comarcas galegas:

> As necesidades funcionais foron configurando unhas unidades comarcais, baseadas na división xudicial. (…) Resultaron na práctica unhas comarcas, carentes de poder administrativo directo, pero depositarias de funcións secundarias. Esta comarcalización aparece reforzada polo feito de que practicamente se manteñen idénticas ó longo de todo o século XIX e XX, tanto no tocante ós seus territorios, coma ás súas cabeceiras (López Morán, 1994: 62).
>
> Os tradicionais 47 partidos xudiciais galegos, consolidados por unha xa longa tradición, viñeron cumprindo dende entón un papel esencial, articulando durante século e medio a vida galega arredor das vilas cabeceira do partido e dándolles pulo e unidade de acción ás comarcas que, delimitadas con mellor ou peor acerto, viñeron constituíndo a armazón fundamental de Galicia (González Mariñas, 1994: 125).
>
> A transcendencia xeográfica desta división é significativa. Por unha parte, xerou unha base estable para a posterior estruturación funcional a escala comarcal. Por outra, a designación dunha vila como cabeceira de partido reforzou a súa centralidade e papel *articulador* do espazo circundante. (…) Pode considerarse, neste senso, que a configuración comarcal e a rede de lugares centrais (…) xorde dun modo organizado coa división de partidos (Rodríguez González, 2011: 73).

Parte do forte vencello entre comarca e partido xudicial ten que ver con que estes últimos, que foron creados nun primeiro momento con fins xudiciais, rapidamente foron asumindo outras funcións que contribuíron a reforzar as cabeceiras de comarca. López Morán (1994, 1997) achega unha listaxe detallada de cales son os servizos que se crean parellos ao establecemento da sede xudicial. Por unha banda, están unha serie de actividades que funcionan

de xeito próximo ao xulgado ou como administración periférica do Estado, tales como notaría, rexistro da propiedade, comandancias militares e garda civil, avogados e procuradores, administradores e recadadores de impostos, rexistro de alfándegas nas zonas marítimas e fronteirizas, etc. E, por outra, unha relación de servizos que foron aparecendo ou consolidándose: comercio de bens e servizos, mercados e feiras semanais e mensuais, fondas e hostalarías, escolas e institutos, centros de saúde especializados e farmacias, estacións ferroviarias, correos e telégrafos, liceos e casinos, prensa local, etc.

A relación entre comarca e partido xudicial non só foi percibida en Galicia, senón que Burgueño Rivero (2003) ou Oliveras Samitier (2007) consideran que en Cataluña os partidos xudiciais tamén tiveron unha grande transcendencia no deseño do mapa comarcal. Así, Oliveras Samitier (2007) observa que 35 das 38 comarcas que aproba a Generalitat de Cataluña en 1936 tiñan como capital unha cabeceira de partido xudicial e, no que respecta aos seus límites, estes tamén coincidían *grosso modo* cos lindes xudiciais. Para este xeógrafo, esta situación deriva de que os partidos xudiciais viñan marcando desde facía anos as relacións no territorio. Tamén Burgueño Rivero (2003) asume os partidos xudiciais de 1834 condicionaron máis a división comarcal de 1936 que calquera outro antecedente.

4.2 As comarcas durante a Segunda República

Durante todo o século XIX e a maior parte do XX a falla de recoñecemento administrativo da comarca, agás en Cataluña durante o segundo período republicano, levou a que só atopase subterfuxio a través de fórmulas de agrupación de concellos para a prestación conxunta duns determinados servizos (Martín Mateo, 1964, 1984; Ferreira Fernández, 2000; Orduña Rebollo, 2003). Estas agrupacións operaron baixo distintas modalidades e denominacións como *asociacións*, *comunidades*, *irmandades*, *unións* ou, de xeito máis frecuente, *mancomunidades*. Entre os proxectos máis coñecidos, que foron presentados durante o período constitucional de Afonso XIII (1902-1923) e a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), podemos destacar os de Calvo Sotelo, Maura, Moret, o conde de Romanones ou Sánchez de Toca. Segundo Ferreira Fernández (2000), a consideración de que o espazo comarcal puidese resultar máis axeitado para a prestación e desempeño de servizos encomendados aos concellos e ás deputacións provinciais comportou un avance dentro da singularidade local.

Alén destas fórmulas de cooperación municipal que non son obxecto de estudo nesta investigación, a Segunda República (1931-1936) supuxo, en relación con épocas anteriores, un maior desenvolvemento da cuestión comarcal. Tras a proclamación republicana o 14 de abril de 1931 e a aprobación da Constitución o 9 de decembro dese mesmo ano, abriuse o camiño para que as rexións puidesen acceder a un réxime de autonomía. A Constitución republicana unicamente contemplaba os concellos, as provincias e as rexións como niveis político-administrativos para o conxunto do Estado, pero permitía que as rexións que accedesen á autonomía puidesen asumir competencias en materia de administración local. Para Entrena Cuesta (1984) esta vía autorizaría a abordar o tema comarcal desde o punto de vista xurídico.

En Galicia, comezouse axiña a traballar a prol dun estatuto de autonomía, o que implicou que saísen á luz varios proxectos que, entre outras cuestións, asumían a cuestión comarcal. O primeiro texto coñecido, o *Anteproyeito de Estatuto de Galiza*, foi presentado o 6 de maio de 1931 polo Seminario de Estudos Galegos —SEG— e con relatores de renome como Bóveda, Carvalho Calero, Paz Andrade, Risco ou Tobío (García Cotarelo et al., 1986). Sobre a cuestión da organización territorial de Galicia, o proxecto non discutía a división en concellos e provincias e só prevía as parroquias —ou agrupación destas— para o rural (art. 31). É significativo que, malia a vinculación fondamente galeguista dos relatores e do propio SEG

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

—véxase o capítulo 6—, non se formula a posible adopción de unidades de escala comarcal en Galicia e nin sequera se aposta pola supresión das deputacións provinciais.

O primeiro documento de carácter estatutario coñecido que fai alusión á comarca é *Al País Gallego: aportación al estudio de su futuro Estatuto regional*, publicado o 30 de maio de 1931 polo Secretariado de Galicia en Madrid —con posterioridade, o documento foi reimpreso en Santiago de Compostela baixo o nome de *Bases para un proyecto de Estatuto Gallego*—. O Secretariado de Galicia en Madrid foi unha asociación —a modo de *lobby*— formada por distintos profesionais, tales como avogados, profesores, xornalistas e outros intelectuais galegos residentes en Madrid que se xuntaron co obxectivo de xestionar preto dos órganos da Administración Central asuntos para o interese de Galicia (García Cotarelo et al., 1986; González Mariñas, 1994). O proxecto de estatuto, que leva a sinatura de nove persoas, entre as que destacaba o seu presidente, R. Sanz López, podemos consideralo como máis tímido que o presentado polo SEG, mais aposta de xeito claro pola comarcalización de Galicia. Para Ferreira Fernández (2000) resulta peculiar que o primeiro texto estatutario que trata a cuestión comarcal sexa o menos galeguista de todos eles. Os puntos que inclúen a comarca son os seguintes:

> Entendemos que las cuatro provincias deben quedar sin gobierno propio y que su territorio o el de las comarcas que el Poder Regional determine administrativamente debe ser gobernado mediante adecuadas delegaciones de aquel.
>
> El Poder Regional podrá y deberá reconocer personalidad y organización oficial a comarcas o uniones de comarcas que lo soliciten para ejecutar un servicio público determinado con hacienda y régimen propios.

Porén, do proxecto presentado polo Secretariado non resulta doado extraer unha interpretación clara sobre a natureza da comarca e as súas funcións (Vilas Nogueira, 1993). No apartado III, que fixa en primeiro termo a supresión das deputacións provinciais, dubídase entre que sexan ámbitos de escala provincial ou comarcal os que operen para a xestión de competencias delegadas da rexión. A continuación, explícase que esta circunstancia non impide no futuro que o poder rexional non só poida, senón que deba, recoñecer a comarca —ou unión destas— dotada de personalidade xurídica e con competencias e recursos propios, o que apunta á creación dun ente local. No entanto, esta posibilidade semella desaparecer ao precisar que o recoñecemento da súa personalidade sería para a xestión dun único servizo. Sobre esta cuestión, pregúntanse González Mariñas (1994) ou López Mira (2000) que sentido ten recoñecer a comarca como ente local se só sería para dar resposta a un servizo concreto.

Outro texto estatutario desta época, mais do que non se achegan cuestións de índole comarcal, é o *Proxecto de Estatuto galego*, que ten a súa razón de ser nunha Asemblea reunida na Coruña o 4 de xuño de 1931 e na que participan amplos sectores da opinión galega. Esta Asemblea foi, á súa vez, convocada pola Federación Republicana Gallega —FRG—, unha plataforma creada en marzo de 1930 na que estaban integradas distintas forzas republicanas e entre as que destacaba a Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA)—. En orixe, a FRG-ORGA foi galeguista, mais logo virou cara a posicións máis republicanas e autonomistas (Villares Paz, 1984; Beramendi González e Núñez Seixas, 1995). Nesta Asemblea celebrada na Coruña, ademais dos textos do Seminario e do Secretariado, así como do emanado da propia Asemblea, tamén se presentaron unhas *Bases para un anteproxecto de Estatuto político de Galicia* elaboradas polo Instituto de Estudios Gallegos, sen que en ningún dos puntos se fixese alusión á organización territorial de Galicia.

Neste clima de efervescencia estatutaria, o 28 de xuño de 1931 celebráronse en España eleccións constituíntes. Os deputados galegos de distintos partidos políticos electos por Galicia

decidiron rexeitar o texto da Asemblea da Coruña e redactar un novo. Así, o 15 de outubro dese ano presentouse o *Estatuto de la Región gallega autónoma: Anteproyecto de los parlamentarios gallegos*, exposto como un texto de compromiso que non tocaba ningún punto que puidese ser considerado polémico (García Cotarelo et al., 1986). Talvez o feito de eludir cuestións controvertidas pode estar detrás de que non se achegase ningunha mención á comarca. Unicamente o art. 9 do proxecto semella deixar a porta aberta á cuestión comarcal, xa que sinala que corresponde a Galicia a lexislación da súa «división territorial sin mengua de la autonomía de los municipios».

Logo dun estancamento, o debate sobre o estatuto de autonomía de Galicia reiniciouse en abril de 1932. O concello de Santiago de Compostela tomou a iniciativa de se dirixir aos demais concellos galegos co fin de acadar un texto estatutario que reunise consenso e aceptación. Dos 319 concellos do momento, 243 mostráronse a favor da autonomía e manifestaron a súa adhesión a unha Asamblea Regional de Ayuntamientos. A primeira xuntanza da Asamblea data do 3 de xullo de 1932 e nela abordouse o nomeamento dunha comisión para a redacción do proxecto que integrada por dez relatores, entre os que podemos destacar a Bóveda, Cabeza de León, Lugrís Freire ou Montero Díaz. Esta comisión presentou o seu *Anteproyecto de Estatuto* o 4 de setembro dese ano (García Cotarelo et al., 1986). No que respecta á cuestión comarcal, só se falaba de maneira superflua no art. 2 para sinalar que se podería agregar ao territorio galego calquera *comarca* —ou *municipio*— limítrofe de características históricas, culturais e económicas semellantes.

A presentación ao público do proxecto de estatuto levou a que se formulasen varias emendas, algunhas en relación co tema comarcal (García Cotarelo et al., 1986). Unha das emendas que facía alusión á cuestión comarcal, presentada por R. Ferreiro Lago —notario do Carballiño—, procuraba significativamente que o ámbito da rexión galega fose «el de las distintas comarcas que, con peculiares características, integran su territorio», o que subvertía a definición de Galicia como suma de catro provincias, de xeito que asociaba comarca co celme do país. Outra das emendas pretendía que se partise «da parroquia autónoma con facultade para federarse en Concellos autónomos e estes en comarcas, tamén autónomas, culmine na Rexión». Porén, a comisión redactora nomeada pola Asamblea Regional de Ayuntamientos refutou ambas as dúas emendas ao entender que non se tiña que prexulgar a división local de Galicia (García Cotarelo et al., 1986). Argumentaban que a cuestión comarcal debía ser obxecto dunha futura lei rexional e que na vontade do Estatuto só era a de resolver os principios xerais.

Logo da incorporación doutras emendas aceptadas referentes a outros temas, curiosamente a comisión redactora decidiu cambiar a redacción do art. 2, o que levou á supresión do termo *comarca* e unicamente se pasou a considerar o de *municipio* (Vilas Nogueira, 1977). Desta maneira, suprimiuse a única alusión ao concepto de *comarca* que se conservaba no Estatuto. O texto definitivo foi sometido á deliberación da Asamblea Regional de Ayuntamientos, que lle deu o visto-e-prace nas sesións do 17, 18 e 19 de decembro de 1932. Porén, no *Estatuto de Galicia* que finalmente se admite, pese aos poucos cambios que se introducen respecto da versión orixinal, un deles ten que ver coa desaparición tamén no art. 2 do termo municipio. Así, tanto comarca como municipio foron substituídos por *territorio*, nun intento, quizais, por dotar o texto de maior ambigüidade.

Os seguintes pasos do Estatuto eran a celebración dun referendo e, no caso de aprobarse, a súa posterior ratificación polas Cortes españolas. Con todo, nas eleccións xerais de novembro de 1933 gañou a dereita e o PG, o principal valedor da norma estatutaria, non acadou representación nas Cortes, o que implicou que o proceso se tivese que aprazar *sine die* (Beramendi González e Núñez Seixas, 1995). Houbo que esperar aos comicios de febreiro de 1936 para que, tras o vitoria da Fronte Popular e a volta do PG ás Cortes con tres deputados, se

referendase e aprobase o estatuto de autonomía para Galicia o 28 de xuño cunha inmensa —mais controvertida— maioría a favor. Porén, o golpe militar de xullo dese ano impediu que entrase en vigor e o texto quedou paralizado. De xeito simbólico, foi aprobado polas Cortes da Segunda República no exilio en 1945.

Desde o mundo académico, varios estudosos como Vilas Nogueira (1977, 1993), González Mariñas (1994), López Mira (1998, 2000) ou Ferreira Fernández (1999, 2000) veñen confirmar a escasa consideración da comarca nos proxectos de estatuto de autonomía para Galicia que se presentaron durante este período republicano. En palabras de Ferreira Fernández (1999: 86), «los diferentes proyectos estatutarios planteados durante la II República se moverán, al igual que ocurre con las propuestas doctrinales, entre la imprecisión técnica y la ambigüedad conceptual, ocupando el nivel comarcal un lugar de escasa relevancia».

Alén do debate estatutario de Galicia, nas Cortes Constituíntes (1931-1933) da Segunda República foron varias as voces, especialmente de nacionalistas galegos e cataláns, que se manifestaron de xeito explícito e en reiteradas ocasións en defensa da cuestión comarcal. Así, desde o nacionalismo catalán apoiábase a suficiencia das rexións para determinar a súa división interna e, polo tanto, a capacidade para establecer a comarca como «régimen más natural que en Cataluña ha subsistido siempre, a pesar de la organización de provincia, (…) dándole unas funciones más o menos amplias, puramente administrativas y económicas» (J. Lluhí Vallescá —Esquerra Republicana de Catalunya (ERC)—, DSCCRE 1/7/1932).

Do lago galego, a defensa da cuestión comarcal veu alentada polos deputados máis galeguistas. Dos tres deputados que se integraron no Partido Galeguista —PG— logo da súa creación: A. Castelao —que fora elixido como galeguista independente—, R. Suárez Picallo —que o fora pola FRG-ORGA— e R. Otero Pedrayo —que estaba no Partido Nazonalista Repubricán d'Ourense —PNRO—. Foi este último, quizais polo seu mellor coñecemento da realidade xeográfica galega —véxase o apartado 6.3—, quen destacou especialmente na defensa do ámbito comarcal como alternativa á provincia. En setembro de 1931 pronunciábase nas Cortes Españolas do seguinte xeito:

> Ya que hemos llegado a este momento en que flota en el ambiente de esta Cámara una franca y radical hostilidad contra ese feo término de provincia, ¿por qué no desaparece de todos esos artículos la palabra provincia, que no tiene realidad ninguna, que representa un sentimiento de centralización y unificación? (…)
>
> Yo pido, Sres. Diputados, que esta palabra provincia sea siempre substituida por región, por comarca, en fin, por todas esas unidades que son realmente las que viven eternamente en la Historia. (…) Por estética, incluso, pido que desaparezca la palabra provincia de todos aquellos títulos y artículos de la Constitución en los cuales figura, porque esta palabra (…) ha degenerado en formal tal, que viene a representar algo tan profundamente desagradable, que por eso yo expreso esta opinión (R. Otero Pedrayo —PNRO/PG—, DSCCRE 23/9/1931).

Durante os anos da Segunda República, o groso do debate parlamentario sobre o tema comarcal estivo marcado polo proxecto de Reforma Agraria. Neste sentido, o propio presidente da República, N. Alcalá Zamora, entendía que o problema abranguía intereses amplos aos que os ámbitos municipais non daban respondido de xeito óptimo, polo que propoñía que as medidas se levasen a cabo a escala de *comarca* ou *distrito* (N. Alcalá Zamora —Derecha Liberal Republicana, DLR—, DSCCRE 25/8/1931).

Desde a bancada nacionalista galega, se ben se manifestan a favor dunha reforma que modernizase o campo galego en base á comarca, rexeitaban o proxecto tal e como estaba

formulado, xa que entendían que sería prexudicial ao non recoller as particularidades agrícolas e humanas de Galicia nin as diferenzas internas entre comarcas dentro do territorio galego (Beramendi González, 2001). O certo é que a Reforma Agraria que se propuña estaba fondamente baseada nas terras de latifundio do sur de España. Os galeguistas demandaban ás Cortes que declarasen que a lei non abranguía o réxime agrario galego e, deste forma, que fose o futuro goberno galego o que tomase decisións ao respecto.

Neste sentido, para sinalar a diversidade territorial de España, algo que non recoñecía o proxecto de Reforma Agraria, R. Otero Pedrayo apoiouse na realidade galega. Explicaba que, en Galicia, a compartimentación, matización e complexidade do relevo debuxaban «por lo menos, tres tipos diferentes de comarca, en cada uno de los cuales el problema agrario, como cualquiera otro problema humano, se presenta con condiciones bastante diferentes» (R. Otero Pedrayo ―PNRO/PG―, DSCCRE 18/5/1932). Así, dentro da propia Galicia producíanse distintas condicións de vida na agricultura. Dunha banda, entre aquelas comarcas de litoral caracterizadas por un hábitat e poboación densos, cultivo intensivo e gran división da propiedade desde moi antigo. E, doutra banda, as comarcas de montaña, que contaban con núcleos máis distantes e disposición de grandes extensións para o aproveitamento agrícola. Estas mesmas apreciacións tamén foron defendidas por outros deputados galegos como R. Suárez Picallo ―FRG-ORGA/PG― ou J. Maquere Santos ―PSOE―.

Nas Cortes republicanas, o tema comarcal tamén aflorou dentro do debate sobre o proxecto de Constitución da man do deputado leonés F. Gordón Ordás, do Partido Republicano Radical Socialista ―PRRS―, a colación, segundo el, da «necesidad de una organización nacional de la economía». Así, para a correcta ordenación da produción económica propuña a «constitución de comarcas naturales, (…) en sustitución de la Provincia, que es falsa, y del Municipio, que también es falso» (F. Gordón Ordás ―PRRS―, DSCCRE 1/9/1931). Entendía este deputado que a comarca existía en España desde antigo, como no caso de Cataluña, onde sinala que se trata dun ámbito plenamente sentido pola xente: nos cataláns «persiste aún en su espíritu la huella pura de la comarca, porque es la única verdad, porque es la única realidad» (F. Gordón Ordás ―PRRS―, DSCCRE 22/9/1931).

Porén, resulta irónico que a oposición ao tema comarcal viñese principalmente da man doutro nacionalismo periférico, o vasco. O deputado guipuscoano polo Euzko Alderdi Jeltzalea-Partido Nacionalista Vasco ―EAJ-PNV―, J. Mª Leizaola Sánchez, argumentaba que non se debía dar demasiada importancia ás unidades de escala comarcal por dous motivos. Por unha banda, porque «la comarca ha perdido indudablemente significación y personalidad por el progreso de los medios de comunicación». E, por outra, porque «la comarca tradicional tenía una característica, que era la peculiaridad de una producción concreta, determinada» (J. Mª Leizaola Sánchez ―EAJ-PNV―, DSCCRE 22/9/1931) e que esta situación non se daba xa nese momento.

4.3 OS MAPAS COMARCAIS DO FRANQUISMO

Durante os primeiros anos da ditadura franquista, a comarca non gozou de demasiado protagonismo, cando menos de xeito oficial. Con todo, aínda non finalizada a Guerra Civil, desde a zona franquista encomendouse a creación dunha Comisión co obxectivo principal de redactar unha nova lei de administración local (Cordero Torres, 1962; Orduña Rebollo, 2003; Burgueño Rivero, 2003). Na actualidade, existen poucas noticias sobre as actividades e traballos desenvoltos por esta Comisión máis alá de coñecer os nomes dalgúns dos seus integrantes, como o de R. Serrano Suñer, ministro da Gobernación, ou o do xurista L. Jordana de Pozas. Porén, segundo Cordero Torres (1962), chegouse a presentar un proxecto que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

reformulaba drasticamente a estrutura organizativa do conxunto do Estado: propúñase unha división do territorio en 15 *gobiernos* e 600 *corregimientos* e a supresión das provincias.

Alén destas consideracións iniciais, o maior pulo ao ámbito comarcal baixo o franquismo deuse a partir da década dos 1960 e, especialmente, na dos 1970, cando desde varios departamentos ministeriais se ensaiaron comarcalizacións. Unha das primeiras divisións comarcais das que temos constancia foi presentada polo Ministerio de la Gobernación en 1965. A división comarcal publícase dentro do volume *Las provincias y sus comarcas: estudio sobre delimitación comarcal en las provincias españolas*. No preámbulo da obra, dise que nunha reunión do Ministerio cos gobernadores civís uns anos antes se expuxo a necesidade de abordar «las comarcas infraprovinciales». Desde este departamento ministerial consideraban que os ámbitos comarcais «resultarían extraordinariamente aptos para constituir la base material o el soporte geográfico más adecuado en orden al conocimiento racional de las necesidades de las provincias en obras y servicios y a la ulterior planificación de los mismos» (Ministerio de la Gobernación, 1965: 11). Desta forma, a división provincial asumiuse como a máis axeitada para o planeamento provincial, mais non se contemplaba ningún paso alén da mera proxección dos órganos provinciais.

Esta comarcalización foi debedora dos traballos conxuntos entre a Secretaría General Técnica do propio Ministerio e os gobernadores civís de cada provincia. Sobre os criterios empregados, a parte de indicar que se tiveron en conta varios de carácter xeográfico, histórico e administrativo, indícase que foron os socioeconómicos os máis importantes. Neste sentido, a comarca concibiuse como unha «estructura socioeconómica homogénea» (Ministerio de la Gobernación, 1965). Tamén se tomou un limiar demográfico entre 10.000 e 30.000 habitantes —aínda que logo non se cumpriu—, segundo o Ministerio competente, para evitar a multiplicación excesiva de comarcas. Outro punto esencial do proceso de individualización comarcal foi a identificación da *cabecera de comarca*, que veu determinada por diferentes factores: feiras e mercados periódicos, comercio especializado, centros de educación secundaria, entidades bancarias, compañías de seguros, etc.

Para o conxunto de España definíronse 466 comarcas, das que 42 son as relativas a Galicia (Figura 4.11). Trátase de ámbitos territoriais moi heteroxéneos no que atinxe á súa morfoloxía; así, por exemplo, as comarcas de «Becerreá» ou «Corcubión» abranguen un extenso territorio sen excesiva coherencia interna no que ao significado tradicional de comarca se refire. As unidades tamén se mostran dispares no relativo á superficie; por unha banda, hainas de notable extensión como a propia «Becerreá», «Carballo» ou «Pontevedra», mentres que outras se reducen ao mínimo como «El Ferrol», «Quiroga» ou «Ribadavia». A división comarcal respecta en todos os casos os límites municipais e provinciais, segundo se indica no documento, por unha cuestión de «orientación práctica».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.11. Comarcas fixadas polo Ministerio de la Gobernación (1965)



Fonte: Ministerio de la Gobernación (1965). Elaboración propia.

Durante as últimas décadas da ditadura, impulsáronse desde o Estado os coñecidos como *planes de desarrollo económico y social* que buscaban corrixir os desequilibrios territoriais a través da creación de áreas de intervención delimitadas para a programación de actuacións socioeconómicas. O *I* e *II Plan de Desarrollo*, instaurados para actuaren nos períodos 1964-1967 e 1968-1971, respectivamente, focalizaron a súa actividade en determinados *polos* do territorio. No caso de Galicia, dos 12 polos que se crearon en España, tres foron no país: A Coruña, Vigo e Vilagarcía de Arousa (Pena Trapero, 1974; CEOTMA, 1980; Pujadas Rúbies e Font Garolera, 1998). Porén, o *III Plan de Desarrollo*, que operou no período 1972-1975, xeneralizouse a todo o territorio coa idea de que concentrar a poboación, a industria e as infraestruturas valería para xerar un proceso de dinamización económica que influiría de xeito positivo, primeiro no lugar central, e logo no resto da contorna.

A través do *Acuerdo del Consejo de Ministros de 11 de junio de 1971* aprobouse unha *Selección de cabeceras de comarca y núcleos de expansión en las provincias españolas*, a

efectos dos *Planes Provinciales* para o bienio 1972-1973. No conxunto de núcleos, que se dividiron entre *cabeceras* ou *cabezas de comarca* e *núcleos de expansión*, pretendíanse canalizar os investimentos que levasen a cabo os distintos organismos da administración pública co obxectivo de reforzar o crecemento harmónico do territorio. A identificación destes núcleos baseouse nos traballos do denominado Comité de Selección de Núcleos, constituído por técnicos do Servicio Central de Planes Provinciales, das Comisiones Provinciales de Servicios Técnicos e do xeógrafo J. M. Casas Torres. Posteriormente, a Comisión Permanente de la Ponencia de Desarrollo Regional del III Plan achegou a relación definitiva.


Entre os criterios de comarcalización que se seguiron están os seguintes: «tener forma natural», contar cun volume demográfico destacado, presentar un ritmo de crecemento económico e social elevado, ser lugar de celebración de feiras e mercados, funcionar como centro de comunicacións, manter unha posición central respecto á súa comarca, contar cunha certa dotación de establecementos comerciais e industria ou actuar como núcleo de atracción turística (Servicio Central de Planes Provinciales, 1971). Ademais, tamén se falou da elaboración dunha enquisa dirixida aos alcaldes de todos os concellos do Estado, co obxectivo de coñecer o carácter central do núcleo e o seu nivel de servizos (Casas Torres, 1973). Porén, non temos coñecemento dos resultados destas enquisas nin sequera do número de administracións locais participantes. No caso particular de Galicia, díxose que as enquisas foron enviadas ás parroquias e que se contou coa colaboración do Departamento de Xeografía da USC, polo que cómpre pensar que estas puideron ser as mesmas que as sinaladas en Miralbés Bedera e Casas Torres (1973) —véxase o apartado 7.2—.

En relación co tema comarcal, asumiuse que a elección dos núcleos cabeceira de comarca comportaba un paso importante cara á comarcalización do territorio: «seleccionar los "núcleos centrales" cabezas de las comarcas de un país y sus respectivos "núcleos de expansión" es de hecho seleccionar las comarcas» (Casas Torres, 1973: 81). Así, as comarcas vencelláronse á identificación dos núcleos centrais, o que implicaba a asunción de unidades de tipo funcional: «la comarca es un espacio poblado, organizado por un grupo humano, con arreglo a las técnicas que posee, impulsado, regido por uno o varios núcleos centrales» (Casas Torres, 1973: 83). Segundo Casas Torres (1973), as comarcas caracterízanse por límites imprecisos e cambiantes, que chegarían até onde abranguese a influencia do núcleo reitor, polo que se consideraba que o feito de reforzar ou debilitar o núcleo cabeceira levaría a que as comarcas crecesen ou diminuísen de tamaño. En palabras deste autor: «la comarca llega hasta dónde llega (…) la influencia de la ciudad rectora. (…) Por esto es un poco ingenuo trazar límites precisos a las comarcas. (…) Avanza o retrocede según las circunstancias refuercen o debiliten a su ciudad cabeza» (Casas Torres, 1973: 83).

No caso de Galicia, identificáronse 43 *cabeceras de comarca* e 90 *núcleos de expansión* (Figura 4.12). Respecto das primeiras, estas posúen trazos que a simple vista se poden cualificar como propiamente comarcais, xa que se trata de cidades e vilas que de xeito tradicional veñen considerándose como cabeceiras das súas respectivas comarcas. En sentido estrito, o número de cabeceiras comarcais podería aumentar até as 51, xa que nalgúns casos se trata como unha única cabeceira varios lugares; por exemplo, Arzúa e Melide, Cariño e Ortigueira ou Santa Uxía de Ribeira e A Pobra do Caramiñal. En calquera caso, podemos falar da existencia de entre 40 e 50 núcleos reitores das súas respectivas comarcas. Tamén algunhas das localidades identificadas como núcleos de expansión —as que menos— veñen funcionando como cabeceiras das súas respectivas comarcas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.12. Cabeceiras de comarca e núcleos de expansión establecidos no *Acuerdo del Consejo de Ministros de 11 de junio de 1971*




Fonte: *Acuerdo del Consejo de Ministros de 11 de junio de 1971*; Casas Torres (1973). Elaboración propia.

Neste contexto dos *planes de desarrollo*, en 1971, deuse a coñecer o *Plan Comarcal Compostela para el desarrollo económico de las comarcas de Santiago, de la ría de Arosa y la del sistema del Ulla*, elaborado polo economista García Briones. No prólogo da obra sinálase que a súa preparación vén de doce anos antes e, de feito, atopamos unha breve consideración deste documento en 1959 na *Revista de Economía de Galicia*. O obxectivo que se perseguía con este «plan comarcal» era o de incrementar a coordinación en materia de ordenamento urbanístico e paisaxe, desenvolvemento económico, fomento da industria ou mellora das comunicacións. Así, para García Briones (1959, 1971) a *comarca* constituía o ámbito territorial máis axeitado para sacar Galicia da súa situación de prostración económica: «por fuerza había que volver la vista hacia nuestras comarcas, que vienen a ser el resultado de la peculiar orografía de la región en que se asienta la vida» (García Briones, 1959: 13).

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A «Gran Comarca Compostelana», que constitúe o territorio obxecto de estudo, é definida como unha «comarca geográfica natural» (García Briones, 1971: 15). Porén, o seu creador sinala para ela unha dimensión que transcende os límites do concepto habitual de comarca, xa que o ámbito establecido abrangue dez dos partidos xudiciais históricos —seis da provincia da Coruña e catro de Pontevedra— (Figura 4.13). Esta situación leva a que a *Gran Comarca Compostelana* fose tamén presentada como a quinta provincia na que dividir o conxunto de Galicia. Internamente, o territorio da *gran comarca* divídese en tres *comarcas medias*: «Santiago», «Tabeirós» e «Ría de Arosa», e estas, á súa vez, reúnen até 36 *comarcas inferiores*: sete dentro da comarca media de Santiago, oito da de Tabeirós e até 21 na da Ría de Arousa —nesta última, o número de comarcas inferiores podería ser superior, xa que a súa enumeración remata cun «etc.»— (Figura 4.13). As comarcas inferiores identificadas dentro de Santiago e Tabeirós presentan unha escala comarcal, mentres que no caso da Ría de Arousa os ámbitos identificados son de escala máis próxima á municipal —e mesmo inframunicipal—.


Figura 4.13. «Gran Comarca Compostelana» definida por García Briones (1971)



Fonte: García Briones (1971). Elaboración propia.

Noutro senso, a Deputación Provincial de Pontevedra presentou unha delimitación en 1973 comarcal dentro das súas *Directrices de actuación para el cuatrienio 1972-1975*. Estas manteñen un forte vínculo co *III Plan de Desarrollo*, xa que procuraban actuar no mesmo período de tempo e tomaban como referencia a selección de *cabecera de comarca* que en xuño de 1971 establecera o Consejo de Ministros. Neste sentido, o órgano provincial pontevedrés presenta unha división do territorio en oito *comarcas* que veñen corresponder co ámbito das oito cabeceiras identificadas polo Estado (Deputación Provincial de Pontevedra, 1973) (Figura 4.14). Alén deste proxecto provincial, para o resto de provincias non atopamos ningún documento semellante que permita trazar unha delimitación comarcal.

Figura 4.14. Comarcas esbozadas pola Deputación de Pontevedra no marco das *Directrices de actuación para el cuatrienio 1972-1975* (1973)



Fonte: Deputación Provincial de Pontevedra (1973). Elaboración propia.

Nestes anos, desde o Instituto de Estudios de Administración Local —organismo autónomo adscrito ao ministerio competente en materia de Administración pública— achegouse unha

publicación co elocuente nome de *La comarca en la reestructuración del territorio* (1972). Nela, varios académicos, entre os que é preciso destacar o sociólogo Gaviria Labarta, sinalaban a posibilidade de substitución «de muchos pequeños municipios por un municipio comarcal y de un grupo de provincias por una región (…), sin que por esto la Administración queda más alejada de los administrados» (Gaviria Labarta et al., 1972: 29). Entre as vantaxes desta transcendente medida sinalan a simplificación de estruturas administrativas, a maior facilidade de organización dos servizos comúns e a simplificación das relacións coas unidades administrativas superiores. Porén, como inconvenientes, os autores apuntan que a desaparición dos pequenos concellos tería que enfrontarse ao sentimento de pertenza dos seus poboadores, que se resistirían á súa desaparición.

Gaviria Labarta et al. (1972) achegan tamén unha relación de *comarcas naturales* por provincias para o conxunto do Estado. A listaxe destas comarcas relativa a Galicia coinciden coas definidas por Dantín Cereceda (1942) —que analizaremos polo miúdo no capítulo 5—. En palabras dos autores, as comarcas veñen ser «aquel territorio o país en que la geología, el relieve, el clima, la fauna y el aspecto humano aparecen idénticos o muy semejantes; sin actuar con absoluta independencia, sino que se influyen entre sí» (Gaviria Labarta et al., 1972: 107). Respecto da súa delimitación, din que esta é a principal dificultade que presentan os ámbitos comarcais, polo que é máis conveniente falar entre elas de *zonas de transición* que de límites definidos.

Xa desde os anos 1960, outro departamento ministerial, o de Agricultura, viña desenvolvendo traballos e estudos de división territorial que contemplaban unidades de escala comarcal. Este foi o caso das *comarcas de ordenación rural* ou das *comarcas de extensión agraria* que comezaron a aparecer nestes anos, mais que non chegaron a materializarse nunha división comarcal definida e clara para o conxunto do territorio. A primeira comarcalización coñecida deste tipo aparece en *Codificación a efectos agrarios de regiones, provincias y comarcas*, presentada polo Ministerio de Agricultura en 1972. Neste traballo, que foi elaborado pola Secretaría General Técnica dese ministerio, sinálase que o obxectivo consistía en dispor dun ámbito territorial común que facilitase a planificación e execución de actividades de todas as unidades e organismo dependentes do Ministerio de Agricultura.

Galicia queda dividida daquela en 15 *comarcas* e 46 *subcomarcas*, con respecto aos límites provinciais e municipais (Figura 4.15). Non se especifican os criterios seguidos na súa definición, alén de sinalar de xeito vago que se formaron en base a unidades uniformes no plano natural, económico e social (Ministerio de Agricultura, 1972). Segundo Gómez Moreno (1992), este é un exemplo paradigmático de comarcalización ao carecer de asignación de cabeceiras comarcais e procurar só a demarcación de áreas homoxéneas desde o punto de vista agrícola. Un aspecto importante que cómpre termos en conta ten que ver coa aparente confusión de conceptos, xa que, en escala, as *comarcas* que se presentan son máis semellantes a un conxunto comarcal e as *subcomarcas* a unha unidade comarcal propiamente dita. Desta forma, estamos ante unhas comarcas que, malia a alta heteroxeneidade entre elas, son de «extensión alta» en relación con outros ámbitos que tradicionalmente se viñan definindo como comarcas (Ballesteros Ros, 1979).

Un aspecto peculiar dos perímetros que se identifican ten que ver co feito de eludir unha denominación para as unidades, tanto as comarcais como as subcomarcais (Ministerio de Agricultura, 1972). Estas aparecen nomeadas, a nivel de cada provincia, con números romanos e letras, o que podemos entender como un intento por parte da administración de evitar pronunciarse a favor dun determinado concello ou núcleo de poboación —a súa cabeceira— ou mesmo restar «carácter técnico» coa alusión a nomes comarcais populares. Porén, cómpre dicir que as subcomarcas definidas se corresponden bastante ben con moitas das comarcas

USC DE COMPOSTELA

tradicionais e/ou centralizadas por unha cabeceira definida; así, por exemplo, a *subcomarca IIb* da provincia de Lugo equivale a Vilalba, a *Ic* ourensá a Celanova ou a *IIIc* da Coruña a Ordes.

En 1976, o Ministerio de Agricultura, a través da súa Secretaría General Técnica, presentou *Comarcalización agraria de España*, unha nova proposta que consta de 322 comarcas para o conxunto do Estado (Ministerio de Agricultura, 1976, 1978). No caso de Galicia, esta nova división é practicamente idéntica á definida en 1972, no que respecto ao ámbito *comarcal* (Figura 4.15). Así, no territorio galego volven identificarse 15 *comarcas* e as únicas diferenzas respecto á división anterior teñen que ver coa desaparición do nivel *subcomarcal*, coa adopción de nomes comarcais que substitúen á numeración romana e coa muda na adscrición comarcal de dous concellos —Parada de Sil e Val do Dubra—. Ademais, respecto aos topónimos comarcais, estes caracterízanse pola seu alto grao de ambigüidade e vaguidade e que mesmo se repiten en varias provincias; por exemplo, «Costa», «Occidental» ou «Interior» —este último empregado para denominar a perímetros tanto da provincia da Coruña como de Pontevedra—. O Ministerio de Agricultura revisou o mapa comarcal con posterioridade, en 1996 e en 2007, mais ningún dos cambios adoptados afectou Galicia. Na actualidade, o número de comarcas que se contempla é o mesmo que o fixado inicialmente nos anos 1970.

Na década dos 1980, desde o ámbito da Economía, cómpre destacar as consideracións feitas por López Garrido respecto da comarcalización agraria. Este académico coida que as comarcas que se presentaron eran moi «artificiais» e que impedían unha análise polo miúdo a causa da grande extensión dos perímetros. Exemplifica esta situación coa comarca *Sur* da provincia de Lugo, da que di que abrangue áreas tan heteroxéneas como os montes do Courel, o val de Lemos ou a terra de Chantada (López Garrido, 1980, 1983). Esta situación lévao a considerar que á hora de achegar datos cun maior nivel de precisión faise preciso recorrer á escala municipal. Cómpre sinalar que as *comarcas agrarias* tamén foron empregadas como área de estudo en investigacións desenvolvidas por distintos académicos —especialmente vencellados ao campo da Economía—, como é o caso de Casal Vila (1982) na súa análise sobre a situación agraria da Terra Chá.

En 1971, a Confederación Española de Cajas de Ahorros presentou *Indicadores socio-económicos del campo español*, un estudo no que, na liña dos traballos efectuados polo Ministerio de Agricultura, avanzaba sobre a comarcalización de carácter agrario. O traballo, que está realizado por un equipo que integra distintos profesionais —economistas, enxeñeiros, matemáticos, etc.—, destaca pola consideración de diferentes divisións comarcais para o conxunto do Estado. Por unha banda, achegan unha delimitación do que chaman «comarcas agrarias homogéneas» e, por outra, un mapa no que os perímetros comarcais aparecen definidos en función da identificación previa de *núcleos comerciais agrarios* que se significan por ser lugar para a «compra de productos agrarios» e «venta de medios de producción». Segundo os autores, as comarcas agrarias que presentan teñen como obxectivo contestar a «necesidad de agrupar dentro de un área determinada aquellos municipios que, desde un punto de vista agrario, respondieran a características económico-agrarias homogéneas» (Cavero Beyard, 1971: 12).

Entre os métodos seguidos para a división en comarcas, o equipo redactor sinala a realización dunha enquisa a nivel local —din que de todos os concellos do país— para coñecer os aspectos agronómicos e económico-agrarios de cada termo municipal. No cuestionario trátase información relativa á distribución da superficie —total, labrada e non labrada, improdutiva, tipo de cultivo principal, etc.—, ao censo de gando e ao parque de maquinaria (Cavero Beyard, 1971). Os resultados obtidos da enquisa foron posteriormente usados para agrupar concellos da maneira máis homoxénea posible. Neste contexto, explican que os límites provinciais invitaban a non ser respectados, mais explican que tiveron que seguilos co obxectivo de acadar unha maior utilidade das comarcas resultantes en aplicacións prácticas.

USC DE COMPOSTELA

Figura 4.15. Comarcas agrarias impulsadas polo Ministerio de Agricultura na década de 1970




Fonte: Ministerio de Agricultura (1972, 1976, 1978). Elaboración propia.

O número de comarcas de carácter agrario identificadas en Galicia é de 19 (Figura 4.16). Estas presentan unha dimensión moi heteroxénea, xa que as hai de reducida dimensión como «Bajo Miño» ou «El Condado», que agrupan catro e sete concellos, respectivamente. No outro lado da balanza, comarcas como a «Costera septentrional» ou a «Interior» —ambas as dúas na provincia da Coruña— reúnen ao redor de 30 concellos cada unha. Unha cuestión peculiar ten que ver coa «partición» das comarcas da provincia ourensá. Así, por exemplo, as comarcas de «Allariz-Carballino» ou «Barco de Valdeorras-Orense-Ribadavia-Verín» agrupan varios fragmentos illados que veñen coincidir cos espazos rexidos por cada unha das cidades/vilas que lle dan nome ao conxunto comarcal resultante.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.16. Comarcas agrarias «homoxéneas» fixadas pola Confederación Española de Cajas de Ahorros (1971)




Fonte: Cavero Beyard (1971). Elaboración propia.

Para o segundo mapa comarcal (Figura 4.17), o equipo redactor di realizar outro cuestionario diferente en determinados centros previamente individualizados co obxectivo de concluír a importancia comercial de cada un. Estes núcleos foron seleccionados en base a dous requisitos principais: por unha banda, contaren con establecementos de venda de medios de produción empregados no sector primario e, por outra, reuniren instalacións de transformación e/ou comercialización de produtos agrarios —en ambos os dous casos cunha área de vendas superior á do termo municipal— (Cavero Beyard, 1971). Os responsables do traballo consideran que practicamente todos os núcleos de venda de produtos agrarios son tamén os de merca, polo que non se rexistran diferenzas neste aspecto. Os resultados da enquisa reflectiron que cada núcleos rexía unha *área comercial* que integraba a varios concellos próximos entre si.

O número de comarcas que corresponde a Galicia é de 40 (Figura 4.17). Porén, estas poderían ser máis se temos en conta que varios concellos das provincias da Coruña e Ourense

quedan sen adscribirse a ningunha. As comarcas resultantes, a diferenza das identificadas no mapa anterior, son de menor dimensión e responden bastante ben ao espazo tradicional rexido por vilas e/ou outros núcleos destacados. Algunhas presentan unha dimensión considerable, entre as que podemos destacar a de «Lugo», mentres que outras vense reducidas a uns poucos concellos da súa contorna como «Capela» ou «Puentecesures» —esta última como consecuencia do respecto marcado polos límites provinciais, o que impide sinalar o seu vencello con Padrón—. Para as cidades de Lugo e Santiago cómpre sinalar que o equipo redactor identifica unha área alternativa máis ampla que abrangue concellos doutras comarcas. Así, por exemplo, a capital luguesa reúne concellos moi setentrionais e mesmo absorbe integramente algunhas comarcas «independentes» como «Becerreá», «Fonsagrada» ou «Mondoñedo».

Figura 4.17. Comarcas agrarias en función de núcleos comerciais agrarios establecidas pola Confederación Española de Cajas de Ahorros (1971)



Fonte: Cavero Beyard (1971). Elaboración propia.

Na década dos 1970, tamén desde o Ministerio de Educación y Ciencia se ensaiou unha comarcalización. Este departamento ministerial presenta, baixo o nome de *Planificación de la educación: Galicia*, un proxecto de ordenación educativa que podemos asumir como o primeiro destas características en Galicia e, ademais, constitúe unha das experiencias pioneiras deste tipo que se achega desde o Estado. Este plan educativo para Galicia foi declarado «normativo» para o departamento competente ao ser considerado como un instrumento axeitado para a racionalización das accións en materia educativa e para contribuír a resolver os «problemas» da educación neste territorio (Ministerio de Educación y Ciencia, 1970-1). O plan consta dunha primeira parte onde se analizan os aspectos demográficos e socioeconómicos e a situación da educación en Galicia, mentres que a segunda parte é presentada como un «estudio de comarcalización».

A comarcalización educativa de Galicia consta de 45 *áreas* e 15 *subáreas* (Figura 4.18), que se entenden como os territorios de influencia de determinados núcleos previamente seleccionados. As *áreas* amosan unha alta heteroxeneidade no que se refire á súa superficie: hainas de reducida extensión como «Caldas de Reyes» ou «Guitiriz», mentres que outras como «Carballo» ou «Lugo» abranguen unha superficie considerable. Precisamente, nestas áreas de maior territorio defínense as *subáreas.* Así, por exemplo, dentro da de Lugo enmárcanse tres áreas de menor entidade ao redor das vilas de Meira, Rábade e A Pobra de San Xiao. Segundo o informe, estas non acadan a categoría de cabeceira de área a causa da decadencia dos propios núcleos e da súa proximidade á capital provincial (Ministerio de Educación y Ciencia, 1970-1). Un dos aspectos máis significativos deste mapa educativo ten que ver, talvez, coa desatención do límite provincial en varias áreas: Mañón é considerado dentro de «Vivero», Muras lígase a «Puentes», Curtis é tratado de xeito conxunto con «Guitiriz» e Pontecesures e Valga son incluídos en «Santiago».

Outro dos órganos que operaron na ditadura, a Administración Institucional de Servicios Socio-Profesionales (AISS) ―coñecida popularmente como «Sindicato Vertical» e que funcionou como o único «sindicato» legal durante este período―, presentou en 1977 unha división en comarcas. Na introdución da obra, *Comarcas españolas*, os ámbitos comarcais ―e tamén os rexionais― son caracterizados como as «unidades más adecuadas para el planeamiento y resolución de los problemas colectivos a nivel espacial» (AISS, 1977: 3). Neste sentido, establécese unha diferenciación de escala entre *comarcas* e *regiones* e incídese en que a primeira, a diferenza da segunda, se estende polo conxunto do Estado: «la comarca es una realidad tanto o más tangible que la región; y (…) mientras en algunas zonas de España no existe auténtica conciencia regional, (…) en toda España, con mayor o menos intensidad, se aprecia la identidad comarcal» (AISS, 1977: 4).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.18. Comarcas educativas definidas polo Ministerio de Educación y Ciencia (1970-1)



Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia (1970-1). Elaboración propia.

Á hora de delimitar as comarcas, a AISS indica que os Consejos Económico-Sociales Provinciales foron os encargados de reflectir «la realidad comarcal de su respectiva provincia, en base a análisis de muy diversa naturaleza y procedencia y (…) acomodando los resultados a lo que (…) es más generalmente aceptado por los habitantes de las propias comarcas» (AISS, 1977: 4). No caso de Galicia, identifícanse 33 comarcas (Figura 4.19). Talvez, o feito de que a comarcalización se acometese a nivel de cada provincia deu como resultado unhas comarcais heteroxéneas en función das distintas provincias. Así, por exemplo, a provincia de Lugo suma só cinco unidades de grande extensión, mentres que a de Ourense reúne 11 máis pequenas. Outro factor diferencial ten que ver coa súa denominación: na Coruña, Lugo ou Pontevedra noméanse con topónimos diferentes ao do núcleo cabeceira, tales como «Condado», «Mariñas» ou «Tierra Llana», mentres que na de Ourense —e nalgúns casos da de Pontevedra— as comarcas son chamadas polo nome da súa cabeceira.

Figura 4.19. Mapa comarcal da AISS (1977)



Fonte: Administración Institucional de Servicios Socio-Profesionales —AISS— (1977). Elaboración propia.

Todos estes traballos en base ás comarcas puideron influír dalgún xeito na aparición da figura de *comarca* dentro da *Ley 41/1975, de 19 de noviembre, de Bases del Estatuto de Régimen Local*. Segundo Ferreira Fernández (2000), esta norma trataba de conxugar o uniformismo do pasado coa nova realidade social e económica. No relativo á estrutura territorial, asumiuse que a provincia e o concello non eran os espazos máis axeitados para o desenvolvemento de moitas das competencias locais e comezouse a mirar cara a novos ámbitos, tales como a comarca. Neste sentido, de xeito preliminar, a Base 1ª da norma dispoñía que «para la realización de algunos de los fines atribuidos a las Entidades Locales (…) podrán crearse entes regionales o comarcales de carácter asociativo» (Base 1.6 *Ley 41/1975*). Porén, Ferreira Fernández (2000) apunta que as entidades que se pretendían crear —baixo a denominación de *comarca*— distaban pouco das mancomunidades de concellos xa coñecidas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A *Ley 41/1975* dedicaba outras das bases, a Base 10ª, ás «Entidades municipales de ámbito comarcal». Así, determinaba que se poderían crear comarcas cuxa constitución e delimitación debía ser efectuada polo Goberno, a proposta do Ministerio de la Gobernación. Para este fin requiriríase do acordo favorable de dous terzos dos concellos comprendidos no ámbito comarcal e sempre que reunisen, polo menos, máis da metade da poboación (Base 10.1 *Ley 41/1975*). A «entidad comarcal» asumiría competencias e funcións dos concellos integrados, mais estes manterían a súa organización e a administración do seu patrimonio. Para a xestión das súas competencias contaría cunha *Comisión de gobierno*, da que formarían parte os alcaldes e un número de membros determinado das corporacións municipais «en función de su importancia». Non obstante, tal e como indica Ferreira Fernández (2000), a Base 10ª relativa ás comarcas nunca se chegou a aplicar e foi suprimida, poucos anos despois, a través do *Decreto 3046/1977* que unicamente contemplaba a adopción de mancomunidades.

Desde o punto de vista académico, varios estudosos como Tatjer Mir (1974), Gómez Moreno (1992), Ferreira Fernández (1999, 2000), Orduña Rebollo (2003) ou García Rubio (2007) sosteñen que durante a ditadura franquista o tratamento dado ás comarcas foi, en xeral, residual e secundario desde o punto de vista político-administrativo. Porén, consideran que atoparon certo acubillo como ámbito territorial —alternativo á provincia e ao concello— para acción do Estado en temas de planificación e/ou lexislación sectorial. En palabras de Orduña Rebollo (2003: 754), «entre 1940 y 1975, fueron rechazados inicialmente los propósitos comarcalizadores desde una perspectiva institucional, aunque los planteamientos geográficos y económicos se desarrollaron ampliamente, incluso por sectores próximos al oficialismo».

Neste sentido tamén se pronuncia Burgueño Rivero (2003), que sostén que desde o franquismo nunca se mostrou ningún tipo de animadversión cara ao feito comarcal. En efecto, que a comarca achegaba dous elementos especialmente gratos para o réxime; por unha banda, contaba cun marcado compoñente rural; e, por outra, «col·laborava, combinada amb les anomenades regions naturals, a dissoldre o rebaixar la transcendència de les regions (nacionalitats) històriques» (Burgueño Rivero, 2003: 114).

4.4 O DEBATE COMARCAL DESDE A CHEGADA DA DEMOCRACIA

A chegada da democracia supuxo para o conxunto do Estado un avance na consideración da comarca, non só como ámbito sobre o que descentralizar determinados servizos ou acometer tarefas de planificación, senón tamén como ente local dotado de contidos. O novo modelo autonómico non afectou as unidades territoriais que xa viñan operando —as provincias e os concellos—, mais recoñeceu a posibilidade de creación dunha escala intermedia entre eles. Neste contexto, todos os estatutos de autonomía que se foron aprobando na década dos 1980, agás os dos dous arquipélagos, recoñeceron a comarca como posible ámbito sobre o que organizar a administración local dos seus respectivos territorios (Muñoz Machado, 1984; Martín Mateo, 1987; Orduña Rebollo, 2003).

4.4.1 A comarca dentro da Constitución española

A materialización dos ámbitos de escala comarcal foi posible de acordo cos preceptos da actual Constitución Española de 1978. Pese a que o Título VIII, que trata a «Organización Territorial del Estado», considere só que «el Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias y en Comunidades Autónomas» (art. 137), no capítulo da Constitución dedicado á «Administración Local» apúntase na liña das «comarcas». Estas non aparecen nomeadas de xeito explícito, mais o texto constitucional estipula que se poden crear agrupacións de concellos que gocen de recoñecemento como entes locais:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Se podrán crear agrupaciones de municipios diferentes de la provincia (CE 1978, art. 141.3).
>
> Mediante la agrupación de municipios limítrofes, los Estatutos podrán establecer circunscripciones territoriales propias, que gozarán de plena personalidad jurídica (CE 1978, art. 152.3).

A contemplación das comarcas como entes locais aparecía xa recollida no Anteproxecto de Constitución presentado en xaneiro de 1978 (BOCGCD 5/1/1978) (Martín-Retortillo Baquer, 1978; Entrena Cuesta, 1984; Martín Mateo, 1987). Así, nun extenso art. 105.2, considerábase que «las provincias o, en su caso, las circunscripciones que los Estatutos de autonomía establezcan mediante la agrupación de municipios, gozarán igualmente de plena personalidad jurídica y servirán de base a la organización territorial de la Administración pública». Este precepto do Anteproxecto de Constitución tamén consideraba que «su gobierno y administración estarán encomendados a Diputaciones, Cabildos o corporaciones de carácter representativo» (art. 105.2). Porén, o contido deste artigo foi rebaixado e as súas intencións plasmadas nun texto máis ambiguo e impreciso: o art. 141 da norma constitucional que finalmente se aprobou.

O debate no Congreso de los Diputados sobre o tratamento das comarcas dentro da Constitución revélasenos como un tema controvertido. Un dos deputados, E. Gastón Sanz, de Unidad Socialista-Partido Socialista de Aragón —US-PSA—, foi, talvez, un dos que máis se esforzou para conseguir que o texto constitucional recollese de xeito explícito o termo *comarca*. Neste contexto, este político presentou unha emenda na Comisión Constitucional do Congreso para que se puidesen crear comarcas en base á agrupación de concellos, mais foi rexeitada pola maioría de partidos. Defendía que a Constitución debía reparar na realidade que supuñan as comarcas, xa que se trataba de entes históricos e xeográficos asumidos pola xente:

> Para pedir que se cree una figura que existe en España y que se ha obviado, aunque sabemos que va a seguir existiendo. Por este motivo, considerando que la ley debe ajustarse a la existencia real del país, debe configurarse y debe tenerse en cuenta la comarca. (…) Con las comarcas, y con esta organización, podría llegarse a una mejora muy grande, y, además, dar el nombre que creo se debe tener en cuenta, porque ha existido siempre (E. Gastón Sanz —US-PSA—, DSCD 14/6/1978).

Tamén o grupo de Alianza Popular —AP— apostaba pola consideración explícita das comarcas dentro da Constitución. Así, esta forza política presentou un voto á totalidade de todo o capítulo dedicado á «Administración Local», que, en relación co tema comarcal, aceptaba a comarca como ámbito para a mancomunación voluntaria de concellos. Porén, esta proposta foi rexeitada pola maioría de forzas representadas na Comisión Constitucional do Congreso. Neste contexto, desde AP tamén expuxeron un terceiro apartado para o art. 141 que dicía: «los municipios de una misma comarca natural pueden fusionarse o mancomunar sus servicios en los términos fijados por dicho Estatuto». Non obstante, esta apreciación foi igualmente desestimada.

En contra das emendas comarcais manifestáronse desde o Partido Socialista Obrero Español —PSOE— e desde a Unión de Centro Democrático —UCD—. Polo que respecta ao PSOE, un dos seus deputados, G. Peces-Barba Martínez, coincidía en que as referencias ás comarcas feitas polos seus compañeiros eran «absolutamente ciertas», mais que «no es imprescindible, ni siquiera necesario, ni bueno, ni conveniente, que eso se traslade al texto constitucional» (G. Peces-Barba Martínez —PSOE—, DSCD 14/6/1978). Así, para o PSOE, os supostos que considerasen o feito comarcal de xeito explícito e xeneralizado a todo o Estado

non debían incorporarse ao texto constitucional, senón que este simplemente debía recoller a súa posibilidade.

Nunha postura idéntica á do PSOE se situaron desde o partido político maioritario no Congreso, a UCD. Un dos seus deputados, J. L. Meilán Gil, opinaba na Comisión Constitucional do Congreso que «las comarcas son una realidad innegable. Creo que, además, deben ser en la futura organización del régimen local una pieza básica y fundamental» (J. L. Meilán Gil —UCD—, DSCD 14/6/1978). Porén, desde este partido político tamén se opuxeron á inclusión das comarcas no texto constitucional por «creer que no es éste el lugar para que figuren, no por la filosofía de fondo que subyace en la idea de la comarca, sino porque, sencillamente, todo no puede estar en la Constitución» (J. L. Meilán Gil —UCD—, DSCD 14/6/1978). Esta mesma actitude foi reafirmada anos máis parte polo propio Meilán Gil (1991), que entendía que a mención que achegaba a Constitución era suficiente para posibilitar a creación destes entes.

No debate en sesión plenaria, celebrado en xullo de 1978, o deputado de US-PSA, E. Gastón Sanz, recuncou na necesidade de que a Constitución considerase as comarcas de maneira expresa ao tratarse dun «nombre auténtico, conocido por todos los españoles, conocido por todo el mundo, por todos los rincones existentes en España» (E. Gastón Sanz —US-PSA—, DSCD 18/7/1978). Neste sentido, este deputado presentou unha última emenda *in voce* para alcanzar o seu obxectivo. Porén, desde a UCD, volveron manifestarse na mesma dirección. Así, afirmaban que, malia tratarse dunha «realidad viva operante» y que «constituye una necesidad como agrupación de municipios», o termo *comarca* non se debía incluír no texto da Constitución, xa que «si incorporamos específicamente el término "comarca" habría que incorporar también otros términos de arraigo en algunas regiones territoriales españolas» (V. Capdevila Cardona —UCD—, DSCD 18/7/1978). Na votación efectuada no Congreso, a emenda presentada por US-PSA foi rexeitada por 243 votos en contra, 13 a favor e 38 abstencións.

Alén de que non se chegou a modificar o art. 141 da Constitución, o debate parlamentario si conseguiu emendar o art. 152. Desta forma, foi aceptada a inclusión dun terceiro punto dentro do art. 152, que viña recoñecer as Comunidades Autónomas como competentes para crear ámbitos supramunicipais nos seus respectivos territorios. Este precepto foi introducido polo deputado J. Reventós Carner, do Partit del Socialistes de Catalunya —PSC—, e aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na Comisión Constitucional do Congreso. Para este deputado catalanista había no conxunto do Estado territorios cunhas realidades organizativas singulares e propias que debían ser recoñecidas e institucionalizadas para dar resposta ás demandas sociais. Exemplifica a necesidade de recoñecemento das comarcas coa situación en Cataluña:

> La constatación empírica de que en muchas nacionalidades y regiones de España existen realidades territoriales, geográficas, con un conjunto socioeconómico-político que aglutina y verifica en solidaridad el quehacer colectivo de los habitantes que en ellas viven. No me voy a referir a muchas, pero sí a unas muy concretas, que son las que mejor conozco: las comarcas catalanas. Esta enmienda trata de recoger la posibilidad de que las entidades autonómicas puedan reconocer, establecer e institucionalizar estas realidades con personalidad jurídica plena. (…) Daría satisfacción a una vieja aspiración del movimiento comarcalista, viva y profundamente sentida no solamente en Cataluña, sino en otras muchas zonas de España (J. Reventós Carner —PSC—, DSCD 16/6/1978).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Desde o punto de vista académico, Entrena Cuesta (1984) ou Muñoz Machado (1984) consideran que tal e como está formulada a Constitución cumpriría falar de dous tipos de *agrupaciones de municipios*. Por unha banda, as agrupacións do art. 141, que dependen do que decida o lexislador estatal ao fixar as bases de réxime local. E, por outra banda, as agrupacións do art. 152, que, aínda que o Estado é o competente para abordar os principios xerais de organización, veñen determinadas por vía dos Estatutos de Autonomía. Respecto ao art. 152.3, Ferreira Fernández (1999) engade que a súa incardinación nun capítulo de vocación autonómica e que a súa procedencia do catalanismo apuntan a un modelo comarcal ben diferente do recollido no art. 141.3, no sentido de que se presenta como máis próximo aos presupostos do nacionalismo catalán.

Así e todo, hai consenso entre os distintos expertos en que a Constitución de 1978 non remata de definir a organización territorial de forma completa, senón que unicamente ofrece un marco para que as leis autonómicas, isto é, os estatutos, regulen este cometido. As escasas e parcas referencias que a Constitución de 1978 dedicou á cuestión comarcal, e ao tema local en xeral, levou a que o Tribunal Constitucional —TC—, o seu máximo intérprete, tivese que realizar un labor de construción dogmática que foi alén do recoñecemento da lexitimidade ou ilexitimidade constitucional de preceptos normativos concretos (Entrena Cuesta, 1984; Martín Mateo, 1987; Ferreira Fernández, 1991, 1999). Desta forma, o TC foi o que, con maior ou menor fortuna, sentou o baseamento normativo sobre o que o ámbito comarcal pode ou debe desenvolverse.

Respecto ao art. 141.3, o TC pronunciouse na Sentenza 32/1981, do 28 de xullo, en relación cun recurso de inconstitucionalidade promovido polo presidente do Goberno contra a *Llei 6/1980, de 17 de desembre, de transferència urgent i plena de les diputacions catalanes a la Generalitat*. En primeiro lugar, o TC considerou que as provincias e os concellos eran «elementos arquitecturales indispensables del orden constitucional» e que a propia Constitución garantía a súa preservación en todo o territorio español. Porén, o TC tamén reparou en que o texto constitucional permitía a creación de agrupacións de concellos diferentes da provincia. Así, aínda que a autonomía destes ámbitos non estaba constitucionalmente garantida poderían asumir, de acordo cos Estatutos de Autonomía, funcións derivadas dos concellos e das provincias, o que implicaba unha redución no contido das mesmas:

> El texto constitucional contempla también la posibilidad de crear agrupaciones de municipios diferentes de la provincia. Es claro que estas agrupaciones cuya autonomía no aparece constitucionalmente garantizada, pero que tienen una clara vocación autonómica correctamente confirmada en el Estatuto de Cataluña, podrán asumir el desempeño de funciones que antes correspondían a los propios municipios o actuar como divisiones territoriales de la comunidad autónoma para el ejercicio descentralizado de las potestades propias de ésta, pero también el ejercicio de competencias que eran anteriormente competencias provinciales, con lo que por esta vía puede producirse igualmente una cierta reducción en el contenido propio de la autonomía provincial (STC 32/1981: FJ 3º).

Non obstante, o TC sinalaba na STC 32/1981 que as administracións autonómicas non poderían avanzar até o «extremo» de baleirar de competencias ás entidades locais garantidas pola Constitución: «ni la gestión desconcentrada puede ser sustitutivo de la descentralización, (…) ni podría la lícita transferencia a las Comarcas (…) llevarse hasta el extremo de vaciar totalmente a éstas [ás provincias] de sus actuales funciones como entes locales» (STC 32/1981: FJ 4º). Deste xeito, o alto tribunal entendeu que ningunha lei podía desposuír as deputacións provinciais de todas as súas competencias, nin para residilas no goberno autonómico nin para

traspasalas a outros entes territoriais de novo cuño, tales como as comarcas. Desde o punto de vista académico, Muñoz Machado (1984: 52) repara en que a única vía posible na coexistencia entre provincias e comarcas estaba en succionar das primeiras «toda la sustancia que sea constitucionalmente posible» e radicar estes contidos nas segundas.

Uns anos máis tarde, o TC volveu a pronunciarse sobre a cuestión comarcal, nesta ocasión, respecto ao outro precepto constitucional que garante a autonomía comarcal: o art. 152.3. A través da Sentenza 179/1985, do 19 de decembro, en relación a varios recursos de inconstitucionalidade presentados polos gobernos catalán e vasco contra a *Ley 24/1983, de 21 de diciembre, de medidas urgentes de saneamiento y regulación de las haciendas locales*, o TC recoñeceu manifestamente a posibilidade dos estatutos autonómicos para crear ou suprimir «demarcaciones supramunicipales» alén das provincias e considerou que o Estado unicamente tiña capacidade para ditar normas básicas sobre a materia:

> Aprovechando la posibilidad que ofrece el art. 152.3 de la Constitución, los Estatutos de Autonomía de Cataluña y del País Vasco atribuyen a las respectivas comunidades (…) la competencia para crear demarcaciones supramunicipales. Esta competencia autonómica no excluye, ciertamente, la competencia estatal para dictar las normas básicas sobre la materia, pero sí la posibilidad de que el Estado cree o mantenga en existencia, por decisión propia, unas Entidades Locales de segundo grado que, como tales, sólo los órganos de las correspondientes comunidades autónomas en Cataluña y en el País Vasco son competentes para crear o suprimir (STC 179/1985: FJ 2º).

En relación con estes pronunciamentos do TC, Ferreira Fernández (1999, 2000) considera que só cumpriría a posibilidade de falar dunha «comarca autonómica» ou «estatutaria», que se materializaría nos Estatutos de Autonomía e nas leis autonómicas. Entende que a STC 179/1985 diluíu calquera diferenza que puidese haber entre os art. 141.3 e 152.3 da Constitución, de maneira que o segundo non debía ser máis que entendido como unha precisión de competencias do primeiro. Así, só as Comunidades Autónomas eran as competentes para crear e regular agrupacións de concellos nos seus territorios e ao Estado unicamente lle competería ditar unhas «normas básicas». Porén, Ferreira Fernández (1999, 2000) considera que o Estado, ao fixar a posición dos concellos e das provincias, está, *de facto*, limitando o campo de actuación das Comunidades Autónoma á hora de decidir a súa organización interna.

4.4.2 A comarca no Estatuto de Autonomía de Galicia (1981)

Ademais do texto constitucional, a outra norma fundamental actual no ordenamento xurídico galego que tamén abrangue a cuestión comarcal é o Estatuto de Autonomía de Galicia —EAG— de 1981, vixente até día de hoxe. O Estatuto galego veu establecer un vencello entre a súa organización territorial interna e a identidade diferencial galega, dun xeito semellante a como fixeran con anterioridade os estatutos catalán e vasco, ambos os dous aprobados en 1979. A comarca pasou a concibirse, xunto coa parroquia, como «entidades locais propias de Galicia», e a Comunidade Autónoma foi considerada como competente para recoñecela como entidade local con personalidade xurídica e competencias propias. Os artigos do EAG (1981) que reparan na cuestión comarcal, tanto de xeito directo como indirecto, son os seguintes:

> A organización territorial terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento (EAG 1981, art. 2.2).
>
> Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia de acordo co presente Estatuto (EAG 1981, art. 2.3).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: (…) 2. Organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia, alteracións de termos municipais comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións que sobre o Réxime Local correspondan á Comunidade Autónoma ao amparo do artigo 149.1.18 da Constitución e o seu desenvolvemento (EAG 1981, art. 27.2).
>
> Nos termos previstos no artigo 27.2 deste Estatuto, por lei de Galicia poderase: 1. Recoñecer a comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación de seu. A comarca non suporá, necesariamente, a supresión dos municipios que a integren (EAG 1981, art. 40.1).

O EAG (1981) foi o resultado dunha serie de acordos políticos, tamén no que respecta á cuestión da organización territorial do país. En 1978, distintos partidos políticos e outras organizacións achegaron os seus proxectos e/ou bases para contribuír ao futuro estatuto de autonomía, o que implicou distintas intencións respecto ás unidades comarcais (Xunta de Galicia, 1978a, 1978b). Dunha banda, a comarca foi contemplada como un perímetro acaído á hora de definir o territorio de Galicia. E, doutra banda, a comarca foi vista como un ámbito territorial convertible en ente local dotado de competencias e capacidade xurídica propia.

A comarca, como ámbito territorial á hora de definir o conxunto do país, aparecía unicamente en dous dos proxectos estatutarios: o do Partido Obreiro Galego —POG— e o do Partido do Traballo de Galicia —PTG—. O POG, no seu *Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia*, sinalaba que «o territorio de Galicia comprende as comarcas integradas nas actuais provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra» e, igualmente, empregaban este termo para indicar que «poderán acceder á comunidade autonómica galega aquelas comarcas colindantes coas provincias devanditas e que historicamente estiveron vencelladas á realidade lingüística, cultural e social de Galicia» (art. 4). O ámbito comarcal foi tratado dun xeito semellante no *Anteproxecto de Estatuto* presentado polo PTG, aínda que empregando o termo «bisbarra»: «o territorio de Galicia é o das parroquias, municipios e bisbarras comprendidos dentro dos actuais límites administrativos das catro provincias de Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra» (art. 2).

Porén, a meirande parte dos partidos políticos que presentaron algún proxecto de estatuto de autonomía consideraban que a comarca debería de converterse nun ente local dotado de competencias (Xunta de Galicia, 1978a, 1978b). Foron varios os textos estatutarios propostos que dispuñan que unha das competencias exclusivas do Parlamento de Galicia era a implantación da comarca —e a parroquia— como ente local. Así, o *Anteproyecto de Estatuto de Autonomía de Galicia* presentado por AP indicaba que era «competencia exclusiva» «la política territorial de administración local, sobre la base de la parroquia, el municipio y la comarca» (art. 25.3). Tamén o Partido dos Socialistas de Galicia —PSdeG-PSOE—, nas súas *Bases pra un Estatuto de Galicia*, consideraba como «competencia exclusiva» do Parlamento de Galicia «a orgaización e desenvolvemento do réximen local sobor das bases da parroquia, o municipio e a bisbarra» (Base 20.3).

O PG reparaba no seu *Anteproiecto de Estatuto de Autonomía de Galicia* que só ao poder galego lle competía a «organización e réxime local de Galicia sobre as bases do reconocemento da persoalidade xurídica da parroquia rural, do municipio ou concello e da comarca» (art. 31.1.b). Para o Partido Comunista de Galicia —PCG— quedaba reservada, segundo o indicado no seu *Estatuto de Autonomía de Galicia*, que competía á Xunta de Galicia a «lexislación exclusiva» sobre «a orgaización do Réxime Local de Galicia sobor das bases da parroquia, o municipio e a comarca» (art. 22.2). Noutro texto, no *Anteproxecto de Estatuto de Autonomía*

USC DE COMPOSTELA

de Galicia, o Partido Socialista Galego —PSG— consideraba que «a nación galega estructurará a súa organización territorial en parroquias, concellos, comarcas e rexións» (art. 8). Tamén o proxecto de Estatuto presentado polo POG estimaba que unicamente ao órgano de goberno do país lle correspondía lexislar sobre a «organización do réxime local de Galicia, sobre a base do recoñecemento da persoalidade xurídica da parroquia rural e a comarca, e a división do territorio que corresponda» (art. 36.2).

Un exemplo que nos resulta interesante é o tratamento que sobre a comarca achega a Liga Comunista Revolucionaria —LCR— nas súas *Bases para o Proxecto de Estatuto de Galicia.* Esta forza política foi a única que consideraba que se debía garantir a representación de todas as bisbarras na Asemblea de Galicia: «na súa elección garantizarase a representación territorial atendendo ao número de habitantes e asegurando a representación de cada unha das bisbarras» (Base II). Isto invítanos a pensar en que a LCR procuraba que os ámbitos comarcais se convertesen en circunscricións electorais ou ben que existise algún mecanismo que obrigase as distintas forzas políticas a incluír en nas súas listas electorais representantes de todas as comarcas galegas.

Finalmente, cómpre destacarmos as achegas a prol do estatuto de autonomía para Galicia remitidas por outros organismos, que se significaron de xeito especial polas súas contribucións en materia de organización territorial (Xunta de Galicia, 1978a, 1978b). Así, desde o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, nas súas *Sugerencias para el Anteproyecto de Estatuto de Autonomía de Galicia*, apuntaban que «la realidad de la estructura territorial gallega requiere que (…) se reestructure la ordenación territorial, adecuándola a su naturaleza específica. Realidades como la parroquia rural y la comarca han de ser contempladas en el Estatuto» (Punto III). Pola súa banda, o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Depositarios de Administración Local remitiu uns *Apuntes para el Proyecto de Estatuto de Autonomía de Galicia*, no que consideraba que «mediante la asociación de municipios limítrofes, podrán establecerse comarcas que gozarán de plena personalidad jurídica para la prestación de servicios comunes» (Base 1.6).

Unha vez se foron coñecendo estas achegas a prol do futuro estatuto de autonomía de Galicia, a Asemblea de Parlamentarios Galegos —composta por todos os deputados e senadores que foran elixidos polas provincias galegas tras as eleccións estatais de 1977— e a Xunta preautonómica acordaron nomear unha comisión —formada por 16 integrantes de sete partidos políticos con presenza en Galicia: oito de UCD, dous do PSdeG-PSOE e de Coalición Democrática (CD) e un representante do PCG, do PG, do POG e do PTG— como grupo de traballo que sistematizara as distintas contribucións (Reimóndez Portela, 1979; García Cotarelo et al., 1986; López Mira, 1993). O sete de abril de 1979, a comisión presentou o seu *Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia*, coñecido como o *Estatuto dos dezaseis* en relación ao número de relatores. Respecto á cuestión comarcal, o *Estatuto dos dezaseis* asumía a *comarca* como unha das pezas básicas da organización local de Galicia e sinalaba que era competencia da Asemblea galega a súa regulación: «organización e réxime local de Galicia sobre as bases do recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia rural, do concello e da comarca; e asemade a división do territorio a estes efectos» (art. 23.2).

Porén, a Asemblea de Parlamentarios Galegos non aceptou o *Estatuto dos dezaseis*, o que levou ao nomeamento dunha nova comisión co obxectivo de elaborar un novo texto estatutario (López Mira, 1993). A «nova» comisión pasou a estar integrada por nove parlamentarios: seis da UCD, dous do PSdeG-PSOE e un de CD. O proxecto, moi semellante ao *Estatuto dos dezaseis*, foi aprobado pola Asemblea de Parlamentarios Galegos e publicado no BOE o 20 de xullo de 1979 como *Proyecto de Estatuto de Autonomía de Galicia* (García Cotarelo et al., 1986). No relativo á comarca, o art. 22.2 consideraba a Galicia competente na súa demarcación

e organización como ente local con personalidade xurídica propia: «organización, demarcación y régimen local de Galicia, con reconocimiento de la personalidad jurídica de la parroquia rural y de la comarca» (art. 22.2). A novidade respecto ao texto anterior foi que se engadiu un novo artigo que veu recoñecer as comarcas como agrupacións de concellos para uns determinados fins: «se reconocerá la personalidad jurídica de la comarca, como ente local constituido por agrupación de municipios para la consecución de fines generales o singulares. La comarca no supondrá, necesariamente, la supresión de los municipios que la integran» (art. 40.1).

O proxecto de Estatuto foi introducido en fase parlamentaria o 10 de setembro de 1979 e implicou que se presentasen 393 emendas. A Comisión Constitucional do Congreso —formada por 26 deputados: 11 de UCD, sete do PSOE, tres de CD e un representante doutros cinco partidos— refutou o proxecto de estatuto inicial e presentou un novo, que unicamente foi avalado pola UCD —mais coa oposición de significativos dirixentes do partido en Galicia— (García Cotarelo et al., 1986). O texto foi publicado no BOE o 14 de decembro de 1979 como *Estatuto de Autonomía para Galicia, dictamen de la Comisión*, coñecido como o *Estatuto da aldraxe*. Pese ao rexeitamento en torno a este proxecto de Estatuto por consideralo pouco ambicioso e un agravio comparativo respectos dos estatutos catalán e vasco, o certo é que no que respecta á organización territorial de Galicia, e á comarca en particular, foron redactados na forma exacta na que se manteñen na actualidade.

A situación de descontento xeneralizado entre amplos sectores da sociedade galega co *Estatuto da aldraxe* levou a que, o 29 de setembro de 1980, no coñecido como *Pacto do Hostal*, distintas forzas políticas galegas —a saber: UCD, PSdeG-PSOE, AP, PG e PCG— chegasen a un acordo para modificar os puntos controvertidos (López Mira, 1993; Yebra Martul-Ortega, 1993). A proposta de cambios foi remitida á Asemblea de Parlamentarios de Galicia e á Comisión Constitucional do Congreso que as tomou en estima e achegou un novo texto que, no relativo á cuestión comarcal, non implicou cambios respecto do proxecto anterior, isto é, o emanado da Comisión Constitucional do Congreso. O «novo» texto foi publicado no *Boletín de las Cortes Generales* o 4 de novembro de 1980 como *Proyecto del Estatuto de Autonomía.* Posteriormente, foi sometido a referendo o 21 de decembro de 1980 e apoiado por unha ampla maioría, aínda que cunha enorme abstención. Logo, veu a súa ratificación polo Congreso e o Senado e finalmente foi aprobado como *Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril*.

Desde o punto de vista académico, González Mariñas (1994) e Meilán Gil (2006) consideran que o Estatuto galego supuxo un paso adiante na reivindicación da comarca ao recoñecela como ámbito «propio», aínda que logo a súa funcionalidade e natureza quedasen diluídas ao deixar a súa regulación a unha lei parlamentaria. Ambos os dous académicos asumen que a comarca é unha peza «obrigada», xa que o art. 40 do Estatuto non se pode entender como «potestade discrecional», senón que é «de necesario exercicio». Neste sentido, Meilán Gil (2006: 286) di que «nin a Comunidade autónoma nin o Estado poden ignoralas [a parroquia e a comarca] sen previa reforma do Estatuto». Tamén González Mariñas (1994: 181) repara en que «o lexislador non pode traizoa-la "orientación", facendo continxente o que no Estatuto aparece como ligado á identidade galega».

4.4.3 A lexislación básica estatal en materia comarcal

En relación coas entidades locais, o Estado asumiu a súa responsabilidade para ditar, na liña en que lle foi recoñecido polo TC, unhas «normas básicas». Así, a *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local* —LRBRL—, vixente na actualidade malia que moi modificada, veu conter esas pautas básicas para que as comunidades autónomas con competencias en materia local puidesen desenvolver ditas capacidades (Martín Mateo, 1987). Respecto ás comarcas, estas son consideradas no Título IV da LRBRL, que está dedicado a

«otras entidades locales» diferentes de concellos, provincias e illas. Neste contexto, o primeiro dos artigos deste título, o art. 42, ocúpase de todo o relacionado coa cuestión comarcal. Considera que as comunidades autónomas están capacitadas legalmente para crearen comarcas no seu territorio, así como para determinaren a súa composición, funcionamento, competencias e recursos:

> Las Comunidades Autónomas, de acuerdo con lo dispuesto en sus respectivos Estatutos, podrán crear en su territorio comarcas u otras entidades que agrupen varios Municipios, cuyas características determinen intereses comunes precisados de una gestión propia o demanden la prestación de servicios de dicho ámbito (LRBRL 1985, art. 42.1).
>
> La iniciativa para la creación de una comarca podrá partir de los propios Municipios interesados. En cualquier caso, no podrá crearse la comarca si a ello se oponen expresamente las dos quintas partes de los Municipios que debieran agruparse en ella, siempre que, en este caso, tales Municipios representen al menos la mitad del censo electoral del territorio correspondiente. Cuando la comarca deba agrupar a Municipios de más de una Provincia, será necesario el informe favorable de las Diputaciones Provinciales a cuyo ámbito territorial pertenezcan tales Municipios (LRBRL 1985, art. 42.2).
>
> Las Leyes de las Comunidades Autónomas determinarán el ámbito territorial de las comarcas, la composición y el funcionamiento de sus órganos de gobierno, que serán representativos de los Ayuntamientos que agrupen, así como las competencias y recursos económicos que, en todo caso, se les asignen (LRBRL 1985, art. 42.3).
>
> La creación de las Comarcas no podrá suponer la pérdida por los Municipios de la competencia para prestar los servicios enumerados en el artículo 26 (LRBRL 1985, art. 42.4).

Con todo, desde o mundo do dereito administrativo, valorouse que a LRBRL (1985) foi pouco ambiciosa ao concibir a comarcalización como unha «simple» agrupación de concellos. En palabras de Muñoz Machado (1984: 48): «la agrupación de una serie de entes incapaces para formar entre todos ellos un nuevo ente capaz». Tamén Ferreira Fernández (1999, 2000) opina que a comarcalización deseñada na LRBRL (1985) non vai alén dunha agrupación de concellos, xa que o novo ente comarcal en ningún caso busca suprimir e/ou substitúa os concellos que están no chanzo inferior.

Uns anos máis tarde, foi presentada outra norma estatal que veu condicionar as facendas locais, a *Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales* —LRHL—. Respecto ás comarcas, a LRHL (1988) consideraba que estas «podrán establecer y exigir tasas, contribuciones especiales y precios públicos, de conformidad con los previsto en sus respectivas normas de creación» (LRHL 1988, art. 133). Porén, a norma foi especialmente estrita coas facendas comarcais, xa que, segundo o art. 136 da LRHL (1988), as comarcas non tiñan competencia para exixiren unha serie de tributos que contemplaba dita lei nin tampouco a participar nos orzamentos repartidos polo Estado ás entidades locais. Os recursos económicos que xestionarían os entes comarcais virían marcados unicamente por leis autonómicas.

En relación co tratamento do ámbito comarcal pola lexislación estatal básica, en concreto a LRBRL (1985), é esencial darmos a coñecer os pronunciamentos do TC ao respecto. Así, a raíz de varios recursos de inconstitucionalidade presentados polos gobernos e parlamentos de Galicia e Cataluña contra a LRBRL, o TC, na Sentenza 214/1989, do 21 de decembro, afirmou, de xeito máis esclarecedor que nas STC 32/1981 e STC 179/1985 —analizadas no apartado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

anterior—, que a creación e regulación das comarcas unicamente era competencia das comunidades autónomas:

> Se trata (…) de unas Entidades con un fuerte grado de "interiorización" autonómica, por lo que, en la determinación de sus niveles competenciales, el Estado no puede sino quedar al margen. Corresponde, pues, en exclusiva a las Comunidades Autónomas determinar y fijar las competencias de las Entidades locales que procedan a crear en sus respectivos ámbitos territoriales. Asignación de competencias que, evidentemente, conllevará una redistribución, si bien con el límite de que esa reordenación no podrá afectar al contenido competencial mínimo a estas últimas garantizado como imperativo de la autonomía local que la Constitución les reconoce (STC 214/1989: FJ 4º b).

Amais, o TC pronunciouse, no sentido marcado polo art. 42.4 da LRBRL, en defensa dos concellos. Segundo o TC, a autonomía dos concellos estaba constitucionalmente garantida e nin sequera a materialización dun «municipios-comarca» podía diluír os concellos que abranguese, xa que a Constitución unicamente prevía as comarcas como agrupación de concellos. Desta forma, o TC consideraba axeitado que a LRBRL (1985) viñese marcar un límite infranqueable á redistribución de competencias que como consecuencia da creación de comarcas puidesen acometer as comunidades autónomas:

> La creación de comarcas podrá repercutir en las competencias de los municipios agrupados en las mismas, pero tal hecho no puede en ningún caso desembocar en una abolición, por desapoderamiento total, de la autonomía municipal constitucionalmente garantizada (STC 214/1989: FJ 13º c).

No caso concreto de Galicia, o TC foi máis severo. Considerou que o art. 42.2 da LRBRL (1985) non invadía nin vulneraba as competencias autonómicas en materia comarcal, xa que entendía que o EAG (1981) non configuraba a comarca como «entidad necesariamente integrante de la organización territorial» de Galicia. Segundo dito tribunal, en Galicia, a diferenza de Cataluña, as comarcas non gozaban de garantía estatutaria e, polo tanto, non eran necesarias na organización territorial:

> De acuerdo con lo dispuesto en (…) el Estatuto de Autonomía de Galicia, la comarca no se configura como una entidad necesariamente integrante de la organización territorial de la Comunidad Autónoma. Este hecho a diferencia de la opción por la que se han decantado otros Estatutos, tal es el caso de Cataluña, conlleva un efecto fundamental, consistente como resultante de la potestad de autoorganización de la propia Comunidad Autónoma. (…) En consecuencia, las comarcas no aparecen dotadas de ninguna garantía estatutaria, al no ser sino entes contingentes en función de la decisión que adopte el legislador autonómico, el cual, si bien podrá disponer sobre la constitución y creación de tales entes, deberá hacerlo, en todo caso, con sujeción a las exigencias determinadas por la legislación básica estatal. (…) Ni es necesario de la organización territorial de la comunidad autónoma, ni goza, por ello, de garantía estatutaria alguna (STC 214/1989: FJ 13º a).

A Disposición Adicional 4ª da LRBRL (1985), que viña amparar as comarcas catalás, foi obxecto de recurso por parte do goberno de Galicia ao considerar que era discriminatoria. Neste sentido, o TC, na mesma Sentenza 214/1989, do 21 de decembro, entendeu que dita DA 4ª non marxinaba Galicia e que a posición de ambas as dúas comunidades autónomas respecto á

cuestión comarcal non resultaba equiparable. Segundo o TC, Galicia, a diferenza de Cataluña, non preveu no seu estatuto de autonomía unha «organización comarcal de carácter general» (STC 214/1989: FJ 13º b). En resumo, o TC declarou axustada ao texto constitucional a regulación que a LRBRL (1985) achegaba sobre a comarca.

Segundo as interpretacións académicas dalgúns xuristas, as accións do Estado, a través da LRBRL (1985) e da LRHL (1988), avanzaron en detrimento das competencias en materia de organización do territorio e administración local que as disposicións constitucionais e estatutarias lles asignaron como propias ás comunidades autónomas. Para Ferreira Fernández (1999) o lexislador estatal «non se resistiu» a ir alén de fixar uns criterios básicos co fin de coordinar e dirixir o labor normativo autonómico en materia comarcal. Tamén Meilán Gil (1991) considera que nas leis estatais quedou patente o «principio de desconfianza comarcal». Nunha postura máis crítica, González Mariñas (1994) afirma que os veredictos do TC zumegan un inequívoco sentido político, na liña do igualitarismo centralista.

Recentemente, a LRBRL (1985) foi modificada parcialmente pola *Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local* —LRSAL—. Para unha gran cantidade de académicos, a reforma da organización territorial que implicou esta lei xustificouse retoricamente na racionalidade, eficiencia e eficacia económica, mais agochou en verdade un proceso de centralización e desconfianza cara ao mundo local (Mendizàbal Riera, 2014; Ferret Jacas, 2014; Vila Vázquez et al., 2015; Membrado Tena, 2016). Seguindo a ideoloxía liberal herdada do século XIX, a LRSAL (2013) veu reforzar o papel das deputacións provinciais na prestación de servizos supramunicipais, laminando, unha vez máis, as previsións estatutarias. As deputacións provinciais pasaron a asumir, entre outras, a cooperación e coordinación dos servizos nos concellos de menos de 20.000 habitantes.


En relación co tema comarcal, Burgueño Rivero (2014) ou Argullol Murgadas (2014) sosteñen que a LRSAL (2013) permitiu, de xeito positivo, que a cooperación e asistencia aos concellos non fose unicamente exercida polas deputacións provinciais, senón que tamén puidesen ser as comarcas: «las previsiones de esta Ley se aplicarán respetando la organización comarcal en aquellas Comunidades Autónomas cuyos estatutos de autonomía tenga atribuida expresamente la gestión de servicios supramunicipales» (LRSAL 2013, DA 6ª). Porén, Membrado Tena (2016) apunta a que os entes intermedios, tales como as comarcas, corrían o risco de desaparecer no caso de non teren as súas contas saneadas. Tamén desde unha postura crítica, Vila Vázquez et al. (2015) afirman que o contexto económico foi empregado como subterfuxio para reducir a competencia das comunidades autónomas á hora de organizar os seus territorios.

4.5 A CUESTIÓN COMARCAL NO PRIMEIRO AUTONOMISMO GALEGO (1981-1989)

Os primeiros anos de autonomía en Galicia coinciden coa década dos 1980, até a chegada de M. Fraga Iribarne ao goberno. Percíbese neles unha certa vontade por institucionalizar a comarca como ámbito local (González Mariñas, 1994; Ferreira Fernández, 1999). O debate no Parlamento de Galicia durante as dúas primeiras lexislaturas (1981-1985 e 1985-1989) permitiu observar que a aposta polas comarcas veu, aínda que con diferente intensidade e significados, desde diferentes forzas políticas. A chegada da democracia tamén supuxo unha descentralización de competencias ás comunidades autónomas que levou a que se abrise un novo camiño no relativo á organización territorial das distintas políticas sectoriais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.20. Evolución dos partidos políticos no Parlamento de Galicia (1981-1989) [1]



Fonte: Parlamento de Galicia. Elaboración propia.

4.5.1 Os primeiros debates comarcais no Parlamento de Galicia

Os partidos políticos que acadaron representación parlamentaria nas primeiras eleccións autonómicas galegas, celebradas en outubro de 1981 (Figura 4.20), reflectían de xeito maioritario nos seus programas electorais un maior pulo na consideración da comarca. Así, a forza máis votada, AP, apostaba no seu programa electoral por unha «descentralización administrativa» na que o «ámbito comarcal» —e o municipal— pasarían a asumir funcións delegadas: «una correcta descentralización administrativa, mediante la delegación de funciones en órganos de ámbito local, comarcal o municipal, acercándose lo más posible al administrado» (AP, 1981: 6).

O PSdeG-PSOE defendía, xa desde ben cedo, no seu programa para as autonómicas de 1981, que o acceso á autonomía de Galicia levaba implícito «o dereito e a necesidade de se dotar dunha organización política e administrativa propias» (PSdeG-PSOE, 1981: 19). Demandaban que a «nova estructuración do territorio consistirá fundamentalmente na elaboración dun proxecto de comarcalización» (PSdeG-PSOE, 1981: 84), que estaría amparado por lexislación específica que recoñecese a comarca —e a parroquia— «con plena capacidade xurídica» (PSdeG-PSOE, 1981: 84). Neste sentido, segundo o PSdeG-PSOE, o sustento administrativo da comarca dependería da «expansión» da esfera local, por un lado, e da «absorción» do ámbito provincial, por outro. Porén, este partido mostraba unha alta ambigüidade respecto da comarca, xa que sinalaba que este recoñecemento xurídico da comarca «non ten por que representar, nun principio, a creación dunha nova administración que *acarree* máis burocracia e gasto público» (PSdeG-PSOE, 1981: 84).

Nas primeiras eleccións autonómicas de 1981, a coalición do Bloque Nacional-Popular Galego (BNPG) —que integraba a Unión do Povo Galego (UPG) e a Asemblea Nacional-

[1] Na 1ª lexislatura (1981-1985), a UCD quedou con 5 deputados ao formar 10 deles CG e 8 o Grupo Independente. O escano restante desta formación quedou vacante desde marzo de 1984. Na 2ª lexislatura (1985-1989), CG restou con 6 deputados, xa que 5 crearon o PNG. CP quedou con 29 ao formar 5 a Unión Demócrata Galega —UDG— e integrarse en CG, o que volveu situar a este partido nos 11. O PNG restou con 3 deputados, xa que 2 pasaron ao Grupo Mixto. Tamén 2 deputados do PSdeG-PSOE pasaron ao Grupo Mixto, o que levou ao partido a quedar con 20 escanos.

Popular Galega (AN-PG)— e o PSG defendían un modelo político-administrativo sustentado en cando menos catro niveis: parroquias, concellos, comarcas e o conxunto de Galicia —aínda que tamén falaban da posibilidade de incorporar as «rexións» como ámbito intermedio entre as comarcas e o conxunto do país—. Así, desde o BNPG-PSG apostaban de xeito claro por unha «reestruturación administrativa de Galícia en base ás suas entidades naturais: comarca, bisbarra e parróquia» e a conseguinte «desaparición das diputacións, gobernos civis e províncias» (BNPG-PSG, 1981: 4).

Tamén desde outras forzas políticas que acadaron representación parlamentaria nas autonómicas de 1981, como Esquerda Galega —EG— ou o PCG, se defendeu o avance na comarcalización de Galicia. Para EG (1981) a instauración das comarcas en Galicia era unha medida necesaria que axudaría a resolver boa parte da problemática dos pequenos concellos. No caso do PCG (1981), o seu programa electoral demandaba unha lei de réxime local que implantase a comarca a parroquia e que supuxese a «drástica» redución das competencias das deputacións provinciais.

Alén dos programas electorais dos principais partidos políticos, a primeira lexislatura da autonomía galega (1981-1985), que contou con G. Fernández Albor —de AP— á fronte da Xunta de Galicia, trouxo un interesante debate en materia comarcal. Neste contexto, en 1983, o goberno da Xunta presentou no Parlamento de Galicia un *Proxecto de lei de organización territorial de Galicia* (BOPG 7/12/1983). Na Exposición de motivos sinalábase que, de acordo co EAG (1981), a organización territorial de Galicia requiría dunha lei que fixase os diferentes niveis político-administrativos do país. Así, recoñecíase, por unha banda, a provincia e o concello como «entidades locais básicas» (art. 3) e, por outra, a comarca e a parroquia como «entidades locais propias» (art. 6).

Respecto da comarca, o punto III deste proxecto de organización territorial consideraba que «o lexislador é consciente da realidade social ó establece-lo expreso coñecemento da Comarca, (…) aínda que esta non acadase até a data os obxectivos desexables». Neste sentido, dise que a comarca «suplirá sen ningunha dúbida actividades que os Concellos que a compoñen non poden soportar illadamente». Xa dentro do articulado do proxecto, o art. 7 sintetiza que a comarca é «unha entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia» e que esta vén «determinada pola agrupación de concellos de proximidade continua e ininterrompida, con características xeográficas, socioeconómicas e históricas comúns». De xeito moi revelador, o proxecto de lei sobre organización territorial presentado por AP reparaba na constitución dun «Consello comarcal», que estaría integrado por un «presidente» e un número determinado de «vogais» para o goberno e a administración da comarca (art. 7.3). Desta forma, podemos entender que as comarcas serían entes locais que asumirían competencias.

Porén, a oposición política no Parlamento de Galicia considerou que o proxecto de lei non achegaba ningunha novidade. Sinalaban que era un proxecto baleiro de contido, no sentido de que non ía alén do que marcaba o propio EAG (1981). Ademais, criticaban que o proxecto de lei deixase para unha regulación posterior aspectos chave relativos ao réxime local e á situación das parroquias e comarcas como as súas competencias e funcións, así como a delimitación das comarcas. Desde as forzas da oposición tamén temían que a distinción que achegaba o proxecto entre «entidades básicas» —concello e provincia— e «entidades propias» —comarca e parroquia— levase a que as «propias» non acadasen o rango de ente local:

> Podíase dicir: (…) a Xunta de Galicia presenta o seguinte proxecto de lei. Artigo 1: "a organización territorial de Galicia serán as comarcas, as parroquias, a provincia e o municipio". Artigo 2: "Novas leis desenrolarán estes preceptos". Xa está! Non hai un só avance máis! (A. Guerreiro Carreiras —PCG— DSPG 28/2/1984).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Fálase (…) do concello e da provincia, e defínense como entidades territoriais básicas. A nós parécenos perigoso, porque tamén terían que ser básicas a parroquia e a comarca. Están facendo aquí unha distinción un tanto perigosa: unhas son propias e outras son básicas, pero as básicas son máis importantes. Logo, pode chegar un momento en que as nosas, as propias, sexan para accións máis ou menos titiriteiras, e as básicas sexan sobre as que se asente a Administración (C. Díaz Díaz ―PSdeG-PSOE― DSPG 28/2/1984).

Desde a Xunta de Galicia, o vicepresidente e conselleiro da Presidencia, J. L. Barreiro Rivas, defendeu o proxecto de lei como «necesario» e «prudente». Neste sentido, apuntaba a que este era o medio axeitado para «institucionalizar» a comarca e parroquia como «entidades locais propias» de Galicia, «superando a súa mera *posibilitación* que está contida no artigo 40 do Estatuto» (J. L. Barreiro Rivas ―AP―, DSPG 28/2/1984). Porén, o propio vicepresidente da Xunta de Galicia, como querendo marcar certa distancia co tema comarcal, apuntaba que esta «non é, nin pode se-la Lei das Comarcas Galegas á que se refire o artigo 40 (…) do Estatuto» (J. L. Barreiro Rivas ―AP―, DSPG 28/2/1984). Con todo, o proxecto non chegou a reunir a maioría parlamentaria necesaria para saír adiante.

Pouco tempo despois de coñecerse este proxecto de lei, desde o Grupo Parlamentario Socialista presentaron unha *Proposición de lei de actuacións prioritarias nas comarcas rurais* (BOPG 29/2/1984). O PSdeG-PSOE procuraba que se interviñese naqueles territorios deficitarios de infraestruturas e equipamentos e con alto grao de depresión económica e social. Na exposición de motivos sinalaban que a comarca era o ámbito territorial máis axeitado sobre o que implantar medidas de corrección: «as características das actuacións previstas (…) aconsellan para a súa racionalidade e eficacia unha planificación e desenrolo [sic] comarcais, por parecer este marco o máis axeitado». Porén, desde o PSdeG-PSOE eran conscientes da falla de definición dos ámbitos comarcais, polo que decidiron apoiarse nos partidos xudiciais existentes con anterioridade á entrada en vigor do Decreto de 1965 ―véxase apartado 4.1.3―. En palabras dun dos seus deputados: «ó non existir aínda unha organización comarcal "ex novo" por este Parlamento, recorremos a nos apoiar na organización comarcal que ata agora quizais é a que ten maior aceptación, que é a dos vellos Partidos Xudiciais» (B. Casal Vila ―PSdeG-PSOE―, DSPG 25/4/1984).

Outra norma tratada durante a primeira lexislatura autonómica e que consideraba o ámbito comarcal foi a *Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia*. En relación coa comarca, estipúlase que, á hora de establecer a clasificación do solo, tanto nos plans xerais municipais como nas normas subsidiarias, se debe ter en conta a estrutura comarcal: «os plans xerais ou normas, ao establecer o modelo territorial, deberán ter en conta a estructura comarcal» (art. 2). Así, a norma establece que «a efectos de coordinación do planeamento municipal, os concellos deberán notificar aos correspondentes concellos limítrofes e da mesma comarca o trámite de información pública» (art. 2).

En novembro de 1985 celebráronse novas eleccións en Galicia, que non mudaron demasiado o panorama político autonómico e que levaron á reelección de G. Fernández Albor como presidente da Xunta de Galicia. No programa electoral de AP, nesta ocasión como Coalición Popular ―CP―, consideraba a *comarca* como unha «entidade territorial con personalidade xurídica propia, dotada de autonomía e competencia para a defensa e promoción dos seus intereses» (CP, 1985: 26). Neste sentido, asumíase que era un ámbito axeitado que axudaría a solucionar a insuficiencia dos concellos no relativo á prestación de servizos. En relación co programa electoral de 1981, semella que, desta ocasión, CP pretendía darlle un maior pulo, xa que propuña «impulsa-la actividade lexislativa do Parlamento galego no sentido de lles atribuír ás comarcas cantas competencias lles correspondan» (CP, 1985: 26). Así, por

primeira vez, abríase a porta na forza política que logo se convertería no Partido Popular —PP— a dotar ás comarcas, aínda que de xeito prudente, de autonomía e competencias.

No programa electoral do PSdeG-PSOE para as autonómicas de 1985 tamén se consideraba a cuestión comarcal. A comarca viña definida como unha «unidade territorial básica da Organización Territorial de Galicia» (PSdeG-PSOE, 1985: 6). Porén, o que procuraban desde este partido político era convertela nun «órgano desconcentrado da Xunta, prestadora efectiva de servicios e instrumento primario de integración socio-económica» (PSdeG-PSOE, 1985: 6) ao entender que constituía un ámbito «eficaz» para xestionar as funcións que se lle confiasen. A comarca tamén se vencellaban ás políticas de ordenación do territorio, no sentido de que se prevía a elaboración de Plans Comarcais Integrados de Ordenación do Territorio, de escala comarcal. Estes plans permitirían a concreción das DOT, coordinarían as planificacións urbanísticas municipais e integrarían estratexias e programas de carácter sectorial das distintas administracións.

A defensa da comarca como peza chave da organización territorial de Galicia tamén se plasmou nos programas electorais das principais partidos nacionalistas galegos. Así, nos comicios de 1985, o Bloque Nacionalista Galego —BNG— propoñía delimitar as «comarcas socio-naturais» como base para a organización territorial de Galicia e co fin de mellorar a economía e facilitar as relacións da sociedade. Neste sentido, demandábase un Plan Nacional de Uso do Chan, que «implicaría a xerarquización funcional de todo o território galego; compriria, xa que logo, delimitar as rexións e comarcas sócio-naturais nas que se estrutura e desenvolve a economía galega e as relacións entre os seus habitantes» (BNG, 1985: 40).

Outro partido de carácter galeguista, Coalición Galega —CG—, demandaba no seu programa electoral de 1985 implantar unha organización territorial que vertebrase realmente Galicia e dese forza ás institucións propias. Defendíase a existencia de parroquias, concellos, comarcas e áreas metropolitanas, mais apostábase, de cara ao futuro, por poñer en práctica «un proceso de transformación voluntaria dos municipios en macro-municipios de ámbito comarcal, constituíndo extensos municipios-comarca de forma progresiva, (…) superando tamén o ríxido respecto dos límites provinciais» (CG, 1985: 13). Estas comarcas, ou «municipios-comarca», serían xestoras de competencias propias fixadas por lei e doutras delegadas pola Xunta e as deputacións e, ademais, o feito de apostar por un modelo de «macro-municipio» levaríaas a asumir paulatinamente as dos concellos. Porén, a diferenza do BNG, non prevían a «substitución total» das deputacións provinciais polas comarcas —ao ser considerado como un acto «anticonstitucional»—, mais si estimaban a «substitución parcial» dun certo ámbito de competencias.

Finalmente, desde a coalición entre PSG e EG, tamén de corte nacionalista galego, a defensa das comarcas como entes locais dotados de competencias tamén era evidente. No programa electoral para os comicios de 1985 apostaban pola «integración da Administración Local no Autogoverno Galego, eliminando as províncias e adoptando as comarcas e parróquias como novas entidades administrativas» (PSG-EG, 1985: s/p).

Neste contexto, o debate no Parlamento de Galicia durante esta segunda lexislatura (1985-1989) veu marcado por un intensa disputa sobre a organización territorial de Galicia en base ás comarcas. En 1987, o deputado e líder da colación PSG-EG, C. Nogueira Román, presentou unha *Proposición de lei reguladora de bases da organización territorial de Galicia* (BOPG 9/2/1987). A coalición de PSG-EG propuña unha nova organización territorial para Galicia en varios niveis: o nivel de base estaba formado pola *parroquia rural*, *barrio urbano*, *vila* ou *cidade*; o chanzo intermedio correspondía coa *comarca* ou *área urbana*; nun nivel superior estaba a *rexión* —formada por agrupación de comarcas e/ou áreas urbanas—; e o derradeiro chanzo abranguería o conxunto de Galicia, que constituiría unha soa *provincia*. Todos estes

niveis eran definidos como «entes locais propios» de Galicia (art. 18), agás a *rexión* que só sería concibida como un ámbito para a descentralización do traballo da Xunta de Galicia. Tamén consideraba os concellos e as provincias como «entes locais (…) por imperativo constitucional» (art. 11).

Na preámbulo desta proposición de lei, a comarca emerxía como un espazo de sumo interese na estruturación do país porque evitaba «dous atrancos na xestión dos intereses xerais»: o afastamento entre poboación e administración e a falla de medios suficientes para a prestación de servizos (BOPG 9/2/1987). Desta forma, o ámbito comarcal presentábase como o ente local alternativo á provincia —afastada dos cidadáns— e ao concello —con dificultades para subministrar servizos—. Xa dentro do articulado da norma, a comarca era definida como o ámbito territorial máis acaído para Galicia: «a comarca é o ámbito social dun territorio amplo (…) que polas condicións climáticas e xeográficas, e polas súas relacións socio-económicas e historia, resulta socioloxicamente coherente, xera sentimento de identidade colectiva nos seus habitantes e crea intereses comúns» (art. 8).

En relación co tema comarcal, dito proxecto de lei avanzaba máis. Así, o art. 21 recoñecía a comarca como o «ente administrativo intermedio entre o nivel local e o autonómico». O art. 22 sinalaba que contaría con «institucións representativas», a saber: unha «Asemblea», un «Consello» e un «presidente». A Asemblea estaría formada por representantes elixidos directamente polos veciños da comarca de forma proporcional á poboación de cada concello. Serían estes representantes os que elixirían entre eles o Consello e o presidente. Tamén se sinalaba que o aparello administrativo da comarca se constituiría basicamente mediante o traspaso de órganos e funcionarios dos concellos e das provincias. O art. 23 determinaba que as áreas urbanas terían unhas institucións e funcións análogas ás das comarcas, polo que a diferenza viría marcada unicamente polas características sociolóxicas da zona de que se tratase (BOPG 9/2/1987).

Respecto ás competencias e funcións que asumirían os entes comarcais, o art. 27 apuntaba que terían potestade regulamentaria e de organización propia, tributaria e financeira e de programación e planificación. Neste sentido, segundo o art. 28, as comarcas asumirían a «prestación de servicios públicos de interese supramunicipal» e corresponderíalle tamén «asegura-la prestación de servicios municipais». Singularmente, asumirían cometidos no eido do planeamento urbanístico, ordenación do territorio, medio ambiente, transportes, subministración e depuración de auga, recollida e tratamento de lixo, servizos sociais, cultura, cooperación na sanidade e ensino e prevención e extinción de lumes (art. 29). En relación coas facendas comarcais, a través do art. 33, indicábase que estas se nutrirían do Fondo de Cooperación Territorial de Galicia, das achegas dos concellos que formasen a comarca, así como de ingresos derivados do seu propio patrimonio, taxas, subvencións doutras entidades, operacións de crédito e doazóns e legados (BOPG 9/2/1987).

Con todo, a proposición de lei presentada polo PSG-EG foi cautelosa respecto á hora de poñer en funcionamento os entes comarcais. Ese proxecto especificaba que debería ser unha norma posterior aprobada no Parlamento de Galicia a que viría regular a organización, funcións e facenda das comarcas de maneira máis detallada, así como o seu territorio, nome e capitalidade. A través dunha disposición adicional contemplada no proxecto, establecíase que sería unha «Comisión Parlamentaria» asistida por expertos de distintas disciplinas a que se encargaría de promover a constitución dos órganos administrativos das comarcas, atendendo á remodelación de funcións dos órganos burocráticos e técnicos dos concellos e das provincias (DA 1ª).

Á vista dos resultados, este proxecto de lei abrangueu o groso do debate parlamentario en relación co tema comarcal durante a segunda lexislatura. Así, o seu promotor, o deputado C.

USC DE COMPOSTELA

Nogueira Román, sinalaba que «se tivese que resumir en algo o contigo desta proposición de lei, diría que o contido fundamental é a creación das comarcas e das áreas urbanas como entidades locais fundamentais de Galicia» (C. Nogueira Román —PSG-EG—, DSPG 29/4/1987). Neste sentido, consideraba que as comarcas viñan desempeñar un papel substancial na prestación de servizos á xente do rural: «creo que unicamente a través da creación das comarcas é posible proporcionarlles ós cidadáns do mundo rural servicios urbanos» (C. Nogueira Román —PSG-EG—, DSPG 29/4/1987). Tamén remarcou que o camiño aberto en Cataluña era o modelo a seguir.

Porén, desde os principais partidos con representación parlamentaria, isto é, CP, PSdeG-PSOE e CG, bloqueouse a aprobación desta proposición de lei. CP refutou sen matices dito proxecto argumentando que non se podían suprimir os entes existentes —concellos e provincias— para crear outros que non viñan mellorar nada: «por crear entres absurdos, por suprimir o camuflar los existentes, (…) por no resolver nada, ni la organización, ni las funciones, ni la hacienda» (M. Rajoy Brey —CP—, DSPG 29/4/1987). Desde o PSdeG-PSOE e CG recoñecían o mérito de traer un debate deste tipo ao Parlamento e mesmo consideraban viables algunhas das cuestións que se formulaban, mais apuxéronse á súa aprobación por considerar que a proposición de lei era «tosca» e «rudimentaria» e que non se apoiaba en estudos exhaustivos nin contaba coa participación de expertos na materia.

Ese proxecto unicamente reuniu o apoio, alén do partido promotor, dos deputados do Partido Nacionalista Galego —PNG— e do BNG. Neste contexto, o PNG consideraba que a proposición de lei era axeitada, xa que viña recoñecer uns ámbitos que eran sentidos pola xente: aínda son moitos os galegos que «non falan nin de concello, nin de provincia, nin de deputación» (X. H. Rodríguez Peña —PNG—, DSPG 29/4/1987), senón de aldea, parroquia e comarca. Desde este partido político tamén foron críticos coa postura mantida polas forzas políticas que se se opuxeron ao proxecto: «é lamentable; parece que falar da Fisterra, de Bergantiños, de Xallas, do golfo Ártabro da Mariña, das Rías Baixas, do Ribeiro, etc., (…) é malo, é malo para o señor Rajoy» (X. H. Rodríguez Peña —PNG—, DSPG 29/4/1987).

Pola súa banda, o BNG tamén mostrou o seu apoio a este proxecto de organización territorial, especialmente porque recoñecía a parroquia e a comarca como entes locais de Galicia. O seu líder, X. M. Beiras Torrado, xustificaba que debían «sermos coherentes coas nosas reivindicacións nacionalistas» (X. M. Beiras Torrado —BNG—, DSPG 29/4/1987). Este deputado, nunha clara mostra de apoio aos ámbitos comarcais, contestaba do seguinte xeito á intervención do representante de CP: «Señor Rajoy, (…) vostede di: “Parece que aquí es el único sitio de toda España en que el municipio no es el municipio”. Pois exactamente iso é» (X. M. Beiras Torrado —BNG—, DSPG 29/4/1987). Alén do apoio destes grupos minoritarios, o proxecto de lei presentado polo PSG-EG non conseguiu reunir o consenso necesario para a súa aprobación.

Alén deste debate, cara a finais da década dos 1980, foi aprobado pola Xunta de Galicia unha medida que contemplaba os perímetros comarcais como administración periférica do goberno autonómico. Así, a través do *Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se reorganiza a administración periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos órganos territoriais*, foron aprobadas unha serie de *delegacións* a varias escalas: *provincial*, *comarcal* e *local*. Respecto das *Delegacións Comarcais* da Xunta, dispúxose que se constituísen «unha vez que a organización territorial de Galicia dispoña do marco legal correspondente» (art. 9.1) e que prestarían «os servicios de rexistro xeral, información e asistencia aos administrados, así como calquera outro que lles sexa atribuído polos órganos competentes» (art. 9.2). As Delegacións Comarcais integrarían as Delegacións Locais que operasen na comarca e, á súa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vez, as Delegacións Comarcais dependerían organicamente das Delegacións Provinciais. Porén, non temos constancia de que fose creada ningunha Delegación Comarcal.

Finalmente, cómpre facermos mención dunha norma significativa aprobada durante o goberno tripartito de PSdeG-PSOE, CG e PNG (1987-1990), a *Lei 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia*. Esta lei procuraba establecer un control do gasto das deputacións provinciais que servise para sentar as bases cara a unha nova configuración territorial de Galicia. Segundo Yebra Martul-Ortega (1993), o obxectivo perseguido a longo prazo era a creación dunha comunidade autónoma uniprovincial e a recuperación do protagonismo das comarcas —aínda que na norma non se falaba delas—. Porén, a *Lei 8/1989* non se chegou a aplicar e ficou só no papel até a súa derrogación definitiva a través da *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia* —que analizaremos no apartado 8.4.4—.

4.5.2 Propostas de comarcalización na primeira autonomía

Alén dos intentos frustrados por establecer as comarcas como entes locais en Galicia, desde as administracións públicas traballouse de maneira intensa na comarcalización dun número importante de servizos públicos (Lois González, 2004; Rodríguez González, 2004c). Deste xeito, na década dos 1980, comezaron a agromar unha serie de comarcas de tipo sanitario, educativo, de ordenación territorial, etc. que viñeron a ser o único subterfuxio que atoparon estes ámbitos por parte dos poderes públicos.

A sanidade foi, de lonxe, o servizo polo que máis se interesaron as administracións públicas á hora da súa zonificación. Antes do traspaso das competencias en materia sanitaria ás Comunidades Autónomas, o Estado ensaiou zonificacións dos servizos sanitarios para o conxunto do territorio, mais que non chegaron a pasar de meras propostas teóricas con limitado impacto real (Aracil Rodríguez, 1991; Olivera Poll, 1993; González Pérez, 1998a, 1998b, 2000). Un exemplo destes intentos de estruturación territorial da sanidade foi o que achegou o *Decreto 2221/1978, de 25 de agosto, por el que se establece la confección del mapa sanitario del territorio nacional*. O Estado procuraba sentar unhas bases comúns que permitisen avanzar na organización territorial dos servizos sanitarios para o conxunto do territorio. Ademais, este decreto traía a novidade de que por vez primeira se sinalaban os recursos concretos, tanto materiais como humanos, cos que contaría cada nivel territorial.

A norma distinguía entre o espazo rural e o urbano, considerando este último como o centralizado polas capitais de provincia e outros núcleos cunha poboación aproximada de 100.000 habitantes. No rural, fixaríanse tres niveis: *unidad sanitaria local* —até 5.000 habitantes—, *subcomarca sanitaria* —até 25.000-30.000 habitantes— e *comarca sanitaria* —até 75.000-100.000 habitantes—. Pola súa banda, o espazo urbano quedaría estruturado en *distritos* e *sectores*. Todos estes ámbitos que contemplaba a lei agruparíanse en *provincias sanitarias*, das que se di que coincidirían, agás casos excepcionais, coa división administrativa. Á súa vez, as provincias uniríanse para formaren *regiones sanitarias*, que se definirían en base a diferentes criterios e que formarían «núcleos autosuficientes» na xestión dos medios asistenciais e no desenvolvemento de programas sanitarios.

No caso de Galicia, o mapa sanitario coñecémolo a través de varias ordes do Ministerio de Sanidad y Seguridad Social de comezos da década dos 1980. A provincia de Pontevedra foi a primeira, a través dunha orde do 27 de marzo de 1980. A esta seguírona as de Lugo o 25 de abril de 1980, Ourense o 2 de febreiro de 1981 e A Coruña o 30 de xullo de 1981. O resultado foi un mapa para o conxunto de Galicia formado por 76 *subcomarcas* e sete *distritos* —o que deu como resultado 83 unidades desta escala—, que se agrupaban, á súa vez, en 22 *comarcas* (Figura 4.21). Deste xeito, é posible establecermos unha comparativa entre o nivel subcomarcal

USC DE COMPOSTELA

cos ámbitos que tradicionalmente vimos considerando como comarcas, mentres que as comarcas sanitarias identificadas se asemellan máis a conxuntos comarcais. No nivel de base, tanto as subcomarcas como os distritos aparecen desagregados nunha complexa amalgama constituída por *distritos rurales*, *sectores* —só no espazo urbano— e *unidades sanitarias locales*.

Os perímetros resultantes son moi heteroxéneos no que respecta á súa extensión (Figura 4.21). Así, hai subcomarcas e distritos formados por un único concello, tales como «La Coruña», «Guitiriz» ou «Piedrafita», mentres que outras rexistran unha superficie considerable: «Lugo», «Orense» ou «Verín». Un aspecto significativo ten que ver coa superación dos límites municipais; por exemplo, os concellos de Ames ou Oza dos Ríos repártense entre varias subcomarcas. Non acontece o mesmo cos límites provinciais, xa que o feito de que os mapas fosen deseñados a nivel de cada provincia levou a que estes fosen respectados escrupulosamente. Respecto ao nivel comarcal, tamén podemos apreciar unidades moi dispares: comarcas como as de «Lugo» ou «Ourense» agrupan un número notable de subcomarcas e distritos, mentres que outras como «Noya», «Órdenes» ou «Tuy» só integran un ou dous destes ámbitos. Neste sentido, as provincias de Lugo e Ourense están formadas por unicamente tres comarcas cada unha fronte ás 16 comarcas das dúas provincias occidentais.

En 1984, xa desde a Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade e Consumo aprobou o *Decreto 126/1984, do 27 de xullo, polo que se aproba o mapa sanitario de Galicia*. A delimitación foi presentada como o marco de referencia para a «racionalización e planificación dos medios sanitarios» e o seu «acercamento á poboación». Esta norma daba resposta ao *Decreto 137/1984, de 11 de enero, sobre estructuras básicas de salud*, que viña de aprobar o Ministerio de Sanidad y Consumo e que encomendaba a responsabilidade da zonificación sanitaria ás comunidades autónomas de xeito exclusivo (González Pérez, 1998a, 1998b). A lei estatal consideraba a *zona de salud* como a «demarcación poblacional y geográfica fundamental» (art. 1.1), isto é, o marco territorial para a atención primaria.

A Xunta de Galicia estruturou o territorio galego en sete niveis que se agrupaban, á súa vez, en tres banzos. O primeiro banzo, relativo á atención primaria e con base no centro de saúde, coincidía co nivel VII, que estaba formado por 314 *zonas de atención primaria* (Figura 4.22). Estas zonas correspondían cos 312 concellos do momento e outras dúas zonas que integraban partes de varios: Os Peares e O Ézaro-O Pindo. O segundo banzo, referente á atención primaria especializada e con base tamén no centro de saúde, agrupaba os niveis VI, V e IV, que se plasmaban no territorio como *zonas de saúde*. O nivel VI estaba formado por 80 zonas de até 25.000 habitantes, o nivel V por 47 zonas de até 50.000 habitantes e o nivel IV de 18 zonas de até 100.000 habitantes. Finalmente, o terceiro banzo, que equivalía co nivel hospitalario, reunía os niveis III, II e I, definidos como *áreas sanitarias*. O nivel III constaba de nove áreas de asistencia hospitalaria xeral, o II de sete áreas de asistencia hospitalaria de maior especialización e o I de tres áreas de asistencia hospitalaria superespecializada e pluriprovincial.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.21. División sanitaria impulsada polo Ministerio de Sanidad y Seguridad Social (1980-1)



Fonte: *Orden del Ministerio de Sanidad y Seguridad Social del 27 de marzo de 1980*; *del 25 de abril de 1980*; *del 2 de febrero de 1981*; *del 30 de julio de 1981*. Elaboración propia.

O *Decreto 126/1984* creaba, polo tanto, sete niveis espaciais aos que denominaba *zonas* e *áreas*, de xeito que evitaba, así, o emprego do termo *comarca*. Porén, segundo González Pérez (1998a, 1998b, 2000), os niveis V e VI eran os que máis se aproximaban á idea de *comarca sanitaria*, isto é, «territorios más o menos grandes que actúan como nivel intermedio entre el área de salud de mayor magnitud y la zona de salud municipal» (González Pérez, 1998b: 139). Este xeógrafo tamén sostén que os perímetros de ambos os dous niveis dan a impresión de que se formaron ao redor dos núcleos ou cabeceiras comarcais de maior importancia, o que viña reforzar a teoría de que estamos ante ámbitos asimilables a comarcas.

O nivel VI, que está formado por 80 *zonas de saúde* (Figura 4.22), podemos consideralo como un dos que presenta unha maior similitude cos ámbitos comarcais que tradicionalmente se veñen considerando. Porén, este primeiro nivel da atención primaria especializada reúne unidades moi heteroxéneas. Algúns perímetros integran un só concello, tales como «Arteixo»,

«O Grove» ou «Vilanova de Arousa», que dificilmente podemos equiparar a un ámbito de escala comarcal. Estas áreas de dimensión máis reducida son máis frecuentes nas provincias occidentais, especialmente nas áreas do golfo Ártabro e das Rías Baixas. Pola contra, as áreas de maior superficie emprázanse nas provincias de Lugo e Ourense. Cómpre sinalar que os límites provinciais son ignorados no tramo final do río Ulla e na zona dos Peares.

Figura 4.22. Mapa sanitario establecido pola Xunta de Galicia. Nivel VI (1984)



Fonte: *Decreto 126/1984, do 27 de xullo, polo que se aproba o mapa sanitario de Galicia*. Elaboración propia.

Dentro do chanzo que agrupa a atención primaria especializada, o nivel V comprende 47 *zonas de saúde* (Figura 4.23). Neste caso, tamén podemos determinar que a similitude destes ámbitos coas comarcas que se viñan definindo na década dos 1980 é considerable. Porén, o feito de agruparen as unidades de nivel VI en función principalmente de criterios demográficos leva a que algunhas das áreas deste nivel vexan como se dilúe o seu carácter comarcal. O caso máis significativo é o da zona de saúde de «Lugo», que comprende oito zonas de saúde de nivel VI e que se traduce nunha «macrocomarca» que vai desde a dorsal galega até as serras orientais

luguesas. No camiño contrario, algunhas das zonas de nivel V vén como se reforza a súa condición comarcal, especialmente as máis urbanizadas do país, o que se traduce en áreas de escala máis próxima á comarcal.

Figura 4.23. División sanitaria fixada pola Xunta de Galicia. Nivel V, IV e III (1984)



Fonte: *Decreto 126/1984, do 27 de xullo, polo que se aproba o mapa sanitario de Galicia*. Elaboración propia.

Detrás desta delimitación impulsada pola Xunta de Galicia atopábase un equipo formado por académicos de diferentes disciplinas, entre os que podemos destacar un bo número de xeógrafos do Departamento de Xeografía da USC. Nun informe que presentaron antes da aprobación definitiva por parte do goberno autonómico, o equipo redactor consideraba que a división en *comarcas naturales* e *partidos judiciales* estaba xa superada, polo que, segundo eles, apostaron por ámbitos comarcais definidos en función dos fluxos de poboación (Villarino Sieyro et al., 1984: 62). Consideraban os mesmos sete niveis que finalmente se oficializaron, aínda que con algunhas diferenzas: o nivel VII coincidía coa planta municipal, o nivel VI establecía 72 zonas —polas 80 que determinou o *Decreto 126/1984*—, o nivel V 44 zonas

—semellantes ás 47 que logo se consideraron— e o nivel IV 13 zonas —fronte ás 18 que fixou a norma—. Nos niveis superiores, o número de unidades dos banzos III, II e I coincidían cos oficializados pola Xunta, isto é, nove, sete e tres, respectivamente. Na Figura 4.24 representamos só as zonas de saúde relativas aos chanzos V, VI e VII.

No informe previo á aprobación por parte da Xunta de Galicia non se chegaban a especificar os criterios que se seguiron na determinación das unidades, alén do volume demográfico. Os autores, na liña dos estudos sobre áreas de influencia que se viñan desenvolvendo no seo do Departamento de Xeografía da USC durante a década dos 1980 —que analizaremos no capítulo 7—, afirmaban traballar na identificación dos lugares centrais con varios indicadores, a saber: emprego, centros de ensino, servizos agrarios, entidades bancarias, feiras e mercados, etc. A estes sumábanse outros criterios marcados, segundo eles, pola Consellería de Sanidade, como os de tipo demográfico, administrativo, de centralidade e accesibilidade ou de dotacións preexistentes (Villarino Sieyro et al., 1984). Neste sentido, afirman que o que fixeron foi reorganizar o mapa comarcal de 1983 —véxase apartado 7.3— en base aos novos criterios.

En relación co mapa comarcal de saúde oficializado pola Xunta, o nivel VI reunía oito zonas sanitarias menos (Figura 4.24). Algunhas destas «comarcas» que non se consideraban son «Castro Caldelas», «Cedeira» ou «Negreira». Desta forma, podemos considerar que xa neste primeiro nivel máis elemental da atención primaria especializada o equipo redactor procuraba uns ámbitos de maior volume demográfico e de superficie. Porén, o máis significativo desta proposta académica de zonificación sanitaria ten que ver co maior grao de rotura dos límites provinciais. Ademais do habitual tratamento conxunto de Pontecesures e Valga na «comarca» de «Padrón», os límites provinciais son ignorados nas «comarcas» de «La Cañiza» —que inclúe os concellos de Cortegada e Melón— e «Vivero» —que suma a Mañón—.

Os mapas sanitarios anteriores, os de 1980-1 e 1984, pese a ser oficializados polo Ministerio de Sanidad e a Xunta de Galicia, respectivamente, non pasaron de ser meras propostas no papel con escasa repercusión no territorio. Neste sentido, a delimitación non se mostrou operativa no que respecta á implantación de infraestruturas sanitarias que se prevían en determinados niveis: centros de saúde especializados nas «subcomarcas» e hospitais nas «comarcas». Desde o ámbito académico sinaláronse varios factores que dificultaron a posta en valor do mapa, tales como a falla dunha metodoloxía clara ou o feito de ser unha compartimentación demasiado complexa, xerarquizada e difícil de aplicar (González Pérez, 1993, 1998a, 1998b; González Pérez e Rodríguez González, 1993; González Pérez e Somoza Medina, 1993).

En 1986, o Estado decidiu aprobar un novo marco lexislativo que valese de base para as actuacións autonómicas nesta materia, a *Ley 14/1986, de 25 de abril, general de sanidad*. A norma establecía dous ámbitos elementais para a organización territorial dos servizos sanitarios: a *área de salud* e a *zona básica de salud*. As primeiras eran definidas como as pezas básicas dos servizos de saúde autonómicos, mentres que as segundas foron presentadas como unha división das primeiras co obxectivo de acadar unha maior eficacia e operatividade. A determinación destas unidades básicas do sistema sanitario sería competencias das comunidades autónomas e delimitaríanse en base a diferentes criterios.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.24. Proposta académica de división sanitaria (1984)



Fonte: Villarino Sieyro et al. (1984). Elaboración propia.

Neste contexto, a Xunta de Galicia avalou unha nova división sanitaria en 1989, que se materializou a través do *Decreto 55/1989, do 5 de abril, polo que se aproba a revisión do mapa sanitario de Galicia*. Deste xeito, presentouse unha compartimentación máis simplificada, na que se pasaba de sete a catro niveis (Figura 4.25). O primeiro chanzo correspondía con 146 *zonas de saúde de atención primaria*, que se identificaban para a prestación dos servizos sanitarios máis básicos —a maior parte delas integra entre dous e tres concellos—. Estas xuntábanse en 45 *zonas sanitarias de atención integrada*, que funcionaban para a atención primaria especializada. O terceiro e cuarto nivel correspondían coas *áreas de saúde* —nove— e *rexións sanitarias* —tres— para a prestación de servizos hospitalarios. Cómpre indicar que, de xeito revelador, na parte introdutoria do *Decreto 55/1989*, se afirmaba que as zonas sanitarias de atención integrada «se perfilan funcionalmente como auténticas comarcas sanitarias».

As 45 zonas sanitarias de atención integrada, as máis asimilables ao concepto de *comarca*, presentan unha dimensión moi heteroxénea (Figura 4.25). Así, hai unidades de grande

extensión, especialmente cara ao interior, onde o caso máis significativo é o de «Lugo» —reúne 14 zonas de saúde de atención primaria—, mentres que os ámbitos de menor superficie se concentran na parte occidental e integran un número reducido de concellos. A rotura dos límites político-administrativos, tanto municipais como provinciais, é un aspecto significativo. En calquera caso, as zonas sanitarias de atención integrada debuxan unha compartimentación moi semellante á do nivel V do mapa que a Xunta oficializara en 1984.

Figura 4.25. Mapa sanitario decretado polo goberno galego en 1989



Fonte: *Decreto 55/1989, do 5 de abril, polo que se aproba a revisión do mapa sanitario de Galicia*. Elaboración propia.

Só un ano despois da aprobación do mapa sanitario, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde —SERGAS— presentaron un estudo sobre a *Ordenación sanitaria de Galicia* (1990) que contiña unha «nova» proposta de división sanitaria. O estudo, segundo González Pérez (1998a, 1998b, 2000), recollía unhas consideracións que levaban a pensar que se trataba

dun proxecto anterior ao mapa de 1989 e que foi encargado polo goberno autonómico para servir de base na elaboración deste.

Non obstante, o proxecto de Mapa sanitario que se deu a coñecer en 1990 gardaba certas diferenzas co seu homólogo de 1989. Os niveis considerados non eran catro, senón tres: *zona de saúde municipal*, *zona de saúde comarcal* e *área de saúde* (Figura 4.26). O nivel de base, a zona de saúde municipal, non coincide, xa que corresponde cos ámbitos municipais. As zonas de saúde comarcal son 49 con varias diferenzas respecto ao mapa oficial de saúde naquela altura. Por unha banda, cara ao interior considéranse máis «comarcas sanitarias», tales como «Maceda», «Meira» ou «Mondoñedo». E, por outra banda, dáse unha redución do número destes ámbitos nas periferias de Ferrol e Santiago. Cómpre sinalar que se recupera o termo *comarca* para referirse a este ámbito intermedio, un vocábulo que non se expresaba desde o mapa sanitario de 1980-1. No que respecta ás áreas de saúde tamén se considera un maior número —14—, xa que se propoñen outras «novas» como «O Barbanza», «Fisterra» ou «Verín».

Figura 4.26. Proxecto de división sanitaria entre a Consellería de Sanidade e o SERGAS (1990)



Fonte: Consellería de Sanidade e SERGAS (1990). Elaboración propia.

Desde unha perspectiva académica, Sánchez Mozo (1979) advertía xa desde os primeiros anos en que a Xunta de Galicia asumiu as competencias en materia sanitaria, que non se debía procurar só o apoio nos límites provinciais e municipais á hora de fixar unha zonificación deste servizo. Esta estudosa consideraba que dita zonificación se tiña que apoiar sobre unidades de fonda raizame, tales como as comarcas, para contribuír a precisar uns límites de hábito e costume máis acertados. Desde o campo da Xeografía, partimos coa vantaxe de que a cuestión sanitaria —nas provincias de Ourense e Pontevedra— foi xa analizada na tese de doutoramento de González Pérez (1998a). Respecto das divisións sanitarias establecidas pola Xunta de Galicia, este xeógrafo considera, desde unha postura crítica, que tiveron escasa transcendencia no que respecta á súa utilización á hora de organizar o sistema de saúde (González Pérez 1998a, 1998b). Porén, afirma que a descentralización dos servizos sanitarios contribuíron a reforzar o papel comarcal de determinadas cabeceiras.

No que fai ao ámbito educativo, desde o pioneiro mapa presentado polo Ministerio de Educación y Ciencia na década dos 1970 —véxase apartado 4.3—, non temos constancia de ningún outro proxecto de zonificación educativa en Galicia impulsado por algunha administración pública. Porén, desde o ámbito académico, Lois González presentou en 1990 a súa investigación doutoral sobre a situación social e territorial dos centros de ensino medio e universitario en Galicia. Este xeógrafo entende que a localización dos diferentes tipos de centros de ensino e a súa área de influencia desigual contribúe a definir a articulación local, comarcal e rexional do territorio. Así, as comarcas, organizadas ao redor dunha vila ou cabeceira comarcal, son consideradas como ámbitos axeitados nos que descentralizar os servizos públicos de carácter educativo co obxectivo de asegurar a cobertura de todo o territorio (Lois González, 1989, 1990). En palabras de Lois González (1989: 320), «na análise das áreas de recrutamento dos institutos de BUP, poñerase de manifesto a débil coherencia interna dos concellos, cando a localización dun establecemento público (…) de certo rango se realiza a nivel de bisbarra».


Un aspecto que debemos de considerar no caso da educación é que a matrícula depende da vontade do alumnado, polo que os límites, a diferenza doutros servizos como os xudiciais ou os sanitarios, gardan un maior vínculo co desexo da poboación —ou coas posibilidades económicas das familias—. Deste xeito, o seu estudo permite achegar un mapa de «comarcas» máis reais, xa que «las áreas de reclutamiento que definen este tipo de centros, sobre todo en las comarcas rurales, tienden a coincidir con las zonas de influencia económica directa de las distintas villas y ciudades del país» (Lois González, 1990: 672). No estudo que presentou Lois González (1990), a organización do espazo vén marcada en función dos desprazamentos diarios do alumnado entre o lugar de residencia e o lugar no que se localiza o instituto de bacharelato —o nivel educativo considerado para definir as áreas de influencia—.

Lois González (1990) presentou un mapa que consta de 71 áreas de recrutamento dos institutos de bacharelato —traballa cos datos académicos do curso 1986-1987— (Figura 4.27). A adscrición comarcal das parroquias a un ou outro centro educativo levouse a cabo a través da recollida directa de información nos propios centros educativos. As zonas de influencia presentan unha dimensión moi heteroxénea, que van desde a coincidencia co concello, como no Grove ou A Pobra do Caramiñal, até as grandes dimensións de Lugo ou Ourense. Nestes últimos casos, os centros destas cidades atraen un notable número de estudantes de áreas moi afastadas, como son zonas da Terra Chá ou das montañas orientais no caso lugués ou áreas da Baixa Limia e do Macizo de Manzaneda no caso ourensán, xa que estes mozos están distantes dos institutos vilegos e optan por estudar nunhas instalacións máis afastadas que lles ofrezan servizo de residencia para evitar percorreren unha distancia diaria considerable (Lois González, 1990).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un aspecto significativo ten que ver coa práctica inexistencia de zonas de atracción absolutamente precisas, o que mostra a dificultade de definir «comarcas educativas» en Galicia, cando menos con límites definidos e pechados (Lois González, 1990). Unha parte significativa das parroquias galegas forma unha área de indiferenza que, segundo o autor, se sinala cando nunha parroquia non se acada o 70% da matriculación nun determinado instituto. Neste contexto, a fragmentación dos concellos é a tónica habitual (Figura 4.27). Respecto aos límites provinciais, estes tamén son amplamente ignorados; por exemplo, no caso de Melide, o seu instituto exerce unha influencia que abrangue boa parte das parroquias dos concellos de Agolada —na provincia de Pontevedra— e Palas de Rei —na de Lugo—.

Figura 4.27. Áreas de recrutamento dos centros de ensino medio segundo Lois González (1990)



Fonte: Lois González (1990). Elaboración propia.

A chegada da democracia tamén supuxo a transferencia das competencias en materia de ordenación do territorio ás comunidades autónomas. Poucos anos despois da aprobación do EAG (1981), a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas presentou en 1984 un

Estudio de reconocimiento territorial de Galicia. Esta achega, que editou a Xunta de Galicia, estivo realizada por un equipo integrado maioritariamente por enxeñeiros da consultora IDASA-Ingeniería del Atlántico e que contou como colaboradores con académicos vencellados á USC. No prólogo da obra, o naquel momento conselleiro competente en materia de ordenación do territorio consideraba que este estudo procuraba construír a imaxe da Galicia do futuro, pero que tamén tiña «consecuencias tan inmediatas como poder disponer del conocimiento necesario para una comarcalización administrativa» (IDASA, 1984: 1).


O equipo redactor consideraba a comarca como a división territorial máis acorde para a ordenación do territorio e estimaba que se puidesen converter en pezas da organización político-administrativa de Galicia. No proceso de delimitación comarcal, apuntan á existencia de dous criterios xerais de comarcalización: a procura de unidades con homoxeneidade territorial e de unidades definidas pola influencia que exerce sobre o territorio un determinado núcleo (IDASA, 1984; Urcola Fernández-Miranda et al., 1985). Porén, o equipo redactor do proxecto sinala que é a influencia que exerce un lugar central sobre a súa periferia o factor determinante na individualización das comarcas. Desta forma, podemos ver que se aposta de maneira clara por estruturar o espazo desde unha perspectiva funcional.

Á hora de coñecer a capacidade terciaria e as dependencias e relacións dos asentamentos, o equipo redactor di enviar un «cuestionario» a cada un dos concellos galegos (Urcola Fernández-Miranda et al., 1985). Descoñecemos os resultados da enquisa, mais ese equipo achega un mapa no que din representar o «sentido de pertenencia» de cada termo municipal (Figura 4.28). Os autores falan de tres niveis de «dependencia» en función dos destinos cara aos que os habitantes de cada concello se desprazan de xeito preferente na súa vida cotiá: «dependencia fuerte con gravitación sobre un solo núcleo», «dependencia fuerte con gravitación sobre dos núcleos» e «dependencia diluida entre más de dos núcleos». Estes núcleos exercen a súa influencia sobre territorios de escala comarcal que, segundo os autores, se poden tratar de *áreas* —formada por un mínimo de tres concellos, ademais do propio— e *subáreas* —igual que as áreas, mais a dependencia é menor—. É probable, aínda que non o especifican, que, no mapa, as liñas grosas representen as áreas e as punteadas as subáreas.

Alén das áreas e subáreas que representan o sentido de pertenza da poboación, o equipo redactor amosa un mapa formado por 46 unidades de escala comarcal (Figura 4.29). Todas as comarcas consisten na agregación de concellos, o que permite achegar uns límites precisos e, segundo os autores, «indiscutibles» (IDASA, 1984; Urcola Fernández-Miranda et al., 1985). As comarcas presentan unha alta diversidade no relativo á súa extensión, xa que as hai pequenas —que só reúnen dous concellos—, como é o caso de «La Cañiza», «La Gudiña» ou «Ortigueira», mentres que outras, tales como «Lugo», «Ourense» ou «Pontevedra», xuntan máis dunha ducia de concellos. Un aspecto significativo ten que ver coa rotura dos límites provinciais en até tres comarcas diferentes: «Padrón», «Puentes» e «Vivero».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.28. Comarcas definidas por IDASA (1984) en función do sentido de pertenza dos concellos



Fonte: IDASA (1984).

Os autores consideran que o feito de identificar un núcleo como cabeceira comarcal implica o seu apoio e fortalecemento por parte das administracións públicas, no sentido de que estas tenden a dotalos dun aparello político-administrativo e de equipamentos, infraestruturas e servizos de maior categoría (Urcola Fernández-Miranda et al., 1985). Neste sentido, sosteñen que, no caso galego, as sete cidades e 13 *vilas* —considérase de xeito conxunto a Cee e Corcubión— constitúen «centros comarcales que se manifiestan evidentes» (Figura 4.29). No que respecta ás vilas, estas veñen seleccionadas polo seu volume demográfico, a súa función como cabezas xudiciais, educativas e sanitarias e o seu papel como centro comercial e administrativo de primeiro nivel. Ademais, sinalan a existencia doutros 33 *centros urbanos*, algúns dos cales se desempeñan como cabeceira da súa respectiva comarca.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4.29. División comarcal achegada por IDASA (1984)



Fonte: IDASA (1984); Urcola Fernández-Miranda et al. (1985). Elaboración propia.

Na década dos 1980, coa entrada en vigor do EAG (1981), varios intelectuais vencellados ao mundo da administración pública presentaron achegas sobre a organización territorial de Galicia. En 1982, o maxistrado De la Huerga Fidalgo, que xa elaborara un traballo no que reivindicaba o partido xudicial —que analizamos no apartado 4.1 por considerar que a división xudicial era a base para definir as novas unidades—, publicou, en *División administrativa e realidade socio-económica e territorial en Galicia*, unha proposta de división organizativa para o país. Esta constaba de catro niveis: *parroquia*, *concello*, *comarca* e *rexión*. Así, na cúspide da pirámide estaría o conxunto de Galicia, que contaría cuns órganos de goberno de seu que asumirían, entre outras, parte das competencias das actuais deputacións provinciais. O segundo nivel viría representado polas comarcas, que concibe como «órgano de actuación administrativa directa» no que radicar o aparello burocrático do nivel local. Os últimos chanzos corresponden cos concellos e parroquias, grupos de parroquias e *barrios urbanos*, que serían as unidades de

base e que estaban chamadas a asumiren unhas mínimas competencias —sen case estrutura burocrática— (De la Huerga Fidalgo, 1982).

Así pois, a *comarca* é concibida como a unidade máis «coherente» á hora de acadar unha verdadeira democratización e eficiencia administrativa. O autor recoñece que os ámbitos comarcais veñen determinados por unha combinación de caracteres naturais e funcionais, mais explica que os relativos ao medio físico confírenlle a súa idiosincrasia: «prefiro a plasmación da comarca desde estes presupostos radicais, cá súa fixación pola actividade humana. (…) Non son compartidor decidido do criterio moi espallado de concibir as comarcas coma influxo que no territorio exercen algunha vila ou cidade» (De la Huerga Fidalgo, 1982: 56). Neste sentido, os vales fluviais —e as rías— son entendidos como un elemento central na súa confección e critica que os cursos fluviais se usen para dividilas, cando en verdade este é «o eixo da comarca».

De acordo con De la Huerga Fidalgo (1982), as unidades comarcais contarían cunha administración «completa e propia» que absorbería parte das competencias das deputacións provinciais e dos concellos. Os órganos de goberno das comarcas serían unha *Asamblea comarcal* e un *cabedel administrativo* e os seus *colaboradores*. A *Asamblea* tería o cometido de xestionar as funcións propias dos entes locais e estaría formada por edís dos concellos que integran a comarca. Porén, o *cabedel*, que sería o director de todo o aparello administrativo comarcal, non sería un representante político, senón que sería «un profesional do dereito ou das ciencias sociais declarado apto para ese cárrego por unha Comisión do Parlamento Galego» (De la Huerga Fidalgo, 1982: 62). No caso dos seus *colaboradores*, estes serían todo o corpo de funcionarios, recrutados en boa medida das deputacións provinciais e dos concellos. Cómpre sinalar que De la Huerga Fidalgo (1982) tamén contemplaba que as comarcas funcionasen como administración periférica do goberno galego.

O número de comarcas propostas é de 37 (Figura 4.30). Na súa delimitación, o autor, ademais de criterios do medio físico —bacías hidrográficas, principalmente— e outros de tipo funcional, apunta que procura unhas unidades cun mínimo demográfico de 40.000 habitantes (De la Huerga Fidalgo, 1982). E están formadas por agrupación de concellos e ademais un bo número delas racha cos límites provinciais —a comarca d'«A Ulloa», por exemplo, reúne concellos de tres provincias—. A superficie comarcal é tamén bastante diversa: hai comarcas de grande extensión como «Támega» ou «Terra Chá», mentres que outras como «Morrazo» ou «Tambre Baixo» son de dimensión reducida. Sobre estas «comarcas pequeneiras» —como as define o autor—, di que á hora de administralas se deben xuntar dúas ou tres, sen que iso prexudique a súa personalidade e independencia. Un aspecto significativo ten que ver coa denominación dos ámbitos comarcais, no sentido de que dominan os hidrónimos, tales como «Avia-Miño», «Landro-Sor-Mera» ou «Oitavén». Ademais, seguindo criterios principalmente hidrográficos, as comarcas agrúpanse en cinco conxuntos comarcais. Estas grandes unidades mostran unha gran diversidade, xa que, mentres os conxuntos de «Vale do Miño» e «Vales e rías do Atlántico» reúnen 12 e 20 comarcas, respectivamente, os restantes conxuntos artellan entre unha e dúas.

Un aspecto importante que cómpre sinalar é que, malia o autor rexeitar concibir as comarcas como o influxo que unha cidade ou vila exerce sobre o territorio, para todas elas achega a súa respectiva cabeceira (Figura 4.30). Neste sentido, apunta a que as capitais comarcais se deben converter en substitutas das provinciais, as cales verían acortada a súa influencia a cadansúa comarca. Ademais, o autor convida a adquirir un costume respecto destas cabeceiras comarcais: «témonos que afacer a dicir ou escribir Verín, Viveiro, Lalín, Betanzos e demais cabeceiras claras de Comarca sen lles engadir ningún paréntese nin expricación, pois son de abondo coñecidos no País Galego» (De la Huerga Fidalgo, 1982: 61).

USC DE COMPOSTELA

Figura 4.30. Mapa comarcal de Galicia segundo De la Huerga Fidalgo (1982)



Fonte: De la Huerga Fidalgo (1982). Elaboración propia.

Outro estudoso que se significou polo seu estudo das plantas municipal, xudicial e provincial de Galicia foi Fariña Jamardo —a súa obra de 1990 sobre a planta municipal galega foi esencial para a reconstrución dos partidos xudiciais que analizamos no apartado 4.1—. Desde a década dos 1980, este investigador, que exerceu como secretario municipal en distintos concellos, presentou varios traballos nos que reflexionou sobre a necesidade dunha nova administración local para Galicia. Considera que as divisións municipal e provincial son «creaciones artificiales del legislador», «inadecuadas» e «anacrónicas», que están faltas de naturalidade —por exemplo, en termos de relacións de veciñanza— e representatividade, inadaptadas ás circunstancias socioeconómicas e sen a extensión apropiada para seren ámbitos efectivos para a prestación de servizos (Fariña Jamardo, 1985, 1986). No seu lugar, aproba un sistema organizativo en base a tres niveis: *parroquia*, *comarca* e *rexión*.

A comarca, en fin, é definida como «una realidad geográfica y socioeconómica, una realidad de vida colectiva que puede coincidir o no con una realidad histórica» (Fariña Jamardo,

1986: 373). Considéraa, así, unha «entidad básica de la vida local gallega», que está formada por aldeas e parroquias ás que debe representar e das que debe recoller as súas necesidades e aspiracións. Fariña Jamardo (1985, 1986) distingue entre *comarca rural* e *comarca urbana*, se ben non identifica diferenzas de contidos ou doutra índole entre elas. Alén destas reflexións, o autor non achega ningún esbozo de cales poderían ser en concreto, mais considera, de xeito bastante elocuente, que non «fai falla inventa-la comarca, porque a comarca atópase tamén dende sempre na xeografía galega» (Fariña Jamardo, 1985: 148).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5 AS COMARCAS NO SISTEMA EDUCATIVO ESCOLAR E UNIVERSITARIO ESPAÑOL

Este segundo capítulo de resultados ten como eixe central os traballos comarcais producidos dentro do sistema educativo español. Trátase, sobre todo, de manuais de Xeografía, tanto de Galicia como de España, que son empregados no ensino desta ciencia e que inclúen, de aí o noso interese, algunha consideración á cuestión comarcal galega. O capítulo dividímolo en dous apartados: o primeiro aborda a cuestión comarcal dentro de Xeografías de Galicia e o segundo dentro de Xeografías de España.

5.1 O TEMA COMARCAL NAS XEOGRAFÍAS DE GALICIA


Longo dunha fonda revisión, a primeira obra de carácter xeográfico detectada que aborda o tema comarcal é a *Descripción económica del Reyno de Galicia*, presentada por Labrada Romero en 1804. Este ilustrado galego, que exerceu como secretario no Real Consulado da Coruña, foi especialmente crítico coa sociedade do Antigo Réxime (Río Barja, 1971). No traballo, o autor achega unha descrición bastante avanzada sobre o estado económico do país galego a finais do século XVIII. A obra inclúe un detallado estudo sobre diferentes temas de carácter xeográfico —poboación, agricultura, industria, comercio, transporte, etc.— que son tratados a nivel de cada unha das sete provincias en que se dividía o reino de Galicia. No prólogo da obra, Labrada Romero (1804) sinala que o recoñecemento da realidade socioeconómica de Galicia se presenta como unha parte fundamental para a mellora do país e a implantación dun proxecto de reforma. Tamén di que os datos que serviron como fonte para a súa descrición se recolleron a través de circulares que enviou a distintas autoridades, sen precisar máis.

É no apartado no que se tratan as producións agrícolas e gandeiras de cada unha das provincias onde o autor recorre a ámbitos de escala comarcal (Figura 5.1). Deste xeito, fala das «tierras» e «valles» máis significativos e destaca cal ou cales son as principais producións: trigo, centeo, millo, viño, froitas, liño, lá, gando, etc. Por exemplo, do «valle de Valeyra» di que «produce centeno y hiervas para el ganado» (Labrada Romero, 1804: 111), do «valle de Amandi» que «produce excelente vino, y castañas» (Labrada Romero, 1804: 113) ou da «tierra de Caldelas» que é «una montaña aspera que produce poco centeno, pero la cria de ganados y especialmente la de los cerdos rinde á sus habitantes ùtilidades de bastante consideración» (Labrada Romero, 1804: 100).

O número de ámbitos comarcais que se identifican é de 49 (Figura 5.1). Estes correspóndense con espazos moi heteroxéneos, que van desde ámbitos comarcais significativos como «valle de la Limia», «tierra Chà» ou «tierra de Deza y Trasdeza», até outros que se circunscriben a pequenos vales de ríos secundarios como «valle de Amandi», «valle de Couso» ou «Val de Rao». A súa distribución polo territorio é tamén bastante heteroxénea, deixando grandes partes das provincias da Coruña e Pontevedra —principalmente— sen cubrir. Cómpre sinalar que as unidades comarcais que considera Labrada Romero (1804) presentan unha grande similitude coas esbozadas por T. López (1784) na obra cartográfica. Este vencello non pasou desapercibido para Río Barja (1971), quen, no prólogo dunha das edicións da obra, sinala que Labrada Romero se serviu dos mapas de Cornide e T. López, e que segue a este último *ad pedem literae*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.1. «Comarcas» presentes en Labrada Romero (1804)



Fonte: Labrada Romero (1804). Elaboración propia.

Unha parte importante desta relación comarcal ten que ver co achegamento, para a maior parte das comarcas, da súa «dimensión» —medida en leguas— (Táboa 5.1). Explica Labrada Romero (1804) que as cifras «oficiais» sobre a extensión destas «comarcas» non son fiables, por iso considera importante traballar nesta dirección. Por exemplo, a «tierra de Miranda» ten «dos leguas y media de longitud y una escasa de ancho» (Labrada Romero, 1804: 21), «La Ulla» conta con «siete leguas de largo, y mas ò menos que media de ancho» (Labrada Romero, 1804: 70) ou a «tierra de Queixa» esténdese por «dos leguas de largo, y de media á una de ancho» (Labrada Romero, 1804: 92). Respecto dos límites, estes non se sinalan para ningunha das unidades comarcais, mais semella que estas se estenderían alén dos «límites» marcados polas sete provincias. Así, por exemplo, da «tierra de Deza y Tradeza», que é descrita na provincia de Santiago, dise que «una pequeña parte (…) està yá en la Provincia de Lugo» (Labrada Romero, 1804: 71).

Táboa 5.1. Superficie das «comarcas» identificadas en Labrada Romero (1804)

Provincia de Mondoñedo			
Tierra de Miranda	2+½ x 1	Valle de Lorenzana	2 x ½
Riveras del Sor	1+½ x ½	Tierra de la Balura ò tierra Chà	-
Valle de Oro	3 x 1	Valle de Vivéro	3 x 1
Provincia de Betanzos			
Valle de Santa Marta	3 x ½	Valle de Trasancos	2+½ x ½
Las Mariñas	-		
Provincia da Coruña			
Valle de Veyga	1 x ¾	Valle de Barcia	1 x ½
Provincia de Santiago			
Tierra de Soneyra en Bergantiños	6 x 4 a 5	Valle de Vimianzo en Bergantiños	1 x 1
Tierra de Jallas	2 x 2+½	Tierra de Mesia	3 x 4
Valle de la Barcala	3 x ½	La Ulla	7 x ½
Tierra de Deza y Trasdeza	5 x 3	Salnes	7 x 2+½
Peninsula de Morrazo	-		
Provincia de Tui			
Valle de Mos	1 x ¼	Vega de el Porriño	1 x ½
Valle de Miñor	2 x ¼	Valle de el Rosal	1+½ x ½
Provincia de Ourense			
Valle de Quiroga	8 superf.	Valle de Valdeorres	3 x 1+½
Valle de Couso	1 x ¼	Vegas de Camba	¾ x ¼
Tierra de Queixa	2 x ½ a 1	Valle de Monterrey	5 x 1
Tierra de Caldelas	4 x 2	Valle de la Limia	4 x 2 a 3
Valle de Junquera de Ambia	2 x 1	Tierra del Carballiño	2 x ¾
Tierra llamada Chaos de Amoreiro	-	Rivero de Avia	4+½ x ½
Provincia de Lugo			
Val de Rao	½ x ¼	El Cebrero	4 x 1+½
Vega de Forcas	1 x ¾	Valle de Valeyra	½ x ¼
Valle de Pedroso	2 x ½	Valle de Neyra de Rey	3 x 1+½
Valle de Neyra de Jusà	3 x 1+½	Tierra de Chamoso	4+½ x 2
Valle de Sarria	3 x 1	Territorio à donde se halla la Puebla de el Brollón	-
Valle de Amandi	1 x ¼	Valle de Monforte de Lemos	7 x 2 a 5
Tierra de Gayoso	1 superf.		


Fonte: Labrada Romero (1804). Elaboración propia.

De mediados do século XIX é a *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia* que Martínez Padín presenta no 1849. A idea inicial deste académico con formación en xurisprudencia e que formou parte da Academia Literaria de Santiago —da que tamén formaron parte outros destacados intelectuais coetáneos como Añón, Faraldo ou Neira de Mosquera—, era a elaboración dunha obra extensa en varios volumes. Porén, o falecemento prematuro do autor impediu a súa materialización e só se chegaron a presentar o primeiro tomo e parte do segundo. É dentro do primeiro tomo da obra onde Martínez Padín (1849) presenta un apartado sobre a «descripción de los valles de Galicia» no que achega varios ámbitos de escala comarcal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O número de comarcas que identificamos é de 64 (Figura 5.2). Estas concéntranse de xeito maioritario na parte litoral de Galicia e na bacía do Ulla. A práctica totalidade dos ámbitos de escala comarcal que se poden identificar corresponden con vales fluviais e, cara ao interior, identifícanse algunhas unidades que se denominan como «países» ou «tierras». Un aspecto que resulta curioso ten que ver coa «gradación» que achega para algunhas das «comarcas». Así, explica que o río Deza forma unha «comarca» que se pode dividir, á súa vez, en tres unidades: «Deza» —na parte superior—, «Trasdeza» —na media— e «valle de la Ulla» —na inferior—. O mesmo acontece co río Umia, do que di que forma un «valle» dividido en tres partes: a superior que coincide coa «tierra de Montes», a media co «valle Baños de Cuntis» e a baixa co «valle de Salnés». As comarcas tamén aparecen agrupadas en tres conxuntos ou «valles» de orde superior que veñen marcadas en función das principais bacías hidrográficas.

Figura 5.2. División comarcal achegada por Martínez Padín (1849)



Fonte: Martínez Padín (1849). Elaboración propia.

De finais do século XIX é *Galicia: geografía descriptiva* que publica Rubido Prieto (1891), quen exerceu como profesor na Escola Normal de Pontevedra. O manual comeza cunha parte xeral de Xeografía de Galicia onde se analizan aspectos de «geografía física» como situación, límites, relevo, hidrografía ou clima e vexetación e aspectos de «geografía política» relativos á administración, sectores produtivos e comunicacións. Logo, estas mesmas circunstancias son estudadas de maneira específica para cada provincia (Rubido Prieto, 1891). No apartado de xeografía política, tanto a nivel do conxunto de Galicia como de cada provincia, descríbense diferentes tipos de administración: municipal, xudicial, eclesiástica, escolar e militar.

Porén, se ben nun primeiro momento as divisións propias de Galicia, isto é, as parroquias e comarcas, non aparecen na descrición «política», estas si se usan para analizar os aspectos relativos á agricultura, á vexetación e fauna e aos minerais, dentro do subapartado denominado «producciones». Deste xeito, bota man de toda unha serie de «valles» e «tierras» para describir as principais producións de cada provincia. O número de ámbitos comarcais identificado é de 52 (Figura 5.3). Todos estes ámbitos son descritos como de «buena tierra», cruzados por numerosos cursos fluviais que lle achegan a súa fertilidade e calidade, e caracterizados por producións de cereais, tubérculos, viño ou hortalizas e froitas (Rubido Prieto, 1891). Dalgúns deles, como do «valle de Mondoñedo», di que é «feraz»; o de «Vivero» é adxectivado como «bonito»; o de «Sárria» como «ameno»; o de «Lemos» como «extenso» e «fértil»; o do «Salnés» como «hermoso»; e o do Miñor como «incomparable», por ofrecer unha escolma expresiva.


Outro manual de referencia que trata aspectos de Xeografía de Galicia é *Nociones de Geografía de Galicia*, publicado en 1916 por Crespo Rodríguez. Este mestre, que asina algunhas das súas obras como Rodríguez González, desempeñou o seu cargo nas Escolas Normais de Pontevedra e Santiago, da cal chegou a ser director. O seu manual sobre Xeografía de Galicia constitúe un dos traballos máis empregados para a ensinanza e aprendizaxe da Xeografía (Durán Villa, 1990). Proba da difusión que tivo a obra é que esta é reeditada en catro ocasións máis —en 1918, 1921, 1928 e 1933—. Nas edicións vindeiras o traballo é completado e actualizado, de forma que, a partir da terceira edición, múdase o seu nome por *Compendio de Geografía especial de Galicia*. No primeiro prólogo do texto, o autor xa sinala que lle gustaría tratar con maior dedicación algunhas cuestións, mais que non dispón dos medio precisos.

Na primeira parte do manual, o autor analiza de xeito conxunto distintos aspectos da Xeografía de Galicia, para despois facer o mesmo con cada unha das catro provincias e os seus partidos xudiciais. Crespo Rodríguez (1916) explica que o seu obxectivo é achegar «un cuadro razonado de la riqueza regional, de su organización y de la cultura del país» (Crespo Rodríguez, 1916: 9). Non hai ningún tratamento das comarcas como tales, mais dentro do apartado de «Orografía» dedica un espazo ao que denomina «valles más notables»; dos que di que son «el de Monforte, (…) el denominado de las Mariñas, en Betanzos, (…) el Ulla, (…) el Miño, (…) el de Tuy, conocido con el nombre de Vega del Oro, y el de Allariz, regado por el Arnoya» (Crespo Rodríguez, 1916: 15).

Logo, á hora de explicar os principais aspectos xeográficos de cada provincia, tamén sinala de xeito moi breve cales son os principais vales. Así, aparecen outros como os de «Noya» na provincia da Coruña, «Oro» no caso lugués ou «Carballino» na de Ourense. Que o autor sexa oriúndo de Lalín pode estar detrás do feito de que o maior número destas unidades de escala comarcal se concentren na provincia de Pontevedra e, de xeito especial, nas bacías do Ulla e do Umia. Daquela, distingue vales como os de «Tabeirós», «Bea», «Deza» ou «Trasdeza». Un caso peculiar que levaría a falar da existencia dunha xerarquía destas unidades é o que acontece no «valle del Umia», do que di que se «divide naturalmente en tres. (…) La parte superior se nomina Tierra de Montes; la media, valle de Cuntis; y la inferior, valle de Salnés» (Crespo Rodríguez, 1916: 62).

USC DE COMPOSTELA

Figura 5.3. Mapa comarcal identificado en Rubido Prieto (1891)




Fonte: Rubido Prieto (1891). Elaboración propia.

A segunda edición, publicada en 1918, é presentada como «corregida y aumentada». Un aspecto significativo ten que ver con que no prólogo se mostra a defensa do autor do ideario rexionalista. Neste sentido, explica que chegará un día no que se constitúa no país unha *Junta de Defensa del Reino de Galicia* que terá o cometido de traballar en distintos aspectos. Un destes será o relativo á «organización político-social», onde aposta por traballar na consecución dunha *Mancomunidad administrativa* e a formación de *Juntas parroquiales* (Crespo Rodríguez, 1918). Ao igual que na edición anterior, bótase man de ámbitos de escala comarcal no apartado sobre «Orografía», mais nesta ocasión son tratados dentro do espazo dedicado ás «cordilleras». Deste xeito, fálase de «valles» que non estaban recollidos na primeira edición como é o caso de «Jubia», «Ginzo de Limia alta y baja» ou «Monterrey».

O número de «comarcas» que individualizamos é de 47 (Figura 5.4). Na identificación destes ámbitos —a nivel de provincia— semella xeneralizarse o emprego do termo «tierra».

Por exemplo, fala de «tierra de Barcala» na provincia da Coruña, de «Tierra-Cha» na de Lugo ou de «tierra de Deza» na de Pontevedra. Un caso peculiar dáse na provincia ourensá, onde sinala que «en esta provincia son tan frecuentes las alternativas topográficas, que es labor muy difícil reseñar con exactitud y brevedad lo concerniente a cordilleras y valles» (Crespo Rodríguez, 1918: 78). Outro aspecto que cómpre salientar e que se incorpora nesta edición ten que ver con que achega unha «división geográfica» de cada provincia na que emprega como criterio a agrupación de partidos xudiciais. Así, as catro provincias aparecen divididas en tres partes que coinciden na denominación: «septentrional», «central» e «meridional». A terceira, cuarta e quinta edición do manual, se ben supón unha muda no seu nome, mantén inalterados os contidos desta segunda tirada.

Figura 5.4. División comarcal esbozada por Crespo Rodríguez (1916, 1918)




Fonte: Fonte: Crespo Rodríguez (1916, 1918). Elaboración propia.

De 1936 é o volume *La Región Gallega: notas geográfico-económicas*, da autoría de Martínez Morás e Lens Seijo —quen tamén asinaba como Lens de Patiño—. Ambos os dous

autores desempeñáronse como profesores da Escola de Comercio da Coruña, onde se encargaron de impartir as materias de xeografía. No prólogo desta obra, os autores preséntana como necesaria, xa que consideran que os tratados de Xeografía de España dedican pouca atención a Galicia e que, ademais, cando o fan, incorren en erros. O traballo estrutúrase en tres bloques: o primeiro está dedicado á análise dos aspectos físicos; o segundo á parte demográfica, social e cultural; e o terceiro, o cal supón o groso do traballo, a analizar as características da «vida económica» de Galicia —agricultura e gandaría, pesca, sector forestal, recursos enerxéticos, industria, comercio, etc.— (Martínez Morás e Lens Seijo, 1936). Dentro do segundo bloque, dedica un breve apartado a tratar o réxime administrativo galego, no que non se cuestiona a división en provincias, partidos xudiciais e concellos.

O significativo deste traballo respecto ao tema comarcal ten que ver con que se bota man de ámbitos de escala comarcal, aos que definen maioritariamente como «tierras» e «valles», á hora de explicar os principais accidentes xeográficos e os cursos fluviais máis significativos (Martínez Morás e Lens Seijo, 1936). O número de comarcas que se identifican é de 43 (Figura 5.5).

Figura 5.5. Mapa comarcal fixado por Martínez Morás e Lens Seijo (1936)



Fonte: Martínez Morás e Lens Seijo (1936). Elaboración propia.

Son abundantes os comentarios afables para referirse a estas «comarcas»: do «valle de Lorenzana» din que é «espléndido», «El Salnés» é presentado como «feraces tierras», ao «valle del Ulla» cualifícano como «prodigioso» e «Las Mariñas de Betanzos» son definidas como unha «hermosa tierra». Ademais destas comarcas, os autores identifican unha serie de núcleos, os cales cartografan sobre un mapa de Galicia e agrupan en dous niveis: «ciudad importante» e «pueblos principales». Sosteñen que estas vilas desempeñarían un papel importante como centros de poboación, de comunicacións e de mercado. Isto converteríaas, sen expresalo de xeito explícito, en cabeceiras comarcais.

5.2 Estudos comarcais en Xeografías de España

No contexto español, Dantín Cereceda pode ser considerado como un dos xeógrafos máis destacados da primeira metade do século XX. Demandou a necesidade de modernizar a Xeografía como disciplina mediante o desenvolvemento dun programa sistemático e actualizado de investigación rexional, seguindo as ideas de Vidal de La Blache (Ortega Cantero, 1997; Sotelo Navalpotro, 2010). De feito, este xeógrafo pódese considerar como o iniciador da Xeografía Rexional moderna en España. No plano laboral, desempeñouse primeiro como profesor colaborador na Universidad Central de Madrid, onde presentou a súa tese sobre o relevo da península Ibérica baixo a dirección de Hernández Pacheco. Logo, foi profesor en varios institutos de ensino medio. Foi tamén un dos colaboradores máis significativos da JAE, do Museo Nacional de Ciencias Naturales —MNCN— e da Real Sociedad Española de Historia Natural —RSEHN—.

A súa primeira contribución ao estudo comarcal leva o elocuente título de *Concepto de la región natural en Geografía*, publicada en 1913. Nesta obra, Dantín Cereceda (1913) sinala a importancia que dentro da Xeografía adquire a concreción do concepto de «región natural», da que indica que é «una de las más legítimas finalidades de la Geografía moderna» (Dantín Cereceda, 1913: 507). Para tal fin, sinálanse os cinco elementos que axudarían no proceso de concreción rexional: o relevo, o clima, a vexetación —e a agricultura—, a fauna e o ser humano (Dantín Cereceda, 1913, 1915, 1919). Todos estes elementos rexeríanse por dous principios reitores: a correspondencia mutua e recíproca entre os distintos elementos e a coordinación entre as variantes dun mesmo elemento. Así, di Dantín Cereceda (1913: 514) que se o investigador «sabe darle á cada término su legítima categoría, la región natural surgirá sensible, como la realidad».

O autor sinala que o relevo é «el primero y más fundamental de todos los elementos constituyentes» (Dantín Cereceda, 1913: 508). Este elemento, considerado como a base e principio fundamental director, sería tido en conta na súa dobre vertente: a xeolóxica e a xeográfica ou morfolóxica. Ademais, o criterio xeolóxico sería o «principio de unidad superior», no relativo a que considera que a constitución litolóxica, a disposición estratigráfica e a tectónica dun territorio derivan non só na súa orografía e hidrografía, senón tamén no seu clima, vexetación, fauna e no ser humano —ao que lle atribúe unha importancia menor en relación co resto de elementos—. Ademais, sobre os topónimos comarcais, o autor convida a que os xeógrafos os recollan e os prefiran aos administrativos xa que «son expresivos y tienen sus raíces en la realidad», mentres que os segundos «las más de las veces carecen de sentido y han sido adaptados al país arbitrariamente» (Dantín Cereceda, 1913: 514).

Noutra das súas investigacións, *Resumen fisiográfico de la península ibérica*, presentada uns anos antes, en 1912, Dantín Cereceda reflexiona sobre a importancia do home á hora de intervir na definición das comarcas. Neste sentido, considera que coinciden os «tipos étnicos» cos principais elementos xeográficos da península: «en cada uno de los elementos constitutivos de la Península los datos etnológicos concretan este carácter, observándose que los habitantes que poseen rasgos comunes en sus costumbres y sociología, hacen de cada región una legítima

unidad natural» (Dantín Cereceda, 1912: 269). Neste sentido, a través da exemplificación coa comarca do Páramo leonés, sinala que a rudeza do clima, a falla de vexetación e a laboriosa obtención dos produtos do campo levou a xente da comarca á súa sobriedade, que é reflexo da loita constante co medio no que desenvolven a súa vida.

En 1915, o xeógrafo madrileño apunta a que a finalidade da «Geografía futura» como ciencia e disciplina é o estudo da *región natural*, da que di que «no dudamos es de su extrema fecundidad, no hecha carne todavía y ya adivinada» (Dantín Cereceda, 1915: 317). Como contrapunto á rexión —entendida polo autor a calquera escala— sinala a artificialidade da «provincia administrativa, fruto de la imposición caprichosa, no tiene valor ninguno geográfico» (Dantín Cereceda, 1915: 290). Dantín Cereceda (1915) exemplifica esta cuestión coa provincia de Guadalajara, da que explica que os seus límites son «sumamente artificiosos» e que nela se sitúan rexións naturais de máis alta importancia, como La Alcarria, La Campiña ou La Sierra, que se explican polas relacións entre o medio físico e o ser humano, aínda que con maior influencia do primeiro. Noutra achega de 1919 redunda sobre o «artificio de la estúpida división administrativa» que supón a provincia e, no seu lugar, aposta por discernir as comarcas do seu interior «todas ellas de una clara y firme unidad, que el propio pueblo designa ya con nombres característicos» (Dantín Cereceda, 1919: 25). Desta volta, toma como exemplo a provincia de Zamora, en cuxo interior é posible distinguir «comarcas» como a Terruca, a Tierra del Vino ou a Tierra del Pan.

De 1922 é o seu *Ensayo acerca de las regiones naturales de España*, no que procura establecer o carácter da *región natural* e definir e delimitar as principais unidades deste tipo. No prólogo da obra sinala que «el ensayo presente, en lo esencial, pretende invitar a los futuros geógrafos (…) a caminar por la senda, amplia y clara, de la región natural» (Dantín Cereceda, 1922: XI). Neste sentido, móveo o desexo «de recoger en un cuerpo de cuentas regiones naturales hubiese noticia» (Dantín Cereceda, 1922: XI). Na complexa tarefa de recompilar esta serie de unidades —a distintas escalas—, o autor é consciente das limitacións e explica que non se contemplan moitas, ben por descoñecemento propio ou ben porque o coñecemento sobre elas é tan escaso e a dificultade de dar cos seus trazos propios é tan grande que se preferiu reservalas para outra ocasión. Ademais, algunhas das que se consideran aparecen dun xeito breve, fragmentado e incompleto. Neste sentido, Dantín Cereceda (1922) presenta esta obra como unha «síntesis primeriza y no del todo elaborada», un «mero ensayo», un «anticipo de obra posterior», e «promete» un traballo posterior máis elaborado que a complete.

No preámbulo do traballo tamén se explican as «dificultades» á hora de precisar os límites das unidades rexionais. Segundo Dantín Cereceda (1922), trátase de realidades que constan forzosamente duns límites imprecisos: «en las lindes mismas no es empresa fácil acertar con la línea ideal que taje y separe sus fronteras en contacto por distinguir en donde, al término de una, comienza a diferenciarse la vecina» (Dantín Cereceda, 1922: XI-XII). Así, no avance da concreción das rexións e os seus límites, o autor propón que cada unidade debe motivar unha «monografía» que axude neste cometido. Tamén presenta a rexión como posible solución ás provincias, das que se di que son o máis «acabado artificio de la división administrativa» (Dantín Cereceda, 1922: 2). Este xeógrafo diferencia no seu estudo entre «región natural» e «comarca natural». Por unha banda, a rexión natural é a que correspondería con «extensas regiones naturales» que virían delimitades e definidas por forte relevo. Por outra banda, da comarca natural afirma o seguinte:


> La segunda categoría queda constituida por regiones más pequeñas y por ende más definidas, limitadas y concretas, contenidas en cada una de las diez y siete extensas. (…) Son las comarcas naturales designadas por el pueblo que las habita y de siglos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> las vive, las conoce y las tiene a su espíritu incorporadas, con algún nombre, por lo general, alta y claramente significativo (Dantín Cereceda, 1922: XII).

O conxunto da península ibérica aparece dividido en 17 «regiones naturales», que á súa vez estarían formadas por «comarcas naturales» —só fala da existencia destas unidades en 12 das rexións— (Dantín Cereceda, 1922). A actual Galicia —e o norte de Portugal até o río Douro— quedaría enmarcada dentro da «Región galaica». Nesta «región» delimita nove «comarcas» (Figura 5.6) malia que recoñece que son moitas máis. Só para catro destas comarcas ensaia un intento de delimitación —a partir das parroquias e lugares que as forman— e ofrece datos sobre superficie e poboación. En cambio, para as cinco restantes achega unha descrición breve e imprecisa sobre o seu emprazamento e as súas características principais. En efecto, aporta límites precisos para «Bergantiños», «El Bollo», «Jallas» e «La Limia». Sobre elas, chama a atención a comarca de «La Limia», xa que opta por representala como un área aproximada.

Figura 5.6. As comarcas de Galicia segundo Dantín Cereceda (1922)



Fonte: Dantín Cereceda (1922). Elaboración propia.

Respecto aos límites da comarca de «Las Mariñas» di que coinciden principalmente coa ría de Betanzos —polo tanto, tamén a denomina «Mariña de Betanzos»—. A continuación fala da existencia doutras «Mariñas»: as «Mariñas dos Freires» na área de Cambre-Oleiros e unhas «Mariñas» na área de Foz-Ribadeo-Viveiro. Porén, despois dálles unidade ao sinalar que os habitantes de todas estas Mariñas comparten uns trazos comúns: «pelo más claro, talla más alta y formas más elegantes que el montañés del interior» (Dantín Cereceda, 1922: 80). No que respecta á diferenciación interna das comarcas, o autor distingue na comarca de «La Limia» entre unha «Limia alta» —ao redor de Maceda— e unha «Limia baja» —en torno a Xinzo de Limia—. Por outra parte, as dúas comarcas que identifica como «tierras llanas» agrúpaas no que denomina «Tierras llanas de Lugo». Da comarca de «Bergantiños» é da única da que se identifica o seu «centro» comarcal, a vila de Carballo.

O termo de «región» —ou «región natural»—, a partir dos incipientes estudos de Dantín Cereceda (1912, 1913, 1915, 1922), estaba a ser cada vez máis considerado por distintos sectores académicos e políticos nas primeiras décadas do século XX. Este é o caso do célebre filósofo e ensaísta Ortega y Gasset (1928 [1975]) que, desde unha óptica poética, di que «esto mismo que llamamos España es una abstracción política e histórica. No cabe de ella una imagen adecuada; para representarla tenemos que acudir al símbolo o la alegoría». Isto lévalle a propor que fronte á abstracción do conxunto de España:

> La región natural afirma su calidad real de una manera muy sencilla: metiéndosenos por los ojos. De la región podemos tener una imagen visual adecuada y viceversa, sólo es región, sólo es unidad geográfica real aquella parte del planeta cuyos caracteres típicos puedan hallarse presentes en una sola visión (Ortega y Gasset (1928 [ed. 1975: 42-43]).

Dúas décadas máis tarde, en 1942, Dantín Cereceda presenta *Regiones naturales de España*. Esta obra é presentada polo seu autor como unha segunda edición máis completa da obra de 1922, mais o certo é que se introducen novos aspectos e responde a unha concepción e tipo de traballo diferentes que a alteran fortemente (Ortega Cantero, 1997). Cómpre pensar que esta obra sería parte dese traballo posterior máis completo, elaborado e de maior empeño que Dantín Cereceda (1922) «prometía» no seu «ensayo» vinte anos antes. Porén, esta nova contribución consta unicamente do primeiro tomo, no que se trata de xeito íntegro a «Región galaica» —tanto os aspectos xeográficos xerais como das súas principais «regiones» ou «comarcas naturales»— e tan só os aspectos xerais e de relevo da «Región asturleonesa». Os tomos das restantes rexións nunca se presentaron, xa que logo, pódese falar desta como unha obra inacabada.

Na parte introdutoria da obra, Dantín Cereceda (1942) volve considerar aspectos sobre a «región natural» que xa precisara con anterioridade; por exemplo, di que identificar e definir estas unidades constitúe unha das finalidades máis interesantes da Xeografía como ciencia. Estas virían individualizadas principalmente, ao igual que na súa achega de 1922, por elementos de tipo natural e, de entre todos eles, sobresairía o relevo. Deste xeito, Dantín Cereceda (1942: 11) explica que as «regiones» ou «comarcas naturales» se tratan de «unidades geográficas, limitadas y definidas con fuerte relieve». Desde unha óptica contemporánea, Gómez Mendoza (2018) observa que a delimitación das unidades rexionais do xeógrafo madrileño responde principalmente a criterios de tipo xeomorfolóxico e hidrográfico, tales como montañas, depresións ou bacías.

Na «Región galaica» existen, segundo Dantín Cereceda (1942: 130), «varias pequeñas regiones naturales designadas por el pueblo con algún nombre peculiar». Advirte, como xa fixera con anterioridade, que o coñecemento preciso sobre estas rexións é aínda un traballo que

non se acometeu e que el só se vai limitar —por cuestións de espazo— a enumeralas; dar unha breve descrición dos principais aspectos xeográficos que a caracterizan; fixar a súa posición, extensión e límites; e describir os habitantes e os principais núcleos de poboación. Logo, anima a que outros xeógrafos as estuden, as interpreten e axuden a concretar os seus límites e, para esta tarefa, o autor explica as cuestións que sería preciso estudar: a súa xeomorfoloxía, clima, vexetación, fauna e aspectos humanos (Dantín Cereceda, 1942). Cómpre sinalar que estes «apartados» coincidirían cos elementos que axudarían no proceso de identificación e individualización rexional.

Figura 5.7. Mapa das «regiones naturales» de Galicia (Dantín Cereceda, 1942)



Distribución de las regiones naturales de Galicia.


Escala de 1 : 1.550.000.

Fonte: Dantín Cereceda (1942).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O groso do volume correspóndese coas 50 «comarcas naturales» que se identifican dentro da «Región galaica» (Figura 5.8). Nel, presenta as unidades comarcais con límites definidos e claros —sinálanse as parroquias e as aldeas ou lugares que as formarían— e, ademais, o autor precisa que se ben estes se poderían mellorar, son tamén os límites máximos da comarca que non deberían ser excedidos (Dantín Cereceda, 1942). Respecto da súa extensión, algunhas como «Bergantiños» ou «El Bollo» reúnen un gran número de parroquias de diferentes concellos, mentres que outras como «valle de Barcala» ou «valle de la Rábeda» só xuntan unhas poucas parroquias; isto dá como resultado uns termos máis curtos que os propios concellos. Resulta significativo sinalar a coincidencia de moitas das comarcas —tanto no nome como en superficie— cos concellos nos que se sitúan, como é o caso de «El Cebrero», «valle de Dubra» ou «tierra de Tribes». Cómpre sinalar que para algunhas das comarcas tamén se identifica o seu «centro», por exemplo: O Barco en «Val de Orras», Calvos en «valle de Salas» ou Carballo en «Bergantiños».

Figura 5.8. Mapa de comarcas proposto por Dantín Cereceda (1942)



Fonte: Dantín Cereceda (1942). Elaboración propia.

Entre as comarcas identificadas neste traballo están as nove descritas polo autor en 1922, mais pódense sinalar tres diferenzas notables: a comarca inicial de «La Ulla», que se identificaba coa parte baixa do val do río Ulla, pasa agora a identificarse con «La Ulloa», na cabeceira do río; a parte sur da comarca de «La Limia», recoñecida en 1922, pasa a corresponder co «valle de Salas»; e, no caso de «Las Mariñas», se ben se circunscribían inicialmente á ría de Betanzos, agora ocupan tamén a ría do Burgo ou da Coruña. Para esta última comarca, Dantín Cereceda (1942) recoñece a súa diversidade interna, ao identificar as «Mariñas de Betanzos», as «Mariñas dos Freires» —en torno a Cambre— e as «Mariñas de Bergondo», e tamén sinala a complexidade de poñerlle uns límites precisos. Neste sentido, o autor apunta que hai quen estende a comarca até a ría de Ferrol, mais rexeita explicitamente a descrición que desta comarca achega Otero Pedrayo (1926c) polo feito de que o xeógrafo ourensán inclúe na comarca a planicie superior da meseta galega que a rodea.

O autor recoñece, ao final do capítulo dedicado á rexión galega, que as comarcas identificadas en Galicia son máis, pero que por cuestións de espazo e por falta de información sobre os seus límites se prescinde «deliberadamente» delas: «ante la necesidad de no extender demasiado el texto de esta obra sobre las regiones naturales de España, se ha prescindido deliberadamente de algunas "comarcas" gallegas» (Dantín Cereceda, 1945: 347). Porén, na descrición que se fai sobre as comarcas galegas vanse dando apuntamentos sobre cales serían algunhas destoutras comarcas que se omiten, a saber: a «tierra de Melón» —que coincidiría coas dúas parroquias que forman o concello actual—, a «comarca de Incio y Broza» —formada por seis parroquias do actual concello do Incio—, o «valle de Lózara», o «valle de Maceda» —ou «alto Arnoya»— ou «Os chaos de Amoeiro».

Quen tamén destacou polas súas achegas ao tema comarcal, aínda que en menor medida, foi Hernández Pacheco. Este académico, mentor de Dantín Cereceda, desempeñouse como catedrático de Xeoloxía na Universidad Central de Madrid e foi director do MNCN, de xeito que cómpre falar dun académico de perfil máis naturalista. Nalgunhas das súas primeiras obras como *Ensayo de síntesis geológica del norte de la península ibérica* (1912) ou *Síntesis fisiográfica y geológica de España* (1932) presenta xa o concepto de «región natural», mais para designar grandes superficies que coincidirían coas rexións históricas. No caso de Galicia, esta constitúe unha única rexión natural que é definida dentro do contexto peninsular como unha das de «expresión más clara», «características más definidas» e «límites más precisos» (Hernández Pacheco, 1932: 66). Porén, dentro destas grandes rexións non se sinalan unidades menores de escala comarcal.

En 1955-6 este estudoso presenta unha nova achega na que ademais do concepto de «región» tamén recoñece o de *comarca*. Así, en *Fisiografía del solar hispano*, Hernández Pacheco sinala que en función das afinidades xeolóxico-fisiográficas se poden distinguir tres escalas que, de maior a menor extensión, son «país», «región natural» e «comarca natural». Un aspecto que comparten os tres niveis ten que ver coa existencia de límites «imprecisos» e «confusos», no sentido de que se pasa dunha unidade a outra a través dun tránsito na variación das características. No que respecta á «comarca», o autor sinala o seguinte:

> En el conjunto territorial de la región, suelen destacar alguna o algunas porciones que teniendo las mismas características generales, presentan particularidades geológicas, de relieve, fisiográficas, de vegetación, etc., que dan cierta singularidad al territorio en que se presentan, constituyendo comarca natural (Hernández Pacheco, 1955-6: II 194).

Para o conxunto de España identifica 33 «regiones naturales» que agrupa en seis «países». No que respecta ao territorio galego, este constitúe todo el a «región Galaica» e pertence ao

«país Septentrional». Non obstante, non se chega a sinalar a existencia de comarcas, segundo o autor, debido á semellanza das súas características físicas; «Galicia, por lo uniforme de sus características naturales, no presenta comarcas que resalten de las inmediatas especialidades geológicas y fisiológicas» (Hernández Pacheco, 1955-6: II 248). Só se sinalan diferencias entre o «interior» e o «litoral», e distínguese neste último entre «Rías Altas» e «Rías Bajas», mais sen precisar que se trata de comarcas. Agora ben, á hora de exemplificar a cuestión comarcal da rexión galega, considera que, «atendiendo al carácter geológico-litológico», pódese citar a «pequeña comarca de Monforte de Lemos».

Nas décadas iniciais do século XX tamén sobresaíu no campo xeográfico Doporto Marchori, quen exerceu como profesor de xeografía e historia na Escola Normal de Madrid e foi director do Instituto Geográfico, Catastral y de Estadística (Fernández Burgueño e Rodríguez Guerrero, 2011). O seu *Ensayo de Geografía Regional de España*, publicado en 1930, constitúe unha importante achega ao campo xeográfico español do momento. O autor identifica para o conxunto do territorio español 14 «regiones», sendo a última delas a «región Galaico-duriense», que vén a coincidir co territorio da actual Galicia.


O número de comarcas que se identifican dentro do país galego —11— é reducido. Por conseguinte, boa parte queda como un espazo indefinido (Figura 5.9). O posible escaso coñecemento da realidade galega por parte do autor pode estar detrás desa ausencia comarcal que se observa en boa parte do territorio (Doporto Marchori, 1930). Á súa vez, as comarcas son agrupadas en unidades de maior extensión para as que o autor non aporta unha denominación, é dicir, virían a ser unha especie de conxuntos comarcais. Resulta curioso que no interior dun destes, caso de «Las Rías Bajas», non se indica a presenza de comarcas. Cómpre sinalar que as unidades de escala comarcal que se identifican son practicamente as mesmas que as identificadas por Dantín Cereceda en 1922.

Malia as poucas comarcas que se identifican e as limitadas descricións sobre elas, Doporto Marchori (1930) sinala que se trata de «comarcas naturales» e que son abundantes pola presenza de numerosos «valles» e «tierras llanas», mais que moitas están aínda mal estudadas. Ademais, dalgunhas das comarcas, o autor procura achegar unha maior precisión sobre o seu emprazamento a través de distintas observacións: di que a «Tierra Llana» —ou «Terra Cha»— se pode aplicar, indistintamente, en sentido estrito á contorna de Castro de Rei ou á grande extensión que abrangue tamén Vilalba; de «La Ulla» explica que se circunscribe só á marxe dereita do curso baixo do río homónimo; e, das «Mariñas» comenta que coinciden coa «comarca de Betanzos», se ben afirma que estas tamén se poden dar nas áreas de Cambre, Ferrol e Pontedeume. Un aspecto significativo ten que ver co curso baixo do río Miño, sobre o que sostén que, malia a fronteira, se forman «en ambas orillas comarcas de idénticos caracteres geográficos» (Doporto Marchori, 1930: 207).

Outro importante xeógrafo da primeira metade do século XX que tamén se distinguiu pola introdución da Xeografía moderna en España foi Martín Echeverría. Exerceu como profesor de xeografía e historia en distintos institutos de ensino medio, foi defensor do proxecto pedagóxico da ILE e estivo vencellado á JAE (Quirós Linares, 1997; Moreno Burriel, 2018). A que pode ser considerada como a súa obra máis transcendental no campo da Xeografía é a *Geografía de España* que publicou en 1928. A obra consta de tres volumes: o primeiro, centrado en «Geografía General» e, os outros dous, sobre «Geografía Regional». O quinto apartado deste primeiro tomo é o reservado a Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.9. División comarcal formulada por Doporto Marchori (1930)




Fonte: Doporto Marchori (1930). Elaboración propia.

O territorio galego é dividido en cinco grandes unidades (Figura 5.10). Estas grandes unidades, que coinciden coas principais divisións a nivel físico, son de dimensións variables: «Las montañas orientales de Lugo», que son a unidades máis reducida, contrasta con outros conxuntos como «La Mariña de Lugo, las rías altas y las comarcas contiguas» ou «Las rías bajas, la Ulloa y Santiago de Compostela», as cales abranguen un espazo máis amplo e heteroxéneo —a maior diversidade que encerran estes territorios tamén se pode ver na súa denominación—. No interior destas unidades de primeira orde aparecen toda unha serie de ámbitos territoriais, tamén de extensión variable, mais que consideramos de escala comarcal (Martín Echeverría, 1928). O número de comarcas que identificamos é de 29.

Algunhas das comarcas son de dimensións reducidas, caso de «*valle de Camariñas*» ou «vega de Noya», mentres que outras, como «Las Mariñas de Lugo» ou «valle de La Arnoya», gozan dunha extensión moito máis grande. Así, dentro dalgunhas destas comarcas de maior superficie identifícanse distintas «porciones»; por exemplo, da comarca de «La Mariña de

Lugo» dise que está «dividida tradicionalmente» en «Las Mariñas de Ribadeo, Foz y Vivero» ou na «comarca de La Limia» sinálanse unha «Limia alta» e unha «Limia baja» (Figura 5.10). Cómpre resaltar que as comarcas que se identifican, quizais polo feito de que o autor sexa de fóra de Galicia, coinciden con aquelas máis «tradicionais» e «coñecidas». O descoñecemento sobre Galicia tamén pode estar detrás de que denomine ao espazo da desembocadura do río Ulla como «país de La Ulloa» —aínda que tamén se refire a el como «Ribera del Ulla»— e, ademais, identifica dentro da comarca unha «Ulloa alta» en torno a Padrón e unha «Ulloa baja» con centro en Ribeira.

Figura 5.10. Proposta comarcal de Martín Echeverría (1928)



Fonte: Martín Echeverría (1928). Elaboración propia.

Na súa obra, Martín Echeverría (1928) concede unha grande importancia ás vilas. En efecto, considera que boa parte delas veñen a ser cabeceiras de comarca. Así, por exemplo, Carballo defíneo como a «principal población», «centro natural» e «capital administrativa» da comarca de Bergantiños. Pola súa banda, Ribadavia é presentada como un «mercado natural» e «pueblo bien situado» na comarca do Ribeiro. Outros «centros» ou «cabezas» de comarca que

menciona son Betanzos, Lalín, Sarria ou Viana do Bolo. De feito, o autor, nalgúns ámbitos territoriais, non fala de xeito explícito de comarcas, senón que só fai referencia a elas a través das súas cabeceiras respectivas, como é o caso da «meseta de Lugo» ou das «montañas orientales de Lugo».

En 1941, o xeógrafo Gavira Martín di que a «región» ou «comarca» é o resultado de xuntar aqueles elementos que dean unidade desde o punto de vista xeográfico e, en particular, cunha «fisonomía natural bien definida» (Gavira Martín, 1941: 303). Respecto da división de España en comarcas naturais, este académico afirma que Cataluña é a que máis se preocupou de repartir o seu territorio en relación coas diversas paisaxes, o que deu como resultado un traballo de gran valía. Para Gavira Martín (1941: 317) a división comarcal catalá «podría servir de pauta para intentar algo parecido en el resto de España» e, deste xeito, remediar os defectos da división provincial. Alén disto, na liña da teorización sobre rexión fixada por Dantín Cereceda (1913, 1922), este xeógrafo tamén sinala que a distinción entre «región» e «comarca» ten que ver coa escala e que a individualización de ambas as dúas vén marcada principalmente por factores do medio físico —sen descartar os humanos—:

> "Región" implica una mayor extensión que la "comarca", y (…) dentro de la "región" delimitada por formaciones geográficas de gran envergadura (un gran valle fluvial, una depresión, una meseta) pueden existir diversas comarcas, determinadas por características geográficas de menor cuantía (cuencas menores, manchones geológicos, pequeñas altiplanicies, etc.) (Gavira Martín, 1941: 314).

Varios anos máis tarde, concretamente en 1956, Moliner Ruiz presenta a súa *Geografía de España*. Foi profesora de Xeografía en varios institutos de ensino medio e estivo vencellada ao proxecto da ILE e á JAE (Otero Ochaíta, 2011). Na súa obra dedica un apartado a tratar os aspectos xeográficos de Galicia, entre os que se encontran as comarcas. Así, achega unha recompilación breve das que di que son as comarcas galegas máis significativas. Isto tradúcese na identificación de só 11 comarcas: «Bergantiños», «Jallas», «La Limia», «La Mariña», «Las Mariñas», «meseta de Lugo», «Rías Bajas», «El Ribeiro», «Riberas del Miño», «valle de Monterrey» e «Valdeorras». A grandes trazos, as comarcas que se presentan son basicamente as mesmas que as formuladas por Dantín Cereceda (1922); de feito, xa a propia autora explica no prólogo que os «eruditos» na materia non atoparán nada novo e que con esta obra só pretende dar a coñecer a Xeografía de España a través de lecturas e dalgunhas viaxes previas (Moliner Ruiz, 1956). Tamén identifica unha cifra considerable de cidades e vilas, algunhas das cales desempeñarían o papel de cabeceira da súa comarca.

En 1956, na mesma data que a achega anterior, presenta Terrero, catedrático de Xeografía no ensino medio, a súa *Geografía de España*. Galicia é definida como unha «gran región natural» que vén demarcada polos límites das catro provincias galegas (Terrero, 1956 [1976]). No interior destas grandes rexións, as cales se circunscriben aos límites da división provincial oficial, recoñécese a existencia de «comarcas naturales» que se distribúen de xeito heteroxéneo. Na provincia de Lugo, identifica unha gran «meseta de Lugo» e arredor dela fala das «tierras llanas de Castro de Rey», «tierra llana del valle del Oro», «La "Mariña"», «Riberas del Sil» e «valle de Monforte». No caso da Coruña, di que sobresaen como «comarcas naturales típicas»: «Las Mariñas», «Bergantiños» e «La Ulla». A provincia de Ourense é na que maior número se identifican: «El Bollo», «El Ribeiro», «La Limia», «llano de Orense o Riberas del Miño», «valle del Arnoya» e pecha esta relación con que habería «otras de menos importancia» (Terrero, 1956 [ed. 1976]: 377). Finalmente, na provincia de Pontevedra non se sinala a existencia de ningunha comarca como tal.

O último traballo a analizar é o *Catálogo de las comarcas geográficas de España*, presentado por Revenga Carbonell en 1961 e editado polo Instituto Geográfico y Catastral. Este enxeñeiro xeógrafo desenvolve toda a súa actividade laboral dentro deste organismo, onde se distingue polas súas achegas xeográficas (Polo Martín, 2019). Na súa obra localiza, sobre un mapa de España, 419 comarcas, mais renúnciase á súa delimitación precisa. Aproximadamente a metade das unidades comarcais que se identifican coinciden con pequenos vales de montaña das provincias de Huesca, Navarra e Santander, polo que non parece posible para o autor a materialización dunha comarca de montaña composta por varios vales (Revenga Carbonell, 1961). Resulta significativo sinalar que boa parte das comarcas, aínda que teñan límites difusos, non respectan os administrativos, representados no mapa polas provincias e partidos xudiciais. De feito, algunhas das comarcas emprázanse no que hoxe son fronteiras autonómicas, como é o caso de Valle de Barrabés —entre Aragón e Cataluña— ou de Rioja Alavesa —entre Euskadi e La Rioja—.


No caso de Galicia, Revenga Carbonell (1961) identifica 56 comarcas (Figura 5.11). Na maior parte dos casos, as unidades son de reducido tamaño e habitúan corresponder con pequenos vales fluviais, como «valle de Lorenzana» ou «valle de Salvatierra». No outro lado da balanza, algunhas comarcas de maior superficie son «Bergantiños», «La Limia» ou «Las Mariñas» —que o autor restrinxe ás rías de Betanzos e do Burgo—. Os límites comarcais, se ben resultan imprecisos, respectan sempre os provinciais, mais son varios os casos que non o fan cos xudiciais. Deste xeito, comarcas como «tierra llana de Castro de Rey», «Las Mariñas» ou «valle de Tiela» son claros exemplos de unidades formadas por territorios de diferentes partidos xudiciais. Un aspecto importante a ter en conta ten que ver con que todas as comarcas —50— identificadas por Dantín Cereceda (1942) son copiadas por Revenga Carbonell (1961), respectando a grandes trazos tanto o seu emprazamento como a súa denominación.

En 1968, baixo o liderado de De Terán Álvarez e Solé Sabarís, preséntase a *Geografía Regional de España*, publicada pola editorial Ariel e reeditada en numerosas ocasións (De Terán Álvarez e Solé Sabarís, 1968). É necesario sinalar que un importante precedente desta obra é a *Geografía de España y Portugal*, que entre 1952 e 1967 dirixe De Terán Álvarez —se ben o propio De Terán Álvarez se encarga dos aspectos sobre xeografía xeral de Galicia, a cuestión comarcal foi asumida por Otero Pedrayo; por iso, esta obra vai ser analizada dentro do capítulo 6—. Alén disto, na obra que agora nos preocupa, a introdución vén da man de Solé Sabarís (1968), quen achega unhas pequenas consideracións sobre as comarcas. Para este xeógrafo, a comarca non viría a ser máis que unha rexión a escala de maior detalle:

> Dentro de cada región es posible distinguir otras subdivisiones de menor categoría, pero basadas esencialmente en los mismos principios. (…) La región puede compartimentarse en subregiones y éstas en comarcas y subcomarcas, hasta llegar a las unidades más simples o elementales que integran el organismo geográfico. La *comarca*, por ser la unidad regional más sencilla, es más fácilmente perceptible y tiene fuerte arraigo popular. (…) En cada una de las regiones españolas, aún en las más homogéneas y monótonas (…) es posible distinguir un gran número de comarcas (Solé Sabarís, 1968: 21; as cursivas son orixinais).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.11. División comarcal achegada por Revenga Carbonell (1961)




Fonte: Revenga Carbonell (1961). Elaboración propia.

O capítulo sobre Galicia e, polo tanto, o tratamento das comarcas galegas, é asumido de xeito íntegro polo propio De Terán Álvarez, quen non só foi un dos xeógrafos máis destacados da España do século XX, senón que tamén desempeñou un importante papel como impulsor e renovador da Xeografía. Estivo fortemente ligado á ILE e á JAE e en 1951 converteuse en catedrático de Xeografía na Universidad Central de Madrid (Capel Sáez, 1976; Gómez Mendoza, 1997, 2018; Martínez de Pisón e Ortega Cantero, 2007).

De Terán Álvarez (1968) parte Galicia en dúas «regiones»: unha «litoral» e outra «interior», das que afirma que, a grandes trazos, a primeira correspóndese coas Rías Altas e Baixas e a segunda, coa provincia de Ourense e boa parte da de Lugo —agás no litoral e na bacía do Ulla— (Figura 5.12). No interior das rexións identifica sete «sectores», que poden ser interpretados como un conxunto de comarcas. Porén, algún deles poderían ter escala comarcal tal e como apunta o propio autor ao definir o sector do «golfo Ártabro» como «una comarca de mariñas». Agora ben, máis adiante, á hora de falar das comarcas propiamente ditas, redúcea á

contorna da vila de Betanzos (De Terán Álvarez, 1968). Non obstante, a identificación das unidades comarcais de Galicia —para algunhas delas afirma seguir Otero Pedrayo— semella algo deficiente, quizais a causa do afastamento do autor da realidade galega. No conxunto do capítulo sobre Galicia pódense identificar até 15 unidades comarcais.

Figura 5.12. Mapa de comarcas en De Terán Álvarez (1968)



Fonte: De Terán Álvarez (1968). Elaboración propia.

Esta *Geografía Regional de España* (1968) tamén recolle un curioso debate en torno ás comarcas, do que dá conta Gómez Mendoza (2018). Esta xeógrafa analiza as cartas que se intercambiaron Solé Sabarís —un dos directores— e García Fernández —autor do capítulo dedicado a Castilla la Vieja e León— en outubro de 1967 por mor desta obra. Segundo relata Gómez Mendoza (2018), Solé Sabarís reprocháballe que apenas desenvolvese a parte comarcal do seu texto, tal e como se lle pedira. Na súa réplica, García Fernández di que el está en contra do «"comarquismo", que es uno de los males que aquejan a la geografía española, además de ser antipedagógico» (citado en Gómez Mendoza, 2018: 20). Semella que este último non estaba

de acordo con que o patrón histórico, segundo el válido para considerar e dividir Cataluña, fose exportable aos demais casos.

Dun ano despois, de 1969, é a *Geografía de España* que presentan De Bolòs Capdevila, Paluzie Borrell e Guerrero. A parte dedicada ao conxunto de Galicia é bastante breve e no caso das comarcas galegas resúmese a un parágrafo que se presenta baixo o epígrafe de «comarcas naturales» (De Bolòs Capdevila et al., 1969). Con esta curta achega, os autores reducen a catro as que consideran que son as «comarcas físicas más bien caracterizadas»: «El Bollo», «La Limia», «Las Mariñas» e «El Ribeiro». Cómpre sinalar que estas comarcas son algunhas das que xa fixara Dantín Cereceda (1922) e que seguen a valer de referencia para o estudo comarcal de Galicia dentro das «Xeografías de España».

En 1972 aparece a *Geografía de España*, que dirixe Vilà Valentí e que publica a editorial Danae (Vilà Valentí, 1972). A obra que aquí presentamos está formada por dous tomos, o primeiro dedicado á análise dos aspectos de xeografía xeral e o segundo aos da xeografía rexional. Na introdución do segundo volume, apunta Vilà Valentí (1972: II 9) que «no estudiamos (…) tal o cual tema; lo que realmente estamos estudiando es tal o cual región». Neste sentido, o autor explica que logo do estudo da rexión no seu conxunto búscase achegar unha análise en unidades menores, coa que se intenta mostrar «el papel que desempeñan en cada región las comarcas de mayor vitalidad actual y sus respectivos núcleos urbanos» (Vilà Valentí, 1972: II 24). O capítulo dedicado a Galicia corre a cargo do xeógrafo catalán Carreras Verdaguer.

Vilà Valentí presenta unha importante reflexión sobre o ámbito comarcal no apartado introdutorio deste segundo volume. En primeiro lugar, considera que o concepto de *región* —e tamén *comarca*— é «por sí mismo, sumamente intricado, y comporta un gran número de factores y elementos, una gran diversidad de facetas. Es esencialmente, diríamos, un concepto complejo» (Vilà Valentí, 1972: II 9). Do mesmo xeito que se pronunciara Solé Sabarís (1968) uns anos antes, este académico tamén considera que toda división territorial ampla habitúa abarcar unidades máis reducidas no seu interior. Así, a principal diferenza entre os termos de «comarca» e «región» ten que ver coa escala:

> Las regiones históricas en España (…) son áreas extensas de varios miles, por lo menos, de kilómetros cuadrados. (…) Toda división territorial amplia suele abarcar unidades más reducidas. (…) La comarca viene a ser una pequeña región, la verdadera unidad primaria. (…) Es como una célula en el tejido regional, si se admite la evocación de un hecho biológico. (…) En comparación con la región, suele presentar una extensión mucho más reducida, de unos centenares, a veces sólo unas decenas, de kilómetros cuadrados. Suele ser también menos compleja (Vilà Valentí, 1972: II 24).

A descrición sobre os aspectos rexionais de Galicia lévase a cabo a través das sete cidades galegas —ás que se engade a vila de Tui—. Porén, á hora de tratar as principais urbes, o autor aproveita para relacionar algunhas das comarcas e cabeceiras primordiais de Galicia (Carreras Verdaguer, 1972). Deste xeito, en torno á Coruña e Ferrol fálase da existencia de «Bergantiños» —con centro en Carballo— e doutra «comarca interior» que ten por vila cabeceira ás Pontes. Próxima a Santiago de Compostela está a «comarca costero-fluvial» do «valle del río Ulla». Xa cara ao interior, na contorna de Ourense indícase a existencia de comarcas a ambas as dúas marxes do río Miño, isto é, á dereita «el Ribeiro del Avia» e a «comarca ganadera con centro en Carballino» e á esquerda «la Limia» —con Xinzo de Limia como capital da comarca—. Polo que respecta á provincia de Lugo, as unidades comarcais que se tratan son a «comarca del Cebrero», «comarca de Monforte» e «comarca de Sarria».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na mesma data, en 1972, publícase a *Geografía de España* de Arija Rivarés. A obra consta de catro tomos. O último deles, o IV, resérvase a «Las comarcas». Segundo o autor, non é posible estudar no seu conxunto de xeito adecuado sen coñecer previamente as súas partes constitutivas un territorio tan extenso e diverso como é o hispano, isto é, as «regiones» e as súas «unidades menores», as «comarcas». A comarca é presentada como o ámbito territorial máis apropiado para a análise e a comprensión de determinados aspectos do territorio: «la única forma de comprender y conocer un país es a través del previo conocimiento de sus comarcas naturales, en las cuales es posible sorprender en toda su honda sinceridad la vida varia y compleja del pueblo» (Arija Rivarés, 1972: IV 31). Para este xeógrafo, a comarca, en comparación coa rexión, achega unha dimensión máis axeitada que permite distinguir, caracterizar e cobrar personalidade por un ou máis factores dominantes —dentro da homoxeneidade do conxunto— que a tipifican e que mesmo lle dan nome.

Un dos capítulos está dedicado ao «país gallego», onde se tratan aspectos sobre o medio físico, a poboación ou a economía, mais o máis significativo e extenso ten que ver coa parte reservada ás comarcas. Primeiro de todo, o autor sinala que o estudo das comarcas en Galicia presenta unha gran dificultade á hora de identificalas e delimitalas, máis aínda porque considera que algunhas delas se recoñecen seguindo criterios subxectivos (Arija Rivarés, 1972). Neste contexto, di que en Galicia son poucas as comarcas «conocidas», «denominadas por el pueblo y la tradición» e «bien delimitadas y localizadas» como é o caso de «Bergantiños», «Las Mariñas» ou «Valdeorras», e que aínda quedan abundantes «zonas territoriales» de difícil adscrición. Na tarefa de identificación comarcal, o autor recoñece as xenerosas contribucións ao tema comarcal de Dantín Cereceda (1922, 1942), Otero Pedrayo (1926d) e Revenga Carbonell (1961).

Arija Rivarés (1972) divide Galicia en dúas «grandes subregiones»: «La Galicia Marítima» e «La Galicia Miñota» (Figura 5.13). Á súa vez, estas dúas grandes divisións pártense en dez unidades menores, tales como «meseta de Lugo» ou «Las Rías Bajas». No interior destas podemos identificar 55 unidades de escala comarcal. Respecto do seu tamaño, algunhas son de grande extensión como «La Mariña de Lugo» ou «Las Mariñas», mentres que outras son «minúsculas comarcas» como «La Gudiña» ou «comarca de Riós». Cómpre indicar que os ámbitos comarcais se distribúen de xeito bastante homoxéneo polo territorio galego.

En 1976, no seo da II Reunión de Estudios Regionales celebrada en Canarias, son varios os xeógrafos que achegan reflexións sobre a cuestión comarcal —aínda que ningún dos exemplos se aplica en Galicia—. Así, Higueras Arnal (1976) considera que o concepto equivale a «pequeñas regiones», é dicir, corresponde a unha unidade máis cativa que a rexión. Outros xeógrafos como Floristán Samanes (1976), Bosque Maurel (1970) ou Burriel de Orueta (1976) tamén comparten esta idea de diferenza escalar entre os conceptos de comarca e rexión. No caso de Burriel de Orueta (1976), que achega un estudo sobre as Canarias, o autor incide en que a insularidade impón un primeiro límite de división comarcal.

En 1976, dentro da obra colectiva *Tierras de España*, preséntase un volume sobre «Galicia» no que se analizan, entre outros, aspectos comarcais. A parte xeográfica vén da man de Cabo Alonso. En relación cos aspectos xeográficos, o último dos subapartados é presentado baixo o elocuente nome de «Las diferencias comarcales» (Cabo Alonso, 1976). En relación coa organización territorial de Galicia, o autor é respectuoso coa delimitación existente, isto é, as provincias —que son presentadas como «conjuntos»— e os partidos xudiciais históricos. Alén disto, recoñece a existencia dunha serie de «comarcas» que menciona de xeito moi irregular no territorio. As 18 comarcas que identifica concéntranse nas provincias do interior, de xeito que queda o resto do territorio como un inmenso espazo baleiro. Na provincia luguesa podemos identificar as comarcas de «Mariña de Lugo», «meseta de Lugo», «meseta de Monforte», «meseta de Sarria», «Terra Cha», «valle de Lorenzana», «valle de Masma» e «valle de Oro».

Na provincia de Ourense, temos as «depresiones» de «La Limia», «Orense» e «Verín», ás que hai que sumar o «valle de Arnoya», «valle de Avia» e «Valdeorras». Finalmente, nas provincias da Coruña e Pontevedra unicamente se sinalan dous ámbitos comarcais en cada unha, a saber: «Condado» e «El Rosal» na pontevedresa e «Mariña» e «tierra de Mellid» na coruñesa.

Figura 5.13. División comarcal formulada por Arija Rivarés (1972)




Fonte: Arija Rivarés (1972). Elaboración propia.

Cabo Alonso é autor doutro capítulo en 1987, dentro da *Geografía Regional de España* que en 1968 presentaran De Terán Álvarez e Solé Sabarís, a cal é «revisada y puesta al día» en 1987 no que vén a ser a quinta edición da obra —incorpora á dirección a Vilà Valentí, un movemento necesario, xa que os outros dous directores faleceran uns anos antes— (De Terán Álvarez et al., 1987). O capítulo sobre Galicia, que na edición dos anos 1960 fora elaborado por De Terán Álvarez, vén agora da man de Cabo Alonso. No relativo ás comarcas galegas, se ben o autor se mostra respectuoso cos principais puntos sinalados na primeira edición da obra, é quen de incorporar certos cambios.

Así, Cabo Alonso (1987) mantén a división «elemental» de Galicia en dúas grandes unidades: «Galicia occidental» e «Galicia oriental». Tamén sinala catro conxuntos comarcais inferiores a esta división elemental que agrupan varias comarcas no seu interior. O número de comarcas que se identifican é de 27 (Figura 5.14). Practicamente todas coinciden con ámbitos ben caracterizados que xa outros autores, como Dantín Cereceda ou Otero Pedrayo, sinalaran con anterioridade. A maior concentración de comarcas dáse na bacía do Ulla, onde o autor identifica a comarca central de «La Ulla» —que semella ir desde «El Ullán» a «La Ulloa»— e, ao redor desta, aparecerían outras «pequeñas unidades comarcales» como «tierra de Melide» ou «tierra de Tabeirós». O autor tamén recoñece a importancia das cabeceiras comarcais; así, por exemplo, de Sarria di que un «centro comarcal, (…) encrucijada de caminos con feria importante y único lugar de la comarca que aumenta en población» (Cabo Alonso, 1987: 53) ou de Becerreá e A Fonsagrada sinala que son «lugares destacados» da montaña oriental luguesa.

Figura 5.14. Mapa de comarcas achegado por Cabo Alonso (1987)



Fonte: Cabo Alonso (1987). Elaboración propia.

Unha importante contribución ao estudo das comarcas no contexto español, aínda que non achegue ningún estudo concreto sobre Galicia, é o volume *La región y la Geografía española*, que publica a Asociación Española de Geografía —AGE— en 1980. Os xeógrafos que contribúen a esta peza recoñecen e avanzan nos traballos que anos antes presentaran Solé Sabarís (1968, 1975) e Vilà Valentí (1963, 1972) no relativo á teoría sobre as rexións e/ou comarcas. Neste sentido, a primeira das contribucións vén da man do propio Vilà Valentí (1980), quen perfila cinco niveis xerárquicos á hora de clasificar as rexións, a saber: «continental» —millóns de km²—, «subcontinental» —centenares de miles de km²—, «estatal» —decenas de km²—, «subestatal de nivel a» —miles de km²— e «subestatal de nivel b» —centenares de km²—. O último destes chanzos, o «subestatal de nivel b», coincidiría co comarcal, ao que, por certo, tamén se refire indistintamente como nivel «subprovincial», «supralocal» ou «supramunicipal». Ademais, Vilà Valentí (1980) expresa de novo a idea de que a comarca «ha de considerarse conceptualmente como una unidad inferior a la región geográfica» (Vilà Valentí, 1980: 23).

Esta mesma distinción de escala entre rexión e comarca é expresada por Puyol Antolín (1980) nunha elocuente achega titulada *Región y comarca*. Este xeógrafo di que o termo comarca «en nuestro país ha sido utilizada para designar a la unidad espacial inmediatamente inferior a la región en la escala descendente» (Puyol Antolín, 1980: 79). Porén, apunta que esta definición non contribúe a concretar as súas dimensións precisas; así, sinala que «algunas regiones pueden ser mayores que ciertos países y algunas comarcas más grandes que determinadas regiones» (Puyol Antolín, 1980: 84).

Vilà Valentí (1980) reivindica a gran variedade de estudos sobre as rexións, tanto no relativo aos diferentes significados atribuídos ao concepto como á distinta importancia concedida aos elementos e factores que as definen. Neste sentido, varios xeógrafos reafirman a importancia duns determinados criterios —de tipo natural, funcional, histórico, etc.— no relativo á identificación e delimitación das rexións, como Bielza de Ory (1980), Casas Torres (1980), Espiago González e Mas Hernández (1980) ou Sanz Herráiz (1980). Un destes, Casas Torres (1980: 177), apunta que «la actual coyuntura española es muy buena para que los geógrafos colaboremos en la regionalización, o mejor, comarcalización del territorio, que indudablemente seguirá a la puesta en marcha de las autonomías regionales».

En 1993, dentro do XIII Congreso Nacional de Geografía celebrado en Sevilla e organizado pola AGE, o terceiro dos relatorios estivo dedicado ao estudo do «papel de los geógrafos en la comarcalización». Isto é un claro exemplo da importancia e repercusión que a comezos da década dos 1990 estaba a ter o tema comarcal. De feito, varias das comunicacións son presentadas por xeógrafos galegos que se centran no estudo dos ámbitos comarcais en Galicia —estas contribucións son analizadas no apartado 8.5— (Garrido Faraldo e Lois González, 1993; González Pérez e Somoza Medina, 1993; López González e Rodríguez González, 1993; De Torres Luna e Lois González, 1993). Tamén hai intervencións de xeógrafos doutras comunidades autónomas, como Nogués Linares (1993), Salom Carrasco (1993) ou Serrano Martínez (1993). O relatorio principal é asumido por Vilà Valentí (1993b) quen asume que, dentro do contexto español, a comarca «suele aparecer como un tercer nivel de magnitud» (Vilà Valentí, 1993b: 233), tras a «región» —que equivale a comunidade autónoma— e a «provincia». Ao igual que en Vilà Valentí (1980), sinala que a súa superficie é de «entre unos centenares y unos pocos miles de km²» (Vilà Valentí, 1993b: 234).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6 AS COMARCAS AO SERVIZO DA NACIÓN GALEGA

Este terceiro capítulo de resultados aborda a cuestión comarcal ao servizo da construción da nación galega. Consideramos aquelas achegas vencelladas ao galeguismo e/ou nacionalismo galego que asumen a comarca como peza chave da estrutura territorial de Galicia. O primeiro apartado reúne os traballos da fase rexionalista, mentres que os restantes céntranse na etapa nacionalista. Así, o segundo apartado está dedicado aos intelectuais que se significaron nas primeiras décadas do século XX, agás Otero Pedrayo, a cuxa obra xeográfica sobre as comarcas dedicamos o terceiro apartado. O cuarto aborda a dos «discípulos» do propio Otero Pedrayo, entre os que cómpre destacar a Fraguas Fraguas e a Río Barja. Finalmente, o quinto apartado recolle as achegas vencelladas ao nacionalismo galego das décadas de 1960 e 1970.

6.1 O REXIONALISMO GALEGO E OS ESTUDOS «COMARCAIS» DE A. BRAÑAS

O rexionalismo, cuxo inicio se data na década dos 1880, tiña a súa razón de ser na defensa dos intereses xerais de Galicia a través da busca dunha autonomía política que permitise solucionar os problemas do país. Así, co rexionalismo danse os primeiros pasos na defensa da autonomía para Galicia (Barreiro Fernández, 1982, 1989; Fernández del Riego, 1983a; Villares Paz, 1984, 2004; Castro Pérez, 1985; Beramendi González e Núñez Seixas, 1995; Beramendi González, 2007). Incorpóranse daquela argumentos de tipo xeográfico e territorial como base para esta reivindicación, o que García Álvarez e Marías Martínez (2002) veñen definir como os primeiros pasos na «construcción geográfica de la identidad gallega» (García Álvarez, 2003, 2005). Ademais, no caso de Galicia, comézase a traballar, por primeira vez, na adopción dun modelo administrativo propio.

Ao eido da Xeografía, A. Brañas pode ser considerado como a principal figura do rexionalismo galeguista que achega unha «primera propuesta global, sistemática y relativamente detallada para la reforma de la organización territorial-administrativa decimonónica de Galicia, sentando las bases maestras de las que constituirían (…) las reivindicaciones centrales del "galeguismo" posterior» (García Álvarez, 2003: 94). Cómpre sinalar que as achegas de Brañas, que exerceu como catedrático de Economía Política e Facenda na universidade compostelá, agóchanse tras unha posición ideolóxica moi conservadora e tradicionalista, de convicciónsfortemente católicas e vencellada aos sectores carlistas (Máiz Suárez, 1983; Beramendi González, 1998; Bello Janeiro, 2000). Así, a súa obra débese enmarcar, dunha banda, nun combate do autor contra o centralismo do Estado liberal e, doutra, cunha nostalxia polos grupos sociais do Antigo Réxime, así como polo repudio á modernidade e ás conquistas da Revolución francesa (Villarez Paz, 1984).

O seu traballo máis significativo é *El Regionalismo: estudio sociológico, histórico y literario*, publicado en 1889 e no que plasma a súa doutrina. Trátase dun proxecto avanzado, que procura para Galicia unha Constitución que vele pola súa autonomía, plena soberanía lexislativa, executiva e xudicial e mesmo institutos armados, acuña de moedas e consideración pola lingua propia. Para Castelao (1948), este manual constituíu o primeiro compendio doutrinal do autonomismo galego, e con máis valor aínda posto que nese momento nin sequera Prat de la Riba ou Sabino Arana deran á luz ningún escrito semellante para o autonomismo catalán e vasco, respectivamente. Tamén garda unha alta importancia para Nadal Piqué (1987) e García Álvarez (2001, 2003, 2005) ao abranguer dun xeito notable a dimensión territorial e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xeográfica de Galicia. En efecto, Brañas foi o estudoso do rexionalismo galeguista que con máis amplitude desenvolveu unha teoría para a administración territorial galega.

Respecto da organización político-administrativa, Brañas (1889) establece unha división do Estado en catro chanzos: «región», «provincia» —ou «gobierno»—, «circunscripción» —ou «sub-gobierno»— e «distrito». Á súa vez, cada un destes niveis contaría con órganos de goberno propios, mais non determina as unidades territoriais de cada nivel político-administrativo. A organización territorial proposta por Brañas (1889) é a seguinte:

> En la capital de la región, (…) debe residir lo que pudiera llamarse "Dieta", "Consejo" ó "Diputación" central y que habría de componerse de un "Presidente" y del número necesario de "consejeros" ó "diputados". (…) La región se dividiría además en "gobiernos" ó "provincias", estas en "sub-gobiernos" ó "circunscripciones", y los sub-gobiernos en "distritos": al frente de los primeros habría un Gobernador ó Jefe político y una "diputación provincial", de los segundo un "sub-prefecto" ó "sub-gobernador", y de los últimos un "Corregidor" ó "Alcalde" y además un "consejo" de la circunscripción y un "Municipio" ó "Ayuntamiento" en cada sub-gobierno y en cada distrito respectivamente (Brañas, 1889: 86-87).

Coa prudencia debida, as «circunscripciones» ou «sub-gobiernos», definidas como as «demarcaciones comprendidas dentro del territorio de cada provincia» (Brañas, 1889: 100), poderíanse asemellar en escala ás comarcas como as consideramos nesta tese. Sobre a súa superficie e habitantes só sinala que contarían con «límites reducidos» e «población escasa». No caso das rexións, considera que se debe ter en conta aquelas en que «histórica» e «naturalmente» se dividiu o Estado, no sentido en que «forman una colectividad independiente y autónoma, un "círculo social" capaz de regirse y gobernarse por sí mismo en lo tocante a sus intereses particulares» (Brañas, 1889: 83). Así, podemos entender que as divisións menores —provincias, circunscricións e distritos— deberían vir determinadas pola tradición e a historia. En calquera caso, explica que sería o poder rexional, e non o estatal, ao que lle competería a demarcación e soberanía común das unidades menores que englobase.

Estas unidades contarían cun «consejo» «de la circunscripción», que tería a función de traballar nos asuntos pertencentes a este ámbito. Sinala o autor que este alto cargo non sería un mero delegado do «gobernador» da provincia, senón que terían o carácter de «jefe superior de la circunscripción» e que, no caso de asuntos de interese xeral da provincia obrarían en harmonía cos representantes provinciais. Os membros do «consejo de la circunscripción», ao igual que os dos órganos de goberno dos restantes niveis territoriais, serían elixidos por «compromisarios» que, á súa vez, serían escollidos por «gremios» ou «corporaciones de clases» —o feito de que estes saian entre persoas de alta categoría social mostra a súa visión elitista (Beramendi González, 1998)—; «los compromisarios de todos los gremios de cada distrito, dentro de una circunscripción, (…) procederían á la elección ó designación del Sub-gobernador y de los individuos que hubiesen de formar el Consejo de la Circunscripción» (Brañas, 1889: 87).

Sábese que as «circunscripciones» terían atribucións propias, que serían determinados por «leyes orgánicas especiales» que emanarían da Constitución estatal. Algunhas das competencias exclusivas que xestionarían estes órganos serían: a venda de bens comúns, as eleccións de compromisarios ou a ordenación e dirección dos gremios. No plano económico e financeiro, habería unha «administración económica» encargada dos orzamentos, contas fiscais e operacións económicas que lle competen ao termo da «circunscripción». Este órgano contaría cun «jefe», que sería un dos membros do «consejo de la circunscripción» —tornándose cos

outros— e comprendería catro «negociados» ou «secciones»: de «impuestos», de «derechos y propiedades», de «tesoro» e de «contabilidad» (Brañas, 1889). Estas administracións económicas e de facenda tamén dependerían dos órganos análogos de administracións superiores.

En *La crisis económica de la época presente y la descentralización regional*, que recolle o seu discurso de inauguración do ano académico 1892-3 na USC, volve a avogar porque a división territorial teña como base os «círculos naturales y tradicionales de cada región» (Brañas, 1892a: 192). O recoñecemento das particularidades tradicionais e históricas como base para a organización territorial de Galicia vai ser tamén unha das súas *Bases generales del regionalismo* (Brañas, 1892b). Porén, cando non existisen unidades históricas no seo das rexións acepta criterios de homoxeneidade demográfica, económica ou cultural. O concepto de «región» equivalería a unha «entidad nacional» cunha historia, raza, lingua, demarcación xeográfica ou costumes e tradicións propios. Tamén adquire importancia a consciencia, isto é, «la persuasión íntima de su personalidad jurídica y de que forman un todo perfecto y desemejante de las otras agrupaciones que les son completamente extrañas» (Brañas, 1892a: 41).

Durante os derradeiros anos do século XIX, Brañas (1898a, 1898b, 1898c) continúa a rexeitar o modelo político-administrativo liberal vixente e a apostar por un modelo propio para Galicia. Boa parte das súas achegas publicáronse nos diarios da época, e foron recompiladas e analizadas por Máiz Suárez (1983) no que se pode considerar como o primeiro estudo de conxunto sobre a traxectoria, o pensamento e a obra de Brañas. Deste xeito, o autor segue a reivindicar a unidade administrativa de Galicia e a rexeitar a división provincial de 1833, da que di que «es artificial, es arbitraria: obedece al principio centralizador: cada provincia es una subdivisión del poder ministerial, una parte del feudo madrileño, un coto redondo de cada cacique» (Brañas, 1898a: 258). Tampouco lle ve utilidade porque entende que cada concello administra e xestiona o seu territorio e os seus intereses sen necesidade dun organismo superior que os dirixa, polo que volve a reivindicar que a provincia sexa Galicia no seu conxunto, seguindo a lóxica territorial do primeiro galeguismo provincialista. Estas mesmas ideas aparecen en *Al pueblo gallego*, un manifesto redactado en 1899 xunto a Cabeza de León con motivo da fundación da Liga Gallega de Santiago.

Unha achega moi significativa do autor analizado é o artigo *Laboremus*, publicado en novembro de 1898 por *El Correo Español*. Este manifesto foi polémico porque estaba dirixido a Carlos de Borbón e foi motivo de escándalo entre os distintos rexionalistas xa que se interpretou como unha submisión do rexionalismo ao carlismo (Beramendi González, 1998). Porén, neste traballo, de case dez anos despois da súa principal obra, modifica a estrutura político-administrativa de Galicia e, ademais, presenta un plan sistemático e detallado da nova proposta de organización territorial (García Álvarez, 2001). Establece unha división en catro niveis, a saber: «región», «ciudad», «municipio» e «parroquia» —ou «freguesía»— (Brañas, 1898b). Así, respecto ao modelo territorial anterior —o proposto en Brañas (1889)—, todo apunta a que, pese a contar co mesmo número de niveis territoriais, se producen desequilibrios no relativo á escala. Outra diferenza entre este proxecto e os anteriores ten que ver con que os niveis político-administrativos propostos si terían unha descentralización administrativa real.

No cume do modelo político-administrativo proposto para Galicia está a «región», equivalente ao conxunto de Galicia. Tamén se refire a este chanzo como «provincia regional», «natural» ou «histórica», «antiguo reino» ou mesmo «patria pequeña» (García Álvarez, 2001). Para o seu correcto funcionamento a rexión contaría, por unha banda, cunha «Diputación del Reino», que estaría formada por dez individuos coa misión de administrar e lexislar en Galicia —aplicando leis españolas e ditando outras propias— e, por outra banda, cun «gobernador

general», que sería o presidente da «Diputación del Reino» e que exercería a autoridade política como delegado do rei (Brañas, 1898b). Neste caso, ponse de manifesto a forte vinculación do autor coa monarquía, xa que o «gobernador general» non só sería nomeado polo rei, senón que tería a categoría de «príncipe» e o tratamento oficial de «alteza». Unha competencia importante dos deputados rexionais ten que ver con propoñer a creación de novas unidades nos chanzos inferiores, isto é, «ciudades» e «municipios».

No nivel inmediatamente inferior estarían as «ciudades», dez en total, de aí que os membros da «Diputación» sexan dez, un por cada unha das urbes (Figura 6.1). Ás sete «ciudades» «históricas», isto é, as capitais das antigas sete «provincias» galegas: Betanzos, A Coruña, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago de Compostela e Tui, habería que engadir as actuais de Ferrol, Pontevedra e Vigo —posiblemente coa intención de recoñecer a realidade urbana do momento—. A combinación de criterios «históricos» e «modernos» para xustificar a elección das cidades é complexa e nalgúns casos, como o das vilas de Betanzos, Mondoñedo e Tui, dificilmente xustificable (García Álvarez, 2001). As cidades contarían cun «consejo de la ciudad» para o goberno da urbe que, segundo a importancia desta, estaría formados por oito, dez ou doce individuos —oito no caso de Betanzos, Mondoñedo e Tui; dez no de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo; e doce no da Coruña e Santiago— (Brañas, 1898b). A esta escala desenvolvería tamén o seu traballo o «corregidor», que sería nomeado polo rei e que actuaría como representante deste e alcalde na devandita «ciudad».

Porén, ambos os dous órganos, ademais de asumir as funcións relativas ao «municipio» da cidade, terían o cometido de ser o «cuerpo superior» e cabeza dos «municipios» atanguidos pola respectiva «ciudad». Deste xeito, as «ciudades» conformarían dez amplos territorios dependentes das que se asemellan en escala ás antigas «provincias» galegas, e que poderían corresponderse coas «provincias» ou coas «circunscripciones» identificadas en Brañas (1889). Pese a que non se sinalan os límites das cidades si que se identifican os municipios de que se comporían, polo que os «corregidores» serían, deste xeito, os «jefes inmediatos» e superiores xerárquicos dos municipios englobados no seu territorio (Brañas, 1898b). O número de «municipios» pode variar entre os tres de «Betanzos», «Ferrol» e «Vigo» e os 27 de «Orense» (Figura 6.1). Tamén chama a atención a pertenza dalgúns concellos a unha determinada «ciudad», como é o caso de «Mellid» que está máis preto de «Betanzos», «Lugo» ou «Santiago» mais pertence á «Coruña», ou de «Puenteareas» que se inclúe en «Pontevedra» pese á maior proximidade de «Vigo» ou «Tuy».

Os «municipios», en número de 85 —incluídas as dez «ciudades»—, constitúen o seguinte nivel da estrutura organizativa de Galicia (Figura 6.1). Brañas (1898b) proxecta unha división municipal que avoga pola «desaparición de los ayuntamientos rurales, odiosos albergues de caciquismo» e aposta porque se establezan só nos «pueblos de cierta importancia» (Brañas e Cabeza de León, 1899: 240). Á fronte de cada «municipio» estaría un «alcalde» —nomeado polo rei— e un grupo de «regidores» —dez para os de máis de 5.000 habitantes, oito para entre 5.000 e 3.000 e seis para menos de 3.000— que se encargarían da xestión do concello (Brañas, 1898b). O autor non aclara de xeito detallado os criterios utilizados para a seleccións da listaxe municipal alén de apostar por cabeceiras de partido xudicial e outras vilas de tamaño medio que formen núcleos superiores aos 1.000 habitantes. Neste sentido, as vilas cabeceira dos 47 partidos xudiciais do momento figuran entre os «municipios» suxeridos, posiblemente porque asumía que eran verdadeiros centros de relación da rede urbana de Galicia.

O reducido número de «municipios» proposto lévanos a pensar que se trataría de unidades de tamaño medio moito superior que as divisións municipais existentes —324 concellos no ano 1900—. Neste sentido, desde o ámbito académico, García Álvarez (2001) sinala un intento por parte de Brañas (1898b, 1898c) de crear «uns municipios cun ámbito xudisdicional

practicamente "comarcal", aínda que Brañas eluda en todo momento este último termo» (García Álvarez, 2001: 54).

Así, a práctica totalidade dos «municipios» das actuais provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra e, en menor medida, de Ourense, coinciden con cabeceiras de comarca. Porén, no caso de Ourense, a maior concentración de municipios en torno á cidade das Burgas e nas comarcas de Monterrei e Valdeorras dificulta que os núcleos municipais rexan superficies de escala comarcal (Figura 6.1). Sexa como for, segundo García Álvarez (2001), non sería apropiado pensar que na reivindicación municipal de Brañas influíron as reivindicacións do rexionalismo catalán a prol do recoñecemento das comarcas —incluídas xa, por aquela altura, nas Bases de Manresa de 1892—. Brañas (1898b) propón tamén a institucionalización da «parroquia», á fronte das cales habería un «alcalde-pedáneo». Estable dúas regras básicas: que se agregarían ao municipio máis próximo e que se procuraría un reparto uniforme.

Figura 6.1. «Municipios» e «ciudades» identificados en Brañas (1898b)



Fonte: Brañas (1898b). Elaboración propia.

Outro dos máis significativos representantes do rexionalismo galeguista é M. Murguía, que achega a faciana máis histórica, sociolóxica e filosófica do movemento. Este historiador e escritor galego defende a unidade de Galicia como «provincia» e contribúe con eloxios ás antigas provincias históricas, mais non chega a propor, na liña de Brañas, unha administración particular para o territorio galego (Risco, 1976; Yebra Martul-Ortega, 1993). No 1888, en *España: sus monumentos y artes, su naturaleza e historia. Galicia*, o autor presenta unha pequena introdución xeográfica, pero non explica nada relevante en relación á organización territorial de Galicia.

Só nalgunhas páxinas da obra de Murguía (1888) podemos atopar unhas mínimas referencias illadas de nomes comarcais e sempre procurando de xeito intencionado a súa relación con mitos e lendas celtas. Así, por exemplo, di que «Bergantiños» é o «fecundo territorio» que desde antigo ocupa «la tribu brigantina, la más pura y heroica de la raza céltica» (Murguía, 1888: 246). Da «tierra de Lemos», á que considera «fértil» e dotada das «mejores condiciones de defensa», afirma que foi ocupada polos «lemavos» (Murguía, 1888: 1030). Ou, da «hermosísima comarca de las Mariñas de Betanzos» explica que foi de onde saíron as expedicións de Ith, fillo de Breogán.

Alén de Brañas e Murguía, entre finais do século XIX e comezos do XX, as distintas sensibilidades do rexionalismo galego estiveron agrupadas en varias organizacións: Asociación Regionalista Gallega (1890-1892), Liga Gallega (1897-1907) ou Solidaridad Gallega (1907-1912). Porén, o papel desempeñado por estas alianzas foi pouco transcendente a causa das distensións internas. Respecto ao tema comarcal, segundo Cores Trasmonte (1976), nalgunhas destas organizacións, como é o caso da Liga Gallega, o feito de defender só o establecemento de «concellos» naqueles núcleos de certa importancia conduciría a pensar en que para o resto do territorio se asumise a comarca —e a parroquia—. Así, para Cores Trasmonte (1976), os rexionalistas serían os primeiros en considerar o feito comarcal para o rural galego, cando menos nas súas mentes, pois os seus textos non son evidentes ao respecto.

6.2 ACHEGAS COMARCAIS DO NACIONALISMO GALEGO ANTERIOR Á GUERRA CIVIL

O comezo da etapa nacionalista do galeguismo dátase en 1916, cos primeiros pasos da Irmandade da Fala da Coruña (Castro Pérez, 1985; Beramendi González e Núñez Seixas, 1995). É a partir deste momento cando o concepto de Galicia pasa a equivaler ao de nación e cando o traballo teórico e doutrinal do galeguismo, que se desenvolve durante o primeiro terzo do século XX, achega os seus froitos máis significativos. Desde unha perspectiva xeográfica, García Álvarez (2005) considera que este nacionalismo galego —anterior á Guerra Civil— achegou «una notable finura de análisis y una sensibilidad hacia las realidades territoriales locales y regionales propias inédita y sin parangón entre los partidos estatales de entonces» (García Álvarez, 2005: 211).

Académicos como González Mariñas (1989, 1994), López Mira (2000) ou García Álvarez (2003, 2005) sosteñen que as etapas galeguistas anteriores —a rexionalista, a provincialista e a federalista— foron moi combativas respecto das provincias, mais que non se chegou a contemplar a comarca nin como alternativa a estas, nin sequera como mera circunscrición administrativa. Porén, segundo estes estudosos, vai ser nesta etapa nacionalista cando a cuestión comarcal apareza e tome certo impulso. En palabras de González Mariñas (1994: 126), «soamente a comezos do presente século vai xurdir esta “cuestión” [a comarcal] e tomar unha certa consistencia».

Á etapa fundacional das Irmandades da Fala sucedérona varias asembleas nas que se fixaron as cuestións máis significativas do nacionalismo galego. A primeira asemblea celebrada en Lugo en novembro de 1918, que se plasmou no manifesto da *I Asambleia Nazonalista*, foi

na que se determinou o ideario nacionalista (Castro Pérez, 1985; Beramendi González e Núñez Seixas, 1995). No plano administrativo, demandábase a autonomía para Galicia, a soberanía dos concellos —facendo distinción entre vilegos e aldeáns—, o recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia —que viría a coincidir cos concellos aldeáns— e a supresión das provincias e dos seus órganos de goberno. Porén, non se fixo ningunha alusión ao tema comarcal. Tampouco o manifesto da *II Asembleia Nacionalista Galega* acontecida en Santiago en novembro de 1919 se recolleu algunha cuestión sobre as comarcas. A única consideración respecto da administración territorial de Galicia tiña que ver coa supresión das deputacións provinciais.

Alén destes importantes textos, nesta primeira etapa do nacionalismo galego anterior á Guerra Civil, destacaron varios intelectuais como A. Bóveda, A. R. Castelao, F. López Cuevillas, R. Otero Pedrayo, L. Peña Novo ou V. Risco, que desempeñaron un destacado papel non só no progreso do coñecemento, senón no «descubrimento» xeográfico de Galicia. No eido da Xeografía, significáronse pola súa loita á hora de reformar a división territorial decimonónica, que constitúe unha das demandas máis notables do galeguismo histórico. Cómpre sinalar que estes intelectuais tiveron como voceiros os xornais *A Nosa Terra* (1916-1936) e *Nós* (1920-1936), e tamén contaron co SEG (1923-1936) como paraugas que os recollía. Segundo González Mariñas (1994), foron estes persoeiros os que a comezos do século XX se iniciaron no cultivo e reivindicación da cuestión comarcal nas súas obras, como veremos ao longo deste apartado.

V. Risco pode ser considerado como o primeiro intelectual da etapa nacionalista en reivindicar unha organización territorial para Galicia que atenda á súa singularidade. Así, en *Teoría do nacionalismo galego*, publicado en 1920, o autor sinala que Galicia precisa rachar coas provincias e cos concellos, especialmente no rural: «Galicia precisa (…) que desaparezan as Diputaciós provinciaes, tocos do caciquismo e da arbitrariedade. (…) Precisa unha nova orgaización municipal, principalmente pr'os concellos rurás, recoñecendo a persoalidade da parroquia» (Risco, 1920: 24). Esta mesma demanda é recollida en *Isto é o que é o nazonalismo galego*, publicado en 1923, e no que se proclamaba Galicia como «unha entidade natural, xeográfica, etnica e hestórica, que ten unha persoalidade propia e inconfundibre» (Risco, 1923: 4) e que, porlotanto, correspóndelle o dereito a decidir sobre a súa organización territorial interna.

> Queremos pra Galiza unha autonomia tal que a capacite pra resolver por si mesma os seus probremas internos; que lle premita darse unha organización interior conforme co-a nosa maneira de ser, co-a estructura social privativa do noso pobo, e mais co-as suas necesidás económicas. Consideramos absurda a descoartización da nosa Terra en catro provincias. (…) Consideramos ausurda e desaxeitada a orgaización municipal. (…) Pensamos que toda esa orgaización está fundada n-un descoñecimento compreto da realidade social galega. (…) O nazonalismo quer que a orgaización adeministrativa autonoma de Galiza se axeite a realidade social galega, que as nosas leis estean feitas apropósito pras nosas necesidás (Risco, 1923: 3-4).

En 1930, en *El problema político de Galicia*, Risco segue a rexeitar de plano a división provincial: «Galicia fue dividida y desgarrada como la túnica de Cristo, en cuatro pedazos arbitrarios, sin razón geográfica, sin raigambre histórica, sin razón de ser de ningún género que se pueda justificar científicamente» (Risco, 1930: 104). Segundo este autor, «la provincia no es una realidad social, sino simplemente legal, artificial, determinada, cortando el mapa de España por donde mejor cuadre, y nada más» (Risco, 1930: 104). Esta postura de reprobación da

USC

división provincial tamén se estende ao concello —rural—, do que di que «es una creación artificial de la ley, una aplicación absurda al campo del sistema administrativo creado para las ciudades. (…) Sabido es que en el campo gallego existe una realidad social viva, del más antiguo origen, (…) la parroquia» (Risco, 1930: 106). Deste xeito, queda clara a aposta de Risco (1920, 1923, 1930) pola parroquia fronte ao concello no rural, mais non concibe a comarca como ámbito territorial para Galicia, cando menos de maneira explícita.

Na obra de Risco, o ámbito comarcal aparece tratado de maneira lene en *O Castro de Caldelas: monografía xeográfica i etnográfica d'unha vila da nosa terra*, publicada en 1927 e editada polo SEG. O traballo, que se centra nos aspectos xeográficos, históricos e culturais da vila do Castro de Caldelas, comeza cunha pequena descrición xeográfica sobre o ámbito comarcal, a «terra de Caldelas». Deste xeito, explícase que a vila do Castro de Caldelas é a «cabeza de unha terra ou comarca natural ben coñecida» (Risco, 1927: 55), mais sinálase que non é doado determinar os seus lindeiros. Pese a isto, achégase un esbozo en forma de mapa que permite identificar as parroquias que formarían a comarca (Figura 6.2).

Tamén Peña Novo (1921), en *La Mancomunidad gallega*, achega unha forte crítica ás provincias: «la creación del régimen provincial en España fue el más grande error del constitucionalismo. (…) El fracaso total y absoluto de la nueva provincia para sustituir a la antigua región» (Peña Novo, 1921: 34). Este intelectual procura unha descentralización dos poderes do Estado en base á «región» —que aglutinaría as catro provincias galegas— e ao «municipio» —diferenciando entre «urbano» e «rural», xa que os primeiros precisarían dunha máis ampla autonomía—. Porén, Peña Novo (1921), ao igual que Risco, tampouco chega a reafirmar de xeito claro a adopción das comarcas como ámbito sobre o que organizar o conxunto do territorio de Galicia.

Alén dos estudos iniciais de Risco e Peña Novo, na década dos 1930, iníciase unha etapa onde a aposta polo ámbito comarcal comeza a mostrarse como máis evidente. A finais de decembro de 1931 celébrase en Pontevedra a asemblea fundacional do PG (Castro Pérez, 1985; Beramendi González e Núñez Seixas, 1995). No programa deste partido, aprobado nesta primeira reunión na cidade pontevedresa e publicado polo xornal *A Nosa Terra* o 1 de xaneiro de 1932, dedica o apartado I do «programa de acción» á «organización de Galicia». Respecto ao tema comarcal, o principal partido galeguista do momento non dubida en apostar polo recoñecemento político-administrativo das parroquias e comarcas:

> I. Organización de Galicia. (…)
> 2º. Conseguinte supresión das Diputacións Provinciales.
> 3º. Prena autonomía municipal, recoñecendo a persoalidade administrativa da parroquia rural e da comarca con dereito a administración dos seus peculiares intreses (*A Nosa Terra*, 291: 4-5).

No que atangue ao PG, este pretendía converterse nunha forza de masas polo que era importante a creación de grupos e delegacións do partido nas distintas cidades e vilas do país para intentar chegar a máis xente (Barreiro Fernández, 1982; Villares Paz, 1984; Beramendi González e Núñez Seixas, 1995). Neste contexto, coñecemos a través da súa publicación en *A Nosa Terra* (18/5/1935) o programa local do Grupo Galeguista de Sada, que se presenta como «exemplo a imitar» para outras agrupacións locais. Así, un dos puntos do programa defendía «traballar pol-a unión de todol-os concellos da comarca pra a defensa dos seus comuns intreses», sen que iso repercutise na perda de autonomía dos propios concellos. Ademais, outro dos puntos buscaba o traballo pola constitución dun partido xudicial en Sada que incorporara aos concellos de Bergondo e Oleiros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na década de 1930, coas achegas de varios membros do SEG ve a luz en 1933 unha monografía sobre a *Terra de Melide*. Esta obra enmárcase dentro dun intento do Seminario de estudar polo miúdo as distintas «rexións» de Galicia (VVAA, 1933). A publicación sobre a Terra de Melide vén ser un estudo no que se analizan os distintos aspectos xeográficos, históricos ou etnográficos que «eisixe o coñecimento d-unha rexión natural». A parte xeográfica é asumida por Otero Pedrayo, mentres que López Cuevillas se pon á fronte da prehistoria e Risco da etnografía, entre outros. No prólogo, o SEG tamén vén xustificar o feito de que se comezase a traballar por esta comarca galega con motivo do seu «intrés arqueolóxico i hestórico e pol-a posición central na Galiza». O interese científico e a posición central da comarca de Melide tamén serán defendidos por Fraguas Fraguas (1978) moitos anos despois.


O primeiro capítulo da monografía sobre a comarca de Melide é o correspondente á súa Xeografía. Resulta curioso o xeito en que Otero Pedrayo (1933a: 9) explica esta comarca, xa que sinala que hai que «artellala na superior unidade a que pertesce», posto que «non se manifesta como individoalidade xeográfica ceibe d'abondo», tal e como é o caso, segundo el, de «a Limia», «os chaos d'Amoeiro» ou «a terra de Bergantiños». Ademais, incluso semella cuestionar o feito de que se trate dunha comarca ben definida ao sinalar que non se corresponde «siquer co comenzo de difrenciación que mostra un val máis ou menos independente». Porén, a contradición do autor non se fai esperar e unhas poucas liñas máis abaixo, Otero Pedrayo (1933a: 9) afirma que «non por iso a bisbarra melidense deixa de atraguer ô ouservador. (…) Loce con craridade incomparabre a fisiognomía compreta i-eispresiva disas estesas rexiós montesías da Galicia central que pol-o d'agora non teñen chamado desmasiadamente a atención dos estudosos».

Para o xeógrafo ourensán as «bisbarras son a reserva e a confianza da Galicia, son os seus músculos e carne xeográfica i-humanamente» (Otero Pedrayo, 1933a: 9). Porén, apunta a que gran parte de Galicia non se corresponde con vales e rexións características e precisas, senón que está cuberta por «terras indefrenciadas» e que, por isto, resulta moi complexo identificar as distintas unidades. Deste xeito, di que Galicia é unha terra de constantes matizacións, de tal maneira que «calquer valciño da montana inicia deseguida un aspeito ribeirán e, nos vals e chaos baixos e desenvoltos, non se esquece a facies montesía. De eiquí remanece a dificultade de isolar âs rexións naturás galegas» (Otero Pedrayo, 1933a: 10). A Terra de Melide viría a ser, polo tanto, unhas desas «terras indefrenciadas» da que resulta complexo sinalar uns límites precisos. De feito, apúntase a que esta se confundiría coas terras «de Curtis e Mezonzo», «de Friol», «de Ferreira» e, especialmente, «de Arzúa», da que o autor di que convén separar.

Un aspecto curioso respecto da Terra de Melide ten que ver coas distintas «zonas» nas que divide a comarca á hora de describir o seu relevo e ás que se refire tamén como «bisbarras». Estas serían: «sub-montana», «penichao», «ribeirán do Ulla» e «sistema do Iso» (Otero Pedrayo, 1933a). Para cada «zona» enumera as parroquias da comarca que a formarían, polo que o conxunto das mesmas achegaría unha delimitación precisa para a unidade comarcal (Figura 6.2). Indícase tamén a puxanza da vila de Melide como centro económico da comarca, un feito do que destaca o seu mérito ao non ser a cabeceira do partido xudicial. Neste sentido, di que a área de influencia de Melide abrangue integrante os concellos de Santiso e Toques e boa parte dos de Sobrado e Vilasantar, o que se traduce noutra contradición, posto que se trataría dunha área de maior extensión que a da comarca resultado da suma das distintas parroquias de cada «zona».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.2. «Terra de Caldelas» segundo Risco (1927) e «Terra de Melide» por Otero Pedrayo (1933)



Fonte: Risco (1927); Otero Pedrayo (1933). Elaboración propia.

No prólogo da obra sobre a *Terra de Melide* (1933) indícase que se está a traballar na publicación dun estudo homónimo sobre outra comarca, a «Terra de Deza». Segundo Iglesias Rodríguez (2021), os traballos sobre O Deza estiveron moi avanzados, mais nunca chegaron a ver a luz con motivo do golpe de Estado en xullo de 1936 —e os orixinais tampouco se conservan—. Os argumentos que levarían ao SEG a considerar esta comarca como o seu segundo obxecto de estudo non quedan resoltos. Se atendemos aos argumentos esgrimidos para a selección da comarca de Melide, algúns como a súa posición central en Galicia tamén serían válidos neste caso. Porén, Iglesias Rodríguez (2021) apunta que a decisión desta escolla pode estar detrás do presidente do Seminario, S. Cabeza de León, que pasaba na comarca varias semanas de descanso no verán e que, polo tanto, tiña boas amizades entre a elite política. Tamén afirma que non se pode pasar por alto o feito de que fose o lugar de residencia dun dos máis destacados seminaristas, a do astrónomo R. Mª Aller Ulloa.

Pese a asumir as investigacións sobre arqueoloxía e prehistoria dentro do SEG, F. López Cuevillas foi outro dos intelectuais do nacionalismo galego que se significou pola súa demanda dunha nova división territorial para Galicia. En *Compre reformar o réxime local de Galiza*, publicado por *A Nosa Terra* en maio de 1935, rexeita a división en provincias e concellos, dos que chega a sinalar que son a orixe do caciquismo e que conforman un réxime «monstruoso» e «disparatado». Como alternativa, á parte da parroquia no rural, apunta á creación «en cada cabeza de Partido, ou mellor ainda en cada comarca natural, dunha oficiña administrativa» (López Cuevillas, 1935: 3) como mellor opción para a realización de determinados cometidos. Estas «oficiñas comarcás» serían, segundo o seu autor, semellantes ás que existen nas «subprefecturas francesas» ou nos «concellos portugueses». Estarían chamadas a asumir, cando menos, funcións delegadas do Estado e da Xunta e o persoal á fronte delas recadaríase entre «funcionarios da Facenda» e «segredarios municipás».

Outro destacado galeguista, A. Bóveda, tamén vai contribuír coas súas achegas á procura dunha nova organización territorial para Galicia. Así, en *Proieito de transformación do sistema fiscal galego*, publicado en xuño de 1935 no xornal *A Nosa Terra*, aposta claramente por unha refundición das deputacións e concellos nuns novos ámbitos de escala comarcal. Ante a situación en Galicia dunha multitude de oficinas a varias escalas que reclamaban impostos directos e indirectos, o autor demanda unha administración única de base comarcal. Deste xeito, sostén que os servizos das diferentes administracións territoriais debían ser refundidos nunha soa administración: «a xestión había ser única, refundindo n'unha soia Oficiña en cada comarca natural os servicios fiscás que a Galiza transferise o Estado, os das Diputacións e os dos Concellos» (Bóveda, 1935: 3).

Estas «oficiñas» de escala comarcal, semellantes ás formuladas un mes antes por López Cuevillas (1935), estarían situadas no lugar «máis céntrico» da comarca e buscarían poñer fin aos problemas de duplicidade administrativa. Respecto da súa estrutura organizativa, estas serían dirixidas por un «xefe», que estaría ao mando do persoal de «administración», «segredaría», «arquivo», «intervención» e «caixa e recaudación». Ademais, Bóveda (1935) fixaba as que serían as funcións a realizar por estas «oficiñas», como é a confección e cobranza dun documento impositivo único, a execución de servizos administrativos relacionados con estatísticas e quintas ou servir de delegación do Banco de Galicia.

Outro intelectual, A. R. Castelao, o que está considerado como o pai do nacionalismo galego, tamén vai procurar a reformulación da organización territorial vixente de Galicia. Nunha das súas obras máis importantes, o *Sempre en Galiza*, publicada en 1944 desde o seu exilio na Arxentina, comeza sinalando a forte ligazón dos galegos á «Terra». Dunha banda, explica que para uns o termo «Terra» pode facer referencia ao conxunto de Galicia, mais sinala que non é o circunscrito ás catro provincias galegas actuais, senón que «comarcas limítrofes» de Lugo e Ourense senten Galicia como a súa «nación natural» —en contraposición ás «terras alleas» das «planuras» de León e Zamora ou de Asturias—. Por outra banda, están os galegos que entenden a «terra» como a equivalencia á súa contorna máis inmediata, o que podería facer referencia ao termo comarca.

Sobre os entes locais de Galicia, Castelao (1944) comparte moitas das apreciacións que xa se foron facendo con anterioridade. Desta forma, rexeita con rotundidade as provincias e os concellos no rural, mais mantense comprensivo coa súa continuidade nas cidades e vilas. Así, o «municipio rural» é visto como «o tobo da raposería caciquil. (…) Un orgaismo arbitrario, delimitado artificialmente e c-unha función simulada» (Castelao, 1944: 116). No caso de Galicia, Castelao (1944: 117) engade que o concello «non se asenta en entidades naturaies ou hestóricamente diferenciadas, e n-estas condicións carece de alento vital e de control efeitivo para que a súa xestión ofereza garantías de acerto». Porén, si manifesta a súa conformidade cos

«municipios vilegos e cibdadáns» e tamén coas parroquias, das que di que son a «célula vital» do país. A colación das parroquias, Castelao (1944) recoñece os acertos da Igrexa mais recrimina os do Estado: «a Eirexa procurou asentarse en realidades terreas e o Estado anda pol-o ceo das abstraicións» (Castelao, 1944: 118).

O escritor rianxeiro confirmaría, aínda que sen excesiva precisión, a presenza da comarca como ámbito territorial para a organización interna de Galicia. Deste xeito, di que «a comarca, ben delimitada por razóns xeográficas i económicas, debe ser o órgao vitalizador do réxime autónomo» (Castelao, 1944: 121). Non se trataría, polo tanto, de entes locais con competencias propias, senón que asumiría servizos delegados da administración autonómica. En palabras de Castelao (1944: 122), a Xunta de Galicia debería crear «en cada comarca natural (…) unha oficiña adeministrativa, con persoal recadado antre funcionarios de Facenda e Segredarios municipaes» (Castelao, 1944: 122). Estas «oficiñas», definidas tamén como «delegacións comarcaes», serían, segundo o autor, semellantes ás que existen en Portugal. Así, do mesmo xeito que xa sinalaran López Cuevillas (1935) e Bóveda (1935), as comarcas desempeñaría a función de «oficiña» única cun órgano competente en servizos fiscais.


Castelao (1944) explica que sería unha obriga dos xuíces, notarios e rexistradores de Galicia a recolección dos actos xurídicos para coñecer os «costumes xurídicos» de cada comarca e que, desta maneira, o poder galego estivese en condicións de promulgar as leis locais con indicacións das comarcas que debesen existir. Noutro punto da obra, Castelao (1944) sinala que existen opinións, sen mostrarse a favor ou en contra delas, de que as parroquias rurais se deberían federar en ámbitos de escala comarcal. Polo tanto, cumpriría pensar nunhas comarcas que seguisen límites parroquiais.

En calquera caso, segundo González Mariñas (1994), as propostas de autor sobre a implantación de comarcas en Galicia son «confusas», «indefinidas», «contraditorias», e só queda suficientemente clara a súa intención de convertelas nunha especie de estrutura auxiliar e subordinada da Xunta de Galicia. Segundo este académico, a comarca proposta por Castelao sería «non unha verdadeira entidade local con autonomía propia, senón máis ben unha estructura funcional, puramente vicarial da Xunta» (González Mariñas, 1994: 135). Esta mesma postura é defendida por Ferreira Fernández (2000) que considera que a posición de Castelao respecto ás comarcas non pasa de ser «una simple demarcación territorial de la administración autonómica» (Ferreira Fernández, 2000: 150).

A última contribución a destacar neste apartado é a voluminosa *Geografía General del Reino de Galicia*, publicada en 1936 e que dirixe Carreras Candi. A obra, que consta de seis volumes, comeza cun estudo monográfico a escala do conxunto de Galicia e ao que contribúen distintos autores. Porén, a parte máis significativa ten que ver coa descrición detallada sobre as provincias, partidos xudiciais e concellos que compoñen Galicia, xa que é aquí onde se destina un pequeno apartado a tratar as que serían as principais comarcas galegas. Na nosa particular lectura da obra podemos identificar para o conxunto do territorio 59 ámbitos de escala comarcal (Figura 6.3). Respecto da súa autoría, Carré Aldao é o responsable dos volumes II e III sobre a provincia da Coruña; o tomo IV, que contén a provincia de Lugo, vén da man de Amor Meilán; a provincia de Ourense, no tomo V, é obra de Risco; e o último volume, sobre a provincia de Pontevedra, é escrito por Álvarez Limeses. Cómpre sinalar que todos estes intelectuais mantiñan vínculos coas principais organizacións galeguistas da época: Carré Aldao foi membro da Liga Gallega e de Solidaridad Gallega, Amor Meilán da RAG, Álvarez Limeses do SEG e Risco era un dos piares do nacionalismo galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.3. División comarcal contida na *Geografía General del Reino de Galicia* (Carreras Candi, 1936)



Fonte: Álvarez Limeses (1936); Amor Meilán (1936); Carré Aldao (1936); Risco (1936). Elaboración propia.

Nos dous tomos sobre A Coruña, Carré Aldao (1936) dedica un breve espazo dentro do capítulo sobre «demarcaciones históricas» a falar das «comarcas». Di que as antigas xurisdicións e coutos, así como as «tierras» —das que precisa que son «equivalentes a comarcas»— «no figurarán hoy en documentos ni tendrán existencia legal de otros tiempos, pero el recuerdo, y más aún la configuración del terreno, hace que perduren en el país y nuestras gentes llamen y distingan su "tierra" de las vecinas» (Carré Aldao, 1936: 310). Así, os habitantes dunha determinada comarca, ademais de ser denominados polo seu xentilicio, terían uns caracteres tan «típicos» e «determinados» que resultaría sinxelo distinguir onde comeza unha unidade comarcal e remata outra. Neste contexto, achega unha pequena relación de dez unidades das que se di que veñen ser as «comarcas más típicas de la provincia», como é o caso de «Tierra de Bergantiños», «La Ulla» ou «La Montaña» (Figura 6.3).

Para a provincia de Lugo, Amor Meilán (1936) dedica tamén un breve espazo dentro do capítulo de «montañas y valles» —subcapítulo de «valles y tierras»— a falar das principais

comarcas. Neste sentido, explica que non quere pechar o apartado «sin dedicar algunas líneas a las distintas "tierras" de la provincia» (Amor Meilán, 1936: 28). O número de comarcas que podemos identificar é de sete (Figura 6.3). Di que nalgúns casos estas «tierras» corresponden con «comarcas» bastante ben delimitadas, polo feito de que eran «señoríos» ou «condados», como é o caso de «Chamoso», «Lemos», «Gayoso» ou «Pallares», mentres que noutros casos se trata de territorios «de más difícil determinación», tales como «Carregal», «Olleros», «Recemil» ou «Seibane». De xeito anecdótico, unha vez rematada esta ambigua sistematización das comarcas luguesas pecha o capítulo con un «y basta ya de valles y montañas» (Amor Meilán, 1936: 29).

Amor Meilán (1936) detense brevemente para recoñecer a complexidade de precisar os límites de calquera destas comarcas. Exemplifica esta situación coa comarca de «Lemos», da que di que «teniendo su centro natural en Monforte, es casi imposible de delimitar con toda exactitud»; non se sabe «si el nombre genérico de "tierra de Lemos" es aplicable solamente al valle de su nombre, o (…) a todo el señorío de los famosos condes» (Amor Meilán, 1936: 29). Porén, un pouco máis adiante na obra, afirma que sería «temerario» incluír na mesma comarca todo o territorio baixo dominio dos condes de Lemos debido a que o resultado sería demasiado extenso e variado como para que se poida considerar como unha unidade comarcal.

A descrición xeográfica doutras das provincias galegas, a ourensá, vén da man de Risco (1936). Dentro do capítulo sobre «el suelo: geología, orografía, altigrafía», presenta un apartado —ao que denomina «tierras bajas»— no que achega distintas consideracións sobre as comarcas. Segundo o autor, son as principais cadeas montañosas as que permiten a individualización das comarcas: «las alineaciones montañosas (…) separan y determinan en el territorio de nuestra provincia distintas comarcas naturales que ofrecen aspectos diversos y se presentan perfectamente limitadas y caracterizadas geográficamente» (Risco, 1936: 41).


O xeógrafo ourensán aventúrase a dar unha definición do que entende por comarca: «la palabra comarca expresa generalmente una extensión de terreno con caracteres determinados, con límites conocidos, naturales o históricos» (Risco, 1936: 41). Así, por unha banda, Risco (1936) identifica comarcas que coinciden cunha «cuenca» ou «valle» ou cun «chao» —ao que define como «territorios imprecisos»—, isto é, que veñen definidas por caracteres do medio físico. E, por outra, explica que o termo comarca tamén se emprega para facer referencia a territorios que «no son en rigor tales comarcas naturales, sino reminiscencias de las desaparecidas demarcaciones históricas» (Risco, 1936: 41). Entre estes vestixios do pasado destaca os territorios dos que dispoñían os condes.

Segundo Risco (1936: 41), «un estudio de esta clase [sobre as comarcas] no se ha hecho todavía en Galicia, por lo que solamente se puede hacer de ello una ligera indicación». Deste xeito, logo da lectura da súa obra, podemos identificar 28 comarcas (Figura 6.3). Porén, a individualización destes ámbitos presenta certas dificultades posto que nalgúns casos non queda suficientemente claro se se está a falar ou non de comarcas. Así, por exemplo, da «Ribera Sagrada» e «Valdeorras» di que son «segmentos» do «valle del Sil», ou do «país de la Arnoya» explica que se corresponde coa parte inferior do «valle del Arnoya» e que «pertenece» á zona vitícola do «Ribero». As comarcas presentadas por Risco (1936) tamén se caracterizan por unha extensión heteroxénea: hainas que abranguen unha gran superficie como «valle del Arnoya» ou «valle del Miño», mentres que outras como «valle de la Peroxa» ou «valle de la Rabeda» veñen a coincidir con pequenas bacías fluviais.

A descrición das comarcas complétase con varios bosquexos, un para o conxunto da provincia (Figura 6.4) e os outros para as principais bacías, nos que representa varias das comarcas que describe (Risco, 1936). No esbozo no que plasma o conxunto da provincia ourensá, o autor cartografa oito nomes de comarcas. Estes son facilmente identificables, xa que

emprega unha determinada tipografía. Os ámbitos comarcais que se cartografan, como é o caso do «Ribero de Avia», «Tierra de Caldelas», «Valdeorras» ou «Valle de Monterrey», trataríanse, segundo as explicacións posteriores, daquelas unidades mellor «determinadas», «conocidas» e «caracterizadas».

Figura 6.4. Esbozo comarcal da provincia de Ourense feito por Risco (1936)



Fonte: Risco (1936).

O último dos tomos, o relativo á provincia de Pontevedra, é obra de Álvarez Limeses (1936). Este, a diferenza dos anteriores, non dedica ningún apartado da descrición provincial a tratar de xeito específico a cuestión das comarcas, senón que estas aparecen de forma colateral á hora de explicar os capítulos sete e oito, os asignados á «orografía» e «hidrografía». Así, bota man de distintos ámbitos de escala comarcal como os «valles» de «Deza» ou «Salnés» ou de «tierras» como as de «Montes» ou «Tabeirós». En total, podemos identificar 14 ámbitos de escala comarcal (Figura 6.3). De xeito curioso, para unha das comarcas máis cativas, a de «valle de Bea», aventúrase a sinalar que os seus límites se circunscriben aos das catro parroquias homónimas e as de Baloira e Cira. Esta circunstancia levaría a preguntarse se realmente moitos dos ámbitos que nun primeiro momento se poden identificar como de escala comarcal serían realmente tales «comarcas».

Unha última obra xeográfica á que queremos facer alusión neste apartado é a *Nova Xeografía de Galicia pras escolas*, que presenta Barreiro Paradela (1936). Este intelectual, vencellado ao nacionalismo galego a través do SEG, exerceu como mestre en diferentes escolas de Galicia. O seu traballo procura ser un manual destinado ao profesorado de Xeografía, mais poñendo a Galicia nun punto central (Durán Villa, 2019; Paül Carril, 2019). Propón un programa que vai desde a escola e pasa polo lugar, a parroquia, o concello —ou, tamén emprega o termo de «comarca natural»—, o partido xudicial, a provincia e, finalmente, o conxunto de

Galicia. Porén, observamos que pese a considerar o concepto de «comarca», non repara nel e, como ámbito intermedio entre o local e o provincial, unicamente considera o partido xudicial.

6.3 AS COMARCAS NA OBRA DE R. OTERO PEDRAYO

R. Otero Pedrayo pode ser considerado como un dos máximos representantes no eido da Xeografía de todo o século XX (Lois González e Trillo Santamaría, 2017). O seu vencello co nacionalismo galego era evidente: integrante das Irmandades da Fala desde 1918, fundador da revista *Nós*, responsable da área de Xeografía dentro do SEG ―do que foi o seu último presidente― e deputado polo PG nas Cortes Constituíntes (1931-3). No ámbito profesional previo ao golpe militar, desempeñouse como profesor de Xeografía no Instituto de Ensino Medio de Ourense até ser apartado pola ditadura en 1937. Só se lle permitiu tornar ao seu posto a finais da década de 1940. Uns anos despois, en abril de 1950, converteuse no primeiro catedrático de Xeografía da USC (Carvalho Calero, 1988; Baliñas Pérez, 2017). Para Durán Villa (2019) o acceso á cátedra tivo unha enorme importancia simbólica por canto que foi un dos máximos representantes do exilio interior.

O vencello de Otero Pedrayo coa Xeografía tivo que ver, segundo Santos Solla (1999), coa necesidade do nacionalismo galego por dispor de traballos territoriais máis contundentes: «cando o nacionalismo demandou análises espaciais tivo que "inventar" un xeógrafo, nese caso Otero Pedrayo» (Santos Solla, 1999: 1353). Desde os seus inicios, os seus traballos de carácter xeográfico tiveron a Galicia por tema central e interpretárona como unha unidade independente e con personalidade propia e diferenciada dentro do conxunto peninsular. Así, o «grande intérprete de Galicia», como o definiu Carvalho Calero (1977: 133), desenvolveu unha Xeografía de Galicia que procuraba acadar tres fins: «paliar el déficit general de conocimientos científicos sobre la región, fomentar el patriotismo regional y utilizar el conocimiento del medio para la mejora de las condiciones socio-económicas» (García Álvarez, 2005: 208).

Unha parte importante da produción xeográfica de Otero Pedrayo ten que ver coa procura das comarcas ou rexións naturais de Galicia, o que pon de manifesto a súa relevancia na organización territorial do país (García Álvarez, 2006b, 2006c). A identificación destas unidades apóiase na paisaxe, polo que esta pasa a ocupar un lugar central na obra deste xeógrafo ourensán (Río Barja, 1958a, 2001; Souto González, 1989, 1997, 2001; Cabo Alonso, 1989; Fernández Portela, 2017). A análise paisaxística lévase a cabo a través dunha interpretación «romántica» do espazo na que habitúan a aparecer reflectidas as percepcións e os sentimentos do autor (Pérez Alberti, 1987, 1988, 2001a, 2001b). Nesta liña, Precedo Ledo (1987: 291) fala de que as comarcas identificadas por Otero Pedrayo están «basadas en la intuición derivada del conocimiento subjetivo de la realidad».

En 1922, Otero Pedrayo presenta *Encol da aldeia*, que podemos considerar como un dos seus primeiros traballos de carácter xeográfico e no que contribúe a perfilar a organización territorial de Galicia. A aldea e a parroquia son presentadas, non como meras formas de asentamentos sobre o territorio, senón como o reflexo da sociedade rural galega. As parroquias son definidas como «individualidás naturás e humanas» (Otero Pedrayo, 1922: 2) e como o mellor método para conservar a idiosincrasia e cultura galega. Isto leva a Otero Pedrayo (1922) a considerar a parroquia como a unidade básica de organización territorial en Galicia. Respecto da provincia, para a que achega unha breve consideración, di que «ainda que s'atope moi arraigado, debe desaparecer por que non ten fondamento ningún» (Otero Pedrayo, 1922: 4). A idea de comarca é aínda moi feble neste traballo do autor, mais pódense intuír uns «principios» acerca da súa importancia cando di que «os vals son entr'iles aillados, difrentes, alí amontóase a poboación conservando hastra os nosos días un particularismo local que non hai en Galiza» (Otero Pedrayo, 1922: 2).

Unha segunda contribución ao estudo xeográfico de Galicia, na que xa podemos ver con maior evidencia a significación dos ámbitos comarcais, é presentada en varios números do xornal *A Nosa Terra*. Este boletín publica unha *Síntese xeográfica de Galicia* —baixo o título xenérico de «O que todo galego ten que saber»— que se partilla en sete números. A primeira achega, en abril de 1925, está dedicada á «configuración» de Galicia e a explicar os seus principais fitos xeográficos. A segunda e a terceira, de maio e xuño, tratan os principais aspectos xeomorfolóxicos. As tres seguintes, en outubro e decembro dese mesmo ano e marzo do seguinte, abarcan os aspectos hidrográficos, mentres que a última achega, de abril de 1926, recolle de maneira moi sintética a climatoloxía, bioxeografía e antropoxeografía de Galicia. Estaba previsto tratar a continuación aspectos relativos á historia, literatura, arte ou economía, mais só se continúa cunha breve etnografía —posiblemente debedora de Risco—. Nos capítulos elaborados polo xeógrafo ourensán podemos identificar 53 ámbitos de escala comarcal (Figura 6.5).


No primeiro número define Galicia como unha «rexión natural», mais repara na ambigüidade do termo «rexión». Sostén que é un termo xenérico e que ao non estar aínda ben definido tamén se pode aplicar a «entidás mais pequenas» (Otero Pedrayo, 1925a: 6), ás que exemplifica con «A Limia» ou «As Mariñas». Porén, a continuación sinala que para definir a estes ámbitos —de escala claramente comarcal— existen outras verbas máis empregadas como son «terra» e «bisbarra». Na terceira contribución, na que trata o relevo de Galicia, dedica un apartado a falar das «terras baixas» ou «vales». Así, di que os vales da vertente atlántica «forman ás veces bisbarras caraiterísticas» —como «as Mariñas» ou «terras de Bergantiños e de Xallas»— e dos afluentes do Miño tamén di que forman «terras de val ben determiñadas» —«o Ribeiro d'Avia» ou «o val da Arnoya», por exemplo— (Figura 6.5). Noutro sentido, das «chairas» di que soen ser «terras outas» e fala d'«a Limia» ou «as terras chás de Lugo» entre as que se poderían destacar as «de Monforte» ou «Castro de Rey» (Otero Pedrayo, 1925c: 9). As restantes comarcas corresponden con vales que vai explicando nas achegas relativas á hidrografía de Galicia.

Un dos seus primeiros traballos de carácter xeográfico máis importantes é *Síntesis xeográfica de Galicia*, publicado en 1926 pola editorial Lar. Este traballo vén a recoller e tratar de xeito máis extenso as distintas achegas que entre 1925 e 1926 se foran avanzando nos distintos números do xornal *A Nosa Terra*. Este mesmo xornal reivindica este traballo como o primeiro manual de Xeografía de Galicia —e en galego— que explica de maneira «crara» e «sinxela» todos aqueles aspectos de Galicia que deberían ser estudados nas escolas para labrar as novas xeracións (*A Nosa Terra*, 229: 11). No prólogo da obra, Otero Pedrayo (1926c: 5) advirte que o obxectivo que persegue non ten pretensións científicas, senón que «soilo responde a arela que sinte o autor de que se faga un libro popular de Xeografía galega». Apunta tamén a que o texto foi escrito con demasiada présa, segundo el, coa intención de ofrecer unha «proba d'ademiración» ao SEG.

Este breve compendio de Xeografía de Galicia analiza distintos factores como o relevo, o litoral, a xeoloxía, o clima, a vexetación, a poboación, a economía ou a paisaxe. Non hai ningún apartado dedicado á análise particular da rexionalización interna de Galicia, senón que as comarcas van aparecendo ao longo de toda a obra para explicar as matizacións e paisaxes do territorio galego —aínda que a maior parte dos ámbitos comarcais agroman nos apartados relativos á análise do «releve» e do «litoral»—. O autor non achega unha relación das que poderían ser as comarcas de Galicia, alén de sinalar, de xeito máis poético que funcional, que «hai unha cousa indefinibre en cada rexión que nasce da combiñaceón do ceo e da terra en diferentes proporciós» (Otero Pedrayo, 1926c: 75). Cómpre apuntar que xa desde este momento son numerosos os termos que como «bisbarra», «comarca», «país», «rexión» ou «terra» son

empregados de maneira indistinta á hora de falar de unidades de escala comarcal. Ademais destes, tamén utiliza outros máis ligados co medio físico como «chao», «monte», «montana», «península» ou «ría» ou «val».

Figura 6.5. Comarcas sinaladas por Otero Pedrayo n'*A Nosa Terra* (1925-6)




Fonte: Otero Pedrayo (1925a, 1925b, 1925c, 1925d, 1925e, 1926a, 1926b). Elaboración propia.

As unidades de escala comarcal, 99 en total (Figura 6.6), non gardan moita similitude coas sinaladas a partir das publicacións d'*A Nosa Terra*, alén daquelas comarcas máis «históricas» como «Bergantiños», «Monforte/Lemos», «Salnés» ou «Orras/Valdeorras». Nesta ocasión, as comarcas son máis e, ademais, abranguen practicamente todo o territorio galego deixando moi poucos ocos indefinidos. A escala das distintas comarcas é moi heteroxénea é móvese nun abano de tamaños que vai desde aquelas de extensión máis reducida que se poden asemellar á dun concello como «Laza» ou «Maside» á doutras de extensión moito maior como as «Rías Baixas» ou o «Outo Miño». Polo medio, ámbitos de escala máis asimilable ao que habitualmente podemos concibir como unha comarca, tales como «Deza», «Ribeiro» ou

«Xallas». Otero Pedrayo (1926c) tamén recoñece a complexidade de poñerlle límites aos ámbitos comarcais.

Os topónimos comarcais, que respectan a forma galega, van habitualmente precedidos polos nomes de «terra» e «val» como é o caso de «terra de Chantada» ou «val de Vimianzo», mais nalgúns casos as comarcas van antecedidas doutros termos (Figura 6.6). Así, por exemplo, úsase «país» para identificar a área da Lama ou da Veiga, «comarca» para o ámbito de Avión ou «rexión» para territorios de escala tan dispar como Triacastela ou as Rías Baixas. Tamén se usan os nomes «monte» e «montana» para comarcas localizadas en áreas montañosas como Bande ou Cervantes e, para a morfoloxía costeira óptase por «península», como a do Barbanza ou a do Morrazo. A modo anecdótico sobre os topónimos comarcais podemos mencionar a visión negativa que Otero Pedrayo (1926c: 42) ten sobre o «Morrazo», ao que define como un «feio nome».

Figura 6.6. División comarcal presente en *Síntesis xeográfica de Galicia* (Otero Pedrayo, 1926c)



Fonte: Otero Pedrayo (1926c). Elaboración propia.

Da mesma data que a anterior é a *Guía de Galicia*, unha obra de fins turísticos pero de grande significación para o campo da Xeografía. O traballo destaca pola gran cantidade de información xeográfica, histórica, artística e literaria de Galicia tratada desde un punto de vista científico e acompañada de imaxes e bosquexos de mapas, así como pola prontitude coa que foi publicado. A obra significase por conter unha voluminosa parte descritiva de Galicia que se aborda a través das paisaxes que van xurdindo nos distintos itinerarios que enlazan cidades, vilas e outros núcleos de poboación destacados (Otero Pedrayo, 1926d). Este traballo foi presentado pola revista *A Nosa Terra* como unha continuación ampliada e acabada da *Síntesis xeográfica de Galicia*, o que, segundo este xornal, se traducía nun «estudo formidable de todolos aspeitos da vida de Galicia» (*A Nosa Terra*, 229: 11).

Otero Pedrayo (1926d: 5) sinala no prólogo da obra que o obxectivo do libro é ser «amigo y camarada del viajero que llegue a Galicia». Porén, a propia sociedade galega, pese a que o autor sinalou que non pretendía «ensinar» nin «descubrir» nada, tamén o recibiu como un traballo revelador no sentido formativo e humano ao achegar todos os «detalles» de Galicia:

> Iste libriño ía destinado propiamente ó turista ou viaxeiro intelixente e curioso que visitase o noso pobo. (…) Endebén, pra nós, probes e desleixados turistas na propia terra, foi coma un descobrimento. A toma de conciencia co noso mundo veradeiro, e coas súas degarantes posibillás. (…) Guieiro inmellorabre das nosas paseatas, foi clave e síntese preciosa pra o estudo i entendemento do ser e da figura de Galicia (Isla Couto, 1958a: 73).


Seguindo os distintos capítulos dos que se compón a obra podemos identificar até 133 ámbitos de escala comarcal moi vencellados á variedade paisaxística que se combinan e manifiestan con diverso acento (Figura 6.7). As comarcas desta obra van aparecendo na lectura dos distintos capítulos que compoñen a primeira parte do libro, a «descripción geográfica» (Otero Pedrayo, 1926d). Así, nos apartados máis xeográficos: xeoloxía, litoral, clima, vexetación, poboación, economía, rede urbana e, especialmente no de relevo, bótase man das comarcas para representar as diferentes paisaxes de Galicia. Segundo García Álvarez (2005), o autor esfórzase en «sistematizar y recrear vívidamente los diferentes tipos comarcales y paisajísticos de la región» (García Álvarez, 2005: 191). Ademais, para este académico, a ampla difusión desta obra levaría a que moitas das comarcas definidas nela comezasen a ser coñecidas por amplos sectores da sociedade —usadas como termos locais— e tamén por outros académicos e investigadores.

A práctica totalidade das unidades comarcais coincide coas xa representadas en *Síntesis xeográfica de Galicia*, mais con algunhas diferenzas. Unha delas é a castelanización de boa parte dos topónimos, tales como «Mellid» ou «Monterrey» (Figura 6.7). Tamén é recorrente o cambio de denominación dalgunhas delas, por exemplo, o «val do Landrove» é agora o «país de Viveiro» ou o «val do Xubia» é o «val de San Sadurniño». Un aspecto moi particular dos ámbitos comarcais recollidos nesta obra ten que ver co emprego de denominacións máis complexas e elaboradas, posiblemente porque buscaría unha maior precisión. Así, o «val de Mondariz» é a «comarca de Barcia de Mera, Maceira, Covelo e Mondariz» ou a «terra de Luíntra e Nogueira» corresponde coa «comarca de Armariz, Covas e Faramontaos». Outro aspecto que presenta alta variabilidade ten que ver co termo que identifica ás comarcas; o «val de Bergantiños» é agora unha «rexión», a «terra de Sarria» pasa a ser unha «comarca» ou «val», e o «val de Valdeorras» muda por «comarca» ou «país» (Otero Pedrayo, 1926d). Un caso significativo ten que ver co territorio de «Lemos» ao que identifica indistintamente con até catro acepcións —«comarca», «país», «terra» e «val»—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No mapa resultante, ademais de quedar patentes comarcas a diferentes escalas, abundan as superposicións (Figura 6.7). Esta circunstancia afecta principalmente a aquelas comarcas de maior extensión como é o caso de «Ancares», «La Limia», «País de las Mariñas», «Terra Chá» ou «Terra del Condado». Así, por exemplo, sobre «La Limia» emprázanse as xa habituais «Limia alta» e «Limia baja», e sobre esta última, á súa vez, localízanse as «tierras» de «Bande» e «Calvos de Randín» e os «valles» de «Entrimo», «Lobera», «Muíños» e «Salas». Tamén é notable a imprecisión á hora de definir ás comarcas, especialmente aquelas de maior extensión, por non coñecer con exactitude os seus límites (Otero Pedrayo, 1926d). Pola contra, no caso das comarcas máis pequenas, estas poderían coincidir cun concello como é o caso de «comarca de Taboada» ou «tierra de Frades», ou mesmo cun conxunto de parroquias de escala inferior á municipal como «tierra de Perbes e Boebre» ou «comarca de Vilalonga, Noalla y Dena».

Figura 6.7. Mapa comarcal formulado por Otero Pedrayo (1926d) na primeira edición da *Guía de Galicia*



Fonte: Otero Pedrayo (1926d). Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En 1927, Otero Pedrayo presenta *Probremas de xeografía galega: notas encol das formas de poboazón labrega*. Trátase dun breve estudo sobre a parroquia de San Pedro de Trasalba, o lugar no que o autor fixa a súa residencia. Nas primeiras páxinas da obra, recoñece que pode semellar máis doado comezar o estudo da Xeografía de Galicia a través das «rexiós naturás», mais que a falla de traballos cartográficos e doutro tipo «fai inaceitable o proieuto en só centífeco e ben guiado». Porén, considera que «unha vegada estudadas as parroquias, é doado dispolas en rexiós naturás» (Otero Pedrayo, 1927: 9). Resultan significativos os termos empregados para referirse á parroquia obxecto de estudo, tales como «país», «rexión» ou «terra», o que mostra un caso máis de imprecisión e ambigüidade á hora de empregar estes termos. En calquera caso, a parroquia de Trasalba quedaría enmarcada nun ámbito de escala propiamente comarcal, «os chaos de Amoeiro». O feito de describir os aspectos xeográficos, físicos e humanos, da parroquia levaría a pensar que para o xeógrafo ourensán este ámbito era a rexión natural que se reclamaba desde a xeografía clásica francesa.

Só un ano despois, en 1928, o xeógrafo ourensán presenta *Paisajes y problemas geográficos de Galicia.* Dedica as súas primeiras liñas a denunciar a escaseza de estudos xeográficos sobre Galicia e, cando os hai, a interpretación equívoca e vaga que se fai dela como un país «verde», «montañoso», «húmedo» ou «nostálgico». A obra trátase dunha descrición xeográfica do territorio galego na que dedica unha gran parte da mesma a identificar as «regiones naturales». Así, o autor dedica o segundo apartado da obra a debater sobre estas unidades, máis concretamente sobre os seus «problemas». Porén, explica que non é a súa intención resolver estas cuestións, xa que iso requiriría dun traballo minucioso sobre o tema, e sinala que trata de achegar un estudo «modesto, provisional, incompleto y sólo inspirado en una realidad poco científicamente conocida» (Otero Pedrayo: 1928: 53-54), que busca ir acometendo a tarefa de identificar as rexións naturais de Galicia.

Entre os dilemas que se presentan recoñécese o «problema» do propio concepto de «región natural». Segundo Otero Pedrayo (1928: 54), este termo «no está fijado de un modo definitivo en la Geografía», polo que «cada valle, cada "chao", puede constituir una unidad». No traballo de determinación das distintas comarcas de Galicia afirma empregar un método que permita «agrupar sin desarticular conservando la delicadeza vital de los matices; porque, (…) la unanimidad de los caracteres esenciales del país gallego sólo se diversifica en zonas de atenuación» (Otero Pedrayo, 1928: 53). Deste xeito, é posible pensar que o autor entende que as distintas unidades naturais que formarían Galicia non serían máis que atenuacións, complexas de identificar, que mostrarían unha base común dentro do conxunto galego.

O criterio dominante na compartimentación interna de Galicia sería a altitude, o que traducido na morfoloxía daría os distintos tipos de «costa, tierra baja, penillano y sierra. Todos ellos interferidos en riquísimas variaciones» (Otero Pedrayo: 1928: 54). Ademais, tamén se considera como unha parte esencial do proceso de identificación comarcal a percepción da poboación, polo feito de que as «características regionales» aparecen sentidas pola xente e expresadas na toponimia e na fala. Sobre as rexións que formarían Galicia, explica que estas son máis que as que se presentan neste estudo, pero que só se conta coas «regiones sentidas como tales desde antiguo y las que un examen rápido puede desgajar del conjunto con suficientes caracteres de individualidad» (Otero Pedrayo: 1928: 54).

Respecto da organización territorial interna de Galicia, Otero Pedrayo (1928), ademais de asumir a necesaria identificación das rexións naturais, tamén manifesta o seu respecto polas parroquiais. A tratamento que fai delas é excesivamente breve e aséntase ao final dos capítulos nos que trata as rexións naturais. Di delas que son a forma «natural», «espontánea» e «inmortal» de organización da poboación campesiña: «unidad social, la de mayor realidad en Galicia que, indiferente a los cambios, permanece como célula vital de la organización humana» (Otero

Pedrayo, 1928: 96). Na parte final da obra, volve incidir en que as comarcas consideradas constitúen unha escolma e considera que só a través dun estudo monográfico das parroquias, vilas e cidades de Galicia «se podrá resolver el intricado problema de las regiones naturales de Galicia» (Otero Pedrayo, 1928: 97).

O mapa que se presenta estaría formado, con numerosas ambigüidade e matices, por 105 comarcas ou «regiones naturales», que, á súa vez, se agrupan en 14 conxuntos —algúns destes reciben a mesma denominación de «región natural»— (Figura 6.8). Así, observamos en varias pasaxes un uso arbitrario destes termos, por exemplo, do conxunto de «Sierras y valles del NE gallego» di que é un «país (…) articulado en muchas regiones» (Otero Pedrayo, 1928: 55). Ademais, no relativo ás comarcas, cómpre falar de unidades a diferentes escalas, polo que sería complexo asegurar se se tratan de unidades comarcais independentes ou unha especie de subcomarcas dentro de unidades de maior envergadura. Así, por exemplo, di que a «Tierra Llana» —ou «Terra Chá»— se podería «reducir» ao «país de Villalba», mais logo fala deste «país» como se fose unha unidade distinta á propia «Terra Chá». Algo semellante acontece noutras comarcas: das terras de «Pantón» e «Sober» di que son «propiamente» da «tierra de Lemos», das de «Carbia» e «Agolada» que están pouco «individualizadas» ou dos vales de «Bea» e «Tabeirós» que son «casi completamente» do «país del Ulla».

Para algunhas das comarcas, Otero Pedrayo (1928) establece unha división interna en unidades menores, mais sen chegar a cuestionar a unidade da propia comarca ou rexión (Figura 6.8). Deste xeito, sinala que o «valle del Masma» se divide nos «segmentos» de «Mondoñedo» e «Lourenzá»; do «país del Arnoya» di que só adquire «substantividad de región natural» a parte inferior do val, á que chama «La Arnoya» e que se dividiría á súa vez nos «valles» de «Ramirás» y «Arnoya»; tamén do Ulla explica que se dividiría en dúas partes, da primeira, coincidente co curso superior do río sen ter en conta a parte luguesa, di que «no forma una verdadera región» e que só no curso baixo se forma o «verdadero país Ullán»; así mesmo, un último exemplo, o «valle de Monterrey», di que se divide en dous, o «alto [val] de Laza» e «el propio Monterrey» (Otero Pedrayo, 1928). Outras comarcas, como é o caso de «Castroverde», «Dumbría» ou «Neira de Rei», son definidas como «pequeñas regiones (naturales)», polo que cumpre preguntarse se realmente conforman ámbitos comarcais de seu.

Unha parte que consideramos chamativa ten que ver coa relación de rexións naturais que achega cando describe «La zona montañosa de la Galicia central», como é o caso de «valle del río Fray Bermuz» ou «valles iniciales del Mandeo y del Tambre» (Figura 6.8). Trataríase de unidades comarcais de escasa personalidade e denominación confusa. Outro aspecto significativo e sen precedentes en achegas anteriores ten que ver coa delimitación precisa que achega para a comarca de «La Limia» ao sinalar os concellos que a formarían. Na obra tamén se sinalan os «centros» dalgunhas das comarcas, como é o caso de Sarria, Ortigueira ou Padrón, do que se di que «domina la extensa vega [del Ulla]» (Otero Pedrayo, 1928: 81). Ás veces, apúntase a que o núcleo cabeceira exerce a súa influencia alén da súa respectiva comarca, como é o caso de Becerreá que cubriría as serras do noroeste galego ou Lalín na extensa rexión ao sur do Ulla.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.8. Mapa comarcal en *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* (Otero Pedrayo, 1928)



Fonte: Otero Pedrayo (1928). Elaboración propia.

De 1929 é a obra *Pelerinaxes*, na que Otero Pedrayo narra a súa aventura, xunto con Risco e Fernández Oxea, desde Ourense até Santo André de Teixido, co obxectivo de coñecer mellor a súa terra a pé. Na descrición das paisaxes polas que pasan, Otero Pedrayo (1929a) fala de distintos ámbitos comarcais incardinados nos marcos de «ribeira», «bocarribeira» e «montana» ou, mellor aínda, dunha complexa matización entre eles difícil de discernir. Ademais, aproveita a ocasión para rexeitar a división provincial, de cuxos límites di que son recentes e que non chegaron a asentarse na «historia espiritual» de Galicia. «O Ribeiro», as «terras dos Chaos», «A Ulloa», «A Terra Chá», «As Mariñas» ou o «país de Ortigueira» son algunhas das comarcas que atravesan os protagonistas e que Otero Pedrayo (1929a) describe con grande audacia e tinguiduras poéticas. Así, por exemplo, describe o río Ulla do seguinte xeito:

> Ulloa chámase ista terra-berze. Un nome que lembra a figura d'unha rica-femia, dona de pazos, amiga das festas labregas e dos aires fresquíos do ermo nas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> mañás espranzadas de xaneiro. A Ulloa baila unha muiñeira con Deza e Trasdeza tamén donas fortes de casal, mais ponse de costas ô Miño lugués fillo das augas encoradas nos chaos frieiros e coida que seu fillo, o Ulla, camiñe ben criado car'a noiva Arousa e que oia a leuzón compostelán do Pico Sagro. Aló na veiramar vai â festa da veiramar co mozo Salnés campesío e tamén mariñeiro pois sabe refuzir os pantalós pra pillar os mariscos nas augas batidas (Otero Pedrayo, 1929a: 72).

O Instituto Gallach publica, entre 1928 e 1931, unha *Geografía universal: descripción moderna del mundo*, dirixida por Valls Taberner e que consta de cinco tomos. No terceiro, publicado en 1929, Otero Pedrayo figura como autor do capítulo dedicado a Galicia. Na xa breve descrición sobre o territorio galego, dentro do volume sobre España e Portugal, Otero Pedrayo (1929b) destina unha pequena parte a enumerar as principais «comarcas» de cada unha das provincias galegas (Figura 6.9). En palabras do autor, trátase das «principales comarcas gallegas caracterizadas cada una de ellas por una particular unidad de paisaje y vida dentro de los caracteres generales del país a que pertenece, e indicando su centro urbano más conocido» (Otero Pedrayo, 1929b: 176). Así, por exemplo, na provincia de Ourense identifica comarcas como «La Arnoya» —con centros en Allariz e Celanova— ou «La Limia Alta» —con centro en Maceda—. Ao final da enumeración, recoñece a existencia de «muchas otras que se podrían estudiar en un trabajo de otra naturaleza» (Otero Pedrayo, 1929b: 177). Algunhas desoutras comarcas poderían ser as empregadas á hora de explicar as principais características morfolóxicas do país galego como é o caso de «región de Cervantes» ou «tierra de Soñeira». O total de ámbitos comarcais que podemos identificar é de 57 (Figura 6.9).

Esta obra ten unha segunda edición en 1952-3, onde o capítulo dedicado a Galicia se reduce notablemente e, polo tanto, tamén as consideracións sobre as comarcas. Cómpre sinalar que non se especifica quen é o autor que elabora o apartado sobre o territorio galego, mais todo apunta a que se trataría dunha versión reducida do que Otero Pedrayo elaborou en 1929. Na nova edición, a relación de comarcas queda reducida a «la Mariña» e «la tierra llamada del Valle de Oro» na provincia de Lugo; «las comarcas denominadas Mariñas», «Bergantiños» e «la Ulla» no caso da Coruña; de Pontevedra di que «existen varias pequeñas comarcas, pero sobre todo se distinguen dos regiones bien diferenciadas: la costa y el interior» (Otero Pedrayo, 1952-3: 42); e, na provincia de Ourense, di que «se destacan» as comarcas «del Bollo», «el Ribero», «la Limia», «el Valle del Arnoya».

Publicado pola editorial Nós en 1933, Otero Pedrayo é autor de *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. Neste traballo, o autor analiza aspectos históricos, culturais e etnográficos vencellados a Galicia, mais non presenta ningunha relación de comarcas nin bota man delas nunha posible descrición xeográfica do territorio. Unicamente sinala que «un país dotado de originalidad cultural comprende diversas regiones naturales como matización de la unidad superior a que pertenecen» e exemplifica que «la Limia, el Ribeiro de Avia, el valle y la costa de Bergantiños, son regiones naturales dentro de la complejidad gallega» (Otero Pedrayo, 1933b: 11). Ademais, achega unha interesante reflexión sobre o concepto de «región», do que di que que se «reduciu» e «acercou» á realidade. En primeiro termo, sinala a non necesaria correspondencia entre «región natural» e «región espiritual», mais apunta a que no caso galego «la presencia de una raza que supo adaptarse a este medio natural e incorporarse a él, crea la región, el círculo cultural, y de tal modo se compenetran ambos factores, el natural y el humano, que en un grado avanzado de evolución ya es difícil distinguirlos» (Otero Pedrayo, 1933b: 11).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.9. División comarcal segundo Otero Pedrayo (1929b)



Fonte: Otero Pedrayo (1929b). Elaboración propia.

Como xa sinalamos, a finais da década dos 1930, Otero Pedrayo é sancionado e apartado dos seus cargos pola ditadura franquista a causa do seu vencello co nacionalismo galego. Durante os anos nos que é apartado, rexístrase un maior afastamento da ciencia xeográfica, mentres que se dá unha dedicación preferente por tarefas literarias (Santos Solla, 1999). A presentación de traballos xeográficos volve ser a tónica habitual case unha década despois, coincidindo coa incorporación de Otero Pedrayo como catedrático de Xeografía na universidade compostelá, xa na década dos 1950. Foi tamén un dos fundadores da editorial Galaxia, que se pode considerar como o principal instrumento do feble nacionalismo galego dos anos 1950 e 1960 (Beramendi González e Núñez Seixas, 1995).

A *Guía de Galicia*, como proba da importancia que tivo para a sociedade galega, foi reeditada e completada anos despois en varias ocasións. A partir da segunda edición da mesma, en 1945, pasouse a incluír un apartado específico sobre «regiones naturales». Dun xeito esquemático, o autor presenta unha relación enumerada —e imprecisa— das que serían as

comarcas de Galicia, o que se pode entender como un dos primeiros intentos de sistematización comarcal coñecidos (Figura 6.10). Respecto da relación de comarcas e/ou rexións naturais que achega, Otero Pedrayo (1945) afirma que son:

> Las comarcas gallegas claramente individualizadas por la combinación expresiva y original de los factores naturales e históricos generales de toda Galicia. (…) La región natural no se determina por el predominio de un factor único, sino por la interferencia de varios. (…) [Porén,] en cada una la excelencia de un factor acompasa y unifica en rasgos la presencia de otros factores. (…) Un trabajo de la naturaleza del presente, debe (…) concretarse a la indicación de las regiones admitidas en la lengua y estimativa popular desde antiguo, evitando las matizaciones menores (Otero Pedrayo, 1945: 85-86).


Deste xeito, aínda que abundan as ambigüidades, a listaxe comarcal que se achega permite identificar 46 comarcas (Figura 6.10). Ademais, tamén determina unha serie de «centros», algúns deles como cabeceira ou cabeceiras da comarca respectiva, o que podería convidar a que o número de comarcas se elevase. Practicamente todas as unidades comarcais que identifica neste capítulo de «regiones naturales» estaban xa presentes, aínda que algunhas con outras denominacións, nas páxinas previas nas que se describen os aspectos xeográficos de Galicia. Varias destas comarcas tamén aparecen marcadas por altas doses de indeterminación. Así, de «Soñeira» dise que é unha «tierra de Bergantiños incompleta» (Otero Pedrayo, 1945: 90), da «Tierra de Montes» que «constituye una región de montaña dudosa entre la triple atracción del Ulla, del Umia y del Miño» (Otero Pedrayo, 1945: 91) ou mesmo cuestiona a existencia dalgunhas das comarcas como é o caso da «Orla píndica».

Cómpre contemplar a posibilidade de que algunhas das unidades que se presentan —cinco— puidesen corresponder con ámbitos de escala inferior ás comarcas (Figura 6.10). Así, dise que co «Salnés» «se engarza (…) el típico [valle] de suave montaña pontevedresa de Moraña» (Otero Pedrayo, 1945: 92); de «Monterrey» sinálase que estaría «conectado» con el «valle de Riós»; ou, da «Baja Limia», que estaría á súa vez dentro dunha unidade maior, «La Limia», identifícase un terceiro nivel por canto que «organiza en rápido ritmo un conjunto de pequeñas comarcas» (Otero Pedrayo, 1945: 92) como son «tierra de Calvos de Randín» o «tierra de Lobeira». No sentido inverso, algunhas das comarcas semellan estar moi vencelladas entre si, o que daría lugar a falar de conxuntos delas. Neste sentido, dise que «Deza», «La Mahía», «Melide» e «Tabeirós» son «tierras» circundantes que gravitan baixo a órbita do val do Ulla; ou, o mesmo acontecería noutro importante val, o do Arnoia, do que se di que conxuga comarcas como «Celanova», «Maceda» ou «a región inferior y miñota llamada especialmente Arnoya» (Otero Pedrayo, 1945: 91).

En 1951, presenta *Las ciudades gallegas*, nas que analiza as que el considera como as cidades de Galicia, isto é, as sete cidades galegas actuais e as históricas de Betanzos, Mondoñedo e Tui —ademais de Viveiro—. Sinala que no territorio galego tamén existe un amplo conxunto de «villas» —sen identificar cales—, das que di que se trata de núcleo de «corto vecindario» e «palpitante vida moderna». Un dos trazos máis característicos destas vilas, segundo o autor, é que adoitan ser «la capitalidad declarada oficialmente o no de las comarcas vitales» (Otero Pedrayo, 1951a: 8). Aquí, podemos asumir que cando Otero Pedrayo fala de capitais comarcais, está a falar tamén de comarcas. Respecto da súa distribución xeográfica, recoñece que se emprazan maiormente na parte occidental de Galicia, mais que na zona oriental tamén hai importantes vilas como é o caso da Fonsagrada e Viana de Bolo, definidas polo autor como «las dos capitales de la Galicia de sierras» (Otero Pedrayo, 1951a: 11).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.10. Mapa comarcal formulado na segunda edición da *Guía de Galicia* (Otero Pedrayo, 1945)



Fonte: Otero Pedrayo (1945). Elaboración propia.

De 1951, é tamén un breve traballo que o xeógrafo ourensán presenta sobre as paisaxes vinícolas e, como consecuencia, das comarcas desta tipoloxía. Na parte occidental de Galicia fala de comarcas vitícolas como o «valle del Ulla», o «valle inferior del Lérez» ou o «valle del Rosal». Na Galicia centro-meridional están catro «terras» —ás que tamén denomina «ribeiros»— de grande importancia na cultura do viño: «los Ribeiros» «del Avia», «del Miño», «de Valdeorras» e «de Monterrey» —ou «de Verín»— (Otero Pedrayo, 1951b). Considera o autor que, o termo «ribeiro», equivale a todo val no que é característico o cultivo da vide.

En 1953, Otero Pedrayo publica *Santiago de Compostela*, unha obra na que trata os principais aspectos humanos da cidade compostelá. O traballo recolle parte da información que previamente publicara dez anos antes, en 1943, na *Guía de Santiago de Compostela*. En relación ao tema comarcal resulta significativo o capítulo dedicado ás «Excursiones desde Santiago de Compostela», xa que, segundo se sinala, «a la inmediata irradiación y aureola de Compostela corresponden comarcas y localidades, de nombres sonoros, nostálgicos, palpitantes recuerdos»

(Otero Pedrayo, 1953: 33). Distribúese a descrición das terras periféricas de Santiago en tres áreas que poden ser consideradas como comarcas ou grupos de comarcas: «El Ulla y la ría de Arosa», «Noya y Muros» e o «Contorno de las rías altas y costa y tierra de Bergantiños». Á súa vez, algunhas destas abrazarían no seu interior outros ámbitos de escala comarcal. Así, da primeira, dise que está formada pola propia comarca de «El Ulla» e as «tierras afluentes» de «Deza», «Merza», «Tabeirós» e «Trasdeza».

Outro importante traballo de Otero Pedrayo é *Ensaio sobor da paisaxe galega*, publicado en 1954 e que forma parte dunha obra máis extensa que edita Galaxia e que recolle contribucións doutros destacados intelectuais. Non se chegan a tratar como tales as comarcas de Galicia, alén de para exemplificar as cuestións de tipo paisaxístico que se desenvolven. Así, fala de cinco tipos de «estaxes» ou «composicións da paisaxes»: «mariña», «ribeira», «ribeira», «montana» e «serra», que o autor xa tratara en traballos anteriores e que se corresponderían con ámbitos naturais de escala comarcal. Logo, fala da particularidade destes termos na fala, pois, o «montao ou montés» considera «ribeira» «calquer pequena e molmente dibuxada, asucadela, onde por o abrigosa poden madurar as uvas», mentres que para o da «ribeira» é «montana» «o torrón de centeo e millo soio un pouco máis outo» (Otero Pedrayo, 1954: 43). Esta tipoloxía de paisaxes servíanlle ao xeógrafo ourensán para plasmar a diversidade de Galicia en rexións.

Como exemplos de comarcas de «mariña», tamén definida como «costa», fálase d' «A Mariña», «as Rías [Baixas]» ou «O Morrazo». Porén, a complexidade vén á hora de discernir entre aquelas unidades de «ribeira» e de «bocarribeira», das que «val» podería ser sinónimo de ambas as dúas. A diferenza, segundo Otero Pedrayo (1954), radica en que, mentres a «ribeira» consiste en vales maduros, a «bocarribeira» corresponde cunha zona de contacto entre a ribeira e a montaña, isto é, vales de pé de montaña ou vales franqueados por estas. Deste xeito, como exemplo de «ribeira» sinala «a do Avia», «do Arnoia» ou as «grandes» «do Miño» e «do Sil»; de «bocarribeiras» as de «Valdeorras», «Quiroga», «Tabeirós» ou «Trasdeza»; mais sobre outros vales, como «Monterrey», voa a dúbida se é unha ou outra. Modelos de «montana» cítanse moitos: «A Terra Chá», «Curtis», «Deza», «Ordes», «terra de Maceda» ou «terra de Trives», así como «O Carballiño», «A Cañiza» ou os «Chaos de Amoeiro» dos que di que son «montana» para os veciños da ribeira do Miño. No caso das «serras» fala das «Medas» e daquelas ordenadas en torno á «Pena Trevinca», as «Ancáridas» e as «Caurélidas».

Entre 1955 e 1956 sae á luz *Geografía de España: presencia y potencia del suelo y del pueblo español*, a que pode ser considerada, dentro do campo xeográfico, como a súa obra máis voluminosa e tamén unha das máis importantes pola gran cantidade de información que mobiliza. Editada polo Instituto Gallach en catro volumes, sinálase no prólogo que demorara máis de 30 anos en emprender a tarefa de elaborar unha Xeografía de España como a que se presenta pola dificultade, dise, de atopar a persoa axeitada. A continuación, explícase que se atopou en Otero Pedrayo a persoa que fixera posible «el milagro de presentar España a los españoles con una formidable visión conjunta y al mismo tiempo con un dominio local que a todos nos dejara convencidos y plenamente satisfechos». Logo de explicar os principais fitos de xeografía física e humana de España, Otero Pedrayo (1955-6) aborda a súa xeografía rexional da que di que unha das súas peculiaridades ten que ver co «gran matización de regiones naturales».

No capítulo dedicado a Galicia, o autor establece unha primeira división elemental entre a «Galicia del norte» e a «del mediodía» e entre a «Galicia oriental» e a «occidental», da que se di que se traduce na acentuación das paisaxes. Logo desta primeira división, o autor explica que «buscar las regiones naturales gallegas es empresa a la vez sencilla y apasionadamente difícil, porque hay algunos nombres en boca del pueblo, citas en las crónicas y estudios en los geógrafos, que señalan fuertes individualidades» (Otero Pedrayo, 1955-6: 52). Neste sentido,

bota man de «Las Mariñas», «tierra de Lemos», «La Limia» ou «El Condado» para falar de «cuatro comarcas maduras y plenas», mais di que «en otras no se alcanza la tónica central, sino que son formas de borde, grado o escalón» (Otero Pedrayo, 1955-6: 52) polo que a súa identificación faise máis complexa.


As comarcas aparecen a distintas escalas, isto é, preséntanse unhas primeiras unidades de escala comarcal e dentro delas identifícanse outros ámbitos de escala tamén comarcal (Figura 6.11 e Figura 6.12). Explica Otero Pedrayo (1955-6: 80) que é «difícil señalar linderos en estas comarcas, que suavemente se desvanecen unas en otras», mais é posible achegar uns límites para as que serían as comarcas de primeiro orde. O autor afánase por describir os concellos que pertencerían a cada unha destas unidades polo que de xeito sutil e indirecto está achegando un mapa formado por 24 comarcas de límites precisos (Figura 6.11). Tamén se respectan os límites provinciais, entre outros motivos porque a descrición das unidades comarcais lévaa a cabo por provincias. Pola contra, as comarcas subalternas, pese a que para algunha delas tamén se poden perfilar os seus límites, son máis complexas de identificar posto que van xurdindo logo da lectura de cada unha das unidades superiores.

As 24 comarcas de primeiro nivel conforman na maior parte dos casos, tal e como se mostra na súa toponimia, agrupacións de comarcas que de comarcas propiamente ditas (Figura 6.11). Así, por exemplo, a área de Arzúa, Melide e Ordes recibe a denominación de «Comarcas del alto Tambre y del alto Ulla» e, logo, á hora de analizala, identifícase a «comarca de Mellid» ou a «comarca presidida por la villa de Órdenes». Outro caso é a unidade definida como «Comarcas afluentes al Miño por la izquierda» na que radicarían «comarcas de colinas y grandes valles, como el de Sarria (…) y la tierra de Lemos» (Otero Pedrayo, 1955-6: 110). Ou, un último exemplo, «Comarcas del valle del Arnoya y sus contactos, y orilla izquierda del Miño» na que se identifican comarcas de menor extensión como «cuenca alta del Arnoya», «La Rabeda» ou «país de Celanova». Porén, nalgúns poucos casos, estas comarcas de primeiro nivel formarían unha unidade compacta que non se desgregaría noutas comarcas como é o caso de «Bergantiños» ou «Ortigueira». Peculiares son tamén as denominacións empregadas para definir as unidades comarcais da provincia de Pontevedra, xa que se bota man das composicións da paisaxe.

Como acabamos de sinalar, as unidades comarcais anteriores ou conxuntos destas descompóñense noutros ámbitos de menor superficie, máis precisos e de escala máis propiamente comarcal. Podemos identificar 82 comarcas de dimensión máis reducida —33 de límites definidos e 49 difusos— (Figura 6.12). Por exemplo, para a provincia da Coruña, Otero Pedrayo (1955-6) explica que «para que los factores geográficos y humanos queden expuestos con cierta claridad» se ve na obriga de achegar «una clasificación comarcal un poco fraccionada» (Otero Pedrayo, 1955-6: 72). Algunhas destas comarcas, especialmente nas provincia de Ourense e Pontevedra e sur e leste da de Lugo, é posible definilas con límites precisos. Ademais, na identificación destas unidades de escala de máis detalle constatamos «comarcas» dentro de «comarcas». Así, por exemplo, o «valle de Dubra» atoparíase dentro da «comarca de Órdenes», que á súa vez estaría enmarcada dentro doutra unidade de escala menor. Ou, o caso da «tierra de Lobeira» dentro da «Limia Baja» e á súa vez de «La Limia y sus conexiones».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.11. Comarcas esbozadas por Otero Pedrayo (1955-6) na súa *Geografía de España* (I)



Fonte: Otero Pedrayo (1955-6). Elaboración propia.

Un último asunto que cómpre tratar ten que ver coas numerosas incongruencias e ambigüidades que presentan as unidades comarcas identificadas (Figura 6.12). Se ben é certo que estas características son habituais en practicamente todas as descricións xeográficas do propio autor, nesta obra acadan tal presentación que merecen ser comentadas detidamente. Otero Pedrayo (1955-6) sinala que as «Tierras llanas del alto Miño» teñen por centro a vila de Castro de Rei, mais logo engloba este concello noutra comarca. Tamén inclúe nesta comarca os concellos de Meira e A Pastoriza porque di que nas súas parroquias é onde nace o Miño, mais tamén explica que a relación do primeiro é coa Fonsagrada e a do segundo con Mondoñedo. Outra incoherencia comarcal ten que ver co concello de Santa Comba, que encadra na «comarca» de «Bajo Tambre y la Mahía», mais do que di que «se extiende por la comarca de Jallas».

Na provincia de Pontevedra é onde observamos o maior número de contradicións (Figura 6.12). Fálase do concello de Cotobade dentro de «Los valles» e mesmo se concreta que forma

xunto con Campo Lameiro parte do «valle del Lérez». Porén, unhas páxinas máis adiante, ao tratar a «comarca» de «Bocarribiras y montañas» fálase dunha «comarca de Cotobad» da que se di que é «vecina de Pontevedra, (…) ligada al valle del Lérez, es una característica "bocarribeira", con su centro en el concejo de Puente Caldelas» (Otero Pedrayo, 1955-6: 169). Outro caso peculiar é o do concello da Estrada, primeiro adscrito ao «valle del Ulla» dentro de «Los valles» e, logo, presente en «Bocarribeiras y montañas». Complexa é tamén a «Tierra de Montes», á que describe da seguinte maneira: «Forcarey comprende grandes extensiones de la Tierra de Montes, (…) Lama entre Cotobad y la genuina Tierra de Montes, (…) La Cañiza última villa y centro de montaña pontevedresa ligada a la Tierra de Montes» (Otero Pedrayo, 1955-6: 169). Neses casos nos que un concello «baila» entre unha comarca e outra, optouse por adscribilo a aquela na que o autor achega o volume demográfico municipal.

Figura 6.12. Comarcas esbozadas por Otero Pedrayo (1955-6) na súa *Geografía de España* (II)



Fonte: Otero Pedrayo (1955-6). Elaboración propia.

Outra importante contribución xeográfica de Otero Pedrayo é dentro da *Geografía de España y Portugal* que dirixe De Terán Álvarez e que publica Montaner y Simón entre 1952, o primeiro volume, e 1967, o derradeiro (De Terán Álvarez, 1952-1967). No volume IV trátase a xeografía rexional de España. Este, á súa vez, divídese en tres partes presentadas en 1958, 1966 e 1967; a primeira destas partes, a IV-I, amosa e describe, entre outras rexións, Galicia (Gómez Mendoza, 2018). A parte do capítulo sobre o territorio galego na que se analizan os «factores geográficos de carácter general» —medio físico, poboación e actividades económicas— é desenvolvida por De Terán Álvarez, mentres que a parte sobre a rexionalización interna de Galicia, que leva por título *Paisajes y comarcas gallegas*, vén da man de Otero Pedrayo. O tomo sobre Galicia, publicado en 1958, coincide co seu último ano en activo como profesor na universidade compostelá.

En primeiro termo, Otero Pedrayo (1958) divide Galicia en sete grandes unidades ou «paisajes» das que procura achegar unha descrición detallada das súas principais características xeográficas (Figura 6.13). Nesta primeira elemental división, pódese apreciar a importancia que concede á costa e ás dúas principais bacías hidrográficas: a do Miño —dividida en tres partes— e a do Sil. Algunhas destas primeiras divisións elementais son segmentadas en unidades menores —16— que, agora si, gardan maior relación coas presentadas en achegas anteriores. Estas 16 unidades de segunda orde corresponden basicamente con outras importantes bacías: «Tierras del Arnoya» o «Valle del Tambre»; cos principais sistemas montañosos como «Comarcas del Bolo y Viana» ou «Los ejes montañosos»; ou con sectores da costa ben diferenciados, tales como «La orla cantábrica gallega» ou «El golfo ártabro y Las Mariñas».

Estas unidades de primeira e segunda orde agruparían no seu interior 78 ámbitos de escala propiamente comarcal (Figura 6.13). Así, por exemplo, di Otero Pedrayo (1958: 64) que os territorios supracomarcais correspondentes co Miño abranguen «múltiples comarcas de variadas formas, todas sometidas, con mayor o menor claridad, a la ley rectora del gran río», mais con grandes variacións entre elas. A modo de exemplo, dentro de «El Ulla y sus regiones» —que, á súa vez, se enmarca en «Las Rías Bajas y sus zonas de atracción»— atoparíanse ámbitos comarcais ben definidos como «Comarca de Deza», «Comarca de Tabeirós», «La Mahía» ou «Vega de Padrón». Un caso particular sería o da «Tierra de Ortigueira», que correspondería cunha «comarca» ben definida e, ao mesmo tempo, un único ámbito compacto de agrupamento superior; de feito, Otero Pedrayo (1958: 46) ten por ben definila como unha «perfecta unidad».

Entre finais da década de 1960 e comezos dos 1970, Otero Pedrayo asume a dirección dunha extensa *Historia de Galiza* publicada en Buenos Aires pola editorial Nós. A obra, na que participan, entre outros, López Cuevillas, Parga Pondal ou Risco, consta de tres volumes: o primeiro e o segundo son presentados en 1962; o terceiro, en 1973. No prólogo da obra, o xeógrafo ourensán ten palabras de agradecemento pola tarefa que se lle encomenda e escribe que asume o reto cun «sentimento de amor a Galiza» nesta, segundo el, «obrigada» e «necesaria» «nova historia da nosa terra». O propio Otero Pedrayo é o encargado, ademais, a elaboración da parte dedicada a Xeografía —recollida dentro do primeiro tomo—. Nela, analiza de xeito breve as características xeográficas do conxunto de Galicia para, seguidamente, dar paso a unha interpretación minuciosa das «rexións naturais» de Galicia, das que ten a ben sinalar que constitúen o «guieiro e método asinado e certeiro na xeografía» (Otero Pedrayo, 1962: 8).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.13. División comarcal segundo Otero Pedrayo (1958) recollida dentro da *Geografía de España y Portugal* (1952-1967)



Fonte: Otero Pedrayo (1958). Elaboración propia.

Na parte de xeografía xeral, discute certos aspectos relativos ás demarcacións político-administrativas. Así, critica con firmeza as divisións provinciais no sentido de que, segundo o autor, ofrecen unha idea errónea do territorio pois semellan dar a entender que dentro dunha provincia se produce homoxeneidade paisaxística. Porén, alén de censurar a artificialidade e imposición das provincias, recoñece que se foron asentando con motivo do paso do tempo: «hai de notare como, según se fortece o Estado, (…) vaise fortecendo e afondando a raia do lindeiro provincial entre nós. No cerne psicolóxico galego a provincia vai tendo unha realidade imposta polo costume» (Otero Pedrayo, 1962: 8).

A xeografía rexional de Galicia é presentada en 11 agrupacións de comarcas (Figura 6.14), que coinciden, a grandes trazos, coas formuladas en achegas anteriores. Así, por exemplo, Otero Pedrayo (1962: 21) ordena o val do Miño «en tres tempos, tres longos espacios, cada un de senlleira temática, cada un presidido na relación histórica por unha cidade episcopal que lle dá

nome»: o «Miño lucense ou outo Miño», o «Miño ourensán ou Miño central» e o «Miño tudense ou galaico-portugués». Pese a aceptar o fortalecemento das provincias a causa da súa presenza no tempo, non dubida en quebrantar os lindeiros provinciais para formar grupos de comarcas máis apropiados, como «A Galiza cantábrica», entre as provincias da Coruña e Lugo, ou «O val ullán», entre estas mesmas dúas e Pontevedra. Un dos conxuntos, o de «O val do Lérez, Pontevedra e a súa ría» tamén é analizado de xeito illado en 1966 dentro da revista *Guieiro* (Otero Pedrayo, 1966).


Estas grandes unidades, de moi variada extensión, abrazan no seu interior 97 ámbitos de escala propiamente comarcal (Figura 6.14). O autor sinala, unha vez máis, a complexidade na súa identificación, xa que explica que estas «esváense unhas noutras por roleiros máis ou menos dibuxados» (Otero Pedrayo, 1962: 8). No relativo ás unidades de escala comarcal, Otero Pedrayo (1962) presenta unha distinción básica entre, por unha banda, as «de occidente», que se corresponden con «valles» caracterizados por «formas maduras» e «farturentas» —que exemplifica con «As Mariñas» e «Bergantiños»— e, por outra banda, as «de ourente», das que di que os «valles» son «estreitos», «afundidos», cunha «historia sometida (…) pola montana» e de «poboación cativa» e «poucas vilas». De feito, sobre as cabeceiras comarcais da parte máis oriental advirte que só as vilas da Fonsagrada e Viana do Bolo chegan a alcanzar a «categoría de capitás de comarcas, ou cecáis máis ben de rexiós» (Otero Pedrayo, 1962: 15).

Nunha obra posterior, *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*, presentada en 1969, Otero Pedrayo trata de xeito preferente temas históricos, mais tamén contén algún apuntamento xeográfico. Deste xeito, define as comarcas ou «terras» galegas de finais da Idade Moderna como «rexos seres viventes. (…) Son as "terras". (…) Na fala, no fato, no feitío dos lugares e dos labramios, denótese cada "terra". Háinas moi illadas, de pouca labranza, pastoraes» (Otero Pedrayo, 1969a: 22). O autor pon exemplos destas «terras», un por cada unha das antigas sete «provincias», como querendo demostrar que se trataba de algo normal e presente en todo o territorio. As «Mariñas betanceiras», a «terra de Bergantiños», o «Salnés», o «Condado», «A Limia», «Lemos» e «Valedouro» serían, segundo Otero Pedrayo (1969a: 22), as primeiras «cuia nomeada agroman o recordo». O autor recoñece como esenciais na organización do territorio as vilas, das que se resalta a súa dinámica demográfica e forza económica. Di que a práctica totalidade delas teñen a súa orixe nas feiras e mercados e que conseguiron manterse cando estas celebracións perderon intensidade (Otero Pedrayo, 1969a, 1969b).

En 1970, o autor presenta *Vigo*, un estudo xeográfico sobre a cidades olívica no que trata aspectos urbanos e culturais. Respecto á temática comarcal, explica que a cidade en sentido estrito avanza sobre a súa contorna envolvendo parroquias rurais nela até formar unha comarca: «sus límites, flexibles, variables, sensibles, (…) la van transformando de ciudad en comarca» (Otero Pedrayo, 1970: 14). Alén desta «ciudad-comarca» que só abranguería as parroquias próximas á cidade, di que a influencia de Vigo se estende ao val do Porriño, á faixa sur do Morrazo e a ría de Baiona ou Miñor. Tres anos despois, Otero Pedrayo (1973), en *Orense*, aborda o estudo doutra cidade, na que unicamente trata os aspectos históricos e morfolóxicos da cidade de Ourense.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.14. Comarcas esbozadas en *Historia de Galiza* por Otero Pedrayo (1962)




Fonte: Otero Pedrayo (1962). Elaboración propia.

En 1972, presenta *Orense*, na que Otero Pedrayo aborda o estudo da súa provincia natal. O autor recolle moitas das ideas que xa viñera sinalando en traballos anteriores. Así, como elemento delimitador principal volve sinalar o río Miño, o que lle serve para abordar de xeito separado as terras á dereita e á esquerda do mesmo (Otero Pedrayo, 1972). O número de comarcas que se pode identificar é de 16, mais non chega a afondar na descrición das mesmas (Figura 6.15). Un dos apartados dedícao a tratar as que define como «once villas orensanas», isto é, aqueles núcleos de maior consideración e que virían a funcionar como cabeceiras de comarca. Algunhas particularidades teñen que ver co tratamento conxunto do Barco e A Rúa-Petín —ás que se refire como as «villas de Valdeorras»— e, tampouco considera O Castro de Caldelas do que explica que quedaría diluído na competencia coa Pobra de Trives. Este texto é publicado unha década despois formando parte da obra coral *Tierras de Galicia* (Otero Pedrayo, 1982).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.15. Comarcas sinaladas por Otero Pedrayo (1972) na provincia de Ourense



Fonte: Otero Pedrayo (1972). Elaboración propia.

Unha das últimas obras de Otero Pedrayo na que describe a xeografía de Galicia a través das súas comarcas é *Galicia: una cultura de occidente*, publicada en 1975, un ano antes do seu falecemento. Trátase dun traballo no que volve a mesturar aspectos xeográficos, históricos e artísticos, acompañados de costumes, lendas e tradicións do país. As comarcas galegas van aflorando no percorrido que o autor fai por Galicia. Explica nel que o proceso de identificación das comarcas é complexo posto que en numerosas ocasións os temas confúndense e matízanse en terras de transición. Fronte a estas comarcas máis tenues, fala doutras cuxas características son máis doadas de ver, isto é, comarcas «mejor caracterizadas» e «singularizadas», como é o caso de «Bergantiños», «A Limia» ou «Monterrey». En calquera caso, Otero Pedrayo (1975: 68) considera que a «caracterización de las pequeñas y de las grandes comarcas gallegas» é un dos maiores «placeres del viajero y del peregrino».

O número de comarcas que se identifican é de 59 (Figura 6.16). O autor volve falar de comarcas a diferentes niveis. Así, por exemplo, fala dun amplo «valle del Arnoya» presidido

por Allariz e que logo se divide en tres «paisajes»: o do «Alto Arnoya o tierra de Maceda», o da «hidalga villa de Allariz» —da que máis adiante precisa que esta é a verdadeira «comarca de la Arnoya»— e outro augas abaixo de Celanova que non chega a definir. Outras comarcas, habitualmente as de maior superficie, tales como «Alto Tambre», «Las Mariñas» ou «Valle inferior del Miño», tamén acubillan no seu interior unidades comarcais de menor extensión como «Tierra de Sobrado», «Mariñas dos Condes» ou «O Condado». Un aspecto significativo ten que ver coa valoración de Otero Pedrayo (1975) sobre a denominación da comarca do «Morrazo», da que di que é un nome «feo» e «vulgar», o que levaría á mesma idea que xa expresara de xeito inicial na súa *Síntesis xeográfica de Galicia* (1926c).

Un último aspecto a destacar sobre esta obra ten que ver co tratamento das vilas galegas, das que se explica que as súas características e matizacións son varias e extensas (Figura 6.16). Explica Otero Pedrayo (1975) que non pretende achegar un «catálogo» das vilas de Galicia, mais di que son varias as que ostentan a capitalidade das súas comarcas. Deste xeito, Vilalba «puede ostentar el rango de capitalidad de la Terra Chá» (Otero Pedrayo, 1975: 16); Cambados é considerada «por ilustrar el fin del valle y del río» como a «verdadera capital del Salnés» (Otero Pedrayo, 1975: 78) e unha serie de vilas do leste ourensán, tales como O Barco, Maceda, Viana do Bolo ou Xinzo de Limia, constitúen o «centro da súa característica comarca» (Otero Pedrayo, 1975: 39).

Póstuma é a *Introducción al paisaje*, que se presenta en 1976 —o mesmo ano do seu falecemento— e que forma parte da obra colectiva *Los gallegos*. O autor volve falar, unha vez máis, dos distintos tipos de paisaxe, neste caso, «litorales, valles, cuestas y montañas» (Otero Pedrayo, 1976: 3). Logo, engade outro, xa que considera que como unha variación «solitaria» da «montaña» aparece a «sierra». A idea de comarca agroma con forza cando trata as paisaxes de «valle». Algúns son cualificados de «pequeños», tales como o «valle de Mondoñedo» e «La Mahia», mentres que outros son definidos como «grandes», a saber: «valle de Bergantiños», «valle del Salnés» e «valle del Ulla» —do que di que é o máis «importante» de Galicia—. En relación con este último, Otero Pedrayo (1976) sinala a súa capacidade de atracción sobre unha serie de «tierras» y «comarcas» circundantes: ao norte as «tierras» «de Melide» e de «de Arzúa», e ao sur as «comarcas» «de Camba, Trasdeza, Deza y Tabeirós». Ademais, tamén distingue como «partes» do propio val do Ulla o «valle Ullán» e «La Ulloa».

Neste traballo, o autor achega un apartado propio no que trata «El sistema Miño-Sil». Así, identifica varias «comarcas»: os «valles de Valdeorras y Quiroga», a «Terra Chá de Villalba y Castro do Rei», as «tierras de Chantada y Lemos», os «ribeiros» «del Avia» e «del Arnoia» —co «país de Celanova»— e o «Bajo Miño». No tratamento conxunto de «montañas y bocarriberas» —do que di que é sinónimo de «cuestas»— fala de «comarcas extensas» como as de «Órdenes», a «Terra Chá de Lugo» e a «Limia». Otero Pedrayo (1976) tamén sinala tres exemplos de vilas de «bocarribeira»: A Cañiza, O Carballiño —«cabecera del Ribeiro del Avia»— e Monterroso —«corazón de la Ulloa»—. Aquí, podemos ver unha clara ambigüidade respecto dalgunhas destas «comarcas», caso do Ribeiro do Avia, da Ulloa ou da Terra Chá, que son presentadas, indistintamente, como «valles» e como «montañas y bocarriberas». Finalmente, como exemplo de paisaxe de «litoral» presenta a «Las Mariñas» e como modelos de «sierra» sinala unha serie de vilas reitoras das súas respectivas «tierras»: O Castro de Caldelas, A Fonsagrada, Maceda e Viana do Bolo.

Ulterior tamén ao pasamento do xeógrafo ourensán é *Os ríos galegos* (Otero Pedrayo, 1977). Esta obra, se ben trata unha serie de comarcas, terras e vales de ámbito comarcal, na liña dos traballos analizados até o de agora, non achega nada novo xa que se trata dunha recompilación de textos anteriores. A primeira parte deste traballo recolle os textos sobre «hidrografía» que o autor publicara entre finais de 1925 e comezos de 1926 no xornal *A Nosa Terra* (Otero Pedrayo, 125d, 1925e, 1926a). A segunda metade do volume forma parte do

apartado dedicado á Xeografía, que este académico presentara dentro da *Historia de Galiza* (Otero Pedrayo, 1962).

Figura 6.16. Mapa comarcal de Otero Pedrayo (1975) contido en *Galicia: una cultura de occidente*



Fonte: Otero Pedrayo (1975). Elaboración propia.

6.4 O TRATAMENTO DAS COMARCAS POLOS EPÍGONOS DE R. OTERO PEDRAYO

Desde que Otero Pedrayo se converteu no primeiro catedrático de Xeografía na USC en 1950, compaxinou o seu labor docente e investigador coa dirección de varias memorias de licenciatura e teses de doutoramento. Porén, acadou o seu posto na universidade con 62 anos, polo que só puido estar oito anos en activo, o que se entende que non foi tempo abondo para crear unha escola de Xeografía en Galicia (Santos Solla, 1999; Constenla Vega, 2005, 2019; Lois González, 2013; Paül Carril, 2019). Así e todo, algúns dos seus discípulos máis sobranceiros como Fraguas Fraguas e Río Barja, que son os continuadores dos estudos sobre Xeografía de Galicia que inicia Otero Pedrayo, tamén se van significar polas súas contribucións ao tema comarcal de Galicia.

6.4.1 As achegas comarcais de A. Fraguas Fraguas

A. Fraguas Fraguas podemos consideralo como o continuador directo do legado xeográfico de Otero Pedrayo —se ben parte da súa obra se desenvolveu de xeito paralelo—. O seu vencello co nacionalismo galego era evidente, xa que foi membro das Irmandades da Fala, do SEG e do PG. Exerceu, desde principios da década dos 1930, de profesor no instituto da Estrada, mais a súa vinculación co nacionalismo galego levou a que fose depurado pola ditadura. Durante os anos de represión traballou en Santiago no ensino privado até que en 1950 se converteu en catedrático de Xeografía e Historia no instituto de Lugo. A finais da década dos 1950 trasladouse ao instituto Rosalía de Castro de Santiago, onde se desempeñou até a súa retirada en 1975. Tamén se encargou como profesor auxiliar das clases de Xeografía na universidade compostelá durante varios dos últimos anos que estivo en activo (Santos Solla, 1999; Hernández Borge, 2017; Durán Villa, 2019).

A grande obra de Fraguas Fraguas é a súa *Geografía de Galicia*, publicada en 1953. Sinala o autor no seu prólogo que o obxectivo que se persegue con este «manual» é «informar al lector de los principales problemas geográficos de nuestra tierra» (Fraguas Fraguas, 1953: 9). Tampouco semella, segundo as súas palabras, que se trate dunha obra completa e pechada, senón que apunta a que poida servir como «punto de partida para nuevos tratados de ampliación». Ademais, cómpre sinalar que a influencia de Otero Pedrayo na obra de Fraguas Fraguas queda patente en todo momento con numerosas alusións; de feito, Fraguas Fraguas (1953) dedica o traballo ao xeógrafo ourensán, ao que se refire como o seu «amigo» e «maestro».

Esta *Geografía de Galicia* debe ser entendida como unha obra intermedia entre traballos breves e esquemáticos e extensas enciclopedias xeográficas en varios volumes (Paül Carril, 2019). Tamén se distinguía pola súa vontade de converterse nun «manual» de xeografía —como se sinala no prólogo— e sería, quizais, o máis completo, detallado e coa información mellor organizada —seguindo o modelo vidaliano— dos existentes até o momento. Trátase, polo tanto, dunha obra que emprega de novo unha escala territorial que fora abandonada polos plans de estudo e cuxos últimos antecedentes son os do propio Otero Pedrayo na década de 1920 (Durán Villa, 2019). Tamén destaca o feito revelador de que se empregue o termo «manual» por un docente que foi depurado pola ditadura. Na primeira obra de Otero Pedrayo (1926c) ao respecto, a *Síntesis xeográfica de Galicia*, falaba da necesidade dunha futura «obra de sciencia» que completase ao «libro popular de Xeografía galega» que el presentaba. Esta de Fraguas Fraguas (1953) podería ser esa obra científica que «esperaba» o xeógrafo ourensán.

Fraguas Fraguas (1953) ocupa todo o capítulo 22 a tratar as «comarcas naturales» galegas. En primeiro lugar, recoñece que o estudo das comarcas presenta dificultades e obstáculos que se acrecentan en Galicia a causa da «falta de trabajos monográficos que individualmente determinen, con la precisión que sea posible, tanto las comarcas como las zonas de transición e influencias recíprocas que caracterizan las unidades fundamentales de un territorio» (Fraguas Fraguas, 1953: 234). Pese a estas limitacións, Fraguas Fraguas (1953) achega unha relación de comarcas que individualiza en función dos «"nombres de país"» e dunha mestura heteroxénea de factores físicos e humanos. En palabras deste xeógrafo:

> Los "nombres de país" señalan tierras individualizadas con características propias y de extensiones muy diferentes. (…) El conjunto de características que determinan una comarca natural: relieve, clima, vegetación, agrupación humana, formas de vida, etc., explican la desigual extensión que comprenden las diferentes comarcas y las zonas de transición y contrastes limítrofes (Fraguas Fraguas, 1953: 234-5).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A listaxe de comarcas que achega Fraguas Fraguas (1953) non é a primeira, mais si é a máis completa até o momento. Cómpre sinalar que a publicación en castelán e a deturpación da toponimia explícanse polo tempo no que escribe o autor. No capítulo dedicado a estes ámbitos territoriais identifica 71 comarcas, ás que introduce cunha tipografía distinta e describe sinalando as súas principais características e núcleos reitores. Só dunha destas unidades poñemos en dúbida que se trate dun ámbito de escala comarcal polo feito en que é nomeado e descrito: «Comarcas del Ulla». Neste caso sería máis apropiado falar dun conxunto de comarcas que dunha comarca propiamente dita.


A maiores, é posible identificar no capítulo, a partir das descricións do autor para cada comarca, outros 11 ámbitos de escala comarcal. Do xeito no que son explicados no texto, estase ante ámbitos comarcais claramente diferenciados que até nalgúns casos nin sequera gardan excesiva vinculación coa comarca na que o autor os inclúe. Así, di que ao oeste de «El Caurel» e orientado ao norte se atopa o «Valle del Navia»; na «Tierra del Bollo», a pesar do afastamento dela, sinala a existencia da «comarca de La Navea» e da «Tierra de Queija», a primeira constituída pola metade inferior do río homónimo e a segunda, polo curso alto do mesmo; dentro dos «Valles del Barbaña y del Lonia» identifica as «comarcas del Ribero del Miño, La Arnoya y el valle del Arnoya», cada unha co seu respectivo centro reitor; no «Valle de Salvatierra-O Condado» identifica dúas «comarcas naturales» distintas, unha o propio «Valle de Salvatierra» e a outra o «Valle del Tea»; e, finalmente, no sinalado como conxunto comarcal que constituirían as «Comarcas del Ulla», dise que a bacía do propio río «determina tres comarcas naturales: La Ulloa, (…) La Ulla (…) y, finalmente, El Ullán» (Fraguas Fraguas, 1953: 285).

A obra é a segunda coñecida que se dota dun mapa comarcal do conxunto de Galicia (Figura 6.17). O mapa de Fraguas Fraguas (1953), que unicamente representa os topónimos comarcais, non cartografa todas as comarcas que describe, como é o caso de «El Caurel», «Tierra de Mazaricos» ou «Valle de Vea», mais de xeito curioso si cartografa outras que *a priori* non eran de fácil identificación no texto: «La Ulla», «El Ullán», «La Ulloa» y «Valle del Arnoya». Cómpre destacar tamén que algúns dos topónimos comarcais mudan o cualificativo que os acompaña; tal é o caso de «Deza», «Salnés» e «Sarria», que son descritos como «tierras» e representados como «valles». Este cambio pode deberse a que o autor semella «axustar» as unidades comarcais á rede hidrográfica —a única capa de base sobre a que representa as comarcas—. O máis significativo desta cartografía en relación ao total de comarcas é que achega outras catro unidades ás que non se refire en ningún momento da descrición: «Barbanza», «La Mezquita», «Morrazo» e «Valle de Salas».

Deste xeito, sumando as 71 comarcas enumeradas, as 11 máis complexas de identificar e as catro que se cartografan a maiores, podemos dicir que a obra de Fraguas Fraguas (1953) relaciona 86 ámbitos comarcais (Figura 6.18). Algunhas das comarcas presentan unha compartimentación interna en unidades menores, mais non se chega a cuestionar, cando de menos de xeito explícito, a unidade comarcal. Por exemplo, dise que «La Limia» está «dividida» en «Limia Alta» e «Limia Baja»; que «Las Mariñas» se «agrupan» en «Mariñas de los Freires» e «Mariñas de los Condes», a primeira en torno a Cambre, a segunda en relación con Betanzos; ou do «Valle de Neira» di que «suele dividirse» en «Neira de Rey» e «Neira de Jusá» (Fraguas Fraguas, 1953). A extensión —aínda que sen precisar— das unidades que identifica tamén é moi diversa: desde enormes comarcas como «Las Mariñas» ou «Terra Chá» até algunhas que semellan mesmo máis pequenas que os propios concellos como «Valle de Vea» ou «La Navea» (Figura 6.18). Ademais, nalgúns espazos dáse o xa habitual fenómeno de amalgama entre as distintas unidades, como no val do Ulla, o val do Arnoia ou O Condado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.17. Mapa comarcal contido na *Geografía de Galicia* de Fraguas Fraguas (1953)



Fonte: Fraguas Fraguas (1953: 237).

Para boa parte das comarcas que identifica, o autor sinala o núcleo central ou cabeceira da comarca, aos que se refire como «centro principal de la comarca», como «centro urbano más importante» ou, simplemente, como «centro» (Figura 6.18). Algunhas comarcas, de feito, son capitaneadas por máis dunha cabeceira, como é o caso de Baio e Zas na «Tierra de Soneira», ou de Curtis, Ordes e Teixeiro no caso da «Terra de Mesía» (Fraguas Fraguas, 1953). Estes núcleos son moi heteroxéneos en canto ao seu tamaño, que poden ir desde grandes cidades como Vigo —o centro do «Valle de Fragoso»— a pequenas aldeas como Souto de Vea —no «Valle de Vea»—. O feito de distinguir a cabeceira comarcal de practicamente todas as comarcas pode estar detrás da cada vez maior consideración que estaban a ter os criterios de tipo funcional e que durante as décadas seguintes van monopolizar os estudos sobre as comarcas en Galicia —véxase capítulo 7—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.18. Comarcas identificadas por Fraguas Fraguas (1953) na súa *Geografía de Galicia*



Fonte: Fraguas Fraguas (1953). Elaboración propia. [Unha versión deste mapa foi publicada en Paül Carril (2019)].

As achegas xeográficas de Fraguas Fraguas, logo da publicación da súa *Geografía de Galicia*, non son especialmente numerosas nin significativas. En 1968, presenta unha contribución na que reivindica a importancia das feiras e mercados de Galicia como os puntos nos que os habitantes das aldeas próximas venden o seu sobrante e se proveen do necesario. Recolle daquela documentos do século XVIII nos que trata a creación de novos centros de feira e mercado baixo distintos argumentos de índole «comarcal» como «a abundancia de produtos da comarca», o feito de «non [haber] feira nun circuíto de legua e media» ou «estar no centro dunha comarca de labradores» (Fraguas Fraguas, 1968: 210). Este constitúe un dos estudos pioneiros desde o eido da Xeografía na abordaxe dos lugares de feira e mercado como xeradores de mapas comarcais, na liña que logo seguen desde o Departamento de Xeografía.

En 1974, presenta *Lugo*, un estudo no que aborda, desde unha perspectiva xeográfica, a morfoloxía urbana da cidade. Neste contexto, enmarca e sitúa a cidade de Lugo dentro do seu

espazo comarcal: «la ciudad de Lugo se encuentra situada en la parte meridional de la clásica comarca geográfica denominada Terra Cha (Tierra Llana)» (Fraguas Fraguas, 1974: 7). Noutro traballo, en 1980, encárgase dos aspectos xeográficos que sobre Galicia se presentan na *Historia de Galicia* que editan Cupsa e Planeta. Non trata ningún aspecto das comarcas de Galicia; de feito, nin sequera se emprega este termo que é substituído polo de «rexión» á hora de falar das áreas rexidas por algunhas vilas como Lalín, Melide ou Vilalba.

6.4.2 As comarcas na obra de F. J. Río Barja

Como discípulo de Otero Pedrayo tamén se significou F. J. Río Barja. Aínda que a súa adscrición ao nacionalismo resulta máis complexa, mantivo contactos co galeguismo interior (Santos Solla, 1999). Chegou a ser director do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento e tamén participou noutras iniciativas comprometidos co galeguismo como son a editorial Galaxia, a *Revista de Economía de Galicia* ou a *Revista Galega de Estudios Agrarios*. No plano laboral, encargouse, xunto a Otero Pedrayo e Fraguas Fraguas, das aulas de Xeografía na universidade compostelá entre 1950 e 1974, un labor que alternou coa cátedra de Xeografía que desde 1954 pasou a ocupar na Escola de Maxisterio de Santiago desde onde impulsou o Departamento de Didáctica das Ciencias Sociais (Santos Solla, 1999; Hernández Borge, 1999, 2017; Durán Villa, 2019).

O primeiro contacto de Río Barja co tema comarcal é a súa tese de doutoramento, unha monografía sobre *La comarca natural de la Tierra Llana de Castro de Rey*, que presenta en 1953 e da que Otero Pedrayo é o seu director. Este traballo é moi significativo, xa que constitúe, dentro do campo da Xeografía, a primeira tese de doutoramento elaborada en Galicia —pese a que por motivos legais se tivo que defender en Madrid— (Hernández Borge, 1999, 2017). No seu traballo, Río Barja (1953) fala dunha «Tierra Llana» en sentido amplo como unha das «grandes unidades geomorfológicas de Galicia», mais logo di que se descendemos a «un análisis más minucioso de los hechos geográficos, podemos distinguir con claridad dos comarcas dotadas de personalidad geográfica suficiente a constituir verdaderas unidades» (Río Barja, 1953: 18), isto é, a «comarca de Villalba» e a «Tierra Llana de Castro de Rey». Do estudo desta última é da que se encarga na súa investigación doutoral.

Á hora de achegar a delimitación da «Tierra Llana de Castro de Rey», este académico apunta a que a súa demarcación presenta gran dificultade. En primeiro lugar, bota man de elementos do medio físico, o que o leva a valerse principalmente das bacías hidrográficas que forman os principais cursos fluviais. Di que os límites da comarca coinciden case totalmente cos afluentes do Miño Alto, sen chegar a fixalos de maneira precisa. Porén, logo, á hora de abordar o estudo da poboación, Río Barja (1953) presenta unha delimitación máis clara na que segue os límites parroquiais. O autor advirte unha comarca formada por 134 parroquias —de 13 concellos diferentes— (Figura 6.21). Ademais, identifica tres núcleos urbanos: Castro de Rei, Meira e Rábade, mais en ningún momento sinala que algún deles —ou todos de maneira conxunta— exerzan de cabeceira comarcal.

Con posterioridade, o autor presenta sobre a comarca da Terra Chá dous breves estudos nos que analiza certos aspectos sobre a súa Xeografía. Así, en 1962, presenta unhas «notas» sobre a gandaría da comarca da que indica que coincide coa «cabecera del Valle del Miño» (Río Barja, 1962a: 74). En 1968, expón outras «notas», nesta ocasión centradas na análise do que considera o principal núcleo urbano da comarca, a vila de Vilalba, á que define como o «centro reitor económico de toda a bisbarra» (Río Barja, 1968: s/p). Desta forma, este académico marca un distanciamento coa súa investigación doutoral, na que sinalaba o espazo rexido polo núcleo de Vilalba como unha «comarca» diferente. En 1969, noutro estudo sobre a evolución agraria do concello de Rábade, unicamente vén a dicir que este se engloba na «comarca natural» da

«Terra Cha» (Río Barja, 1969). Cómpre indicar que todas estas investigacións de Río Barja sobre a Terra Chá levan a outros académicos, como o propio Otero Pedrayo (1975), a presentalo como «su geógrafo» cando falan desta comarca.

Só un ano despois de presentar a súa tese de doutoramento, Río Barja (1954) contribúe cun interesante estudo xeográfico sobre *La comarca natural de la Mahía*. Para a identificación desta comarca, o autor invita a subir a un punto elevado da cidade compostelá para decatarse de que ao seu redor se distinguen comarcas diferentes, unha delas a que é obxecto de estudo. Así, di que esta «comarca natural» coincide coa parte alta do val do río Sar —na inferior identifica a «vega de Padrón»—. Outro aspecto significativo é que engloba dentro da comarca á cidade de Santiago: «a lo largo del río Sar, aparece una zona de gran personalidad geográfica y cuyas influencias y ritmos abarcan a la misma Compostela. Sólo englobada en esta comarca se puede comprender a Santiago» (Río Barja, 1954: 2). Explica que a comarca de Santiago é a formada polo río Sar e que, só en termos amplos, forma a comarca da «Mahía» —ou «Amahía»—.

Porén, o autor evita dar uns límites precisos da comarca, alén de indicar que estes virían determinados polas principais aliñacións montañosas. Neste sentido, sobre os límites dos ámbitos comarcais, o autor opina que «delimitar una comarca es siempre problema complicado, porque este límite no puede ser una raya artificial, al modo de las divisiones administrativas» (Río Barja, 1954: 2). Pese a este problema, advirte que á hora de analizar un ámbito comarcal se debe intentar chegar á zona de máxima expansión, isto é, aquela na que os caracteres propios, pese a que se van diluíndo cara aos bordes, continúan aínda presentes.

En 1958, o traballo sobre a comarca da Maía verase completado en *Estudio económico del valle de la Mahía*. Río Barja (1958b) considera este ámbito comarcal como unha «comarca-tipo» de «recia personalidad» e «intensa unidad geográfica» que viría a coincidir coa parte alta do val do Sar —na parte baixa volve a identificar a «ribeira padronesa»—. Pese a que non achega uns límites precisos para o ámbito comarcal, si identifica unha extensión de 97 km². Varios anos despois, en 1962, en *El valle de la Mahía: estudio de geografía económica*, o autor retoma, de xeito máis completo que nos traballos anteriores, a análise dos diferentes aspectos, tanto do medio físico como humano, da comarca da Maía (Río Barja, 1962b). Respecto do ámbito comarcal, desta vez, si se achegan uns límites precisos ao identificar doce parroquias —dos concellos de Ames, Brión, Padrón e Rois— que formarían a comarca (Figura 6.21).

Unha achega importante de Río Barja ao tema da comarcalización de Galicia é o seu *Programa para el estudio de las comarcas naturales*, publicado en 1958 dentro do primeiro número da *Revista de Economía de Galicia*. O xeógrafo lugués sinala a falla case total de estudos xeográficos en Galicia e, de xeito particular, de monografías comarcais que, segundo el, contribúan a definir o conxunto do país. Nas súas palabras: «faltan case en absoluto (…) os estudos das comarcas naturais que axuden a definir nitidamente as propias características da nosa rexión» (Río Barja, 1958c: 22). Ademais, considera que o estudo das comarcas galegas precisa dun traballo minucioso que o xeógrafo como profesional non é quen de abarcar por si só, polo que para un traballo completo da comarca precisaría do labor doutros especialistas.

Neste contexto, no que reivindica a importancia de Vidal de La Blache, formula unha «guía» para a elaboración das monografías comarcais formada por cinco bloques (Táboa 6.1). O primeiro está dedicado aos aspectos naturais do medio e propón a análise do solo, o clima e a hidrografía. O segundo punto está destinado á vexetación, o que nos resulta curioso que se trate de xeito separado do primeiro bloque. No terceiro, o obxecto de estudo son os sectores económicos, isto é, a agricultura —que ocuparía a maior parte da análise—, a industria, o comercio e os transportes. Os aspectos sociais, no relativo á demografía, asentamentos, relacións sociais, vivenda ou organización da propiedade, son tratados no cuarto bloque. O último dos apartados estaría formado pola parte documental e estatística dos aspectos

USC DE COMPOSTELA

analizados nos bloques anteriores (Río Barja, 1958c). Este esquema é reproducido de novo en 1995, en *Estudios de Xeografía de Galicia*, onde o autor reitera a profunda e sistemática dedicación dos estudos xeográficos en Galicia.

Táboa 6.1. Programa fixado por Río Barja para o estudo das comarcas

I. Factores naturais da actividade humana	a. Solo b. Clima c. Augas
II. Bioxeografía	a. Vexetación
III. Actividades económicas	a. Estrutura agraria da comarca no século XVIII b. Evolución da estrutura agraria no século XIX c. Momento actual d. Cultivos fundamentais e. Técnicas agrícolas f. Gandaría g. Industrias e oficios h. Feiras e mercados i. Transportes
IV. Feitos sociais	a. Clases sociais b. Organización da propiedade c. Relacións xurídicas d. Relacións sociais e. Poboación f. Núcleos de poboación e vivenda
V. Parte documental	(solo, clima, augas, bioxeografía, actividades económicas, poboación, vivenda).

Fonte: Río Barja (1958c, 1995). Elaboración propia.


A pronta orientación de Río Barja cara á didáctica da Xeografía leva a que se afaste dos estudos xeográficos sobre as comarcas durante varias décadas. A próxima achega na que trata cuestións comarcais é de 1996, cando asume a coordinación dos cinco tomos sobre Xeografía dentro da voluminosa *Xeografía* que edita Hércules. Neste traballo, aposta por estudar o territorio de Galicia a través de «conxuntos comarcais», entendidos como unidades territoriais con similitudes físicas e humanas. O profesor Río Barja (1996) considera que Galicia é:

> Unha terra que, dentro da uniformidade, presenta unha variedade infinita, un polimorfismo xeográfico en cada unha das comarcas que a compoñen e que, aínda que ten un denominador común que as abrangue a todas, cada unha delas posúe unha personalidade diferenciadora propia que as individualiza (Río Barja, 1996: 7).

Establece, así, unha división do territorio galego en 11 «conxuntos comarcais» (Figura 6.19). Estas unidades fórmanse por agregación de concellos, polo que se respectan os límites municipais —só presenta dúbida os concellos de Curtis e Oia, que se localizan en dous conxuntos comarcais diferentes—. O criterio principal escollido para a selección das unidades semella ser o topográfico, no sentido de que estas se corresponden coas principais bacías hidrográficas ou grupos montañosos (Río Barja, 1996). Estre os conxuntos comarcais tamén se dan desigualdades en canto á súa extensión entre aqueles de maior superficie como «A Chaira luguesa» e os máis reducidos como é o caso d'«O Baixo Miño».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.19. División comarcal contida na *Xeografía* que dirixe Río Barja en 1996



Fonte: Álvarez Rodríguez (1996); Chantada Acosta (1996); Fumega Piñeiro (1996); Gómez Nieto (1996); Izco Sevillano et al. (1996); López Andión (1996); Pazo Labrador (1996); Río Barja (1996); Rodríguez Lestegás e Hernández Borge (1996); Rodríguez-Martínez Conde e Hermida Plana (1996); Romaní Barrientos (1996); Santos Solla e Santos Solla (1996). Elaboración propia.

Cada conxunto comarcal fixado por Río Barja (1996) é estudado por outro ou outros xeógrafos, no que vén ser un estudo clásico de xeografía rexional. En todos os casos comezan polas características do medio físico e logo dan paso aos aspectos humanos, onde analizan a demografía, o sistema de asentamentos e as actividades económicas. Alén disto, no interior de cada conxunto os autores teñen liberdade para dividilo en unidades menores, agora si, de escala comarcal. O número de ámbitos comarcais que podemos identificar é de 39 —11 con límites definidos e 28 difusos— (Figura 6.19). Estas comarcas identificadas no interior de cada conxunto mostran certas diferenzas entre elas como consecuencia de que son froito de distintos autores. Por exemplo, no conxunto de «Depresións e serras sudorientais» identifícanse catro comarcas de límites definidos, mais n'«As montañas orientais» fálase de tres unidades sen

precisaren os seus confíns. Para outros como «O Baixo Miño» non se contribúe cunha compartimentación interna.

«A Galicia cantábrica» é definida por Rodríguez Lestegás e Hernández Borge (1996) como un «espazo comarcal» homoxéneo, alén de identificar varios núcleos dos que din que rexen áreas de influencia de ampla extensión (Figura 6.19). Outro conxunto que tamén é definido como unha «comarca» compacta é «O Baixo Miño», pese a que Santos Solla e Santos Solla (1996) precisan que algunhas vilas, caso de Ponteareas, son centro da súa respectiva comarca. O mesmo acontece co conxunto de «Vales do Tambre e do Ulla», ao que Romaní Barrientos (1996), malia tratarse dun territorio máis heteroxéneo e extenso, se chega a referir como «comarca». Neste conxunto, o autor tamén identifica certos núcleos que funcionan como «cabeceiras comarcais», tales como A Estrada, Lalín, Ordes ou Ribeira (Figura 6.19). Outro grupo comarcal, o formado pol'«As montañas orientais», constitúe, segundo Izco Sevillano, Garrido Faraldo e Álvarez Castro (1996), un espazo con bastante unidade interna, mais sinalan a presenza de tres «cabeceiras comarcais» que rexen espazos propios (Figura 6.19).

No conxunto comarcal sinalado como «O golfo ártabro» distínguense cinco unidades menores, ás que Rodríguez Martínez-Conde e Hermida Plana (1996) tamén denominan como «conxunto» e para as que achegan límites definidos (Figura 6.19). Din partir do suposto de que os núcleos cabeceira de comarca actúan como aglutinadores dos concellos próximos dando como resultado áreas diferenciadas. Porén, os autores cuestionan o seu propio traballo ao apuntar que esta división é «máis academicista e teórica ca real, pois na práctica quizais se deba falar dun único espazo aglutinado baixo unha denominación» (Rodríguez Martínez-Conde e Hermida Plana, 1996: 166). Noutro conxunto, n'«O arco fisterrán», Chantada Acosta (1996) define varias unidades menores de límites claros ás que se refire de xeito explícito como «comarca» ou «bisbarra» (Figura 6.19).

Porén, os autores dos conxuntos comarcais ártabro e fisterrán coinciden no desacordo cos límites establecidos por Río Barja (1996). Por unha banda, os xeógrafos do golfo ártabro explican que o concello de Cedeira «require un tratamento á parte, pois, malia estar incluído no Golfo Ártabro, as súas actividades canalízanse máis cara [a] Ortigueira e a súa área» (Rodríguez Martínez-Conde e Hermida Plana, 1996: 280). E, por outra banda, no arco fisterrán, o desacordo ten que ver co concello de Cerceda do que Chantada Acosta (1996: 440) di que se «inclúe nesta comarca segundo o criterio do profesor Río Barja, pero non hai que esquecer que presenta trazos xeográficos típicos do norte da comarca de Ordes».

No grupo comarcal d'«O Miño central ourensán», Fumega Piñeiro (1996: 113) fala dos contrastes entre «as distintas comarcas naturais identificadas por Fraguas e englobadas neste amplo conxunto». Porén, estas son logo agrupadas en catro unidades de límites definidos para facilitar a achega de estatísticas (Figura 6.19). Como un espazo heteroxéneo con amplas diferenzas internas tamén explica López Andión (1996) o conxunto d'«A Chaira luguesa»: «non debemos perder de vista que se distinguen claramente varios conxuntos comarcais diferenciados no interior da chaira luguesa» (López Andión, 1996: 24). Advirte que vilas como Chantada, Monforte, Sarria ou Vilalba encabezan «unidades comarcais» de carácter funcional e bastante ben diferenciadas (Figura 6.19).

O conxunto comarcal d'«As Rías Baixas pontevedresas e o seu pospaís» é estudado por Pazo Labrador (1996), no que identifica, dun xeito complexo e ambiguo, varios niveis de escalas para os que emprega indistintamente «comarca», «ámbito» e «subespacio» (Figura 6.19). Así, por exemplo, define «O Salnés» como unha «comarca» dentro da cal identifica un «subespacio arousán», mentres que a «Terra de Montes» é definida como un «subespacio» en cuxo interior está a «propia Terra de Montes». Varios niveis son os que se distinguen tamén no grupo comarcal d'«A Limia, val de Monterrei e as Frieiras», para o que Gómez Nieto (1996)

unicamente define como «comarcas» A Limia e Monterrei, as cales se descompoñen en «unidades menores», tales como «Alta Limia» e «Baixa Limia», «subcomarca das Frieiras» —da que tamén di que é unha «comarca»— ou «país de Orriós ou Riós» (Figura 6.19). No último dos conxuntos, o de «Depresións e serras sudorientais», Álvarez Rodríguez (1996) distingue catro «comarcas» de límites definidos (Figura 6.19), ás que se podería engadir unha quinta, a «Terra de Caldelas».

A última achega de Río Barja que podemos considerar de interese para o tema comarcal é *Galicia, esa descoñecida* editada por Hércules en 1999. O autor vai describindo os aspectos xeográficos e territoriais do conxunto de Galicia, para o que se apoia no amplo abano de comarcas, bisbarras e vilas do país. Achega un notable número de ámbitos de escala comarcal aos que define como «comarcas», «terras», «vales», «rías» ou ben sinala o espazo comarcal sen estes apoios, como «A Baixa Limia», «O Ribeiro» ou «A Ulloa» (Río Barja, 1999). O certo é que os ámbitos de escala comarcal cobren bastante ben o conxunto de Galicia, deixando moi poucos espazos baleiros.

No conxunto da obra identificamos 69 ámbitos de escala comarcal (Figura 6.20). O autor bota man de xeito reiterado de aspectos do medio físico para xustificar e describir estes ámbitos; así, por exemplo, «O Xallas» é presentado como as «altas e severas terras da cunca» homónima, «O Valadouro» advírtese como unha «terra chá no medio das montañas» ou a «terra de Quiroga» é definida como unha «pequena depresión» (Río Barja, 1999). Alén destes aspectos máis vencellados ao medio físico, tamén se bota man doutros de tipo funcional para xustificar e/ou reforzar o carácter comarcal. Neste sentido, A Estrada é o «centro rector» da súa comarca, Vilalba é presentada como o «núcleo que se sitúa á cabeza na xerarquización funcional» ou de Santa Comba explica que funciona como «centro comercial e de servizos máis importante» da súa respectiva comarca.

As comarcas identificadas tamén presentan unhas características bastante heteroxéneas. Algunhas son de gran dimensión como a «comarca de Deza», a «comarca de Ordes» ou «A Terra Chá», mentres que outras vense reducidas a pequenas terras ou vales: «val de Bembibre», «terra de Cartelle» ou «val de Lourenzá». Respecto dos nomes comarcais, é habitual o emprego de corónimos máis propiamente comarcais evitando así o nome da cabeceira, tales como «O Courel», «O Ribeiro» ou o «val de Tabeirós». Cómpre indicar que as diferentes comarcas se agrupan, á súa vez, en 15 «conxuntos» (Figura 6.20). Algúns deles, tales como «A Terra Chá» ou «terras de Viana», contan cunha escala máis próxima ao que é unha comarca —de feito, ambos os dous conxuntos coinciden cun só ámbito comarcal— que a un conxunto comarcal. Noutros casos, estes conxuntos, tales como o «Arco fisterrán», dise que abranguen unha «serie de comarcas moi diferenciadas» (Río Barja, 1999: 57). Este conxunto comarcal é estudado minuciosamente en Río Barja (2000).

Unha cuestión significativa que cómpre sinalar ten que ver co autor resaltar os trazos comarcais dalgúns ámbitos. De «Bergantiños» apunta que é unha «comarca con personalidade de seu» (Río Barja, 1999: 68); «A Ulloa» é descrita como unha «comarca natural de grande orixinalidade xeográfica» (Río Barja, 1999: 105); da «Terra Chá» di que «constitúe unhas das comarcas galegas mellor individualizadas, dotada dunha personalidade moi definida e diferenciada» (Río Barja, 1999: 179); a «Terra de Lemos» é sintetizada como unha «clara e diferenciada comarca ben delimitada polas súas características físicas (…) o que lle dá unha personalidade xeográfica ben definida» (Río Barja, 1999: 233); ou «O Ribeiro» é presentado como «unha das comarcas máis fermosas e de maior personalidade xeográfica» (Río Barja, 1999: 254) (Figura 6.20).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.20. Comarcas esbozadas en *Galicia, esa descoñecida* por Río Barja (1999)



Fonte: Río Barja (1999). Elaboración propia.

6.4.3 Traballos monográficos sobre as comarcas

Nas décadas de 1950 e 1960, son varias as memorias de licenciatura e teses de doutoramento presentadas no Departamento de Xeografía da USC que desenvolven as súas análises sobre ámbitos territoriais de escala comarcal (Hernández Borge, 1999, 2002). O total de traballos que localizamos referidos á devandita escala son sete, dos cales cinco corresponden a memorias de licenciatura e dúas a teses de doutoramento. Cómpre engadir a tese de doutoramento presentada por Río Barja —xa analizada no punto 6.4.2—, que consistía tamén nun estudo monográfico sobre unha comarca galega. De todos estes traballos podemos salientar o seu vencello galeguista, xa que foron realizados baixo a dirección de Otero Pedrayo, Fraguas Fraguas e Río Barja.

O primeiro traballo deste tipo é o estudo xeográfico que Ramos de Castro realiza sobre o «valle de Sarria» en 1954, baixo a dirección de Río Barja. Explica no prólogo da súa memoria de licenciatura que escolle realizar este tipo de investigación por considerala de interese para o

avance da cultura de Galicia (Ramos de Castro, 1954). Sinala que o val de Sarria, ao que tamén se lle pode chamar «Tierra de Sarria», se trata dunha «región natural» que corresponde coa bacía dos ríos Neira e Sarria. Logo, precisa que este ámbito comarcal abarca a totalidade dos concellos de Samos, Sarria e Triacastela e «pequeñas porciones» doutros —Láncara, O Incio e O Páramo— (Figura 6.21). O feito de que achegue un esbozo cartográfico das parroquias do val permite obter un mapa de límites precisos do ámbito comarcal.

De acordo con esta investigación, a primeira tese de doutoramento sobre Xeografía presentada na USC consiste nunha investigación xeográfica sobre un ámbito de escala comarcal. Trátase do traballo de Prieto Rodríguez sobre «Tuy y su comarca» que data de 1958 e que ten a Otero Pedrayo por director. O traballo consiste nun estudo monográfico que aborda distintos aspectos xeográficos tanto do medio físico —relevo, solo, clima, hidrografía ou vexetación— como vencellados ao ser humano: poboación, asentamentos humanos ou actividades económicas. A autora explica ao comezo da súa investigación que un traballo minucioso sobre unha «comarca natural» como o que ela presenta require dun proceso longo e complexo de análise e observación para «captar su verdadera fisonomía geográfica (…) y, así mismo, de los matices que caracterizan su personalidad frente a otras regiones similares» (Prieto Rodríguez, 1958: 1). Neste sentido, Otero Pedrayo sinala no informe preliminar do traballo que a autora conseguiu alcanzar unha alta expresión formal da realidade xeográfica da comarca.

A «comarca de Tuy» é presentada como unha «verdadera región natural y a la vez humana» (Prieto Rodríguez, 1958: 2), mais cuxa delimitación advirte certos problemas a causa de constituír un espazo pouco coñecido e estudado por outros autores. Malia isto, explica que segue a «opinión» de Otero Pedrayo ao considerar que este xeógrafo lle dá ao «valle del Miño, en el tramo próximo a Tuy, características de comarca totalmente diferenciada (…) y le da los límites que nosotros consignamos como precisos» (Prieto Rodríguez, 1958: 6). Neste contexto, apunta a que a comarca estaría formada polos concellos do Porriño, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui, actuando este último de centro (Figura 6.21). De xeito significativo, a autora evidencia que na beira portuguesa do Miño se continúa a comarca, pero que a falla de datos non permite precisar os seus límites e, polo tanto, evita incluíla na análise.

Outra tese de doutoramento que tamén pescuda sobre un ámbito de escala comarcal é a que presenta Castells Vila sobre a «comarca natural de Viana del Bollo» en 1960 baixo a dirección de Otero Pedrayo. Esta investigación ten a súa orixe na memoria de licenciatura que a autora presenta en 1955 sobre «Viana del Bollo y su partido judicial» e que igualmente lle dirixe o xeógrafo ourensán. No prólogo da tese de doutoramento, Otero Pedrayo sinala que se trata dun traballo moi significativo por canto que desvela unha nova rexión de Galicia. Tamén considera que un traballo como este senta un enorme precedente por canto «será condición y base del esperado libro de otros tendidos a satisfacer aspiraciones semejantes». Neste sentido, o traballo doutoral é publicado posteriormente en versións adaptadas en 1963 e 1967.

Aínda que empregue nomenclaturas diferentes para referirse ao ámbito comarcal, a autora circunscríbeo aos cinco concellos que conformaban o antigo partido xudicial de Viana do Bolo: O Bolo, A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso —véxase apartado 4.1 desta investigación— (Figura 6.21). Neste contexto, explica que poñer límites a «cualquier comarca natural de nuestra Región presenta dificultades. (…) Hay siempre características de una comarca, que cabalgan sobre otras unidades geográficas, es decir, zonas de tránsito que borran los caracteres típicos antes de pasar a la comarca próxima» (Castells Vila, 1960: 3). Xa Otero Pedrayo sinalara no prólogo da tese que «nunca en el paisaje ostentan límites definidos las comarcas». Porén, malia a dificultade de fixar uns límites claros, o propio Otero Pedrayo considera que estes coinciden «casi en su totalidad» co partido xudicial.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Castells Vila (1955, 1960) xustifica a súa elección da comarca vianesa, por unha banda, por unha razón de índole sentimental e, por outra, pola situación de marxinación e esquecemento no que se atopa esa terra: «de toda España es sin duda el partido judicial de Viana del Bollo el más ignorado» (Castells Vila, 1955: s.p.). As dúas investigacións —memoria de licenciatura e tese de doutoramento— consisten en extensos volumes nos que se analizan aspectos de xeografía física e humana da comarca, de xeito máis amplo e profundo na segunda que na primeira. Porén, este labor é advertido pola autora como un proceso complexo e delicado: «no es fácil desdoblar los rasgos esenciales de la Comarca. La fisonomía, el "ser" geográfico, es siempre un complejo sutil; se siente, se vive, se desvanece al sistematizarlo» (Castells Vila, 1960: 18). Cómpre indicar que no proceso de definición da comarca de Viana subliña que non é unha unidade homoxénea, senón que existen espazos como a «Tierra de las Frieiras» que non son terra vianesa *stricto sensu*.

Sobre outra comarca, a «comarca del Xallas», presenta Varela Bastón unha memoria de licenciatura en 1957 baixo a dirección do profesor Río Barja. Na consideración previa da investigación, o autor sinala os límites da comarca en base ás parroquias que a formarían, isto é, todas as de Mazaricos e Santa Comba e algunhas de Dumbría, Vimianzo e Zas —tamén inclúe un lugar da parroquia de Seavia (no concello de Coristanco)— (Figura 6.21). Explica que segue as indicacións dadas por Otero Pedrayo na súa *Guía de Galicia* (1926d) —que analizamos no apartado 6.3—, no relativo a que as unidades comarcais se individualizan por unha combinación de distintos factores, mais que é un determinado factor o que «acompasa» e «unifica» ao resto. Así, Varela Bastón (1957: 1) explica que o factor «orográfico» é «en esta ocasión, elemento aglutinante».

En 1960, tamén baixo a dirección de Río Barja, presenta Rodríguez-Cadarso Cobas a súa memoria de licenciatura sobre o «valle del Salnés». Este traballo é substancialmente diferente aos anteriores, posto que centra a seu estudo na análise dun elemento concreto ao que se subordinan o resto. Así, toda a investigación gravita sobre a economía do viño (Rodríguez-Cadarso Cobas, 1960a). A autora considera que a comarca do Salnés corresponde cun val extenso, mais aclara que, por mor do seu traballo que centra no estudo do viño, selecciona só aqueles concellos que máis se destacan pola súa produción, isto é, Cambados, Meaño, Meis e Ribadumia (Figura 6.21).

Da mesma data son outras dúas memorias de licenciatura sobre a «tierra de Lemos» e a «comarca de Carballiño», ambas as dúas dirixidas por Fraguas Fraguas. Porén, os dous traballos, malia semellaren desenvolver as súas investigacións sobre territorios de ámbito supramunicipal ao empregar os termos «tierra» e «comarca», o certo é que se circunscriben aos devanditos concellos. No seu estudo agrícola sobre a terra de Lemos, Blanco Alvite (1960: 2) explica que a limita ao «estricto valle de Lemos», que resulta coincidir co concello de Monforte de Lemos. O mesmo acontece co estudo de xeografía humana e etnografía sobre a comarca do Carballiño que achega Rodríguez Rúa (1960: 1), quen directamente di que «la comarca que vamos a estudiar comprende el municipio de Carballino». Estes traballos son dous exemplos nos que se advirte claramente o uso de comarca como sinónimo de concello.

A última das investigacións consideradas é a memoria de licenciatura que Carbajales Iglesias presenta sobre «Las Mariñas» en 1964 —dirixida por Río Barja—. A autora centra o seu estudo na economía do lúpulo, mais ao igual que nos traballos anteriores, contribúe cun estudo xeográfico máis amplo e detallado sobre a comarca. O ámbito comarcal, do que di que forma unha «comarca natural», é limitado ao espazo mariñán identificado por outros académicos anteriores como «dos Condes» ou «de Betanzos». A autora precisa, de feito, que a vila de Betanzos é a capital das devanditas Mariñas (Carbajales Iglesias, 1964). O territorio de estudo abrangue de xeito íntegro sete concellos —Bergondo, Betanzos, Coirós, Miño, Oza dos

Ríos, Paderne e Sada— e distintas parroquias doutros tres —Abegondo, Aranga e Irixoa— (Figura 6.21).


Alén destes traballos sobre ámbitos comarcais realizados e dirixidos desde o Departamento de Xeografía da USC, cómpre sinalar outra investigación doutoral que, se ben non se realizou desde a esfera xeográfica, si consiste claramente no estudo dunha comarca. En 1950, S. Parga Pondal, descendente do afamado poeta E. Pondal e irmán do célebre xeólogo I. Parga Pondal, presenta a súa tese de doutoramento sobre a *Comarca natural de Bergantiños* —baixo a dirección do historiador Montero Díaz—. Os dous irmáns Parga Pondal tiveron tamén vencellos co nacionalismo galego, xa que militaron no PG e formaron parte do SEG (Leonardo Docanto, 2013). Na presentación da obra, este estudoso reivindica o papel de Dantín Cereceda, ao que se refire como «el nunca bien llorado maestro». Recoñece, así mesmo, a importancia de identificar e analizar as distintas «comarcas naturais» como o único xeito de achegar unha visión precisa e completa do país: «solo mediante monografías descriptivas de pequeñas comarcas, puede llegar a ser algún día realidad feliz, una auténtica y exhaustiva geografía nacional» (Parga Pondal, 1950: I).

Respecto á comarca de Bergantiños, esta é presentada como unha «verdadera comarca» —ou «región»— «natural», cun nome consolidado ao longo dos séculos, que é asento dun pobo «claramente definido» e que conta con forte arraigo entre a poboación. Entre os criterios de identificación e delimitación comarcal, en sintonía coas pautas marcadas por Dantín Cereceda, atópase particularmente o medio físico. Isto conduce a que a «superior unidade geográfica» veña marcada pola «cuenca del río Anllones» (Parga Pondal, 1950: 2). Á hora de fixar os límites da comarca bótase man das principais elevacións montañosas e de cursos fluviais, o que dá como resultado un perímetro comarcal que non segue ningún límites político-administrativo e que inclúe lugares e parroquias —ou partes destas— de 11 concellos diferentes (Figura 6.21). Ademais, advertimos un matiz funcional ao sinalar que a vila de Carballo é o «centro geográfico, agrícola y comercial de la comarca» (Parga Pondal, 1950: 2).

Porén, o límite comarcal que se achega non se fixa de «modo terminante». Isto convídanos a desleixar a idea de que estes non teñen o valor dunha «verdadera barrera geográfica, capaz de establecer la separación entre comarcas» (Parga Pondal, 1950: 8). Parga Pondal (1950) considera que cara á periferia da comarca os caracteres que a individualizan se van atenuando, o que suma complexidade á hora de determinar os seus límites. Neste sentido, sinala que, ademais de aplicar estes criterios, tamén se fai preciso percorrer o territorio e «interrogar con detenimiento a los naturales del país» (Parga Pondal, 1950: 8). Neste contexto, identifica unha serie de comarcas limítrofes relacionadas dalgún xeito coa comarca bergantiñá, a saber: «valle del Dubra», «tierra de Jallas», «tierras de las Mariñas» —cuxo «centro geográfico» é Betanzos»—, «tierra de Soneira» —da que di que o núcleo de Zas é o seu núcleo reitor— e «valle de Vimianzo».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6.21. Ámbitos comarcais estudados en memorias de licenciatura e teses doutorais baixo a dirección de Otero Pedrayo, Fraguas e Río Barja



Fonte: Carbajales Iglesias (1964, 1965); Castells Vila (1955, 1960, 1963, 1967); Parga Pondal (1950); Prieto Rodríguez (1958); Ramos de Castro (1954); Río Barja (1953, 1962b); Rodríguez-Cadarso Cobas (1960a, 1960b); Varela Bastón (1957, 1960). Elaboración propia.

6.5 A COMARCA NO FEBLE NACIONALISMO GALEGO DAS DÉCADAS DE 1960 E 1970

Nas décadas de 1960 e 1970, a comarca foise diluíndo nos discursos do nacionalismo galego. O seu tratamento máis sobranceiro foi na *Revista de Economía de Galicia*, que se pode considerar como un dos principais voceiros do feble galeguismo e/ou nacionalismo galego desta época (Beramendi González e Núñez Seixas, 1995). Esta revista operou durante dez anos —entre 1958 e 1968— e contou entre os seus directores con intelectuais fortemente vencellados ao nacionalismo galego como Beiras Torrado ou Isla Couto. Dentro do eido da Xeografía, Río Barja, que formaba parte do seu consello de dirección, foi quen consolidou unha sección denominada «Las Comarcas», na que se presentaron distintos traballos sobre esta temática.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As principais publicacións de carácter xeográfico correspondían con traballos que se viñan desenvolvendo desde a universidade compostelá. Algúns deles abranguían un ámbito claramente comarcal, a saber: «valle del Salnés» (Rodríguez-Cadarso Cobas, 1960b), «comarca del Xallas» (Varela Bastón, 1960) e «comarca de las Mariñas dos Condes» (Carbajales Iglesias, 1965) ―véxase apartado 6.4.3―. Porén, os estudos que centran a súa análise en ámbitos comarcais son unha minoría. A maior parte toman como marco de análise un concello: «Valle de Oro» (Acevedo Carballés, 1959), «Ferreira de Pantón» (Varela Regal, 1969), «Sada» (Viguera Seoane, 1961), «Carballiño» (Castro Méndez, 1961), «Villalba» (Miragaya Morado, 1964), «Meira» (González Dorrego, 1965) ou «Fisterra» (García Devesa, 1967). E, tamén os hai sobre ámbitos provinciais: «Las Rías Bajas y su "hinterland"» (Otero Suárez, 1958) ou «Comarca agrícola de la provincia de Orense» (Zimmermann, 1965a, 1965b, 1966). Cómpre destacar que a escala de análise non inflúe en ningún momento no cambio de nome da sección.

Un estudo significativo que se publicou nesta revista sobre a cuestión comarcal é *La comarca como futura entidad de nuestra organización administrativa*, da autoría de Isla Couto (1958b). Explica, desde un enfoque económico, que «la tarea más apremiante ofrecida al esfuerzo de la nueva generación gallega es, sin duda, la de revitalizar nuestras viejas comarcas» (Isla Couto, 1958b: 12). O primeiro paso, segundo o autor, ten que ver co coñecemento profundo da realidade comarcal do momento, para o que convida a seguir o «Programa» de estudo comarcal de Río Barja (1958c). Logo, tamén di que é necesario reflexionar sobre «la adecuada relación entre la organización administrativa local y el deseado impulso vital de nuestras tierras o bisbarras» (Isla Couto, 1958b: 12). Neste sentido, demanda unha nova estrutura administrativa formada por tres niveis: «regional», «comarcal» e «parroquial».

Isla Couto (1958b) considera que unha peza chave da nova organización territorial de Galicia está «en las regiones naturales o grandes comarcas del país, valles, tierras o bisbarras» (Isla Couto, 1958b: 13). Así, as comarcas contarían con competencias e órganos de goberno propios e virían a substituír aos «municipios rurales» ―aos que ve como unha administración artificiosa e fragmentada― e ás provincias ―que son definidas como unha «burocracia hipertrofiada»―. Respecto da identificación e delimitación das unidades comarcais, Isla Couto (1958b) advirte necesario ter en conta determinadas características: relevo e clima, poboación e formas de agrupación humana, explotación económica e recursos potenciais, tráfico e comunicacións, etc., mais considera vital a determinación das cabeceiras comarcais. Cómpre sinalar que o autor distingue entre aquelas comarcas de carácter «rural» ou «agrícola» e as dos «distritos urbanos o ciudades» «con su hinterland agrario o marítimo».

Outro traballo consultado que trata entre os seus temas a cuestión comarcal é *O libro dos nenos* de Cal Vázquez, presentado en 2018 pero baseado nos textos que a autora escribira en 1955. No prólogo da obra, a autora, que se desempeñou como mestra, sinala que a súa intención era crear unha «especie de enciclopedia básica, na que (…) explicar o mundo e, ao mesmo tempo, explicar Galicia» (Cal Vázquez, 1955 [ed. 2018]). De feito, toda a obra está dedicada ao tratamento de temas xeográficos, primeiro sobre Xeografía Universal e, a continuación, sobre Xeografía de Galicia.

Dentro da parte dedicada a Galicia, Cal Vázquez (1955 [ed. 2018]) di seguir a obra xeográfica de Fraguas Fraguas e Otero Pedrayo, dos que recoñece que aprendeu na Universidade compostelá. A autora trata distintos aspectos relativos ao relevo, hidrografía, clima, vexetación, agricultura, pesca, industria ou principais cidades. A cuestión comarcal aparece dentro do apartado sobre relevo, onde Cal Vázquez (1955 [ed. 2918]) advirte que as «terras baixas» do país coinciden con «comarcas». Así, na edición de 2018, achega un mapa comarcal no que representa algunhas das comarcas de máis fonda raizame como son «Bergantiños», «A Limia», «A Mariña» ou «Terra Chá».

Ademais destas achegas de carácter xeográfico, nas primeiras décadas da segunda metade do século XX cómpre falar doutras voces galeguistas que tamén consideraron o papel das comarcas como ámbito propio de Galicia. En 1974, o intelectual galeguista R. Piñeiro colabora cunha breve reflexión sobre as comarcas galegas en *Olladas no futuro*, a obra que recolle varios textos da súa autoría. No capítulo dedicado á «industrialización», datado en 1961, considera que o verdadeiro obxectivo económico de Galicia é a «elevación do nivel de vida no noso pobo» e que, para acadar este fin, son precisas varias medidas de diverso tipo: administrativas, económicas, técnicas, xurídicas, etc. Respecto das medidas de carácter administrativo, subliña que unha das actuacións debería consistir na «reordenación da estrutura administrativa de Galicia sobre a base das comarcas naturáis» (Piñeiro, 1974: 164).

Outro intelectual galeguista que durante estas décadas se pronuncia sobre as comarcas é X. Filgueira Valverde. En *Dos arciprestádegos e as comarcas*, un traballo presentado en 1979, considera que «as comarcas van ter, como as freguesías, moito porvir na Galicia de mañá» (Filgueira Valverde, 1979). Neste contexto, aposta pola defensa da toponimia propia dos ámbitos de escala comarcal, onde fala de «arciprestádegos», «bisbarras», «partidos», «terras» e «vales». Segundo Yebra Martul-Ortega (1993), as achegas de Piñeiro (1974) ou Filgueira Valverde (1974) son un claro exemplo de que durante o franquismo continúa viva, aínda que de maneira lene, a teima da reforma administrativa de Galicia e, en particular, o papel que están chamadas a desempeñar as comarcas.

Unha última contribución que queremos salientar antes de rematar este apartado é a *Xeografía descriptiva de Galicia*, que presentan os mestres e escritores galegos Barrio Val, Harguindey Banet, Iglesias Díaz e Pillado Mayor en 1979. Os autores din tomar como referencia as obras de Otero Pedrayo (1926d) e Fraguas Fraguas (1953), de aí que os incluamos neste apartado. O fin que perseguen é, segundo eles, procurar un «instrumentos de traballo pró futuro ensino en galego» e que sirva tamén «no necesario aprendizaxe da Nosa Terra, que moitos temos que facer individual pois ninguén se preocupou de organizarnos o conocemento da nosa realidade nacional» (Barrio Val et al., 1979: 9). Ao longo da obra, a redacción acompáñase de textos complementarios de destacados académicos e escritos galeguistas que procuran soster as súas interpretacións, ademais dos propios Otero Pedrayo e Fraguas Fraguas, relaciónanse outros nomes como os de Cabanillas, Castelao, Cunqueiro, Fernández del Riego ou López Cuevillas.

Respecto da organización político-administrativa de Galicia, Barrio Val et al. (1979) demandan unha nova división que parta da comarca —ou bisbarra— e da parroquia como «elementos fundamentais». Os autores recoñecen valerse principalmente do criterio topográfico para identificar as paisaxes que axudarían no proceso de individualización das comarcas, isto é, a «beiramar», a «terra baixa», o «penichán» e a «serra» (Barrio Val et al., 1979). Deste xeito, podemos ver unha clara semellanza cos marcos paisaxísticos que empregaba Otero Pedrayo nos seus traballos, a saber: a costa ou litoral, a ribeira ou val, a bocarribeira, a montaña e a serra —como xa analizamos no apartado 6.3 deste capítulo—.

Na obra que presentan podemos identificar 76 comarcas (Figura 6.22). Estas poden vir definidas por límites claros —18—, isto é, circunscríbense aos límites municipais, como no caso de «Arnoia», «terra de Caldelas» ou «val do Masma»; ou ben, concrétanse en unidades difusas —58—, tales como «val de Barcala», «terra de Deza» ou «terra de Meira» (Barrio Val et al., 1979). As comarcas tamén se amosan diversas no relativo á extensión: algunhas forman grandes superficies como a «meseta de Lugo» ou «terra de Mesía», mentres que outras como «Carbia» ou «val de Moraña» redúcense a unidades de escala municipal. Neste sentido, son varias as comarcas de límites claros que están formadas por un único concello, tales como «Amoeiro», «O Courel» ou «val de Vea». Algunhas das unidades comarcais reúnen no seu

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

interior «subcomarcas» —dez—, como acontece na «Terra Chá» cos «países» de «Castro de Rei», «Parga e Guitiriz» e «Vilalba».

As comarcas agrúpanse en 15 «rexións» (Figura 6.22). Algunhas abranguen superficies extensas e recollen varias comarcas no seu interior, como é o caso dos «Macizos centrais ourensáns e as súas rexións dependentes» ou «Rías Baixas». Outras, en cambio, son de escala propiamente comarcal e só xuntan unha soa comarca, a saber: «val do Miño» —coincide coa «terra de Chantada»— ou «terra de Ortigueira» (Barrio Val et al., 1979). Ademais, algunhas destas «rexións» veñen definidas por uns límites claros e que contrastan coas comarcas difusas que acubillan no seu seo, como o «país de Deza» ou o «alto Tambre e alto Ulla». Cómpre sinalar que para practicamente todas as unidades comarcais indican a súa cabeceira ou cabeceiras, por exemplo, Verín no «val de Monterrei» ou A Coruña e Betanzos n'«As Mariñas». Un aspecto que tampouco se pode esquecer é que toda a toponimia aparece normalizada en galego.

Figura 6.22. Mapa comarcal segundo Barrio Val et al. (1979)



Fonte: Barrio Val et al. (1979). Elaboración propia.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

7 AS COMARCAS NAS ORIXES DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA DA USC

Este cuarto capítulo de resultados abrangue as achegas comarcais nas orixes do Departamento de Xeografía da USC, isto é, entre finais da década de 1960 e os anos 1990. O capítulo estruturámolo en seis apartados. O primeiro recolle os traballos iniciais do Departamento no estudo das comarcas. O segundo céntrase nos lugares de celebración de feiras e mercados, entendidos como xeradores dun mapa comarcal. O terceiro considera as primeiras divisións declaradamente comarcais. O cuarto xunta aqueles traballos comarcais que forman parte de Xeografías de Galicia e/ou de España. O quinto recompila os ámbitos comarcais en memorias de licenciatura e teses de doutoramento dirixidas desde a Universidade compostelá. E, finalmente, o sexto aborda as achegas de xeógrafos que durante este período realizaron a súa actividade desde fóra do Departamento.

7.1 AS PRIMEIRAS CONTRIBUCIÓNS AO ESTUDO DAS COMARCAS

En 1967, Mensua Fernández, quen de maneira breve fora profesor de Xeografía na USC, presenta *La originalidad geográfica de Galicia y sus problemas*, un traballo no que achega un primeiro intento de rexionalización de Galicia en grandes unidades. Así, divide Galicia en tres amplos espazos que denomina «grandes comarcas» ou «regiones» —«Galicia litoral», «Galicia continental o interior» e «Galicia meridional»— (Figura 7.1). Para a súa delimitación, di empregar basicamente dous elementos: o relevo e o clima. Porén, tamén bota man dos límites político-administrativos, como no caso da provincia de Ourense, para delimitar o espazo supracomarcal da «Galicia meridional». Segundo el, esta tripla división de Galicia non é máis que unha primeira aproximación do «panorama comarcal» galego, a cal pode servir de «eje primario para encajar las pequeñas unidades de Galicia» —en alusión, segundo nós interpretamos, ás comarcas— (Mensua Fernández, 1967: 24).


No interior destas tres grandes unidades o territorio estruturaríase en «comarcas», das que sinala que constitúen o «adecuado contrapunto a la sencilla y clara melodía del conjunto» (Mensua Fernández, 1967: 21). Con todo, as 20 comarcas que se poden identificar da lectura da súa obra son moi imprecisas no relativo á súa localización e aos seus límites (Figura 7.1). Mesmo el é sabedor desta circunstancia ao indicar en varias ocasións que estas unidades comarcais non chegan a dar unha verdadeira imaxe de Galicia. A través dunha destas comarcas, a da «Mariña coruñesa», pódese deducir que estarían formadas por agrupación de concellos, xa que, sen precisar cales, determina que son 13 os termos municipais que a conforman. Polo que respecta aos «centros» ou «cabeceras comarcales» apréciase tamén que boa parte das comarcas se corresponderían co espazo rexido por estes núcleos, aínda que identifica certas cabeceiras comarcais das que non precisa que sexan reitores de cadansúa comarca. Tamén hai casos de comarcas —«Costa de la Muerte», «El Bollo» ou «Mariña lucense»— para as que non sinala ningunha cabeceira comarcal.

Resulta revelador que o autor dedique boa parte da reflexión comarcal a sinalar a existencia dun «tipo» de comarcas ás que denomina «de transición» ou «soldadura» —sete—, que se emprazarían entre os tres conxuntos comarcais xa sinalados ou, no seu defecto, entre comarcas ben definidas (Figura 7.1). Desta forma, apunta que entre as tres Galicias que describiu «se dibujan toda una serie de comarcas, a través de las cuales se enlazan los caracteres de la Galicia

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

litoral con la Galicia interior, matizando la brusquedad de su oposición» (Mensua Fernández, 1967: 26). A maior parte destas comarcas de transición estarían localizadas nas terras do interior próximas ás Rías Baixas. As sete comarcas de transición que identifica así como a complexidade que implica fixar límites «precisos», «terminantes» e «claros» lévanlle a defender a idea de que é máis adecuado falar de «componentes de variación comarcal que de comarcas bien definidas» (Mensua Fernández, 1967: 26).

Figura 7.1. División comarcal formulada en Mensua Fernández (1967)



Fonte: Mensua Fernández (1967). Elaboración propia.

A compartimentación de Galicia en tres grandes unidades será recollida cinco anos despois, en 1972, por De Torres Luna en *Ensayo de tipificación de los paisajes rurales gallegos*. Os límites, aínda que imprecisos, e as denominacións —«Galicia costera», «Galicia meridional» e «Transición de la Galicia costera a la Galicia interior»— semellan manterse a grandes trazos. Non obstante, unha diferenza notable respecto da achega anterior constitúea a proposta de divisións menores, sen apenas chegar a conformar comarcas, dalgúns destes grandes espazos.

Así, divide a «Galicia costera» en dúas «unidades menores», unha de carácter «litoral» e outra «interior». Amais, dentro destas grandes unidades ou unidades menores distingue cinco espazos máis reducidos aos que denomina «sectores» no caso da «Transición de la Galicia costera a la Galicia interior» e «tramos» para a «Galicia costera». É certo que a autora sinala que se trata dunha división excesivamente simple, pero sostén que constitúe o eixo primario sobre o que se debe apoiar unha posterior partición de Galicia en comarcas (De Torres Luna, 1972).

A división está inzada de matices e ambigüidades. Así, por exemplo, non é factible comparar os «sectores» e «tramos» que a autora identifica coa escala comarcal que xa traballaran previamente outros autores revisados nos capítulos anteriores. Ademais, algunhas imprecisións afectan tamén ás denominacións que emprega, como é o caso da «Transición de la Galicia costera a la Galicia interior», pois define como transición costeira un amplo espazo que chega até as serras orientais luguesas. Con todo, pódese distinguir que usa unha escala de maior detalle á hora de describir os dous sectores da «Transición de la Galicia costera a la Galicia interior» ao falar da «Comarca de Lugo», da «Sierra de Ancares», da «Terra Cha», do «Valle medio del Ulla» ou dos «Valles que vierten al Cantábrico» (De Torres Luna, 1972). Porén, non precisa que estes espazos, de escala máis próxima á comarca, sexan constitutivos da estrutura territorial, senón que só os emprega para unha descrición aproximada dos compoñentes da propia unidade.

Dentro da obra *Conocer España: Geografía y guía*, publicada en 1973 pola editorial Salvat, abórdase o estudo das comarcas en Galicia dunha maneira máis precisa e detallada que a comentada até o de agora, ao xeneralizárense unidades de escala propiamente comarcal. Este é quizais o traballo máis significativo desde o campo da Xeografía logo das achegas de Fraguas, Otero Pedrayo e Río Barja. Seis xeógrafos encárganse da elaboración do apartado correspondente á Xeografía de Galicia, que é descrita a través de «conjuntos comarcales», «comarcas» e «subcomarcas». Dos catro grandes conxuntos comarcais que identifican, De Torres Luna (1973) estuda a «Galicia meridional», Hernández Borge (1973) encárgase de «Las Rías Bajas», Pérez Fariña (1973) fai o seu coa «Galicia central» e Rodríguez Martínez-Conde (1973) e Romaní Barrientos (1973) asumen o estudo de «Las Rías Altas». A introdución e a síntese xeográfica de Galicia veñen da man de Miralbés Bedera, quen sinala que sobre a «extraordinaria» e «mítica» unidade de Galicia planea unha «extensa gama de matices regionales» que se traduce nas comarcas (Miralbés Bedera, 1973: V 221).

Os catros «conjuntos comarcales» presentan límites nítidos, que coñecemos a través dos concellos que os conforman, mais réstaselles solvencia ao sinalar que non aspiran a ser a versión definitiva (Figura 7.2). No interior destes, podemos identificar 22 comarcas, tanto de límites precisos —seis— como difusos —16—. Unicamente se presentan como «comarcas» de límites claros, por unha banda, os cinco ámbitos identificados dentro do conxunto comarcal da «Galicia central» e, por outra banda, «El Bajo Miño» —no conxunto da «Galicia meridional»— (De Torres Luna, 1973; Hernández Borge, 1973; Miralbés Bedera, 1973; Pérez Fariña, 1973; Rodríguez Martínez-Conde, 1973; Romaní Barrientos, 1973). A unha escala de maior detalle podemos individualizar 43 «subcomarcas», das que para só oito se achegan os seus límites a través dos concellos que as forman. As distintas «subcomarcas» identificadas neste traballo caracterízanse por estar repartidas de maneira heteroxénea polo conxunto do territorio.

Un aspecto significativo ten que ver coa falla de homoxeneidade á hora de definir o que se entende por comarca. O motivo polo que as comarcas non son equiparables pode deberse a que o estudo de cada un dos catros conxuntos comarcais é autorizado por un xeógrafo distinto. Así, por exemplo, as «comarcas» identificadas no conxunto de «Las Rías Altas» como «Bergantiños», «Jallas» ou «La Mariña» son máis semellantes en escala ás «subcomarcas» dos conxuntos da «Galicia central» ou da «Galicia meridional», tales como as «tierras» «de

USC DE COMPOSTELA

Carballino», «de Celanova», «de Chantada» ou «de Lemos» (Figura 7.2). Noutro senso, as «comarcas» identificadas na «Galicia central» ou na «Galicia meridional» virían a ser máis próximas a «conxuntos comarcais» que a comarcas propiamente ditas. Resulta necesario sinalar que unha boa parte das «subcomarcas» identificadas nesta obra se consolidan con posterioridade en obras subseguintes como «comarcas», no que respecta á súa escala e nome.

Figura 7.2. Mapa comarcal contido en *Conocer España: Geografía y guía* (1973)



Fonte: De Torres Luna (1973); Hernández Borge (1973); Pérez Fariña (1973); Rodríguez Martínez-Conde (1973); Romaní Barrientos (1973). Elaboración propia.

En 1976, nun estudo acerca dos límites das parroquias galegas, Casas Torres, Miralbés Bedera e De Torres Luna recoñecen que para o bo artellamento territorial de Galicia, ademais das parroquias e concellos, é necesaria unha «definitiva división xeográfica en comarcas e grandes conxuntos comarcais» (Casas Torres et al., 1976: 11). Segundo os autores, a consecución do futuro mapa comarcal será unha tarefa de extraordinaria complexidade. Así, precisan que esta tarefa debe levarse a cabo a través da realización de distintas monografías de

escala comarcal que irían cubrindo o territorio galego até a súa totalidade. Neste traballo, agrupan os que consideran distintos «tipos» de parroquias en función do total de poboación e do número de entidades de poboación, o que dá como resultado seis áreas diferenciadas que son, segundo eles, os seis grandes «conjuntos comarcales» nos que se divide Galicia (Figura 7.3). Respecto das achegas anteriores, tan só se pode establecer unha correlación en canto a límites e denominación na unidade supracomarcal de «Galicia meridional» —coincidente coa provincia de Ourense—.


Casas Torres et al. (1976) propoñen máis conxuntos comarcais que os anteriores. Así, para as delimitacións, achegan varios concellos —usados para exemplificar os datos parroquiais—, o que permite fixar uns límites certamente máis precisos, a pesar da aínda alta variabilidade (Figura 7.3). Existe tamén unha certa confusión á hora de presentar os conxuntos comarcais, xa que para algúns deles como «Sierras marginales» ou «Valle del Ulla» precisan que se trata xa de «comarcas», o que para os dous casos leva a establecer unha coincidencia entre conxunto comarcal e comarca propiamente dita. Dentro dalgúns dos conxuntos comarcais identifican unidades menores —oito— que, aínda que non precisan ningún nome para referirse a elas, podemos deducir que a súa escala é máis próxima á comarcal. As unidades menores do «Valle del Ulla» son identificables, segundo apuntan os autores, grazas á tese doutoral de Rodríguez Martínez-Conde sobre este val —que veremos deseguido—, mentres que as da «Galicia meridional» son posiblemente debidas ás achegas que De Torres Luna fixera con anterioridade.

Cómpre sinalar que o propio Casas Torres xa se introducira con anterioridade no estudo das comarcas galegas. De xeito temperán, en 1943, este xeógrafo valenciano presenta un estudo monográfico no que aborda distintos aspectos xeográficos da ría de Muros e Noia. Segundo este académico, esta ría forma «una sola comarca natural bien definida» (Casas Torres, 1943: 559), que integran os concellos Muros, Noia, Outes e Porto do Son. Ademais, considera que a vila de Noia é a «cabeza indiscutible» da comarca.

No mesmo ano, en 1976, Miralbés Bedera e De Torres Luna publican *Un criterio sobre la distribución del hábitat rural en Galicia y la división regional.* As autoras indagan sobre a situación da poboación galega a nivel parroquial para o ano 1970 e, de maneira secundaria, xa que non parece que sexa o propósito principal deste traballo, achegan unha listaxe dos concellos galegos agrupándoos en 22 «comarcas» (Figura 7.4). Esta é, polo tanto, unha das primeiras obras provenientes desde o Departamento de Xeografía na que, sen presentar un mapa, achegan unha división de Galicia en espazos comarcais que chegan a abarcar todo o territorio (Miralbés Bedera e De Torres Luna, 1976). Porén, é preciso sinalar que unha gran parte das comarcas que identifican coinciden máis, polo que respecta á súa escala, con conxuntos comarcais que con comarcas estritamente falando. O factor orográfico semella estar detrás de boa parte das demarcacións; así, as rías, as serras e os vales semellan ter unha importancia máis significativa que unha determinada cidade ou vila reitora.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Figura 7.3. Ámbitos supracomarcais considerados por Casas Torres et al. (1976)



Fonte: Casas Torres et al. (1976). Elaboración propia.

É salientable que as unidades que identifican non respecten os límites provinciais. Polo que respecta á nomenclatura que empregan, cómpre sinalar a presenza de topónimos de carácter histórico e de identificación popular, a pesar de súa castelanización, como «Bergantiños», «La Limia» ou «La Mariña», unha circunstancia que non será moi habitual neste tipo de achegas desde o Departamento de Xeografía (Miralbés Bedera e De Torres Luna, 1976). Pola contra, noutros casos tírase de nomes un tanto complexos e artificiosos como «Transición de las Rías Bajas a la Galicia interior» ou «Sierras y hondonadas del Este orensano» (Figura 7.4). Resulta rechamante a similitude coa achega para Salvat de 1973. En efecto, as comarcas que se identifican son exactamente as mesmas, tanto as de límites nítidos como as de límites difusos. Neste sentido, a división que agora se presenta vén poñer límites ás comarcas presentadas en 1973 e que, daquela, non eran coñecidos (De Torres Luna, 1973; Hernández Borge, 1973; Miralbés Bedera, 1973; Pérez Fariña, 1973; Rodríguez Martínez-Conde, 1973; Romaní Barrientos, 1973).

Figura 7.4. Comarcas definidas por Miralbés Bedera e De Torres Luna (1976)




Fonte: Miralbés Bedera e De Torres Luna (1976). Elaboración propia.

En 1978, outro profesor do Departamento de Xeografía, Hernández Borge, presenta *Comarcalización geodemográfica de Pontevedra*, un traballo no que delimita unidades comarcais para a provincia pontevedresa. O autor recoñece ao comezo da súa contribución que o establecemento dunha comarcalización, neste caso de carácter demográfico, é unha tarefa complexa. Sinala a dificultade de compartimentar o territorio pontevedrés en unidades de escala comarcal, o que lle leva a elaborar, segundo el, unha división demasiado «simple» en catro «conjuntos geodemográficos comarcales» (Hernández Borge, 1978) (Figura 7.5). Á súa vez, estes catro conxuntos comarcais son agrupados en dúas grandes áreas: unha «litoral» e outra «interior».

Trátase, segundo o autor, dun primeiro esbozo en grandes ámbitos, xa que o pertinente sería identificar máis unidades para visualizar con precisión os diferentes matices existentes (Figura 7.5). Mesmo apunta que a súa delimitación seguindo os límites municipais implica problemas, ao considerar que un concello pode estar cabalgando entre varias delas (Hernández Borge, 1978). O criterio topográfico semella ser o principal, amais de que algunhas das

unidades xa viñan recollidas en achegas anteriores como «Bajo Miño» ou «Sector montañoso centro-oriental» —o nome co que describe a Terra de Montes que el mesmo estudara en Hernández Borge (1973)—.

Figura 7.5. Comarcas esbozadas para a provincia de Pontevedra por Hernández Borge (1978)



Fonte: Hernández Borge (1978). Elaboración propia.

Da mesma data de 1978 é *Miscelánea de geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*, unha obra colectiva coa que distintos xeógrafos de dentro e fóra de Galicia pretenden homenaxear a figura de Otero Pedrayo. No volume pode verse o crecente interese que está a espertar o tema comarcal, xa que tres das 19 contribucións indagan en maior ou menor medida sobre esta cuestión. Unha destas achegas é a síntese xeográfica de Galicia que vén presentar Miralbés Bedera. Nela explica que Galicia está provista, sen precisar máis, dunha «extensa gama de matices regionales o comarcales» (Miralbés Bedera, 1978: 193). A autora presenta, a modo de exemplo, 23 «núcleos centralizadores» das súas respectivas comarcas, tales como Betanzos, Ribeira, Sarria ou Viveiro. Porén, considera que a rede urbana de cabeceiras comarcais é máis extensa, mais non sinala os restantes a causa do reducido espazo do que dispón.

Outra das contribucións deste volume na que se recorre á temática comarcal é a De Torres Luna (1978), onde significativo é xa o seu título *Galicia meridional: aportación a la división comarcal de Galicia*. A autora describe o conxunto comarcal da «Galicia meridional» —espazo que xa tratara anteriormente noutras publicacións como a da achega para Salvat de 1973— como aquel coincidente coa actual provincia de Ourense, máis o territorio do Miño pontevedrés. Nesta ocasión, reflexiona que o proceso de comarcalización galego é un dos temas máis «complejos» e «arduos» aos que se enfronta o xeógrafo cando pretende estudar Galicia polo miúdo debido, segundo ela, á ampla extensión e á extraordinaria variedade da paisaxe do país —considera, implicitamente, que a división comarcal debe ser de base paisaxística—. Isto determina que, á hora de analizar os «espacios menores, más que comarcas, son subregiones, susceptibles de parcelar en comarcas o "tierras"» (De Torres Luna, 1978: 383).

A autora recoñece en primeiro lugar as achegas de Otero Pedrayo e Fraguas, una circunstancia que non é a habitual nos xeógrafos do Departamento de Xeografía destas décadas. De todos os xeitos, precisa que o trato dado ás comarcas por estes autores carece de precisión e exactitude por ser outro o seu obxectivo. Porén, os maiores eloxios son para a contribución de Mensua Fernández (1967), que dividía Galicia en tres grandes áreas. Parafraseando o autor, di De Torres Luna (1978) que, a pesar de ser unha primeira aproximación excesivamente simple do panorama comarcal galego, serve de eixo primario no que encaixar as futuras comarcas galegas. Tamén mostra un notable recoñecemento para a obra sobre feiras e mercados de Miralbés Bedera e Casas Torres (1973) —véxase o apartado seguinte—, que considera os primeiros en «detectar, a partir de las áreas de influencia de las transiciones, las cabeceras de comarca en sucesivas categorías. (…) Esta obra es el peldaño geográfico más útil y básico para acometer la comarcalización de nuestra región» (De Torres Luna, 1978: 384).

No interior da «Galicia meridional» estudada por De Torres Luna (1978) asentaríanse as distintas comarcas, as cales identifica sen chegar a tratar os seus límites, aínda que si fala da necesidade de partir concellos. Resulta curiosa a forma coa que describe algúns dos topónimos que emprega como «Sierras y hondonadas del este orensano», da que di que é unha denominación «imprecisa» para englobar un sector montañoso do sueste ourensán. Boa parte das comarcas que presenta estarían rexidas por unha serie de «núcleos rectores»; na maior parte dos casos un por comarca, pero poden coexistir varios formando unha «unidad tripolar» como en «País de Valdeorras» —entre A Rúa, O Barco e Vilamartín— ou «Limia Baja» —entre Entrimo, Lobios e Muíños—. Polo que respecta ás subcomarcas, refírese a elas indistintamente como «países», «sectores», «tierras» ou «valles» «sin límites claros sino más o menos vagamente definidos. (…) Cada una (…) encabezada por un pequeño núcleo central, verdadero polo de atracción de la misma» (De Torres Luna, 1978: 404). Para algunhas das subcomarcas —como «Limia Baja»— sinala que teñen unha denominación moi «restrinxida» e «popular».

O último dos traballos considerados dentro desta *Miscelánea* é de Miralbés Bedera, De Torres Luna e Pérez Iglesias. Trátase dunha contribución ao estudo das parroquias; de feito, presentan o mesmo mapa que xa Miralbés Bedera e De Torres Luna, xunto a Casas Torres, achegaran para Galicia en 1976. As autoras volven sobre argumentos xa analizados como que «la división en grandes conjuntos comarcales (…) no es más que un esbozo, el anticipo de algunos rasgos que se evidenciarán, y se confirmarán con mucho mayor detalle, en el trabajo orientado hacia la división comarcal» (Miralbés Bedera et al., 1978: 414). Tamén reiteran que a división primeiro en «grandes conjuntos comarcales» e despois en «comarcas propiamente dichas» constitúe unha tarefa de extraordinaria dificultade e complexidade, a cal se debe desenvolver tendo en conta todos os factores xeográficos posibles —aínda que precisan os autores que son os de carácter socioeconómico os máis importantes para este cometido—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A última contribución dentro deste primeiro período do Departamento de Xeografía é de 1979. Nela participan Miralbés Bedera, De Torres Luna e Rodríguez Martínez-Conde. Ten que ver con outro traballo sobre as parroquiais de Galicia, na liña dos xa comentados de 1976 e 1978. Nesta ocasión, consideran dunha maneira moito máis directa que a trama de freguesías contribuirá de maneira eficaz á delimitación comarcal, polo feito de que as divisións parroquiais permitirán «matizar» a «homogeneidad» dos concellos nos límites das distintas comarcas (Miralbés Bedera et al., 1979). Neste senso, sinalan que eles xa levaron a cabo un «intento» de comarcalización de Galicia —non se sabe en referencia a que traballo—, aínda que precisan que esa «división» se pode «'afinar' mucho más en futuras divisiones comarcales de la región al prescindir del condicionante de los límites municipales que incluyen, en muchos casos, parroquias de caracteres geográficos muy contrastados» (Miralbés Bedera et al., 1979: 6). En publicacións posteriores sobre a división parroquial —De Torres Luna et al. (1985, 1989)— ademais da posta ao día dos datos obvian toda referencia ás unidades comarcais.


7.2 O ESTUDO SOBRE AS FEIRAS E MERCADOS PERIÓDICOS

O estudo sobre as feiras e mercados periódicos de Galicia foi un tema de interese nas distintas investigacións. Así, están as achegas de Larruga a finais do século XVIII, de Madoz a mediados do XIX ou de Carreras Candi na primeira metade do XX, que xa foron estudados por Miralbés Bedera (1982). Desde o campo da Xeografía, as feiras e mercados tiñan grande importancia en Galicia por diferentes motivos como o illamento e a dispersión da poboación, a deficiente rede viaria e a mala calidade das comunicacións, a necesidade de comerciar os produtos agrarios para obter outros bens e servizos que non se producían na explotación ou a necesidade de contactos sociais (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973; Santos Solla, 1994). Con todo, só se consideran os traballos máis recentes correspondentes á segunda metade do século XX, nos que se significa a profesora Miralbés Bedera, por considerarse os lugares de celebración de feiras e mercados, de maneira explícita, como xeradores dun mapa comarcal.

En 1969, Miralbés Bedera e De Torres Luna presentan *Sobre la función comercial de Santiago y su área de influencia*, o que se pode considerar como o primeiro traballo que busca avanzar na comarcalización de Galicia a través do estudo das feiras e mercados periódicos do país. As autoras, que centran o seu estudo na cidade de Santiago, precisan que os datos cos que traballaron para a delimitación da área de influencia da cidade compostelá foron obtidos mediante unha enquisa que se remitiu aos párrocos, mais non facilitan outra información ao respecto. Estes «datos» permiten determinar dúas áreas de influencia para a cidade de Santiago, sobre a que centrar o seu estudo, en función do tipo de feira e/ou mercado (Miralbés Bedera e De Torres Luna, 1969). Así, o «mercado-feria semanal» achega unha área máis reducida, mentres que as «grandes ferias anuales» —Apóstolo, Ascensión e Pascua— debuxan unha área de moita maior extensión (Figura 7.6).

A área de influencia de Santiago que debuxa o «mercado-feria semanal» está formada por 20 concellos de xeito íntegro —un deles na provincia de Pontevedra— e parroquias doutros 14 concellos —das dúas provincias— (Figura 7.6). Indican as autoras que este tipo de feira e/ou mercado semanal que se celebra na cidade compostelá se atopa en plena vixencia a causa de que na contorna de Santiago segue predominando unha economía baseada na agricultura (Miralbés Bedera e De Torres Luna, 1969). Tamén se achega un segundo mapa no que se representan as «áreas de los principales mercados» da provincia da Coruña, onde representa un total de 12 «áreas» —incluída a de Santiago—. Destas, a de Santiago interfire na área de influencia de Arzúa, Curtis, Ordes e Santa Comba. No outro lado da balanza, a área de maior extensión que vén definida polas grandes feiras anuais abranguería practicamente todos os concellos da provincia da Coruña e de Pontevedra, o noroeste da de Ourense e algúns concellos da de Lugo.

Figura 7.6. Áreas de influencia de escala comarcal na provincia da Coruña segundo Miralbés Bedera e De Torres Luna (1969)



Fonte: Miralbés Bedera e De Torres Luna (1969). Elaboración propia.

En 1973, publícase *Mercados periódicos de Galicia: distribución espacial, frecuencia, rango y área de influencia* de Miralbés Bedera e Casas Torres. Primeiro de todo, os autores establecen unha diferenza entre feira e mercado: os mercados prodúcense cunha maior frecuencia —normalmente semanal—, mentres que as feiras son mercados «extraordinarios» de carácter temporal —que van desde o quincenal ao anual—. Desta maneira, entenden que «con toda feria coincide un mercado» (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973: 11), se ben, apuntan, que os dous termos esconden moitos matices e que, en Galicia, son case sinónimos. Isto eleva a que se empreguen indistintamente tanto no vocabulario habitual como no oficial.

O estudo dos lugares de celebración de feiras e mercados en Galicia ten un valor significativo, xa que permite ver o alcance, é dicir, a área de influencia ou atracción de cada mercado, así como as «áreas de indiferencia». Miralbés Bedera e Casas Torres (1973) sosteñen que coñecer estes lugares centrais e as súas áreas de influencia vai permitir coñecer cales son as comarcas.

> Los mapas que presentamos [sobre os mercados periódicos galegos] (…) puedan servir para esbozar una delimitación (…) de las áreas de influencia de las cabezas de comarca gallegas, e incluso esbozar (…) una división comarcal interconexa en subcomarcas, comarcas, subregiones y regiones dentro de la macro-región de Galicia. (…) Llegar a estas divisiones es posible sobre todo si no se pierde de vista que las unidades espaciales geográficas nunca terminan en líneas netas, (…) y que los alcances de los núcleos centrales varían según los servicios o mercancías que facilitan a su área tributaria (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973: 8).

Entre os cometidos fica tamén a procura dunha clasificación xerárquica dos distintos lugares de feira e mercado, co obxectivo de permitir unha división comarcal «incontrovertible» e «neta». É máis, consideran que aínda non se dispón de tal división en comarcas porque non se realizou a devandita clasificación xerárquica de asentamentos. Neste sentido, Miralbés Bedera e Casas Torres (1973) afirman que só se estará en condicións de presentar a xerarquía dos lugares centrais de Galicia «cuando la densidad de alumnos de Geografía de la Facultad de Santiago permita encargar una treintena de tesis doctorales simultáneas, con su correspondiente "lugar central", cabeza de comarca» (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973: 8).

No esbozo do mapa das feiras e mercados de Galicia, os autores empregan como metodoloxía principal a enquisa. Se ben non presentan o modelo de enquisa seguido, si sinalan que foron os párrocos os encargados de sinalar cal era o lugar de mercado preferente dos seus habitantes —na liña do apuntado en Miralbés Bedera e De Torres Luna (1969)—. Apuntan tamén que o número de respostas abrangue o 77% das consultas efectuadas —sen precisar tampouco as parroquias das que se obtivo contestación—. Isto dá como resultado un total de 145 lugares nos que se celebran feiras e/ou mercados periódicos, concretados tamén como «centros rectores del campo gallego» (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973: 16) (Figura 7.7). A clasificación dos distintos lugares establécena en sete categorías para as que se teñen en conta, principalmente, criterios demográficos do conxunto da área de influencia:


- Primeira categoría, denominada de «mercados rurales», formada por 50 núcleos que rexen unha área de influencia de até 8.000 habitantes.
- Segunda, por 32 núcleos cun área de influencia entre 8.000 e 12.000 habitantes.
- Terceira, constituída por 16 núcleos cunha área de influencia entre 12.000 e 18.000 habitantes.
- Cuarta, por 14 núcleos cunha área de influencia entre 18.000 e 25.000 habitantes.
- Quinta, integrada por 18 núcleos cunha área de influencia entre 25.000 e 40.000 habitantes.
- Sexta, por oito —que non sete como eles sinalan— núcleos cunha área de influencia entre 40.000 e 100.000 habitantes.
- Sétima, e última categoría, formada polas sete cidades galegas, que rexen áreas de influencia de máis de 100.000 habitantes.

Á hora de describir boa parte dos núcleos entre a segunda e a sexta categoría os autores sinalan o seu carácter comarcal (Figura 7.7). Desta maneira, o segundo chanzo, o formado polas áreas de influencia de entre 8.000 e 12.000 habitantes, permite «aventurar que nos encontramos posiblemente ante una serie de pequeñas cabeceras de pequeñas comarcas» (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973: 14). Así, algúns destes núcleos como A Fonsagrada, A Pobra de Trives ou Viana do Bolo son descritos como «núcleos centralizadores» das súas respectivas terras. Tamén se apunta o carácter comarcal de practicamente todos os núcleos da terceira categoría —a formada polas áreas de influencia de entre 12.000 e 18.000 habitantes— ao sinalar que «ya podemos

considerarlos como verdaderas cabeceras de comarca», tal e como acontece con Becerreá, «uno de los pequeños centros de las sierras orientales» (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973: 16).

A cuarta categoría caracterízase porque os espazos comarcais xa comezan a ter nome propio, así, Allariz e Maceda son os centros do «alto Arnoya», Tui éo do «Bajo Miño» e Monterroso do «alto Ulla» (Figura 7.7). Na quinta categoría acontece máis do mesmo: Vilalba é a «capital de la Terra Cha», Sarria o «centro de una subregión», Celanova, Verín e Xinzo as «capitales comarcales del Sur de esta provincia» e A Estrada e Lalín son «potentes núcleos de cabecera en la zona de transición». Finalmente, na sexta categoría temos a Monforte como «gran centro rector del sur de la provincia de Lugo», ao Carballiño e Ribadavia que «rigen la conocida área del Ribeiro», a Ponteareas que «es también núcleo rector de una zona de transición en la Galicia meridional», a Carballo «capital de la Mariña coruñesa» e Padrón, Ribeira e Vilagarcía son definidos como «auténticos centros rectores» (Miralbés Bedera e Casas Torres, 1973: 17-23). Pódese deducir que desde o segundo e até a sétimo nivel estamos ante núcleos reitores, salvando as peculiaridades de cada un, de espazos de ámbito comarcal.

Figura 7.7. Feiras e mercados periódicos sinalados por Miralbés Bedera e Casas Torres (1973)




Fonte: Miralbés Bedera e Casas Torres (1973). Elaboración propia.

A obra anterior —da que os autores precisaban que se trataba dun «avance»— verase completada en 1982 cando Miralbés Bedera publique *Las ferias de Galicia y su evolución: distribución espacial, periodicidad y área de influencia.* A diferenza da anterior publicación que só distingue entre feira e mercado, agora establécese unha tripla tipoloxía ao distinguir entre feira, mercado periódico e mercado-feira. En calquera caso, as definicións que se achegan para cada unha das modalidades son ambiguas e imprecisas, polo que as diferenzas entre elas non están especialmente claras alén, como xa se apuntou, de que a periodicidade da feira é máis laxa que a do mercado (Miralbés Bedera, 1982; Miralbés Bedera e De Torres Luna, 1982). Polo tanto, as feiras adoitan ser mensuais e, nalgunhas ocasións, estar especializadas nun determinado tipo de produto, mentres que os mercados frecuentan ser semanais e non estar especializados.

O obxectivo declarado é a obtención dunha xerarquía dos distintos núcleos de celebración de feiras e mercados, o que sería usado, ao igual que en Miralbés Bedera e Casas Torres (1973), como instrumento para «servir de base, junto a otros factores, para establecer una delimitación comarcal» (Miralbés Bedera, 1982: 3). Porén, confesan que determinar os seus límites resulta unha tarefa moi complicada, xa que as unidades que se obteñen ao cartografar a área de influencia de cada núcleo «nunca terminan en líneas netas sino en franjas. (…) Estas franjas de transición o límites laxos son "fluidos", "están vivos", y por eso, con criterio geográfico, son siempre "efímeros", "transitorios"» (Miralbés Bedera, 1982: 3). De feito, a autora non establece de maneira nítida os límites da área de influencia de cada núcleo cabeceira, senón que, a través dunha serie de liñas que parten do lugar central, semella procurar as distintas parroquias (Figura 7.8).

Figura 7.8. Feiras de categoría «comarcal» e «subcomarcal» segundo Miralbés Bedera (1982)



Fonte: Miralbés Bedera (1982: 38-39, 46-47).

Polo que respecta á metodoloxía, esta é idéntica á empregada en 1973, o que se traduce nunha serie de enquisas dirixidas aos párrocos coa finalidade de identificar todos os lugares de feira e mercado e as parroquias que acoden a eles. Neste punto, cómpre preguntarse se esta enquisa se trata da mesma que a realizada dez anos antes ou corresponde a outra máis recente, xa que en ningún momento se precisa a estrutura seguida, o período de realización ou as respostas obtidas —nin o total nin as parroquias que emiten contestación—. Porén, a diferenza

respecto da anterior contribución está na interpretación dos resultados, debido a que nesta ocasión a autora identifica 236 núcleos de celebración de feiras e mercados —en 1973 eran 145—, agrupados xerarquicamente en cinco categorías —sete en 1973— (Figura 7.9). Ademais, xa non só se vale de criterios demográficos, senón que tamén considera a extensión da área de influencia de cada núcleo central á hora clasificar os núcleos en distintos niveis:


- Local, de ámbito municipal.
- Subcomarcal, integrado por 60 —que non 59— núcleos que reúnen a compradores e vendedores nun radio de acción de entre 250 e 500 km².
- Comarcal, formado por 35 —e non 33— lugares de entre 500 e 1.000 km².
- Subrexional, constituído por 13 núcleos que acadan áreas de influencia de máis de 1.000 km².
- Rexional, onde estaría a cidade de Santiago de Compostela, ao ser a única cuxa área de influencia abrangue as catro provincias galegas.

A autora considera que unha boa parte dos núcleos de celebración destes eventos feirais son, até certo punto, «capitales comarcales de distintos rango» (Miralbés Bedera, 1982: 57). Deste xeito, entende que os 35 núcleos de categoría comarcal achegan un número «muy significativo porque se aproxima al de una división comarcal que pudiera resultar, hasta cierto punto "válida"» (Miralbés Bedera, 1982: 59). A estes núcleos poderíanse engadir, de maneira parcial e mantendo a correspondente prudencia, os 60 de nivel subcomarcal, xa que son considerados xeradores de espazos subcomarcais «satélite» dos propiamente comarcais (Figura 7.9). A autora tamén se apresura en sinalar que as diferenzas á hora de clasificar certos núcleos no ámbito comarcal ou subcomarcal resultan nun certo grao de ambigüidade posto que os dous chanzos son practicamente «equivalentes»; así, «el límite entre las categorías comarcal y subcomarcal resulta (…) algo relativo o ambiguo al respetar el criterio estadístico» (Miralbés Bedera, 1982: 59).

Do mesmo xeito que na achega anterior, Miralbés Bedera (1973) sinala a calidade comarcal de certos núcleos (Figura 7.9). Algúns de categoría propiamente «comarcal» —o terceiro nivel— como Ponteareas «en el bajo Miño», O Carballiño «en el Arenteiro», Ribadavia «en el Ribeiro del Avia» ou tamén de Carballo que é «considerada como la capital de Bergantiños». O mesmo acontece cos núcleos desta mesma categoría enmarcados na parte oriental da provincia da Coruña —Arzúa, As Pontes, Betanzos, Curtis e Melide—, dos que di que son capitais das súas respectivas comarcas. A outros núcleos da categoría «subcomarcal» —o segundo chanzo— acontécelles o mesmo: Ponte Caldelas é definida como «capital de la Tierra de Montes», Celanova é a «capital de La Arnoya» ou Negreira e Noia son «capitales de sus respectivas comarcas dentro del conjunto comarcal de Santiago». Tamén, no chanzo «subregional» —o cuarto nivel— están Lalín «en las altas tierras centrales del Deza», así como Monforte, Monterroso, Lugo, Vilalba e Mondoñedo «capitales de sus respectivas comarcas (…) las llamadas comarcas de Monforte, alto Ulla, Lugo, Terra Chá y Mondoñedo» (Miralbés Bedera, 1982: 59-61).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.9. Feiras e mercados periódicos identificados en Miralbés Bedera (1982)



Fonte: Miralbés Bedera (1982). Elaboración propia.

Desde unha perspectiva xeográfica actual, Santos Solla (1999) considera que, se ben o estudo das feiras e mercados periódicos era unha tarefa interesante, se «concentrou demasiado esforzo nun modelo de distribución xa en plena decadencia» e que «de aí a teima por explicar a súa superviviencia» (Santos Solla, 1999: 1350).

7.3 AS PRIMEIRAS DIVISIÓNS COMARCAIS SISTEMÁTICAS

O primeiro traballo no que atopamos un mapa con unidades de escala propiamente comarcal, definidas por límites precisos e abranguendo toda Galicia é de 1980, cando Miralbés Bedera, De Torres Luna e Rodríguez Martínez-Conde presentan *Aproximación a una división comarcal de Galicia*. Os autores comezan sinalando que comarcalizar un territorio non é unha tarefa sinxela e que o seu propósito con esta obra é un achegamento ao tema comarcal: «el título de este trabajo evidencia por sí mismo su finalidad y alcance. Se trata de un intento de establecer una división comarcal de nuestra región que se "aproxime" a una división, más o menos

definitiva» (Miralbés Bedera et al., 1980: 3). Porén, sobre esa hipotética división «definitiva» de Galicia en comarcas precisan que non pretenden acadala con este traballo, xa que entenden que unha división comarcal «con garantías de idoneidad» debe ser o resultado da colaboración conxunta de especialistas de diversas disciplinas. Con todo, sinalan a «urgencia» de ir acometendo a tarefa e sentando as bases do proceso de comarcalización.

Os autores procuran unhas unidades comarcais dotadas de maior coherencia e dunha dimensión territorial e demográfica «operativa», é dicir, superior ao concello e inferior á provincia. Entenden que chegar a espazos de escala comarcal ben organizados e cunha poboación que teña consciencia desa personalidade territorial de escala comarcal «es una meta todavía no alcanzada y no alcanzable por el momento» (Miralbés Bedera et al., 1980: 10). Porén, prevén que, unha vez que no futuro se acade o obxectivo dunha división comarcal asentada, se ben esta nunca será «incontrovertible» nin «inamovible» debido á súa natureza «cambiante» e «evolutiva», resultará necesario convertelas en entes locais; isto é, de «reestructurarlas y dotarlas de órganos de gestión» (Miralbés Bedera et al., 1980: 5). Sobre os límites comarcais comentan a súa complexidade á hora de trazalos, xa que interpretan que «en realidad no responden nunca a líneas sino a franjas amplias y divagantes» (Miralbés Bedera et al., 1980: 13), argumento xa visto en publicacións anteriores. Os autores apresúranse a sinalar que na comarcalización que presentan, ao tratarse dunha «aproximación», era preciso que se respectasen os límites municipais, se ben non o fan cos provinciais.

O principal criterio metodolóxico que afirman empregar é o topográfico. Segundo eles, a compartimentación do territorio a causa da tectónica orixinou unhas pequenas unidades coincidentes coas comarcas, pero sinalan que os factores físicos non deben «recordar, en absoluto, la vieja denominación de comarcas naturales superada y desfasada desde hace ya mucho tiempo» (Miralbés Bedera et al., 1980: 18). Interpretamos que esta afirmación pretende marcar unha certa distancia coas anteriores achegas de Otero Pedrayo e Fraguas. De maneira paralela, identifican outros factores a ter en conta á hora de delimitar as unidades comarcais, a saber: a demografía —no seu aspecto cuantitativo—, o hábitat e o poboamento, os usos do solo e as infraestruturas e medios de transporte (Miralbés Bedera et al., 1980). Porén, sobre todos estes factores, destaca a función de centralidade que exercerían certos núcleos, dos que din —sen especificar cantos nin cales— que comezarían cunha actividade comercial á que logo se irían sumando outras máis especializadas.

O resultado é un mapa de 48 «comarcas» agrupadas en 15 «conjuntos comarcales» (Figura 7.10). Algunhas das comarcas que presentan son bastante semellantes ás de Miralbés Bedera e De Torres Luna (1976). A superficie que presentan as distintas unidades comarcais é moi dispar: varias están formadas por dous ou tres concellos como «Allariz» ou «Negreira», mentres que outras como «Lugo» ou «Sierras Orientales» abranguen unha grande extensión. Unha cuestión que resulta curiosa é a agrupación que fan das comarcas nos respectivos conxuntos comarcais, xa que para máis da metade —oito— existe unha correspondencia entre comarca e conxunto, é dicir, trátase de conxuntos constituídos por unha soa comarca. Polo que respecta á toponimia, pódese observar —pese a súa castelanización— a preferencia por certos nomes de carácter «tradicional» ou «histórico» antes que polo do núcleo reitor, como é o caso de «Deza», «La Arnoya» ou «Valdeorras». En canto aos límites, xa se precisou que hai coincidencia cos dos concellos, mais non cos provinciais como acontece nos casos de «Padrón» —sobre Pontecesures e Valga—, «Pontes» —agrega Muras— e «Viveiro» —colle Mañón—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.10. División de Galicia en comarcas segundo Miralbés Bedera et al. (1980)



Fonte: Miralbés Bedera et al. (1980). Elaboración propia.

Outra destacada contribución ao estudo das comarcas galegas é *Galicia: una división comarcal de su espacio*, presentada por Miralbés Bedera, Rodríguez Martínez-Conde, Villarino Pérez e Armas Diéguez en 1983. Esta obra vén a completar o traballo que parte dos autores fixeran con anterioridade en Miralbés Bedera et al. (1980). Se xa daquela demandaban a súa urxencia, sosteñen que, tres anos despois, «la necesidad es todavía más urgente, acuciante y extrema» (Miralbés Bedera et al., 1983: 186). O estudo das comarcas galegas é asumido como un tema «complejo» e «delicado», pero tamén «atractivo», e que «cae de lleno dentro del campo del máximo interés en nuestras investigaciones y (…) de nuestra obligación como geógrafos» (Miralbés Bedera et al., 1983: 185).

O volume presentado persegue dous fins: cuantificar o valor funcional de cada asentamento para establecer unha xerarquía comarcal e achar unha comarcalización de Galicia en unidades «funcionales» e «operativas». Desta forma, noutro punto da obra, os autores indican que o obxectivo que perseguen é «constructivo» no sentido de alcanzar unha achega que sirva como

base territorial para os distintos estudos, tanto académicos como de ordenación territorial. Un dos contribuidores, Armas Diéguez (1990), sinalará tempo despois que o mapa comarcal deseñado gozou dunha ampla «difusión», «aceptación» e «utilización».

Como xa se apuntou en Miralbés Bedera et al. (1980), continúase a refutar que a división realizada teña carácter concluínte e estable; «no pretendemos (…) que esta división tenga (…) un carácter definitivo e indiscutible. Antes, al contrario, se pueden hacer, y de antemano las aceptamos, muchas matizaciones y también se puede, indudablemente, discrepar en algunos casos» (Miralbés Bedera et al., 1983: 186). E, da mesma maneira, vólvense demandar órganos de xestión propios para as comarcas, ao opinaren que estes ámbitos «desempeñarán el papel que hasta ahora (…) las unidades administrativas actuales no fueron capaces de llevar a cabo» (Miralbés Bedera et al., 1983: 186). Porén, a «minuciosidad» da actual achega marca a diferenza respecto da anterior, polo feito de determinar detalladamente os asentamentos que organizan o espazo. De feito, un importante factor a ter en conta é que parten de que as unidades comarcais están formadas por agregación de parroquias, e non de concellos.

O criterio seguido é claramente funcional. Así, pese a que os autores sinalan que en Galicia «cada valle tiene su propia personalidad» (Miralbés Bedera et al., 1983: 187), entenden a comarca como un espazo organizado por un ou varios lugares centrais, isto é, como un espazo «funcional», «nodal» ou «polarizado». Vólvese rexeitar que os factores do medio físico determinen as unidades comarcais. Nas súas propias palabras, foxen da «imprecisión, ambigüedad o, en otro sentido, de la periclitada "comarca natural"» (Miralbés Bedera et al., 1983: 201). Recoñecen tamén a existencia de «áreas de indiferencia» ou de «espacios con dependencia múltiple», mais en todo momento se decantan por atribuír estas áreas a aquelas comarcas cuxos centros consideran que teñen un maior valor de dependencia. De feito, entenden que esta situación, que se dá cando un espazo gravita sobre dúas ou máis cabeceiras, constitúe un dos principais e máis característicos problemas da delimitación de unidades funcionais.

En relación cos procedementos metodolóxicos para conformaren o mapa comarcal de Galicia, din tomar en consideración diferentes factores. Os indicadores utilizados, de carácter social e económico, son: áreas sanitarias, áreas educativas —centros de EXB e BUP e transporte escolar—, áreas comerciais de Banesto, áreas de Telefónica, áreas de Gas Butano, servizos de Correos, itinerarios e frecuencias do transporte público regular de viaxeiros, as feiras e mercados periódicos e a súa área de influencia, traballos de investigación —memorias de licenciatura e teses de doutoramento—, traballo de campo e enquisas — en todos os concellos e en 161 núcleos máis, sen que se coñeza cales—. Polo que respecta ás enquisas, das que se segue sen coñecer o modelo seguido e as respostas, xa non só se estenden aos párrocos —como nos estudos sobre feiras e mercados de 1969, 1973 e 1982—, senón que agora, tamén, din eles, a secretarios municipais, xefes locais de saúde e directores de axencias bancarias (Miralbés Bedera et al., 1983; Miralbés Bedera, 1984). Con todo, é posible precisar, respecto das achegas anteriores, que os indicadores utilizados son máis numerosos e presentan un nivel de detalle maior.

No traballo identifícanse 457 núcleos organizadores do espazo, agrupados posteriormente en sete niveis xerárquicos, que na práctica se reducen a catro polas dificultades de establecer diferenzas entre eles. O alto número de suxeitos explícase polos criterios que se tiveron en conta, como ser cabeza de concello —e partido xudicial—, certa dinámica demográfica positiva ou unha alta porcentaxe de poboación activa. E a estes hai que engadir outra serie de factores como son o emprego xerado na industria e no sector terciario, comercio propio —butano, automóbiles, entidades bancarias—, servizos de certa especialización —centros de ensino, instalacións sanitarias, administración de correos, servizos telefónicos—, servizos propios de

USC DE COMPOSTELA

núcleos agrarios —feiras, escolas de capacitación agraria—, portos nos núcleos costeiros, establecementos hoteleiros vencellados ao turismo ou infraestruturas e servizos de comunicación —tráfico de autobuses de transporte regular, rede viaria— (Miralbés Bedera et al., 1983).

A partir dos distintos indicadores fíxase unha rede xerárquica dos núcleos que determina 71 «comarcas» (Figura 7.11). A simple vista o total de comarcas é elevado en relación con achegas anteriores, pero os autores sosteñen que «el número de comarcas de nuestra división nos parece aceptable, pues indica que las unidades a las que se ha llegado no son ni excesivamente grandes ni pequeñas» (Miralbés Bedera et al., 1983: 201). Porén, esta situación leva a resultados un tanto contraditorios cando afirman procurar unidades non demasiado pequenas, xa que son habituais comarcas formadas por dous ou tres concellos. Neste sentido, casos como «El Grove» redúcense ao seu concello, outras como «Guitiriz» ou «Ortigueira» abranguen unha extensión menor que a do seu propio concello e o caso máis sorprendente é o da comarca de «Cariño» formada por cinco parroquias do concello de Ortigueira —en 1983 aínda non era un concello independente—.

Pese a crear, de xeito laborioso, comarcas formadas por agregación de parroquias, os límites parroquiais só son usados —para partir concellos— de maneira común na provincia da Coruña, secundariamente en Lugo e Pontevedra e, de xeito case testemuñal en Ourense (Figura 7.11). Nesta última provincia, de feito, só parten os concellos de Avión —entre as comarcas de «Carballino» e «Ribadavia»— e Muíños —entre «Bande» e «Entrimo»—. Os límites provincias tampouco supoñen un obstáculo para esta comarcalización, mais só a comarca de «Padrón» supera a planta provincial —na marxe sur do Ulla toma os concellos de Pontecesures e Valga—. Polo que respecta á toponimia, e a diferenza do mapa de 1980, xa non se empregan nomes de carácter tradicional nin de recoñecemento popular, senón que se aposta polo do núcleo ou núcleos reitores —«La Vega-El Bollo» e «Cerdedo-Forcarey» presentan unha estrutura bipolar—, quizais, nun intento máis por presentar unha comarcalización funcional.

Un aspecto peculiar da comarcalización de 1983 é o establecemento dunha xerarquía das distintas comarcas, na maneira en que previamente fixeran noutros traballos para determinar o sistema de asentamentos (Figura 7.12). O habitual sería pensar que nos atopamos ante unha achega onde todas as unidades teñen o mesmo peso ou valor, se ben, din os autores que «no todas las comarcas tienen la misma importancia» (Miralbés Bedera et al., 1983: 199). O propósito desta xerarquización comarcal está en obter aquelas que ocupan niveis superiores, ao entender que serán as reitoras do espazo rexional e que poderán articular as de importancia menor. Desta forma, como podemos observar na Figura 7.12, no nivel máis alto da xerarquía están as comarcas de «La Coruña» e «Vigo»; no segundo chanzo cinco comarcas cuxos centros reitores son as restantes cidades; o mesmo número de comarcas forma o terceiro nivel; o cuarto conta con 12 unidades comarcais; o quinto, con 21; e o sexto, con 26. É conveniente sinalar que os autores tamén establecen unha xerarquía respecto dos niveis de dotación das comarcas en nove niveis, distinguindo entre aquelas comarcas «excedentarias» até o nivel seis —34— e aquelas «deficitarias» a partir do nivel sete —37—.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.11. Mapa comarcal formulado por Miralbés Bedera et al. (1983)



Fonte: Miralbés Bedera et al. (1983). Elaboración propia.

Figura 7.12. Xerarquización das comarcas fixadas por Miralbés Bedera et al. (1983)



Fonte: Miralbés Bedera et al. (1983). Elaboración propia.

Un ano despois, en 1984, Miralbés Bedera presenta *Galicia en su realidad geográfica*, a obra coa que pon fin a máis dunha década de docencia en Santiago. Esta xeógrafa indica no prólogo que o traballo a prol dunha comarcalización para Galicia constituíu un dos seus temas «preferidos»: «me interesé, de modo especial, por una serie de trabajos que sirvieran de base para establecer, en su día, una división comarcal de Galicia» (Miralbés Bedera, 1984: 15). Para Miralbés Bedera (1984) o seu percorrido comarcal pódese reflectir en tres achegas previas: Miralbés Bedera (1973), Miralbés Bedera et al. (1980) e Miralbés Bedera et al. (1983). Declara que cada unha delas representa un avance en relación coa anterior. As múltiples andainas por Galicia e o manexo de distintos indicadores foron, segundo ela, o que a colocou en condicións de poder efectuar a división comarcal de Galicia, a que desembocou no mapa de 1983.

Miralbés Bedera (1984) concédelle unha alta importancia aos indicadores funcionais, ao sinalar que son os máis «válidos» para a ordenación do territorio e a localización dos servizos e, como consecuencia, tamén para a determinación de comarcas funcionais ou polarizadas. Porén, o principio funcional non debe ser o único e, nun intento por afastarse dos preceptos máis economicistas, sinala que «el criterio definitivo de inclusión de un municipio o parroquia en una u otra comarca (…) debe ser la voluntad de los propios habitantes. Es decir, una comarcalización que se base en un hecho vivo y vital» (Miralbés Bedera, 1984: 475). En calquera caso, mantén que as distintas comarcas deben formarse por agrupación de parroquias mantendo a súa integridade territorial, polo que a delimitación destas —en Miralbés Bedera e De Torres Luna (1976), Miralbés Bedera et al. (1978, 1979)— era un paso previo imprescindible. Como contrapunto, rexeita os límites dos concellos, ao considerar que «el

municipio en Galicia no responde siempre a una realidad espacio-funcional, sino a una división territorial de carácter administrativo» (Miralbés Bedera, 1984: 477).

A comarcalización de 1983 é usada como base para o estudo do sistema galego de asentamentos nun dos capítulos —elaborado por varios autores— (Precedo Ledo et al., 1984). Porén, non se traballa a nivel de núcleo, senón de concello, o que implica a selección de 161 concellos en función de varios criterios entre os que destaca contar cun mercado e/ou feira de certa consideración. A continuación, estes son distribuídos en sete niveis xerárquicos. Os chanzos I e II corresponden coas sete cidades, mentres que o III está formado por Carballo e Vilagarcía. O nivel IV abrangue 30 concellos, nos que se localizan núcleos que veñen a coincidir coas «más importantes cabeceras comarcales de Galicia» (Precedo Ledo et al., 1984: 464). O chanzo V reúne 21 concellos, dos que se di que «siguen predominando las cabeceras comarcales» (Precedo Ledo et al., 1984: 464). Os niveis VI e VII coinciden con concellos que poden ser considerados como «subcabeceras comarcales en competencia y dependencia con las anteriores, o cabeceras de bajo rango, por organizar comarcas regresivas» (Precedo Ledo et al., 1984: 464).

Este mapa comarcal de 1983 é rescatado de novo dous anos despois, en Miralbés Bedera et al. (1985). Nesta ocasión, tratan un concepto que até o de agora non estudaran, cando menos de maneira precisa, o de «subcomarca». O termo fai referencia a unha división interna do espazo comarcal, posiblemente nun intento por avanzar nunha xerarquía das comarcas. Porén, polo momento, non consideran a existencia destas unidades en Galicia, mais si estiman que no interior de cada comarca se dea unha xerarquización dos seus asentamentos, e que cada un destes núcleos artelle o seu espazo inmediato. Así, entenden que esta situación non leva a falar de subcomarcas, senón de «pequeñas áreas de mercado local» ou de comarcas de extensión máis reducida: «más que de subcomarcas habría que hablar de una pequeña y reducida área de influencia para unas funciones muy restringidas. (…) [Ou ben,] será necesario hablar de dos comarcas individualizadas» (Miralbés Bedera et al., 1985: 807) naqueles espazos comarcais onde non haxa diferenzas claras entre núcleos de características similares.

Con posterioridade, Precedo Ledo (1987) veu a cualificar estas achegas pilotadas por Miralbés Bedera como boas divisións de Galicia en comarcas. Porén, este xeógrafo considera que algunhas das comarcas son de reducida superficie. Por exemplo, considera que a ría de Arousa «que en todos los trabajos se considera una o dos comarcas, en éste [o de Miralbés Bedera et al., 1983] queda articulada, o casi mejor desarticulada, en cinco comarcas» (Precedo Ledo, 1987: 304-305). Neste sentido, di que «no es fácil establecer un paralelismo entre lo que comunmente se entiende por comarca y unidades territoriales tan reducidas como estas» (Precedo Ledo, 1987: 305). Isto lévao a considerar que máis que tratarse dunha «comarcalización» se trata de «áreas de mercado dominantes de los lugares centrales».

Outros xeógrafos, como López González e Rodríguez González (1993), poñen o foco en que estas divisións, que se presentan como «obxectivas», non o son en realidade. Por unha banda, consideran que «los métodos estritamente cuantitativos no están exentos de subjetividad» e, por outra, que «corren el riesgo de convertirse en enumeraciones descriptivas de secuencias de datos sin que se lleve a cabo una reflexión y justificación sobre las unidades comarcales» (López González e Rodríguez González, 1993: 275). Tamén observan como os seus autores procuran marcar certas distancias coas achegas de Otero Pedrayo, Fraguas Fraguas ou Dantín Cerecada, que se basean no coñecemento directo do territorio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.4 O TRATAMENTO DAS COMARCAS DENTRO DE OBRAS ENCICLOPÉDICAS

É a partir da segunda metade da década dos 1980 cando, logo da marcha de Miralbés Bedera da USC, sexa De Torres Luna quen pase a pilotar as novas achegas ao tema comarcal. Neste sentido, o primeiro traballo no que se tratan as comarcas galegas é un capítulo —*Geografía comarcal*— que a propia De Torres Luna, xunto con Chantada Acosta e López Andión, elabora dentro da *Geografía de Galicia* publicada por Boreal en 1985 —reeditada un ano despois por Xuntanza— (De Torres Luna, 1985). Os autores especifican que «decidirse a compartimentar en espacios geográficos menores la macrorregión gallega es atrevido. (…) Pero no nos importa porque hay que ir acometiendo la empresa» (De Torres Luna et al., 1985: 263). A súa comarcalización non chega a cubrir toda Galicia, cando menos con límites precisos. Tampouco esclarecen o criterio seguido na delimitación das distintas unidades alén de apuntaren o seu carácter ecléctico. Estas circunstancias son as que lles levan a sinalar que a súa non é «una comarcalización exhaustiva, novedosa ni definitiva» (De Torres Luna et al., 1985: 263).


A parroquia é, segundo os autores, a que dá os «matices comarcais», mais, debido á gran complexidade que tería unha demarcación coa planta parroquial, optan por manter os límites municipais (De Torres Luna et al., 1985). Con todo, a influencia de traballos anteriores que xa estaban a circular é notable, especialmente nas división da provincia de Ourense, nas Rías Baixas, na contorna de Santiago e no noroeste da provincia da Coruña. As diferenzas á hora de tratar as comarcas —e os conxuntos comarcais— no que respecta aos seus límites conducen á idea de que cada autor traballe unha parte de Galicia de maneira individual. De Torres Luna semella ser autora da compartimentación dos tres conxuntos da provincia de Ourense e de «El Bajo Miño», López Andión posiblemente autorice os tres conxuntos da provincia de Lugo e, finalmente, Chantada Acosta, os seis da provincia da Coruña —os únicos que presentan límites definidos— e boa parte da de Pontevedra. Este último autor recoñece a influencia de Fraguas na súa división: «precisamente polo tratamento serio que (…) fixo Fraguas sobre as comarcas, foi polo que decidín seguilo ó elabora-las da Galicia occidental» (Chantada Acosta, 1990: 31).

No mapa que presentan dividen Galicia en 40 comarcas, tanto de límites claros —33— como difusos —sete—. Estas son agrupadas, á súa vez, en 13 «conjuntos comarcales» (Figura 7.13). Nun nivel inferior están 13 «subcomarcas» —todas con límites precisos—, que, a diferenza dos outros dous ámbitos, non están repartidas de maneira homoxénea polo territorio (De Torres Luna et al., 1985). A extensión das diferentes unidades é moi desigual, algunhas como «La Terra Chá» ou «La Limia» son varias veces máis grandes que outras como «Tierra de Soneira» ou «El corredor de Cuntis», formadas por un ou dous concellos. Tampouco semella seguirse un criterio á hora de establecer a escala; así, un dos conxuntos —«El Bajo Miño»— conta directamente con subcomarcas no seu interior, e outros dous —«Las Rías Altas Septentrionales» e «Las Sierras Orientales Lucenses»— non presentan divisións menores. O criterio topográfico, pese ao carácter ecléctico sinalado polos autores, semella ser o principal á hora de establecer os límites —por unión de concellos—, xa que boa parte das comarcas coinciden con vales, áreas elevadas ou rías. Este criterio é o que semella estar detrás de non respectar os límites provinciais, cando menos en Padrón e na ría do Barqueiro.

En 1989, dentro do *Gran Atlas de España* que publica a editorial Planeta, o capítulo dedicado a Galicia corre a cargo da profesora De Torres Luna. Á hora de explicar o apartado sobre o medio físico galego —ao que subtitula como «un mundo de unidades menores»—, a autora bota man de ámbitos de escala comarcal. Así, sinala que «la montaña y el valle, o el valle y la meseta, combinados» (De Torres Luna, 1990: 6) son os elementos topográficos predominantes que axudan a definir as distintas unidades de escala comarcal. Por un lado, identifica tres «grandes unidades topográficas»: «orla oriental y suroriental», «dorsales, mesetas y depresiones interiores» e «Galicia costera, litoral e interior». Estas, á súa vez, mais

sen percibir ningún intento de sistematización comarcal, son desagrupadas en «unidades topográficas menores» tales como «El Bajo Miño», «Courel», «A Limia», «A Maía», «A Mariña», «Terra Cha», «tierra de Ordes» ou «tierra de Santiago».

Figura 7.13. Comarcas definidas en De Torres Luna et al. (1985)




Fonte: De Torres Luna et al. (1985). Elaboración propia.

Varios anos despois, en 1994, De Torres Luna volve ser a autora do capítulo dedicado a Galicia que, nesta ocasión, publica o Instituto Gallach dentro da súa *Geografía de España* (Carreras Verdaguer e García Ballesteros, 1994). A información sobre as comarcas aparece analizada na última parte do capítulo, baixo o epígrafe de «principales regiones y comarcas». Así, por unha banda, a autora identifica «regiones», entendidas como «conjuntos comarcales» ou «grupos de comarcas» e, por outra banda, fala de «comarcas» como «áreas menores, con nombres propios de gran raigambre» (De Torres Luna, 1994: 1334). Ademais, aínda que logo non detalla as rexións e/ou comarcas que se inscriben en cada unha, De Torres Luna (1994) explica que no proceso de identificación comarcal se apoiou sobre as «tres Galicias», a saber: «noroccidental», «centrooriental» e «meridional».

No conxunto da obra é posible identificar 52 comarcas, que se distribúen de xeito homoxéneo polo territorio galego (Figura 7.14). A inmensa maior parte delas presenta límites difusos, mais para tres delas —«As Mariñas dos Freires», «A Ulloa» e «Tierras de Deza y Trasdeza»— achega os seus termos ao indicar os concellos que as integran. Un aspecto significativo ten que ver con que para case todas as comarcas se identifica a seu núcleo —ou núcleos— cabeira. Así, por exemplo, Lalín é definido como «indiscutible capital» da súa comarca (De Torres Luna, 1994: 1137), Arzúa e Melide como «cabeceras demográficas importantes» (De Torres Luna, 1994: 1137) ou Monterroso e Palas de Rei como «núcleos comerciales que ejercer de cabeceiras comarcales» (De Torres Luna, 1994: 1138). As comarcas aparecen agrupadas en dez «regiones» que abranguen un número variable de ámbitos comarcais no seu interior. Con todo, cómpre sinalar a confusión de termos no que respecta a esta xerarquía, xa que «regiones» como «El Baixo Miño» ou «A Mariña lucense» tamén son referidas como «comarcas».


Figura 7.14. Mapa comarcal esbozado por De Torres Luna (1994)



Fonte: De Torres Luna (1994). Elaboración propia.

De varios anos despois e cunha finalidade claramente diferente é *Los caminos de Santiago y la geografía de Galicia: rutas, paisajes, comarcas* publicada en 1995 por De Torres Luna. A autora emprega a peculiar expresión «área-comarca» para referirse ás distintas unidades de escala comarcal polas que pasan os camiños de Santiago. Desta maneira, achéganse «comarcas», «subcomarcas» e «macrocomarcas» dependendo da escala. O mapa consta de 28 comarcas que se agrupan en torno ás diferentes rutas de Santiago, o que inevitablemente leva a deixar no territorio amplos espazos baleiros (Figura 7.15). Tamén se achegan, por unha banda, dúas subcomarcas, que son aglutinadas na de «Bajo Miño» e, por outra, dúas macrocomarcas son usadas para englobar as unidades da contorna de Santiago e da depresión de Ourense. Algunhas das comarcas, debido á súa extensión e á diversidade que envolven, como «Depresión meridiana» ou «Golfo Ártabro», poderían ser máis ben definidas como conxuntos. No relativo aos límites comarcais é palpable unha alta imprecisión, xa que non se definen para ningunha delas.

Figura 7.15. Ámbitos comarcais identificados en torno aos camiños de Santiago por De Torres Luna (1995)



Fonte: De Torres Luna (1995). Elaboración propia.

No ano 2000, noutra *Geografía de Galicia* publicada nesta ocasión por Faro de Vigo, De Torres Luna e López Andión, xunto a Durán Villa, pescudan sobre o tema comarcal no capítulo que leva por nome *Comarcas y diversidad geográfica* (De Torres Luna, 2000). Trátase do último apartado da obra, ao entenderen que todo manual xeográfico sobre unha determinada rexión debe rematar coa súa presentación en «espacios menores». Os autores consideran que hai dous factores esenciais á hora de definir as distintas unidades de escala comarcal. Por unha banda, sinalan a importancia das cabeceiras comarcais, que segundo eles teñen a súa orixe na designación das capitais de partido xudicial no século XIX. Por outra, reivindican a necesidade de obter comarcas sentidas pola poboación. Así, din que «las comarcas (…) las crean y las modifican sus habitantes, que son, en definitiva, los que tienen la potestad de 'sentirse dunha ou doutra'» (De Torres Luna et al., 2000: 584). Ademais, perciben os ámbitos comarcais como unha realidade dinámica e cambiante, que dá xogo a ser estudada, xa que se se tratara «de fósiles tendrían límites exactos y no se prestarían a la opinión sobre ellos» (De Torres Luna et al., 2000: 585).

A cartografía comarcal mantén grandes semellanzas coa achegada en De Torres Luna et al. (1985). Porén, nesta ocasión, a compartimentación está influída polas comarcas que a Xunta de Galicia formaliza nos anos 1990, mesmo presentan o mapa comarcal oficial e describen os principais fitos do proceso de comarcalización —véxase capítulo 8—. Así e todo, a división en «conjuntos comarcales», que non en comarcas, a diferenza da achega dos anos 1980, ten límites precisos xa que segue os municipais. O método empregado á hora de establecer as distintas unidades non chega a fixarse de maneira precisa, quizais porque o seu carácter tamén é ecléctico, como na obra pretérita. Eles mesmos recoñecen que son «plenamente conscientes de la precariedad de nuestra sistematización comarcal. (…) Y en cada ocasión parece necesario justificar las apoyaturas que han llevado a tal o cual compartimentación, los criterios de delimitación comarcal. ¿Criterios? Más bien disculpas» (De Torres Luna et al., 2000: 584).

O territorio galego divídese en 46 comarcas, tanto de límites precisos —25— como difusos —21— (Figura 7.16). Estas estarían agrupadas en 14 «conjuntos comarcales», aínda que tamén empregan outros termos para referirse a este chanzo como o de «subconjunto comarcal» ou «macrocomarca». Da mesma maneira que en 1985, pódese observar o que semella unha confusión á hora de definir a escala. Así, conxuntos como «La Tierra de Montes» —o único que non engloba unidades menores— ou «Las Altas tierras del interior pontevedrés» contan cunha extensión máis asimilable a unha comarca que a unha agrupación delas. Os límites provincias tamén se transgriden nesta ocasión: comarcas como «Ría de Arousa y O Salnés» ou conxuntos como «La Tierra de Santiago» presentan un territorio claramente interprovincial.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.16. División comarcal esbozada por De Torres Luna et al. (2000)



Fonte: De Torres Luna et al. (2000). Elaboración propia.

7.5 ESTUDOS MONOGRÁFICOS SOBRE AS COMARCAS DIRIXIDOS DESDE O DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA

Segundo Hernández Borge (1999, 2002), entre as teses de doutoramento e memorias de licenciatura que saíron do Departamento de Xeografía entre as décadas dos 1970 e 1980 existe un tendencia que ten que ver coa escala coa que traballan os autores. Así, por unha banda, nas investigacións doutorais estúdanse territorios de escala superior á comarcal, mentres que, por outra banda, nas memorias de licenciatura véñense decantando por espazos propiamente comarcais. A maior parte dos traballos que se presentaron foron dirixidos polas catedráticas Miralbés Bedera e De Torres Luna. En relación con este tipo de investigacións, cómpre sinalar que ambas as dúas profesoras explicaban en 1976 que o futuro mapa comarcal de Galicia se conseguiría a través da realización de contribucións de escala comarcal que irían cubrindo o territorio galego até a súa totalidade (Casas Torres et al., 1976). É quizais por este motivo polo que o estudo sobre as comarcas é un dos máis habituais neste tipo de estudos.

7.5.1 Os espazos supracomarcais nas teses de doutoramento

Asuminos que as achegas ao estudo das comarcas que as distintas teses de doutoramento recollen ao tratar espazos de escala supracomarcal merece ser tida en consideración. O total de teses de doutoramento en Xeografía presentadas na USC entre 1959 e 1998 é de 34. Destas, podemos considerar que oito aplican a súa investigación sobre espazos de interese para o tema comarcal —ou ben estudan unha comarca ou ben un espazo supracomarcal no que identifican comarcas no seu interior—. Cómpre sinalar que tres delas, as presentadas por Río Barja (1953), Prieto Rodríguez (1959) e Castells Vila (1961) baixo a dirección de Otero Pedrayo, xa foron analizadas no capítulo 6.


Neste sentido, a primeira tese doutoral, logo da creación do Departamento de Xeografía, que establece unha comarcalización de interese é *Transiciones morfológicas y bioclimáticas en el valle del Ulla* de Rodríguez Martínez-Conde, presentada en 1975 baixo a dirección de Miralbés Bedera. Na súa obra, que será publicada en 1982 pola universidade compostelá, o autor entende que o espazo analizado recolle as principais características das comarcas galegas: «en el conjunto Valle del Ulla-Ría de Arosa se sintetizan los principales caracteres geográficos de los distintos conjuntos comarcales gallegos» (Rodríguez Martínez-Conde, 1982: 11). Usa de xeito ambivalente os conceptos de «región», «subregión», «conjunto comarcal», «sector» e «comarca», así por exemplo, unha das subunidades, a de «Arosa», aparece nomeada cos cinco conceptos indicados. O factor topográfico é o usado para dividir as bacías do Ulla e do Umia en distintas «áreas morfológicas con caracteres afines» (Rodríguez Martínez-Conde, 1982: 34), que se traducen en 13 unidades de escala comarcal (Figura 7.17). É necesario sinalar que algunhas destas comarcas tamén mostran solapamentos.

En 1976, este autor, nunha publicación conxunta con Miralbés Bedera e De Torres Luna, define o espazo do val do Ulla como «gran conjunto comarcal». Sinalan os autores que este conxunto comarcal non goza de recoñecemento entre a poboación, senón que son as unidades menores que o forman as realmente percibidas. «Tierra del Deza», «del Ulla», «ría de Arosa» ou «el Salnés» son algunhas destas comarcas de identificación popular (Miralbés Bedera et al., 1976: 419). Porén, case como contraposición a este sentimento popular, consideran que estas «comarcas» que se diferencian no interior do conxunto non contan cunha verdadeira entidade xeográfica: «dentro de los límites, (…) hay una serie de pequeñas unidades comarcales, pero sin verdadera entidad geográfica, paisajística. Son las partes de un todo más amplio como "teselas" del mosaico de conjunto» (Miralbés Bedera et al., 1976: 420).

En 1981, a tese doutoral de Villarino Pérez sobre *Red y jerarquía urbana de la provincia de La Coruña* contribúe para este espazo provincial cun estudo de carácter comarcal. No seu traballo a autora distingue 13 unidades de escala comarcal que presentan unha alta similitude cos ámbitos comarcais esbozados en Miralbés Bedera et al. (1980) (Figura 7.18). Esta situación ten que ver posiblemente con que a súa directora de tese fose a propia Miralbés Bedera. A grandes trazos, coinciden todas as unidades comarcais salvo tres delas —Arzúa, As Pontes e Xallas—, que a autora da tese decide non considerar. Resulta significativo que Villarino Pérez (1981) evite o termo «comarca» para denominar as distintas unidades, senón o de «área funcional». Esta circunstancia pode deberse, unha vez máis, á intención de marcar certa distinta cos criterios de carácter físico e histórico e achegarse a outros de tipo funcional e económico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Figura 7.17. Ámbitos de escala comarcal no val do Ulla segundo Rodríguez Martínez-Conde (1975, 1982)



Fonte: Rodríguez Martínez-Conde (1975, 1982); Miralbés Bedera et al. (1976). Elaboración propia.

As 13 «áreas» que define Villarino Pérez (1981), se ben engloban todo o territorio provincial, é habitual que presenten solapamentos, como acontece no concello de Val do Dubra, no que se dá unha tripla superposición (Figura 7.18). Tamén son habituais as descontinuidades territoriais. Neste sentido, o caso máis significativo é o de «La Coruña», cuxo territorio se reparte entre tres espazos —unha área metropolitana extensa en torno á cidade, a Costa da Morte e a contorna das Pontes—. De feito, pódense distinguir dous «tipos» de áreas funcionais: unhas de grande extensión cuxo territorio abarca outras de menor superficie, que son «La Coruña» e «Santiago»; e, outras, de tamaño máis reducido e máis semellantes á escala comarcal, que representan as restantes. Para fixar os límites séguense os dos concellos, mais pódese advertir unha intención de non respectar os provinciais no feito de que os concellos de Melide, Sobrado e Toques non forman unha unidade de seu, senón que pertencen a outra maior con centro na cidade de Lugo —non representada pola autora por quedar fóra dos límites provinciais da Coruña—.


Figura 7.18. Áreas de escala comarcal identificadas por Villarino Pérez (1981) para a provincia da Coruña



Fonte: Villarino Pérez (1981). Elaboración propia.

Da mesma data que a anterior é a tese doutoral de Chantada Acosta, que leva por nome *Paisaje agrario en la Galicia noroccidental* (1982). Este traballo, no que se estuda unha área xeográfica moi semellante á anterior —aínda que con fins distintos—, será publicado en 1990 respectando a toponimia galega. O autor distingue na rexión da «Galicia noroccidental» dez comarcas formadas por agrupación de concellos (Figura 7.19). As comarcas non abranguen todo o espazo, xa que catro dos concellos —Arteixo, Carnota, Cerceda e Dumbría— quedan sen asignar ao ser cualificados como de «difícil adscrición por atopárense cabalgando entre diferentes comarcas» (Chantada Acosta, 1990: 14). A agrupación de concellos non sempre é o criterio seguido, xa que tres delas —«Terra de Soneira», «Val de Vimianzo» e «Val do Dubra»—, que define como «pequenas comarcas», están formadas por un só concello. Outras dúas das unidades comarcais —«As Mariñas» e «Ría de Muros e Noia»— tamén presentan certa peculiaridade, ao sinalar Chantada Acosta (1981) que constitúen «comarcas parciais» por posuír un territorio comarcal alén dos límites da rexión que estuda.

Figura 7.19. Comarcas fixadas por Chantada Acosta (1982, 1990) nun sector da provincia coruñesa



Fonte: Chantada Acosta (1982, 1990). Elaboración propia.

A tese doutoral de Armas Diéguez sobre *Red y jerarquía urbanas de la provincia de Lugo: bases geográficos-estructurales de la organización espacial*, presentada en 1985 e publicada pola Deputación de Lugo en 1990, é outra contribución a ter en conta. O autor, pese a estudar un ámbito provincial, sinala que o afianzamento desta escala non foi en detrimento doutras unidades «sentidas» como son as comarcas. De feito, é un dos autores do mapa comarcal de 1983, polo que non sorprende que use esta cartografía como base para os seus estudos. É máis, repara en que o obxectivo das comarcas de 1983 debe ser o de convertelas non no resultado dunha investigación xa feita, senón en unidades territoriais que sirvan de base para outros estudos. Dentro da súa obra advirte da existencia de «comarcas naturales» —a saber: «A Mariña», «Courel», «Terra Chá», «Ulloa» ou «Val de Lemos»—, das que di que son cada vez menos consideradas debido á súa heteroxeneidade, o que lle leva a recoñecer que son as «comarcas funcionales» as que permiten unha compartimentación máis exacta e acorde á estrutura socioeconómica de Galicia. Porén, conclúe que «con la delimitación de las comarcas

funcionales no se resolvió el problema de la búsqueda de una división territorial idónea. Se trata de un enfoque más» (Armas Diéguez, 1990: 14).

O mapa de comarcas funcionais que achega Armas Diéguez (1990) é o mesmo que en Miralbés Bedera et al. (1983), o que para a provincia de Lugo equivale a 17 unidades. Sobre a proliferación de pequenas comarcas, xustifica que se debe á evolución do sistema de asentamentos que levou a que pequenos núcleos como A Pontenova, Ferreira, Guitiriz ou Meira articulen «pequeñas comarcas funcionales». É máis, no mapa sobre as «áreas de indiferencia» que achega, todo o territorio de dúas destas pequenas comarcas —«Guitiriz» e «Valadouro»— aparece baixo esta neutralidade. A primeira é indiferente entre «Lugo» e «Vilalba», e a segunda entre «Foz», «Mondoñedo» e «Viveiro», o que conduce a afirmar ao autor que non estamos ante «unidades plenamente definidas». Outra peculiaridade respecto da obra matriz é que sinala as cabeceiras comarcais, isto son, todas as cidades ou vilas homónimas, salvo en dúas comarcas cuxa capitalidade é dual —entre Monterroso e Palas de Rei e entre Viveiro e Burela—. En relación cos límites provinciais argumenta Armas Diéguez (1990: 9) que poden omitirse se é preciso, pero que no caso lugués as distintas comarcas «apenas los sobrepasan» —de feito, ningunha o fai—.


En 1990, Santos Solla presenta a súa tese de doutoramento sobre *Viñedos y vinos de Galicia: estudio geográfico*, na que achega un tratamento das comarcas vitivinícolas. O traballo foi publicado dous anos máis tarde pola Deputación Provincial de Pontevedra. Estas veñen definidas por ser zonas produtoras de viño máis significativas por ser as que ofrecen unha maior calidade na súa produción. As comarcas vitivinícolas máis significativas que considera son «El Ribeiro», «Valdeorras», «Rías Baixas» —formada polas subzonas de «Salnés», «O Rosal» e «O Condado»—, «Valle de Monterrei», «Valle del Miño orensano», «Ribera del Sil», «Tierra de Quiroga» e «Ribera de Chantada». Tamén considera outros «espacios menores» como «Valle del Ulla» ou «Betanzos» (Santos Solla, 1992). Previamente, este académico presentara en 1985 a súa memoria de licenciatura na que centraba a análise na provincia de Pontevedra. Considera os mesmos ámbitos comarcais —só a nivel da provincia pontevedresa—, mais achega unha delimitación que abrangue unha maior superficie (Santos Solla, 1985).

Segundo Santos Solla (1990, 1992), a Administración fixou uns límites «no demasiado correctos» das comarcas vitivinícolas, que se traduce na maior parte dos casos en áreas máis amplas que o territorio de produción. Así, por exemplo, da comarca do Ribeiro, está formada «oficialmente» —segundo unha orde do Ministerio de Agricultura de 1976— por nove concellos de xeito íntegro e varias parroquias doutros cinco. Entende que, desde o punto de vista vitivinícola, a delimitación comarcal presenta «deficiencias bastante importantes» que se derivan da falla de criterios homoxéneos (Santos Solla, 1992: 143). Di que a delimitación comarcal —a efectos vinícolas— non debería considerar a totalidade municipal de Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Leiro e Punxín, por estar varias parroquias en áreas de alta montaña. Tamén considera a supresión do concello de Cortegada, por non manter relación coa comarca desde o punto de vista vinícola. No caso contrario, di que se debería incluír máis superficie de concellos como San Amaro e Toén.

De 1992 é *Estructura agraria y economía rural en la Galicia interior: la Terra Chá y el centro de la meseta lucense* de López Andión. O ámbito que aborda na súa tese, que coincide aproximadamente coa parte máis central da provincia de Lugo, é definido como un «espacio supracomarcal» ao entender que «supera los límites de cualquier comarca, aún considerándola en sentido amplio» (López Andión, 1992: 10). Desta maneira, dentro deste conxunto territorial coexistirían distintas unidades, cuxa delimitación presentaría, segundo o autor, «ciertas dificultades». Por unha banda, de límites claros son a comarca de «Terra Chá» e «La Ulloa»; por outra, a «Terra de Lugo» e a «Depresión de Sarria» presentarían límites difusos (Figura

7.20). Circunscribe o seu estudo a unha Terra Chá formada por dez concellos, da que di seguir o criterio de Pérez Fariña (1973); logo, propón unha segunda delimitación atendendo a un criterio topográfico que lle levaría a excluír varias parroquias da Pastoriza e Abadín e sumar outras de Meira e Pol. Cómpre sinalar que, varios anos antes, en 1978, presentara a súa memoria de licenciatura sobre a Xeografía agraria de «La Terra Cha», que se pode considerar como o precedente da presente achega.

Figura 7.20. Comarcas definidas para unha parte da provincia de Lugo por López Andión (1992)



Fonte: López Andión (1992). Elaboración propia.

7.5.2 Os ámbitos comarcais nas memorias de licenciatura

Entre 1973 e 1995 son tuteladas desde o Departamento de Xeografía da USC varias memorias de licenciatura e teses de doutoramento que seguen un ámbito comarcal. Así, o total de investigacións que botan man desta unidade territorial é de 28, das cales 26 corresponden a memorias de licenciatura e dúas a teses de doutoramento (Hernández Borge, 1999, 2002). Estas 28 comarcas están representadas de maneira conxunta na Figura 7.21. Varios dos xeógrafos que

autorizan estas investigacións asumen ser partícipes do cometido de estudar e coñecer a rexión galega a través do estudo das súas comarcas. Así, por exemplo, nun destes traballos sinálase o seguinte:

> El presente estudio geográfico (…) se enmarca en la tónica de los trabajos que se están llevando a cabo en el Departamento de Geografía de la Universidad de Santiago con el objetivo de contribuir al estudio de la región gallega (Fernández Piñeiro, 1981: 7).

Os autores deste tipo de investigacións coinciden en varios puntos. O primeiro vén marcado pola complexidade que implica sentar os estudos sobre unha delimitación de ámbito comarcal ao non contar esta con límites definidos. Porén, coinciden na necesidade de desenvolver as súas investigacións nesta escala, ao contar cun tamaño apropiado —nin tan reducido como o concello nin tan extenso como a provincia— á hora de analizar os distintos fenómenos xeográficos. En segundo lugar, está a case obriga de desenvolver as unidades comarcais a partir dos límites municipais como consecuencia de que a maior parte dos datos estatísticos —aqueles que permiten un maior grao de detalle— se ofrecen a esta escala. Isto contrasta coa idea que manifestan algúns ao considerar que a delimitación a nivel parroquial sería máis apropiada. E o terceiro punto de encontro, con algunhas excepcións, é o rexeitamento a equiparar a unidade comarcal co partido xudicial —de escala comarcal e de límites coñecidos—: «el partido judicial, que sería la unidad administrativa más próxima, en cuanto a su extensión, a la comarca, no coincide con ella, como en tantos otros casos» (López Andión, 1978: 6).

A primeira memoria de licenciatura dirixida desde a chegada de Miralbés Bedera ao Departamento de Xeografía que bota man do ámbito comarcal como base para os seus estudos é de 1973. Nesta, Romaní Barrientos (1973, 1976) achega un estudo de Xeografía agraria sobre a comarca de «Finisterre» —formada por sete concellos—. Da mesma temática son a achega de Pose Vidal (1975, 1985) sobre unha comarca de «Bergantiños» —constituída por sete concellos— e a de Chantada Acosta (1975, 1976) sobre «El Bajo Miño» —que agrupa 13 termos municipais—. Os criterios seguidos por estes tres autores non se especifican de maneira clara, mais todo apunta a que semellan seguir elementos do medio físico á hora de seleccionar os concellos. No ámbito da Xeografía Física enmárcase a tesiña que Pérez Alberti (1977, 1978) sobre a comarca de «El Ribeiro», unha das poucas que non segue os límites municipais. O autor apóiase en criterios topográficos para seleccionar as 24 parroquias e/ou lugares das ribeiras dos ríos Avia, Barbantiño e Miño, o que dá como resultado unha unidade comarcal descontinua e de reducido tamaño. Da mesma data é a contribución de Guitián Rivera (1977, 1978a, 1978b) sobre «La península de Barbanza», que continúa o xa habitual enfoque agrario.

Souto González (1978) presenta o seu traballo sobre o «Valle Miñor», que a diferenza dos anteriores emprega máis enfoques que o agrario. A delimitación proposta abrangue os concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e a parroquia viguesa de Zamáns. Desta data é tamén o estudo agrario de López Andión (1978, 1979) sobre a comarca de «La Terra Cha», formada por dez concellos —esta delimitación é rescatada na súa tese de doutoramento; véxase apartado 7.5.1—. A última investigación desta década é a memoria de licenciatura de Sánchez Recio (1979) sobre o «Valle del Miñor». Desde unha perspectiva de Xeografía agraria, a autora estuda a mesma comarca que Souto González (1978), coa única diferenza, no que ao ámbito territorial atangue, de non considerar a respectiva parroquia viguesa. Faise necesario sinalar que Miralbés Bedera é a directora de todas estas achegas presentadas ao longo dos anos 1970, agás a relativa ao Baixo Miño que coordina De Torres Luna.

Durante a década dos 1980 son tamén varias as tesiñas que usan a comarca como ámbito territorial para os seus estudos. Unha delas é a achega de Fernández Piñeiro (1981) sobre

«Redondela y su área de influencia», que estaría formada polos catro concellos do partido xudicial. Este traballo é o último desta tipo presentado baixo a dirección de Miralbés Bedera como profesora na universidade compostelá (Hernández Borge, 2002). Logo da marcha desta profesora, iranse consolidando dous xeitos de estudar os ámbitos comarcais no que respecta á realización das memorias de licenciatura. Por unha banda, os estudos dirixidos por Rodríguez Martínez-Conde tendentes a primar criterios funcionais que posibiliten a delimitación de áreas de influencia. Por outra, os coordinados por De Torres Luna, nos que prevalecen os criterios do medio físico —aínda que influenciados por pautas funcionais— e orientados cara a un enfoque agrario/rural.

No que respecta ao bloque das investigacións dirixidas por De Torres Luna, a saber: «Valle de Verín» —formado por oito concellos— de Gómez Nieto (1982); «Valle del Salnés» —seis concellos de xeito íntegro e parroquias doutros catro— de Cortés Couselo (1982); «La Ulloa» —tres concellos— de Lois González (1984, 1988); o mesmo ámbito, coa denominación de «Alto Ulla», é estudado por Fernández Abel (1984, 1994); «Comarca de Viana do Bolo» —catro concellos— de Álvarez Rodríguez (1984, 1994); «La Mariña lucense occidental» —cinco concellos e o posterior de Burela— de Fra Paleo (1985, 1987); «El Ferrol y su entorno comarcal» —sete concellos— de López Vizoso (1985); e, «Las Mariñas dos Freires» —seis concellos— de García Pazos (1986, 1990). Significativa é a investigación de Cortés Couselo (1982) no relativo a que non segue os límites municipais á hora de delimitar a comarca.

O segundo grupo de traballos, como sinalamos, veñen coordinados por Rodríguez Martínez-Conde. Neste contexto, preséntanse tres estudos sobre as áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, que aplican claramente criterios funcionais á hora de achegar os límites. A área metropolitana de Vigo é estudada por Fernández Freire (1981), que selecciona 12 concellos da contorna da ría e outros do interior que gardan relación estreita coa cidade olívica. Os outros dous traballos aplican a súa investigación á Coruña, son os de García Pita (1981) e Santos Ledo (1981, 1984, 1986), que consideran os mesmos oito concellos —aínda que para a análise de determinados aspectos ambos os dous autores só botan man de tres parroquias do concello de Carral escusándose en que as restantes teñen menos relación coa cidade da Coruña—. Entre os criterios que seguen estes autores á hora de definir as áreas metropolitanas da Coruña e Vigo están o grao de urbanización, o crecemento e densidade da poboación, o emprego nos sectores secundario e terciario ou os movementos pendulares.

Alén dos estudos sobre as áreas metropolitanas da Coruña e Vigo, baixo a dirección de Rodríguez Martínez-Conde preséntanse outros traballos, a saber: «La Limia» —formada por oito concellos— de De la Puente Fernández (1981, 1985); «Terra Chá» —dez concellos e sete parroquias doutros dous— de Rodríguez Cudeiro (1981); «Betanzos y su área de influencia» —12 concellos— de Rodríguez Facal (1981, 1984); «Comarca de Xallas» —36 parroquias de sete concellos— de Domínguez Rial (1982); e, «Carballino y su área de influencia» —dez concellos— de González Gallego (1982). Destes, merecen unha mención especial os estudos de Rodríguez Cudeiro (1981) e Domínguez Rial (1982), xa que xunto ás pautas funcionais aparecen criterios topográficos á hora de determinar os límites da comarca —en ambos os dous casos descéndese ao nivel parroquial—. O traballo de Rodríguez Cudeiro (1981) tamén é significativo no sentido de que achega unha análise da xerarquía do sistema de asentamentos: Vilalba —no nivel I— constitúe a «capital comarcal», mentres que Guitiriz e Meira —no nivel II— e A Feira do Monte e Rábade —no III— son definidos como «subcentros comarcales».

A finais da década dos 1980, está a que é a primeira tesiña presentada en galego —no campo da Xeografía— e que describe unha unidade de escala comarcal (Hernández Borge, 2002). É o traballo de García Vidal (1988, 1989, 1991) sobre «Noia e a súa área de influencia» formada por cinco concellos da contorna da ría e coordinada por Rodríguez Martínez-Conde.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

A última en considerar, coa que se pecha a década, é sobre a «Comarca Arzúa-Melide» —formada por sete concellos— de Campillo Ruiz (1989). Esta é tamén a única, dentro das consideradas, que dirixe Precedo Ledo e na que se aplica un enfoque de ordenación territorial. Na década dos 1990, as memorias de licenciatura que asentan os seus estudos sobre un ámbito comarcal son menos numerosas, xa que gañan importancia aquelas que desenvolven as súas investigacións sobre un determinado núcleo ou para o conxunto de Galicia; e, cando optan por empregar a escala comarcal, esta garda coincidencia coa da delimitación que a Xunta de Galicia oficializa en 1997.

Nunha dinámica similar á das memorias de licenciatura preséntanse algunhas teses de doutoramento que coinciden en estudar, desde distintas ópticas, espazos de ámbito comarcal (Hernández Borge, 1999). A primeira é sobre a «Ría de Arousa» de Pérez Sánchez (1994, 1996), que estuda as actividades pesqueiras dun espazo formado por 13 concellos, o que supón considerar a todos os da ría máis a outros do interior baixo a influencia de Vilagarcía —situada na «cúspide de la estructura jerárquico-espacial arosana» (Pérez Sánchez, 1994: 278)—. Tamén a tese doutoral de Fumega Piñeiro (1995) sobre a «Tierra de O Carballiño» achega un estudo integral da comarca. O autor selecciona un territorio de 15 concellos que desborda o da comarca tradicional ao englobar parte do Ribeiro —incluída Ribadavia, a capital—, xa que considera que a comarca coincide coa bacía do Avia, o verdadeiro «nexo de unión».


Finalmente, cómpre facer referencia a uns estudos comarcais publicados polas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación da Coruña e de Santiago de Compostela entre finais da década dos 1980 e comezos dos 1990 (Figura 7.22). Trátase duns traballos que procuran mostrar a realidade física, demográfica, económica e social de cinco comarcas diferentes: Betanzos, Carballo, Ordes e Vimianzo-Baio —por parte da Cámara de Comercio da Coruña—, e Santiago —por parte da Cámara de Comercio homónima—. O obxecto que se persegue é dar a coñecer a situación, posibilidades e perspectivas de desenvolvemento socioeconómico destas áreas e pescudar acerca do labor que as Cámaras de Comercio deben protagonizar na sociedade.

Os cinco estudos son realizados por xeógrafos: García Pita (1986) encárgase da comarca de «Carballo» —formada por cinco concellos—; De Uña Álvarez (1988a, 1988b, 1990) asume as comarcas de «Betanzos» —tamén referida como «Betanzos-Curtis», que conta con dez concellos—, «Vimianzo-Baio» —que integra cinco concellos— e «Santiago» —formada por dez concellos—; e, Vázquez Cernadas (1989) é a autora da comarca de «Ordes» —tamén denominada «Ordes-Val do Dubra», que reúne sete concellos— (Figura 7.22). Cómpre sinalar que dous concellos que pertencen á Cámara de Comercio da Coruña e que se estudan dentro da comarca de Ordes —os de Trazos e Val do Dubra—, son tamén abordados dentro da comarca de Santiago. De Uña Álvarez (1988b: 13) considera estes concellos dentro da comarca compostelá «por necesidad de constitución espacial y funcional de la propia comarca, no sujeta, como unidad geográfica viva, a los límites administrativos».

A comarca é considerada o ámbito máis axeitado sobre o que realizar este tipo de investigacións ao ser asumida como «algo vivo». Os autores conciben a comarca desde unha perspectiva funcional, isto é, definida por «flujos de población y actividades económicas que se organizan en torno a un núcleo rector o "cabecera comarcal"» (Vázquez Cernadas, 1989: 3). Neste sentido, parafraseando a Miralbés Bedera et al. (1983), din que se debe fuxir da «imprecisión» e «ambigüedad» da «periclitada "comarca natural"» (García Pita, 1986: 3). Respecto dos límites comarcais, os tres autores sinalan partiren da comarcalización esbozada en Miralbés Bedera et al. (1983), mais adecuada, necesariamente, á demarcación das Cámaras de Comercios e aos límites municipais (Figura 7.22). Así, por exemplo, a comarca de Carballo é de dimensión máis reducida para, segundo o autor, «obtener un análisis más pormenorizado

y real» (García Pita, 1986: 5). Tamén a comarca de Betanzos é de menor extensión por pertencer varios dos concellos á Cámara de Comercio de Ferrol (De Uña Álvarez, 1988a).


Figura 7.21. Comarcas nas memorias de licenciatura e teses de doutoramento coordinadas desde o Departamento de Xeografía (1973-1995)



Fonte: Álvarez Rodríguez (1984, 1994); Campillo Ruiz (1989); Chantada Acosta (1975, 1976); Cortés Couselo (1982); Domínguez Rial (1982); Fernández Abel (1984, 1994); Fernández Freire (1981); Fernández Piñeiro (1981); Fra Paleo (1985, 1987); Fumega Piñeiro (1995); García Pazos (1986, 1990); García Pita (1981); García Vidal (1988, 1989, 1991); Gómez Nieto (1982); González Gallego (1982); Guitián Rivera (1977, 1978a, 1978b); Lois González (1984, 1988); López Andión (1978, 1979); López Vizoso (1985); Pérez Alberti (1977, 1987); Pérez Sánchez (1994, 1996); Pose Vidal (1975, 1985); De la Puente Fernández (1981, 1985); Rodríguez Cudeiro (1981); Rodríguez Facal (1981, 1984); Romaní Barrientos (1973, 1976); Sánchez Recio (1979); Santos Ledo (1981, 1984, 1986); Souto González (1978). Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.22. Estudos comarcais impulsados polas Cámaras Oficiais de Comercio da Coruña e Santiago (1986-1990)



Fonte: García Pita (1986); De Uña Álvarez (1988a, 1988b, 1990); Vázquez Cernadas (1989). Elaboración propia.

7.6 ACHEGAS COMARCAIS DESDE FÓRA DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA

Durante as décadas de 1970 e 1980, son varias as obras de xeógrafos que, desde fóra da institución universitaria, abordan o estudo das comarcas. Unha destas é a *Xeografía de Galiza*, que presenta Pérez Alberti en 1979. Esta obra forma parte do «proxecto experimental de ciencias sociais de Galiza» que coordina Santillana e que busca achegar á educación aspectos xeográficos, históricos, culturais e artísticos de Galicia. Na obra, Pérez Alberti (1979) estuda os aspectos do medio natural e humano de Galicia e dedica a última parte da obra —tres dos 14 capítulos— a tratar a cuestión comarcal. O autor apunta a que as comarcas son «abundantes» en Galicia, mais di que o seu estudo detallado e preciso é unha tarefa difícil pola complexidade que implica a súa delimitación. Segundo Pérez Alberti (1979: 90), as comarcas son «un feito fundamentalmente humano», o que explicaría a dinámica dos seus límites. Así, considera que hai comarcas que medraron estendendo os seus límites, mentres que outras foron a menos.

Na obra contempla 32 comarcas (Figura 7.23). A principal diferenza entras as unidades comarcais ten que ver con que só para algunhas se sinalan os seus límites de xeito preciso —15—, isto é, a través dos concellos que as formarían. Exemplos de comarcas de límites claros son «Bergantiños» ou «A Terra Chá», mentres que outras como «A Amaía» ou «Terra de Montes» aparecen debilmente esbozadas (Pérez Alberti, 1979). Porén, é posible que as comarcas de límites precisos non o sexan tanto no sentido de que o territorio comarcal resultante semella estar falto dalgún concello, como é o caso de «As Mariñas» ou «Monterrei», que non aparecen «completas». No sentido contrario, partes dos concellos que se inclúen quedarían fóra da comarca como nos casos d'«O Barbanza» ou «O Ribeiro». A dificultade á hora de precisar os límites comarcais é usada polo autor para xustificar que só se estuden «algunhas comarcas representativas», o que deixaría a porta aberta a que fosen máis.

O autor tamén achega un mapa no que representa —sen límites— as distintas comarcas, coa peculiaridade de que se cartografan catro comarcas máis que logo se esquecen na breve descrición escrita que se achega para cada unha delas —as «terras» de «Deza», «Melide», «Ortigueira» e «Sarria»— (Figura 7.23). Ademais, pódense identificar catro «subcomarcas» —aínda que non se achega ningunha denominación para definir esta escala—, como é o caso das «Arnoias» e «Limias» «altas» e «baixas» —dentro das comarcas homónimas— (Pérez Alberti, 1979). Outro aspecto chave á hora de definir as comarcas ten que ver con que para todas elas sinala o seu centro, ao que, por certo, se refire de diversos xeitos: «cabeza comarcal», «capital comarcal», «centro comarcal», «centro natural», «centro máis importante», «centro de mercado», «centro ordenador», «núcleo fundamental», «núcleo importante», «verdadeira capital», etc.

En 1979, o xeógrafo francés Bouhier presenta *La Galice: essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. O traballo, que consta de dous tomos, busca comprender as orixes, a evolución histórica e a situación presente do sistema agrario galego (López Andión, 1998). Nesta tarefa, identifícanse catro «formes de l'organisation agraire» —«banquettes et terrasses», «terroirs à "agras"», «terroirs d'enclos» e «grands openfields»— para cuxa localización e caracterización se bota man das distintas comarcas de Galicia. Ademais, as unidades comarcais tamén afloran ao longo da obra para tratar as distintas particularidades que presentan os espazos agrarios, as xentes, as explotacións agrarias, os tipos de cultivos e de gandaría, o réxime de propiedade, os instrumentos e as técnicas de labranza, os asentamentos de poboación, a tipoloxía parcelaria, os rendementos agrícolas, etc.

A grandes trazos, as catro formas principais de organización agraria coinciden con espazos de escala supracomarcal para os que se achegan uns límites máis ou menos precisos —a través da agrupación de concellos ou partes deles— (Bouhier, 1979). Unha excepción ten que ver coa dos espazos agrarios organizados en «banquettes et terrasses», xa que a súa presenza na parte noroeste de Galicia coincide cun espazo de ámbito claramente comarcal: «Les Mariñas». Estas van da ría da Coruña á de Ferrol e agrupan 23 concellos —13 de xeito íntegro e partes doutros dez— (Figura 7.24). Para o resto do territorio galego, a coincidencia entre as formas de organización agraria e os ámbitos de escala comarcal deixa de manifestarse, mais as comarcas están presentes para sinalar as diferenzas e particularidades que cada unha das forma de organización agraria manifesta no seu interior.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.23. División comarcal identificada en Pérez Alberti (1979)




Fonte: Pérez Alberti (1979). Elaboración propia.

O número de comarcas que se identifican é de 70 (Figura 7.24). Respecto da súa extensión, estas van desde grandes superficies comarcais como a «Meseta Lucéenne» ou as «Montagnes Orientales» —cumpriría pensar, nestes anos, que se trata máis de espazos supracomarcais que de comarcas propiamente ditas— até pequenos vales fluviais como «Valle de Lorenzana» ou «Valle de Rois». As comarcas identificadas contan con límites difusos, agás para o caso de «Les Mariñas» polo feito de coincidir coa forma de organización agraria (Bouhier, 1979). Por exemplo, sobre a impresión dos límites comarcais, Bouhier (1979) afirma que o «Ribeiro de Orense» vai da Peroxa a Toén e o «Ribeiro de Avia» deste último a Cortegada. Para algunhas das comarcas tamén se apunta o número de parroquias que as compoñen, mais sen precisar cales son exactamente, como é o caso de «Valle de Cedofeita» —catro—, «Valle de Mondoñedo» —seis— ou «Valle de Oro-Valedouro» —15—.

Un aspecto significativo ten que ver cos solapamentos entre as distintas comarcas (Figura 7.24). Así, por exemplo, as «vallées» de «Barcela» e «Dubra» e as de «Mahía» e «Rois» forman

parte do «Bas-Tambre» e «Bas-Ulla», respectivamente. Outro exemplo ten que ver co «Val de Zás» que, segundo o autor, que toma como referencia a *Guía de Galicia* de Otero Pedrayo (1926d) e a *Geografía de Galicia* de Fraguas Fraguas (1953), se integra dentro da «Tierra de Soneira». Cómpre sinalar a ambigüidade á hora de identificar o nome das comarcas. Un caso concreto para a área do Baixo Miño, constitúeo a referencia indistinta a ese ámbito territorial como «Bas-Miño», «Frange Miñote» ou mesmo «Vallée du Miño».

Figura 7.24. Ámbitos comarcais definidos na obra de Bouhier (1979)



Fonte: Bouhier (1979). Elaboración propia.

Nestas mesmas datas, en 1980, outro xeógrafo galego, Souto González, presenta *A rexionalización de Galicia*, dentro da obra colectiva *Galicia: a nosa terra* e que edita Escola Aberta. Con esta contribución, o autor pretende achegar unha primeira «rexionalización» de Galicia, co obxectivo de valer de punto de partida para posteriores investigacións. Así, determina tres niveis de organización do territorio: a «parroquia» —artellada por «aldeas», «barrios» ou «lugares»—, a «comarca» ou «bisbarra» e a «rexión» (Souto González, 1980).

Porén, non se trata necesariamente de niveis que se organizarían de xeito xerárquico, xa que tanto a comarca —ou bisbarra— como a rexión poderían equivaler a unidades da mesma escala. Segundo o autor, a principal diferenza entre os dous conceptos está en que a comarca ou bisbarra se apoia en elementos de tipo «natural» e «tradicional» mentres que a rexión vén configurada en base ás relacións socioeconómicas —e contaría cun ou varios núcleos reitores—.


A «rexionalización» que se achega busca conxugar ambas as dúas acepcións, isto é, «as distintas comarcas naturais, froito dos condicionantes históricos nun sistema agrícola tradicional sobor dun medio físico compartimentado, coas distintas rexións económicas que xorden agora» (Souto González, 1980: 152). Así, explica o autor que os límites destas unidades de escala comarcal xa non son tan precisos como os das parroquias, mais que é habitual que veñan demarcadas por accidentes xeográficos como vales ou montañas. A estes condicionantes físicos que serían o punto de partida habería que sumar a acción das persoas —desde unha perspectiva histórica— como elemento configurador último dos límites comarcais. En relación con isto, considera Souto González (1980) que nunha economía tradicional agraria e con poucos medios de comunicación os límites estiveron moi ligados ás barreiras topográficas, mais o progreso na economía e nos medios de transporte modificou os límites comarcais tradicionais. Os novos límites, máis vencellados a aspectos sociais e económicos, caracterízanse tamén por unha alta variabilidade.

O número de comarcas ou bisbarras que se poden individualizar é de 87 (Figura 7.25). Na tarefa de identificación das comarcas, o autor di que segue os traballos de varios xeógrafos, mais explica que destaca a enumeración comarcal que Fraguas Fraguas (1953) achega na súa *Geografía de Galicia* por canto lle valeu de base para o seu estudo. Deste xeito, a práctica totalidade das comarcas que se identifican son as mesmas, como se pode comprobar na área do val do Miño ourensán onde dominaría toda unha serie de pequenas comarcas que se toman de Fraguas Fraguas (1953), tales como «Terra de Maside» ou «Val do Barbaña». Cómpre sinalar que todas as comarcas aparecen agrupadas en catro «grandes rexións». Estas últimas, aparentemente, teñen que ver coas «rexións» de carácter económico, como é o caso d' «A Montaña Galega» ou da «Galicia Litoral». Á súa vez, dúas destas grandes rexións tamén son partidas noutro nivel intermedio antes de chegar ás comarcas.

Ademais das comarcas, Souto González (1980) achega unha relación de «rexións» —ou «rexións económicas»—, tamén de escala comarcal —e supracomarcal— (Figura 7.26). Considérase que as comarcas ou bisbarras van perdendo importancia en favor das rexións, que veñen a condicionar «a vida do home social dos anos setenta na Galicia» (Souto González, 1980: 167). Porén, tamén repara en que as comarcas ou bisbarras seguen sendo a base das novas rexións: «podemos observar unha relación entre as comarcas naturais e as rexións económicas, pois aínda que aquelas perden a súa personalidade en beneficio destas, aínda conservan unha serie de trazos comúns» (Souto González, 1980: 167). Segundo o autor, os factores analizados para chegar a estas unidades son: os servizos que ofrecen as vilas —sanitarios, educativos, de mercado, ocio, etc.—, os postos de traballo e o dinamismo da poboación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.25. Mapa de comarcas esbozado por Souto González (1980)



Fonte: Souto González (1980). Elaboración propia.

Cómpre sinalar que os centros das rexións actúan con diferente intensidade de atracción, o que dá lugar a unha serie de interferencias e solapamentos a causa da maior fraxilidade e inestabilidade dos límites socioeconómicos. Así, por unha banda, as «grandes rexións», isto é, as sete cidades galegas e algunhas das vilas máis dinámicas como Monforte e Vilagarcía, formarían unidades de maior superficie (Figura 7.26). E, por outra banda, no interior destas grandes rexións organizaríanse unha serie de «rexións menores» que formarían espazos de dimensións máis reducidas, tales como «Curtis», «Rábade» ou «Redondela». Para Souto González (1980), nestas rexións menores existe unha «dependencia total» dos veciños respecto do núcleo reitor, aínda que este se insira dentro dunha estrutura superior que forman as grandes rexións. Estas mapas foron recompilados por Rozas Cairo (1980) dentro da colección *Galicia en mapas*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.26. «Rexións económicas» de Galicia segundo Souto González (1980)



Fonte: Souto González (1980: 168).

Entre 1980 e 1981, a editorial Nauta presenta a voluminosa *Galicia eterna*, que consta de seis volumes nos que se analizan aspectos sobre a xeografía, historia, antropoloxía, arte ou literatura de Galicia e no que participan intelectuais tan destacados como Carvalho Calero, Álvaro Cunqueiro, Fraguas Fraguas, Filgueira Valverde ou Ramón Piñeiro. Os temas xeográficos, nos que se trata o relevo, clima, solo, hidrografía, poboación, cidades, sector primario, industria, transporte ou turismo, son asumidos por un grupo de xeógrafos galegos encabezado por Pérez Alberti e do que tamén forman parte Adán Porto, Fernández Justo, Guitián Rivera e López Andión. Todos eles son os que de maneira conxunta desenvolven, dentro do volume IV —presentado en 1981—, a redacción dun capítulo sobre «Las comarcas gallegas».

Porén, xa no volume III, onde Pérez Alberti (1981) introduce as cuestións xeográficas, sinala que ao analizar Galicia polo miúdo, isto é, «al bajarnos a contemplarla con detalle, al recorrerla», se observa que non é ese territorio homoxéneo que se percibe a primeira vista, senón que se poden distinguir distintos «paisajes» ou «tierras» en función da combinación de distintos elementos, como son o relevo, a composición xeolóxica, o clima, a vexetación, os cultivos ou o hábitat. Deste xeito, sostén que «casi podríamos afirmar que cada rincón es un

paisaje distinto. Cada comarca, cada valle, cada sierra presentan sus propias peculiaridades, su propia idiosincrasia» (Pérez Alberti, 1981: III 467).

No capítulo dedicado a tratar o tema comarcal de Galicia, os autores comezan sinalando que o que presentan é un estudo limitado a causa dos problemas e dificultades de identificación e delimitación das distintas comarcas (Pérez Alberti et al., 1981). As comarcas históricas, asociadas normalmente a esquemas morfolóxicos, conviven con novas realidades comarcais que se comezan a individualizar a causa da introdución de cambios no territorio. Ademais, explican que o feito de que se trate aínda dun tema pouco estudado impídelles dar unha visión completa da situación comarcal de Galicia. Porén, consideran preciso «realizar una comarcalización de Galicia, tan necesaria para el desarrollo económico, administrativo, cultural, del país gallego» (Pérez Alberti et al., 1981: IV 762). Apuntan os autores que, se ben esta é unha tarefa imprescindible, é tamén un traballo de extraordinaria complexidade.


Consideran que as comarcas non son obxectos «estáticos», «perennes» e «perfectamente limitados», senón que se trata de realidades «dinámicas», «vivas» e «capaces de cambiar en calquera momento» (Pérez Alberti et al., 1981). Así, as comarcas poden medrar ou diminuír en función de novas situacións como consecuencia da introdución de mudas no territorio como o progreso dos transportes e as comunicacións, as infraestruturas ou a creación de industrias. Por exemplo, indican que «As Mariñas» englobaban todo o golfo ártabro mais que o despunte económico da Coruña e Ferrol levou a que formasen comarcas propias e se reducise a comarca orixinal ás rías de Ares e Betanzos. No caso contrario, «O Ribeiro» é presentado tradicionalmente como unha comarca pequena ao redor do río Avia, ao que logo se engaden os vales do Miño e do baixo Arnoia. Tamén se fala de comarcas que sufriron moi poucas modificacións: «Terra de Montes», «A Limia Baixa» ou «O Bolo».

Na obra identifícanse un total de 28 comarcas (Figura 7.27). Primeiro de todo, cómpre sinalar a enorme similitude das unidades comarcais que se presentan coas identificadas en Pérez Alberti (1979). Así, comarcas de límites claros —17— como «Bergantiños», «Terra Chá» ou «Terra de Trives» reúnen a exactamente os mesmos concellos e o mesmo acontece coas de límites difusos —11—, posto que se representan practicamente igual. Ademais, no interior das comarcas d'«A Arnoia», «A Limia» e «Mariña lucense» pódese observar a presenza de subcomarcas —nove— (Pérez Alberti et al., 1981). Por exemplo, na comarca da «Mariña lucense» —se ben á hora de falar da súa diversidade interna preséntana como un «conjunto comarcal»— distinguen as «subcomarcas» de «Tierra de Ribadeo», «El Valedouro» ou «Valle del Masma». Os ámbitos comarcais son agrupados en catro «subregiones».

Dentro dos ámbitos comarcais tamén se definen para varios deles os centros ou cabeceiras comarcais (Figura 7.27). Deste xeito, por poñer algúns exemplos, Ordes preséntase como o «centro natural y comercial» da «Tierra de Órdenes», Monterroso e Palas de Rei como os «principales núcleos de población» de «La Ulloa» ou Pedrafita do Cebreiro como o «centro sobre el que gravita la vida comarcal» d'«O Cebreiro» (Pérez Alberti et al., 1981). En relación con isto, é relevante sinalar que algunhas das comarcas preséntanse como «dependentes» de núcleos de poboación de maior alcance e peso demográfico e económico. Así, apúntase que as comarcas de «El Rosal» e «Val Miñor» forman parte da «gran área de influencia de Vigo», ou que «O Barbanza» e «A Mahía» se moven na «órbita de Santiago».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.27. División comarcal observada en Pérez Alberti et al. (1981)




Fonte: Pérez Alberti et al. (1981). Elaboración propia.

Só un despois, Pérez Alberti (1982) asume a elaboración dos capítulos xeográficos dentro do *Atlas de Galicia* que edita Sálvora. O cuarto dos apartados está dedicado á «diversidade rexional». O autor identifica catro grandes *rexións* —dúas están divididas en *rexións* de segundo nivel— para as que describe os seus principais trazos xeográficos. No interior destas, relaciona unha serie de comarcas, que nos resultaron facilmente identificables por apareceren ben definidas no texto: «dentro dela [da «rexión setentrional costeira»] podemos distingui-las bisbarras de…» (Pérez Alberti, 1982: II 137), «sobre esta rexión [a «rexión centro-occidental costeira»] aséntanse unha serie de comarcas agrícolas e gandeiras de grande importancia, como son as de…» (Pérez Alberti, 1982: II 144) ou «nela [na «rexión sudoriental»] podemos encontrar comarcas moi variadas, tanto polo seu grado de desenvolvemento, coma súas actividades; sobresaen as de…» (Pérez Alberti, 1982: II 168).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O número de comarcas que podemos identificar é de 45 (Figura 7.28). Estas presentan certas similitudes coas unidades comarcais definidas polo autor anos antes en Pérez Alberti (1979) e Pérez Alberti et al. (1981). Porén, nesta ocasión, Pérez Alberti (1982) opta por non ensaiar límites precisos para ningún dos ámbitos comarcais. Cómpre indicar tamén que as comarcas aparecen repartidas de maneira máis uniforme polo conxunto do territorio galego, entre outros motivos, porque o número de unidades que identifica é superior que nos seus traballas previos. Entre as comarcas de novo cuño podemos destacar «O Morrazo», «As Pontes» ou a «terra de Queixa».

Figura 7.28. Comarcas e bisbarras definidas por Pérez Alberti (1982)



Fonte: Pérez Alberti (1982). Elaboración propia.

A mediados da década de 1980, Souto González presenta dous traballos nos que reflexiona sobre reflexiona sobre a «rexionalización» do suroeste galego. O autor reivindica neles a necesidade dunha nova división territorial para o conxunto de Galicia que recupere o equilibrio entre poboación e recursos e sexa útil para combater a falla de servizos e equipamentos. Así,

ademais da parroquia, o concello e o conxunto de Galicia, concibe dous niveis: a «comarca» e a «rexión» (Souto González, 1984, 1985). A «rexión» é concibida como un ámbito que, ligado aos procesos de urbanización, comporta uns intereses e problemas de carácter económico e social comúns. Deste xeito, propón a adopción de cinco «rexións» —ou «rexións urbanas»—, a saber: «Golfo ártabro», «Vigo-Pontevedra», «Eixo Santiago-Ría de Arousa», «Ourense» e «Lugo con prolongación en Monforte». Ademais, sinala a tendencia a constituírense en futuras rexións autónomas «A Mariña lucense» e «O Barco de Valdeorras».

Na súa achega de 1984, o autor contempla para a área de Vigo unha «rexión urbana» formada por 29 concellos, ao redor dos «centros» de Pontevedra e Vigo (Figura 7.29). Porén, esta «rexión urbana» non se mantén estable nas distintas achegas (Souto González, 1984). Na que fora a súa memoria de licenciatura sobre o Val Miñor falaba dunha «rexión» formada por dez concellos de xeito íntegro e 11 parroquias doutros tres (Souto González, 1978). E, en 1985, o número de concello que forman a «rexión urbana» pode ascender aos 38 ao considerar os da periferia pontevedresa (Souto González, 1985). Porén, a influencia que exerce a cidade de Vigo sobre a súa periferia non é homoxénea, senón que Souto González (1984, 1985) insiste que o grao de dependencia é maior nos concellos máis próximos e vai diminuíndo ao afastarse. Así, configúrase unha «área de vecindade» formada por sete concellos da periferia máis inmediata á cidade olívica e unha «área de proximidade» que vén sumar once concellos máis —localizados entre a área de veciñanza e o conxunto da rexión viguesa— e que nos daría un espazo integrado por 18 deles (Souto González, 1984, 1985). Todas estas delimitacións representámolas na Figura 7.29.


No seo das rexións englobaríanse «unhas realidades inferiores, marcos de vida relacional máis visible e perceptible polos homes, as comarcas» (Souto González, 1985: 157). No caso da rexión de Vigo, son oito as comarcas, que veñen determinadas polos concellos que as integran (Figura 7.29). O autor defíneas como «aquelas superficies con elevados niveis de homoxeneidade, cunha xerarquización tradicional de asentamentos e unha tradicional vida de relación social» (Souto González, 1984: 436). Explica que se conformaron en base a uns factores físicos e históricos que hoxe xa non teñen tanta relevancia, polo que tamén as adxectiva como «naturais» e «tradicionais». Porén, pese a que as comarcas quedan «atrapadas» na dinámica funcional de Vigo, o autor considera que seguen sendo unidades perceptibles e sentidas polos veciños que as habitan xa que «deron lugar a unha vida en común que fica na mentalidade actual das xentes» (Souto González, 1985: 167).

O autor sostén que a vida comarcal se foi diluíndo no interior das grandes cidades, isto é, as comarcas, que posuían unha «vida de seu», vanse integrando cada vez máis no seo da rexión urbana (Souto González, 1984, 1985). Non obstante, defende que as comarcas, entendidas como espazos económicos e funcionais cun centro comarcal reitor, se deben manter cun certo grao de funcionamento autónomo que integre a vida das aldeas e parroquias: «a mellor alternativa de desenvolvemento que se pode ofrecer, dentro da rexión programada, é a de articular as comarcas no interior da vida rexional» (Souto González, 1985: 176). Para o autor, estes ámbitos territoriais constituirían unhas unidades «básicas» e «mínimas» que servirían de base para o desenvolvemento integral do conxunto da rexión.

Outra importante contribución de Souto González é a súa *Xeografía Humana*, que publica a editorial Galaxia en 1988. O autor non achega un estudo comarcal, mais explica que a organización territorial de Galicia se debe levar a cabo a través da análise das principais cidades e vilas, algunhas das cales organizarían áreas de escala comarcal. Na cúspide da pirámide estarían as cidades da Coruña e Vigo, que rexerían cadansúa «área de influencia directa» (Souto González, 1988). A área de influencia directa de Vigo estaría formada por 18 concellos —os mesmos que os identificados en Souto González (1984, 1985) baixo a denominación de «área

de proximidade»—, mentres que a da Coruña, de menor extensión, reuniría oitos concellos (Figura 7.29). Das cinco cidades galegas restantes, Ferrol e Pontevedra son cualificadas como «cidades de apoio na trama urbana reitora» —da Coruña e Vigo, respectivamente— e Lugo, Ourense e Santiago de Compostela como «cidades reitoras do interior».

Figura 7.29. Ámbitos de escala comarcal identificados por Souto González na periferia de Vigo (décadas de 1970-1980)



Fonte: Souto González (1978, 1984, 1985, 1988). Elaboración propia.

Entre este primeiro nivel e o espazo rural, Souto González (1988) fala da existencia dun «feble» chanzo «intermedio». Este nivel, que sería o formado polas vilas e centros urbanos, actuaría de enlace entre as principais cidades galegas e o espazo rural rexendo espazos propios de escala comarcal. O autor non achega unha relación de cales serían estes núcleos, mais exemplifícao a través de tres «vilas cabeceiras comarcais no interior»: Arzúa, O Carballiño e Verín. Deste xeito, de Arzúa di que é o lugar central que «nodaliza as actividades agropecuarias» da contorna; da vila do Carballiño realza o seu papel como centro de actividades

terciarias e de emprego maioritario neste sector; e, de Verín considera que é unha importante cabeceira que actúa como punto intermedio para o rural (Souto González, 1988). Exemplos doutras vilas, das que se sinala que están en proceso de industrialización e modernización, son O Barco, Monforte de Lemos, Vilagarcía ou Viveiro. Tamén se fala se vilas ensarilladas no interior das áreas urbanos, como é o caso de Betanzos, Carballo, Cangas ou Tui.

Durante os anos 1990, Souto González continúa o seu labor investigador con contribucións sobre a cidade de Vigo e a súa «área». En *Vigo: cen anos de historia urbana (1880-1980)*, a obra publicada en 1990 que recolle a súa tese de doutoramento, o autor achega algúns cambios en relación co seu traballo inicial de 1984. Desta forma, a «área de vecindade» mantense invariable —integrada polos mesmos sete concellos—, prescíndese da «área de proximidade» —que estaba formada por 18 concellos—, a «rexión urbana» pasa a ser agora a «área de influencia directa» —constituída polos mesmos 29 concellos— e, como consecuencia, achégase unha nova «rexión urbana» moito máis extensa e de límites difusos (Souto González, 1990). Porén, sábese que a nova rexión urbana abrangue a práctica totalidade da provincia de Pontevedra —o extremo norte podería ser o concello de Pontecesures— e a parte occidental da de Ourense —inclúe as vilas do Carballiño e Ribadavia e mesmo chegaría ás portas da cidade de Ourense—. Esta nova organización da área de Vigo será reivindicada polo autor durante toda a década dos 1990 (Souto González, 1990, 1991, 1994, 1995; Souto González e Souto González, 1991).

Finalmente, Souto González (1994) achega unha primeira visión sobre os centros urbanos da área viguesa, que estaría encabezada por Vigo como «centro reitor» e Pontevedra como «centro complementario». O segundo chanzo sería o formado por un total de nove núcleos que funcionarían como cabeceira —ou cabeceiras— da súa respectiva comarca ou bisbarra (Souto González, 1994). Estas comarcas son as mesmas que as identificadas en Souto González (1985), co matiz de que as d'«A Montaña» e «Redondela-Soutomaior» pasan agora a denominarse «A Paradanta» e «Alvedosa», respectivamente. Outro aspecto relevante ten que ver con facer coincidir o concello de Vigo coa comarca do «Val do Fragoso» —agás a parroquia de Zamáns, que considera que pertence ao «Val Miñor»— (Souto González, 1994). Este esquema é repetido noutro traballo de 1995, onde o autor, nunha xerarquización dos núcleos de poboación segundo a súa funcionalidade, sinala un primeiro nivel con Vigo e Pontevedra e un segundo coas mesmas cabeceiras comarcais que identificara un ano antes —ás que engade Bueu— (Souto González, 1995).

No que fai ao campo da Economía, Mella Márquez (1980) publica *Fundamentos teóricos pra un ensaio de comarcalización de Galicia.* Con esta achega, este catedrático de Economía da Universidad Autónoma de Madrid procurou fixar uns «fundamentos» para unha futura comarcalización de Galicia. Demanda, deste xeito, a necesidade dun mapa comarcal que axude, por unha banda, a combater a perda de funcionalidade dos pequenos concellos e, pola outra, a adecuar a complexidade do fenómeno de concentración urbana. Para Mella Márquez (1980), o feito de comarcalizar un territorio representa, ao igual que outras divisións territoriais, un acto de poder e un proxecto político. Porén, advirte a complexidade do proceso de identificación e definición das unidades de ámbito comarcal e sinala que «ningunha división rexional ou comarcal será satisfactoria pra tódolos problemas, nin permanecerá constante co paso dos anos» (Mella Márquez, 1980: 92).

O mapa comarcal, segundo Mella Márquez (1980), debe arrincar dun soporte físico ou natural, mais logo propón centrarse nos «servizos» como criterio delimitador fundamental. Indica tamén a importancia duns limiares demográficos —sen precisar as cantidades— que acheguen uns volumes de poboación máximos para o correcto funcionamento da administración e o planeamento e un limiar que satisfaga a oferta de determinados servizos. Neste sentido,

subliña a importancia de cabeceiras comarcais cun mínimo demográfico que permita a fixación de determinados servizos. Porén, alén da importancia concedida aos criterios económicos na determinación das comarcas, Mella Márquez (1980: 105) considera que o proceso de comarcalización vai alén dun gabinete de profesionais, «na medida na que debe ser obra da comarca mesma, da súa poboación e os seus movementos».

Tres anos despois, en *Un análisis de componentes principales y de contigüidad espacial para la determinación de comarcas homogéneas: una aplicación al caso de Galicia*, Mella Márquez (1983) achega a que é a súa proposta de mapa comarcal. Xustifica que o obxectivo principal consiste «en obtener agrupaciones de individuos, municipios, a partir de una medida de similitud, de manera que quede garantizada la homogeneidad de los municipios que forman cada una de las agrupaciones y se asegure una clara diferenciación de las mismas» (Mella Márquez, 1983: 130). Na tarefa de obtención da división comarcal galega, defende tres compoñentes principais: o crecemento económico e a dotación de servizos, o dinamismo demográfico e o nivel de urbanización e a oposición campo-cidade e agricultura-industria.

Porén, Mella Márquez (1983) sinala que a aplicación destes criterios non dá como resultado comarcas homoxéneas, senón que se trata, seguindo a Grigg (1967), de «"tipos regionales/comarcales"; es decir, agrupaciones de municipios similares, pero no necesariamente contiguos» (Mella Márquez, 1983: 132). Desta forma, o autor diferencia entre «comarcas» e «tipos comarcais», isto é, as «comarcas» virían definidas pola agrupación de concellos parecidos nos valores das distintas variables atribuídas e, obrigatoriamente, veciños e adxacentes, mentres que os «tipos», que tamén mostran esa parte de semellanza, non teñen necesariamente que ser pezas contiguas.

O mapa comarcal que se presenta recolle 52 comarcas (Figura 7.30). Estas veñen formadas por agrupación de concellos, o que vai desde os tres de «Allariz», «As Pontes de García Rodríguez» ou «Redondela» até os 14 de «Lugo» (Mella Márquez, 1983). Neste sentido, pódese determinar que as unidades comarcais presentan unha gran diversidade no relativo á súa superficie; así, por exemplo, nas comarcas que gardan as cidades, configúranse grandes extensións comarcais como é o caso de «Lugo» ou, pola contra, pequenas superficies como n'«A Coruña» ou «Vigo», onde os seus territorios se ven minguados polo recoñecemento das comarcas de «Carral» e «Redondela», respectivamente. Cómpre sinalar que todas as comarcas veñen definidas polo nome da súa cabeceira ou cabeceiras —caso, este último, de «Arzúa-Melide» ou «Cervo-Foz»—.

Noutro traballo de 1984-7, Mella Márquez centra os seus obxectivos de comarcalización do territorio nas «áreas de montaña» de Galicia. O autor defende a adopción de «comarcas» como un ámbito territorial axeitado para a administración, a planificación e o desenvolvemento das áreas montañosas. Neste sentido, propón unha serie de medidas, a saber: definir as comarcas de montaña, delimitalas, institucionalizadas, fixar as súas competencias e os seus órganos de goberno, confeccionar plans comarcais e animar á participación da poboación e das outras administracións locais implicadas (Mella Márquez, 1984-7). Indica que estas medidas, incluída a súa institucionalización e dotación de contidos, son extrapolables a todas as comarcas galegas alén das áreas de montaña.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7.30. Comarcas de Galicia segundo Mella Márquez (1983)



Fonte: Mella Márquez (1983). Elaboración propia.

8 O PROCESO DE COMARCALIZACIÓN DAS DÉCADAS DE 1990 E 2000

Este quinto e último apartado de resultados está dedicado ao proceso de comarcalización que a Xunta de Galicia impulsa nas décadas de 1990 e 2000. O seu contido abordámolo a través de sete apartados principais. O primeiro recolle as achegas máis académicas de Precedo Ledo, isto é, aquelas previas á súa incorporación á política activa. A continuación, presentamos o PDC, o proxecto de desenvolvemento comarcal impulsado pola Xunta de Galicia nestas datas. Dentro deste apartado explicamos os compoñentes máis teóricos do plan, os instrumentos e órganos comarcais creados e o proceso de elaboración do mapa comarcal de Galicia. O terceiro apartado analiza as entrevistas que realizamos aos ex-xerentes das extintas fundacións comarcais. O cuarto aborda os debates políticos que tiveron lugar no Parlamento de Galicia sobre este proxecto comarcal. O quinto dos apartados torna ao debate académico, mais agora centrado nas visións críticas sobre o PDC. O sexto apartado trata os diversos mapas sectoriais de escala comarcal elaborados desde o goberno autonómico posteriores a 1990. E, para rematar, o sétimo apartado analiza as propostas comarcais recentes provenientes do nacionalismo galego.

8.1 ESTUDOS ACADÉMICOS COMARCAIS PILOTADOS POR A. PRECEDO LEDO

O primeiro traballo de Precedo Ledo que se pode considerar de interese comarcal é *Galicia: red urbana y desarrollo regional*, publicada en 1974. Neste artigo achégase a que será a primeira definición do autor, aínda que sutil, sobre o termo *región*, que interpretamos como sinónimo de *comarca*: «un espacio organizado por una determinada distribución de asentamientos, que se realiza de acuerdo con una estructuración jerárquica» (Precedo Ledo, 1974: 161). Cara ao final da obra, sinala que «parece necesario realizar una comarcalización definitiva» (Precedo Ledo, 1974: 214), co obxectivo, segundo el, de iniciar desde a base unha ordenación do territorial máis racional. Propón que a constitución das comarcas galegas se leve a cabo tendo en conta as características funcionais —presentes e pasadas—, xa que de se consideraren só os factores de carácter natural e/ou histórico resultarían unidades demasiado extensas.


Nesta obra non se chega a establecer unha división comarcal de Galicia como tal, senón unha serie de núcleos que en función do número e calidade das funcións terciarias que desempeñen, é dicir, do seu papel como «centro distribuidor», rexen unha área de maior ou menor amplitude, que viría a ser unha comarca. É importante recalcar que a elección dos núcleos non é decisión do autor, senón que se collen os definidos no III Plan de Desarrollo de 1971. A única diferenza radica no tratamento separado que se fai de certos núcleos como Arzúa-Melide, O Barco-A Rúa ou Ribeira-A Pobra do Caramiñal. Así, Precedo Ledo (1974) achega unha clasificación xerárquica de carácter funcional en cinco niveis (Figura 8.1), para a que bota man de distintos indicadores como o comercio de alimentación; de calzado e vestido; de mobles e electrodomésticos; banca e seguros; turismo e ocio; servizos municipais; sanidade e beneficencia; infraestruturas e transportes; ou servizos xudiciais. Boa parte destes datos son tomados, segundo o autor, dunha enquisa do Servicio Central de Planes Provinciales de 1971.

O resultado da xerarquización é unha estrutura bipolar da rede urbana con dúas grandes áreas reitoras —A Coruña e Vigo— que organizan un espazo que engloba practicamente toda Galicia (Figura 8.1). Estas dúas cidades, xunto coas outras cinco, están no nivel máis alto da

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

estrutura xerárquica. Os Niveis II, III e, en menor medida, IV agrupan as diferentes cabeceiras comarcais, tal e como se pode deducir da súa denominación. O Nivel II, definido como de «cabeceras comarcales de orden superior», agrupa a «villas dinámicas» como Carballo, Ribadavia ou Verín. O Nivel III é o das «cabeceras comarcales de segundo orden», isto é, o de «villas tradicionales estancadas» pero cunha actividade económica que lles dá certa preeminencia como é o caso da Estrada, Noia ou Xinzo de Limia. No Nivel IV, o formado por «capitales tradicionales de áreas rurales deprimidas» (Precedo Ledo, 1974: 212), tamén se poden atopar algunhas cabeceiras comarcais como Becerreá, Santa Comba ou Vimianzo. Do último dos niveis, o V, explícase que se trata de «pequeños núcleos rurales» e que a súa escaseza de dotacións dificilmente os pode considerar como integrantes activos da rede urbana.

Figura 8.1. Sistema de asentamentos identificado en Precedo Ledo (1974)



Fonte: Precedo Ledo (1974). Elaboración propia.

Da década dos 1980 son outros dous traballos de Precedo Ledo nos que se volve a analizar o sistema galegos de asentamentos. O primeiro, *Algunas consideraciones teórico-conceptuales*

a propósito del estudio del sistema gallego de asentamientos, é publicado en 1981. Nesta achega, explícase que entre as cidades e os pequenos núcleos rurais existe unha serie de niveis intermedios representados polas «villas», que son «el equivalente a las pequeñas cabeceras de las comarcas rurales y que en la región desempeñan una importante función integradora» (Precedo Ledo, 1981: 305). Sen explicar o método seguido, identifícanse 26 destes lugares centrais en Galicia dos que se menciona, como elemento común, a súa dinámica demográfica positiva (Figura 8.2). Betanzos, O Barco, Sarria ou Tui son algúns exemplos.


Nun estudo similar publicado en 1985, *Modelos de rehabilitación y revitalización de los asentamientos urbanos y rurales en Galicia*, o autor volve reivindicar os asentamentos, desde as grandes cidades ás pequenas aldeas, como pezas chave organizadoras do espazo. Establécese unha clasificación destes en, por unha banda, «centros activos», «organizadores» ou «dominantes» e, por outra, «centros pasivos», «dependentes» ou «dominados». Os primeiros serían aqueles con funcións de tipo organizativo-produtivo e que, polo tanto, funcionarían como elementos organizadores do espazo. Pola súa banda, os segundos serían organizados polos anteriores a través de funcións de dependencia (Precedo Ledo, 1985). Os centros activos corresponderían ás cidades e a todos aqueles núcleos que son lugares centrais de mercado —permanente ou periódico—, portos pesqueiros, centros industriais e centros turísticos. Á súa vez, fíxase unha clasificación xerárquica en tres niveis: cidades, «villas» ou «pequeñas ciudades» e asentamentos rurais. As vilas ou pequenas cidades, entendidas como «centros activos» de orde intermedio, virían a organizar espazos de escala comarcal.

Identifícanse 47 lugares centrais (Figura 8.2), o que supón 21 máis que en Precedo Ledo (1981) —crecen especialmente pola costa e na provincia de Ourense—. Algúns exemplos das novas vilas que se consideran son Becerreá, Cambados, Ordes ou Viana do Bolo. A súa distribución no territorio é bastante irregular, xa que mentres certos espazos como as Rías Baixas concentran boa parte dos núcleos, outros como a Costa da Morte ou a parte central da provincia luguesa quedan case baleiras. A estes núcleos centrais recoñéceselles o seu papel á hora de «consolidar la organización del territorio en comarcas» (Precedo Ledo, 1985: 519), o que axudaría a reducir a tendencia de concentración da poboación na parte occidental de Galicia e a dinamizar as comarcas rurais do interior. Segundo o autor, para acadaren este obxectivo deberían reforzar a súa situación como centros terciarios de servizos de nivel medio e como lugares de instalación de pequenas e medianas industrias transformadoras dos recursos locais.

O traballo máis significativo de Precedo Ledo ao respecto é, quizais, o recollido no volume *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*, de 1987. O último dos capítulos —o VI— está dedicado á elaboración dunha pequena «historia da división comarcal» de Galicia, onde recompila 15 comarcalizacións que agrupa en función da súa orixe e finalidade —que xa analizamos na introdución desta investigación—. Alén disto, Precedo Ledo (1987) perfila a que sería a organización territorial desexable para Galicia en cinco niveis, os cales son agrupados, á súa vez, no que o autor denomina tres «subsistemas territoriales». O nivel base estaría representado por dous «subsistemas locales», un pola *parroquia* e outro polo *concello*; o «subsistema intermedio» personalizaríase na *comarca*; e os dous «subsistemas superiores» comprenderían, por unha banda, a *subregión* ou *demarcación* entendida como agrupación de comarcas e, por outra, a *región* encarnada na forma das actuais provincias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.2. Principais centros urbanos na década de 1980 segundo Precedo Ledo



Fonte: Precedo Ledo (1981, 1985). Elaboración propia.

No traballo de obtención do mapa comarcal galego sería preciso a previa identificación dos «elementos estructurales» das comarcas: «cabeceras» —tamén denominados «centros» ou «nodos»—, «límites» e «población». No que respecta ás cabeceiras e límites, ambos os dous descubriríanse logo da combinación de mapas comarcais doutros autores, que mostrarían aqueles de maior estabilidade. Este é, segundo o autor, un paso esencial na identificación das comarcas galegas: «deste curioso exercicio académico emerxeu unha organización territorial de síntese, que denotaba a existencia dunhas constantes territoriais. Foron o punto de partida para as actuais comarcas» (Precedo Ledo, 1997b: 2). A división comarcal resultante non sería, polo tanto, froito do emprego duns determinados indicadores sobre o territorio, senón que, logo deste proceso comparativo de cartografías.

Ademais dos límites e os centros, Precedo Ledo (1987) fala dun terceiro elemento que ten que ver co sentimento de pertenza da poboación. Este reivindícase como fundamental para responder mellor ás aspiracións reais da poboación: «para que una comarca sea estable (…) es

preciso que en sus habitantes esté arraigado el sentido de lugar o de pertenencia. De no ser así la comarca no pasa de ser un fragmento territorial teórico» (Precedo Ledo, 1987: 310). Nunha cita máis longa ao respecto, Precedo Ledo (1987) afirma o seguinte:

> Las comarcas (…) deben ser básicamente espacios individualizados como tales por sus habitantes. (…) No era suficiente establecer unos límites precisos (…) si estos no eran asumidos por los grupos sociales que habitan en ese territorio concreto. (…) Deben ser los mismos habitantes de cada parroquia los que decidan a qué comarca e incluso municipio, llámese como quiera, desearían pertenecer. Sólo así podría captarse el sentido de lugar y únicamente de este modo el resultado sería ajustado a la realidad, no tanto del territorio que no es más que el soporte, sino de la población, de la sociedad, que constituye el elemento fundamental (Precedo Ledo, 1987: 320).

Non atopamos na nosa análise que Precedo Ledo (1987) aposte nesta achega por comarcas convertidas en entes político-administrativos, mais si considera as cabeceiras comarcais como aglutinadoras de equipamentos e servizos. Para un limiar de poboación comarcal a partir de 15.000-20.000 habitantes, establécese unha elaborada listaxe daqueles servizos que deberían asumir: notaría e rexistro da propiedade; hospital; centros de saúde; centros asistenciais e residencias da terceira idade; centros de ensino secundario e profesional; centro cultural e biblioteca; conservatorio de música e escola de arte; centros integrados de transporte; centro de telecomunicacións; centros comarcais da administración autonómica; museo comarcal; mercados comarcais; medios de difusión radiofónica; equipamento turístico; parque de bombeiros; centro de tratamento de residuos sólidos; e instalacións deportivas. Ademais, sinálase outras dúas dotacións comarcais, un «Instituto Comarcal de Desarrollo y Ordenación Territorial» e un «Centro promotor de la comercialización de productos locales», que poden ser entendidas como o gromo da estrutura comarcal que el mesmo deseñará uns anos despois, tal e como se poderá comprobar nas páxinas subseguintes.

O mapa que achega consta de 43 comarcas formadas por agrupación de concellos (Figura 8.3). Proba da importancia que concede a achegas anteriores é que, por poñer un exemplo, algunhas das unidades comarcais como «Betanzos», «Tabeirós» ou «Val do Masma» son idénticas ás esbozadas en Miralbés Bedera et al. (1980). Os límites provincias son respectados a grandes trazos, salvo na comarca de «Veiga do Sar» que toma concellos de ambas as dúas marxes do Ulla. Tamén se identifican as «áreas de indiferencia», que afectan a dez concellos, mais que finalmente son asignados a unha comarca «adoptando como criterio de inclusión el de mayor probabilidad» (Precedo Ledo, 1987: 317). Sobre a toponimia, cómpre sinalar o seu respecto pola forma galega e por apostar de xeito maioritario por denominacións máis tradicionais —fronte á do núcleo principal— como «Bergantiños», «O Condado» ou «Terra Chá». Do total de comarcas, o autor móstrase dubitativo na existencia de dúas delas: «Terra de Redondela» pola súa inclusión na área metropolitana de Vigo e «Limia Baixa» pola escasa centralidade da súa capital.

Para cada comarca aparece definida a súa respectiva cabeceira comarcal, que coincide na maioría dos casos coa vila de maior peso demográfico e económico (Figura 8.3). Para tres comarcas achégase unha dobre cabeceira: A Cañiza-Ponteareas, Arzúa-Melide e Pontedeume-As Pontes, e que, segundo o autor, podería desembocar na consolidación de dúas comarcas distintas. Ademais, sinálase que a comarca de «Terra de Monterroso» sería a única cuxo centro comarcal —a vila homónima— non reúne os requisitos para ser considerada cabeceira comarcal. Noutro sentido, en relación cos «subsistemas territoriales» propostos, as unidades comarcais agrúpanse á súa vez en 16 «subregiones» ou «demarcaciones territoriales

USC DE COMPOSTELA

intermedias», xa que o autor entende que xorden «espacios supracomarcales en los que la interacción dentro de ellos es mayor que con el exterior» (Precedo Ledo, 1987: 319). Varios destes conxuntos comarcais gardan unha alta semellanza con outros xa esbozados con anterioridade como é o caso de «A Mariña» ou «Baixo Miño».

Figura 8.3. División comarcal establecida en Precedo Ledo (1987)



Fonte: Precedo Ledo (1987). Elaboración propia.

En 1990, dentro da *Geografía de España* que dirixen Bosque Maurel e Vilà Valentí, a descrición do conxunto galego corre a cargo de Precedo Ledo (Bosque Maurel e Vilà Valentí, 1989-1992). No capítulo dedicado a Galicia inclúese a división comarcal de 1987, da que se aclara que non ten outra finalidade que a propia dun «estudio geográfico». Explícase que o proceso de construción das comarcas é complexo debido a que «las transiciones son tan graduales que resulta muy difícil, incluso funcionalmente, decidir dónde empieza una comarca y dónde otras terminan» (Precedo Ledo, 1990a: 240). Os criterios de tipo funcional volven ser reivindicados como os máis apropiados para definir estes ámbitos, mais reparárase en que a

división coincide a grandes trazos coas principais áreas naturais de Galicia —os vales, principalmente—. Outros factores que se valoran como importantes na delimitación das comarcas son os procesos de urbanización e industrialización.

Pese a que a división comarcal é a mesma que a esbozada uns anos antes, á hora de describir cada unha das comarcas de Galicia trátase outras que non aparecen recollidas na cartografía (Precedo Ledo, 1990a). Así, Galicia quedaría dividida en 49 comarcas, das cales 43 constarían de límites claros —as esbozadas en Precedo Ledo (1987)— e seis desprenderíanse da lectura do capítulo respectivo (Figura 8.4). Igualmente, os límites municipais son respectados na formación das comarcas e os provinciais só se quebrantan no último tramo do río Ulla. Porén, hai cambios na denominación das comarcas, por exemplo, «Altas tierras orientales» no canto de «Terra do Bolo» ou «Barbanza» en lugar de «Arousa Norte». Tamén é habitual a dobre denominación para unha mesma comarca, como é caso de «Vega del Sar» ou «Betanzos», ás que tamén se fai referencia como comarca de «Padrón» ou do «Mandeo» respectivamente.

O máis significativo desta contribución é o esbozo, aínda que sen límites, de seis novas comarcas (Figura 8.4). Cinco delas serían pequenas comarcas, como «Allariz» ou «Caldas de Reis», rexidas por vilas cativas e emprazadas na periferia próxima de núcleos de maior tamaño. Outra das comarcas, «Tierra de Montes», individualizaríase non por ser o ámbito de influencia dunha vila, senón pola súa particular morfoloxía. Curiosa é tamén a descrición da comarca da Ulloa, da que se di que sería unha «subcomarca» dependente de Lugo, e acto seguido que funcionaría como unha comarca autónoma. Nun nivel superior están as nove «subregiones» nas que se agrupa só ás comarcas da franxa litoral, como é o caso de «Ría de Arosa» ou «La Mariña Lucense». Por enriba destas estarían as nove «regiones», entendidas tamén como agrupación de comarcas, que abarcarían toda Galicia e que o autor entende como necesarias ao quedar entre as comarcas «espazos comúns difíciles de individualizar, que xustifican a unificación do conxunto» (Precedo Ledo, 1990a: 239).

Xunto á división en comarcas preséntase unha xerarquía dos núcleos urbanos formada por catro niveis, que viría a reforzar os criterios funcionais que Precedo Ledo (1990a) reivindica para a comarcalización de Galicia (Figura 8.4). Un primeiro chanzo sería o formado polas sete cidades galegas e, a continuación, estaría o nivel que agruparía 57 «vilas» ou «lugares centrales de orden superior que organizan áreas de influencia de ámbito comarcal» (Precedo Ledo, 1990a: 236), aínda que algúns rexen áreas de ámbito municipal. Pese á importancia que se concede ao factor funcional, chama a atención que para sete das comarcas —catro de límites claros e tres difusos— non se sinala a existencia de ningún lugar central. Noutras ocasións esta centralidade é exercida por dúas cabeceiras, como é o caso da Rúa-O Barco ou da Pobra de Trives-O Castro de Caldelas —aínda que este último non estaría no nivel de «vilas»—. Ademais, estes lugares centrais do segundo chanzo son repartidos e explicados en catro «grupos» en función da súa estabilidade como reitores de áreas de escala comarcal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.4. Mapa de comarcas esbozado por Precedo Ledo (1990a)



Fonte: Precedo Ledo (1990a). Elaboración propia.

Cunha finalidade distinta son as publicacións sobre as áreas metropolitanas de Vigo, A Coruña, Ourense e Ferrol, editadas por Caixa Galicia e redactadas por un equipo integrado por varios xeógrafos da USC e do que é director Precedo Ledo. Unha das súas primeiras reflexións ten que ver coa distinción entre «comarca urbana» e «área urbana» ou «metropolitana»; así, a primeira corresponde cun «espacio tributario de un centro de servicios o cabecera comarcal, o lo que es lo mismo, un lugar central y su área tributaria», mentres que a segunda equivale un «espacio urbanizado organizado por un conjunto de relaciones diversificadas, interdependientes y jerarquizadas internamente» (Precedo Ledo, 1989: 21). Ademais, sinálase que o termo comarca é unha «categoría territorial más adecuada a los espacios rurales, o ámbitos naturales individualizados que a los urbanos» (Precedo Ledo, 1989: 21). Con todo, na descrición das catro cidades e as súas periferias apóstase por outro termo, o de «área de influencia», ao considerar o equipo redactor que se adapta mellor á realidade galega.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A primeira en ser analizada, en 1989, é a área metropolitana de Vigo, segundo o autor, porque resulta «lógico» iniciar o proceso por unha das dúas grandes cidades de Galicia e, porque até daquela, segundo el, era das dúas a menos estudada (Precedo Ledo, 1989, 1991a). A área de influencia da cidade de Vigo circunscríbese a dous ámbitos gradualmente dependentes en función de varios indicadores utilizados como o comercio xeral e especializado, a intensidade e frecuencia do transporte de viaxeiros por estrada ou os centros de mercado (Figura 8.5). Así, por unha banda, hai unha «área de influencia indirecta» que abrangue gran parte das provincias de Ourense e Pontevedra e que leva a falar da cidade olívica como a metrópole dominante da Galicia meridional. E, por outra banda, dunha «área de influencia directa» que debuxa un territorio máis preciso e dependente, e que agrupa a 29 concellos da contorna da cidade —tamén se inclúe aquí o antigo concello de Ponte Sampaio para evitar rachar a continuidade metropolitana—. Dentro desta área de influencia directa delimítase a «área metropolitana» ou «área integrada internamente», formada por 11 concellos —e Ponte Sampaio—.

Para a mesma periferia da cidade de Vigo sinálase a existencia de comarcas de diverso tipo, cuxos límites non gardan relación coa área metropolitana nin coa área de influencia directa (Figura 8.5). En primeiro lugar, explícase o decaemento das comarcas naturais a causa, entre outros motivos, dos «fenómenos de sobreimposición e captura» (Precedo Ledo, 1989: 28) que exerce a cidade de Vigo, e apúntase que a maneira máis apropiada de referirse a estes espazos sería como «pequeños enclaves naturales diferenciados» (Precedo Ledo, 1989: 26). Noutro sentido, fálase da «preeminencia» das comarcas funcionais sobre as de orde natural das que, pese á súa delimitación cambiante polas transformacións do paso do tempo e á gran variedade de indicadores que se poden utilizar, se repara na existencia de nove ámbitos comarcais rexidos polos seus respectivos centros. Sintetiza o autor que se está ante un territorio complexo á hora de erixir límites comarcais, polo que pese a estas nove comarcas que se poderían fixar, considérase que o máis pertinente sería falar de catro: «O Condado», «O Rosal», «Redondela» e «Vigo» —as mesmas que en Precedo Ledo (1987, 1990a)—.


O estudo da contorna urbana da outra gran cidade galega, A Coruña, é de 1990. Na análise da periferia destas urbe distínguese, por unha banda, unha «área de influencia indirecta» que abarcaría a provincia da Coruña e boa parte da de Lugo e, por outra, unha «área de influencia directa», que a diferenza da de Vigo, é moito máis extensa ao incluír cabeceiras de comarcas ben definidas como Carballo, Cee, Ferrol, Ordes ou Ortigueira (Figura 8.5). No interior deste extenso espazo enmarcaríase un territorio máis exacto e claro ao que se denomina «área metropolitana» e que estaría formada por dez concellos. O autor considera que o sector máis occidental sería máis estable que o oriental, xa que a vila de Betanzos, situada neste último sector, organizaría unha área propia —pese a estar o concello incluído na área metropolitana— (Precedo Ledo, 1990b). De feito, as vilas de Betanzos e Sada atoparíanse nun chanzo intermedio na xerarquía de núcleos de poboación.

A área metropolitana da Coruña volverá a ser obxecto de estudo máis de 15 anos despois, con Precedo Ledo (2007a) á fronte dun equipo integrado por arquitectos, economistas e xeógrafos. A delimitación da área metropolitana é a mesma que a definida en Precedo Ledo (1990b) (Figura 8.5), mais para o estudo de determinadas elementos inclúense certos concellos como A Laracha, Cerceda, Miño ou Paderne, que conformarían «subáreas funcionales». Igualmente, búscase unha subdivisión do espazo metropolitano en dúas áreas, ás que se denomina como «anillos metropolitanos» en función da súa dependencia da cidade central. Así, o «primer anillo» ou «área suburbana» estaría integrada polos concellos máis próximos á cidade herculina, isto é, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, mentres que o «segundo anillo» ou «área rururbana» incluiría os cinco concellos restantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As últimas periferias das principais cidades galegas estudadas serían as de Ourense en 1992 e Ferrol en 1995 (Figura 8.5). No caso de Ourense, a «área de influencia directa», á que tamén se define como «área urbana», está formada por dez concellos da periferia máis inmediata da cidade. Cómpre sinalar que catro destes concellos son posteriormente definidos como integrantes dunha «área urbana exterior» (Precedo Ledo, 1992a). No caso de Ferrol fálase dunha «área de influencia» ou «área urbana extensa» moi ampla, formada por 21 concellos, o que a sitúa como a segunda en superficie e a terceira en poboación de Galicia. En sentido máis estrito, a propia «área urbana» ferrolá integra aos cinco concellos en torno á ría homónima, aos que se poden sumar catro máis da definida como «periferia exterior» ou «anillo agrícola-ganadero». Ademais, é significativa a identificación de cinco «núcleos de cierta entidad comarcal y poder económico» (Precedo Ledo, 1995a: 361), como é o caso de Cedeira, Ortigueira ou Pontedeume, que organizarían áreas propias de escala comarcal.

Figura 8.5. Áreas urbanas das principais urbes de Galicia segundo Precedo Ledo



Fonte: Precedo Ledo (1989, 1990b, 1992a, 1995a, 2007a). Elaboración propia.


En 1993, xa dentro do goberno autonómico, Precedo Ledo retoma o estudo académico do sistema galego de asentamentos en *Las propuestas de división territorial en Galicia*. Nesta achega elabora unha breve síntese sobre a parroquia e o concello como «unidades menores» de Galicia, para logo dar paso a unha recompilación de comarcalizacións presentadas por distintos autores —as mesmas que en Precedo Ledo (1987)—. Neste sentido, sobre a comarcalización de Galicia, volve sinalar a importancia dos límites, dos centros e da percepción da poboación como os tres elementos principais na configuración das que denomina como «comarcas estables». Pola contra, tamén fala do esvaecemento doutras comarcas de carácter máis natural e/ou histórico, especialmente nas marxes das cidades, como consecuencia dos novos procesos de urbanización e da mellora dos medios de transporte e comunicación, que levan á «captura de pequeñas comarcas tradicionales por la fuerza expansiva de las ciudades próximas, que comienza por una superposición espacial y termina en la absorción funcional» (Precedo Ledo, 1993a: 245). Estas pasan a englobarse nas novas comarcas «urbanas» e «metropolitanas».

Sobre as cabeceiras, centros ou nodos comarcais sinala a existencia de 45 núcleos (Figura 8.6), o que leva a falar de 45 posibles unidades comarcais. En relación con Precedo Ledo (1981, 1985) engade tres cabeceiras comarcais máis: A Cañiza, A Fonsagrada e Bande —se ben non ten en conta outras identificadas anteriormente—. No estudo dos núcleos diferencia, por unha banda, entre aqueles máis «estables», «consolidados» ou «permanentes» —34— que, á súa vez, se dividirían en 21 de maior e 13 de menor estabilidade e, por outra banda, aqueles «eventuales», «parciales» ou «aleatorios» —11—. Unha vez máis, vólvese a reivindicar o «sentido de pertenencia», «de lugar» ou «de territorialidad» da poboación, isto é, a compoñente «subjetiva» na constitución das comarcas. O arraigo nos habitantes do sentimento de pertenza sería a única maneira, segundo o autor, de acadar unidades comarcais estables: «sólo si se consigue que las comarcas sean básicamente espacios individualizados por sus habitantes, lograrán ser elementos territoriales consolidados» (Precedo Ledo, 1993a: 245).

En 1994, dentro da obra *Desenvolvemento territorial e planificación comarcal: o Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia*, a que será a contribución máis significativa de Precedo Ledo respecto do PDC, achega unha síntese do sistema galego de asentamentos. O sistema urbano de Galicia é definido como «policéntrico» e sinala que os núcleos de poboación non sempre son doados de clasificar xerarquicamente. Está formado por tres niveis: o primeiro, por dúas «metrópoles rexionais» e cinco «cidades medias»; o segundo, por «vilas e poboacións, dotadas dalgún tipo de funcionalidade, que lles permite organizar espazos tributarios de diferente orde e magnitude» (Precedo Ledo, 1994: 101); e, o terceiro, polas «aldeas» ou «lugares».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Figura 8.6. Cabeceiras comarcais identificadas en Precedo Ledo (1993a)



Fonte: Precedo Ledo (1993a). Elaboración propia.

Para o primeiro nivel, o das cidades, achégase a súa área metropolitana ou urbana, que se circunscribe aos límites municipais (Figura 8.7). Nos casos da Coruña, Ourense e Vigo, o resultado é peculiar, posto que o espazo metropolitano/urbano garda menor extensión que o esbozado uns anos antes en Precedo Ledo (1989, 1990b, 1992a). A área urbana de Ferrol, analizada con posterioridade a este traballo, é a única que garda coincidencia nos límites (Precedo Ledo, 1995a). Boa parte do territorio circundante destas áreas correspóndese co espazo rururbano, que formaría un continuo desde A Guarda até Cedeira con prolongacións cara ás rías. Dentro desta categoría rururbana diferéncianse dúas áreas individualizadas que coinciden con dúas comarcas ben recoñecidas: A Mariña e Valdeorras. O segundo nivel, o das vilas e «pequenas cidades», estaría formado por 42 núcleos que se localizan maioritariamente na área rururbana litoral. Semella que para a súa identificación non primaron tanto criterios funcionais, senón outros de tipo demográfico, o que explicaría a ausencia de pequenas cabeceiras de alta centralidade como A Pobra de Trives, Celanova ou Melide.

Figura 8.7. Sistema urbano observado en Precedo Ledo (1994)



Fonte: Precedo Ledo (1994). Elaboración propia.

Seguindo esta temática comarcal, Precedo Ledo presenta nos últimos anos da década de 1990 outras dúas achegas académicas que se afastan do que é o proceso comarcal impulsado pola Xunta de Galicia. Así, é autor do capítulo *Os asentamentos humanos*, dentro da *Galicia: Xeografía* que coordina Río Barja para a editorial Hércules en 1996. Nel, establece un sistema galego de asentamentos composto de catro «subsistemas» ou «estruturas territoriais básicas», que serían: «metropolitano», «de cidades medias», «intermedio entre rural e urbano» e «rural» (Precedo Ledo, 1996a). Nos chanzos máis altos da xerarquía, o subsistema «metropolitano» está formado polas cidades da Coruña e Vigo, mentres que o «de cidades medias» recolle as cinco restantes. Logo, nos chanzos máis baixos, están, por unha banda, o subsistema «intermedio entre rural e urbano» dominado polas «vilas» como núcleos entre os 3.000 e os 20.000 habitantes e, por outra banda, o subsistema «rural» onde están as «vilas pequenas» cunha poboación de 500 a 1.000 habitantes e as «áreas plenamente rurais».

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

O outro traballo é o manual *Geografía humana de Galicia* que Precedo Ledo presenta en 1998. Neste, fala da existencia de cinco tipos de comarcas: naturais, funcionais, históricas, xeográficas e mentais. A continuación, explica que en Galicia coexisten todas, que poden estar definidas por un criterio dominante ou mesturando varios. Así, por exemplo, apunta á existencia de comarcas naturais presididas por un val ou unha meseta, de espazos funcionais rexidos por un centro reitor ou de comarcas históricas vinculadas a un señorío ou mosteiro. Porén, reclama a importancia das vilas e cabeceiras comarcais como elementos organizadores de espazos de ámbito supramunicipal. Ademais, volve incidir, unha vez máis, no sentimento de pertenza da poboación como un elemento esencial á hora de configurar as comarcas: «no se pueden efectuar imposiciones tecnocráticas a la población, entre otras cosas porque aún que se lograran implantar nunca serían de todo asumidas, y sin esta asunción, carecerían de vigencia» (Precedo Ledo, 1998a: 265). Nesta achega de carácter académico reproduce xa o mapa comarcal que a Xunta oficializa en 1997 e que analizaremos nas páxinas subseguintes.

8.2 O PLAN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL

Unha das medidas iniciais do goberno de M. Fraga Iribarne, logo de converterse por vez primeira en presidente da Xunta de Galicia en febreiro de 1990, foi poñer en marcha, como el mesmo explica, «un modelo de desenvolvemento territorial que ten na comarca un ámbito axeitado para que, mediante a coordinación administrativa e a planificación integrada se logre reducir os desequilibrios existentes e elevar o grao de benestar da poboación» (Fraga Iribarne, 1994: 4). Esta idea plasmouse no Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia, o PDC, que botou a andar co acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de decembro de 1990 —publicado como unha Resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública con data do 9 de xaneiro de 1991—. Este podemos consideralo como o primeiro paso que instrumentalizou o proceso de comarcalización que durante toda a década dos 1990 e boa parte do 2000 tivo lugar en Galicia. De feito, Precedo Ledo (1994: 117) recoñeceu que este acordo foi a «idea inicial que serviu de motor e que configurou o eixo director do modelo».

O obxectivo principal deste «instrumento estratéxico» era a «coordinación» «nas áreas comarcais prefixadas da acción das distintas administracións públicas implicadas» (Resolución 9/1/1991), o que obrigaba a todas as administracións a integrar as súas políticas e actuacións nun ámbito de escala comarcal aínda por definir. Por unha banda, buscábase a coordinación das accións administrativas e do investimento público entre as entidades político-administrativas, isto é, a Xunta de Galicia —a través das súas consellerías—, as deputacións provinciais, os concellos e, tamén, da Administración Xeral do Estado. E, por outra banda, pretendíase a coordinación que ten que ver coas distintas planificacións territoriais: socioeconómica, de ordenación do territorio e sectorial (Precedo Ledo, 1993b, 1994, 1995b, 1996b, 1996c, 1999, e López Cousillas 1993, et al. 1993). Con todo, tratábase dun modelo «voluntario» e «participativo», é dicir, os entes implicados, pese a que cooperaban na consecución de obxectivos comúns, mantiñan a súa autonomía funcional e de toma de decisións.

No acordo do Consello da Xunta de 1990-91, ademais deste obxectivo principal, estaban os que se presentaban como «obxectivos de desenvolvemento comarcal», entendidos como «obxectivos derivados», e que eran:

- Potenciación dun desenvolvemento económico equilibrado, o que implica fixar as liñas básicas de desenvolvemento económico, determinar as áreas produtivas prioritarias e considerar a capacidade produtiva endóxena e a penetración nos mercados dos produtos locais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Creación de emprego nos sectores secundario e terciario e busca de alternativas no sector primario.
- Desenvolvemento social, cultural e educativo.
- Estandarización de equipamentos públicos e mellora da rede de infraestruturas e servizos locais.
- Inserción nos sistemas de comunicación, produción e comercialización.
- Determinación das aptitudes do solo en función das capacidades produtivas e do valor ambiental.
- Creación de mancomunidades, asociacións empresariais e sociais e outras organizacións intermedias de dinamización.

O outro obxectivo central do PDC, ademais da coordinación das distintas administracións públicas, tiña que ver co desenvolvemento local, tal e como xa sinalamos en Otero Varela e Paül Carril (2018a). No acordo do Consello da Xunta de 1990-91 xa se facía referencia á «capacidade produtiva endóxena» nun dos seus obxectivos. Porén, foi con posterioridade cando Precedo Ledo (1994) pasou a entender o desenvolvemento local como o fin principal do proceso comarcal: «a comarcalización é en Galicia unha estratexia propia de desenvolvemento endóxeno» (Pecedo Ledo, 1998b: 23). Así, a coordinación das administracións subordinouse a este segundo fin: «el modelo de desarrollo local puede ser el más eficiente instrumento para la coordinación efectiva de las diferentes administraciones» (Precedo Ledo, 1993b: 189). Neste sentido, segundo Álvarez Cao (1999), a súa grande achega tivo que ver coa busca dun modelo de desenvolvemento propio orientado á dinamización dos recursos endóxenos.

A relación entre a coordinación administrativa e o desenvolvemento local, os dous grandes fins do proxecto de desenvolvemento comarcal, levaron a Precedo Ledo (1994) a definir o PDC como un «Plan Rexional de Desenvolvemento Local». Este prototipo compoñíase, por unha banda, dun «modelo rexional» no que o obxectivo era dinamizar e consolidar os eixos máis competitivos asociados a políticas de concentración e, por outra banda, dun «modelo local ou endóxeno» que buscaba fixar e dinamizar as capacidades derivadas dos recursos endóxenos. O primeiro modelo estaba máis vinculado á parte occidental de Galicia, mentres que o segundo, se ben buscaba cubrir todo o territorio, tiña a súa razón de ser nos espazos máis rurais do interior —as pequenas cidades e vilas serían os centros de dinamización—. Así, pódese sintetizar que o PDC era un intento de modelo de desenvolvemento rexional que adoptaba o desenvolvemento local como metodoloxía (Precedo Ledo, 1994; Álvarez Cao, 1999).

O marco teórico do PDC pretendía a unión das dúas grandes correntes en materia de planificación: «un sistema operativo que permite integra-la planificación rexional e a ordenación do territorio nun instrumento de coordinación» (Precedo Ledo, 1994: 13). Por unha banda, a planificación física ou ordenación do territorio —e do Medio Ambiente— que, fundamentada na *Regional Planning* inglesa, buscaba solucionar os problemas de distribución espacial e usos do solo tendo en conta as capacidades produtivas e medioambientais. E, por outra banda, a planificación económica e social, estratéxica ou de desenvolvemento rexional que, apoiada na tradición francesa de *aménagement du territoire*, tiña marcados fins económicos e atendía de maneira prioritaria aos problemas de produción e estrutura sectorial (Precedo Ledo, 1991b). É necesario sinalar que o PDC non procuraba substituír as modalidades de planificación convencional existente, senón que buscaba funcionar como «modelo complementario» destas (Precedo Ledo, 1992b, 1992c, 1993c, 2002a, 2003). Pretendíase que os seus obxectivos fosen inseridos no Plan Económico e Social e no Plan de Ordenación do Territorio —ou instrumento equivalente—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O fin último que perseguía o PDC tiña que ver coa redución dos desequilibrios territoriais entre a Galicia máis e a menos desenvolvida, a urbana e a rural, a costeira e a do interior. Para acadar este obxectivo, Precedo Ledo (1994) considera que a resposta de cada rexión aos problemas de atraso vai depender da capacidade que cada unha teña para deseñar os seus propios modelos de desenvolvemento local. Neste sentido, recoñecíase a capacidade de actuación de cada comarca como estratexia para atenuar os desequilibrios que provocaban as políticas macroterritoriais. Levaríanse a cabo a través de plans adaptados ás peculiaridades xeográficas, culturais, económicas, sociais e ambientais de cada comarca e, de maneira especial, potenciando as pequenas cidades e vilas cabeceira destas.

Tratábase, ademais, dun modelo progresivo e gradual, é dicir, a súa implantación non se pretendía automática en todo o territorio, senón que de maneira experimental comezou a funcionar nunhas poucas comarcas. Estas eran as «comarcas piloto», pensadas para avanzar e perfeccionar o deseño do modelo e servir de «efecto demostración» para o resto (Precedo Ledo, 1994). A iniciativa para que unha comarca se puxese en funcionamento correspondíalle aos concellos integrantes, mais desde a administración autonómica animábase á súa constitución. Estes debían chegar a un acordo interno que sería remitido ao Consello da Xunta de Galicia, a quen lle correspondía a última decisión sobre incluír ou non unha comarca no PDC. No caso de que a Xunta de Galicia dese o seu visto-e-prace, o seguinte paso sería a formación dun «Consello Comarcal» integrado por representantes dos concellos, da deputación provincial e da Xunta de Galicia. Este órgano comezaría a traballar de maneira coordinada para fixar os obxectivos e as liñas de traballo.

O acordo do Consello da Xunta de 1990-91 estableceu unha primeira partida de catro comarcas: «A Terrachá», «Lalín» —que non Deza—, «Ordes» e «Valdeorras», unha por cada provincia. Se ben se recoñecía que sería máis doado comezar a traballar cunha soa comarca, explícase que se escolleu unha por provincia para «evitar problemas». Estas comarcas reunían unhas determinadas condicións favorables, segundo dicían: límites precisos e estables, cohesión interna, carácter rural, estar en fase regresiva e precisar de intervención urxente, existencia de recursos subdesenvolvidos, unha cabeceira ben definida, presenza de mancomunidades en funcionamento, sentimento de identificación popular arraigado e, especialmente, contar co apoio dos alcaldes. Para Precedo Ledo (1998a: 244), outra característica fundamental destas catro comarcas tería que ver coa súa coincidencia como ámbitos territoriais onde o feito comarcal estaba «máis asentado, e tamén (…) mellor e máis intensamente percibido pola poboación».


Co propósito de comezar a traballar no proxecto de desenvolvemento comarcal, o acordo do Consello da Xunta de 1990-91 prevía a creación de dous órganos comarcais a nivel autonómico: o «Gabinete» e a «Comisión de Planificación do Desenvolvemento Comarcal» —logo Comisión de Comarcalización—. O primeiro deles, o Gabinete, asumía a función de coordinar todo o proxecto e recoller o persoal técnico que traballaría nesta materia, mentres que a Comisión, que podía funcionar como «Pleno» ou como «Grupo de Traballo», tería a misión de fixar os criterios e obxectivos de desenvolvemento a alcanzar nas comarcas piloto. Porén, ademais destas dúas ferramentas e sen estar previstos en ningunha normativa, desde a Xunta de Galicia impulsouse a constitución doutros «órganos piloto» que traballarían polo desenvolvemento comarcal de maneira máis directa, continua e flexible: as fundacións comarcais, os centros comarcais e unha Sociedade Comarcal co obxectivo de coordinalos (Precedo Ledo, 1994).

Recoñecía o «pai» do PDC que «resultou de inestimable axuda a fase de experimentación correspondente á selección de catro comarcas piloto» (Precedo Ledo, 1994: 117) polo feito de que permitiu ver a evolución das medidas que se foron introducindo. Por unha banda, mediante «accións de planificación» como a ampliación do banco de datos, a elaboración de

prediagnósticos sectoriais, un cuestionario de recoñecemento territorial ou os plans de previsión de cada departamento da Xunta. E, por outra banda, con «accións de implementación», onde a máis destacada foi a formación dos consellos comarcais, que de maneira «voluntaria» buscaban o entendemento entre as distintas administracións para coñecer as necesidades de cada concello.

Ás catro comarcas piloto iniciais engadíronse oito máis en 1992 e outras oito en 1993, o que resultaba en 20 as comarcas piloto que chegaron a operar en Galicia até a aprobación da *Lei 7/1996* (Figura 8.8). A selección destas comarcas non foi aleatoria, senón que, ademais dos criterios sinalados anteriormente, apoiaríanse no art. 30.7.c do Estatuto de Autonomía de Galicia. Este apartado da norma, que fai referencia á execución de «programas de actuación» en «comarcas deprimidas ou en crise», sería a razón pola que o PDC lle confería preeminencia a ámbitos territoriais supramunicipais destas características (Precedo Ledo, 1994). Cómpre sinalar que as comarcas piloto axudaron tamén na definición do mapa comarcal de Galicia a través da fixación dos límites comarcais.

Figura 8.8. «Comarcas piloto» e a súa evolución (1991-1996)



Fonte: Precedo Ledo e López Cousillas (1993); Precedo Ledo (1994, 1995b, 1996c). Elaboración propia.

O PDC era o documento que marcaba o camiño a seguir para as catro primeiras comarcas piloto, mais este acordo do Consello da Xunta de 1990-91 só establecía unhas pequenas pautas de actuación. Para atopar polo miúdo o modelo formalizado de desenvolvemento comarcal hai que esperar a 1994, cando Precedo Ledo publica *Desenvolvemento territorial e planificación comarcal: o Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia*, a que é, talvez, a súa obra máis significativa ao respecto. A obra divídese en dúas partes, a primeira está dedicada a explicar diversas teorías de desenvolvemento territorial e a estrutura territorial de Galicia —véxase o apartado 8.1—. A segunda parte trata sobre o PDC, ao que define, en sintonía co xa exposto até este momento, como un «instrumento de planificación coordinada do desenvolvemento territorial» (Precedo Ledo, 1994: 183). Nesta segunda parte, o autor explica as funcións, os obxectivos, a estrutura, o procedemento de implantación e a utilidade do modelo de desenvolvemento comarcal galego.

Ademais, na adopción do PDC como modelo de desenvolvemento territorial, débese recoñecer a importancia que tivo a celebración en Santiago de Compostela, en 1991, dunhas Xornadas Internacionais sobre Desenvolvemento Territorial e Comarcalización. Nelas participaron expertos e académicos que analizaron exemplos comarcais de España e que, boa parte das cales, foron editadas por Precedo Ledo e Vázquez Barquero (1993) en *Desarrollo local y comarcalización.* Entre as contribucións que tratan sobre a experiencia española, recollidas na segunda parte da obra, cómpre destacar a de Casassas Simó (1993) sobre o caso catalán, a de Feria Toribio (1993) sobre Andalucía, a de Fernández García (1993) que exemplifica o caso asturiano ou a de Bielza de Ory (1993) sobre a comarcalización de Aragón.

Igualmente, débese considerar a significación dun Cuestionario enviado a 465 gobernos rexionais e locais de estados-membro do Consello de Europa. O obxectivo que perseguía era, por unha banda, coñecer as experiencias que utilizasen agrupacións estables de concellos sen necesidade de alterar as organizacións existentes e, por outra, obter información sobre os métodos e modelos empregados para paliar os desequilibrios territoriais (Precedo Ledo et al., 1994a, 1994b). O número de contestacións emitidas foi escaso, só 63, e as rexións máis partícipes foron as alemás, austríacas e italianas. O Cuestionario constaba de 12 preguntas agrupadas en catro bloques. O primeiro grupo trataba sobre os problemas dos pequenos concellos e as formas de cooperación intermunicipal como posible solución; o segundo, sobre os obxectivos e contidos das políticas de desenvolvemento local; o terceiro, sobre o modo en que se leva a cabo a planificación territorial e que organismos son os encargados; e, o cuarto, sobre o financiamento e seguimento destes plans territoriais.

O proceso experimental de comarcalización iniciado en 1990-91 consolidouse de xeito definitivo case seis anos despois, coa aprobación da *Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*. O obxectivo fundamental desta norma, aprobada no Parlamento de Galicia unicamente co respaldo do PP —como veremos no apartado 8.4—, foi fixar o marco normativo que regulamentaría e daría seguridade xurídica a todo o modelo de desenvolvemento comarcal. Buscábase tamén que o PDC abranguera a totalidade do territorio co obxectivo explícito de darlle maior operatividade. En canto á estrutura da norma, o título I buscaba asentar a estratexia de desenvolvemento territorial e recollía os principios e obxectivos do PDC; o apartado II estaba dedicado ao proceso de implantación no territorio dos plans comarcais; o III correspondía aos órganos e instrumentos de planificación; e, o IV pretendía sentar as bases a seguir na elaboración do futuro mapa comarcal. Con este marco xurídico iniciábase a segunda etapa do proceso de comarcalización, o que supoñía a xeneralización do proxecto piloto a todo o territorio. O obxecto da *Lei 7/1996* quedaba fixado da forma que segue:

«Coa finalidade de promove-lo desenvolvemento comarcal, a presente lei ten por obxecto establece-lo marco normativo daquel, que se realizará a través dunha actuación territorial

baseada na dinamización dos recursos endóxenos e das iniciativas locais, mediante a implantación gradual e participativa de plans de desenvolvemento comarcal que permitan a integración da planificación socioeconómica e a ordenación do territorio, así como a coordinación das distintas administracións e dos investimentos públicos nos ámbitos comarcais que se configuren e que serían o instrumento para ir dotando de capacidade de actuación as comarcas» (art. 1, *Lei 7/1996*).

O máis suxestivo desta *Lei 7/1996* tiña que ver con entender o modelo experimental de comarcalización, case de maneira exclusiva, como un proceso de dinamización dos recursos endóxenos e iniciativas locais. Así, no seu preámbulo, enténdese o PDC como un «modelo de desenvolvemento endóxeno e sostido, que ten por obxectivo fixar e mante-las capacidades relacionadas cos recursos endóxenos, funcionando como unha peza básica para alcanzar un desenvolvemento territorial equilibrado» (II, *Lei 7/1996*). Esta situación levaba a relegar a un segundo plano o que inicialmente era o obxectivo central do PDC, tal e como vimos máis arriba: a coordinación das actuacións das distintas administracións públicas. Outro aspecto significativo da lei tiña que ver coa presentación dos «principios» do PDC (art. 5, *Lei 7/1996*), algúns dos cales, como a voluntariedade, a coordinación ou a participación, foron usados de maneira constante por Precedo Ledo (1994) para definir o seu modelo. Son:

- Adicionalidade, na suma de esforzos financeiros.
- Complementariedade, entre os distintos plans.
- Coordinación, entre as distintas administracións.
- Flexibilidade, no deseño, aplicación e seguimento dos plans.
- Participación, dos axentes económicos e sociais.
- Subsidiariedade, para unha maior eficacia entre as diferentes administracións.
- Voluntariedade, na incorporación ao PDC.

A lei, ademais de recoñecer a importancia do desenvolvemento local e a potenciación dos recursos endóxenos, establecía os fins que perseguía o proxecto de desenvolvemento comarcal galego. Algúns destes aparecían xa recollidos no acordo do Consello da Xunta de 1990-91, en distintas achegas de Precedo Ledo (1993b, 1994, 1995b, 1996b, 1996c, 1999) ou nos discursos e programas electorais do PP. Outros fins do PDC comezaban a ser máis considerados desde este momento, como era o caso da desconcentración e racionalización dos servizos administrativos nas comarcas; a articulación do sistema de asentamentos potenciando os niveis intermedios como núcleos de crecemento; a procura de solucións para os problemas de despoboamento e avellentamento e, tamén, para os derivados das aglomeracións urbanas; a posta en marcha de políticas que combatan o infraequipamento e subutilización de recursos; ou, a difusión de novas tecnoloxías.

Pese a que o PDC foi concibido para actuar na totalidade do territorio galego, logo da lei e até o inicio do proceso de desmantelamento do modelo comarcal, só se engadiron ao proxecto outras 14 comarcas. Estas, sumadas ás 20 «comarcas piloto» previas á lei, mostran un mapa comarcal incompleto no que só en 34 das 53 comarcas se chegaron a implantar dalgún xeito políticas de desenvolvemento comarcal (Doval Adán, 2009a). Porén, o modelo non se instaurou de forma homoxénea nas comarcas incorporadas ao PDC como se explicará en apartados sucesivos. Así, había comarcas con fundación pero sen centro ou plan comarcal, non todas puideron financiar proxectos de desenvolvemento local a través de fondos europeos, nalgunhas delas aprobáronse plans comarcais carentes de obxectivos, estratexias e accións de desenvolvemento e, incluso, había concellos en comarcas «constituídas» que non chegaron a ser partícipes.

Respecto ao concepto de comarca, esta foi concibida como a «unidade territorial estratéxica» (Precedo Ledo, 1994: 127) sobre a que asentar o PDC. Para explicar este nivel territorial intermedio entre as unidades locais e as rexionais, o «pai» do proxecto comarcal tamén a ten definido como «microrrexión» (Precedo Ledo, 1987) ou «región pequeña» (Precedo Ledo, 1993a). Así, o ámbito comarcal converteuse no marco territorial máis apropiado sobre o que implantar o novo modelo de desenvolvemento comarcal. Considerábase que ámbitos estaban mellor axustados ás dinámicas económicas e sociais de Galicia para satisfacer as necesidade sociais mínimas de toda a poboación (Precedo Ledo, 1993b, 1994, 1995b, 1996b, 1996c, 1999). Neste sentido, a comarca adquiriu certos matices de carácter «técnico», «operativo» e «de xestión» que a transformaron nunha «unidade territorial estratéxica» destinada a valer de soporte para a coordinación administrativa, a planificación territorial e a implantación de modelos de desenvolvemento local. En palabras de Precedo Ledo (1994):

> A comarca está formada por unha agrupación territorial de concellos e de parroquias que ten como función servir como un instrumento estratéxico para a coordinación das administracións; e a súa natureza asociativa descansa na agrupación voluntaria, é dicir, que procede dun consenso voluntario aceptado, podendo acada-los seus obxectivos sen necesidade de introducir novos entes locais nunha estrutura xerárquica xa extraordinariamente complexa de seu. (…) É polas súas dimensións, a única realidade territorial que permite poñer en práctica os modelos de planificación integrada; é dicir, os que articulan os compoñentes administrativos, culturais, sociais, económicos, etc., (…) que descansa nun soporte social (Precedo Ledo, 1994: 124).

A *Lei 7/1996*, que seguía o marco teórico fixado por Precedo Ledo (1993b, 1994), consideraba a comarca como o ámbito máis adecuado para a posta en marcha deste tipo de políticas en relación coas características territoriais de Galicia, a saber: topografía accidentada e compartimentación do territorio; dispersión do hábitat; atomización das explotacións familiares agrarias e diversidade dos usos do solo rural; existencia das parroquias como unidades histórico-sociais; crecemento das áreas de urbanización difusa; déficit de equipamentos e infraestruturas locais; predominio de pequenas empresas e actividades produtivas moi diversas; abundancia de organizacións sociais e culturais; ampla diversidade de recursos endóxenos; forte avellentamento e regresión demográfica; ou, existencia dunha rede urbana policéntrica formada por dúas áreas metropolitanas, cinco cidades medias e un elevado número de pequenas cidades e vilas, a maior parte das cales son potenciais cabeceiras de comarca.

Para Precedo Ledo (1993b) debíase levar a cabo unha reorganización do territorio de Galicia que tivese a comarca como peza fundamental, aínda que nunca chega a verbalizar nos seus escritos e durante estes anos unha aposta clara pola adopción de comarcas con competencias e capacidade xurídica propia. A unidade comarcal era vista como unha solución estable aos problemas dos pequenos concellos, ao desbordamento dos límites municipais pola expansión das grandes cidades, á cuestión do despoboamento e avellentamento da poboación ou á redución do gasto público. Estas problemáticas abordaríanse, por unha banda, mediante unha reforma en profundidade da organización político-administrativa galega ou, por outra banda, mediante a coordinación das accións territoriais. En calquera caso, non se buscaba a desaparición dos termos municipais dentro das comarcas ao entender que o seu fortalecemento era un factor dinamizador para o desenvolvemento local.


O acordo do Consello da Xunta de 1990-91 rexeitaba a creación de comarcas convertidas en entes político-administrativos, unha situación que reforzaría logo a propia *Lei 7/1996*. E,

como veremos no apartado 8.4.4, a *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia*, tamén elude a configuración das comarcas como entidades locais. Neste contexto, Precedo Ledo (1993b) procuraba deixar clara que a finalidade do proxecto non era a conversión das comarcas en entes locais: «no se pretende en este plan crear una nueva entidad jurídico-administrativa con competencias propias, (…) sino propiciar un marco territorial en el que las administraciones intervinientes coordinen sus actuaciones con una estrategia coordinada» (Precedo Ledo, 1993b: 195).

Pese a estas consideracións, o ideólogo do proxecto non renunciaba á posibilidade de nun futuro converter as comarcas en verdadeiros entes locais. Entendíase que o PDC «de ningún xeito impide un posible desenvolvemento ulterior» (Precedo Ledo, 1994: 124), senón que a súa experiencia e posta en funcionamento daría a «información precisa sobre as funcións que a comarca desempeña, (…) e isto facilitará a definición das que teñen que selas atribucións propias da comarca» (Precedo Ledo, 1994: 128). Porén, era reticente a alterar os niveis territoriais existentes —a provincia e o concello— para acoller á comarca na estrutura organizativa de Galicia. O feito de que o modelo comarcal fora susceptible de cambio levaba á idea de que se trataba máis dun «proceso» de comarcalización, isto é, dun sistema aberto, continuo e cambiante que dun «acto» de comarcalización pechado, estanco e inmóbil.

O concepto de comarca estaba intimamente ligado ao chanzo intermedio do sistema galego de asentamentos, isto é, o formado polas «vilas», «pequenas cidades» ou «cabeceiras comarcais» que a modo de «lugar central» organizaban un espazo de escala comarcal. O PDC buscaba tamén potenciar estes núcleos co obxectivo de que «funcionen como pequenos polos ou centros comarcais de desenvolvemento local» (Precedo Ledo, 1994: 108). Ademais destes, existían os «subcentros comarcais», entendidos como as cabeceiras de «unidades funcionais básicas» —pequenos conxuntos de concellos dentro dunha comarca entre os que existen vinculacións secundarias—. Segundo o modelo de Precedo Ledo (1994), as comarcas estarían constituídas por municipios e unidades funcionais básicas e, á súa vez, formarían provincias e áreas funcionais (Figura 8.9).

Figura 8.9. Unidades territoriais de Galicia segundo Precedo Ledo



Fonte: Precedo Ledo (1994: 124). Elaboración propia.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.2.1 Os órganos de desenvolvemento comarcal

Os órganos de desenvolvemento comarcal consolidáronse coa *Lei 7/1996*. Esta norma diferenciaba entre, por unha banda, os instrumentos de «planificación e coordinación» e, por outra, os de «xestión e promoción». Estes órganos son os que relacionamos na Figura 8.10. Os de «planificación e coordinación» tiñan a función de establecer as directrices das actuacións encamiñadas á consecución dos obxectivos do PDC. Estes eran o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial —logo convertido en Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal e máis tarde en Dirección Xeral, coa mesma denominación— e a Comisión de Comarcalización, ambos os dous a nivel do conxunto de Galicia; e, os consellos comarcais, a nivel de cada comarca. Os outros, os de «xestión e promoción», encargábanse da execución do PDC. A nivel autonómico estaba a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia; a nivel provincial, as unidades técnicas comarcais; e a nivel de comarca, as fundacións para o desenvolvemento comarcal.

A práctica totalidade destes instrumentos comarcais estaban xa configurados e/ou funcionando con anterioridade ao marco lexislativo, polo que os dirixentes políticos basearon boa parte do seu desenvolvemento na experiencia piloto previa. Todos eles aparecían recollidos na obra teórica de Precedo Ledo (1994), que mesmo engadía un máis: os centros comarcais de promoción e exposición de recursos que, pese a non estar previstos na lei, chegaron a funcionar. Os primeiros órganos que se constituíron foron o Gabinete e a Comisión de Comarcalización, que de maneira temperá aparecían previstos no acordo do Consello da Xunta de 1990-91. A maior parte dos órganos comarcais estiveron funcionando de maneira permanente durante as catro lexislaturas do goberno de Fraga, entre febreiro de 1990 e agosto de 2005.

Figura 8.10. Órganos de desenvolvemento comarcal



Fonte: Precedo Ledo (1994); *Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*. Elaboración propia.

8.2.1.1 O Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial

O Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial, tamén coñecido como Gabinete Comarcal, foi o máximo órgano coordinador, orientador e avaliador do goberno autonómico en materia comarcal. O seu nacemento data do sete de febreiro de 1990, isto é, dous días despois de que Fraga se puxese por primeira vez á fronte do goberno galego. Foi creado, baixo a denominación de «Gabinete de Planificación Territorial», polo *Decreto 16/1990*, que estableceu os «órganos superiores» ou «centros directivos» dependentes directamente do presidente da Xunta de Galicia. Esta dependencia funcional da Presidencia da Xunta xustificábase na necesidade dun órgano de carácter «técnico» que permitise un «funcionamento áxil e desburocratizado» (Precedo Ledo, 1994: 140) das políticas de desenvolvemento comarcal.

Porén, nin o decreto que fixaba a súa creación nin o acordo do Consello da Xunta de 1990-91 facían mención aos seus cometidos. Sería co *Decreto 261/1994*, no que se volvían fixar os órganos dependentes directamente do presidente da Xunta, onde se definía como o órgano encargado do «deseño, elaboración e xestión do PDC de Galicia» (art. 11, *Decreto 261/1994*) e recoñecíase a súa competencia na elaboración de estudos, informes e proxectos de carácter territorial. Esta mesma función era a que establecía a *Lei 7/1996* cando encargaba ao Gabinete o «impulso na elaboración, coordinación e seguimento do PDC» (art. 21, *Lei 7/1996*). A lei comarcal tamén lle atribuía outras competencias, a saber: a coordinación xeral do proxecto e dos restantes órganos comarcais; a elaboración da proposta dos plans comarcais; e o seguimento, avaliación e modificación destes plans.

Este órgano «estratéxico» encargado da «coordinación» e «orientación» das políticas comarcais contaba cunha estrutura organizativa simple, de feito, durante a maior parte da súa historia, non tiña máis persoal que o director do Gabinete e un secretario administrativo. Non obstante, até a creación da Sociedade Comarcal en 1994, o Gabinete Comarcal era quen albergaba o persoal técnico responsable da elaboración dos proxectos comarcais. Ademais, Precedo Ledo (1994) destacaba que, durante a primeira etapa de funcionamento, o Gabinete era o encargado das primeiras tarefas de definición do modelo teórico e de elaboración das distintas propostas do mapa comarcal de Galicia. O Gabinete colaboraba tamén de maneira estreita coa «Comisión Galega de Cooperación Local», un instrumento que buscaba a coordinación e cooperación entre a Administración autonómica e a local, e entre cuxos obxectivos estaba a redución dos desequilibrios nas comarcas rurais mediante o estímulo de accións investidoras.


O seu máximo responsable, que accedeu desde o momento da súa creación e que se mantivo no cargo até case o desmantelamento do proxecto comarcal, foi A. Precedo Ledo. Exerceu como director do Gabinete Comarcal até decembro de 1997, momento no que este órgano se reconverteu na Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal e, polo tanto, o seu director pasou a ter a categoría de secretario xeral —*Decreto 350/1997*, *Decreto 355/1997* e *Decreto 403/1997*— (Figura 8.11). Este troco en Secretaría Xeral, que seguía dependendo igualmente do presidente da Xunta, foi visto como un intento por clarificar a posición xerárquica do centro directivo e tamén da condición do seu responsable. As funcións da nova Secretaría Xeral recollíanse no *Decreto 340/1998*, que lle atribuía máis funcións que as fixadas inicialmente pola *Lei 7/1996*, como era a configuración do mapa comarcal e a localización dos centros comarcais.

O Gabinete/Secretaría Xeral, pese a depender funcionalmente do presidente da Xunta de Galicia, no organigrama incardinábase na Consellería da Presidencia e Administración Pública. Polo tanto, era D. Rodríguez Rodríguez, que asumiu o cargo entre 1990 e 1999, o conselleiro competente en materia de desenvolvemento comarcal e unha persoa chave na defensa do proxecto (Figura 8.11). Porén, a saída do político en 1999 levou a que ocupase o cargo J. Pita

Varela que, a diferenza do seu predecesor, mantívose máis nun segundo plano nas políticas de desenvolvemento comarcal. Este encaixe dentro da estrutura organizativa da Consellería da Presidencia e Administración Pública traducíase en que eran os delegados provinciais desta consellería os que exercían as funcións e competencias que o Gabinete/Secretaría Xeral lles delegase.

Durante a metade da última lexislatura de Fraga Iribarne á fronte do goberno galego (2001-2005), acometeuse unha reestruturación dos departamentos da Xunta que afectaron o órgano coordinador en materia de desenvolvemento comarcal (Figura 8.11). En xaneiro de 2003 a Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal baixou de rango e pasou a ser unha Dirección Xeral, mantendo os mesmos apelidos de Planificación e Desenvolvemento Comarcal. O máis significativo desta reestruturación da Xunta tivo que ver con que as políticas en materia de desenvolvemento comarcal deixaron de depender directamente do presidente da Xunta e da Consellería da Presidencia e Administración Pública e pasaron a adscribirse á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural —*Decreto 23/2003* e *Decreto 161/2003*—. A nova consellería competente en temas comarcais estivo dirixida por J. M. Diz Guedes entre 2003 e 2004 e por J. A. Santiso Miramontes entre 2004 e 2005.

Figura 8.11. Evolución do máximo órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal durante os goberno de Fraga Iribarne (1990-2005)



Fonte: Parlamento de Galicia. Elaboración propia.

Este cambio de departamento pódese considerar como o inicio do proceso de declive do proxecto, posto que o desenvolvemento comarcal, ao saír da Presidencia da Xunta, perdeu o seu carácter transversal e converteuse nunha función sectorial. O feito de enmarcarse dentro da consellería competente en materia de desenvolvemento rural, aínda que se mantiñan dúas direccións xerais diferenciadas, foi tamén o comezo da equiparación do desenvolvemento comarcal como unha política de desenvolvemento rural. O cambio de departamento supuxo a saída voluntaria de Precedo Ledo e a súa substitución por J. J. Cudeiro Mazaira, até ese momento director xeral de Urbanismo. O novo director xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal estivo no cargo até agosto de 2005, coincidindo co final do goberno de Fraga Iribarne á fronte da Xunta de Galicia —*Decreto 29/2003*, *Decreto 127/2003*

e *Decreto 284/2005*—. Tras as eleccións autonómicas de 2005, o organigrama do novo goberno de PSdeG-PSOE e BNG implicou a definitiva desaparición dun órgano específico en materia comarcal dentro da estrutura organizativa da Xunta de Galicia.

8.2.1.2 A Comisión de Comarcalización

A Comisión de Comarcalización, inicialmente como Comisión de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, era definida pola *Lei 7/1996* como o órgano «coordinador interconsellerías» cuxa finalidade tiña que ver coa «avaliación e verificación dos obxectivos do plan e o seguimento dos mesmos e da súa execución» (art. 23, *Lei 7/1996*). Ademais, Precedo Ledo (1994) atribuíalle unha maior responsabilidade ao entender que era o instrumento encargado de fixar a metodoloxía e os criterios básicos que se debían seguir na formulación dos plans de cada comarca.

A propia lei comarcal establecía que o seu funcionamento e composición se determinaría regulamentariamente, mais non atopamos evidencias sobre a existencia desas normas alén de que desenvolvía o seu traballo como «Pleno» ou «Grupo de Traballo». Seguindo a teoría de Precedo Ledo (1994), o «Pleno» estaba formado polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública —que actuaba de presidente—, o director do Gabinete Comarcal —co rango de secretario— e un ou varios representantes de todas as consellerías e/ou organismos dependentes delas, que debían ser secretarios ou directores xerais. Cando funcionaba como «Grupo de Traballo», a presidencia asumíaa o director do Gabinete Comarcal e aos representantes das diferentes consellerías sumábase o persoal técnico do Gabinete/Sociedade Comarcal. Estaba previsto tamén que se constituíse en cada consellería un «subgrupo de traballo» que contase cun representante de cada secretaría e dirección xeral. Logo, o presidente deste subgrupo sería o representante da devandita consellería no Grupo de Traballo.


8.2.1.3 Os consellos comarcais

Os consellos comarcais eran descritos como unha «comisión de planificación permanente» (Precedo Ledo, 1996c) na que estarían presentes todas as administracións, agás a Administración Xeral do Estado. A súa constitución era «voluntaria» e concibíase como o primeiro acto que se organizaría logo da designación dunha comarca polo Consello da Xunta de Galicia. Segundo se prevé na lei, tiñan o cometido de «propoñer e avalia-los obxectivos e as accións de desenvolvemento comarcal, en cuxa elaboración terá unha participación activa» (art. 22, *Lei 7/1996*). Así, correspondíalle a estes órganos o deseño do plan comarcal —a nivel de cada comarca—, a súa aprobación inicial, o seu seguimento e a súa avaliación anual.

Non hai certezas, logo da documentación analizada, de que estes órganos tivesen un funcionamento estable, nin sequera que realmente chegasen a funcionar, mais, no caso de que isto non fose así, os consellos comarcais serían 34 —tantos como comarcas incorporadas ao PDC—. Estarían formados, segundo a lexislación vixente, polo conselleiro competente, isto é, o de Presidencia e Administración Pública até xaneiro de 2003 e desde esa data o de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, que asumiría a función de presidente; o director do Gabinete, que desempeñaría o rol de secretario; un representante de cada un dos concellos integrantes da comarca, normalmente o alcalde, que asumiría a vicepresidencia de xeito rotatorio; e, un representante da deputación provincial respectiva (Figura 8.12). Ademais, nos traballos de Precedo Ledo (1993b, 1994) sinálase tamén a presenza dun membro da Federación Galega de Municipios e Provincias —FEGAMP—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.12. Composición dos consellos comarcais



Fonte: *Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*. Elaboración propia.

8.2.1.4 A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia

A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, abreviada como SODECO ou SODECOGA, e tamén coñecida como Sociedade Comarcal a soas, era concibida como un ente de carácter instrumental e «técnico» cuxa finalidade tiña que ver coa prestación de «servizos de apoio ó desenvolvemento territorial» (art. 26, *Lei 7/1996*). Tratábase dunha empresa pública de carácter mercantil que funcionaba baixo a figura xurídica de sociedade anónima e da que a Xunta de Galicia era posuidora do 100% do seu capital. Foi constituída de maneira oficial o 18 de abril de 1994, momento no que se aprobaron os seus estatutos, se ben a súa creación foi acordada o 4 de febreiro a través do *Decreto 40/1994*, polo que se facultaba ao conselleiro de Economía e Facenda a levar a cabo os actos precisos para este fin. Este órgano figuraba adscrito desde a súa creación á Consellería da Presidencia e Administración Pública, para logo, a partir da reestruturación do goberno da Xunta en 2003, pasar á consellería competente en materia de desenvolvemento rural.

O feito de contar cuns estatutos propios permitíanlle á Sociedade Comarcal certa autonomía funcional e financeira (Doval Adán, 2009a). A Xunta de Galicia xustificaba esta independencia dos poderes públicos ao considerar que os servizos de planificación e desenvolvemento territorial debían ser susceptibles de ser aproveitados por outras administracións públicas e departamentos da Xunta, e tamén polo sector privado. Entendían, así, que o carácter «técnico» deste tipo de traballos non tiñan cabida no funcionamento ordinario da Xunta, polo que debía ser un ente alleo á administración o que prestase estes servizos de consulta e información territorial (Caridad Graña, 2012a) —esta situación é sinalada pola Xunta de Galicia no BOPG 9/11/1994 e BOPG 18/1/1995—. Deste xeito, a Sociedade Comarcal pasou a asumir as actividades e os recursos humanos, materiais e económicos que até ese momento estaban no Gabinete Comarcal, o que levou a este a converterse no responsable do traballo no plano administrativo e funcional e aquela no técnico e operativo.

O seu órgano de goberno estaba en mans dun Consello de Administración que, segundo os seus estatutos, debía estar formado por entre 15 e 20 membros que exercerían o cargo por un período renovable de cinco anos. Todos eran altos cargos da Xunta de Galicia: o conselleiro da Presidencia e Administración Pública —que asumía o papel de presidente da Sociedade Comarcal—, os secretarios xerais das once consellerías do goberno galego, o director do Gabinete Comarcal e os directores xerais de Orzamentos, Desenvolvemento Rural, Obras Públicas, Planificación e Urbanismo. Pouco tempo despois, o 2 de xuño de 1994, o Consello de Administración, de acordo co art. 34 dos estatutos, designaba o director do Gabinete Comarcal como conselleiro delegado da Sociedade Comarcal, o que lle permitía a Precedo Ledo asumir a administración activa do ente. Amais, o feito de que varios cargos dos órganos comarcais

recaesen nunha mesma persoa era percibido pola Xunta como unha oportunidade de mellorar a coordinación do proxecto (Doval Adán, 2009a; Caridad Graña, 2012a).

A «árbore das comarcas» era o símbolo que representaba a todo o proxecto de desenvolvemento comarcal (Precedo Ledo, 1997a, 1997b) (Figura 8.13). Non só era o logo usado pola Sociedade Comarcal, senón que foi adoptado tamén polas fundacións e os centros comarcais. Para o seu promotor o emblema da árbore tiña sentido porque se trataba dunha realidade de certa «tradición» en Galicia e tamén pola gran superficie arborada do país. As ramas ou follas simbolizarían as comarcas que se entrelazan para formar un conxunto e dar a idea dunha «Galicia ben artellada».

Figura 8.13. A «árbore das comarcas»: o emblema do PDC



Fonte: Precedo Ledo (1997a, 1997b).

A función principal da Sociedade Comarcal consistía en brindar apoio e asistencia «técnica» ao Gabinete e ás fundacións comarcais. Neste sentido, nos seus estatutos previase toda unha serie de actividades: redacción dos plans comarcais e plans estratéxicos para as comarcas; coordinación da rede de xerentes comarcais, a súa selección e a súa formación técnica; creación dun banco de datos territoriais cando menos con información socioeconómica e do medio físico; realización de estudos, plans, programas ou proxectos de potenciación e apoio ao desenvolvemento comarcal; configuración dun Sistema de Información Territorial; financiamento de pequenas accións de desenvolvemento comarcal e apoio aos grupos locais; asesoramento sobre aspectos territoriais a administración e a empresas privadas; ou, elaboración e edición de traballos de investigación, libros, folletos e vídeos sobre as comarcas de Galicia. Ademais, co tempo asumiuse que era o órgano encargado da levar a cabo os proxectos de construción dos centros comarcais (Caridad Graña, 2012a).

A Sociedade Comarcal, se ben estaba previsto que realizase actividades de «apoio», converteuse de facto no órgano que pasou a desenvolver e coordinar realmente as actividades de desenvolvemento comarcal, unha situación que se viu reforzada polo feito de que o Gabinete se baleirase de persoal e contidos (Caridad Graña, 2012a). Para levar a cabo as súas actividades, a Sociedade Comarcal percibía altas cantidades de fondos dos orzamentos autonómicos, con cifras que oscilaban entre os dous millóns e medio nos primeiros anos até máis de sete millóns na súa última etapa de funcionamento (Táboa 8.1). Ademais, fronte ao desgaste paulatino a partir do 2003, e incluso durante o goberno do bipartito, a cantidade de fondos que percibiu foi en aumento. Non obstante, pese ao diñeiro que recibía, o feito de que fose unha empresa allea á administración levou a que a lexislación vixente se asegurase de que en ningún caso fose competencia dela a execución de investimentos públicos. Esta situación limitábaa a levar a cabo meras actuacións de «promoción» e que os fondos fosen destinados case exclusivamente a gastos de persoal e mantemento —tanto da Sociedade como das fundacións e centros comarcais—.

Táboa 8.1. Orzamentos destinados á Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (1995-2011)

1995	2.582.850 €	2004	5.577.000 €
1996	2.403.447 €	2005	5.984.000 €
1997	2.301.876 €	2006	6.390.000 €
1998	3.912.589 €	2007	6.676.000 €
1999	4.489.560 €	2008	7.117.000 €
2000	4.363.348 €	2009	7.219.000 €
2001	5.198.755 €	2010	7.066.000 €
2002	6.447.000 €	2011	5.719.000 €
2003	4.637.000 €	Total	88.084.425 €

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. Elaboración propia.

Para levar a cabo os seus cometidos, a Sociedade Comarcal contaba cun equipo multidisciplinar formado por profesionais de diversas disciplinas como arquitectura, bioloxía, economía, enxeñería ou xeografía (Figura 8.14). Nos seus primeiros anos de funcionamento, o Consello de Contas (1996) cifraba o cadro de persoal en 28 persoas. O feito de que fose o ente comarcal que reunía os traballadores levaba a que en varias ocasións se fixese referencia a ela como a «estrutura humana» do Gabinete.

Figura 8.14. Traballadores da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia en 1995



Fonte: imaxe facilitada por J. Hernández Borge.

Internamente, a Sociedade estruturábase en tres departamentos ou «subdireccións»: Dinamización Comarcal, Técnica e de Estudos e o Servizo de Información Territorial de Galicia —SITGA— (Figura 8.15). Ademais, contaba cunha xerencia que se encargaba da xestión diaria


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

do organismo e que integraba os servizos de apoio administrativo, asesoría xurídica, xestión de persoal e xestión económica.

O departamento de Dinamización Comarcal, tamén referido como de Acción, Coordinación, Desenvolvemento ou Planificación Comarcal, era o encargado da coordinación da rede de xerentes comarcais, da xestión dos centros comarcais e da promoción das actividades de desenvolvemento, aínda que tamén contaba con persoal para a captación e xestión de fondos europeos (Consello de Contas, 1996). A outra subdirección que se encargaba tamén dos temas máis vencellados ao desenvolvemento comarcal era a área Técnica e de Estudos —tamén referida como de Programación ou de Obras e Proxectos—. Esta tiña como misión a elaboración dos plans comarcais e doutros instrumentos análogos como estudos e programas de actuación ou plans estratéxicos, así como avaliacións de carácter territorial. Tamén era da súa competencia a construción dos centros comarcais. En calquera caso, a estrutura interna da Sociedade Comarcal foi mudando en función das súas necesidades.

O último departamento no que se agrupaba o cadro de persoal era o SITGA, o que para moitos significou a principal función da Sociedade, especialmente cando o proceso de comarcalización comezou a deteriorarse. Foi concibido pola necesidade de material cartográfico na elaboración dos plans comarcais e tiña como principal cometido proporcionar información de base territorial, xa fose a través da recompilación e tratamento de datos espaciais como da produción de información cartográfica (Precedo Ledo, 1995b). O SITGA gañou gran recoñecemento até converterse no organismo de referencia en Galicia sobre cuestións relacionados coa produción cartográfica.

Figura 8.15. Estrutura organizativa da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia



Fonte: Consello de Contas (1996, 2000). Elaboración propia.

O campo no que a Sociedade Comarcal levou a cabo un traballo máis intenso ten que ver coa promoción, difusión e publicidade das comarcas a través da produción desenvolvida en diferentes soportes: libros, revistas, folletos, vídeos, mapas, etc., mesmo microespazos na televisión galega. Agrupamos estas publicacións en función da súa temática en, por unha banda, aquelas de carácter máis técnico e académico e, por outra, as máis divulgativas. Dentro do primeiro grupo atópanse traballos que explican o proxecto comarcal, como é o caso das xa comentadas *Desarrollo local y comarcalización* (Precedo Ledo e Vázquez Barquero, 1993) e

Desenvolvemento territorial e planificación comarcal: o Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia (Precedo Ledo, 1994), ou doutras que, como *O Mapa comarcal de Galicia* (Precedo Ledo, 1997a) ou *Mapa comarcal de Galicia: a elaboración do Mapa* (Precedo Ledo, 1997b), tratan sobre o proceso de configuración das divisións comarcais.

Noutro sentido, as achegas de carácter máis divulgativo e comercial teñen por finalidade o fortalecemento do sentimento comarcal. Exemplos significativos son *Comarcas de Galicia* (Precedo Ledo, 1998b) na que se elabora unha recompilación de imaxes e poemas en torno á comarca ou *Atlas de Galicia* (Precedo Ledo e Sancho Comíns, 2001) do que só saíu á luz o tomo referente ao medio físico. Desde a Sociedade Comarcal tamén se intentou, sen éxito, a elaboración dunha colección por comarcas: «Comarcas de Galicia», mais só foi publicado o volume de *A Ulloa* (Precedo Ledo, 2001). Outros traballos elaborados por este organismo son *Os nosos concellos* ―unha colección que reúne datos estatísticos sobre os concellos galegos editada entre 1992 e 1996― ou a serie audiovisual «Comarcas de Galicia» ―publicada entre 1998 e 2000 e que tenta achegar as principais características de cada comarca―. Tamén son abondosas as publicacións elaboradas entre a Sociedade e a respectiva fundación de cada comarca, normalmente guías visuais, co obxectivo de divulgar os recursos locais.

8.2.1.5 As unidades técnicas comarcais

As unidades técnicas comarcais foron, segundo a lexislación vixente, os «órganos técnicos de planificación dependentes das deputacións provinciais» (art. 24, *Lei 7/1996*). Así, estes órganos, que estarían coordinados pola Sociedade Comarcal, operarían a escala provincial, un por cada provincia (Precedo Ledo, 1994). A súa razón de ser tiña que ver con materializar a participación das deputacións provinciais no proceso de desenvolvemento comarcal a través de distintas funcións como a colaboración nos plans comarcais e outros estudos sectoriais, a coordinación das fundacións comarcais da provincia respectiva, o seguimento das accións do PDC ou o asesoramento aos concellos.

Con todo, ao igual que lles acontece aos consellos comarcais, non hai evidencias de que realmente chegasen a funcionar, de feito, non se coñece ningún informe emitido por ou sobre estes entes, nin sequera a súa composición ou regulamento. Por outra banda, tal e como se evidencia no apartado 8.3.4, a partir dos testemuños obtidos dos ex-xerentes comarcais, as deputacións provinciais foron moi remisas desde o primeiro momento a participaren no proxecto comarcal.

8.2.1.6 As fundacións para o desenvolvemento das comarcas

As fundacións comarcais eran concibidas como as unidades operativas do proxecto, isto é, buscaban a «integración do sector público e do privado, constituíndose como un grupo de acción comarcal que ten como obxectivo fundamental a dinamización das iniciativas comarcais e a promoción dos seus recursos endóxenos» (art. 25, *Lei 7/1996*). Estas axencias de desenvolvemento comarcal foron creadas baixo a modalidade de fundación pública, sen ánimo de lucro e con carácter permanente e duración indefinida. Eran entes con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar; de feito, contaban cuns estatutos propios que lles daban certa autonomía e que regulaban os seus fins, composición e funcionamento interno. Ademais, estaban vencelladas aos consellos comarcais e apoiadas pola Sociedade Comarcal no ámbito técnico e o Gabinete Comarcal no ámbito financeiro (Precedo Ledo, 1994).

A lexislación en materia comarcal procuraba que promovesen e executasen as accións recollidas nos plans comarcais, para o que se contemplaba o deseño de programas de desenvolvemento e de iniciativas locais. Para acadar estes fins definíanse numerosas actividades: impulso de actuacións, programas e proxectos de desenvolvemento territorial,

USC DE COMPOSTELA

asesoramento e demanda de información, animación á participación dos axentes económicos e sociais, promoción de iniciativas de desenvolvemento, creación de empresas e de postos de traballo, constitución de asociacións, elaboración de estudos e proxectos, organización de cursos e conferencias ou xestión de iniciativas comunitarias. Eran tamén, segundo Precedo Ledo (1994), os entes encargados de «reunir vontades», é dicir, de coordinar as distintas administracións públicas. Porén, ao igual que a Sociedade Comarcal, a lei comarcal impedíalles executar investimentos públicos: «en ningún caso será competencia das fundacións a execución dos investimentos públicos previstos nos respectivos plans de desenvolvemento comarcal» (art. 25, *Lei 7/1996*).


O primeiro paso no proceso de constitución das fundacións comarcais debía vir da man dos concellos que, representados no consello comarcal, solicitaban o visto-e-prace á Xunta de Galicia. Logo, o Consello da Xunta, asesorada polo Gabinete e a Sociedade Comarcal, era quen debía permitir a creación da fundación comarcal. Aprobábase así un «proxecto de estatutos marco» e autorizábase á Consellería da Presidencia e Administración Pública a participar no outorgamento das escrituras de constitución. A continuación, cada un dos concellos recibía un informe desta Consellería para que os plenos municipais ratificasen o establecemento dunha fundación (Precedo Ledo, 1994). Nos plenos municipais, cando os concellos votaban a favor da fundación, facíano tamén en beneficio do PDC, dos estatutos e regulamentos de réxime interno, así como facultaban o alcalde para que fose o representante do concello nas reunións do órgano de goberno da fundación.

As posturas mantidas polos distintos partidos políticos nas corporacións locais sobre a incorporación á fundación comarcal respectiva gardaba certa relación coa posición de ditas forzas a nivel de país, que son obxecto de atención específica no apartado 8.4 deste capítulo. Nas corporacións municipais era habitual que o PP votase a favor da incorporación do concello á fundación comarcal, así como tamén os edís doutras forzas conservadoras de corte máis galeguista como CG e Centristas de Galicia —CdeG—. Pola contra, boa parte dos concelleiros do PSdeG-PSOE e, especialmente do BNG, mostraban unha postura máis remisa, o que lles levaba a absterse ou votar en contra. Non obstante, son varios os casos nos que ambas as dúas forzas progresistas apoiaron o establecemento dunha fundación comarcal, especialmente naqueles casos en que os seus votos eran necesarios para alcanzar este fin. En calquera caso, o feito de que en boa parte dos documentos nos que se sometía a cuestión comarcal a debate municipal non se reflectise o sentido da votación de cada formación política impide unha lectura exacta dos resultados.

Como podemos observar na Figura 8.16, dos 183 concellos que chegaron a participar no acto de constitución das fundacións comarcais, boa parte deles, 115, contaban cun alcalde do PP. En segunda posición, estaba o PSdeG-PSOE con 32 alcaldes; seguido de preto por Converxencia Centrista de Galicia (CCdeG) e Converxencia Nacionalista Galega (CNG) —as coalicións de CG e CdeG, e nalgúns casos tamén de Centro Democrático y Social (CDS), para as municipais de 1991— con 26 alcaldías. É preciso sinalar que 23 dos 26 alcaldes destas coalicións eran de CdeG —todos na provincia de Ourense— e que acabaron nos seguintes comicios revalidando a alcaldía nunha candidatura do PP. Os concelleiros restantes fórono por partidos independentes, nove, e boa parte deles —oito— tamén remataron engrosando as listas do PP. Só un, o alcalde das Pontes de García Rodríguez, militaba no BNG.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.16. Partido político na alcaldía no momento de constitución da respectiva fundación comarcal



Fonte: Plenos municipais. Elaboración propia.

Logo da aprobación polo Consello da Xunta e os concellos respectivos, as fundacións constituíanse nun acto no que ante notario participaban, polo menos, o conselleiro competente, o director do Gabinete Comarcal, un representante da deputación provincial e os alcaldes dos concellos integrantes da comarca (Táboa 8.2). Tamén podían intervir representantes doutras consellerías, normalmente os delegados provinciais, así como persoal da Sociedade Comarcal. No acto de constitución da fundación os participantes asumían as dúas ferramentas que regularían o seu funcionamento: os estatutos e o regulamento de réxime interno. A fundación nacía cunha dotación inicial dun millón de pesetas —6.010,12€— que facilitaba a Xunta de Galicia, mais estaba aberta a outras achegas que podían vir dos seus membros, de subvencións de entidades públicas, de doazóns ou legados do sector privados, así como dos propios ingresos que se puideran derivar da súa actividade. Cómpre indicar a importancia, buscada ou non, que tiña a vila que se elixía como lugar de constitución polo feito que se trataría da capital oficiosa da comarca, nunha regra non escrita que se intúe do funcionamento posterior destas institucións. Estas vilas relaciónanse na Táboa 8.2.

Unha vez constituída a fundación de maneira formal tiña lugar, por unha banda, a súa clasificación como «mixta» e, por outra, a súa definición como «de interese galego» (Táboa 8.2). Estes pasos que debía dar o goberno autonómico, a través do visto bo dunha comisión integrada por todos os secretarios xerais técnicos de cada consellería, levaban a que as fundacións comarcais se adscribisen á Consellería da Presidencia e Administración Pública que exercía un protectorado sobre elas. Coa reestruturación da Xunta durante a última lexislatura de Fraga Iribarne, as fundacións definíronse a finais de 2004 como de «interese para o desenvolvemento rural» e a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pasou a exercer o protectorado sobre elas —*Orde 24/11/2004*—. Estes cambios de departamento ían ligados tamén a unha modificación dos estatutos constitucionais para recoller esta realidade.

O número de fundacións comarcais que operaron no territorio galego foi de 34, como podemos ver na Táboa 8.2. Entre os meses de novembro e decembro de 1994 constituíronse as 20 primeiras fundacións comarcais ou, mellor dito, «fundacións piloto», polo feito de seren previas á *Lei 7/1996*. As 13 fundacións comarcais restantes estableceríanse de maneira sucesiva entre 1999 e 2002. Isto supuxo un parón de case cinco anos —entre 1994 e 1999— que resulta

significativo posto que xa estaba vixente a lexislación en materia comarcal e os límites das unidades comarcais fixados polo *Decreto 65/1997*. Con todo, o número de fundacións que chegaron a funcionar realmente pode cifrarse nunha menos, en 33, polo feito de que a última en constituírse, a de Terra de Soneira, en outubro de 2002, non chegou a desenvolver ningunha actividade nin contar con sede ou persoal a cargo.

Táboa 8.2. Proceso de constitución das fundacións comarcais

Fundación		Aprobación Consello da Xunta	Constitución	Lugar de constitución	Clasificación como mixta	Declaración de interese galego
1	A Ulloa	15/9/1994	24/11/1994	Palas de Rei	21/12/1994	13/1/1995
2	Terra Chá	15/9/1994	24/11/1994	Vilalba	21/12/1994	13/1/1995
3	Ortegal	15/9/1994	25/11/1994	Ortigueira	21/12/1994	31/3/1995
4	A Fonsagrada	15/9/1994	28/11/1994	A Fonsagrada	21/12/1994	13/1/1995
5	O Ribeiro	15/9/1994	30/11/1994	Ribadavia	21/12/1994	6/2/1995
6	Terra de Celanova	15/9/1994	30/11/1994	Celanova	21/12/1994	13/1/1995
7	Deza	15/9/1994	2/12/1994	Lalín	2/2/1995	24/2/1995
8	Terra de Lemos	15/9/1994	7/12/1994	Monforte de Lemos	2/2/1995	22/2/1995
9	Valdeorras	15/9/1994	7/12/1994	O Barco	1/2/1995	1/3/1995
10	O Baixo Miño	15/9/1994	9/12/1994	Tui	6/2/1995	30/3/1995
11	O Salnés	15/9/1994	9/12/1994	Cambados	1/2/1995	21/2/1995
12	O Carballiño	15/9/1994	14/12/1994	O Carballiño	2/2/1995	24/2/1995
13	Os Ancares	15/9/1994	15/12/1994	Becerreá	1/2/1995	22/2/1995
14	Bergantiños	15/9/1994	16/12/1994	Carballo	1/2/1995	1/3/1995
15	Arzúa	15/9/1994	19/12/1994	Arzúa	2/2/1995	21/2/1995
16	Ordes	15/9/1994	19/12/1994	Ordes	6/2/1995	31/3/1995
17	Terra de Melide	15/9/1994	19/12/1994	Melide	1/2/1995	28/2/1995
18	A Paradanta	15/9/1994	22/12/1994	A Cañiza	2/2/1995	28/2/1995
19	Tabeirós-Terra de Montes	15/9/1994	23/12/1994	A Estrada	2/2/1995	24/2/1995
20	Terra de Trives	15/9/1994	23/12/1994	A Pobra de Trives	6/2/1995	30/3/1995
21	A Mariña Occidental	21/1/1999	1/2/1999	Viveiro	20/4/1999	10/5/1999
22	Caldas	21/1/1999	2/2/1999	Caldas de Reis	22/4/1999	7/5/1999
23	Muros	21/1/1999	3/2/1999	Muros	23/4/1999	10/5/1999
24	Noia	21/1/1999	3/2/1999	Noia	22/4/1999	7/5/1999
25	Terra de Caldelas	21/1/1999	9/2/1999	O Casto de Caldelas	21/4/1999	10/5/1999
26	Verín	21/1/1999	9/2/1999	Verín	22/4/1999	7/5/1999
27	Chantada	20/1/2000	5/4/2000	Chantada	4/8/2000	27/10/2000
28	O Morrazo	29/9/2000	6/11/2000	Cangas	9/4/2001	17/4/2001
29	A Mariña Central	29/9/2000	10/11/2000	Mondoñedo	9/4/2001	17/4/2001
30	Betanzos	29/9/2000	10/11/2000	Betanzos	9/4/2001	17/4/2001
31	A Mariña Oriental	29/6/2001	30/7/2001	Ribadeo	7/9/2001	14/9/2001
32	Santiago	29/6/2001	30/7/2001	Santiago	7/9/2001	14/9/2001
33	Eume	29/6/2001	31/7/2001	Pontedeume	7/9/2001	14/9/2001
34	Terra de Soneira	11/7/2002	21/10/2002	Vimianzo	25/11/2002	13/12/2002

Fonte: AGADER; Cartas fundacionais das fundacións comarcais. Elaboración propia.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha das características principais das fundacións tiña que ver coa voluntariedade de incorporación dos concellos integrantes da comarca. De feito, como xa se sinalou, un paso previo á constitución das fundacións comarcais era a súa aprobación nos plenos municipais, mobilizando alcaldías de diferente cor política, como podemos ver na Figura 8.17. Esta circunstancia levou a que en varias fundacións non participasen todos os concellos que conformaban a comarca, unha situación que afectaba comarcas formadas tanto previamente como após da *Lei 7/1996* e o *Decreto 65/1997*. Houbo oito concellos que se incorporaron á fundación comarcal de xeito máis tardío —catro con alcaldes do PP e outros catro do PSdeG-PSOE— e dous que cambiaron de comarca (Figura 8.17). Así, sumados estes aos 183 concellos partícipes nos actos de constitución das fundacións, pódese falar de que o proxecto comarcal se implantou —antes ou despois— en 191 dos 315 concellos galegos do momento —o 60,6%—. Os cambios producidos con posterioridade aos actos de constitución das fundacións son os seguintes:

- A fundación comarcal da Terra Chá constituíuse sen Muras, que se incorporou algún tempo despois.
- Os concellos de Padrenda e Pontedeva pasaron da fundación do Ribeiro á da Terra de Celanova.
- O concello de Portas pasa da fundación do Salnés á de Caldas de Reis. Resulta preciso sinalar que Portas formou parte na constitución da fundación de Caldas.
- A fundación comarcal dos Ancares botou a andar con só dous dos seis concellos da comarca. Baralla incorporouse despois, pero As Nogais, Cervantes e Pedrafita do Cebreiro nunca chegaron a formar parte da fundación.
- A fundación do Salnés organizouse sen Vilagarcía de Arousa, que se incorporou algúns anos despois. Tamén entrou máis tarde na fundación o concello da Illa de Arousa, logo de segregarse de Vilanova de Arousa.
- A fundación de Noia incorporou Lousame e Porto do Son máis tarde.
- O concello de Oroso sumouse á fundación de Ordes logo de constituída.
- Na fundación de Terra de Melide engádese Sobrado posteriormente, mais Toques nunca o chega a facer.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Figura 8.17. Participación dos líderes políticos municipais no proceso de constitución das fundacións comarcais



Fonte: Cartas fundacionais das fundacións comarcais. Elaboración propia.

As fundacións comarcais contaban con dous instrumentos para o seu funcionamento: o padroado e o xerente comarcal. No caso do padroado, este constituía o órgano de goberno das fundacións comarcais e estaba formado polos membros do consello comarcal e os «representantes dos sectores estratéxicos produtivos da comarca» (art. 25, *Lei 7/1996*). A diferenza na composición entre o consello comarcal e o padroado estaba en que neste último non só participan os membros das administracións públicas, senón que tamén os representantes dos sectores socioeconómicos locais (Figura 8.18). A lexislación sinalaba que sería nos estatutos onde se regularía a composición, o funcionamento e os obxectivos concretos de cada fundación. Porén, de acordo coa análise efectuada, no padroado de todas elas coincidían o director do Gabinete Comarcal, os alcaldes dos concellos integrantes da comarca, o delegado provincial da consellería competente, un representante da deputación provincial e os axentes socioeconómicos da comarca.

Figura 8.18. Composición do padroado das fundacións comarcais



Fonte: Cartas fundacionais; *Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*; Precedo Ledo (1994). Elaboración propia.

Entre as funcións que asume o padroado estaban a de gobernar, administrar e representar a fundación, o que supuña: aprobar plans e programas de actuación; un regulamento de réxime interno; as contas, orzamentos e balances anuais; unha memoria de xestión anual; modificar os estatutos e a súa composición cando sexa preciso; nomear e cesar ao secretario e ao xerente; así como fixar as funcións deste e as súas retribucións. Este órgano reuníase de maneira ordinaria unha vez cada tres meses —e un mínimo dunha vez ao ano—, pero podían celebrarse sesións extraordinarias a petición do seu presidente ou por acordo do 50% dos seus membros (Precedo Ledo, 1994). Para unha boa parte das cuestións requiríase da súa aprobación por maioría, mais para outros asuntos relacionados coa composición ou o cambio de estatutos era preciso o acordo de dous terzos dos integrantes. Ademais, podía organizarse baixo dúas modalidades: conformando unha «mesa do sector público ou institucional» na se agrupaban só os membros da administración pública, ou unha «mesa do sector privado ou intersectorial» que integraría unicamente os representantes dos sectores produtivos.

A presidencia do padroado recaía na figura do director do Gabinete Comarcal —logo Secretario/Director Xeral—. As funcións que tiña asignadas, de acordo coa análise documental, eran amplas: representar a fundación; presidir as sesións; asegurar o cumprimento dos estatutos; dirixir os servizos e actividades da institución; presentar as contas anuais e ordenar pagos; informar o padroado sobre as actividades doutros órganos de desenvolvemento comarcal; asignar tarefas e funcións ao xerente e levar un seguimento do seu traballo; visar actas e certificados; asinar convenios e contratos en representación da fundación; propor a renovación dos sectores produtivos; velar pola correcta tenza de rexistros e documentos oficiais; propoñer o cese de membros por incumprimento de obrigas ou actividades que lesionen a fundación; propor auditores para os exercicios económicos; exercer o seu voto de calidade en caso de empate nunha votación; exercitar accións legais e administrativas —por delegación do padroado—; e, de maneira exclusiva, competíalle a relación cos medios de comunicación.

Dentro do padroado, os concellos tamén estaban chamados a asumir un papel destacado, xa que lles correspondía aos alcaldes asumiren a vicepresidencia e a secretaría da fundación (Precedo Ledo, 1994). O vicepresidente da fundación sería designado por acordo do padroado entre os alcaldes dos concellos, tería carácter rotatorio e renovable cada ano e asumiría as funcións encomendadas ao presidente no caso da súa ausencia. No que respecta ao secretario da fundación, este tamén era elixido por acordo do padroado entre os alcaldes, mais as normas estatuarias deixaban a porta aberta a que puidese ser outra figura. Os restantes membros do

padroado actuarían como vogais: o resto de alcaldes, o representante da deputación, o delegado provincial da consellería competente e os representantes dos sectores produtivos.

A administración autonómica tamén contaba con membros no padroado da fundación, alén do director do Gabinete Comarcal. A análise documental permitiunos comprobar que estaba representada polo delegado provincial da consellería competente, primeiro de Presidencia, logo de Agricultura. Nos estatutos constitutivos das primeiras fundacións tamén estaban integrados como membros do padroado representantes doutras consellerías como é o caso de Política Territorial, Agricultura, Familia ou Pesca, e mesmo podían asistir delegados doutros departamentos —esta situación tamén é a sinala pola Xunta de Galicia no BOPG 8/11/1994—. Porén, o habitual era que unha vez constituída a fundación estes manifestasen a súa vontade de non seguir formando parte do padroado. Ao redor do ano 2000, e de acordo coa documentación analizada, na maior parte das fundacións produciuse unha modificación estatutaria para recoller como membros do padroado a un «funcionario» da consellería de Agricultura e outro da de Pesca —no caso das comarcas litorais—. A última reforma de importancia foi no 2003 cando o delegado provincial da Consellería de Agricultura —que xa contaba con representación anteriormente— pasa a substituír ao de Presidencia.

Nos padroados das fundacións comarcais estaba prevista a figura dunha presidencia de honra para ser ocupada polo conselleiro competente. A súa misión era a de velar polo correcto cumprimento dos fins fundacionais, así como presidir as reunións ás que decidise asistir —non estaba obrigado e a súa asistencia era pouco frecuente—. Outro dos membros do padroado, tamén pertencente á administración pública, era o representante da deputación provincial respectiva. Habituaba ser un membro da Xunta de Goberno Provincial elixido por esa circunscrición —pese a non haber coincidencia exacta entre o ámbito comarcal e o partido xudicial; véxanse os apartados 4.1 e 8.2.3—, mais tamén podía ser outro deputado provincial —incluso dalgún partido da oposición— ou un funcionario. Ademais, nalgúns padroados tamén podía estar integrado como membro de pleno dereito algún dos traballadores da Sociedade Comarcal.

A parte máis relevante dos padroados das fundacións, de acordo con Precedo Ledo (1994), era a que representaba o sector privado (Figura 8.18). Os axentes socioeconómicos da comarca podían integrarse, conforme aos estatutos e o regulamento de réxime interno, como un membro máis do padroado —con voz e voto—; de feito, nalgúns casos chegaban a representar máis da metade dos seus membros. Estaba aberto a calquera persoa representativa dalgún dos sectores produtivos, mais para ser elixidos como membros do padroado tiñan que integrarse previamente en «mesas ou consellos sectoriais» do seu sector de actividade. Cada unha destas unidades sectoriais elixía o seu representante e, logo, eran os membros do padroado —a proposta do seu presidente— quen finalmente tomaban a decisión de incluílo como membro de pleno dereito do propio padroado. A súa elección era efectiva por dous anos, mais podía prorrogarse.

Os estatutos das fundacións comarcais contemplan, nalgúns casos, a existencia dunha «comisión executiva» coa finalidade de actuar en situacións que requirían de urxencia e xestión inmediata. Estas comisións estaban formadas por un número variable de membros, mais en todas elas debía haber como mínimo tres integrantes: un presidente, un vicepresidente e un vogal. O presidente e o vicepresidente debían pertencen ao sector público, mentres que o vogal era do sector privado. Este órgano executivo debía render contas nas reunións do padroado dos acordos tomados para a súa ratificación ou rexeitamento posterior. Outra modalidade de reunión nas fundacións comarcais era a través dun «congreso de socios», cuxa finalidade non tiña que ver coa toma de decisións, senón coa promoción de iniciativas e accións relacionadas co desenvolvemento. Este órgano, que se reunía unha vez ao ano, estaría integrado polos membros do padroado e os das mesas sectoriais.

USC DE COMPOSTELA

Os «Consellos Asesores» son outro instrumento previsto nos estatutos das fundacións que a modo de «órgano consultivo» procuraban axudar na mellora da xestión. Estas ferramentas actuaban baixo dúas modalidades, englobando só o sector público ou facendo o mesmo co sector privado. A súa estrutura interna sería idéntica á do padroado, isto é, un presidente, un vicepresidente, un secretario e vogais. Por un lado, o «consello asesor público» tería como finalidade establecer vías de colaboración entre a fundación e as distintas consellerías. Estaría integrado, polo menos, por representantes das consellerías competentes en materia de Presidencia, Política Territorial, Cultura, Familia, Emprego, Industria, Medio Ambiente, Mar, Medio Rural e Turismo.

Por outro lado, estaban os consellos asesores privados, articulados a través de «mesas» ou «consellos sectoriais» que tiñan como finalidade, ademais do seu labor de asesoramento ao padroado, a de dinamizar aos actores locais, implicar a iniciativa privada nas diferentes accións, servir de canle informativo das actividades da fundación e comunicar as problemáticas do sector e as posibles actuacións de mellora. Algúns exemplos destas «mesas», dos que temos noticias, son a do turismo, da cultura e patrimonio, da industria, do comercio, da hostalaría, da construción, dos servizos, do sector forestal ou da madeira, do viño, do mar, da agricultura e gandaría, da xuventude, dos deportes, dos maiores, etc. Tamén podían corresponder a asociacións, mancomunidades, cooperativas ou denominacións de orixe. Nalgunhas casos, animábase as mesas sectoriais a que se constituísen como entidades asociativas.

Se o padroado era o órgano encargado do goberno da fundación, o xerente comarcal era o responsable da súa xestión e execución. Entre as súas principais funcións, que virían marcadas polo regulamento interno, estaban: executar os acordos do padroado; render contas sobre o traballo realizado e o que se está a acometer; confeccionar a memoria de actividades, o plan de xestión económica, o anteproxecto de orzamento e o inventario patrimonial; preparar as reunións do padroado, das comisións executivas e mesas sectoriais, así como asistir a elas —con voz pero sen voto—; e, igualmente, participar nas reunións que convoque a Sociedade Comarcal e o grupo de traballo da Comisión de Comarcalización. Tamén tiñan o cometido de despachar unha ou varias veces ao mes cos alcaldes da comarca para informar sobre as actividades, así como co presidente do padroado, ao que se debía informar periodicamente sobre estas actividades. Precedo Ledo (1994) enténdeos, amais, como interlocutores entre a administración e o sector privado.

Ademais destes cometidos, segundo a análise documental efectuada, debían desempeñar un intenso labor en actividades centradas no desenvolvemento comarcal, tales como: desenvolver programas e accións contidas nos plans comarcais; realizar informes periódicos sobre o grao de cumprimento destes plans; colaborar na implantación de programas de desenvolvemento; solicitar a implementación de medidas aos organismos correspondentes; informar e asesorar aos axentes locais sobre axudas e subvencións promovidas polos organismos públicos e privados; promocionar o emprego e a actividade económica; participar no deseño de iniciativas locais; promover a participación dos axentes económicos e sociais; involucrar a iniciativa privada no financiamento de actividades e proxectos; realizar estudos complementarios sobre o potencial da comarca; dinamizar e promocionar no exterior os recursos comarcais; colaborar con outras institucións na execución de programas; atraer investimentos; deseñar programas de formación; promocionar a vida asociativa nos distintos sectores; coordinar accións de animación sociocultural e participación social; sensibilizar os entes locais para que traballen en equipo; ou reforzar a identidade comarcal.

A figura do xerente comarcal constituía unha peza chave no funcionamento destas institucións comarcais (Precedo Ledo, 1994). A miúdo, debido á limitación orzamentaria, era o único persoal co que contaba a fundación comarcal, polo que ademais dos labores de xestión

tamén era o responsable económico e financeiro do órgano. Estes traballadores terán a condición de persoal laboral das fundacións, xa que a súa contratación e a súa remuneración realízaa o padroado —que recibía previamente a achega da Xunta de Galicia—. A Sociedade Comarcal era a encargada de coordinar a toda a rede de xerentes e a que se encargaba, tamén, do proceso de selección por delegación do padroado —dos cinco membros da comisión de selección, un era o conselleiro delegado da Sociedade, outros tres eran persoal técnico da Sociedade e o restante era un dos alcaldes do padroado, normalmente o que asumía a vicepresidencia—. Así, o xerente dependía do padroado da súa fundación, pero a achega de fondos e a súa coordinación e formación levábase a cabo a través da Sociedade Comarcal.

De acordo coa documentación analizada, os primeiros xerentes tomaron posesión en 1995. Eran 20, un por cada unha das «fundacións piloto» (Figura 8.19) (Ledo Garrido, 1995). Durante esta primeira etapa das fundacións, para ser seleccionados debían realizar previamente un curso de formación na Escola Galega de Administración Pública —EGAP— e ser avalados polos alcaldes da comarca —cada alcalde podía propor até dous candidatos—. Na segunda etapa das fundacións, a partir de 1998, o proceso de selección pasou a someterse a convocatoria pública xa que a lexislación vixente, a *Lei 10/1996*, así o obrigaba ao ser unha administración pública quen participaba de maneira maioritaria no ente. As probas de selección tamén foron un tema polémico posto que se outorgaba unha puntuación significativa —un cuarto da nota— a unha entrevista persoal. Con esta proba pretendíase avaliar a natureza sociable, o carácter dinámico ou a capacidade de liderado, mais constituía unha parte de alto valor subxectivo. Os outros requisitos tamén ían mudando segundo avanzaban as convocatorias, así, por exemplo, nas primeiras non era preciso ter un título superior, pero logo foi un requisito obrigatorio. Todas estas cuestións relativas aos xerentes atópanse tamén traballadas no apartado 8.3, dándolle voz a eles mesmos.

Figura 8.19. Reunión dos xerentes das vinte fundacións piloto en 1995




Fonte: Ledo Garrido (1995).

Unha última cuestión no que respecta ás fundacións comarcais ten que ver coa súa participación na xestión de fondos europeos de desenvolvemento rural. Algunhas das fundacións foron xestoras deste tipo de fondos ao abeiro dos procedementos europeos creados a tal efecto desde a década de 1990, polo que *de facto* convertíanse nun Grupo de Acción Local

(GAL) —logo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR)—. Estaba na vontade de cada padroado e xerencia a decisión de buscar esta vía de financiamento para os seus proxectos, vista case como a única maneira de dotarse de fondos. Durante os doce anos corresponden aos períodos de financiamento 1994-1999 e 2000-2006 foron dez as fundacións comarcais beneficiarias de fondos europeos LEADER que, como é sabido no caso de España, tamén deron lugar indirectamente aos programas PRODER e AGADER (Alvedro Fontenla, 1995; Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2011; Paül Carril et al., 2016). Estas dez fundacións comarcais xestoras de fondos europeos para o desenvolvemento rural son as que se relacionan na Figura 8.20. Estes programas achegaban ás fundacións comarcais unhas altas cantidades de diñeiro, o que permitía sumar á tradicional función de asesoramento técnico de iniciativas de desenvolvemento local, a do seu financiamento.

As fundacións comarcais xestionaron, en total, máis de cen millóns de euros provenientes de Europa. A que máis fondos xestionou, a fundación da Terra Chá, superou os 27 millóns de euros (Figura 8.20). É preciso sinalar que non todos os concellos integrantes da comarca recibiron axudas deste tipo de fondos, xa que o ámbito comarcal e o do programa europeo, pese a estar xestionado pola mesma fundación, non coincidían. Así, durante o período 1994-1999 a fundación de Bergantiños non financia con fondos europeos os concellos de Cabana de Bergantiños e Laxe; a da Terra Chá omite o de Muras; e, no caso da Paradanta, suma aos catro concellos da comarca o das Neves. Se ben é certo que durante este período aínda non estaba aprobado o mapa comarcal —de 1997—, sorprende máis o caso de Betanzos no período 2000-2006 ao non contar cos concellos de Vilarmaior e Vilasantar.

Figura 8.20. Fundacións comarcais beneficiarias de fondos europeos de desenvolvemento rural



Fonte: AGADER. Elaboración propia.

Nas fundacións comarcais, coincidindo coas datas de solicitude dun programa europeo, era habitual que se producisen cambios substanciais no que respectaba aos seus estatutos e á composición do padroado. Isto debíase a que, para ser beneficiarias dun programa europeo era preciso que, polo menos, os integrantes do sector privado representasen o 51% dos membros. Outras fundacións adxudicatarias destes fondos creaban un «Órgano directivo do programa» cuxa composición se adaptaba ao esixido polo programa europeo. Estas ferramentas serían unhas unidades operativas semellantes ás comisións executivas —que se constituían por razóns de urxencia— e, ao igual que estas, tiñan capacidade de decisión plena, neste caso, sobre a xestión do programa. Estes órganos estaban sometidos ás decisións do padroado de cadansúa fundación.

Nos fondos tipo LEADER, un papel importante era o que desempeñaba o xerente comarcal, que se convertía en xestor e supervisor do programa, ademais de continuar realizando os seus labores relativos á fundación. Nas actividades relativas ao programa europeo competíalle ao xerente as funcións de animación, dinamización e información aos axentes locais, de asesoramento e apoio técnico e de seguimento e acompañamento dos proxectos. Ademais, o programa permitía a contratación de persoal, o que concedía ao xerente a posibilidade de contar cun equipo humano. Unha das figuras que se podía incorporar como equipo técnico era un «responsable administrativo-financeiro» cuxa misión era a fiscalización e control dos fondos, así como a xestión económica da fundación. Novamente, isto tamén se estuda a través dos testemuños dos ex-xerentes comarcais, analizados no apartado 8.3.

Entre as fundacións comarcais e os GAL/GDR había un recoñecemento mutuo da súa vinculación á hora de acometer actuacións e proxectos que incidiran no desenvolvemento da comarca. É isto o que levou a que algunhas das fundacións comarcais que non conseguiron ser beneficiarias de fondos europeos se integrasen como un membro máis dentro do grupo local constituído para tal fin. Esta situación podía conducir á fixación dun «Convenio de colaboración» entre ambas as dúas entidades, onde o GAL/GDR encomendaba á fundación comarcal a xestión e execución do programa ao considerar que estas contaban xa cunha infraestrutura e un equipo humano e material axeitado e que, polo tanto, non era conveniente duplicalo. Nestes casos, as decisións non competían ao padroado da fundación, senón á Xunta Directiva do GAL/GDR —os membros eran practicamente os mesmos que na fundación—, posto que o grupo local non deixaba de ser o ente titular e responsable do proxecto e ao que lle competía dirixir e supervisar a súa execución.

8.2.1.7 Os centros comarcais de promoción e exposición de recursos

Os centros comarcais de promoción e exposición de recursos, ou simplemente centros comarcais, tiñan como misión a mostra, fomento e dinamización dos recursos comarcais, así como a acollida e información a visitantes e xente da comarca. Tratábase de edificacións, polo que eran considerados a «principal materialización física del proceso comarcalizador y por tanto, materialización arquitectónica que hace tangible el proyecto» (Caridad Graña, 2012a: 397). Buscaban servir tamén de sede para as institucións comarcais, de feito, érano das fundacións comarcais e o xerente actuaba como o seu director. Os centros comarcais eran os únicos órganos que non estaban amparados pola lexislación en materia comarcal, polo que o seu desenvolvemento levouse a cabo seguindo unicamente as directrices que marcaban o Gabinete e a Sociedade Comarcal. Neste sentido, a primeira mención destes entes nun texto legal foi no *Decreto 340/1998*, no que se regulaban as funcións da nova Secretaría Xeral —entre estas estaba a de determinar o número e localización dos centros comarcais que operarían no territorio—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estes órganos comarcais estruturábanse, polo menos, en tres áreas diferenciadas en función dos seus cometidos. Unha delas viña a ser a «área de xestión e negocios», dedicada á dinamización, ao impulso do tecido asociativo comarcal e ao intercambio de experiencias. Estas instalacións eran o lugar de encontro e reunión dos axentes locais e do toda a xente da comarca que habituaba acceder a elas na busca de información e para a realización de actividades formativas. Outra era a «área de exposición e promoción» dos recursos da comarca, é dicir, a modo de escaparate destinábanse amplos espazos para a exposición —permanente ou temporal— dos produtos comarcais, así como para a venda directa deles. Nestes lugares tamén se procuraba achegar as novas formas de creatividade artística e cultural da comarca. E, finalmente, estaba a «área de recepción e información», que desenvolvía un papel importante na atracción de visitantes, de feito, buscábase converter aos centros comarcais en punto destacado de información turística.

Os Centros comarcais foron considerados, case desde o seu inicio, como lugares de innovación e difusión de novas tecnoloxías, o que levou a Precedo Ledo (1996c, 1999) a consideralos como «centros de desenvolvemento e innovación». Así, co paso do tempo consolidouse unha cuarta área, o Centro Telemático Aplicado ao Desenvolvemento Comarcal —CETADEC—, como unha unidade que procuraba a través das novas tecnoloxías a coordinación telemática de todos os centros comarcais, a inserción da comarca nas redes internacionais e dar acceso a servizos de Internet á poboación. O principal obxectivo deste ente era facilitar o acceso dos artesáns e pequenos e mediados empresarios da comarca aos mercados internacionais a través dunha rede de comunicación rápida, flexible e de baixo custo. Ofrecíase, deste xeito, unha especie de «portal de comercio electrónico» para os pequenos produtos da comarca.

As instalacións dos centros comarcais tamén contaban con estancias comúns: unha sala de xuntas para as reunións dos padroados das fundacións ou das mesas sectoriais, unha oficina na que desenvolvía o seu traballo o xerente, un espazo para información e recepción de visitantes, un aula para cursos de formación e unha ou varias salas para exposicións e venda de produtos (Precedo Ledo, 1996c, 1999). Co paso do tempo e a importancia que estaban a ter as novas tecnoloxías incorporouse aos centros comarcais unha aula de informática con acceso a Internet. Ademais do xerente comarcal, nos centros estaban empregadas unha ou dúas persoas que se encargaban das áreas de recepción, información e turismo e de exposición e venda de produtos. Este persoal, a diferenza do xerente, non tiña ningunha vinculación co padroado, senón que dependía directamente da Sociedade Comarcal —a través de empresas concesionarias que se encargaban da xestión do servizo—.

Semella que a intención por parte do goberno autonómico era ir creando unha rede de centros comarcais naquelas comarcas que xa contaban cunha fundación comarcal en funcionamento. Da construción destes encargaríase a Sociedade Comarcal, ao ser unha das fundacións que lle atribuían os seus estatutos. Porén, o escaso financiamento co que contaba a Sociedade Comarcal levou a que *de facto* fose a Xunta de Galicia, a través do Gabinete Comarcal/Secretaría Xeral, a responsable da construción da maioría das instalacións (Caridad Graña, 2012a). Nun informe do Consello de Contas (2000) sinalábase que dos nove primeiros centros comarcais, a Sociedade Comarcal só financiou un, o da Terra de Celanova —a través de fondos europeos INTERREG—. Unha vez rematado o centro comarcal, a Sociedade Comarcal ocuparíase da súa xestión interna, o que englobaba a dotación de persoal e equipamento, así como a organización de actividades e exposicións e a autorización do uso das instalacións por entidades, colectivos ou particulares.

O total de centros comarcais rematados en Galicia foi de 17, todos baixo a denominación de «expo» e acompañada do nome da comarca (Táboa 8.3 e Figura 8.21). O primeiro, o do Deza, púxose en funcionamento de maneira «experimental» en setembro de 1995. O centro

comarcal de Valdeorras, en xullo de 2005, foi o último inaugurado polo goberno de Fraga Iribarne —un mes antes de ceder o poder da Xunta de Galicia—. Os dous últimos centros comarcais que se abrirán ao público, os de Caldas e A Mariña Central, farano durante o goberno de coalición entre PSdeG-PSOE e BNG de maneira desapercibida. Durante esta etapa, pese a que se paralizou a construción de novos centros, o goberno bipartito xustificou a continuación destes dous por atoparse as obras nun avanzado estado de execución. Pola contra, outros como os de Betanzos, Chantada e Noia, con proxectos xa redactados, non chegaron a materializarse.

Táboa 8.3. Principais cuestións relativas ao proceso de constitución dos centros comarcais

Centro comarcal		Inauguración	Orzamento construción	Orzamento equipamento	Sede
1	Expo Deza	12/9/1995	493.497€	180.304€	P. I. de Lalín
2	Expo Salnés	22/9/1997	705.745€	270.455€	Cambados
3	Expo Bergantiños	2/10/1997	783.347€	180.304€	Buño
4	Expo Lemos	9/10/1997	562.722€	210.354€	Monforte de Lemos
5	Expo Tabeirós-Montes	9/12/1998	481.609€	222.375€	P. I. de Toedo
6	Expo Trives	15/12/1998	451.955€	201.339€	A Pobra de Trives
7	Expo Celanova	11/1/2000	383.482€	168.283€	Vilanova dos Infantes
8	Expo Ordes	11/7/2001	610.442€	201.339€	Ordes
9	Expo Carballiño	27/7/2001	695.810€	204.344€	O Carballiño
10	Expo Paradanta	3/5/2003	647.650€	270.000€	A Cañiza
11	Expo Mariña Occidental	8/7/2003	627.725€	300.000€	Viveiro
12	Expo Ulloa	10/3/2004	702.531€	235.780€	Palas de Rei
13	Expo Ribeiro	18/1/2005	595.000€	300.000€	Ribadavia
14	Expo Caldelas	27/5/2005	488.000€	300.000€	O Castro de Caldelas
15	Expo Valdeorras	12/7/2005	942.041€	350.000€	O Barco
16	Expo Caldas	-	775.000€	300.000€	Caldas de Reis
17	Expo Mariña Central	-	692.000€	300.000€	Mondoñedo

Fonte: Consello de Contas (2000); Caridad Graña (2012a); AGADER. Elaboración propia.

Os centros comarcais estiveron envoltos en polémica desde o seu inicio. Unha das cuestións máis controvertidas tiña que ver coa comarca «seleccionada» —polo Gabinete e/ou a Sociedade Comarcal— á hora de erixir un novo centro. Así, resulta curioso que unha das primeiras comarcas piloto, A Terra Chá, ou varias das primeiras comarcas con fundación comarcal como Os Ancares ou O Baixo Miño, non contasen con esta instalación, mentres que si o había noutras constituídas con posterioridade como A Mariña Central ou Terra de Caldelas. O Gabinete e/ou a Sociedade Comarcal daban prioridade a aquelas comarcas nas que se cedesen terreos ou instalacións polos concellos, aínda que a carencia deles tampouco foi un obstáculo para emprender a construción dos centro comarcal. Esta disputa tamén afectou o núcleo da comarca escollido para radicar o centro. Pódese inferir que non había demasiadas dúbidas na maioría dos casos sobre a vila considerada como a capital oficiosa da comarca, mais non así noutros casos como A Mariña Central, A Ulloa ou O Salnés.

Porén, a polémica máis estendida tiña que ver, quizais, co alto orzamento que supuña a construción destes centros, especialmente en relación os escasos fondos destinados ao proxecto de comarcalización e ao pouco uso que se lles ía dar (Táboa 8.3). Ademais, boa parte deles foron edificios de nova planta e non rehabilitacións, o que incrementaba o seu debate. Na Figura 8.21 achegamos unha relación fotográfica de todos os centros comarcais que se levantaron. Outro

USC DE COMPOSTELA

factor controvertido tiña que ver co seu emprazamento, alén do núcleo da comarca; así, algúns deles quedaron certamente descentrados da núcleo cabeceira como é o caso das Terra de Lemos e Terra de Trives —localizados nas beiras de estradas a varios quilómetros do centro urbano—, do Deza e Tabeirós —en polígonos industriais— ou de Bergantiños e Terra de Celanova —noutros puntos da comarca—. A intención de definir noutros núcleos da comarca «Áreas de información comarcal» —que terían unha infraestrutura similar á do centro comarcal, pero de menor tamaño— ou o feito de contar algúns dos centros —caso de Bergantiños ou Ordes— cun servizo de restauración, que na práctica se tornou inviable, foron tamén aspectos controvertidos.

Figura 8.21. Relación de centros comarcais



Expo Deza (P. I. de Lalín, 9/3/2021)



Expo Salnés (Cambados, 21/10/2020)



Expo Bergantiños (Buño, 6/11/2022)



Expo Lemos (Monforte de Lemos, 18/2/2023)



Indicador Expo Deza (N-525, 27/11/2020)



Indicador Expo Lemos (Escairón, 18/7/2021)



Indicador Expo Tabeirós-Montes (PO-841, 23/10/2020)



Expo Tabeirós-Montes (P. I. de Toedo, 23/10/2020)



Expo Trives (A Pobra de Trives, 26/6/2017)



Expo Ordes (Ordes, 13/10/2020)



Expo Carballiño (O Carballiño, 20/10/2020)



Expo Celanova (Vilanova dos Infantes, 21/10/2020)



Expo Ulloa (Palas de Rei, 6/10/2020)



Expo Mariña Central (Mondoñedo, 28/10/2020)



Expo Paradanta (A Cañiza, 21/10/2020)



Expo Mariña Occidental (Viveiro, 28/10/2020)



Expo Ribeiro (Ribadavia, 20/10/2020)



Expo Caldelas (O Castro de Caldelas, 9/7/2022)



Indicador Expo Ulloa (LU-231, 21/10/2020)



Indicador Expo Celanova (OU-540, 21/10/2020)



Indicador Expo Caldelas (OU-903, 27/8/2020)



Expo Valdeorras (O Barco, 20/3/2021)



Expo Caldas (Caldas de Reis, 9/5/2019)

Elaboración propia.

8.2.2 Os plans comarcais

Os plans de desenvolvemento comarcal, ou plans comarcais, foron a materialización do PDC en cada unha das comarcas nas que se chegou a implantar, isto é, segundo a lei, «os instrumentos específicos de planificación» (art. 7, *Lei 7/1996*). O PDC funcionaría como un «plan de plans» a cuxos obxectivos e fins se lles vai dar «resposta mediante o deseño de cada un dos plans de desenvolvemento comarcal, nos que finalmente se detallan as accións de desenvolvemento, que transforman eses obxectivos en actuacións concretas» (Precedo Ledo, 1994: 132). A principal finalidade destes plans sería buscar un modelo de desenvolvemento local adecuado á realidade da propia comarca, así como a coordinación das distintas administración públicas. Xustifícase a

súa existencia na necesidade de acometer actuacións puntuais en áreas reducidas de ámbito comarcal, xa que a súa xeneralización á todo o territorio galego suporía unha carga financeira inabordable para as administracións (Precedo Ledo, 1993b).

As normas a seguir na elaboración dos plans comarcais foron establecidas de maneira inicial no acordo do Consello da Xunta de 1990-1991. De feito os obxectivos que perseguían os plans comarcais eran os mesmos que os fixados inicialmente para o PDC. Estas primeiras indicacións veríanse completadas de maneira máis detallada coa aprobación da *Lei 7/1996*, a cal, á súa vez, se baseaba na teoría exposta en Precedo Ledo (1994). Con todo, o peso na elaboración dos plans comarcais foi variando. Inicialmente, o acordo do Consello da Xunta de 1990-91 establecía que a Comisión de Comarcalización era o órgano encargado de tal fin. Logo, coa a probación da *Lei 7/1996* pasouse a que fose o «órgano competente da Xunta de Galicia», isto é, o Gabinete Comarcal, ao que logo substituíu a Sociedade Comarcal desde o momento no que esta pasou a asumir a todo o persoal técnico.

Deste xeito, logo de acordada a constitución da comarca polos concellos integrantes e co visto bo do Gabinete Comarcal e do Consello da Xunta de Galicia, o primeiro paso sería a elaboración por parte do Gabinete e da Sociedade dun «prediagnóstico» ou «borrador» —información estatística, traballo de campo, enquisas— (Precedo Ledo, 1994). O traballo de redacción sería competencia do Gabinete, e levaríase a cabo polo persoal técnico da Sociedade, cuxo traballo se debería desenvolver dentro do grupo de traballo da Comisión de Comarcalización. Este primeiro esbozo incluiría, segundo a *Lei 7/1996*, cando menos un estudo socioeconómico e do medio físico. Prevese que durante a redacción do documento se asegure a participación da deputación e dos concellos implicados, así como dos axentes sociais e económicos da comarca, que poden intervir a través do consello comarcal ou elevando informes directamente ao equipo redactor.

Unha vez finalizado, segundo a *Lei 7/1996*, o «prediagnóstico» debe someterse á consideración do consello comarcal, para que consideren cambios. A continuación, remítese ao pleno da Comisión de Comarcalización, que deberá pronunciarse sobre a viabilidade do mesmo. Neste punto, requírese dun informe favorable, ben integrado no pleno da Comisión ou de maneira independente, da Consellería de Economía sobre a súa adecuación co Plan Económico e Social de Galicia e o Plan de Investimentos, e da Consellería de Política Territorial para axustarse ás determinación en ordenación territorial e de grandes infraestruturas (Precedo Ledo, 1994). Tamén se require o visto-e-prace das consellerías competentes en Administracións Públicas, Agricultura e Pesca —no caso de comarcas pesqueiras—, así como doutras consellerías que se considerasen interesadas, debendo a Sociedade Comarcal facer as modificacións oportunas. Calquera cambio por parte do consello comarcal, a Comisión de Comarcalización ou das consellerías deberá ser introducido polo Gabinete.

Emitidos e incorporados os informes o «proxecto» será enviado aos concellos e deputación para que formulen alegacións. É neste momento cando os órganos sectoriais da Administración Xeral do Estado poden emitir informes a través da Delegación do Goberno en Galicia, e cun trámite de información pública. O último paso do «anteproxecto» ou «prediagnóstico», previsto na *Lei 7/1996*, é o sometemento a consulta pública. Logo, a aprobación inicial compete ao consello comarcal por dous terzos, e logo elevarase ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva, en forma de decreto e publicado no DOG e no BOE. E deberá ser ratificado polas deputacións e os concellos implicados. No caso de que algún concello non ratifique o plan, as restantes administracións non quedarán vinculadas nos acordos previstos para ese concello.

Os plans comarcais, segundo o contemplado na *Lei 7/1996*, tiñan unha vixencia de catro anos, mais contémplase a posibilidade de prórroga. Cada ano o plan someteríase a unha avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos por parte do consello comarcal e con apoio

USC DE COMPOSTELA

técnico da Sociedade. Ademais, coincidindo coa avaliación anual dáselle a posibilidade ao consello comarcal de propoñer os axustes que se consideren necesarios para adecuar os obxectivos á realidade cambiante da comarca. En calquera caso, estes cambios formulados para o plan comarcal deberán ser ratificados polo Consello da Xunta.

O equipo redactor dos plans estivo integrado por até 35 profesionais de distintas disciplinas: arquitectura, bioloxía, economía, enxeñería, xeografía ou xeoloxía (Táboa 8.4). A maior parte destes profesionais era persoal contratado que desempeñaba os seus cometidos dentro da Sociedade Comarcal, mais nalgúns casos tamén se incorpora a expertos do mundo académico e do laboral. Cómpre destacar a significación dos xeógrafos nestes traballos de desenvolvemento dos plans polo feito de que representaban case a metade do equipo e de que estaban presentes en todas as áreas. De feito, Precedo Ledo era o director dos plans, e na maior parte deles a coordinación dos mesmos tamén recaía nas mans destes profesionais. O equipo humano de áreas como a análise socioeconómica da comarca ou dos encargados da base de datos e da súa informatización estaba formado case exclusivamente por xeógrafos.

Táboa 8.4. Equipos de redacción dos plans comarcais

Equipo realizador		Profesional	Formación
Dirección		A. Precedo Ledo	Xeógrafo
Coordinación		J. A. Cachaza Pereiro J. Figueroa Dávila J. L. López Cousillas J. Mª López Vizoso	Xeógrafo Enxeñeiro Agrícola Arquitecto Xeógrafo
Equipo de redacción	Análise socioeconómica	Mª R. Álvarez Cao J. A. Cachaza Pereiro A. Doval Adán P. García Pita C. Mariño Arias Mª C. Otero García P. Patiño Portas M. Villarino Pérez	Xeógrafa Xeógrafo Xeógrafo Xeógrafo Economista Xeógrafa Xeógrafa Xeógrafa
	Recursos do territorio	A. Arias López A. Cano Guervós J. Loureiro Grandal A. Martínez Cortizas J. R. Montesinos López A. Revilla Bonnin M. Mª Urrutia Mera J. Yepes Temiño	Bióloga Biólogo Xeólogo Edafólogo Paleontólogo Xeógrafo Edafóloga Xeólogo
Bases de datos e informatización		E. Caeiro González J. L. Dorrego Taín R. Huidobro Vega A. Quintana García B. Román Díaz J. Á. Veiga Abeledo	Xeógrafo Xeólogo Xeógrafo Xeógrafo Xeógrafa Economista
Delineación e cartografía		R. Ballester Medina J. Calenti Arribe F. J. Fanego Rioboo M. Gallego Priego F. García Pazos A. Guerra Neira V. Magdalena Vidal A. Maneiro Vila Mª J. Precedo López	Técnico Cartógrafo Técnico Cartógrafo Enxeñeiro Topógrafo Enxeñeiro Topógrafo Xeógrafo Técnico Cartógrafo Xeógrafa Técnico Cartógrafo Técnica Cartógrafa
Coordinación editorial		E. Caeiro González	Xeógrafo

Fonte: plans comarcais. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estes documentos constaban, segundo a *Lei 7/1996*, de tres partes (Táboa 8.5). En primeiro lugar, un programa socioeconómico que inclúa un diagnóstico das potencialidades da comarca, así como tamén as súas problemáticas. Logo, un estudo do medio físico que busca clasificar o espazo comarcal en función dos recursos naturais e das aptitudes produtivas. As accións e estratexias de desenvolvemento comarcal, que supoñían a terceira e última das partes, consistían en actuacións detalladas e xustificativas para que os obxectivos se transformen en feitos. Estas virían determinadas a partir dos obxectivos estratéxicos, que á súa vez virían condicionados polos factores de desenvolvemento ou factores diferenciais, é dicir, as vantaxes e desvantaxes de cada comarca. Nesta parte, as actuacións enumeraríanse en relación co obxectivo principal establecendo a referencia ao obxectivo estratéxico no que se inscribe, descrición detallada, xustificación da actuación, dimensión espacial e os entes públicos encargados de executala. O esquema detallado que seguían os plans comarcais podemos velo na Táboa 8.5

Precedo Ledo (1994: 168) sinala que as dúas primeiras partes terían «carácter de estudo xustificativo», mentres que as accións e estratexias de desenvolvemento consistirían na «concreción operativa». Sobre esta parte «executiva» é preciso sinalar que, por unha banda, a Sociedade e/ou Gabinete Comarcal serían os encargados, a través do equipo técnico, de definir os obxectivos estratéxicos. E, por outra banda, o padroado da fundación comarcal e o xerente comarcal terían como misión o establecemento de prioridades dos mesmos e a súa concreción a través das accións de desenvolvemento que se irían realizando no proceso de xestión do propio plan.

Táboa 8.5. Modelo a seguir na redacción dos plans comarcais

Estudo socioeconómico
• Delimitación e integración comarcal: cohesión interna e grao de integración funcional de cada concello na comarca. • Marco territorial: establecemento de áreas e subáreas xeográficas. • Recursos humanos: estrutura e tendencias evolutivas da poboación. • Estrutura socioeconómica: sectores de actividade económica, estrutura empresarial e produtiva, proceso de modernización e grao de explotación dos recursos produtivos. • Calidade de vida: dotacións, equipamentos e infraestruturas comarcais e detección de problemas de habitabilidade e marxinalidade. • Rede urbana e estrutura funcional do territorio: centros e subcentros urbanos de desenvolvemento. En función da conexión coa rede urbana poden ser: o Centros de desenvolvemento. o Centros de equilibrio. o Centros intermedios. o Centros deficitarios. • Síntese funcional: oportunidades ou puntos fortes e debilidades ou puntos febles e grao de desenvolvemento de cada concello. Un mapa de síntese: Mapa da Rede Urbana e a Estrutura Funcional do Territorio, no que se especifican as liñas ou eixos principais da estrutura comarcal, os centros que articulan a rede urbana e as dotacións e equipamentos existentes.
Estudo do medio físico
• Coñecemento das características xerais do medio físico: relevo, clima, hidroloxía, vexetación e solo. • Áreas de interese paisaxístico. • Áreas con problemas medioambientais e de sobreexplotación do solo. • Análise de riscos xeolóxicos e xacementos mineiros. • Conservación do medio natural autóctono. • Reorientacións dos usos do solo en relacións coas posibilidades económicas e naturais. • Potencialidades do medio natural como soporte para actividades de turismo e lecer. Dous mapas de síntese: Mapa Ambiental, que representa os espazos de interese natural e paisaxístico, áreas de riscos naturais, áreas de protección e principais problemas ambientais como contaminación, puntos de vertido ou degradacións. E, Mapa de Recursos Potenciais de Valor Estratéxico, no que figura o potencial

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

natural susceptible de ser considerado como un recurso de desenvolvemento local: agroforestal, turístico, mineiro, paisaxístico ou cinexético.
Accións e estratexias de desenvolvemento comarcal
• **Factores de desenvolvemento**, ou **factores diferenciais** da comarca, só presentes nos catros primeiros plans comarcais, co fin de ver as vantaxes que constituirían o fundamento do desenvolvemento, así como as desfuncionalidades ou restricións. • **Obxectivos estratéxicos**, isto é unha selección de prioridades en función dos factores diferenciais para establecer unha estratexia integrada de desenvolvemento. o Mellora da calidade de vida. o Mellora da accesibilidade e da rede viaria; potenciación de grandes equipamentos como parques de bombeiros, parques empresariais, instalacións deportivas ou residencias da terceira idade; abastecemento de auga e saneamento; mellora da infraestrutura enerxética; mellora de centros sanitarios, educativos e culturais; rehabilitación urbanística; construción dos centros comarcais; etc. o Modernización do sector primario; mellora do sistema de produción e das canles de comercialización; promoción dos produtos locais; aproveitamento forestal e mellora na xestión dos montes en man común; fomento do cooperativismo e concentración parcelaria; equipamento dos recintos feirais; estímulo dos produtos de calidade, ecolóxicos e denominacións de orixe; mellora das dotacións pesqueiras e marisqueiras; etc. o Fomento da actividade empresarial; fortalecemento do tecido industrial; diversificación da economía e mellora da competitividade; creación de asociacións de empresarios; fomento de industrias baseadas nos recursos endóxenos; oferta de solo de calidade; aplicación de novas tecnoloxías; etc. o Promoción do turismo; recuperación do patrimonio artístico e cultural; potenciación actividades culturais e de lecer; deseño, acondicionamento e sinalización de itinerarios turísticos; fomento de hospedaxe turística; promoción de instalacións museísticas e áreas recreativas; etc. o Mellora da calidade medioambiental; conservación dos espazos naturais; depuración de augas residuais e control de vertidos; repoboación forestal; mellora do estado das augas fluviais; tratamento do lixo; fomento da reciclaxe; deseño de rutas naturais; conservación de áreas húmidas, sistemas de dunas e refuxios de fauna; campañas de educación ambiental; etc. o Formación profesional dos recursos humanos; creación de escolas de formación agraria; dotación de bibliotecas; formación para profesionais e empresarios; formación en actividades estratéxicas para a comarca; etc. o Mellora da cohesión territorial e corrección de desequilibrios internos; consolidación e equilibrio da rede urbana; fixación de poboación residente; mellora do hábitat; etc. • **Accións de desenvolvemento**, que eran as actuacións ou medidas puntuais e concretas a executar por parte das administracións públicas ou da iniciativa privada e que son únicas de cada comarca. Estas poden ser de «potenciación» cando están destinadas a reforzar os puntos fortes ou de «corrección» para fomentar os puntos débiles dos espazos con poucas posibilidades. Tamén se poden dividir en accións «principais», aquelas cuxa realización se considera necesaria para acadar os fins, e «complementarias» ou de «acompañamento» para as que sendo convenientes a súa omisión non alteraría a consecución dos fins. Ademais, sen estar previstos na *Lei 7/1996*, Precedo Ledo (1994) considera o seguinte ítem: • **Programas de desenvolvemento**. Xa non son accións puntuais, senón «programas integrados de dinamización». Sinala Precedo Ledo (1994: 137) que «consisten en actividades de promoción, divulgación e animación» nas que é necesaria a interacción entre os executores. Exemplos: programas de promoción empresarial, de promoción da comarca, de promoción dos recursos endóxenos, de educación ambiental, de animación social, etc.

Fonte: Precedo Ledo (1994); *Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*. Elaboración propia.

O total de plans comarcais redactados foi de 20, un para cada unhas das comarcas piloto (Táboa 8.6). Estes foron publicados entre 1993 e 1999, mais a administración autonómica achega datas homoxéneas para eles. Deste xeito, para os das catro primeiras comarcas piloto foi o ano 1993 e, para os das 16 comarcas piloto restantes, óptase por 1995 como data de consenso. Cómpre sinalar que a Sociedade Comarcal é o órgano encargado da redacción e publicación dos plans comarcais, agás nos catro primeiros cuxo cometido o asume o Gabinete Comarcal posto que a Sociedade aínda non estaba creada. Logo da investigación realizada

pódese concluír que a estrutura que seguen os plans comarcais non é idéntica en todos eles, senón que esta muda en función da data de publicación, o que permite diferenciar tres conxuntos de plans comarcais.

O primeiro grupo estaría formado polos plans comarcais das catro primeiras comarcas piloto, as fixadas en 1991, que foron publicados entre 1993 e 1994 (Táboa 8.6). Estes son os máis completos e os que máis fielmente seguen a estrutura anteriormente descrita e, ademais, os plans comarcais do Deza e Terra Chá son os dous únicos que para cada acción prevén a localización exacta da actuación, o organismo encargado de levala acabo, o estado actual e o seu plan temporal. O feito de que estes plans sexan previos ao *Decreto 65/1997*, o que establece os límites comarcais, leva a que o plan comarcal de Ordes trate o concello do Val do Dubra, mentres que o da Terra Chá non abranga o de Muras.

A segunda banda de plans comarcais é de 1997, e corresponde á segunda partida de comarcas piloto, as instauradas en 1992 (Táboa 8.6). A estrutura que seguen é moi semellante á dos anteriores, mais diferéncianse por un menor volume de información, especialmente no relativo ao detalle de explicación dos factores de desenvolvemento. Pese a que a data coincide coa da norma que establece os límites das comarcas galegas, o *Decreto 65/1997*, parece que estes documentos son previos, polo feito de que o plan comarcal da Terra de Celanova non abrangue os concellos de Padrenda e Pontedeva —naquel intre integrados na comarca piloto do Ribeiro—.

O último grupo é o formado polos plans publicados en 1999, os correspondentes ás oito comarcas piloto restantes, as constituídas en 1993 (Táboa 8.6). Este conxunto merece un tratamento diferente xa que se elimina o que é quizais o apartado máis significativo e o que lle dá a razón de ser a estes documentos: o correspondente ás accións de desenvolvemento comarcal. Deste xeito, coa omisión da parte programática dos plans, a relativa aos obxectivos estratéxicos e ás accións específicas de desenvolvemento, semella renunciarse ao carácter ordenador co que foron concibidos os plans comarcais e, ao mesmo tempo, pasar por alto a lexislación vixente en materia comarcal.

Sinala Precedo Ledo (2004a) que a primeira versións de plans eran «plans de coordinación de investimentos», mais difíciles de acadar, e que estaban baseados nunha maior contido sobre infraestruturas e equipamentos o que afectaba á distribución de competencias e á autonomía administrativa. A medida que os territorios foron acadando un nivel apropiado destas dotacións para soportar o desenvolvemento e a promoción dos recursos, estes plans reformuláronse en «plans estratéxicos de desenvolvemento local» máis orientados cara a fórmulas de cooperación, acceso á información e posta de marcha de iniciativas. Isto tradúcese nunha menor dependencia de investimentos físicos e, segundo Precedo Ledo (2004a), nunha redución das debilidades, o que leva a unha planificación máis realista e operativa. Porén, o maior contido de «accións intanxibles» nos plans implicou unha menor comprensión por parte dos políticos locais que lles vían escaso rédito electoral.

Táboa 8.6. Principais cuestións concernentes aos plans comarcais

Número	Plan Comarcal	Publicación real	Data	Vantaxes/ Desvantaxes	Obxectivos estratéxicos	Accións
1	Valdeorras	1993	1993	7/0	6	38
2	Ordes	1993	1993	4/0	6	25
3	Deza	1994	1993	6/0	6	21
4	Terra Chá	1994	1993	4/0	5	43
5	Terra de Lemos	1997	1995	6/4	8	41
6	Terra de Celanova	1997	1995	3/3	5	49

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Número	Plan Comarcal	Publicación real	Data	Vantaxes/ Desvantaxes	Obxectivos estratéxicos	Accións
7	Bergantiños	1997	1995	6/4	4	34
8	O Carballiño	1997	1995	7/5	5	59
9	A Fonsagrada	1997	1995	4/5	6	47
10	A Paradanta	1997	1995	3/7	5	31
11	Tabeirós-Terra de Montes	1997	1995	5/3	9	46
12	Ortegal	1997	1995	4/5	4	35
13	Arzúa	1999	1995	-	-	-
14	O Ribeiro	1999	1995	-	-	-
15	O Salnés	1999	1995	-	-	-
16	Melide	1999	1995	-	-	-
17	A Ulloa	1999	1995	-	-	-
18	Os Ancares	1999	1995	-	-	-
19	Terra de Trives	1999	1995	-	-	-
20	O Baixo Miño	1999	1995	-	-	-

Fonte: plans comarcais. Elaboración propia.

Os plans comarcais estaban chamados a seren documentos relevantes polo feito de que unha vez fosen aprobados por todos os entes implicados «as acción e estratexias nel contidas serán marco de referencia para as distintas administracións» (art. 16.1, *Lei 7/1996*). Deste xeito, procuraban servir de marco de referencia para as actuacións das distintas administracións públicas e serían vinculantes, polo que estas se verían na obriga de axustar os seus plans territoriais, de investimentos e de infraestruturas, e tamén as liñas de subvención, aos obxectivos marcos no plan. Isto implicaría unha escala intermedia de planificación que forzaría os concellos a axustaren o seu planeamento municipal, as deputacións os plans provinciais de obras e servizos e a administración autonómica a desenvolver unha aplicación integrada da planificación sectorial. Porén, parece que isto nunca foi así, tal e como xa advertiron Paül Carril et al. (2007) ao falaren da ordenación territorial en Galicia.

A *Lei 7/1996* procuraba unha harmonización entre os plans comarcais e a lexislación en materia de ordenación territorial e ambiental. Deste xeito, sinálase que os plans comarcais se deberían «axustar» ás Directrices de Ordenación do Territorio —DOT—, aos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais —PORN— e aos Plans Territoriais Integrados —PTI—. Destes últimos precísase que a incorporación dunha comarca ao PDC polo Consello da Xunta implicará «a tramitación simultánea do Plan Territorial Integrado correspondente, segundo o procedemento establecido na Lei de ordenación do territorio» (D.A. 2ª, *Lei 7/1996*). En relación tamén coa lexislación en materia de ordenación do territorio, a lei comarcal determina que «os plans de desenvolvemento comarcal que se aproben terán a consideración de Programas Coordinados de Actuación (PCA)» (art. 7.3, *Lei 7/1996*). Deste xeito, isto suporía na práctica reducir os plans comarcais a programas socioeconómicos de carácter sectorial. Ademais, aínda que non foi o caso de ningún, os plans comarcais podíanse tramitar como Programas Especiais para Áreas Deprimidas, o que implicaría un investimento adicional (Precedo Ledo, 1993b).

Estas instrucións recollidas na lei comarcal estaban tamén presentes na *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*. Así, o art. 14 axustaba os plans comarcais ás DOT e aos PTI, e o art. 17 equiparaba os plans comarcais a PCA. Outra norma autonómica, a *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia*, buscaba involucrar ás administracións provinciais, neste caso, na elaboración dos plans comarcais. Resumíase que as

deputacións provinciais «participarán activamente na elaboración e xestión dos plans de desenvolvemento comarcal, colaborando no cumprimento dos seus obxectivos a través das unidades técnicas comarcais» e que estes plans terían «carácter de marco de referencia para a elaboración dos plans de cooperación de obras e servicios» (art. 111, *Lei 5/1997*).

Con todo, a falta de implicación por parte das administracións levou a que ningún dos plans comarcais chegase a ser un verdadeiro documento de planificación. Isto debeuse a que o proceso previsto na lei comarcal nunca se completou, posto que ningún deles foi aprobado por parte do Consello da Xunta. Esta situación conduciu a que simplemente se publicasen como «estudos de referencia» da comarca que, pese a manter o nome do plan carecían de validez legal que obrigase ao seu cumprimento. De feito, os plans nin sequera contaban con dotación orzamentaria nin obrigatoriedade de fixación recursos por parte das administracións públicas para a consecucións das accións de desenvolvemento previstas no último dos apartados, ou o mesmo coa omisión de propostas de coordinación co planeamento municipal. Ademais, a situación de deterioro do proxecto comarcal nos últimos anos da década de 1990 levou a que para 14 das 34 comarcas incorporadas ao PDC, as constituídas a partir de 1999, non se redactase ningún plan comarcal ou documento semellante.

Neste sentido, desde as fundacións e/ou Sociedade Comarcal limitábanse a levar a cabo pequenas accións de fomento e promoción similares ás desenvolvidas por outras administración e/ou axentes e que pouco ou nada tiñan que ver coas recollidas nos plans comarcais. Cómpre sinalar ademais a existencia doutro tipo de plans máis ambiciosos, os «proxectos» ou «programas» de desenvolvemento comarcal, os cales eran desenvolvidos directamente desde a Sociedade Comarcal ao entenderse como complementarios dos plans comarcais e como alternativa á falta de financiación das fundacións comarcais. Tratábase especialmente de proxectos de rehabilitación do patrimonio arquitectónico, itinerarios turísticos ou acondicionamento paisaxístico (Caridad Graña, 2012a). Tiñan unha clara finalidade de efecto demostrativo e de boas prácticas, xa que a escasa limitación orzamentaria non permitía desenvolver demasiados, mais nalgunhas ocasións a Sociedade Comarcal limitábase á redacción do proxecto e á posterior busca de financiamento noutras fontes.

8.2.3 O mapa comarcal de Galicia

O mapa comarcal de Galicia oficialízase en febreiro de 1997 coa aprobación do *Decreto 65/1997*. Neste senso, o autor do traballo da división comarcal sinala que «ata o día 20 de febreiro de 1997, data na que se aprobou o mapa comarcal de Galicia e do cal son autor, non había unha delimitación precisa das comarcas» (Precedo Ledo, 1998a: 235). O naquel momento presidente da Xunta de Galicia, Fraga Iribarne, tamén vén recoñecer a importancia da comarca no sentido de que «somos todos os galegos os que nos identificamos co noso país a través desa contorna inmediata que é a comarca» (Fraga Iribarne, 1998: 11). Neste sentido, reivindica o mapa comarcal como unha parte esencial dentro do proxecto comarcal que se iniciou a comezos dos 1990: «o camiño emprendido hai seis anos *supo auna-la* innovación co realismo, e a teoría cunha práctica eficiente. E parte esencial desta andaina era a delimitación e aprobación do mapa comarcal de Galicia» (Fraga Iribarne, 1997: 5).

Esta delimitación, que entra en vigor sete meses despois da *Lei 7/1996*, veu a ser a primeira que abranguendo o conxunto de Galicia adquire o rango de oficial. A lexislación vixente nesta materia prevía a aprobación dunha división comarcal para Galicia como concreción territorial do proceso de desenvolvemento comarcal; «a aplicación formal e temporal do Plan de Desenvolvemento Comarcal concretarase nun mapa comarcal, no que aparecerá a delimitación territorial das distintas comarcas» (art. 27, *Lei 7/1996*). A *Lei 7/1996* tamén determinaba que sería o Gabinete Comarcal ―enténdese que apoiado pola Sociedade Comarcal― o órgano

USC DE COMPOSTELA

encargado de configurar o mapa. Este traballo, cuxo visto-e-prace inicial correspondía á consellería competente, debía ser traslado aos Concellos e deputacións provinciais para que puidesen formular as alegacións pertinentes, ademais de someterse a un proceso de exposición pública. Os informes xerados logo deste proceso serían obxecto de estudo polo Gabinete Comarcal, que podería incorporalos na medida do posible ao mapa. A aprobación definitiva incumbía ao Consello da Xunta.

Unha cuestión importante ten que ver con que para o «pai» do mapa comarcal o traballo de delimitación das comarcas non consistiría en «crear» estas unidades, senón de «dar forma e recuperar as áreas comarcais que vertebran o territorio, restituíndo a súa memoria democrática» (Precedo Ledo, 1997a: 9). Neste sentido, di que hai que «detectarla, pero no inventarla», isto é, traballar pola «comarca natural» ―non no sentido naturalista― como oposición á «comarca artificial» que sería froito de análises afastadas da poboación (Precedo Ledo, 1998a). Considérase pouco apropiado a utilización exclusiva de criterios obxectivos e homoxéneos xa que non se trata de realidades unívocas, senón que son espazos «subxectivos» e «vividos»; a comarcalización «lonxe da imposición ríxida debe ser voluntaria e flexible. Non se pode forzar a ninguén a que adopte un determinado esquema» (Precedo Ledo, 1993a: 247). Algunhas destas ideas coinciden poderosamente co explicado sobre este mesmo autor no apartado 8.1, centrado nos anos 1980.

Porén, no que consideramos unha clara contradición co anterior, recoñece tamén o mérito dos criterios funcionais á hora de achegar unha proposta máis acabada, obxectiva, técnica e rigorosa: «no puede decirse que éste sea el factor único de la organización comarcal, pero fue uno de los factores más influyentes, principalmente en su contribución a la organización de espacios funcionales en el sistema rural» (Precedo Ledo, 1998a: 250). Así, tería moita importancia, especialmente nas áreas rurais, as identificación de vilas, pequenas cidades, cabeceiras comarcais, lugares centrais ou núcleos intermedios como elementos estratéxicos a partir dos cales se delimitaría a comarca. O autor reivindica tamén a súa utilización coidadosa para evitar que dea lugar a «divisiones comarcales excesivamente científicas, casi de laboratorio» (Precedo Ledo, 1998a: 250). A multitude de criterios que se poderían utilizar leva a este académico a afirmar que «existen tantas divisiones comarcales como criterios utilizados» (Precedo Ledo, 1987: 272).

A configuración do mapa comarcal de Galicia non foi un traballo sinxelo. Para o seu creador, a complexidade radicaba, por unha banda, na existencia de territorios complicados á hora de definilos de xeito comarcal: «sempre que se aborda unha delimitación territorial, aparecen áreas de indefinición, pluridependentes ou ambivalentes, áreas de indiferenza en definitiva que tanto poden integrarse nunha como noutra unidade territorial» (Precedo Ledo, 1998a: 258). E, por outra banda, que en boa parte de territorio non está arraigado o sentimento de pertenza comarcal:

> Este fenómeno no se verifica en la totalidad del territorio, sino tan sólo en algunas de sus partes. (…) A la vista de los resultados podría pensarse que la realidad comarcal en Galicia no está tan claramente definida como se piensa, a no ser en determinadas áreas, donde sí tiene arraigo, quedando gran parte del territorio como espacio indiferenciado (Precedo Ledo, 1993a: 237-238).

En 1991, nunha entrevista a Precedo Ledo por *Eco. Revista do Eixo Atlántico* (1991), o autor do mapa comarcal recoñecía certas dificultades á hora de precisar as cabeceiras comarcais. Explícase que esta situación se debe á aparición dunha multitude de novos núcleos de certa entidade e que, segundo el, levarían a propostas de até 60 comarcas para que estes centros cheguen a ser cabeceiras comarcais. A continuación, sinálase que sería «inviable» ter tantas

comarcas, de só dous concellos e «mil e pico habitantes»: «si quisiéramos hacer una comarcalización sin problemas, esas 60 comarcas ya estaba, todos contentos, pero eso no sería hacer un servicio a Galicia, al contrario, sería introducirnos en una dinámica irracional» (p. 41). Neste sentido, apúntase a que comarcas tradicionais e históricas non serían tampouco viables na actualidade desde o punto de vista económico e de perda de poboación.

Outra complicación que percibe o «pai» do mapa comarcal ten que ver cos límites provinciais. Asume certos apertos nalgúns puntos como no límite máis setentrional entre A Coruña e Lugo —nos concellos de Mañón e O Vicedo— ou no tramo final do río Ulla, onde fala, na entrevista realizada en 1991, dunha «comarca rota por el límite provincial» entre Padrón e Pontecesures. Porén, di que se está a traballar dunha forma «realista» para facer compatibles ambas as dúas divisións, e que non respectar os límites provinciais unicamente traería máis problemas de indefinición e de paralización do proxecto. Considérase que as provincias son, de maneira xeral, entidades ben delimitadas e funcionais e que os exemplos anteriores só son dous «casos contados». Así, avógase por respectar os límites provinciais e evitar espertar inquedanzas dentro das deputacións provinciais.

En 1993, noutra entrevista posterior para a *Revista da Federación Galega de Municipios e Provincias*, o autor do mapa comarcal recoñecía os vencellos coas mancomunidade e cos partidos xudiciais (Vázquez González, 1993). Por unha banda, respecto das mancomunidades, consideraba que o feito de que houbese mancomunidades facilitaba o labor para a creación dunha comarca piloto. Considera, así, que se trata de realidades que se complementan. E, por outra banda, preguntado por se se poderían considerar os partidos xudiciais como comarcas, di que «pensouse niso, nun principio, (…) pero tamén é certo que estes non teñen o mesmo arraigo en toda Galicia. A identificación dun partido xudicial cunha comarca pódese dar na Galicia interior, non en cambio nas dúas provincias occidentais» (p. 24).

Resulta necesario indicar a inexistencia dalgún tipo de documento que recolla o proceso de elaboración do mapa comarcal de Galicia de maneira detallada e completa. Unicamente dúas publicacións do seu autor: *O mapa comarcal de Galicia* (Precedo Ledo, 1997a) e *Mapa comarcal de Galicia: a elaboración do Mapa* (Precedo Ledo, 1997b), así como un capítulo dentro de *Geografía humana de Galicia* (Precedo Ledo, 1998a), achegan unha visión parcial. Nestes traballos, establécense tres fases, a saber: unha etapa preparatoria na que gaña certa consideración a realización dun Cuestionario de recoñecemento municipal, unha etapa na que se presenta unha proposta oficial e unha fase de alegacións que dá como resultado a proposta definitiva de mapa. Porén, para a confección das seguintes páxinas, e partindo do esquema tripartito, houbo que facer unha investigación a fondo *ad hoc*, tal e como se explica no apartado metodolóxico.

8.2.3.1 Etapa preparatoria do mapa

O paso inicial para aproximarse ao mapa comarcal de Galicia, segundo Precedo Ledo (1997a), ten que ver coa recollida e posterior análise de información existente ao respecto, o que axudaría a definir o estado no que se atopa a cuestión. A influencia de «antecedentes comarcais» ten aquí unha gran significación posto que a súa superposición permite esbozar, aínda que de xeito prematuro, unha división comarcal. Recoñécese a importancia que tiveron os estudos comarcais previos doutros autores como Carreras Candi, Otero Pedrayo, Fraguas, Miralbés Bedera, De Torres Luna ou Mella Márquez, que axudaron a ver aqueles límites dotados de maior estabilidade. Porén, a maior relevancia é atribuída aos partidos xudiciais de comezos do XIX, no sentido de que serían a «base máis estable para a fixación das actuais comarcas» (Precedo Ledo, 1998a: 235). Cómpre sinalar que todos estes referentes xa foron analizados en capítulos anteriores desta tese.

USC DE COMPOSTELA

Nesta primeira etapa do proceso de elaboración do mapa comarcal de Galicia resulta relevante un «Cuestionario municipal de recoñecemento territorial» dirixido aos alcaldes de todos os concellos galegos. O órgano encargado do Cuestionario, que foi realizado entre setembro e outubro de 1990, era o Gabinete Comarcal. O obxectivo desta consulta tiña que ver, por unha banda, con «coñece-la organización territorial» e, por outra, con dispoñer dunha información de carácter cualitativo máis actualizada da realidade galega co fin de complementar a información estatística e axudar a ter un mellor coñecemento da mesma (Precedo Ledo, 1997a). Sinala Precedo Ledo (1993a) que esta consulta daría como resultado máis comarcas que as suxeridas nas análises previas. Na actualidade, só se conservan os informes correspondentes a 214 concellos (Figura 8.22), mais é necesario sinalar que estes resultados nunca se chegaron a publicar.

O Cuestionario constaba de varias partes, mais sinálase a modo de introdución que se interesan especialmente polas «respostas referentes á adscrición comarcal». Explícase que o seu máximo interese está en coñecer o punto de vista de cada Concello sobre a súa inserción nunha ou noutra comarca e, engádese, que con este traballo pretenden «senta-las bases para unha futura e necesaria comarcalización de Galicia». Pese a que se aclara que en todas as preguntas hai «aspectos subxectivos», invítase os alcaldes a responder «pensando menos na súa opinión ca no punto de vista da maioría da poboación da zona». Tal e como se sinala nos cuestionarios que se conservan, estes ían dirixidos aos alcaldes por dous motivos: porque se entende que son os mellores coñecedores do territorio e porque se busca «a participación dos representantes lexítimos de tódolos municipios».

Nunha nota aclaratoria a finais do mes de xullo de 1990, posiblemente a causa das suspicacias levantadas, o Gabinete Comarcal diríxese aos alcaldes novamente para clarificar que o fin da consulta era informativo e que non había nada decidido sobre a fixación das comarcas e as súas cabeceiras. Con posterioridade, Precedo Ledo (1998a) recoñeceu que nalgúns lugares a dimensión do conflito ocasionado polas formulacións do Cuestionario foi tal que o proceso estivo a piques de paralizarse. Porén, explica que o persoal técnico do Gabinete Comarcal comezou a desenvolver un traballo de campo máis activo que consistiu na visita aos distintos Concellos para explicar mellor o obxectivo da consulta e calmar os participantes.


O Cuestionario constaba de tres partes: «datos de situación»; «estrutura socioeconómica e calidade de vida»; e «comarcalización e corporacións locais». Dentro da primeira parte, a relativa aos datos de situación, preguntábase aos alcaldes por cuestións que tiñan que ver coas principais características do concello, coas relacións territoriais e cos cambios recentes. Así, recollíanse preguntas como as «cidades» e «vilas» que se consideraba que había no concello ou a que núcleo ou núcleos se desprazaba maioritariamente a poboación á hora de «ir comprar», «ir ó medico especialista», «ir pasear», «ir divertirse», «ir facer xestións oficiais», «ir pasa-la fin de semana», «ir pasa-lo verán» ou «ir traballar»; todas referidas tanto á «actualidade» como ao «pasado».

O segundo grupo de cuestións, o relativo á estrutura socioeconómica, recolle tamén cuestións interesantes respecto do tema comarcal, xa que practicamente todas as preguntas xiran ao redor das «áreas de mercado». O Gabinete Comarcal pregunta os alcaldes sobre o lugar no que realizan de xeito habitual a maioría dos habitantes do concellos distintos tipos de compra, a saber: alimentación, produtos agrícolas, artigos do fogar, obxectos de uso persoal, fornecemento e subministración e servizos de diversa índole como sanitarios, financeiros, culturais e educativos, de esparexemento ou xurídico-administrativos.

As respostas obtidas permiten cartografar as principais área de mercado, o que dá como resultado espazos de escala comarcal presididos por un lugar central (Figura 8.22). É habitual que un Concello sinale como lugar de compra de diferentes servizos o mesmo lugar, mais

noutros casos, un Concello pode ter como lugar de referencia até tres lugares diferentes. É posible que esta relación con varias cabeceiras comarcais dalgúns concellos fora a que estivera detrás das áreas de indiferenza que identifica Precedo Ledo (1987, 1998a). Como podemos ver na Figura 8.22 achéganse 56 lugares centrais moi heteroxéneos tanto no relativo ao volume demográfico como ás actividades económicas. Algúns destes núcleos, caso de Lugo ou Santiago, forman áreas de mercado moi amplas e manteñen relacións habituais con concellos enmarcados de maneira tradicional noutras comarcas. Pola contra, outras pequenas vilas, por exemplo, A Fonsagrada ou Curtis, só conseguen atraer a un concello próximo. Cómpre sinalar que, o feito de que non se conserven todas as consultas omite importantes lugares tradicionais de mercado como Sarria ou Xinzo de Limia. Moitos destes núcleos converteranse posteriormente nas capitais oficiosas das súas respectivas comarcas.

Figura 8.22. Principais áreas de mercado de Galicia segundo os resultados obtidos dos cuestionarios municipais de recoñecemento territorial (1990)



Fonte: Cuestionarios municipais de recoñecemento territorial (1990). Elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O terceiro apartado é o que realmente trata sobre o asunto comarcal. Os concellos son preguntados por distintas cuestións: a comarca á que pertencen, a posible denominación para ese ámbito comarcal ou os estudos que coñecen sobre comarcalización. O máis significativo deste apartado é que se inclúe unha proposta de adscrición comarcal do Concello (Figura 8.23). Porén, os Concellos non eran coñecedores da partición comarcal de toda Galicia, senón que unicamente coñecían os concellos integrantes da comarca á que figuraban adscritos. No Cuestionario explícase que se trata «dunha proposta aberta, sen ningunha preconfiguración definitiva» e que, polo tanto, a decisión final «dependerá da opinión manifestada polos propios alcaldes».

Este pódese considerar como o primeiro mapa comarcal de Galicia coñecido que se elabora baixo a dirección do Gabinete Comarcal (Figura 8.23). Para Precedo Ledo (1995b: 10) este é un «mapa de síntesis» baseado nunha integración «funcional» de estudos anteriores. Recoñece tamén se trataba dunha «propuesta informa de agrupación comarcal» (Precedo Ledo, 2004b: 134), cuxa finalidade era detectar e analizar as reaccións locais. Cómpre sinalar que o feito de que non se conserven as respostas de todos os concellos limitou a definición dalgunhas comarcas e a imposibilidade de trazar os seus límites —por este motivo a Figura 8.23 aparece incompleta—. As comarcas coñecidas son 38, mais nos espazos dos que non se achega documentación poderíase falar doutras nove ou dez comarcas, o que levaría a unha cifra que posiblemente se sitúe en torno á cincuentena.

Na análise da Figura 8.23 podemos observar que boa parte das comarcas son máis grandes que as logo resultantes, que son partidas en dúas ou tres unidades, como é o caso de «Fisterra», «O Condado» ou «Terra de Trives». Ademais destes cambios de superficie, tamén se verán afectadas algunhas denominacións comarcais que se achegan, por exemplo, «Arenteiro», «Arousa Norde» ou os nomes das tres «Mariñas». Un aspecto curioso ten que ver coa denominación da comarca de «Terra de Meira e Fonsagrada», polo feito de que o concello de Meira queda excluído da comarca. Outra cuestión peculiar son os límites certamente irregulares da comarca de «Terra de Pontevedra» —que se estende desde o concello do Grove até o de Campo Lameiro—. Porén, o caso máis significativo concirne a dúas comarcas que só «vivirán» nesta proposta de división comarcal: «Ponte Caldelas» —que se integrará en Pontevedra— e «Terra de Redondela» —capturada por Vigo—.

Sobre os ámbitos comarcais dos que non se dispón información —espazos en branco da Figura 8.23—, é moi altamente probable que a existencia dunha única comarca que agrupase os oito concellos do Salnés que figuran sen adscribir na provincia de Pontevedra. No caso de Ourense poderíase falar doutras tres comarcas articuladas polas vilas de Bande, Verín e Xinzo de Limia —as tres son incluídas nas distintas propostas de Precedo Ledo (1987, 1990a)—. A provincia de Lugo é a que carrea maior complexidade en termos de deducirmos cal era o mapa de partida orixinal, xa que aquí o espazo indefinido é de maior extensión e, polo tanto, a diversidade comarcal tamén o é. Aínda así, sería posible falar de comarcas, cando menos, en torno aos núcleos de Chantada, Lugo, Monterroso-Palas de Rei, Sarria e Vilalba, todas recollidas nas publicacións previas de Precedo Ledo (1987, 1990a) ao respecto. A actual comarca de Meira é, quizais, na que radica maior dúbida sobre a súa existencia, novamente pola presenza desa comarca proposta para Meira e A Fonsagrada.

Nunha análise máis minuciosa das respostas remitidas polos 214 Concellos dos que actualmente se conserva o informe, cómpre sinalar, cando menos, a desconformidade respecto da atribución comarcal en 52 casos. Por unha banda, 21 Concellos reivindican adscribirse a unha comarca diferente (Figura 8.24). Nestes casos, a algúns deles, como Marín, Miño ou A Veiga, respectaráselles as súas demandas, mais noutros, como Oroso, Valga ou Vilaboa, as peticións serán desestimadas. Enténdese que hai diferentes motivos detrás de non cumprir as reivindicacións dalgúns destes concellos como a imposibilidade de eludir os límites provinciais,

evitar a formación de enclaves territoriais ou sortear comarcas máis pequenas e despoboadas. E, por outra banda, os 31 concellos restantes mostran a súa intención de articular unha nova comarca. Así, pódense observar até 19 comarcas máis das propostas.

Figura 8.23. Primeira proposta coñecida de mapa comarcal de Galicia (1990)




Fonte: Cuestionarios municipais de recoñecemento territorial (1990). Elaboración propia.

Estas novas proposta de comarca poden ser unha reivindicación dun só concello —dez— ou poden construírse en base a máis consenso —nove— (Figura 8.24). Algúns exemplos de novas comarcas reclamadas por máis dun concello son «Terra de Montes» —por Cerdedo e Forcarei—, «Alto Eume» —polas Pontes de García Rodríguez e Muras— ou «A Mariña» —por Cervo, Lourenzá e Xove—. No outro lado da balanza, están aquelas reivindicacións comarcais demandadas por un só Concello, xa sexa como centro reitor da nova comarca, como é o caso da Gudiña, Cedeira ou Muros, ou ben, como parte dunha comarca máis extensa, caso da Baña —na comarca de «Negreira»—, Camariñas —que solicita un ámbito comarcal para a «Costa da Morte»— ou Vedra —que demanda unha comarca do «Ulla»—.

Algúns dos concellos mostran tamén a súa oposición respecto da denominación proposta para o ámbito comarcal ao que se circunscriben e requiren un nome, segundo eles, máis «acorde» á realidade comarcal. Algunhas destas denominacións solicitadas rematarán por impoñerse como é o caso de «Barbanza», «O Baixo Miño» ou «O Carballiño». Outras foron substituídas pese ao aparente acordo dos concellos da comarca, por exemplo, «O Courel», «Terra do Bolo» ou «Val do Masma». Porén, o aspecto máis significativo ten que ver coa reivindicación de varios concellos que propoñen un cambio de nome para a súa comarca e que finalmente non será tido en conta. Este é o caso de «Ferrolterra» en vez de «Ferrol», de «As Mariñas» no canto de «Betanzos» ou de «Val do Umia» por «Caldas». Ademais, varios Concellos sinalan, pese a que non mostran desacordo coa proposta, outras denominacións comarcais de carácter histórico e/ou tradicional: «A Louriña», «A Maía», «Estado de Moeche», «Orcellón», «Ribeira Sacra», «Terras de Iria», «Trasancos», «Trasdeza» e «Val do Sil».

Figura 8.24. Reivindicacións municipais sobre a primeira proposta de mapa comarcal de Galicia



Fonte: Cuestionarios municipais de recoñecemento territorial (1990). Elaboración propia.

O promotor do mapa comarcal explica que a consulta efectuada axudou a establecer «unidades funcionais básicas» entre a escala municipal e a comarcal. Estas «microunidades» contribuirían na posterior formación das comarcas ao entender que se trata de «espazos mellor cohesionados internamente» (Precedo Ledo, 1998a: 259). Deste xeito, o Cuestionario conduciu á aparición dunha serie de novas comarcas, de tamaño máis reducido, pero máis arraigadas na poboación. Na entrevista concedida en 1991 a *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, Precedo Ledo explica que «con las respuestas de los ayuntamientos hicimos de nuevo la comarcalización con lo que ellos desearían, porque la voluntad inicial del proyecto es que no vamos a hacer una comarcalización impuesta, que no sea aceptada por los ayuntamientos» (p. 41).

8.2.3.2 Proposta oficial e fase de alegacións

A primeira proposta oficial coñecida é de finais de outubro de 1996 (Figura 8.25). Esta foi aprobada de xeito inicial o 23 de outubro de 1996 por un acordo da Consellería da Presidencia e Administración Pública. Acto seguido, a mesma Consellería acorda o 25 de outubro dese mesmo ano someter o traballo a exposición pública durante un mes, cumprindo así co previsto na *Lei 7/1996*. Deste xeito, dispoñíase a súa publicación non só no DOG, senón nos boletíns oficiais das catro provincias galegas e nos xornais de maior difusión de Galicia. De feito, a achega coñécese a través da súa publicación no diario *La Voz de Galicia*, con data do 26 de outubro de 1996. Sobre a grande expectativa que xerou este mapa comarcal, Precedo Ledo (1997a: 18) sinala que «poucas veces na prensa rexional e local un tema puntual espertou tanto interese».

A cartografía comarcal foi mostrada dentro dun «Documento xustificativo do mapa comarcal de Galicia», que recollía a información que permitiu chegar ao mapa. Os datos eran os seguintes: características territoriais, relacións funcionais, análise municipal —ao entender que non todos os concellos teñen o mesmo grao de integración na comarca—, relacións entre concellos e base económica e modos de vida de cada concello, todo apoiado en información estatística e cartográfica. Tamén se recollían casos de indiferenza comarcal, mais achegábanse a que se cría que era a súa comarca máis lóxica atendendo a distintos criterios. No que respecta a estes criterios, recoñécese, en primeiro lugar, a importancia daqueles de carácter físico ou natural —topografía, bacías hidrográficas— ao entender que os feitos humanos se puideron apoiar neles; logo, inclúense outros de carácter histórico, pola súa capacidade para xerar sentimento de pertenza; e, finalmente, criterios funcionais, que reflectirían os fluxos económicos e sociais e o grao de atracción dos distintos núcleos (Precedo Ledo, 1997a, 1997b).

As comarcas piloto tiveron tamén un importante papel na configuración definitiva das unidades comarcais. As 20 unidades comarcais piloto, creadas entre 1991 e 1993, representaban case a metade das comarcas resultantes e axudaron na definición dos límites comarcais. O promotor do mapa comarcal asume a súa significación por dous motivos, por unha banda, porque naceron do consenso «voluntario» dos concellos integrantes e, por outra branda, porque case sempre coincidían con mancomunidades de concellos estables en canto aos límites e dinámicas nos contidos. Neste sentido, Precedo Ledo (1994: 124) sinalaba xa na súa teoría comarcal que o PDC estaba a facer «importantes avances na definición do mapa comarcal de Galicia, seguindo unha vía reflexiva e consensuada, para evitar calquera imposición innecesaria».

O mapa resultante está formado por 49 comarcas, as que podemos observar na Figura 8.25. A principal novidade deste mapa respecto dos anteriores, de acordo co seu autor, «consistía na agrupación de pequenas comarcas tradicionais noutras maiores, principalmente na provincia da Coruña, onde a fragmentación territorial do sector noroccidental parecía excesiva» (Precedo Ledo, 1998a: 261). Así, nesta parte da provincia da Coruña, onde había fortes reivindicacións locais, óptase pola constitución de tres «grandes» comarcas: «A Barcala-Xallas», «Fisterra» e «Muros». Ademais, a comarca de «Padrón» pasaba a integrarse na de Santiago. Pola contra,

USC DE COMPOSTELA

outras comarcas víanse desdobradas, a saber: «Arzúa» e «Terra de Melide», «Terra de Trives» e «Terra de Caldelas» e «O Condado» e «A Paradanta».

Figura 8.25. Proposta oficial de mapa comarcal de Galicia (1996)



Fonte: *La Voz de Galicia*, 26/10/1996. Elaboración propia.

Chégase, deste xeito, a unha proposta de mapa comarcal susceptible de ser sometida a consulta. A cartografía comarcal é presentada polo seu promotor como o resultado dun intenso traballo, e sinala que contaría cun «amplio margen de aceptación» (Precedo Ledo, 1995b: 10) e un «grado de consenso encomiable» (Precedo Ledo, 1998a: 250). Porén, varias administracións públicas —principalmente os Concellos— e colectivos sociais presentarán algún tipo de alegación ao mapa durante o proceso de exposición pública. Para o seu autor, este proceso de apertura ao público permitiu a recepción de escritos, cartas ou estudos que contribuíron a definir «novos espazos comarcais» e precisar os propostos. Neste sentido, considera importante coñecer e respectar os sentimentos de pertenza da poboación no sentido de que «no se pueden efectuar imposiciones tecnocráticas a la población, entre otras cosas porque aunque se lograran implantar nunca serían del todo asumidas» (Precedo Ledo, 1998a: 265).

O número total de alegacións formuladas, que se coñecen a través da súa publicación no *Decreto 65/1997*, foi de 182. Estas ían dirixidas ao Gabinete Comarcal, o organismo que se encargaría da súa análise e tratamento posterior. Non obstante, hoxe en día, alén do seu emisor, non temos coñecemento do contido das alegacións. O única que sabemos é que os concellos presentaron 78; as máis numerosas nas provincias da Coruña —28— e Lugo —27—, mentres que no outro lado da balanza estaban Pontevedra —14— e Ourense —nove—. Segundo o promotor do mapa, de todas estas alegacións presentadas polas administracións municipais só 40 —18 na Coruña, 14 en Lugo e catro en Ourense e Pontevedra— contiñan «obxeccións razoadas ó mapa» (Precedo Ledo, 1997a: 18). A outra metade das alegacións foron «temas colaterais» relativos ao proceso de desenvolvemento comarcal no seu conxunto ou ás consecuencias que tería a adopción de comarcas para a autonomía do concello.

As alegacións presentadas por partidos políticos foron tamén significativas, non tanto polo seu volume —11—, senón pola súa transcendencia. Desde as forzas da oposición, o BNG presentou tres alegacións —a nivel de partido, desde a comarca de Ferrolterra e desde o concello de Lousame— e o PSdeG-PSOE dúas —desde as agrupacións locais de Negreira e Noia—. Porén, relevantes foron as seis alegacións presentadas polas agrupacións locais do PP en Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Muros e Zas, por canto este era o partido que estaba a dirixir o proxecto. Os colectivos e asociacións sociais tamén achegaron un elevado número de alegacións —81—. As máis numerosas e significativas foron as presentadas por colectivos dos concellos da Ría de Muros e Noia —35 do concello de Noia, 15 de Muros e 14 de Porto do Son—. As restantes eran nove de Marín, catro de Zas, dúas de Burela e cadansúa de Celanova e Muíños. O tipo de colectivo era do máis diverso: asociacións de veciños, culturais, de empresarios, deportivas, de mulleres, centros educativos, etc. A título particular presentáronse 12 alegacións.


O cambio máis significativo producido a causa da enorme contestación veu marcado polo incremento no número de comarcas ao pasar de 49 a 53. As catro novas comarcas foron creadas na parte noroccidental da provincia da Coruña, de onde proviñan o maior número de alegacións (Figura 8.26). Neste sentido, o autor do mapa fala de «inevitables tensiones políticas locales obligaron a una excesiva fragmentación comarcal en la provincia de A Coruña» (Precedo Ledo, 2004a: 34). Así, tres concellos da comarca de Santiago —Dodro, Padrón e Rois— e outros tres da comarca de Fisterra —Camariñas, Vimianzo e Zas— uníronse para formar as comarcas do Sar e Terra de Soneira, respectivamente. A vila de Noia, naquel momento dentro de Barbanza, conseguiu articular a súa propia comarca sumando Lousame, Outes e Porto do Son. A última comarca foi o resultado do desdobramento da Barcala-Xallas; por unha banda, a comarca da Barcala coa Baña e Negreira e, por outra, a do Xallas con Santa Comba e Mazaricos. A estas mudas hai que sumar o cambio de nome da comarca de Bande, que pasa a ser «Baixa Limia».

Ademais do incremento no número de comarcas, producíronse cambios nos límites a causa do intercambio de concellos (Precedo Ledo, 1997a; López Charques, 1997), que podemos ver na Figura 8.26. Na provincia de Ourense, Padrenda e Pontedeva pasaron do Ribeiro á Terra de Celanova, e Taboadela de Ourense a Allariz-Maceda. Na de Lugo, Cervo pasou da Mariña Central á Occidental, e Baralla de Lugo aos Ancares; no sentido inverso, Baleira e Pol intentaron o cambio desde as súas respectivas comarcas á rexida pola capital provincial mais non tiveron éxito, seguramente para evitar dúas comarcas resultantes de aínda máis reducida poboación. Na provincia de Pontevedra, Campo Lameiro mudou Caldas por Pontevedra, e Marín saíu desta para integrarse no Morrazo. Finalmente, na provincia da Coruña, a comarca de Betanzos perdeu dous concellos —Abegondo que pasou á Coruña e Monfero ao Eume— e o concello de Val do Dubra mudou Ordes por Santiago; ademais, nesta provincia desestimouse que o concello da Capela pasase a Ferrol, quizais por evitar unha comarca descontinua.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alén dos cambios producidos, segundo López Charques (1997), foron varios os intentos por parte dos concellos de cambiar de comarca ou de crear unha nova (Figura 8.26). No que respecto ao intento de creación de novas comarcas, na provincia de Lugo, o concello de Chantada buscaba un perímetro comarcal que coincidise co ámbito do seu partido xudicial; e, cinco concellos do sueste da Terra Chá trataron de articular unha «Sur Terra Chá». Tamén os concellos de Alfoz e O Valadouro buscaron sen éxito unha comarca de seu —o «Val do Ouro»—, o mesmo que Navia de Suarna, mais semella que aquí non conseguiu adhesións doutros concellos. Na provincia de Ourense, a comarca «confederal» de Allariz-Maceda buscou desmembrarse articulando Maceda unha comarca propia. No caso da Coruña, na complexa parte noroccidental da provincia, Santa Comba apostou sen éxito por articular unha comarca propia con máis concellos; na parte norte da provincia, o concello das Pontes de García Rodríguez —como a comarca do «Alto Eume»— e o de Cedeira tamén exploraron a posibilidade de constituíren cadansúas propias comarcas.

Figura 8.26. Reivindicacións municipais sobre a proposta oficial de mapa comarcal de Galicia



Fonte: Precedo Ledo (1997a); López Charques (1997). Elaboración propia.

8.2.3.3 O mapa comarcal definitivo

O mapa comarcal definitivo apróbase o 20 de febreiro de 1997 polo *Decreto 65/1997*, no que se agrupan os concellos e parroquias galegas en 53 comarcas con respecto dos límites provinciais e, en varias ocasións, da toponimia histórica. A configuración definitiva de cada comarca é a que relacionamos na Figura 8.27 e na Táboa 8.7. As comarcas resultantes teñen unha superficie media de 558 km², que vai desde os 141 km² do Morrazo aos 1.823 km² da Terra Chá. Tamén é variable o número de concellos que agrupan no seu interior, que van desde os dous da Barcala, Muros e Xallas aos 12 de Ourense. A poboación das comarcas é de media de algo máis de 50.000 habitantes, que van desde os pouco máis de 5.000 da Terra de Caldelas aos 400.000 da comarca de Vigo (Táboa 8.7). Significativo é que case dúas semanas despois se publica unha corrección de erros do *Decreto 65/1997*, polo que (A) Baixa Limia, (A) Barbanza e (O) Eume perden o artigo da súa denominación, mentres que o gañan (A) Barcala.

Figura 8.27. Mapa comarcal aprobado definitivamente (1997) e vixente na actualidade



Fonte: *Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia*. Elaboración propia.

Táboa 8.7. Composición e superficie das comarcas oficiais de Galicia

Allariz-Maceda 382,1 km²	Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo	Os Ancares 1.049,9 km²	Baralla, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro
Arzúa 485,3 km²	Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro	Baixa Limia 530,3 km²	Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños
O Baixo Miño 322,8 km²	A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui	Barbanza 246,7 km²	Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira
A Barcala 213,2 km²	A Baña e Negreira	Bergantiños 743,5 km²	Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso
Betanzos 676,6 km²	Aranga, Betanzos, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras, Paderne, Vilarmaior e Vilasantar	Caldas 288,8 km²	Caldas de Reis, Catoira, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga
O Carballiño 552,4 km²	Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea	Chantada 462,2 km²	Carballedo, Chantada e Taboada
O Condado 338,5 km²	Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra de Miño	A Coruña 469,7 km²	Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada
Deza 1.026,7 km²	Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces	Eume 538,6 km²	Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez
Ferrol 623,4 km²	Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño	Fisterra 339,7 km²	Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía
A Fonsagrada 679,5 km²	Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñiz	A Limia 802,6 km²	Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia
Lugo 1.362,8 km²	Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Portomarín e Rábade	A Mariña Central 501,3 km²	Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e O Valadouro
A Mariña Occidental 494,3 km²	Cervo, Ourol, O Vicedo, Viveiro e Xove	A Mariña Oriental 399,9 km²	Barreiros, A Pontenova, Ribadeo e Trabada
Meira 311,7 km²	Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto	O Morrazo 140,6 km²	Bueu, Cangas, Marín e Moaña
Muros 143,8 km²	Carnota e Muros	Noia 325,1 km²	Lousame, Noia, Outes e Porto do Son
Ordes 755,7 km²	Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo	Ortegal 391,7 km²	Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira
Ourense 623,1 km²	Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín	A Paradanta 339,8 km²	Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pontevedra 702,6 km²	Barro, Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa	Quiroga 578,4 km²	Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil
O Ribeiro 406,9 km²	A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia	O Salnés 275 km²	Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa
Santiago 688,6 km²	Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra	O Sar 177,4 km²	Dodro, Padrón e Rois
Sarria 836,1 km²	O Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela	Tabeirós-Terra de Montes 450,3 km²	Cerdedo, A Estrada e Forcarei
Terra Chá 1.823 km²	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade	Terra de Caldelas 313,2 km²	Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira
Terra de Celanova 508,8 km²	A Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Padrenda, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Verea	Terra de Lemos 940,4 km²	Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, O Saviñao e Sober
Terra de Melide 367,1 km²	Melide, Santiso, Sobrado e Toques	Terra de Soneira 372,1 km²	Camariñas, Vimianzo e Zas
Terra de Trives 431,7 km²	Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río	A Ulloa 417,8 km²	Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei
Valdeorras 968,9 km²	O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras	Verín 1.007,2 km²	Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós
Viana 746,3 km²	A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso	Vigo 609,2 km²	Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo
Xallas 391 km²	Mazaricos e Santa Comba		

Fonte: *Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia*; IGE (2019). Elaboración propia.

As 53 comarcas de Galicia, de acordo con Precedo Ledo (1993b, 1994, 1995b, 1997a, 1998a, et al. 1993), pódense clasificar en catro categorías en función da súa tipoloxía: «metropolitanas», «urbanas», «rururbanas» e «rurais» (Figura 8.28). Esta sería unha clasificación meramente descritiva xa que o tratamento en función da organización, funcionamento e obxectivos seguen a ser practicamente os mesmos. As máis numerosas, as rurais —37—, significaríanse polo dominio das características rurais sobre as urbanas. Estas virían determinadas pola presenza dun «centro» ou varios que organizarían o rural circundante e serían os centros distribuidores de servizos terciarios. Estes centros poderíanse apoiar nunha rede de «subcentros», que coincidiría coas capitais municipais e que tería como misión garantir a accesibilidade da poboación aos servizos. O PDC buscaría para as comarcas rurais dotar os

centros das dotacións e infraestruturas adecuadas para convertelos en polos de innovación e difusión.

As comarcas metropolitanas, en torno ás cidades da Coruña e Vigo, caracterizaríanse por delimitar un continuo urbanizado de elevada unidade demográfica, económica e funcional. As restantes cinco cidades galegas organizarían unha comarca urbana, que se diferencia da anterior porque o proceso de urbanización non acada o rango de grande aglomeración e porque os efectos centralizadores da cidade non abranguen todo o espazo comarcal. O PDC, segundo Precedo Ledo (1994), pretendería nas comarcas metropolitanas —baixo a denominación de «Proxecto Regulador Metropolitano» ou «Proxecto de Directrices Comarcais Metropolitanas»— e urbanas —como «Proxecto de Desenvolvemento Urbano»— a regulación e coordinación de determinadas políticas, polo menos, as relativas ao transporte público, o medio natural e a fixación dos usos do solo.

As comarcas rururbanas —nove— virían determinadas pola superposición dos sistemas urbano e rural. Trátase de áreas caracterizadas pola presenza de espazos urbanos e rurais moi mesturados, elevada densidade demográfica, actividade económica predominante non rural, intensa ocupación do solo, densa rede de transportes e comunicacións e hábitat disperso. Porén, en canto a súa organización interna, pódese distinguir, por unha banda, entre aquelas dominadas por un único centro urbano, como é o caso da Mariña Occidental ou Bergantiños. E, por outra banda, as caracterizadas polo policentrismo urbano, que estarían organizadas por varias pequenas cidades ou vilas con fortes vencellos funcionais entre si, como, por exemplo, A Mariña Central ou O Salnés. Neste tipo de comarcas, o PDC procuraría a especialización e complementariedade de cada núcleo e a consolidación dos eixos de crecemento.

O mapa comarcal aprobado de xeito definitivo en febreiro de 1997 achega, segundo Precedo Ledo (1997b), un balance satisfactorio. Porén, tamén considera que toda división territorial precisa dun período de «tempo de "maduración"» para saber se certamente a proposta é a adecuada. Neste sentido, apunta a que non habería maior problema á hora de introducir cambios na delimitación aprobada: «o propio texto legal establece o procedemento de modificación cando as transformacións territoriais sexan tan importantes que así o requiran, porque é o mapa o que se debe adaptar á realidade, e non ó revés» (Precedo Ledo, 1997b: 5). Deste xeito, o principal autor do mapa comarcal, que non mostra receo da división aprobada, si achega certas puntualizacións nos seus traballos que se poderían entender como unha convida a posibles cambios futuros (Precedo Ledo, 1997a, 1998b).

En primeiro lugar, obsérvanse «estruturas bipolares» en catro comarcas que virían a dificultar a unidade interna e convidarían a preguntarse por que non son dúas comarcas distintas. Un caso é o de Allariz-Maceda, á que se refire como unha «comarca binuclear desde todos los puntos de vista» (Precedo Ledo, 1998b: 241); na mesma situación atópase Tabeirós-Terra de Montes, á que se alude como unha comarca formada por dúas «subáreas funcionais» que correspondería a dúas unidades naturais e históricas diferentes. En ambos os dous casos, para constatar esta dualidade achégase unha dobre denominación. Unha das máis «inestables» de Galicia sería a comarca de Eume posto que os nexos de unión entre As Pontes de García Rodríguez e Pontedeume son practicamente nulos: «desde o punto de vista natural, o sector costeiro oponse á zona montañosa do interior; desde o punto de vista histórico, foron diferentes as xurisdicións; e desde o punto de vista económico, as dúas subáreas están ben diferenciadas» (Precedo Ledo, 1997a: 72). A outra comarca «bipolar» é a da Ulloa. Tamén se identifican tres comarcas «policéntricas» ou «multicéntricas»: A Mariña Central, Barbanza e O Salnés, aínda que nestes casos non se cuestiona a súa unidade comarcal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.28. Tipoloxía comarcal segundo a obra teórica de Precedo Ledo



Fonte: Precedo Ledo (1993b, 1994, 1995b, 1997a, 1998a, et al. 1993). Elaboración propia.

O promotor do mapa comarcal tamén identifica sete comarcas das que considera que non son capaces de organizar un espazo funcional unificado. Do Morrazo sinala o seu «carácter ambivalente» entre Pontevedra e Vigo; da Baixa Limia, as fortes vinculacións administrativas e económicas con Celanova; e, das comarcas de Arzúa, Betanzos e Caldas, a súa «influencia compartida» e «relacións complexas» e «tensas» cos espazos comarcais circundantes. Doutra comarca, a de Meira, di que forma un ámbito pequeno e «pouco consolidado», mentres que na Terra de Soneira pon a énfase na súa «débil cohesión» como consecuencia de non haber un centro urbano de orde superior que organice o espazo —Vimianzo exerce só unha atracción parcial—. Así, a existencia dalgunhas destas comarcas, como é o caso da Baixa Limia ou O Morrazo, viría mellor definida pola súa singularidade natural que por factores socioeconómicos e funcionais (Precedo Ledo, 1997a, 1998b).

O grao de integración dos concellos en cadansúa comarca non é o mesmo para todos. Normalmente, o concello ou concellos que asumen a capitalidade, oficiosa, da comarca soen

corresponder cos que alcanzan o maior grao de integración na mesma. No lado opostos, están os concellos que, situados habitualmente nalgún punto da periferia da comarca, manteñen uns vínculos funcionais moi débiles coa súa respectiva cabeceira comarcal. Así, Precedo Ledo (1997a) identifica 11 concellos cuxas principais relacións no relativo a comercio e administración non son coa capital comarcal, senón con outros núcleos externo á comarca. A saber: Abegondo e Monfero con Betanzos, Mazaricos e Outes con Muros, Val do Dubra con Ordes, Baralla con Lugo, Cervo con Burela, Taboadela con Allariz, Padrenda e Pontedeva con Ribadavia e Campo Lameiro con Caldas de Reis.

Na análise particular de cada comarca poden aflorar unidades menores que conforman espazos xeográficos diferentes. Así, por exemplo, na periferia da cidade de Vigo coexisten catro «pequeñas comarcas naturales» —A Louriña ou Val do Porriño, Terra de Redondela ou Val do Oitavén, Val do Fragoso e Val Miñor— que foron subsumidas na nova realidade metropolitana. Fálase tamén, nun sentido histórico, de até tres «Ribeiros» en función do río principal: o do Avia —en Leiro—, o do Arnoia —en Cortegada— e o do Miño —en Ribadavia—. Outras pequenas comarcas de carácter natural serían «O Ullán» —por Catoira, Pontecesures e Valga— e «A Maía» —centrada en torno ao concello de Ames—. Ademais destas subáreas, Precedo Ledo (1997a, 1998b) tamén sinala a existencia doutras denominacións para algunhas das comarcas como é o caso do «Alto Arnoia» no canto de Allariz-Maceda, «Comarca de Becerreá» en lugar dos Ancares, «As Mariñas» por Betanzos ou «O Bolo» en vez de Viana.

En novembro de 1998, aprobouse o *Decreto 335/1998* que vén a fixar os criterios a seguir para a configuración de áreas supracomarcais ou funcionais. Esta norma define as «áreas funcionais» como unha «agrupación de comarcas en conxuntos territoriais axeitados ás necesidades de cada servizo ou función, configurando unha estrutura territorial supracomarcal complementaria para favorecela xestión coordinada da organización territorial e funcional de Galicia» (art. 2, *Decreto 335/1998*). Úrxese esta división polas necesidades específicas dos departamentos da administración autonómica que requiren dun territorio de maior extensión ao comarcal para a racionalización e mellor prestación de determinados servizos. Así, cada departamento da Xunta pode establecer as áreas funcionais que considere máis adecuadas. A única obriga á hora de configurar as áreas funcionais é o respecto polas comarcas, das que se di que son as «unidades territoriais básicas e de referencia».

Recoñécese, deste xeito, unha cuestión que Precedo Ledo (1997a, 1998a) xa apuntara cando sinalaba que algunhas das comarcas resultantes eran demasiado cativas para a aplicación de determinadas políticas. É por isto polo que propón unha división en «áreas funcionais», «grandes conxuntos comarcais» ou «rexións funcionais supracomarcais» que darían como resultado «unha estrutura territorial derivada que facilitará probablemente a organización territorial e funcional de Galicia» (Precedo Ledo, 1997a: 19). Suxire, sen recoñecemento legal posterior, unha división en 12 destas unidades, tres por cada provincia, en torno aos principais núcleos de poboación galegos (Figura 8.29). Estas agruparan a entre dúas e dez comarcas e reciben a denominación do principal núcleo de poboación, agás no caso d' «A Mariña».

A división en «áreas funcionais» tamén foi plasmada en *Galicia: hipóteses de modelo territorial*, un estudo que publica a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda —a través da Dirección Xeral de Urbanismo— no ano 2001. Segundo Pino Vicente (2002) e Caridad Graña (2012a), este documento pode ser considerado un primeiro intento de aproximación á cuestión das DOT galegas. Desta maneira, desde o goberno autonómico «oficialízase» esta división que agrupa as comarcas en ámbitos de maior magnitude. Considérase que «cómpre dotar dun novo protagonismo a outras escalas do territorio para aborda-los retos cos que se enfronta Galicia, (…) a delimitación comarcal (…) e as áreas funcionais que (…) constitúen referencias de futuro» (Consellería de Política Territorial, Obras

Públicas e Vivenda, 2001: 154). Un aspecto relevante ten que ver con que a Xunta recoñece que a «principal limitación» da división comarcal ten que ver coa «escasa talla urbana dalgunhas cabeceiras comarcais, o que define ámbitos pouco estructurantes dende o punto de vista da satisfacción de servicios e dotación e funcionalidade real dun territorio» (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, 2001: 155). É por este motivo polo que propoñen áreas funcionais que resultan dun «tamaño adecuado».

Ademais, esta publicación é moi significativa porque, por primeira vez, a Xunta de Galicia pronúnciase sobre a cuestión das capitais comarcais, un tema que foi ignorando para evitar disputas municipais (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, 2001) (Figura 8.29). Así, pódese considerar que o goberno galego se pronuncia sobre comarcas onde a capital comarcal era un asunto complexo e estaba pouco definido: Maceda no canto de Allariz; Monterroso fronte a Palas de Rei; Vimianzo en vez de Camariñas; Tui no canto da Guarda; As Pontes por Pontedeume; Cangas en vez de Bueu ou Marín; ou, Foz fronte a Burela e Mondoñedo.

Figura 8.29. Áreas funcionais aprobadas de xeito oficial



Fonte: Precedo Ledo (1997a, 1998a); Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (2001). Elaboración propia.

Chegados a este punto, faise necesario precisar que desde a aprobación do mapa comarcal no ano 1997 producíronse dúas fusións municipais, que implicaron cambios na composición e nos límites das súas respectivas comarcas. Por unha banda, a fusión en xuño de 2013 dos concellos de Cesuras e Oza dos Ríos, ambos os dous na comarca de Betanzos, levaron a que esta comarca pasase de englobar 11 concellos a dez. E, por outra banda, tivo maiores consecuencias a nivel comarcal a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade en setembro de 2016 a causa de que pertencían a comarcas diferentes —Cerdedo a Tabeirós-Terra de Montes e Cotobade a Pontevedra—. Neste caso, o resultado provocaría unha reconsideración dos criterios á hora de constituír comarcas, xa que os límites municipais non son respectados e, por vez primeira, un concello forma parte de dúas comarcas. Neste sentido, na web municipal de dito concello reivindícase a pertenza a ambas as dúas comarcas.

8.2.4 Os últimos anos de funcionamento do PDC

O comezo do fin do proceso de desenvolvemento comarcal galego pode datarse de maneira temperá a finais de decembro do ano 2000, durante o terceiro mandato de Fraga Iribarne á fronte da Xunta de Galicia. Foi neste instante cando a través dunha lei de medidas fiscais, a *Lei 5/2000*, se creou a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural —AGADER— como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia encargado de fomentar e impulsar o desenvolvemento do rural. Este ente público, adscrito á Consellería de Economía e Facenda —logo pasa a Medio Rural—, competiu coa Sociedade Comarcal na coordinación e xestión de políticas análogas. Ademais, esta duplicidade de funcións entre ambos os dous organismos viuse reafirmada polo *Decreto 79/2001*, no que se aprobaba o regulamento e as funcións de AGADER.

Entre os cometidos que a lexislación lle atribúe a AGADER, semellantes aos que estaba a desenvolver a Sociedade Comarcal, están: a elaboración de estratexias e plans integrados de coordinación no medio rural; a difusión de medidas e políticas de desenvolvemento rural; o impulso de proxectos innovadores e de accións modernizadoras e de diversificación económica; o fomento da cooperación entre axentes públicos e privados e o apoio das súas iniciativas; ou o reforzamento do tecido produtivo e social. Porén, a diferenza da Sociedade Comarcal, AGADER tiña capacidade de financiamento de plans, programas e actuacións de desenvolvemento, xa que a Xunta de Galicia lle atribuíu a xestión do Fondo Galego de Desenvolvemento Rural —un fondo destinado á dinamización das áreas rurais e derivado das políticas europeas neste eido—. Ademais, a Sociedade tamén se viu desprazada da súa única fonte de ingresos para o financiamento deste tipo de actuacións, xa que o *Decreto 79/2001* fixaba que sería competencia exclusiva de AGADER a xestión, control e seguimento dos programas europeos e dos grupos de acción local.

Por outra parte, a formación dun novo goberno integrado por PSdeG-PSOE e BNG en agosto do 2005 supuxo unha remodelación dos departamentos da administración autonómica que repercutiu no proxecto de desenvolvemento comarcal. Na nova estrutura da Xunta de Galicia, aprobada polo *Decreto 232/2005*, os instrumentos e órganos comarcais quedaban dentro do ámbito de competencia da parte nacionalista da coalición. As políticas de desenvolvemento comarcal pasaron a integrarse, segundo o disposto no *Decreto 520/2005*, na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dentro da Consellería do Medio Rural que dirixiu A. Suárez Canal. O responsable desta dirección xeral na que se albergaron os instrumentos comarcais foi E. López Iglesias —*Decreto 317/2005*—, profesor de Economía na USC. Á súa vez, ao novo director xeral, ao igual que os titulares anteriores, correspondíalle ocupar os cargos de conselleiro delegado da Sociedade Comarcal e presidente dos padroados das 34 fundacións comarcais constituídas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Durante o goberno do bipartito, o proceso de comarcalización deseñado nas lexislaturas anteriores foi posto en cautela polo carácter político que asumiron varios dos seus órganos —en especial, as fundacións comarcais—. A cuestión máis importante relativa ao proceso de desenvolvemento comarcal durante o goberno de PSdeG-PSOE e BNG veu marcada pola aprobación da *Lei 12/2008*, coa que se procuraba unha «racionalización», «optimización» e «simplificación» dos instrumentos de xestión comarcal. Entendía esta lei que o período transcorrido en materia comarcal amosaba uns resultados escasos e que existían entes con competencias redundantes e duplicadas, ademais da escasa utilidade, operatividade e funcionalidade dos órganos de desenvolvemento comarcal. Na exposición de motivos da *Lei 12/2008* sinalábase que «os instrumentos de xestión e promoción deseñados apenas contribuíron a estimular o desenvolvemento endóxeno da xeneralidade das bisbarras do país e a dinamizar aquelas de carácter rural con maiores índices de regresión económica e demográfica». Desta maneira, a lei autorizaba o Consello da Xunta de Galicia a proceder á disolución da Sociedade Comarcal, de xeito que se reorganizasen «as competencias en materia de dinamización comarcal para englobalas nas máis amplas de desenvolvemento rural» (II, *Lei 12/2008*). Esta norma tamén procuraba a anulación dos artigos relativos ás unidades técnicas comarcais e ás fundacións comarcais.

Tras a disolución da Sociedade Comarcal, sería AGADER quen pasase a asumir as actuacións relacionadas co desenvolvemento comarcal e coa xestión dos centros comarcais. Deste xeito, o patrimonio e o persoal proveniente da Sociedade Comarcal integraríase en AGADER, agás todo o relativo ao SITGA, que pasaría á Sociedade Xestora do Banco de Terras de Galicia —BANTEGAL— (Doval Adán, 2009a). Esta asunción de novas actuacións relacionadas co desenvolvemento comarcal implicaría unha nova redacción dos cometidos de AGADER para incluír «a dinamización comarcal, a través dos centros de desenvolvemento comarcal» (art. 2.1.i, *Lei 12/2008*). Respecto das fundacións comarcais, a presente lei desvinculaba delas á Xunta de Galicia co fin de que o impulso residise nos axentes públicos e privados de cada territorio. As fundacións comarcais quedaban unicamente vencelladas á lexislación xenérica en materia de fundacións, e serían os padroados de cada unha os que deberían avaliar a súa continuidade.

Porén, a *Lei 12/2008* non chegaba a suprimir os órganos de planificación e coordinación, isto é, o Gabinete/Secretaría Xeral/Dirección Xeral —naquel momento Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural—, a Comisión de Comarcalización e os consellos comarcais, senón que só se buscaba a súa reformulación. A función de elaboración, coordinación e seguimento do PDC, que competía segundo a *Lei 7/1996* ao Gabinete/Secretaría Xeral/Dirección Xeral, pasaba a asumila AGADER —como o novo máximo órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal—. De igual maneira, a lei non reformulaba os cometidos e funcións da Comisión de Comarcalización nin dos consellos comarcais, así como tampouco modifica as pautas que a *Lei 7/1996* establecía sobre o PDC ou o proceso de configuración do mapa comarcal.

Pese á constante intención de reformular o proceso comarcal durante os catro anos do goberno de coalición entre PSdeG-PSOE e BNG —véxase apartado 8.4.6—, a estrutura xerada non chegou a mudar. A *Lei 12/2008* foi aprobada ao final da lexislatura e quedou sen efecto ao resultar o PP vencedor nos comicios autonómicos celebrados poucos meses despois. Semella que o motivo polo que o bipartito aprobou a *Lei 12/2008* cara ao final da lexislatura tiña que ver con que había fundacións comarcais que estaban xestionando proxectos europeos e non se querían interromper, como veremos de voz dos ex-xerentes comarcais no apartado 8.3. Así e todo, durante esta etapa non se permitiu a constitución de máis fundacións comarcais e tamén se paralizou a construción de novos centros comarcais, de xeito que só se remataron aqueles

que estaban coas obras xa ben avanzadas —A Mariña Central e Caldas—. Ademais, desde a Xunta de Galicia procurouse mudar o rol destas instalacións para reconvertelas en centros periféricos da administración autonómica en materia de desenvolvemento rural.

A volta do PP á Xunta de Galicia en abril de 2009, con A. Núñez Feijóo como presidente, foi vista por moitos como unha nova oportunidade para a revitalización do proxecto comarcal. Non obstante, o novo goberno do PP, nun intento por marcar distancias coa administración de Fraga, supuxo a continuidade do seu desmantelamento. Se ben o cambio de goberno deixou sen aplicación a *Lei 12/2008*, adoptáronse unhas medidas semellantes —no relativo á disolución da Sociedade Comarcal e á desvinculación das fundacións comarcais— que se plasmaron dentro dunha nova lei de medidas fiscais, a *Lei 15/2010*. É necesario sinalar que durante esta etapa, as competencias en materia de desenvolvemento comarcal figuraban dentro da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da que o seu titular era A. Crespo Iglesias —*Decreto 195/2009* e *Decreto 237/2009*—, que á súa vez se organizaba dentro da Consellería do Medio Rural que dirixía S. Juárez Casado —*Decreto 83/2009*—.

A *Lei 15/2010*, do mesmo xeito que a medida anterior, autorizaba a Xunta de Galicia a proceder coa disolución da Sociedade Comarcal —e tamén de BANTEGAL—. Porén, o proceso foi lento, de xeito que para o período de 2011 a Sociedade Comarcal aínda recibía orzamento —uns 5,7 millóns de euros—. O seu cese de actividade foi acordado polo seu Consello de Administración —integrado por altos cargos do goberno autonómico— o 6 de febreiro de 2012 e a súa extinción definitiva aparece no rexistro mercantil con data do 24 de abril de 2015. Durante estes anos, o seu persoal e bens foron integrados en AGADER, a excepción do persoal proveniente do SITGA —22 persoas— que pasou ao Instituto de Estudos do Territorio —IET—.

Esta mesma lexislación tamén autorizou a Xunta de Galicia a desvincularse das fundacións comarcais «por imposibilidade de realizar o fin fundacional» (art. 16.3, *Lei 15/2010*), polo que quedaba en mans dos padroados a súa decisión de continuar ou disolverse. O feito de que estas estruturas deixasen de percibir fondos da Xunta de Galicia para o seu mantemento levou a que todos os padroados acordasen a súa disolución voluntaria. Desta forma, mediante un acordo do Consello da Xunta de Galicia, no día 13 de xaneiro de 2011, autorizouse á extinción das fundacións comarcais e encomendouse aos padroados iniciar un proceso de liquidación.

Os padroados acordaron, de maneira oficial, a extinción das fundacións comarcais entre finais de febreiro e comezos de marzo de 2011 e, acto seguido, comezouse un proceso de liquidación que culminou, o das últimas, en outubro dese mesmo ano (Táboa 8.8). Logo, os padroados ratificaron a extinción das fundacións entre finais de maio e comezos de xuño de 2012, e fíxose efectiva uns días despois. Unha excepción a este proceso foi a Terra de Soneira, polo feito de que iniciou —en xuño de 2008, durante o bipartito— e pechou de maneira definitiva —en novembro de 2010— o seu proceso de disolución. Finalmente, unha Resolución da Consellería do Medio Rural e do Mar, con data do 21 de xuño de 2012, viría a ratificar os acordos de extinción das fundacións comarcais e a súa baixa no rexistro de fundacións de interese galego. Estes pasos podemos velos de maneira individualizada para cada fundación comarcal na Táboa 8.8.

No proceso de liquidación das fundacións comarcais saíu á luz un alto endebedamento de boa parte delas. As cantidades de débeda son moi variables, e van desde os en torno a 1.000€ nas fundacións coas contas máis saneadas até os máis de 130.000€ da fundación do Baixo Miño (Táboa 8.8). Porén, nalgunhas fundacións tamén existía un remanente, que se destinou a cubrir a débeda e que levou a saldala en seis fundacións. Os motivos de débeda eran moi diversos: gastos de asesoría e notaría, seguridade social, IRPF, indemnización aos traballadores, débedas aos concellos por xestión de programas europeos, facturas de teléfono, gas ou Internet,

alugueiro de locais, mudanzas, limpeza, empréstitos ou, mesmo gastos de publicidade. No caso do automóbil ou do mobiliario da fundación, este cedeuse a algún concello ou pasou ás delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural.

Os bens e persoal das fundacións comarcais, os centros comarcais e aqueles programas en execución nalgunha das fundacións pasaban a AGADER. Os xerentes comarcais, cuxo futuro laboral estaba en dúbida a causa de irregularidades no seu proceso de selección e da extinción dos entes aos que estaban ligados, foron asignados, de maneira temporal, a outras entidades instrumentais da administración autonómica vencelladas a Medio Rural: AGADER, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria —AGACAL— e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos —SEAGA—. Finalmente, a administración autonómica iniciou a integración dos xerentes das extintas fundacións comarcais como persoal laboral da Xunta de Galicia nun proceso de culminou en outubro de 2015 —Orde 17/12/2014 e Orde 28/10/2015—. Así, 29 ex-xerentes comarcais pasaron a desempeñar o seu traballo nunha oficina de emprego, talvez, ao entender que estes entes traballaban a escala comarcal.

Táboa 8.8. Puntos principais do proceso de supresión das fundacións comarcais

Fundación comarcal		Extinción padroado	Liquidación	Ratificación extinción padroado	Extinción efectiva	Débeda
1	Os Ancares	22/2/2011	5/8/2011	13/6/2012	18/6/2012	8.365,93€
2	Arzúa	21/2/2011	26/7/2011	6/6/2012	11/6/2012	7.380,30€
3	O Baixo Miño	21/2/2011	18/10/2011	8/6/2012	14/6/2012	130.950,57€
4	Bergantiños	22/2/2011	19/10/2011	24/5/2012	14/6/2012	5.812,17€
5	Betanzos	21/2/2011	28/6/2011	6/6/2012	11/6/2012	73.780,27€
6	Caldas	23/2/2011	10/10/2011	8/6/2012	18/6/2012	650,00€
7	O Carballiño	23/2/2011	29/7/2011	31/5/2012	20/6/2012	4.774,30€
8	Chantada	25/2/2011	27/7/2011	13/6/2012	18/6/2012	6.410,08€
9	Deza	25/2/2011	26/7/2011	?	20/6/2012	9.400,05€
10	Eume	24/2/2011	3/8/2011	24/5/2012	11/6/2012	4.176,71€
11	A Fonsagrada	23/2/2011	5/8/2011	13/6/2012	18/6/2012	3.927,89€
12	A Mariña Central	24/2/2011	4/8/2011	?	18/6/2012	25.996,86€
13	A Mariña Occidental	7/3/2011	4/8/2011	13/6/2012	18/6/2012	25.084,34€
14	A Mariña Oriental	24/2/2011	4/8/2011	13/6/2012	18/6/2012	14.546,69€
15	O Morrazo	21/2/2011	18/10/2011	8/6/2012	18/6/2012	76.476,70€
16	Muros	25/2/2011	28/7/2011	30/5/2012	11/6/2012	2.868,41€
17	Noia	25/2/2011	28/7/2011	21/5/2012	11/6/2012	2.794,49€
18	Ordes	22/2/2011	28/7/2011	25/5/2012	11/6/2012	5.251,28€
19	Ortegal	21/2/2011	3/8/2011	6/6/2012	11/6/2012	2.854,18€
20	A Paradanta	2/3/2011	29/6/2011	8/6/2012	14/6/2012	31.271,71€
21	O Ribeiro	23/2/2011	11/10/2011	31/5/2012	19/6/2012	1.250,00€
22	O Salnés	23/2/2011	29/6/2011	8/6/2012	18/6/2012	14.626,59€
23	Santiago	25/2/2011	28/7/2011	?	11/6/2012	10.691,87€
24	Tabeirós- Terra de Montes	25/2/2011	1/8/2011	8/6/2012	14/6/2012	3.293,86€
25	Terra Chá	2/3/2011	?	15/5/2012	14/6/2012	58.565,02€
26	Terra de Caldelas	22/2/2011	2/8/2011	31/5/2012	11/6/2012	3.700,79€
27	Terra de Celanova	25/2/2011	11/10/2011	31/5/2012	18/6/2012	2.699,78€

Fundación comarcal		Extinción padroado	Liquidación	Ratificación extinción padroado	Extinción efectiva	Débeda
28	Terra de Lemos	25/2/2011	27/7/2011	13/6/2012	18/6/2012	5.224,33€
29	Terra de Melide	21/2/2011	26/7/2011	6/6/2012	14/6/2012	5.779,14€
30	Terra de Trives	22/2/2011	2/8/2011	?	11/6/2012	3.481,47
31	Terra de Soneira	27/6/2008	?	30/6/2009	23/11/2010	1.689,10€
32	A Ulloa	1/3/2011	28/6/2011	13/6/2012	18/6/2012	31.444,39€
33	Valdeorras	22/2/2011	2/8/2011	31/5/2012	20/6/2012	1.631,78€
34	Verín	25/2/2011	11/10/2011	31/5/2012	11/6/2012	2.957,07€

Fonte: AGADER. Elaboración propia.

A saída de Precedo Ledo do organigrama da Xunta de Galicia en 2003 non impediu que continuase a reivindicar, desde a súa reincorporación á universidade, o legado comarcal. Por unha banda, recoñecía a importancia que tivo o PDC e mostraba que as súas contribucións eran válidas mesmo dez anos despois:

> Estas afirmaciones publicadas hace ahora diez años mantienen su vigencia, y constituyen la idea generativa del Plan de Desarrollo Comarcal de Galicia, (…) utilizando la comarca (por su elevado sentido de identidad) como espacio territorial estratégico para poder poner en marcha una política regional de desarrollo local. Esta es (creo) la principal aportación del modelo que diseñé y a cuya gestión estuve dedicado (Precedo Ledo, 2004a: 32).

Incluso, tras a supresión da trama comarcal, seguía demandando a vixencia do «seu» modelo, aínda que con outro enfoque. Así, nun escrito en prensa publicado por *La Voz de Galicia* consideraba que o proxecto habería que reorientalo, «pero la filosofía sigue perfectamente vigente. Ha sido una pérdida de oportunidad para Galicia no continuar con ese modelo. Se dejó morir, pero ningún gobierno dio una respuesta a los problemas que quería resolver el plan» (*La Voz de Galicia*, 22/1/2012).

O que foi o principal promotor do proxecto comarcal sinalou anos despois, de xeito moi revelador e sen que se coñezan precedentes seus destas afirmacións, que ao comezo do proxecto a idea era establecer a comarca como un «ente local intermedio, formado por una agrupación de municipios que constituyen una entidad administrativa dotada de competencias, de presupuesto y de representatividad democrática» (Precedo Ledo, 2004a: 33). Tamén apuntaba a que esta era a fórmula que aparecía no Estatuto de Autonomía de Galicia cando se fala da comarca como «ente local propio». Así, explica que no pasado se realizaron sucesivos intentos por poñer en marcha unha comarcalización dotada de contidos, pero que ningún chegou a bo porto:

> En el año 1990 inicié los trabajos, desde la Xunta de Galicia, para iniciar el proceso de comarcalización. En aquel momento (y ahora también) la resistencia de las Diputaciones provinciales gallegas y de otras organizaciones políticas (a excepción de los nacionalistas) a la comarcalización administrativa hacía impracticable este camino (Precedo Ledo, 2004a: 33).

Deste xeito, segundo o autor, as dúas principais barreiras ás que tivo que facer fronte a comarca —dotada de competencias— foron, por unha banda, a presión das deputacións provinciais e, por outra, a forza exercida polos partidos políticos contrarios a esta idea. De feito, resulta curioso que só exclúa desa «resistencia» ás comarcas administrativas aos

«nacionalistas», o que, de maneira indirecta, implicaría acusar de obstrucionismo ao seu propio partido político, o PP. Descartada xa a vía político-administrativa para a implantación das comarcas en Galicia, di Precedo Ledo (2004a) que:

> La conveniencia de definir el mapa comarcal, me animó a pensar en la posibilidad de designar concretar otros posibles fines a la comarcalización, no por razones de oportunidad, sino porque creía que el papel de la comarca no se agotaba en su dimensión administrativa. (…) Este enfoque tuvo un carácter anticipador (…) consistente en considerar a la comarca como un ámbito de desarrollo local (Precedo Ledo, 2004a: 33).

Porén, explica que a vía do desenvolvemento local tamén tivo que facer fronte ao «escepticismo», a «incredulidade» e o «rexeitamento» de numerosos actores públicos e privados (Precedo Ledo, 1999). Neste sentido, fala de diferentes debilidades e amezas de tipo estrutural (Precedo Ledo, 2004a, 2006a, 2007b; Precedo Ledo e Míguez Iglesias, 2007a, 2007b). En primeiro lugar, sinala o carácter localista e individualista de moitos concellos e alcaldes con visións centradas no propio que impedían o avance dun proxecto común. En segundo lugar, estaría a existencia de organizacións vencelladas ao desenvolvemento local funcionando en paralelo e que perseguían xerar unha imaxe propia. Esta situación conducía a unha duplicidade de accións e organismos actuantes nun mesmo espazo e tempo. E, en terceiro lugar, apunta ao carácter transversal das políticas de desenvolvemento que dificultaría a participación das administracións públicas.

O «pai» do proxecto comarcal seguía a ver na comarca un proxecto viable e de futuro con distintas aplicacións que descansarían, iso si, na vontade política e social (Precedo Ledo, 2006a, 2007b; Precedo Ledo e Míguez Iglesias, 2007a, 2007b). En primeiro lugar, reivindica a súa adopción como ámbito de planificación territorial e para o fomento do desenvolvemento local, dúas vías xa experimentadas, segundo el, co PDC. A comarca segue a ser vista, por unha banda, como o marco territorial máis axeitado para a redacción de plans territoriais, que deberían funcionar como documento marco para os plans municipais e que terían como fin achegar unha estrutura territorial máis racional e mellor articulada. E, por outra banda, como estratexia do desenvolvemento local co obxectivo de incrementar o capital social que xere territorios innovadores e competitivos.

Non obstante, a aplicación máis apropiada e que ofrece maiores vantaxes, aínda que tamén a máis complexa, sería a implantación de comarcas ―e áreas metropolitanas― dotadas de competencias. Deféndese a opción do «municipio-comarca» como «marco preparatorio para una ulterior fusión voluntaria» (Precedo Ledo, 2006a: 145), gradual e voluntaria, que traia como resultado unha simplificación do mapa municipal. Porén, sobre as funcións destes ámbitos de escala comarcal móstrase dubitativo, se ben di que as áreas metropolitanas deben ter amplas competencias e capacidade financeira, das comarcas sinala que a transferencia de competencias se debe «limitar» porque as súas vantaxes están máis relacionadas con fórmulas de coordinación e cooperación que na necesidade de grandes investimentos. Esta fórmula, que emerxería da fusión voluntaria dos concellos, debería, ademais, obedecer a un plan lóxico en función das unidades comarcais e non realizarse de xeito arbitrario e aleatorio (Precedo Ledo et al., 2012).

Durante os anos nos que estivo afastado da administración autonómica, Precedo Ledo (2006a) comezaba tamén a recoñecer certas cuestións que rexeitaba anteriormente. No avance das comarcas con competencias sinala que a súa introdución debería ir ligada á supresión dalgún dos outros niveis político-administrativos existentes. Alén da fórmula «concello-comarca», ve posible que sexan as deputacións provinciais os órganos que se supriman e se traspasen as súas competencias e capacidade financeira ás comarcas. Os límites provinciais, en cambio,

manteríanse por dous motivos: para evitar confrontar a Constitución e porque se considera que é un ámbito adecuado a escala europea: «adquiere una especial relevancia la idea (…) de mantener la provincia como demarcación territorial, pero desprovista de un órgano competencia propio, las diputaciones, cuyo contenido se transferiría al siguiente escalón administrativo» (Precedo Ledo, 2006a: 145). Cómpre sinalar que durante os últimos anos tamén traballou a prol das áreas metropolitanas, en especial a da Coruña (Precedo Ledo, 2002b, 2007a; Precedo Ledo e Míguez Iglesias, 2007c; Precedo Ledo et al., 2008).

Na actualidade, o PDC, que se aprobou no acordo do Consello da Xunta do 14 de decembro de 1990, segue vixente. Así, desde a integración das políticas de desenvolvemento comarcal dentro da consellería competente en Medio Rural —que aparece como tal co bipartito e que vai até o momento presente—, atribúeselle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural explicitamente aínda hoxe «a coordinación e xestión do Plan de Desenvolvemento Comarcal e a proposta de configuración das distintas comarcas nas cales se divide o territorio» (art. 24.b, *Decreto 149/2018*). A *Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*, que viña a constituír o marco legal do proceso de desenvolvemento comarcal, tamén segue en vigor. Se ben os preceptos relativos aos órganos de xestión e promoción foron suprimidos polas *Leis 12/2008* e *15/2010*, os relativos aos órganos de planificación e coordinación seguen activos. Así, o goberno galego podería activar, sen necesidade doutra norma, a Comisión de Comarcalización e os consellos comarcais.

Porén, hoxe en día, da época na que se desenvolveu o proxecto comarcal galego, só quedan poucos vestixios. Unha mostra son os centros comarcais de promoción e exposición de recursos que, se ben o «órgano comarcal» foi suprimido —nunca estivo amparado por ningún marco lexislativo—, as edificacións continúan no territorio. Algúns foron reconvertidos —sede de GDR, parque de bombeiros, oficina de turismo—, mais a maior parte deles atópanse pechados e abandonados. Outra pegada do proxecto comarcal ten que ver con toda a serie de publicacións que se editaron durante este período e do que o mellor exemplo poden ser os libriños correspondentes aos plans comarcais específicos de cada comarca —nunca aprobados como tales—. Non obstante, o mapa comarcal, aprobado polo *Decreto 65/1997*, pódese considerar como a única supervivencia daqueles anos e que permanece na actualidade.

8.3 A VISIÓN DOS EX-XERENTES SOBRE O PROXECTO COMARCAL

Aos ex-xerentes das extintas fundacións comarcais podemos consideralos como persoas chave nesta investigación polo feito de que estiveron traballando de maneira directa e durante longos períodos de tempo dentro do proxecto comarcal. As súas opinións —persoais e subxectivas, por suposto— veñen a enriquecer a teoría do PDC no sentido de que achegan información de primeira man das súas vivencias naqueles tempos. Así, é posible solucionar boa parte das eivas do proxecto, especialmente naqueles casos nos que as publicacións teóricas e o debate político non alcanzan.

8.3.1 «Nós fomos os “moteros”»: o arranque do plan comarcal

A gran maioría dos antigos xerentes comarcais coincide en sinalar que a «cuestión comarcal» colleunos sen saber exactamente en que consistía. Argúen que era un proxecto novo e descoñecido, que traía ideas modernas e que os seus obxectivos non estaban o suficientemente detallados e claros. Apuntan tamén que nin sequera había unha definición precisa acerca do que significaba o «desenvolvemento comarcal». Así e todo, eríxense como os «pioneiros» [E7] neste campo e sosteñen que tiveron que facer fronte aos diferentes atrancos que foron xurdindo no camiño, especialmente ao principio. Segundo eles, o seu primeiro e principal cometido era o de dar a coñecer e «poñer en funcionamento a comarca» [E20].

> Naquel intre foi unha novidade o tema das comarcas. (…) Fomos pioneiros no tema que foi o desenvolvemento tanto comarcal como local [E7].
>
> Os principios foron difíciles porque o tema do desenvolvemento é algo novo, no que hai que empezar a facer xirar unha roda. (…) O principio moi duro, (…) é unha actividade que empezas sen saber por onde empezar [E8].
>
> Era un proxecto novo. (…) Estaba moi verde. (…) Había que dalo a coñecer. Nós fomos os "moteros", (…) chamabámonos así porque levabamos a moto por aí para vender algo novo [E10].
>
> Chegabas cunha man diante e outra detrás, con todo por facer [E11].
>
> Tampouco estaba moi claro, non estaba definido o que había que facer exactamente [E17].

Unha vez asentado o proxecto comarcal, os traballadores das extintas fundacións sinalan que «el abanico de trabajo era muy amplio» [E1]. No día a día, asumían diferentes responsabilidades de oficina, se ben coinciden en que os seus principais cometidos tiñan que ver co «traballo de campo» ligado ao desenvolvemento da comarca. Neste sentido, os entrevistados falan de que unha parte importante do traballo consistía en poñer «en marcha las actuaciones del PDC» [E2], mais que os obxectivos a acadar a prol do desenvolvemento levábanos a facer case de todo: «desarrollo en todos los niveles» [E3]. Aínda así, a dinamización do territorio a través da mobilización dos recursos comarcais foi para os ex-xerentes das fundacións a súa principal misión.

> Era un tema de contacto muy directo (…) con las personas. Era trabajo de campo, no te sentabas para nada en la oficina, se trataba de dinamizar. (…) Nos movimos muchísimo, hacíamos el trabajo como quien dice mano a mano [E1].
>
> Tiñas un traballo de oficina, pero o fundamental deste traballo (…) era falar coa xente, moverte moito coa xente, mobilizar recursos [E17].
>
> Nosotros teníamos muchísima autonomía y margen porque lo que querían de nosotros era soltarnos por el territorio a dinamizar [E22].

O asesoramento e apoio a empresas e xente da comarca que buscaba emprender un negocio converteuse, segundo os entrevistados, na actividade máis habitual. De acordo cos seus testemuños, era frecuente que empresarios, emprendedores, comerciantes ou artesáns acudisen á fundación na procura de información, acceso a financiamento ou realización de actividades formativas. Os antigos xerentes comarcais ven como necesaria a axuda que prestaban a estes colectivos e/ou particulares polo feito de que o traballo se levaba a cabo de maneira próxima cos implicados e de que se involucraban no éxito dos proxectos. De acordo cos entrevistados, estes grupos estaban «desexosos de que lles botaras un cable» [E4]. Así, comezaron a considerar como unha parte fundamental o feito de «xerar ideas» [E17], isto é, espertar o interese da xente da comarca para animalos a levar a cabo iniciativas e mostrarlles que había posibilidades.

> Nós faciamos chegar a información ao último empresario, ao último agricultor, a calquera (…) que se puidera beneficiar das axudas e dos proxectos [E10].
>
> A xente que tiña a idea moi clara axudábaslle a como artellala, a buscar financiamento, (…) pero había xente que non tiña nada claro que facer ou que non facer, e entón, ao mellor, unha parte era xerar ideas sobre as que empezar a traballar [E17].
>
> Acababas ayudando de una forma mucho más profunda que un funcionario que está en una ventanilla de la Xunta. (…) Lo que hacíamos nosotros era acompañarlo desde el principio hasta el final, y ayudarle en todo momento, y

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> animarlo. (…) A los emprendedores les faltaba un asesoramiento. (…) Vete por aquí, vete por allí, haz esto de esta manera, haz lo otro. (…) Tratabas un poquito de aconsejarle en general [E22].
>
> Xurdían ideas e xurdían proxectos, e a nosa función era encarrilar todo iso e buscarlle unha saída [E24].

Outra cuestión que destacan os ex-xerentes das fundacións comarcais ten que ver coa idea de que todo o traballo estaba moi vencellado aos recursos e características propias de cada comarca. Entenden que o seu cometido estaba «muy vinculado a lo que tú tenías. Los planes de dinamización de cada comarca estaban en función de lo que existía, de las posibilidades» [E1]. Deste xeito, todo o traballo centrábase en «poner en marcha el potencial de cada comarca» [E21], é dicir, en desenvolver unha marca propia de comarca que a diferenciase respecto das demais. Esta situación, pola cal as tarefas de cada fundación eran distintas entre si, levou a consolidar a idea de que «cada comarca y cada fundación era un mundo» [E1].

8.3.2 A figura do xerente comarcal: «paracaidistas» sen capacidade de decisión

Presenta unha enorme relevancia intentar achegarse a cal entenden os entrevistados que foi o seu rol, dado que todos eles desempeñaron durante a súa etapa na súa respectiva fundación comarcal o papel de xerente. Atópase unha coincidencia cando apuntan a que o vocábulo «xerente» era incorrecto para designar o traballo que exercían, polo simple feito de que eles nunca tiveron capacidade de decisión —unha función esencial atribuída á figura dun xerente—. Esta capacidade de decisión residía, segundo os entrevistados, noutros órganos. Eles limitábanse «a facer labor de xestión» [E4] das tarefas encomendadas, a prestaren colaboración cando outra administración o demandaba e a desenvolveren un papel no día a día asimilable ao que faría un técnico.

> El gerente de la fundación, el mal llamado gerente, ya que nosotros nunca fuimos gerentes puesto que no teníamos capacidad de decisión. (…) Nos pusieron gerentes por aquella cosa grandilocuente que tenía este señor de que a todo había que llamarlo de una forma muy sofisticada [E3].
>
> Decisión non tomabas ningunha, non tiña capacidade para tomar decisión [E4].
>
> Era un técnico, o que pasa é que tiña o erróneo nome de xerente. (…) Nunca tiven ningún tipo de capacidade de decisión [E13].
>
> Se miras os estatutos das fundacións podiamos facer de todo, eramos os amos e donos da comarca, (…) pero despois, (…) nada [E18].

Porén, as funcións dos ex-xerentes comarcais non quedaban só limitadas á realización de actividades vinculadas ao «desenvolvemento comarcal», como a presentación de proxectos ou a dinamización da comarca, senón que os seus cometidos dentro da fundación ían alén. Sinalan os entrevistados que, dado que traballaban sos e a fundación non tiña máis persoal, o xerente deviña un suxeito que debía «encargarse de todo» [E17]. Así, responsabilizábanse de manter a oficina aberta ao público, de levar as contas da fundación e de todas aquelas actividades que podían ir xurdindo no día a día. Pese a esta carga de traballo, case todos os entrevistados coinciden en que foi unha das etapas máis «bonitas» [E15], «enriquecedoras» [E10] e que máis gozaron da súa vida profesional.

> Hacías de todo, absolutamente de todo, desde auxiliar administrativo hasta lo que viniera. (…) En lo que yo pudiera ayudar. (…) No podía aportar otra cosa que no fuera mi trabajo personal [E3].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Tiñamos que encargarnos de todo, de abrir e pechar a oficina, de atender o teléfono, levar as cartas a correos, facer as xestións bancarias, todo [E6].
>
> Era aprendiz de todo e mestre de nada, era un pouquiño intentar atender a todo. (…) Faciamos de todo, desde ir a unha entrevista cun conselleiro para intentar presentarlle un proxecto e intentar buscarlle financiamento a facer as fotocopias para as reunións. (…) Cada día era unha cousa nova [E25].

Os entrevistados sinalan tamén a independencia e «liberdade total» [E23] que existía á hora de desempeñar boa parte do seu traballo diario. A pesar de que as decisións máis importantes se tomaban noutros órganos, consideran que, en realidade, os resultados estaban na «capacidade ou ganas de traballar que tiña o xerente» [E5]. Neste sentido, explican os traballadores das extintas fundacións que «se quixeramos podiamos estar de brazos cruzados» [E19]. Cada fundación comarcal centrou o seu traballo en determinados cometidos, normalmente naqueles nos que o seu xerente se sentía máis cómodo. Isto materializouse na idea de que «as xerencias das fundacións comarcais funcionaban dunha forma bastante autónoma» [E26] e, por conseguinte, estaban intimamente ligadas á formación académica e á experiencia laboral previa de cada xerente.

A referida situación xeral de inexperiencia de moitos dos ex-xerentes no campo do desenvolvemento, xunto co feito de que non houbesen uns cometidos claros, levou a distintas formas de realización do traballo. Sinalan que eran «paracaidistas» [E17] na comarca, que os «deixaron nunha oficina, cun mobiliario estupendo, [e] un ordenador» [E19], como «se te soltan a ti mañá» [E18]. Deste xeito, eles mesmos explican que tiveron que «buscarse un pouco a vida» [E14] e ir vendo cales eran as particularidades específicas que requiría cada territorio.

> Cada un era un paracaidista no seu territorio e buscábase as castañas como podía. (…) Cada un organizaba ou facía o que consideraba [E17].
>
> Realmente foi buscarnos a vida cada un como podiamos. (…) Deixáronnos alí situados a cada un na cosa comarca sen unhas directrices de traballo específicas. (…) Cada un fomos buscando o nicho de mercado que había nese intre [E19].
>
> Non había para nada homoxeneidade, ou sexa, cada un, cada fundación traballaba á súa maneira, non había directrices, non había funcións, non había nada, ou sexa, cada un buscábase a vida [E25].

8.3.3 O papel da administración autonómica: «un experimento con gasosa» para a Xunta de Galicia?

Os xerentes das extintas fundacións comarcais achegan unha visión respecto á administración autonómica de dependencia e subordinación. De feito, transloce a dúbida de se realmente as fundacións comarcais eran parte da administración autonómica ou entes que funcionaban de maneira illada e independente. A maior parte dos entrevistados opta por definir as fundacións como unha «administración instrumental» [E6] accesoria da propia Xunta de Galicia. Porén, explican que eran os «patitos feos» [E19] da administración autonómica polo feito de que esta nunca as chegou a considerar como verdadeiros entes públicos que formasen parte do organigrama gobernamental. Eles mesmos sentían que estaban en «terra de ningures» [E4].

> Como fundacións non somos realmente administración. (…) Eramos como unha especie derivada da administración. (…) Dependiamos da administración

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> pero ao mesmo tempo estabamos nunha terra de ningures. (…) Nós fomos un pouco un "experimento con gasosa" [E4].
>
> Dependiamos da Xunta, de feito, eramos administración instrumental da Xunta. Entón, máis que relacións coa Xunta eramos parte da Xunta. Non Xunta propiamente dita, pero si administración instrumental [E6].
>
> A pesar de que o 100% do orzamento fora procedente da Xunta, (…) de que os medios foran da Xunta, nunca se considerou [unha entidade pública] [E9].
>
> A fundación foi constituída e creada pola propia Xunta, polo que era un ente público de dereito privado, pero non deixaba de ser un ente da Xunta [E13].

As testemuñas sinalan que a relación coa administración autonómica foi complexa por diferentes motivos. Nun primeiro momento falan dunha relación cordial e directa tanto coa presidencia do goberno autonómico como coas distintas consellerías, das que declaran recibir apoio e colaboración. Os ex-xerentes comarcais apóianse no feito de que foi a Xunta de Galicia a impulsora das fundacións para xustificar unha boa relación con ela. Recoñecen tamén que o trato entre as dúas partes foi gratificante, xa que a administración se implicaba coas propias fundacións para que os seus proxectos chegasen ao territorio desde enriba.

Non obstante, co paso do tempo o trato foise arrefriando até o punto de que a coordinación entre as fundacións e a administración autonómica deveu case nula. Os entrevistados falan de «reinos de taifas» [E10] para simbolizaren as rivalidades entre as consellerías. O feito de que o proxecto comarcal fose un modelo de planificación transversal foi entendido, segundo os entrevistados, como unha inxerencia dun departamento da Xunta nos restantes. Sinalan tamén que desde as consellerías non gustaban os lazos que os ex-xerentes creaban no territorio coa poboación. A creación de AGADER no ano 2000, que pasa a rivalizar coa Sociedade Comarcal, foi para eles o cénit desta situación marcada polo enfrontamento. Ademais, algúns dos entrevistados explican que nin sequera se sentían moitas veces apoiados por parte da súa propia consellería, a de Presidencia, da que chegan a sinalar que mesmo lles poñía «trabas» [E19] no seu traballo.

> AGADER naceu para dar apoio técnico ás fundacións. (…) [Pero,] o certo é que nós nunca tivemos o seu apoio [E9].
>
> Cada consellaría ten o seu proxecto, ten o seu orzamento, ten que vender as súas cousas, polo que era moi complicado coordinar proxectos de varias consellarías nunha comarca, que era o que formulaba o PDC. (…) Creáronse moitas redes paralelas similares que en lugar de coordinarnos como se pensaba nun principio, ao final cada un facía o seu [E10].
>
> Trabas, trabas, por parte da Consellería, da nosa Consellería que é o curioso, que non eran as trabas doutras consellerías [E19].
>
> Había consellerías que quizás no vieran el programa comarcal con muy buenos ojos, que lo vieran como una competencia [E22].

Outra circunstancia á que tiveron que facer fronte os traballadores das extintas fundacións comarcais foi a falta de coordinación e até de competencia coa rede de axentes de desenvolvemento local que operaba nos distintos concellos de Galicia. A maior parte dos entrevistados non entende como habendo un instrumento creado *ex profeso* para traballar en materia de desenvolvemento territorial se fomentou desde a propia Xunta de Galicia un servizo paralelo a nivel local. Se ben algúns dos ex-xerentes explican que o trato cos axentes de desenvolvemento local era correcto, outros sinalan que á hora da verdade «cada un facía o seu» [E10].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Aquí coexistiron varios programas de desenvolvemento local sen ningunha coordinación entre eles. (…) [A] Consellaría de Familia (…) creou unha rede de axentes de desenvolvemento local, (…) recibí[an] instrucións (…) de non colaborar coas fundacións. (…) Había rivalidade [E6].
>
> Axentes locais de emprego, (…) vamos a ver, se hai un ente comarcal o normal será que se cre un servizo técnico comarcal dentro da propia fundación [E19].

8.3.4 Entre relación «fluída e boa» e «odio visceral»: o diálogo coas administracións locais

Os ex-xerentes entrevistados declaran interactuar arreo cos concellos, malia que matizan que inicialmente había máis reticencias para colaborar por parte dos alcaldes. Practicamente todos eles coinciden en sinalar que a relación con alcaldes e outros membros das corporacións locais foi sempre boa, especialmente porque era a administración pública máis próxima. Tamén comentan que eles mesmos se esforzaban persoalmente por ter unha boa sintonía con esta administración, xa que consideraban que contar co apoio dos alcaldes tiña máis vantaxes. Explican que mesmo se «ofrecían a los alcaldes» [E1] para levar a cabo distintas actividades, feito que vían como unha forma de eles xustificaren o seu traballo. Algúns dos entrevistados apuntan a que a boa relación tiña que ver máis co trato a «nivel persoal» [E19] do propio xerente que da institución.

> Con los alcaldes siempre tuve muy buena relación. Era absurdo tener otro tipo de relación que no fuera buena. (…) Yo siempre me ofrecí a los alcaldes. (…) Era una forma de yo justificar mi trabajo [E1].
>
> Cos concellos foi boa. Cando cheguei regular, pero foi mellorando a base de conseguir resultados [E6].
>
> A relación a nivel da comarca traballábase con concellos principalmente. Cos concellos era unha relación fluída e boa [E7].
>
> Traballabas con eles conxuntamente, e ao final acababas converténdote nun máis do concello. (…) Coa administración local ben, pero a nivel noso, a nivel persoal do xerente [E19].

Os entrevistados indican que, nalgunhas ocasións, a existencia de distintas cores políticas chegou a influír negativamente na participación dos concellos, aínda que algúns falan de que ao final conseguiron que colaborasen a pesar das diferenzas de base. Porén, determinados entrevistados, a diferenza do que acabamos de expoñer, consideran que os concellos foron resistentes a colaborar. Esta circunstancia é algo que non só atribúen á diferenza de cor política, senón ao forte «localismo» e «individualismo» que imperaba. Cren, xa que logo, que nalgunhas ocasións os alcaldes só buscaban «facer o deles» [E20] e que carecían dunha visión integral de comarca. Así pois, as relacións cos concellos estaban limitadas á consecución de financiamento, e explican que só se «abrían as portas» [E17] cando había cartos de por medio.

> Os concellos (…) non participaban moito porque o vían como un trámite administrativo. Tamén o vían como unha cuestión política, isto foi do PP, e entón os do PSOE eran máis desconfiados [E4].
>
> Houbo moitos atrancos coas administracións locais. Este país é moi localista e moi individualista. (…) O que quería un queríao o outro, non lles gustaba facer cousas en común. Había receos incluso do noso traballo [E10].
>
> Cada un quere o seu territorio, (…) aínda que sexa comarca cada un quere marcar moito o seu concello [E18].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Os dirixentes locais (…) dábanlle un pouquiño o costado e non lle facían excesivo caso, excepto que fosen os que xestionaban algún tipo de programa. (…) Para eles sempre era máis interesante que me dean cartos para facer algo que eu quero, que non poñer cartos para facer algo que alguén me propón [E26].

Sexa como for, os ex-xerentes das fundacións coinciden en que a relación coas deputacións provinciais era de rivalidade e enfrontamento. Explican que había un «odio visceral» [E3] e unha «desconfianza absoluta» [E25] cara ao que representaban as fundacións, e que a proba disto estaba na falta de participación e de apoio técnico e económico. De acordo cos testemuños analizados, as deputacións non eran partidarias do proxecto comarcal pola ameaza a que este se consolidase e dotase de contidos en detrimento das competencias e orzamentos provinciais. Este temor a verse desprazadas levou, segundo os entrevistados, a que desde as deputacións, ás que vían como unha administración cunha forza moi importante, se actuase dunha maneira belixerante co avance do proxecto.

> A las diputaciones no le interesaba que las comarcas tuvieran una entidad administrativa tan fuerte porque ellas dejaban de existir [E1].
>
> Estaban enfrentados absolutamente con las diputaciones, era un odio visceral, no hacia la figura del gerente, (…) sino hacia lo que representaban las fundaciones. (…) Pensaban que (…) les sacaban (…) sus competencias [E3].
>
> A deputación formaba parte do padroado, pero nin sequera o membro que estaba destinado ao padroado mostraba ningún interese. A relación coa deputación foi neutra, eu creo que case inexistente. (…) Consideraban que (…) dalgunha maneira as fundacións lle facían a competencia [E9].
>
> As deputacións vían iso como unha perda de atribucións, por iso, de feito, nunca se chegou a formular, nin en pensar en darlle ningunha atribución [E20].
>
> As deputacións sempre nos viron como unha ameaza. (…) Non esperas nada deles [E25].

8.3.5 Os recursos das fundacións comarcais: «en números vermellos»

Os entrevistados critican a carencia de persoal dado que as fundacións comarcais só contaban cun único traballador ao seu cargo, o xerente. Segundo eles, esta situación de falta de persoal impedía desenvolver o traballo de maneira óptima, se ben consideran que en varios casos unha única persoa foi quen de facer auténticos «milagres» [E17]. Nalgunhas fundacións, os programas europeos permitiron empregar outros profesionais a cargo deles, mais tratábase de perfís temporais que non axudaban a mellorar a situación de ser «"catro gatos"» [E4]. Tampouco cren suficiente para as actividades que tiñan que levar adiante o apoio técnico que din que recibían por parte da Sociedade Comarcal.

> Foi unha limitación importante non ter nin sequera persoal para poder levar adiante o traballo [E9].
>
> Cada fundación era unha estrutura moi pequena. (…) Era unha persoa, era eu, a fundación pasou durante anos que tiña unha soa persoa, un só empregado para facer todo o que podía. (…) Non tiñas equipo, penso que nalgúns sitios, nalgúns momentos, se fixeron milagres [E17].

A dependencia das fundacións comarcais respecto da Xunta de Galicia era total en termos económicos, xa que as fundacións eran organismos financiados enteiramente pola administración autonómica. Os ex-xerentes comarcais consideran que a fundación estivo sempre «en "números rojos"» [E3] posto que o orzamento só daba para cubrir o soldo do xerente

e os gastos de funcionamento e mantemento. De feito, algúns dos entrevistados sinalan que en varias ocasións incluso había que cadrar as contas para que o diñeiro chegase para estes gastos máis elementais.

> La fundación nació y murió en "números rojos", es decir, había solamente que pagar los gastos corrientes y un sueldo al gerente, y acabamos todos los meses en "números rojos". La fundación no tenía ni un duro [E3].
>
> A Xunta dábanos unha subvención anual que cubría de forma moi xusta (…) os gastos. (…) Había que facer números, e os cartos non sobraban, incluso había que facer moitas economías para chegar a fin de ano [E6].

Os ex-xerentes comarcais consideran que o feito de que non houbese financiamento para os proxectos que a xente da comarca lles puidese presentar era o principal «hándicap» [E13] das fundacións. Con todo, algúns dos entrevistados explican que a través dos escasos recursos que recibían para sufragar os gastos de persoal e funcionamento podía quedar un pequeno remanente. Esta «cantidade ridícula» [E9] habituaba empregarse para desenvolver actividades a maiores, mais tratábanse sempre de proxectos pequenos e sinxelos. As testemuñas sinalan que «sen persoal e sen diñeiro non se poden facer as cousas» [E14], aínda que recoñecen que «o labor que se fixo cos recursos que se contaba foi bastante importante» [E7].

> Con aquel poquito que podías cofinanciar te metías en cositas e ibas tirando y buscabas cosas para hacer con la gente [E3].
>
> Moitos dos proxectos e das actividades que se fixeron non foron cousas especialmente grandes, xa que non había financiamento para facelo. (…) Nunca houbo investimento para nada que non fosen pequenos gastos [E13].

8.3.6 «Un descoñecemento absoluto»: a contribución da xente á comarcalización

A relación coa xente da comarca é cualificada polos entrevistados como boa; de feito, indican que era a mellor parte do seu traballo e que foi o que «os moveu» [E1]. Os ex-xerentes comarcais falan da importancia que tivo no seu labor interactuar coa poboación, asesorándoa e involucrándoa en iniciativas de desenvolvemento comarcal. Así, explican tamén que a mellor relación era coas asociacións e empresarios, xa que estes eran os grupos que maior axuda podían requirir á hora de solicitar información e asesoramento. Esta maneira de traballar en contacto directo coa xente da comarca era vista polos ex-xerentes como a súa única forma de achegar o seu traballo, o seu «grao de area» [E11].

> Eso es lo mejor. (…) Tenía una excelente relación porque trabajaba mano a mano con ellos. En todo aquello que fuera de mi competencia y en lo que yo pudiera ayudar ahí estaba. (…) Solo era mi trabajo personal. No podía aportar otra cosa que no fuera mi trabajo personal. Lo agradecían mucho [E3].
>
> Fomos moi ben aceptados pola poboación en xeral. (…) A relación (…) era co "paisano de a pé", (…) co empresario, co agricultor, co dono da casa de turismo rural, con aquel que ía rehabilitar unha casa, con aquel empresario ou aquela persoa que estaba no paro e che viña a pedir axuda para montar a súa empresa, coas asociacións de mulleres [E10].
>
> Ese labor é fundamental. (…) A xente segue necesitando unha *ventanilla* próxima, unha axencia próxima. (…) Que se sinta apoiado dalgunha forma. (…) Un labor de apoio, de proximidade, para dicirlles: estamos ao teu lado poñas o que poñas en marcha [E17].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Agora ben, algúns dos entrevistados sinalan que entre a poboación en xeral había «un descoñecemento absoluto» [E2] acerca do que eran as fundacións comarcais e as funcións que desempeñaban, sobre todo por parte daquelas persoas que nunca precisaron acudir a elas. Atribúen este descoñecemento a tratarse dun proxecto creado *ex novo* e tamén ao feito de que as administracións públicas non foron quen de explicalo correctamente á cidadanía. Porén, os ex-xerentes escusan esta falla de coñecemento na dificultade que tiñan as fundacións para chegar a todo o territorio e a todas as persoas da comarca, especialmente naqueles espazos onde a poboación estaba máis envellecida e, polo tanto, máis desconectada das novas tecnoloxías.

> Existía un gran desconocimiento acerca de lo que eran las fundaciones comarcales. Un desconocimiento absoluto, o casi total. (…) El "ciudadano normal" al no desarrollar ninguna actividad (…) ni estar metido en este mundo (…) no sabía lo que eran [E2].
>
> Á xente de base non lle chegaba nin o que era a doutrina nin a teoría do que era o Plan de Comarcalización [E13].
>
> Iso non o soubemos facer nada ben, (…) eu atopeime desde o primeiro día ata o último con que a maioría da xente non sabía o que eramos, nin o que eramos nin o que faciamos. (…) A "xente do común" non o sabía [E25].

Entre a xente da comarca, se ben algunha dela non coñecía a existencia das fundacións, había unha gran confusión con outros organismos semellantes. Os entrevistados remarcan que o desconcerto se producía sobre todo cos grupos de desenvolvemento rural que xestionaban os fondos europeos. Explican que era habitual que a xente entrase á fundación pensado que alí ían atopar financiamento para os seus proxectos, mais non era o caso. Tamén había confusión co que eran os centros comarcais, especialmente porque ambos os dous ocupaban o mesmo espazo. Así mesmo, era frecuente que a xente pensase que a fundación era parte da administración municipal ou unha especie de delegación da Xunta de Galicia.

> La gente (…) pensaba que éramos como una entidad para dar subvenciones y nunca fue el caso. Gente que nos confundía con programas LEADER, PRODER, para financiar proyectos. (…) La gente venía allí y pensaban que me podían presentar un proyecto para que yo se lo pudiese financiar. (…) Yo lo que tenía que hacer era actuar de intermediaria, intentar buscar medios de financiación, incluso yo ponerme en contacto con los programas [E1].
>
> Onde había centros comarcais confundíase moi facilmente o que era o centro comarcal coa fundación [E4].
>
> Pensaban que eramos uns funcionarios máis da administración local. (…) Confundíanse moitas veces coas mancomunidades de concellos que (…) tamén eran agrupacións de concellos aínda que a finalidade era distinta [E10].
>
> Non sabían o que era a fundación, (…) a xente sabía que había alí unha persoa que lle solucionaba certas cousas, (…) pensaban que eramos persoal dos concellos, despois cando xa nos trasladamos a locais propios, (…) pois aí pensaban que eramos xa Xunta, una oficina da Xunta [E19].

Os entrevistados coinciden en que, pese ao descoñecemento xeral acerca do que era a fundación e os seus cometidos, entre o colectivo de asociacións sociais e empresariais o entendemento era total. Segundo eles, estas agrupacións axudaban, tanto de maneira directa como indirecta, a facer publicidade das fundacións comarcais. Algúns dos ex-xerentes comarcais aclaran que co paso do tempo o proxecto foise explicando mellor a través de conferencias e aparicións na prensa. Tamén coinciden en que un punto chave do proceso para

algunhas das fundacións tivo que ver coa «sorte» de contar cun centro comarcal, xa que grazas a el «empezou a soar moito máis a palabra fundación» [E24]. A pesar de todo, consideran que de maneira xeral a xente da comarca seguía sen saber realmente como utilizar ditas fundacións.

8.3.7 Entre a «teoría» do PDC e a «práctica» do LEADER: a dicotomía na xestión de fondos europeos

Os recursos económicos que achega a Xunta de Galicia estaban só destinados ao funcionamento e mantemento da institución; polo tanto, moitos dos antigos xerentes comarcais tiveron que buscar outras fontes de financiamento. Isto comportou que moitas das fundacións se convertesen en «conseguidoras» [E25] de fondos europeos que permitían dispoñer duns recursos económicos máis potentes, contratar persoal a cargo dos programas ou financiar os proxectos da xente. Para os entrevistados, os programas europeos eran máis «prácticos» [E20] e ofrecían unhas vantaxes que o PDC non tiña, ao ser definido como un proxecto máis «teórico». Explican os ex-xerentes comarcais que esta era a única vía posible á hora de financiar os proxectos da xente e de executar moitas das accións que aparecían recollidas nos plans comarcais. Así, sinalan que a xente os comezou a coñecer como «os das subvencións» [E15].

> O propio programa facilitábanos recursos para contratar máis persoal, pero persoal destinado única e exclusivamente á xestión do programa, non das políticas propias da fundación [E6].
>
> A masa importante de investimentos, é dicir, o investimento potente facíase a través dos fondos europeos [E5].
>
> Eu metinme un pouco vendo que os fondos que nos achegaba a Xunta (…) eran os básicos de funcionamento. (…) A persoa que viña alí dáballe igual con que financiar o seu proxecto, el o que quería era unha liña de financiamento para sacar a súa iniciativa adiante [E11].

Pola contra, había outras fundacións comarcais que non chegaron a xestionar nunca fondos europeos. Isto debeuse principalmente a tres razóns verbalizadas: en primeiro lugar, á existencia previa de grupos de desenvolvemento rural na zona que xa se encargaban de xestionalos; en segundo lugar, á ausencia dun padroado no que o sector privado representase máis da metade dos membros; e, en último lugar, ás «ordes de arriba» [E9] que indicaban que o proceso debía levarse doutra maneira, en particular, por outros actores. Para moitos dos antigos xerentes comarcais as fundacións que non puideron ser xestoras deste tipo de fondos partían con desvantaxe respecto das restantes, xa que eran menos atractivas para a xente ao ter maiores dificultades para financiar os seus proxectos. Porén, explican que, pese a non contaren con fontes de financiamento externas, a colaboración cos grupos que xestionaban os programas europeos era total.

> Yo por ejemplo en ese terreno nunca pude pisar. Ya había asociaciones de municipios que se encargaban de eso [E1].
>
> Aquí non se conseguiu porque houbo unha orde de arriba no último momento cando o proxecto estaba preparado de que tiña que ir por outro camiño [E9].
>
> Eu non xestionei ningún pero colaborei ao 100% co Grupo de Desenvolvemento Rural da zona [E10].

Unha peculiaridade que destacan moitos dos entrevistados ten que ver coa importancia de ser entidades posuidoras de fontes de financiamento. Para os ex-xerentes comarcais, o feito de contar con diñeiro para financiar os proxectos non só os daba a coñecer entre a xente, senón

que melloraba o trato con ela. Deste xeito, apuntan que a relación era «moi boa» no momento en que se convertían nun «actor que conseguía cartos» [E14] e que esta ía a menos cando deixaban de contar cun respaldo monetario.

> Cando xa nos quedamos sen programa, sen financiamento, pois declinaba a relación, (…) ía a menos. (…) Xa non eramos unha entidade interesante [E6].
>
> Se ti tes cartos para repartir todo o mundo vén presentarche propostas, (…) faiche caso. Se ti non tes cartos para repartir, se o único que dis é: "eu ofrézovos o meu traballo e a miña experiencia en dinamizar"; dis: "eu xa teño vinte funcionarios do concello que me fan iso mesmo" [E26].

Non obstante, o feito de posuír financiamento co que facilitar as iniciativas da xente non era, segundo os entrevistados, un camiño doado. As fundacións comarcais rivalizaban cos grupos de desenvolvemento rural para conseguir ser xestoras de fondos europeos. Os ex-xerentes comarcais consideran que entre os GDR e as fundacións comarcais se podían dar situacións de duplicidade de funcións, e tamén que entre a xente era habitual a confusión. Nestes casos, explican que as fundacións levaban as de perder posto que «o GDR tiña diñeiro e as fundacións, non» [E15].

Así e todo, fronte ao sentimento xeral de desvantaxe e mágoa existente dentro do grupo de fundacións comarcais que non puideron ser xestoras de fondos europeos, desenvolveuse unha postura crítica respecto á implicación das fundacións nestes proxectos. Só un dos entrevistados considera que as fundacións «meteron a pata» [E4] ao encargarse da xestión deste tipo de fondos posto que entende que esta non era a súa finalidade e que, de feito, minguaba a súa capacidade de traballo nos cometidos propios das fundacións.

> Eu creo que aí as fundacións meteron a pata, unha fundación comarcal estaba para o que estaba. Estaba para crear a idea de comarca. (…) E logo, sobre os grupos de acción local, cando se fusionaban cos propios xerentes era negativo. (…) Teño que recoñecer que si o chego a ter pasaría como pasou cos meus compañeiros, seguramente absorbíate porque era un plan que tiña fondos. Entón, a tendencia era a xestionar fondos [E4].

8.3.8 Os centros comarcais: un «edificio singular» que pretendeu asentar un «proxecto de futuro»

A construción dos centros comarcais foi un factor que, para moitos dos ex-xerentes das fundacións, levou a pensar que o plan comarcal se trataba dun «proxecto de futuro» [E9]. Esta idea apoiábase en que estas instalacións de ámbito comarcal ían acompañadas dun equipo económico e humano significativo, como xa analizamos no apartado 8.2.1. Para os entrevistados, os centros comarcais, aos que definen como unha especie de «embaixadas da Xunta» [E23] que traían unha visión dunha Galicia máis «avanzada» e «moderna» [E4], axudaron a dotar de visibilidade e forza ás fundacións. Explican que desde o momento en que as fundacións se asentaron nos centros comarcais a xente comezou a coñecer mellor o proxecto e a mostrarse máis interesada e participativa.

> Foi un revulsivo a posta en funcionamento do centro porque aí foi cando nos independizamos e nos demos a coñecer máis como proxecto de desenvolvemento comarcal [E10].
>
> Xa tiñamos outro tipo de visibilidade, xa estabamos no centro comarcal, nun edificio singular. E, aínda que o funcionamento non o levaba a propia fundación, tiñamos alí a sede e si que se nos vía [E12].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Son varios os ex-xerentes comarcais que sinalan que os centros comarcais foron o «gran fracaso» [E18] do proxecto comarcal por distintas circunstancias. Por unha banda, apuntan á falla de contidos que ofrecer nestas instalacións de ámbito comarcal. Explican que o turismo, a actividade pola que foron creados, non precisaba dunhas instalacións de dimensións tan desmesuradas e que, ademais, en varias ocasións, nin sequera o sector turístico demandaba previamente destes espazos. Ademais, sinalan que a administración autonómica non soubo explicar as vantaxes que podía comportar para a xente da comarca a apertura destas instalacións: «non é poñer un edificio e xa che vai todo o mundo» [E18].

Por outra banda, os entrevistados consideran que se produciu unha enorme lapidación de recursos económicos á hora de levantar uns «edificios moi grandes» [E15] de «arquitectura potente» [E4] e que, ademais, implicaban custos de mantementos considerables. Para eles os fondos empregados na construción destes edificios terían un mellor percorrido se fosen destinados ao financiamento de proxectos de desenvolvemento. Nesta liña, algúns dos ex-xerentes que non contaron con estas dotacións nas súas comarcas móstranse afortunados por este motivo; «nunca se llegó a hacer y menos mal» [E16]. Ademais, os entrevistados ironizan con que a día de hoxe estean boa parte deles pechados.

> Os edificios (…) iso foi un *despilfarro* absoluto, porque se houberan [sic] dedicado esa cantidade económica a facer proxectos nas comarcas sería totalmente diferente [E9].
>
> Os centros comarcais que en moitos casos aínda están pechados hoxe e están como edificios abandonados, cunha serie de investimentos impresionantes e cun grao de esforzo tanto económico como persoal que xera moita mágoa [E10].
>
> Montáronse os centros comarcais sen funcións, para traballar nun sector turístico, pero sen ser o centro turístico o que demandase realmente iso [E14].
>
> Gastou[se] un montón de cartos en edificios comarcais que (…) agora están todos pechados. (…) A cantidade de cartos que están aí tirados e que non serviu para nada dentro do plan, e que non tiñan ningún sentido porque era unha cuestión que cando empezaron non tiñan nada [E18].

Se ben hai consenso por parte dos ex-xerentes en que o centro comarcal axudou na visibilidade do proxecto comarcal, sinalan que seguiu habendo confusión acerca do traballo que desenvolvían. Os centros comarcais contaban con empregados propios, o que levou a moita xente a non distinguir as funcións de cada quen. Os entrevistados cren que foi unha «estupidez» [E4] da Sociedade Comarcal o feito de crear dous órganos distintos —centros e fundacións comarcais—, cando en verdade era máis operativo vender unha «imagen conjunta» [E1].

> La gente no era capaz de distinguir la función del centro comarcal (…) de la propia fundación. (…) A nosotros nos daba igual, nosotros, con mis compañeras del centro comarcal, vendíamos una imagen conjunta, nos parecía mucho más operativo [E1].
>
> Foi un erro da propia Sociedade Comarcal intentar crear esa diferenza, porque iso foi unha estupidez. O único que xeraba era problemas [E4].

O emprazamento dos centros comarcais foi tamén obxecto de controversia. Para algúns dos ex-xerentes estas edificacións estaban localizadas en «puntos estratéxicos» [E4] da comarca. Desde o punto de vista dos entrevistados, o feito de estaren situados na entrada e/ou saída do principal núcleo de poboación axudaba a atraer visitantes. Porén, para a maior parte dos antigos

xerentes das fundacións cometeuse un «erro levándoo a onde está» [E26] posto que, ao atopárense fóra do núcleo principal, dificultábase o acceso á xente da comarca. Neste sentido, os centros comarcais localizados «no medio da vila» [E15] eran os mellor situados segundo os entrevistados. Consideran, ademais, que nestes casos os centros comarcais tiñan outro aspecto positivo xa que contribuían á recuperación do patrimonio das vilas.

Os entrevistados apuntan a A. Precedo Ledo, o máis alto cargo autonómico en materia de desenvolvemento comarcal, como o máximo responsable da construción dos centros comarcais. Explican que tiña unha «paixón» [E18] no levantamento destas instalacións de ámbito comarcal, e que era el quen directamente decidía, por «capricho» [E23], os novos centros que se ían erixir e mesmo a súa localización dentro da comarca. Os antigos xerentes critican o feito de que a Sociedade Comarcal e o propio Precedo se implicasen tanto no desenvolvemento de novos centros nas comarcas e deixasen de lado moitas outras cuestións do plan comarcal.

8.3.9 A toma de decisións nas fundacións: quen era o «vértice da pirámide»?

En canto á toma de decisións, en especial aquelas consideradas como máis importantes, detéctase unha dicotomía entre os que cren que as levaba a cabo cada un dos padroados da respectiva comarca e os que apuntan á Xunta de Galicia, concretamente ao xefe da área de desenvolvemento comarcal. Na primeira postura, os entrevistados sinalan que nestas reunións se decidía todo o que atinxía a «xestión ordinaria» [E25] e o traballo diario do xerente. De todos os xeitos, só para algúns dos ex-xerentes comarcais o padroado era o órgano competente que tomaba as «decisiones importantes» [E3], de modo que, polo xeral, téndese a concederlle un escaso papel.

Así, nas entrevistas explícase que o padroado se reunía pouco e, polo tanto, contribuía, por un lado, a unha peor organización do traballo e, por outro, á aparición de atrancos e falla de interese no proxecto. Na práctica, esta situación lévaos a seren eles mesmos os que tiñan que tomar decisións do día a día con «certa marxe de manobra» [E6]. Aínda así, algúns apuntan a que podían decidir, sempre e cando non fosen cuestións importantes, con «total liberdade» [E15]. Ademais, explican que boa parte das decisións que se determinaban no padroado tiñan moito que ver coas propostas que o xerente facía.

> Tampoco se tomaban decisiones importantes. (…) Apenas había decisiones, dependían casi de mí, y de mi poder de convicción hacia ellos [E1].
>
> As súas funcións tampouco se levaban "ao dedillo" nin como estaban no libro dos propios estatutos da fundación porque se reunía pouco [E10].
>
> Había (…) unha reunión anual que era para aprobar as contas, para aprobar a memoria do ano seguinte, pero é certo que nos daban total liberdade [E15].
>
> Eles mentres eu me buscara a vida alí non había ningún tipo de problema, non había indicacións pero tampouco me prohibían facer nada, eu era absolutamente autónoma (…) para facer o que me parecese [E25].

No outro lado da balanza, algunhas das testemuñas, as máis, defenden a idea de que as decisións non se tomaban tanto no padroado da fundación, senón que viñan impostas desde arriba, desde a Xunta de Galicia. Para os ex-xerentes comarcais a administración autonómica, primeiro a través da Consellaría da Presidencia, logo desde a de Medio Rural, sempre era a que «manejaba el cotarro» [E1]. Explican que, ademais das consellerías, a Sociedade Comarcal era o principal órgano autonómico encargado da toma de decisións. Os entrevistados consideran que, aínda que a administración autonómica formaba parte dos padroados das fundacións, «los alcaldes se sentían un poco condicionados por lo que se dirigiera desde arriba» [E1]. Esta

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

situación conduce os ex-xerentes a sinalaren un certo grao de contradición na posta en marcha de iniciativas entre a metodoloxía *bottom-up* que definía ao proxecto, dunha banda, e o «certo grao de imposición» [E17] que vén desde arriba, da outra.

Detrás das directrices que viñan desde arriba, boa parte das testemuñas sinalan a que sería directamente A. Precedo Ledo a persoa encargada da toma de decisións. Os antigos xerentes comarcais explican que el era o «xefe» e «coordinador» [E22] que desde «o vértice da pirámide» [E12] dirixía todo o proxecto. Apuntan a que Precedo era o encargado de marcar as pautas tanto do padroado, do que era o seu presidente, como do xerente. De feito, ao comezo da andaina das fundacións, os ex-xerentes tiñan varias reunións periódicas con el en Santiago, nas que debían render contas. Neste sentido, recoñecen que Precedo mesmo tiña capacidade para paralizar proxectos importantes e contravir as decisións tomadas no padroado. De acordo con esta perspectiva, estas decisións «unipersoais» [E9] unidas a uns «personalismos moi grandes» [E12] foron os culpables de que o proxecto non avanzase.

> Era unha fundación demasiado presidencialista, é dicir, segundo os estatutos o presidente podía asumir individualmente moitas das funcións encomendadas inicialmente ao padroado [E6].
>
> Era unipersoal. (…) Era totalmente unipersoal. El dirixía desde o "vértice da pirámide" todas as accións. (…) O que lle parecía ben, estaba ben, e o que lle parecía mal, estaba mal. Levantaba o teléfono de repente e dicía: isto paralo [E9].
>
> Había uns personalismos moi grandes na dirección. (…) Decisións de persoal, organización e funcionamento da fundación como persoa xurídica tomábaas o presidente, que era Andrés Precedo [E12].
>
> Iamos ao mellor unha vez ao mes alí onde Precedo a darlle o *catecismo* [E15].
>
> Non era *dialogante* coa administración, era o seu proxecto, (…) tiña o apoio de Fraga, e quería facer o que quixese, e iso era un enfrontamento [E18].
>
> Precedo era unha persoa moi académica, (…) e iso non sempre encaixa no mundo político, é dicir, custáballe a veces entender que para chegar a acordos a veces hai que ceder [E26].

Neste sentido, os ex-xerentes das extintas fundacións comarcais explican que a relación coa estrutura comarcal de Santiago era ás veces complexa. Consideran que en moitas ocasións o vencello entre a Sociedade Comarcal e as fundacións comarcais era complicado pola falla de coordinación. Tamén que a Sociedade Comarcal non era capaz de entender o traballo máis práctico que tiñan que levar a cabo as fundacións: «monólogos, e nunca se sacaba nada, todo teoría» [E18]. Á hora de formular algunha cuestión relacionada co seu traballo, os entrevistados sinalan que «o proceso era tan farragoso nunha estrutura de catro persoas, (…) que ao mellor tardaban tres semanas en resolverche a dúbida» [E18]. Esta situación levou a un desgaste paulatino das relacións entre a Sociedade Comarcal e as fundacións que se traduciu en que moitas veces eran os alcaldes os que tomaban as rendas: «ao final eran os alcaldes os que dicían un pouco fai isto, fai o outro» [E19].

8.3.10 A «ambición» dos plans de desenvolvemento comarcal

Outro elemento significativo que emerxeu na maior parte das conversas realizadas ten que ver cos plans de desenvolvemento de cada comarca, que xa analizamos en páxinas previas desde unha perspectiva da análise documental —véxase apartado 8.2.2—. Os entrevistados apuntan a que os «principais e verdadeiros» obxectivos das fundacións comarcais eran «poner en marcha

USC DE COMPOSTELA

las actuaciones del PDC» [E2]. Porén, os ex-xerentes das comarcas coinciden en que os plans comarcais, ou tiveron unha actuación parcial, ou directamente non se executaron, posto que os seus fins eran demasiado «ambiciosos» [E13] e «inalcanzables» [E6]. Neste sentido, nun primeiro momento declaran contar coa implicación e complicidade dos alcaldes. Segundo os entrevistados, estes vían como unha oportunidade o feito de poder decidir e planificar os investimentos autonómicos relativos a infraestruturas e equipamentos. Ditos documentos contemplaban grandes actuacións para a comarca, como estradas ou instalacións educativas e sanitarias, pero sen medios económicos.

> Co Plan de Comarcalización (…) o que ocorría era que a ambición (…) foi moi superior ao que despois se puido levar á práctica [E13].
>
> Vías obxectivos grandiosos, (…) aparecían autopistas, autovías, novos hospitais, mellora das redes de saneamento, de electrificación, depuradoras, mellora das instalacións educativas. (…) Logo, medios para acadalos nada. (…) Había unha desproporción entre obxectivos e medios para logralos total e absoluta. (…) Atribuíron obxectivos demasiado ambiciosos e inabarcables. (…) Cando estableces obxectivos inalcanzables ese plan está destinado ao fracaso. (…) Obxectivos reais non de "ciencia ficción", adecuados aos medios dos que se dispoñen e centrado principalmente no desenvolvemento local [E6].
>
> O plan comarcal non valeu para nada, non, non era un plan. (…) Non se chegaba a concretar en actividades [E20].

Estes obxectivos «de "ciencia ficción"» [E6] foron para moitos dos antigos traballadores das fundacións o principal motivo polo que tanto o PDC como os plans comarcais fracasaron. Ademais, apuntan a que era inviable desde un principio que toda a política de investimentos da Xunta de Galicia xirase arredor dos plans comarcais, e de igual xeito para as administracións municipais, que tiñan que adaptar o seu planeamento urbanístico ao establecido nestes plans. Así, os plans comarcais non gustaban ás administracións públicas —Xunta e concellos principalmente—, posto que consideraban que invadían as súas competencias. Os entrevistados manifestan un sentimento de decepción con estes documentos comarcais, aos que cualifican de «fume» [E18] ante a súa incapacidade para alcanzar os obxectivos.

8.3.11 Empezar «a casa polo tellado»: un proxecto abocado ao fracaso desde o seu inicio

Uns cantos ex-xerentes explican que durante os primeiros anos de funcionamento o proxecto comarcal «entrou con ganas» [E4] no que consideran que foi un «boom» [E16] das políticas de desenvolvemento local. Porén, a maior parte deles coinciden en que o proxecto estaba un «pouquiño tocado» [E4] desde o principio. Atribúen este fracaso inicial a distintas circunstancias que coinciden con fallas nos seguintes ámbitos: consenso político entre as distintas forzas, recursos humanos e económicos, interese das corporacións municipais e obxectivos e competencias. Tamén hai quen sinala que era demasiado «avanzado para o seu tempo» [E14]. Con todo, nunha boa parte dos ex-xerentes radica o sentimento de que desde as administracións e desde a sociedade nunca se chegou a crer e loitar realmente por este proxecto comarcal.

> Las fundaciones estaban (…) condenadas a desaparecer desde el mismo momento en que nacieron. (…) Nunca se creyó en este proyecto y en todo lo bueno que de aquí podía salir [E3].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> No tenía una perspectiva de fututo ni una base sólida. (…) Era como si se empezase una casa por el tejado. (…) Según iba pasando el tiempo ya veías que aquello se iba desinflando [E16].
>
> Non tiña sentido como tal, non tiña sentido ese ente aí cunha única persoa, cun presuposto para todo o que *conlevaba*. (…) Estaba abocado ao fracaso, xa se vía que non podía ser, ou sexa, foi unha idea nun momento, aparentemente boa pero que non se lle deu contido [E19].
>
> Deste o principio estaba condenado ao non ter unhas atribucións, ao non ter unha función, pois quedábase un pouco en terra de ninguén. (…) O fracaso veu do inicio xa, do inicio de todo o proxecto, de non ter claro os obxectivos [E20].

A complexa relación dos órganos comarcais coas administracións públicas foi, conforme os antigos xerentes comarcais, un dos principais factores que estivo detrás do deterioro do proxecto comarcal. Neste sentido, falan de «colaboración» desde as administracións pero sen unha «implicación» [E25] real. Por un lado, atribúen parte do fracaso ao «egoísmo» [E21] dos alcaldes, no sentido de que non pensaban no conxunto comarcal, senón unicamente no seu concello. Por outro lado, declaran que, desde as deputacións, se boicoteaba todo o que supuxese un avance do plan comarcal polo medo a que chegase a cuestionar o seu propio futuro. E, finalmente, din os ex-xerentes que a Xunta de Galicia se mantiña afastada da realidade territorial á que tiñan que facer fronte as fundacións.

> Ninguén pode coñecer desde a Xunta de Galicia algo sen ver día a día e sen pisar o terreo, que era o que dicía a miña xente, non podes coñecer o que é o desenvolvemento rural desde un despacho de Santiago [E8].
>
> Non había coordinación administrativa, cada administración ía un pouco polo seu lado [E10].
>
> Ía chegar tamén un momento no que os propios alcaldes, que eran os máis interesados, que se ían cansar, porque os alcaldes estaban moi afeitos a: vou á deputación a que me dean isto, a ver se consigo isto, (…) na fundación non había nada diso [E24].
>
> Entendo que foi unha pelexa que se perdeu, que se perdeu contra as deputacións. (…) Era case inevitable que acabasen desaparecendo porque a ninguén lle gusta seguir tendo inimigos cerca [E26].

A falla de recursos humanos e económicos estivo tamén detrás do inevitable deterioro do plan comarcal. Para os ex-traballadores das fundacións comarcais era moi complicado que unha persoa soa fose quen de levar a cabo proxectos de desenvolvemento en toda a comarca. A isto súmase a carencia de recursos económicos, que foi perdendo forza pola ausencia de orzamentos, segundo eles, porque nunca se chegou a crer no proxecto. Tampouco consideran que fose un factor favorable a falla dunhas competencias claras que puidesen xestionar —turismo, por exemplo—. Esta situación, unida á existencia doutros ámbitos territoriais semellantes con maior capacidade de xestión —GDR, mancomunidades— contribuíu, de acordo cos testemuños obtidos, ao inevitable desmantelamento do proxecto.

> O Plan fracasou xa desde o momento no que pretendes que unha única persoa, cun coche, poña en marcha un proxecto de desenvolvemento con esas expectativas [E5].
>
> A fundación estaba condenada ao fracaso practicamente desde o principio. (…) Todo grande sen un duro, logo, outro, a carencia de orzamentos e, terceiro, ao non haber orzamentos aos alcaldes non lles importaba para nada a fundación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> porque eles o que querían era manexar fondos. (…) Estaba condenada ao fracaso [E18].
>
> Era cuestión de atribucións, é dicir, non tiñamos unha función clara. (…) Se tiveramos unhas funcións, de turismo, de medio ambiente, (…) pero non chegou a haber unhas directrices claras do que se podía facer [E20].

Os antigos xerentes comarcais reparan tamén en que a alta vinculación política do proxecto comarcal foi, desde o seu inicio, un factor negativo para o seu desenvolvemento. De feito, explican que o plan comarcal era un «proxecto fantástico até que chocou coa política» [E9]. Para algúns dos entrevistados a conflitividade política que trouxo o plan comarcal foi o problema máis grave, incluso máis que a falla de colaboración das administración públicas ou a carencia de recursos. Cren que desde as forzas da oposición, PSdeG-PSOE e BNG, eran máis reticentes a colaborar porque o vían como unha cuestión política, no sentido de que foi un proxecto creado polo PP e, por conseguinte, consideraban que este partido controlaba todo. Neste sentido, tamén se apunta negativamente a que as fundacións «se usaron demasiado para facer política» [E6].

8.3.12 O desmantelamento do PDC: «a nai pariuno e a nai matouno»

O principal motivo detrás do desmantelamento do proxecto comarcal foi, segundo os ex-xerentes das fundacións, político. Consideran que fora creado por unha cuestión política e que, tamén, esta instancia motivou a súa desaparición: «por políticos fueron creadas y por políticos fueron destruidas» [E3]. Trataríase, polo tanto, dun proxecto moi ligado aos cambios políticos que se puidesen producir, especialmente, na administración autonómica. Os entrevistados consideran que á hora da verdade ningún dos tres principais partidos políticos do momento apostou realmente pola continuidade do proxecto comarcal; «era una decisión que se acabara eso, pero que se acabara porque (…) políticamente ya había perdido interés. (…) Había políticos muy interesados en cargárselas desde hace mucho tiempo, desde todos los ámbitos» [E1].

En primeiro termo, os entrevistados datan o comezo do deterioro do proxecto comarcal no momento en que Precedo Ledo abandonou a política activa no 2003, ao entenderen que el era o que «tiraba polo proxecto para adiante» [E25]. Tal e como analizamos no apartado 8.2.4, tras a saída do promotor do PDC do organigrama da Xunta, todas as competencias en materia de desenvolvemento comarcal trasladáronse da Consellería da Presidencia á de Política Agroalimentaria. Así, entenden que, durante o último mandato de Fraga Iribarne (2001-2005), a viabilidade do Plan Comarcal foi posta en dúbida con esta serie de cambios entre os departamentos. Consonte algúns dos ex-xerentes, unha das causas do desgaste do proxecto é que veu marcado por «guerras de poder internas» [E26] entre as distintas consellerías pola xestión de competencias e fondos. Nalgúns casos, esta «guerra» executaríase mediante o desinterese e a indiferenza dos políticos. Como consecuencia, afirman que o proxecto «se murió solo» [E16].

> Se veía que si los planes de desarrollo comarcal no se ponían en marcha y los fondos de desarrollo (…) se trasladaban a otro organismo estaba claro que la viabilidad del Plan se ponía en cuestión [E2].
>
> O Plan Comarcal cando se marcha Precedo empeza a vexetar, a estar aguantando [E4].
>
> Foi un despropósito desde ese momento, (…) desde o momento que saímos de Presidencia foi o final da fundación [E25].
>
> Era máis por guerras de poder internas que en si polo propio proxecto, sobre todo nalgunhas consellerías ligadas a algunhas deputacións [E26].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os ex-xerentes das fundacións atribúen ao goberno bipartito entre PSdeG-PSOE e BNG (2005-2009) o inicio dos trámites de abandono do proxecto comarcal. Para os entrevistados, o bipartito «era absolutamente contrario a todo este tema» [E25]. Isto levaríao a aprobar unha lei autonómica para suprimir a Sociedade Comarcal e desvincularse das fundacións comarcais —véxase, para este particular, o apartado 8.2.4—. Segundo eles, proviñan acusacións de ser «comisarios políticos do PP» [E9] e estar desenvolvendo «políticas caciquís no territorio» [E6]. Ademais, explican que detrás da complicación de xustificar a súa continuidade hai outras razóns, como que as fundacións «non fixesen todas o mesmo» [E15] ou que algunhas achegasen resultados moi pobres. Durante esta etapa, as fundacións comarcais seguiron existindo mais xa sen funcións nin cometidos.

Porén, o proceso definitivo de supresión do proxecto de desenvolvemento comarcal foi levado a cabo polo PP, que regresou á presidencia da Xunta de Galicia con Núñez Feijóo logo das eleccións de 2009. Algúns dos antigos traballadores das fundacións comarcais confesan que esperaban que o PP reconducise a situación e volvese potenciar a proxecto comarcal, pero outros coidan que o proceso xa estaba moi desgastado e que era inevitable a súa supresión definitiva. Neste sentido, apuntan a que o novo goberno do PP semellaba querer marcar certas distancias coa etapa de Fraga Iribarne e que o proceso de extinción das fundacións foi vendido por este como un «lifting» [E4] a través do cal se reducía a administración paralela autonómica.

> Está claro que el tema comarcal fue una idea del PP, pero el propio PP fue el que se las cargó [E1].
>
> Se me dis que foi outro partido político o que dilapidou este proxecto. (…) Pero, cando se disolveron as fundacións, volvía gobernar o PP, polo que eu sempre digo que "a nai pariuno e a nai matouno" [E10].
>
> Os últimos anos (…) foron "crónica de una muerte anunciada". (…) Houbo uns pasos moi lentos cara á súa disolución [E12].

Durante todos estes anos de deterioro do PDC, os ex-xerentes viviron unha etapa de «incerteza» e «inestabilidade» [E10] nos seus postos de traballo: «me sentía muchas veces que tenía que justificar mi presencia allí, mi sueldo. Buscaba cosas que hacer y no siempre las encontraba» [E1]. No momento en que a Xunta de Galicia inicia o proceso de desmantelamento das fundacións comarcais, o colectivo de xerentes comeza unha loita por manter os seus traballos. Tras a desaparición das fundacións comarcais serán trasladados a oficinas de emprego, segundo eles porque a súa praza «había sido convocada a nivel comarcal y (…) dentro de la Xunta prácticamente es lo que hay así distribuido por comarcas» [E1].

8.3.13 Unha segunda oportunidade para o proxecto comarcal?

Os entrevistados non consideran posible nin apropiado recuperar a institución das fundacións comarcais hoxe en día. Entenden que se tratou dun proxecto que acabou «demasiado queimado» [E6] a causa de que as administracións non souberon ver o seu potencial e permitiron o seu descrédito durante os anos en que estivo en funcionamento. Así, consideran que non sería oportuno traelas de volta coa idea inicial, mais si cren necesario dotarse dunha estrutura semellante que traballe no desenvolvemento territorial. Para os ex-xerentes comarcais as fundacións sementaron un «xerme» [E10] que deu como resultado que o proxecto callase nunha parte da xente e dos políticos. Este traballo ao longo de varios anos levou a que a sociedade fose capaz de recoñecer e reivindicar estruturas comarcais no territorio.

A comarca é, deste xeito, vista como unha ferramenta útil e necesaria. Os entrevistados pensan que «no futuro será unha realidade» [E5] inevitable xa que está chamada a asumir un

USC DE COMPOSTELA

destacado papel na viabilidade dos concellos. Porén, a estrutura que deberían ter estas unidades comarcais crea discrepancia entre os entrevistados. En primeiro lugar, algúns dos ex-xerentes apostan por recuperar a rede comarcal con carácter «profesional» e «técnico», é dicir, defenden unha armazón permanente cuxa única misión sexa a implantación no territorio de políticas de desenvolvemento comarcal. Esta visión, aínda que máis profesionalizada, interpretámola como moi semellante á das estruturas que funcionaron no pasado. En segundo lugar, outros dos entrevistados apostan por crear «estruturas funcionais», isto é, unha especie de «macro-concellos» que, mediante a imitación das mancomunidades, se convertesen no marco ideal para a prestación de servizos á poboación.

> As estruturas permanentes que axuden o desenvolvemento de zonas, estou a favor totalmente delas. (…) Independentemente da cor política, unha estrutura técnica, estable, que permitira canalizar fondos de moitas consellarías [E11].
>
> Un ámbito territorial superior ao dos municipios e inferior ao da provincia no que se poderían facer determinadas actuacións que poderían aforrar custos e mellorar os servizos que se lles prestan á xente [E13].

E, en terceiro lugar, hai quen vai alén de todo isto, e considera que a mellor maneira de recuperar as comarcas é converténdoas en «unidades administrativas» dotadas de competencias. Entenden que para crear este tipo de estruturas sería necesario unha intervención dos poderes públicos, concretamente da Xunta, xa que, sen a súa colaboración, non se podería poñer en marcha un proxecto deste calado. Neste caso, o sentir da poboación é un factor esencial a ter conta para evitar crear un ente «artificial». Para a maior parte dos entrevistados esta sería a vía máis complexa posto que requiriría sacarlle competencias a outros niveis para non ter demasiados entes operando no territorio, pero tamén a que mellores resultados daría xa que posibilitaría integrar as dúas opcións anteriores. Así, conciben a comarca como un ente local que, de maneira autónoma, sexa quen de, por unha banda, implantar políticas de desenvolvemento comarcal e, por outra, xestionar competencias dos pequenos concellos.


> Hay que llegar a recuperarlas y constituirlas como unidades administrativas, ya que nunca lo fueron. (…) Esto requiere de una redistribución territorial total. Y eso tiene que ser impulsado desde la Xunta, si no es imposible [E1].
>
> Creo que alguna vez alguien se tendrá que dar cuenta que más allá de "mirarse a su propio ombligo", y de ver lo que le interesa por quien le vote, o por lo que sea, no es viable la división territorial tal y como la tenemos hoy. (…) Alguien tendrá que ver que la solución pasa por una comarcalización [E3].

8.4 O DEBATE POLÍTICO EN TORNO AO PDC ACONTECIDO NO PARLAMENTO DE GALICIA

O proxecto comarcal de Galicia tivo o seu punto de partida nos debates políticos e programas electorais dos partidos que obtiveron representación nas eleccións autonómicas de 1989. Polo tanto, o debate en torno ao PDC iníciase coa terceira lexislatura (1990-1993), mais vai ser nas tres seguintes —entre 1993 e 2005— nas que o proxecto adquire a súa forma definitiva e se consolida apoiado nas maiorías absolutas do PP. Durante todos estes anos, a oposición no Parlamento de Galicia —PSdeG-PSOE e BNG, principalmente— vai criticar fortemente a maneira en que se está materializando a comarcalización galega. Cómpre indicar que en Otero Varela (2021) presentamos un avance desta análise política en torno ao proxecto comarcal que tratamos neste apartado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.30. Evolución dos partidos políticos no Parlamento de Galicia (1989-2020) [1]



Fonte: Parlamento de Galicia. Elaboración propia.

8.4.1 A idea inicial do PP e o cambio de dirección nos primeiros anos do *fraguismo*

As eleccións autonómicas galegas de 1989 poden ser consideradas como o xerme do proceso de desenvolvemento comarcal que o PP levou a cabo na década de 1990. Nos programas electorais dos cinco partidos políticos que acadaron representación parlamentaria concibíase a comarca como o ámbito máis adecuado á hora de organizar territorialmente Galicia. A forza política máis votada, o PP —en coalición con CdeG—, sinalaba que o modelo de organización territorial galego tiña que arrincar primeiramente do marco constitucional formado por provincias e concellos, e que este se vería completado co estatutario, que consideraba a comarca e a parroquia como «entes propios» da comunidade autónoma. A maiores podería existir un marco «básico», determinado pola lexislación estatal, que contaría con ámbitos de escala comarcal —caso das áreas metropolitanas ou das mancomunidades— e outros como as entidades locais menores e os distritos urbanos. Porén, o PP consideraba que a comarca non só era un ámbito inherente a Galicia, senón tamén o máis axeitado para a superación das limitacións dos concellos.

O PP sostiña no seu programa electoral para os comicios de 1989 que o obxectivo da administración debía ser achegar a eficacia e a proximidade na prestación dos servizos e evitar «burocracias custosas e estériles» (PP, 1989a: 114), feito que os levaba a apostar de maneira clara pola comarca. Na súa defensa, desenvolvíase unha crítica velada á lexislación básica estatal en materia de réxime local polo feito de depositar a concepción das comarcas na vontade dos concellos implicados. Entendíase que, desta forma, os órganos de representación municipal —que non os concellos— poderían desenvolver unha postura obstrucionista que non respectase a vontade cidadá. Ademais, engadían que a lexislación estatal convertería en «irrisorias» as competencias estatutarias e autonómicas. No seu programa electoral, o PP concluía que a comunidade autónoma sería «soberana» por atribución do Estatuto de Autonomía para lexislar

[1] Na 5ª lexislatura (1997-2001), o PSdeG-PSOE presentouse en coalición con EU-EG e Os Verdes e os 2 deputados que acadou EU-EG integráronse no Grupo Mixto. Na 9ª lexislatura (2012-2016), AGE quedou con 6 deputados ao pasar 3 ao Grupo Mixto. Na 10ª lexislatura (2016-2020), EM mudou o seu nome por Grupo Común da Esquerda e quedou con 9 deputados ao pasar 5 ao Grupo Mixto —que seguiu empregando a denominación de EM—.

sobre os entes comarcais —ao considerar que na xerarquía lexislativa as normas estatutarias prevalecerían sobre a lexislación básica estatal—.

O máis interesante acerca do ámbito comarcal recollido neste documento electoral tiña que ver coa decidida aposta pola introdución deste na vida organizativa de Galicia como un ente local máis. Isto esixiría a «redefinición das competencias de municipios e provincias (…) para residencialas logo na organización comarcal» (PP, 1989a: 114). Así, resolvíase que as súas competencias virían determinadas, por unha banda, por «intereses supramunicipais» e, por outra, por «intereses comúns dos municipios» que integrasen a comarca. Mesmo se avanzaba máis neste sentido ao apuntar que as competencias das comarcas se fixarían por unha lei autonómica, polo menos, en materia de medio ambiente, sanidade, educación, cultura, deporte, protección civil, consumo e transporte urbano. A estas competencias «propias» das comarcas entendían desde o PP que habería que engadir outras cedidas polos concellos e delegadas polas deputacións e a Xunta de Galicia. Así mesmo, para o correcto funcionamento e para garantir a súa autonomía e competencias dotaríase á comarca de recursos económicos e financeiros propios e suficientes.

O programa electoral do PP ía acompañado de distintos tomos baixo o título de «Objetivos de Goberno para Galicia 1990-1993». Nun deles, titulado: «Organización político-administrativa», sinalaban:

> El Estatuto de Autonomía de Galicia (…) configura la Comarca como entidad local con personalidad jurídica y demarcación propias, con lo que queda erradicada cualquier simplista concepción que pretenda erigir a este ente como mera demarcación para el cumplimiento de servicios o competencias delegadas de la Comunidad Autónoma, aunque también estos cometidos pueda cumplir y deba cumplir la organización Comarcal. (…)
>
> La naturaleza de entidad local, que corresponde a la Comarca, la constituye la necesidad de residenciar en la misma un conjunto competencial como núcleo básico determinante de su misma existencia y revelador de la autonomía Comarcal para la gestión de sus intereses. (…)
>
> El Estatuto de Galicia no optó por la Comarca como simple demarcación administrativa de la Autonomía, sino como una entidad local administrativa, con personalidad jurídica propia, que representa y gestiona, como intereses propios suyos, los supramunicipales y los comunes a los diferentes municipios que la integran (PP, 1989b: 21-22).

Outra certeza que evidencia o apoio do PP en 1989 a unhas comarcas dotadas de contidos tiña que ver coa previsión de distintos órganos de representación e xestión de ámbito comarcal (PP, 1989a, 1989b). En primeiro lugar, a nivel do conxunto de Galicia, determinouse a creación dunha «Comisión de Comarcalización», que estaba composta por especialistas de diversas disciplinas. Este «equipo» tiña como tarefa principal a proposta do marco xurídico da comarca, que incluía, por unha banda, especificar as competencias, os órganos de goberno, o funcionamento interno e os recursos económicos e financeiros e, por outra, debuxar o mapa de comarcas de Galicia. Sobre os órganos de goberno sinalábase a existencia dun «Consello Comarcal» en cada comarca, que non só estaba formado polos representantes dos concellos, senón que tamén podía funcionar como «pleno» ou como «comisión de goberno», ambos os dous dirixidos por un «presidente» elixido entre os seus membros. Sobre a composición e funcionamento destes órganos dise no documento electoral que se asemellarían no posible á estrutura das deputacións provinciais.

Unha das primeiras cuestións que se debía dilucidar logo das eleccións tiña que ver, segundo o PP, con clarificar se optar polo establecemento «xeneralizado e obrigatorio» das

comarcas en todo o territorio galego ou, polo contrario, con configurar estas unidades por iniciativa dos concellos (PP, 1989a, 1989b). Ademais disto, considerouse a necesidade dunha serie de «estudos» que permitisen a formulación dunha nova división comarcal, no sentido de que se cría que as «vellas divisións xudiciais» non se axustaban á realidade galega do momento. Sobre as futuras demarcacións dicíase que debían atender de maneira preferente á nova distribución da poboación e á radicación das actividades económicas, así como á proximidade de prestacións, eficacia de servizos, mellor ordenación do territorio ou razóns ecolóxicas. Como factores relevantes neste proceso de configuración das comarcas tamén estaban as relacións históricas de carácter supramunicipal e a vontade de convivencia comarcal.

Estas mínimas consideracións sobre as comarcas son máis etéreas no programa electoral do PSdeG-PSOE para as autonómicas de 1989. Dedicábanlle unha escasa consideración á comarca, de feito, sen nomeala, só se facía referencia a unha reforma da administración local que conducise a unha reestruturación administrativa por «áreas funcionais» (PSdeG-PSOE, 1989). Estas «áreas» —suponse que de escala comarcal ou supracomarcal— disporían das competencias e medios materiais e humanos precisos para as funcións que se lles encomendasen, sen que se precisasen nin as funcións nin os medios.

Nas autonómicas de 1989, desde o BNG falaban de «proceder de inmediato a recoñecer legalmente e dotar de organización e réxime xurídico ás comarcas, como grandes unidades de base da Administración territorial» (BNG, 1989: 15). Amais, consideraban que a conversión das comarcas en entes locais se debía realizar de maneira urxente e que, mentres non se lograse este cometido, se fortalecerían as mancomunidades de concellos nas que predominase a idea de «comarcas naturais ou "terras" de Galiza» (BNG, 1989: 15). Procuraban, así, garantir a súa existencia sobre os poderes infra e supra comarcais operantes no territorio. Serían tamén vistas como unha peza chave para a programación en materia de ordenación do territorio.

No caso de CG, esta forza política consideraba que Galicia precisaba «por forza» dunha nova organización político-administrativa. Así, nas eleccións de 1989, defendeu a existencia duns «municipios-comarca» ou «macro-municipios comarcais» dentro dun proceso de comarcalización que debería avanzar de maneira gradual nun tempo que se estimaba de dúas lexislaturas (CG, 1989). Previase tamén que á hora de debuxar o mapa das unidades comarcais, estas iríanse dotando progresivamente de competencias propias e delegadas. De xeito curioso, no programa electoral de CG para estes comicios fixouse unha correspondencia co caso catalán, no feito de que se reivindicaba para Galicia seguir o seu esquema lexislativo de organización territorial. Porén, consideraban que no caso galego o proceso de cambio territorial tería que desenvolverse paseniño ao tratarse dun tema menos estudado e arraigado que en Cataluña.

O debate parlamentario sobre o tema comarcal, que se iniciou coa terceira lexislatura en febreiro de 1990, puxo de manifesto a importancia que as distintas forzas políticas que obtiveron representación nos comicios de 1989 lle asignaban a este ámbito. Significativas foron as palabras coas que V. Núñez Rodríguez, quen se converteu no novo presidente do Parlamento de Galicia grazas a un acordo electoral entre o seu partido —CdeG— e o PP, abriu a lexislatura. En primeiro lugar, reivindicou Galicia como un país «diferenciado» e «singular», que debía organizar o seu territorio atendendo aos entes propios que lle atribuía o Estatuto de Autonomía. Isto levoulle a demandar un tratamento prioritario da comarca durante a lexislatura que comezaba, ao ser considerada como unha ferramenta apropiada para a corrección das insuficiencias dos pequenos concellos na prestación de servizos e dos problemas de desigualdade territorial:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Nos nosos dous fundamentais textos legais achámolas bases mínimas para poder iniciar un proceso de articulación dunha nova división territorial e administrativa de carácter comarcalista do espacio socioeconómico, cultural e político de

> Galicia, sendo este un dos principais retos e desafíos con que deberiamos enfrontarnos nesta lexislatura e ó que lle debemos de dedicar unha atención lexislativa preferente (V. Núñez Rodríguez —CdeG/PP—, DSPG 26/1/1990).

Na mesma dirección apuntaba M. Fraga Iribarne, quen foi o novo máximo responsable do goberno galego ao cabo de poucos días, no seu primeiro debate de investidura. Así, falaba da «necesidade de complementa-la organización territorial de Galicia, articulando os entes previstos no noso Estatuto de Autonomía, (…) a comarca e a parroquia» (M. Fraga Iribarne —PP—, DSPG 29/1/1990). Deste xeito, introduciuse no debate parlamentario galego a idea que o PP recollera no seu programa electoral, que daba continuidade a unha aposta decidida e clara pola adopción de comarcas como peza chave da estrutura territorial de Galicia. Volvía a apostar naquel contexto por uns entes dotados de competencias, que asumirían, segundo as súas propias palabras, mediante fórmulas de «descentralización», «desconcentración» e «delegación», co obxectivo de achegar a administración aos cidadáns. O novo presidente da Xunta de Galicia tamén apuntaba á constitución «inmediata» dunha «Comisión de Comarcalización» para ir acometendo a empresa.

Así e todo, desde que M. Fraga Iribarne asumiu a presidencia da Xunta de Galicia, pasou máis dun ano de desleixo do tema comarcal no Parlamento de Galicia. Foi en setembro de 1991 cando o asunto comarcal, pese a que en inicio tiña a consideración de materia «urxente», volveu ao órgano de representación galego da man do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, mais fíxoo cunha tónica diferente á que fora concibido. Este momento é moi significativo porque o goberno autonómico, en sintonía co que xa expuxera no acordo do Consello da Xunta de Galicia de decembro de 1990 polo que se fixaba o PDC —véxase o apartado 8.2—, renunciaba de maneira definitiva a implantar unhas comarcas dotadas de competencias e capacidade xurídica propia. Produciuse así, nun ano e medio, unha deserción por parte do PP do seu programa electoral e do discurso de investidura que nesta liña pronunciara o seu líder, e decidiuse apostar por uns meros ámbitos territoriais de escala comarcal que asumirían a coordinación das actuacións das distintas administracións implicadas e a posta en marcha de programas de desenvolvemento local. As seguintes palabras testemuñan de que xeito virou o discurso:

> Neste momento, (…) a comarca estámo-la concibindo como unha unidade estratéxica para o desenvolvemento local, buscando como obxectivo preferente a descentralización de servicios administrativos, a coordinación interadministrativa e, sobre todo, a planificación do desenvolvemento do territorio. (…) Se hai algo que é necesario, é a coordinación na planificación do desenvolvemento das comarcas. (…) Enténdese que na comarca debe existir unha mínima unidade de carácter burocrático, cuxa función sexa minimizar costes de burocracia, desempeñando unha función de información de expedientes administrativos (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 18/9/1991).

O conselleiro da Presidencia procuraba deixar claro, deste xeito, que as «súas» comarcas non suporían a reestruturación das administración existentes: «unha maneira que nós abandonamos xa inicialmente unha, que era a redución dos termos municipais. (…) Nunca dixemos que iamos reducir concellos e dixen claramente que esa política non era nosa» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 29/4/1992). Varios anos despois, o mesmo conselleiro, en liña co exposto, explicaba que, naquel momento, o que se buscaba coa implantación do modelo comarcal que propuña o PP era simplemente «recupera-la memoria histórica do territorio (…) para devolverlle a forma a algo que xa estaba patente» (Rodríguez Rodríguez, 1999: 150).

A oposición de todas as forzas políticas no Parlamento de Galicia coincidiu en sinalar que o cambio de idea no PP sobre o tema da comarcalización viña marcado polas presións exercidas polos presidentes das deputacións galegas. De xeito especial, por F. Cacharro Pardo —que foi presidente da Deputación de Lugo entre 1983 e 2007— e J. L. Baltar Pumar —homólogo seu na Deputación de Ourense entre 1990 e 2012—. Cómpre sinalar que ambos os dous eran dirixentes do PP —no caso do presidente de Ourense estaba inicialmente en CdeG, aliado do PP até que o partido decidiu integrarse neste en 1991—. Para a oposición, un feito importante que coincidiu co cambio de postura na dirección autonómica do PP tivo que ver cunhas declaración que o presidente da Deputación de Lugo fixo sobre o proceso comarcal. Segundo estes, o presidente lugués afirmou que as comarcas «rompían a historia» das provincias (C. Nogueira Román —PSG-EG—, DSPG 24/6/1992) e, por conseguinte, rexeitaba de xeito rotundo dotalas de competencias.

Entendía a oposición que a Xunta de Galicia asumiu estas palabras polo «medo» a un levantamento interno, entre outros motivos, porque as declaracións foron feitas estando rodeado dos deputados autonómicos do PP por Lugo. Para o BNG, o PP a nivel autonómico non existía e o poder real concentrábase nos ámbitos provinciais, motivo polo que «a Don Manuel non lle queda máis remedio que agocha-la cabeza» (X. M. Beiras Torrado —BNG—, DSPG 9/9/1992). Neste sentido, ante as presións das deputacións provinciais, o PP resistiuse a presentar o proxecto comarcal no Parlamento de Galicia, tal e como lle demandaban as restantes forzas parlamentarias. Para o PSdeG-PSOE, esta situación foi vista como un acto de «covardía política» (A. Carro Fernández-Valmayor —PSdeG-PSOE—, DSPG 9/9/1992).

> Estaba trabucado todo o programa do Partido Popular cando se presentou ás eleccións? Faltou á verdade o señor presidente cando prometeu ante esta Cámara face-las comarcas o máis axiña posible regulando os seus propios órganos? (…) O proxecto inicial ía moito máis alá do que agora di que non van facer. (…) Agora resulta que non interesa porque se pode perde-lo poder provincial de determinados personaxes (C. Sánchez Castiñeiras —CG—, DSPG 24/6/1992).
>
> O problema non é que haxa que defini-las comarcas ben, non é que haxa que delimitalas ben, non é que haxa que busca-lo acordo (…) das administracións locais a nivel concello; o problema é que o poder está territorialmente vinculado (…) á Deputación. E fronte a iso, don Manuel non pode nada (X. M. Beiras Torrado —BNG—, DSPG 9/9/1992).
>
> O señor Cacharro e o señor Baltar non van consentir que calquera modelo de desenvolvemento comarcal que poña en práctica a Xunta de Galicia lles mingüe a súa capacidade de actuación. (…) Intentar que todo cambie para que todo permaneza exactamente igual (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 9/5/1995).

O PP decidiu afastarse, así, dos seus compromisos electorais para, de acordo coa oposición, contentar os seus dirixentes a nivel provincial sexa como fora. O cambio de parecer consumouse na dilatación no tempo do proceso de comarcalización, nas matizacións feitas sobre declaracións anteriores e na consolidación definitiva de asumir o proceso cun sentido distinto. Neste sentido, apuntaban desde o grupo parlamentario do PP que «non é este o momento para promulgar unha lei de creación das comarcas como entes político-administrativos» (X. Palmou Lorenzo —PP—, DSPG 9/9/1992). Ademais, nun intento, quizais, por contentar os baróns provinciais do partido, todas as intervencións do PP sobre este tema pasaron a apoiarse na defensa das provincias e os seus órganos de goberno: «nós consideramos que as deputacións teñen que cumprir unha función importante no sistema constitucional galego e estámolas

apoiando para que cumpran esta función debidamente coordinadas» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 24/6/1992).


Porén, en certas ocasións, especialmente durante os primeiros anos de consolidación do proceso comarcal, continuou vivo o discurso que deixaba a porta aberta a poder asumir no futuro unhas comarcas dotadas de contidos «sen necesidade de polémica de ningún tipo» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 10/12/1996). A reestruturación político-administrativa de Galicia requiría, entendían desde o PP, da participación de todas as administracións públicas implicadas —incluídas as deputacións— co obxectivo de garantir o consenso. E, ademais, facíase preciso un «profundo» estudo e coñecemento da realidade galega con achegas de distintas disciplinas que fose avanzando amodo: «preferimos unha realidade comarcal feita pouco a pouco que beneficie aos cidadáns antes ca unha lei (…) que os cidadáns teñan que padecer» (X. Palmou Lorenzo —PP—, DSPG 9/9/1992). Nunha cita máis longa na mesma dirección:

> Isto non quere dicir que chegue o momento en que esa opción poida contemplarse, cando contribúa a un melloramento da situación de Galicia. (…) Isto non impide que no futuro sexa posible a creación de organizacións político-administrativas territoriais, pero neste momento non as vemos porque producirían unha extracción de competencias dos concellos e das deputacións que as farían ineficaces, a uns e a outros (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 24/6/1992).

8.4.2 A consolidación do novo modelo comarcal e a crítica da oposición

O modelo comarcal que decidiu implantar o PP, caracterizado pola asunción dunhas meras divisións nas que levar a cabo políticas sectoriais —véxase o apartado 8.2—, afianzarase de maneira definitiva durante a IV lexislatura autonómica (1993-1997). De feito, no programa electoral do PP para as autonómicas de 1993 desaparece toda vinculación á comarca concibida como un ente local —márcanse así distancias co programa electoral das eleccións anteriores—. Nunha comparativa dos programas electorais de 1989 e 1993 podemos constatar que se pasou dun proceso de «comarcalización» a un de «desenvolvemento comarcal» (Figura 8.31). O «novo» «desenvolvemento comarcal» asumiuse como «un dos grandes obxectivos do Partido Popular de Galicia [que] expresa a convicción de que Galicia non pode acadar niveis de desenvolvemento propios dunha rexión europea se non é capaz de conseguir un desenvolvemento equilibrado do territorio» (PP, 1993: 52).

Figura 8.31. Programas electorais do PP para as eleccións galegas de 1989 e 1993 en relación co tema comarcal

Programa electoral do PP en 1989	Programa electoral do PP en 1993
	

Fonte: PP (1989: 111-136; 1993: 51-56). Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste sentido, as palabras pronunciadas por M. Fraga Iribarne no seu segundo discurso de investidura celebrado a finais de 1993 (DSPG 29/11/1993 e DSPG 1/12/1993) nada teñen que ver coas de catro anos antes:

> Isto xa supón un avance nunha das materias pendentes que tiña Galicia, como é a comarcalización, pero non estamos máis que no comezo porque na próxima lexislatura estenderémo-lo proxecto a todo o territorio de Galicia. Naturalmente que non pretendemos crear unha nova e innecesaria estrutura administrativa, senón que concibímo-la comarca nun sentido moderno, é dicir, coma unha estratexia territorial para reduci-los desequilibrios existentes, desenvolve-lo noso potencial endóxeno, mellorar zonas deprimidas do interior ou da costa, que as hai, e protexe-lo medio ambiente; todo iso nun marco de coordinación e cooperación entre as distintas administracións e para deixar, en definitiva, ó futuro, unha Galicia mellor (M. Fraga Iribarne —PP—, DSPG 29/11/1993).

Durante os anos vindeiros o partido no goberno continuou a rexeitar, progresivamente con máis convencemento, a adopción de comarcas dotadas de competencias. Entendían que unha nova planta político-administrativa, xa que non se mostraban dispostos a reducir nin modificar as existentes, traería un maior custe económico, máis burocracia e unha duplicidade de funcións que conduciría a unha administración local máis complexa e descoordinada: «parécenos un disparate crear unha nova administración, que nos podía custar moitos cartos e que non lle vémo-los seus beneficios» (M. Ruiz Rivas —PP—, DSPG 17/12/1998). Nin sequera previan que as comarcas, destinadas á coordinación das administracións, puidesen chegar a asumir os cometidos das mancomunidades, xa que, segundo eles, a finalidade era distinta, polo feito de que as mancomunidades tiñan outro obxectivo. A mediados da década dos 1990, unha vez máis, desde o PP reafirmaban que o cometido principal das comarcas tiña que ver co impulso do desenvolvemento local:

> Estamos actuando para promove-lo desenvolvemento local de Galicia a través dunhas organizacións nas que participa a Administración autonómica, os concellos, a Deputación e os axentes locais. (…) É unha política seria que pretende realmente cambia-la realidade. Despois, a realidade demostrará se o conseguimos ou non (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 26/4/1995).

Tamén resulta relevante a maneira en que o PP explicaba o seu modelo comarcal, ao facelo como a antítese do que eles entendían que era o modelo a evitar, o catalán, o cal si optou por dotar ás comarcas de competencias. Consideraban que ambos os dous tiñan o mesmo obxectivo: «os cataláns e nós témo-lo mesmo obxectivo: o desenvolvemento do territorio a través de entidades superiores ás municipais» (D. Rodríguez Rodríguez, DSPG 26/4/1995), mais que a vía para alcanzar este fin era distinta. Pese ás dubidas e altibaixos iniciais, o modelo de desenvolvemento comarcal do PP consolidouse co paso dos anos cando «deixa de ser un programa experimental para converterse nun obxectivo prioritario de Goberno» (PP, 1997: 49), tal e como se reiterou nos programas electorais do PP para as eleccións autonómicas de 1997 e 2001. A verbalización neste senso chegou a ser altisonante:

> Isto, repito, non ten nada que ver coa organización territorial entendida no sentido de consolidación dunha estrutura comarcal coma unha Administración territorial, dotada de *concellais* comarcais que teñan a mesma natureza que os *concellais* municipais. É dicir, o modelo catalán, en definitiva, non é o modelo que inspira este proxecto e ten unhas finalidades e unhas estratexias absolutamente distintas (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 27/4/1994).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Con todo, para as forzas da oposición, o camiño a seguir era a instauración dunhas comarcas político-administrativas que viñeran a completar e/ou substituír ás administracións locais existentes. O BNG e o PSG-EG sostiñan de maneira decidida que a división comarcal galega concibida como unha entidade local, isto é, dotada de competencias e con órganos electivos e medios administrativos e financeiros, non viría a complicar a administración local, senón que sería substituta da provincial. Para eles, a súa constitución non debía depender da vontade dos concellos —aínda que se debía buscar o consenso— e, aínda menos, da «chantaxe» das deputacións. Avogaban polo mantemento dos concellos, pese a que recoñecían que no rural non tiñan «poder propio» e que nas áreas urbanas non respondían á continuidade do espazo urbanizado. Por estas razóns, a súa proposta era «vertebrar administrativamente un territorio que está vertebrado económica e xeograficamente, vertebrado desde tódolos puntos de vista (…) por comarcas definidas» (X. M. Beiras Torrado —BNG—, DSPG 9/9/1992).

Para os partidos nacionalistas galegos, a figura que representaba a deputación provincial era moi negativa: «non teñen ningunha función real nin beneficiosa. (…) Pertencen a outro momento histórico e son institucións decimonónicas, anacrónicas, inútiles e irresponsables. (…) Fósiles que non cumpren nin sequera responden a certo pensamento político sobre o que é a Administración local» (C. Nogueira Román —PSG-EG— DSPG 9/9/1992). Demandaban, sen titubeos, a supresión das deputacións ao consideraren que o seu mantemento era «antagónico cun desenvolvemento integral e comarcal deste país» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 23/3/1994). No caso do PSdeG-PSOE, se ben as evidencias eran menos claras e non buscaban a supresión de ningunha das administracións existentes, tampouco chegaban a rexeitar, polo menos de maneira explícita, a instauración de comarcas con competencias. Porén, si consideraban que introducir a escala comarcal sen modificar as outras viría a complicar a actuación das administracións.

A defensa das comarcas polos partidos da oposición ía unida a unha gran perplexidade polo xeito en que o partido no goberno estaba a desenvolver a comarcalización de Galicia. Acusaban á Xunta de «frivolizar sobre temas de organización político-administrativa que vostedes queren disfrazar de planificación» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 10/12/1996). Así, consideraban que o modelo comarcal do PP era o «peor problema que ten Galicia» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 10/12/1996) polo feito de enfrontar os concellos entre si, e a estes coas deputacións provinciais e o goberno autonómico, e entendían que non se estaba a traballar na procura dunha solución real e efectiva. Ante esta situación, o BNG e o PSdeG-PSOE, os principais partidos da oposición, mostráronse unidos na reivindicación das comarcas como algo «propio» e «inherente» a Galicia, e apostaron por unhas comarcas que organizasen e estruturasen o territorio galego:

> Se existen as comarcas como sinais de identidade propios, como organismos vivos e sociais do noso país, hai que recoñecelas legalmente. Hai que dárlle-lo poder que deben ter, detraéndoo doutros organismos que son superestruturas impostas. Non significa crear unha nova administración; significa asignarlles na realidade legal o que na realidade social e económica teñen os distintos organismos. (…) Empecen a detraer competencias desa superestrutura imposta no noso país, que é a deputación, para o que teñen posibilidade na arquitectura legal existente hoxe. Leven esas competencias ós organismos vivos que existen no noso país, que son as comarcas. (…) As competencias que hoxe tódolos concellos están reclamando e que non teñen posibilidade de exercer porque non teñen capacidade económica, estarían en poder das comarcas (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 25/10/1995).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Un acordo institucional que (…) facilite unha redistribución competencial e de recursos, así como o establecemento de competencias ós novos entes comarcais que se creen, competencias detalladas para, precisamente, evita-los conflitos institucionais futuros. (…) É preciso redistribuír competencias. (…) As comarcas non teñen sitio hoxe na nosa comunidade se non hai esta redistribución de competencias. Non teñen sitio. Desde logo, como xa tamén manifestamos, deben asumir algunhas que hoxe están situadas nas deputacións provinciais. (…) E deben, incluso, de actuar subsidiariamente naqueles concellos que non teñen capacidade para prestar servicios que podería asumir un ente comarcal de carácter intermunicipal (A. Gato Soengas ―PSdeG-PSOE―, DSPG 25/10/1995).

A defensa das comarcas mantívose nos programas electorais do PSdeG-PSOE e do BNG para os comicios autonómicos de 1993, 1997 e 2001, isto é, as lexislaturas que supuxeron a consolidación do proxecto comarcal. O BNG continuou a reivindicar a instauración de comarcas dotadas de competencias como a «peza territorial fundamental» (BNG, 1997: 84) para a organización de Galicia. Considerábana como o marco territorial máis apropiado para implantar políticas de carácter económico, social, cultural e de ordenación do territorio, iso si, previo recoñecemento xurídico-político para evitar un «invento artificial sen operatividade algunha» (BNG, 1997: 84). Propuñan a aprobación dunha lei comarcal que dotase de medios humanos e financeiros propios ás comarcas e que estas asumisen, tamén, as actividades e estruturas das deputacións provinciais ―que desaparecerían―. A configuración das comarcas, polo tanto, levaríase a cabo de xeito gradual e co acordo dos Concellos, e comezaríase por aquelas nas que o consenso fose maior. Tampouco consideran desde esta formación nacionalista que a falla de límites precisos sexa un obstáculo a dotar de contidos as comarcas:

> Por máis que hoxendia non apresente a nídia concreción de lindeiros que denota o seu étimo, fai referéncia a un território próximo, abarcábel, sentido pola povoación dela como a maior demarcación territorial que poden sentir como sua: território no que se adoita romper a monotonia da cotidianidade consubstancial á parróquia; território ao que se vai e polo que se anda (para traballar, para estudar, para o lecer) sen sair do coñecido (BNG, 1997: 84).

Unha proba da arela do BNG por dotar Galicia de comarcas con competencias consistiu na defensa explícita da implantación dos «consellos comarcais» como «órgao reitor da comarca» (BNG, 1997: 182). A composición deste órgano efectuaríase mediante unha fórmula mixta, na que se elixiría un representante de cada un dos Concellos da comarca e unha representación proporcional ―sen achegar cifra― dos partidos políticos que obtivesen concelleiros nas eleccións municipais. Este partido, no seu programa electoral para os comicios do 2001, se ben asumía todo o anterior, tamén sinalaba que as institucións locais galegas se verían completadas coas «áreas metropolitanas». Estas viñan dar resposta aos problemas comúns das periferias das cidades, mais dicíase que acabarían «converténdose en comarcas cunha tipoloxía própria» (BNG, 2001: 197). Tamén se buscaba incentivar ás mancomunidades até que desembocasen en comarcas.

A postura mantida polo PSdeG-PSOE ao longo destes anos era bastante imprecisa e cambiante. Así, no documento electoral de 1993 falaban do seu «compromiso», sen explicar demasiado, para acometer un «proceso integral de organización territorial, cun deseño no que se compatibilicen as peculiaridades históricas, as necesidades actuais e a esixencia ética de transmitir un axeitado escenario de convivencia ás vindeiras xeracións» (PSdeG-PSOE, 1993: 5). Porén, para as eleccións de 1997, este partido ―en coalición con EU-EG e Os Verdes―, xa

de xeito máis claro, definiu a comarca como «un ente da Administración Local ó servicio dos concellos que a integran», e cuxo ámbito territorial tería que ser «o adecuado para asegura-la prestación axeitada de tódolos servicios municipais que poidan ser asumidos, (…) alén do exercicio das competencias que lles delegue a Xunta» (PSdeG-PSOE, 1997: 166). Así, por vez primeira, o PSdeG-PSOE falou das comarcas como xestoras de competencias e tamén sinalou a «adecuación» das deputacións provinciais para «encaixalas no novo modelo de comarcas e áreas metropolitanas» (PSdeG-PSOE, 1997: 166).

Nas autonómicas de 2001, o PSdeG-PSOE recolleu no seu documento electoral o termo «rexión», en vez de comarca, como o «ente intermedio entre os municipios e a Xunta» (PSdeG-PSOE, 2001: 179). En dito documento, precisouse que se trataría de «espazos supracomarcais» concibidos como o ámbito territorial máis axeitado para a descentralización e planificación autonómica e como marco para a colaboración das institucións. Esta «rexionalización» de Galicia artellaríase ao redor de «espazos metropolitanos», «rexións urbanas» e «rexións semiurbanas» —todos a escala supracomarcal—. De xeito paralelo, defendeuse o impulso dos Concellos á hora de mancomunar servizos locais. Ademais, desde o PSdeG-PSOE, considerábase, de xeito crítico, que o modelo comarcal do PP diluíra o papel das cidades e non fixera máis que reforzar o modelo provincialista.

De volta ao debate parlamentario, outro punto de enfrontamento entre o PP e a oposición tivo que ver coa interpretación que as distintas forzas políticas fixeran do Estatuto de Autonomía. Por unha banda, o PP, se ben recoñecía nas súas primeiras argumentacións a vontade estatutaria de crear comarcas dotadas de competencias, logo, pasou a escusarse en que estaban a traballar sobre unha política sectorial concreta que nada tiña que ver co contido do Estatuto: «este obxectivo que estamos cumprindo coas comarcas piloto non vai dirixido directamente ó desenvolvemento do Estatuto de autonomía. Non se trata de crear comarcas como organizacións territoriais, como aparece no noso Estatuto» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 27/4/1994). Por outra banda, o BNG e o PSdeG-PSOE consideraban que o goberno galego renunciaba a desenvolver o mandato estatutario, xa que para ambos os dous, a organización comarcal galega era unha obriga que o Estatuto de Autonomía concedía ao Parlamento de Galicia.

Co paso do tempo, ademais, foi agromando un sentimento de desobriga no PP ao entender que non había mandato estatutario de crear unha planta comarcal, senón que esta descansaba na vontade política. Para xustificar a súa posición, o PP apoiouse na conxugación verbal que presentaba o verbo «poder» no art. 40 do Estatuto de Autonomía, o que para eles sería: «poderase» —ou non— recoñecer a comarca como entidade local. Porén, para o BNG, ese «poderase» «só se pode entender como unha reafirmación competencial» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 14/9/1999) da obriga do Parlamento de Galicia a lexislar sobre a organización territorial de Galicia en comarcas. Para este partido, a Xunta apoiouse en argumentacións febles e lecturas incorrectas dos distintos preceptos relativos á organización territorial de Galicia:

> No momento da transición, (…) os partidos políticos dominantes (…) non se atreveron a non recoller no texto do Estatuto aquilo que era unha reivindicación, xa non digo do nacionalismo, senón do que Piñeiro chamaba o galeguismo. (…) Unha vez pasado aquel trance, (…) din: xa cubrímo-lo trámite, agora deixemos morrer de risa ese texto do Estatuto, deixémolo metido na gabeta e que a realidade se encargue de destruír de tal xeito o país que xa non teña sentido falar de comarcas (X. M. Beiras Torrado —BNG—, DSPG 9/9/1992).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.4.3 Os controvertidos órganos comarcais do modelo *precediano*

Tal e como vimos no apartado 8.2.1, o proxecto comarcal deseñado polo PP creaba toda unha complexa trama de órganos co fin de planificar e xestionar o desenvolvemento das comarcas que foi desaprobado polas forzas da oposición. Tanto desde o BNG como do PSdeG-PSOE falábase desta rede de órganos comarcais como unha montaxe sen funcións reais que non tiña ningunha utilidade e que só conducía a un «retroceso na democratización da vida pública» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 9/5/1995). A oposición acusaría ao goberno do PP de estar desenvolvendo unha «administración caciquil», «clientelar», «corrupta», «espuria», «intrusa», «mestiza» ou «paralela», por poñer algúns exemplos. Non obstante, o vocábulo «chiringuito» converteríase no máis manexado para referirse a toda esta «armazón de sociedades e fundacións en torno ao tema da comarcalización» (M. C. Díaz Díaz —PSdeG-PSOE—, DSPG 11/5/1994).

Ambos os dous partidos políticos coincidían en denunciar o escurantismo co que estaba a traballar a Xunta de Galicia. Criticaban que o goberno galego continuase facendo experiencias comarcais piloto, ás que se referían como «primeiras *chapucillas*» (A. Carro Fernández-Valmayor —PSdeG-PSOE—, DSPG 27/4/1994), partindo da constatación de que nunca se chegara a presentar e definir o plan experimental de comarcalización (X. H. Rodríguez Peña —BNG—, DSPG 7/6/1995). A oposición no Parlamento de Galicia vía con gravidade o que consideraban que era un intento encuberto de privatización da organización territorial de Galicia, co fin de escapar, así, do control das institucións públicas: «a través das fundacións, a través da privatización da vía privada, vostedes están a levar a cabo a organización político-administrativa de Galicia» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 21/2/1995).

As críticas da oposición tamén ían dirixidas aos fondos destinados ao desenvolvemento comarcal. Sostiñan que este capital era insuficiente para levar a cabo unha verdadeiro reequilibrio territorial de Galicia e para desenvolver as ambiciosas accións previstas nos plans comarcais. O PP explicaba que as accións destes plans se levarían a cabo a través doutras consellerías, polo que á oposición lle xurdiu unha cuestión: «entón, que quere dicir esta partida estampada na Consellería da Presidencia sobre o desenvolvemento comarcal e local de Galicia?» (B. Álvarez Domínguez —BNG—, DSPG 17/2/1994). De feito, parte das insistencias da oposición ao longo da terceira e cuarta lexislatura serían para que o Parlamento de Galicia e outros organismos públicos supervisasen eses fondos destinados pola Xunta de Galicia ao desenvolvemento comarcal.

Considerábase, ademais, que o goberno galego estaba implantando «as bases dese partido único» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 21/2/1995), no que a oposición entendía como unha «utilización partidaria, en beneficio duns intereses moi concretos e de negocios moi particulares» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 22/3/1995) do proxecto comarcal. O foco das críticas tamén se dirixiu ás que eran as cabezas visibles, por un lado, o conselleiro da Presidencia e Administración Pública e, por outro, ao máximo responsable do plan, A. Precedo Ledo, ao considerar que ambos os dous eran os autores dun «xoguete» que inventaron e que nin eles sabían até onde chegaría.

> Un modelo (…) acollido ó dereito privado. (…) Manter unha serie de *chiringuitos*, superpostos todos, mesturados todos, de tal xeito que non teñan autonomía e que non se poida facer unha planificación real en función de prioridades. Ese é o grave problema, que vostedes todo o basean na feliz idea de que se lle ocorra ó consello comarcal, ó padroado ou á fundación pública, e non na idea do que sería una administración nova (F. Trigo Durán —BNG—, DSPG 11/5/1994).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> A Administración Fraga non puxo en marcha un modelo de Administración única, como se pretendía aquí como principal bandeira política. (…) Puxo en marcha un modelo de Administración mixta, formado pola Administración pública decrecida e potenciando a Administración privada. Precisamente, esta Administración privada e á que nós lle denominamos (creo que con fortuna) Administración paralela (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 26/4/1995).

Tal e como se viu no apartado 8.2.1, na cúspide da pirámide dos órganos comarcais estaba o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, que se xustificaba desde instancias oficiais pola necesidade dunha acción institucional que se encargase da coordinación xeral das distintas iniciativas de desenvolvemento comarcal e das relacións coas distintas consellerías da Xunta. Para a oposición, este instrumento comarcal era a «Secretaría dos *chiringuitos* comarcais» (M. Veiga Pombo —PSdeG-PSOE—, DSPG 18/12/2000) e acusaríano de ser a «matriz da que chuchan tódolos organismos» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 16/12/1996). Consideraban o Gabinete Comarcal un departamento «atípico» porque non coincidía cunha secretaría ou dirección xeral e porque a súa dotación de recursos humanos e económicos era nula.

A «mínima estrutura» coa que contaba o Gabinete Comarcal viña xustificada porque o traballo, o persoal e o orzamento que a Xunta de Galicia destinaba en materia de desenvolvemento comarcal era competencia da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Para o PP, a Sociedade Comarcal xustificábase pola necesidade dun «órgano técnico e desburocratizado» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, BOPG 9/11/1994) que xestionase de xeito rápido e eficaz as accións e os obxectivos formulados nos plans comarcais. Ademais, desde o goberno considerouse máis vantaxoso que se operase coa fórmula dunha empresa privada porque, segundo o partido no poder, esta permitía prestar servizos a outras administracións públicas e empresas.

En cambio, o BNG e o PSdeG-PSOE eran especialmente críticos coa Sociedade Comarcal. En primeiro lugar, ao constataren unha «deixazón de funcións interesada» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 20/12/1994) da Xunta de Galicia, que, de acordo coas súas interpretacións, deixaba en mans dunha empresa privada a abordaxe deste tipo de planificación. Segundo a oposición, isto obedecía ao interese por parte do PP de fuxir dos mecanismos de control do Parlamento de Galicia no relativo á xestión dos orzamentos e á contratación de persoal: «é uso caciquil, unha privatización da Administración, un fraude de lei coa que burla-los controis internos e externos de intervención» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 25/10/1995). As voces máis críticas chegaban mesmo a sinalar que a Sociedade Comarcal era utilizada como un instrumento ao beneficio do PP e era tamén a principal promotora da rede de control político: «un niño de espallamento das ideas, das afiliacións e dos favores do Partido Popular instalados nas distintas comarcas» (X. M. Pazos Varela —EU—, DSPG 13/10/1999).

Ante esta situación, a oposición pediu en numerosas ocasións que fose a propia administración autonómica a que directamente pasase a asumir as funcións que estaba desempeñando a Sociedade Comarcal: «non ten xustificación a súa instalación como sociedade anónima cando as finalidades ás que atende son fins que se deben cumprir dentro do que son institucións públicas» (M. Veiga Pombo —PSdeG-PSOE—, DSPG 20/12/1999). Ademais, achaba que o traballo que estaba a levar a cabo a Sociedade Comarcal estaba moi afastado dos fins cos que foi creada. Segundo a oposición, a Sociedade convertérase nunha empresa dedicada á edición de estudos, reprodución de mapas, realización de «cursiños» ou consagrada á discusión acerca de onde emprazar os centros comarcais. Ademais, crían que debía desaparecer polo seu escaso carácter mercantil, xa que vivía exclusivamente de subvencións da Xunta: «é

un dos maiores timos que existen neste país desde a era Fraga, unha sociedade que non serve absolutamente para nada» (F. Trigo Durán —BNG—, DSPG 26/10/1999). Na mesma dirección, cómpre salientar os seguintes fragmentos de discursos:

> Este gabinete (…) é algo bastante raro. (…) Está o xefe do gabinete, imaxino que o conserxe, o que lle abre a porta do coche e o coche. O resto faise a través dunha empresa ou dunha sociedade. (…) É un gabinete que ten unha persoa. (…) Os amigos van por outra vía. (…) É tan aberto, tan aberto, que se nos escapa a todo tipo de control. (…) Non podemos saber nin quen está contratado nin en que condicións nin onde alcanza o gasto corrente. Non o sabemos. Está encuberto todo baixo una sociedade de desenvolvemento que é a que corre con todos eses gastos (M. C. Díaz Díaz —PSdeG-PSOE—, DSPG 27/4/1994).
>
> Cando se utilizan esas sociedades para face-lo gasto máis impermeable ó control do Parlamento, para montar determinados negocios que benefician o partido, para levar unha política de persoal, que se incrementa nesas sociedades practicamente sen control público ningún e que lle dá ó PP un instrumento de poder fundamental. (…) Convértese autenticamente nunha política de *leiriñas*, nunha política de *chiringuitos* (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 15/11/1994).

No chanzo inferior da trama comarcal estaban os consellos comarcais. O seu papel era, segundo o PP, ben ambicioso, polo feito de que buscaban que os concellos, a través dos plans comarcais, puidesen intervir nas decisións dos investimentos que os órganos de rango superior —caso das consellerías— estaban a desenvolver no seu territorio. O BNG e o PSdeG-PSOE, alén de demandaren a conversión destes órganos en entes locais que xestionasen competencias propias e delegadas, criticaban que na realidade nunca chegaran a funcionar. Estes órganos víronse desprazados polas fundacións comarcais, que pasaron a desempeñar as súas funcións —de feito, tal e como vimos no apartado 8.2.1, a composición de ambos os dous era moi semellante e os cometidos asignados pola lei aos consellos prescindibles— (BOPG 8/11/1994).

Os outros órganos creados pola Xunta de Galicia para operar a nivel comarcal eran as fundacións comarcais. Estes instrumentos entraron na escena política da man de M. Fraga Iribarne, durante o seu segundo discurso de investidura (DSPG 29/11/1993 e DSPG 1/12/1993). Fraga sinalaba que o proceso experimental de comarcalización produciu resultados desiguais nas comarcas, con avances nunhas e «perfís borrosos» noutras, polo que era preciso engadir unha serie de «oficinas de desenvolvemento comarcal» que traballasen na corrección destes problemas. A necesidade de avanzar no PDC tamén é posta de manifesto desde a propia Xunta de Galicia ao comprobaren que «se facía necesario dar un paso máis no proceso» (BOPG 18/1/1995). Segundo o PP, as fundacións comarcais pasarían a desempeñar unha dobre función, por unha banda, promoverían as accións de desenvolvemento enunciadas nos plans comarcais, feito que constituiría «a súa razón de ser» (M. Ruiz Rivas —PP—, DSPG 12/5/1998). E, por outra banda, poñerían en marcha iniciativas locais que contribuísen á dinamización dos recursos endóxenos (BOPG 18/4/1996). Estes órganos, pese ao carácter aparentemente independente, estaban guiados en última instancia polo goberno galego: «todo o que fagan esas comarcas está apadriñado e dirixido pola Xunta» (X. Palmou Lorenzo —PP—, DSPG 11/5/1994).

As críticas ás fundacións comarcais non se fixeron agardar e apareceron case desde o primeiro momento, especialmente cando a oposición asumiu a idea de que viñan a ser o núcleo forte do proxecto comarcal do PP: «eu estaba convencido de que había comarcas piloto e agora estou convencido de que as fundacións son os pilotos das comarcas» (M. C. Díaz Díaz —PSdeG-PSOE—, DSPG 27/4/1994). Ademais, o feito de que as fundacións comarcais non se xeneralizasen a todo o territorio e de que se fose debuxando o mapa comarcal de Galicia de xeito «improvisado» levou ao BNG a ironizar con elas: «estamos esperando novo pedido

porque vostedes, nisto das fundacións, funcionan por pedidos. Acabaron o primeiro pedido, e agora virá o seguinte, que será dunhas 30 ou 40 fundacións máis» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 8/3/1995).

As fundacións comarcais foron duramente cuestionadas ao entender que os cometidos que realizaban pouco ou nada tiñan que ver cunha estratexia de desenvolvemento da comarca, senón que, para a oposición, se enmarcaban na «reclamación» de obras e actuacións de tipo puntual e secundario. Aseguraban que moitas das actividades que solicitaban para a comarca —así como as recollidas nos estatutos das propias fundacións comarcais— eran competencias «propias» e «indelegables» das administracións públicas. No fondo da crítica, as forzas da oposición preguntábanse por que a Xunta de Galicia rexeitara dotar as comarcas de competencias propias e agora semellaba que estaban creando unha nova administración «híbrida» entre o público e o privado (J. Losada de Azpiazu —PSdeG-PSOE—, DSPG 12/5/1998). Na mesma dirección é o seguinte testemuño:

> As fundacións reclamaron accións tan pintorescas como o arranxo de capelas, como a realización de miradoiros, (…) de praias fluviais, (…) de sendeiros. (…) Para que serven as fundacións? Serven para que se reclamen actuacións ou obras de tipo puntual que non responden a ningunha estratexia económica de desenvolvemento desas comarcas. (…) Actuacións puntuais que non teñen ningunha repercusión económica nin social máis que a que lle produce ó alcalde do momento poder presentar esa realización para conseguir determinados votos (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 9/5/1995).

A crítica máis dura ás fundacións comarcais tiña que ver con acusacións de «caciquismo» e «corrupción» política. O BNG e o PSdeG-PSOE vían as fundacións como «estruturas orgánicas do PP», que podían actuar «coas mans absolutamente libres á hora de contratar persoal e á hora de recadar votos» (A. Suárez Canal —PP—, DSPG 9/5/1995). Para a oposición, as fundacións prestábanse a esta situación pola súa concepción como entes de carácter privado, feito que lles permitía librarse do control democrático. O obxectivo das fundacións era, entón, expandirse polo territorio para controlar a poboación e formar un sistema onde, se o Gabinete e a Sociedade Comarcal eran a «gran cabeza» do proxecto, as fundacións virían ser algo así como «os pés» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 20/12/1995). Ademais, as forzas da oposición reprobaban a postura que mantiña a Xunta á hora de compatibilizar as funcións entre o réxime de tutela —ao ser a súa única achegadora de fondos— e o formar parte do órgano de goberno das fundacións. Cómpre contrapor neste punto estas consideracións realizadas en sede parlamentaria coa análise documental —véxase o apartado 8.2— e cos testemuños dos ex-xerentes —véxase o apartado 8.3—.

O papel desempeñado polas fundacións comarcais como xestoras de proxectos europeos de desenvolvemento local tamén foi obxecto de controversia entre goberno e oposición. Desde o PP, D. Rodríguez Rodríguez defende o traballo das fundacións comarcais en relación co tipo de contratación, coa publicidade e cos logros que están acadando (DSPG 24/4/1996). Pola contra, desde as forzas da oposición cuestionan o rol desenvolto polas fundacións comarcais: «nun programa LEADER onde se trata precisamente de crear uns grupos promotores de accións rurais, con protagonismo da sociedade civil o que fixo a Xunta de Galicia é usar unhas Fundacións Comarcais para suplantar o papel deses grupos» (F. García Sineiro —PSdeG-PSOE—, DSPG 25/10/2000).

Os xerentes comarcais, as persoas encargadas de «pilotar» as fundacións comarcais, foron tamén cuestionados polas forzas da oposición. Acusaban a Xunta de Galicia de estar creando un corpo de administración paralelo a través dun «sistema de recrutamento» carente de

garantías e que ignoraba os principios de mérito, capacidade e publicidade: «un proceso de selección xa totalmente falseado desde o principio, (…) un proceso que tiña os destinatarios dados porque eran desas familias prominentes do PP» (M. Veiga Pombo —PSdeG-PSOE—, DSPG 17/12/1998). Tamén se chegaron a criticar algúns dos requisitos para presentarse ao posto de xerente como ter o visto-e-prace dalgúns dos alcaldes ou ser nado ou veciño desa comarca —condición que finalmente foi anulada—. Así, de acordo coa oposición, moitos dos xerentes que desempeñaron o cargo eran persoas afíns ao PP —concelleiros ou familiares de cargos do PP—. Isto levou a denominar as fundacións como «axencias de colocación» do PP e aos xerentes como persoal «posto a dedo» (M. Veiga Pombo —PSdeG-PSOE—, DSPG 17/12/1998). Nun fragmento máis longo ao respecto:

> Que hai detrás desas fundacións? (…) Persoal afín ó PP, control institucional do PP e mantemento de cotas de poder; unha administración paralela privada que se nutre de fondos públicos. (…) Escolleron o camiño da Administración paralela, (…) da Administración intrusa, da Administración controladora, da Administración *colocadora* de militantes do PP. (…) Camiño errado para acada-la simplificación da Administración. Camiño bo para vostedes. (…) Persoal de confianza a cargo da Administración do territorio, mobilización da xente e control (…) da situación territorial, non vaia ser que algún alcalde se desmande! (J. Losada de Azpiazu —PSdeG-PSOE—, DSPG 22/4/1998).

Desde a Xunta de Galicia mantense unha postura de defensa dos xerentes comarcais. O conselleiro da Presidencia indica que non van ser traballadores públicos, senón «xerentes dunha fundación» que «non teñen ningunha vinculación coa Administración autonómica» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 27/4/1994). Ante as críticas de parentesco de varios dos xerentes con responsables do PP, desde a Xunta de Galicia non ocultaban esta situación e simplemente se limitaban a sinalar que «a existencia de parentesco directo ou indirecto destas persoas con algún membro do Partido Popular non pode ser un impedimento para o desempeño dos seus respectivos postos de traballo» (BOPG 28/3/1995).

Nas últimas eleccións que levaron á presidencia da Xunta de Galicia a M. Fraga Iribarne, en outubro de 2001, foi especialmente polémico o papel desempeñado polos xerentes comarcais. Desde a Consellería da Presidencia e Administración Pública, tal e como se dá conta no DSPG do 10/4/2002, encargóuselle aos ex-xerentes comarcais a tarefa de coordinación do proceso electoral, rexistro de incidencias, reposición de papeletas e abonamento aos membros da mesa. O PP defendía a súa participación e colaboración coa empresa encargada das eleccións ao entender que a figura dos xerentes era a máis «idónea» (J. Pita Varela —PP—, DSPG 10/4/2002) e que a empresa podía concertar o traballo con quen ela considerase máis axeitado. Porén, a oposición criticou a «colaboración dun invento» (M. Soneira Tajes —PSdeG-PSOE—, DSPG 10/4/2022) —en alusión aos ex-xerentes comarcais— no que consideraban que era a intromisión duns delegados do partido no goberno nun proceso democrático.

No outro lado da balanza, estaba a postura do PP, que rexeitaba a idea de que as fundacións fosen unha administración ou que tivesen capacidade para xestionar algún tipo de competencia ou investimentos: «soamente teñen un pequeno presuposto, que consiste no soldo do xerente e nunhas pequenas cantidades para o funcionamento destas fundacións» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 22/4/1998). Durante estes anos, foron abundantes as intervencións do conselleiro da Presidencia nas que procuraba xustificar os xerentes e o seu traballo. Defendía que fosen persoal externo á administración ao considerar que se requiría dunha «especialización» e «flexibilidade» que non era propia do corpo de funcionarios. Ademais,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sostiña que a súa selección era parte dun proceso limpo e xustificaba que, se participaban os alcaldes, debíase a que estes eran maioría no órgano de goberno das fundacións.

A figura chave de todo este modelo, A. Precedo Ledo, foi tamén obxecto de varias controversias. Unha cuestión polémica consistiu na súa acumulación de cargos dentro do organigrama comarcal, feito que levou á oposición a ironizar sobre como era posible que puidese estar presente en todas as comarcas e ao mesmo tempo. Esta concentración de poder e altos cargos nunha mesma persoa tamén era vista de xeito negativo e reivindicábase que non se podía «deixa-lo desenvolvemento territorial única e exclusivamente a expensas daquilo que faga o señor Precedo coa Sociedade» (F. Trigo Durán ―BNG―, DSPG 30/3/1998). Criticaban que A. Precedo Ledo ocupase un posto «baleiro» de contido como director do Gabinete Comarcal e canalizase o seu traballo cara á Sociedade Comarcal, da que sinalaban que era un invento del mesmo para xustificar unha función na que el se atopaba «cómodo» escapando dos controis administrativos. Desde o PP, en cambio, víase con bos ollos que todos os órganos comarcais estivesen conectados a través da mesma persoa, xa que entendía que así se facilitaba a coordinación.

Outros dos órganos, os centros comarcais, foron definidos polo presidente da Xunta como a «materialización máis evidente» (M. Fraga Iribarne ―PP―, DSPG 13/10/1998) do proxecto comarcal. Para o PP, estes entes non supuñan un incremento da burocracia, xa que na súa finalidade só estaba a de acoller o xerente comarcal e dous ou tres traballadores no punto de atención a visitantes. Porén, para a oposición tratouse de edificacións controvertidas non só pola enorme lapidación de fondos públicos que supuxeron, senón pola súa concepción sen un uso claro: «edificios absolutamente baleiros e inútiles, como unha especie de naves varadas no medio da nada» (A. Losada Álvarez ―PSdeG-PSOE―, DSPG 11/4/2007).

Obxecto de debate era tamén a elección da súa localización dentro da comarca. Así, a Xunta evitou sinalar os núcleos cabeceira de comarca ―que sería onde radicarían os centros― e a oposición ironizou sobre se o que pretendía o goberno galego era «poñer rodas ós centros (…) e andar con eles polos concellos adiante» (A. Gato Soengas ―PSdeG-PSOE―, DSPG 10/12/1996). Outro foco de crítica parlamentaria foi o seu papel na dinamización dos recursos da comarca, polo feito de non ser considerados como o lugar máis acaecido e non albergar produtos propiamente endóxenos da comarca:

> No escaparate en todos [os centros comarcais] había o mesmo, daba o mesmo que a comarca fora do interior de Ourense que estivera en Buño, en todos había a mesma cerámica, o mesmo pano de encaixe, o mesmo queixo. Onde estaba a (…) posta en valor dos recursos endóxenos que se fixaban nos obxectivos para que esas comarcas ocuparan un posto diferenciado e que tiveran unha oportunidade de desenvolvemento económico? (M. Soneira Tajes ―PSdeG-PSOE―, DSPG 25/11/2008).

8.4.4 A lei comarcal e outras normas lexislativas

O texto legal que amparaba os órganos comarcais, a *Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*, veu tamén envolta en polémica desde o mesmo debate parlamentario que conduciu á súa aprobación ―plasmado no DSPG do 25/10/1995―. O PP xustificou a norma na necesidade de dar seguridade xurídica aos propios instrumentos de desenvolvemento comarcal. E, no que respecta á súa demora, o partido no goberno escusouse en que até ese momento o proxecto era «experimental» e «piloto» e que, polo tanto, non a consideraron necesaria até ao redor de cinco anos despois do inicio do PDC (X. Palmou Lorenzo ―PP―, DSPG 25/10/1995). O documento debatido no Parlamento de Galicia, o «Proxecto de lei de desenvolvemento comarcal», coñecémolo a través do BOPG (11/9/1995).

Desde a oposición falaban dun proxecto de lei «inconcreto, confuso, abstracto, verbalista, cun elevado contido de cinismo» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 25/10/1995) que procuraba confundir os niveis de planificación territorial e, o máis importante, que renunciaba definitivamente a explorar competencias propias para as comarcas. A ambigüidade do proxecto viña tamén a complicar o vencello entre a planificación e as distintas administracións públicas, feito que para a oposición supuxo entregar a capacidade planificadora ás deputacións provinciais. En definitiva, os grupos da oposición acusaban a Xunta de estar actuando con «inseguridade xurídica total e absoluta» (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 9/5/1995) na tramitación dun corpo lexislativo que non garantía o pluralismo político nos órganos comarcais e que posibilitaba a instauración dunha nova maneira de «caciquismo».

> Parece unha circular de orde interna do PP na que se dá toda unha filosofía propia dunha tesiña de facultade para despois edulcora-la utilización duns órganos de xestión e darlles un poder omnímodo ás deputacións á hora de incidir no territorio. E é unha lei que, ademais, procura ocultar. É unha lei "sombrilla"; procura correr un tupido veo sobre a realidade da Administración galega e sobre esa continua e inxente creación de fundacións e sociedades anónimas. (…) Filosofía coa que tranquiliza-las consciencias (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 25/10/1995).

Un mes despois de coñecerse o proxecto de lei comarcal, o BNG e o PSdeG-PSOE presentaron sendas emendas á totalidade. O BNG, ademais, achegou un texto alternativo no que propuña unha «Lei de Comarcalización de Galicia» (BOPG 16/10/1995) (López Arribas, 1999). Este proxecto, formado por 14 artigos, é presentado, na exposición de motivos, como un texto de bases que require dun desenvolvemento lexislativo posterior. O art. 1 sinala que o obxecto da norma é «constituí-las comarcas e dotalas de personalidade xurídica establecéndoas como entes administrativos propios con capacidade de actuación». Porén, tamén sinalan que non buscan crear unha nova unidade político-administrativa de escala comarcal mentres non se modifiquen —ou supriman— as existentes. Amais, o BNG achegou unha notable crítica ao proxecto comarcal formulado polo PP:

> O texto que propón o proxecto do Goberno non vai precisamente ó fundamental, que ademais debía facer por mandato estatutario, que é o recoñecemento xurídico da comarca, e dedícase a "filosofar" sobre o desenvolvemento comarcal sen introduci-la máis mínima medida correctora no actual urdido administrativo, senón todo o contrario, e sen sancionar legalmente a rede de fundacións, sociedades e demais, que non dubidamos que poden ter utilidade partidaria pero que debería estar lonxe de ser ese o obxectivo dos poderes públicos galegos (BOPG 16/10/1995).

No proxecto de lei de Comarcalización de Galicia presentado polo BNG establecéronse varios «instrumentos», a saber: «mapa comarcal», «consellos comarcais» e «plans de desenvolvemento comarcal», que debían ser aprobados por lei (art. 2). Respecto ao mapa comarcal, sinalouse que un concello podería cambiar de comarca e, de xeito relevante, que as parroquias poderían ser adscritas a outra comarca distinta á do seu concello se os veciños así o decidían (art. 4). Outro dos instrumentos comarcais, os consellos comarcais, eran presentados como os «organismos reitores das comarcas con personalidade xurídica propia e capacidade de actuación» (art. 5), mais debía ser unha lei posterior a que determinase o proceso de constitución e composición dos mesmos, e que se debía facer en base aos resultados acadados nas eleccións municipais (art. 6). Entre as funcións destes órganos, fixadas no art. 7, estaban: aprobaren os

plans de desenvolvemento comarcal, elixiren os órganos de goberno, estableceren o seu funcionamento interno, aprobaren orzamentos, administraren patrimonio, xestionaren servizos públicos ou exerceren accións xudiciais.

O último dos instrumentos previstos, os plans de desenvolvemento comarcal, eran os que gardaban maior relación co proxecto comarcal que finalmente se aprobou. Para o BNG, estes documentos debían fixar as «pautas de actuación económica, social, de ordenación territorial e infraestrutural da comarca» (art. 10.1). A súa elaboración competía aos consellos comarcais, que debían contar con asesoramento técnico e coa participación dos sectores económicos e sociais da comarca (art. 11). Logo, para a súa aprobación debían contar co visto-e-prace do consello comarcal e da Xunta —que podía introducir modificacións—. Ademais, previíase que tivesen unha vixencia de seis anos. Finalmente, contempláronse unhas Directrices de Desenvolvemento Comarcal, que viñan a ser o marco legal baixo o que terían lugar as actividades de desenvolvemento comarcal (art. 12). O obxectivo destas directrices era asegurar que os plans comarcais respondían a un criterio integrador para o desenvolvemento harmónico e equilibrado do territorio.

Ante o rexeitamento desta emenda á totalidade, o BNG presentou varias emendas parciais co fin de modificar algúns dos contidos do proxecto comarcal formulado polo PP (BOPG 16/10/1995). Porén, todas estas emendas, agás algunhas dirixidas a mudar o xeito de redacción e que non implicaban cambios notables, foron rexeitadas (DSPG 25/10/1995). Por exemplo, a emenda 32 procuraba modificar o art. 12 co fin de fixar que a determinación das comarcas lle correspondese á Xunta e non aos concellos. Respecto dos órganos comarcais, a emenda 45 examinaba mudar o art. 20, no sentido de que fixaba os «consellos comarcais», o «Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Comarcal», a «Comisión de Comarcalización» e as «unidades técnicas comarcais». Así, o BNG procuraba deixar fóra —de xeito deliberado— da trama comarcal a Sociedade Comarcal e as fundacións comarcais.

Porén, as emendas de maior calado formuladas polo BNG ían dirixidas a dar un maior poder aos consellos comarcais, pois pretendían convertelos nos órganos de goberno das comarcas (BOPG 16/10/1995). Así, a emenda 47 —que procuraba a modificación do art. 22— consideraba que «o consello comarcal ten personalidade xurídica propia e capacidade de actuación». Respecto da súa composición, este debíase establecer en función dos resultados electorais de cada comarca nas eleccións municipais; deste modo, dunha parte estaría formada por un representante de cada concello e, doutra, serían distribuídos entre as forzas políticas de xeito proporcional segundo os resultados acadados. Logo, os seus membros elixirían os «órganos de goberno e representación». O procedemento de constitución, o número de membros e a súa distribución, e o procedemento de elección dos órganos virían definidos por lei.

Unha parte da crítica da oposición centrouse na ambigüidade que o proxecto de lei achegaba sobre que as fundacións comarcais puidesen executar investimentos públicos. As presións e as críticas desde os grupos da oposición sobre que un ente privado tivese estas competencias fixeron que a Xunta dese marcha atrás e incluíse unha nova redacción do art. 25 relativo ás fundacións comarcais. Na lei definitiva pasábase a sinalar de maneira explícita que «en ningún caso será competencia das fundacións a execución dos investimentos públicos previstos nos plans de desenvolvemento comarcal» (art. 25, *Lei 7/1996*). Este é quizais o cambio de maior envergadura entre o proxecto comarcal presentado polo PP —plasmado no BOPG (11/9/1995)— e a norma finalmente aprobada.

Nun intento por cambiar o rumbo das fundacións comarcais, desde o PSdeG-PSOE e o BNG tamén presentan varias mocións ao longo da década dos 1990. En 1994, o BNG presenta unha moción para suspender a contratación dos xerentes comarcais das fundacións piloto, co

obxectivo de cambiar o modelo de administración das comarcas (BOPG 5/5/1994). Un ano despois, en 1995, o PSdeG-PSOE pide a suspensión das actuacións da Sociedade Comarcal e das fundacións comarcais mentres non se remita ao Parlamento de Galicia o proxecto de lei de Plan Comarcal de Galicia (BOPG 4/5/1995). Noutra moción presentada en 1998, este mesmo partido político pide a disolución de «xeito inmediato» de todas as fundacións comarcais (BOPG 8/5/1998). Todas estas mocións son rexeitadas no Parlamento de Galicia pola maioría cualificada do PP (DSPG 11/5/1994, DSPG 9/5/1995 e DSPG 12/5/1998).

A *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia* foi outro punto de discrepancia entre Xunta e oposición, respecto ao tema comarcal. O BNG consideraba que esta norma estaba «sacralizando o esperpento comarcalizador» e propuña un texto alternativo —plasmado no BOPG 24/1/1995— que buscaba actuar sobre catro niveis: a parroquia, o concello, a comarca e o conxunto de Galicia. Deste xeito, no art. 4 previánse dous instrumentos básicos de ordenación territorial: as «directrices territoriais xerais» —a escala do conxunto de Galicia— e as «directrices (xerais) comarcais» —a escala de cada comarca—. Por unha banda, no que respecta ás primeiras, un dos seus contidos era a «determinación e división territorial das comarcas de Galicia» (art. 6.1). E, por outra, as directrices comarcais eran vistas como «o marco para a redacción dos correspondentes plans comarcais» (art. 8). Este texto alternativo foi rexeitado pola maioría parlamentaria que retiña o PP.

As discrepancias entre goberno e oposición tamén chegaron á *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia*. Esta lei de bases, a diferenza da española, non contemplaba a posibilidade de crear comarcas como entidades locais, unha situación que xa estaba fixada no propio proxecto de lei (BOPG 16/12/1996). Neste contexto, a norma que se aproba consideraba que eran «entidades locais territoriais» os concellos e as provincias (art. 1, *Lei 5/1997*) e «entidades locais non territoriais» as áreas metropolitanas, as mancomunidades de concellos, os consorcios locais e as entidades locais menores (art. 2, *Lei 5/1997*). Respecto das comarcas, considerábase que o PDC estaba xa consolidado, polo que a presente Lei, na que se seguían as disposicións contidas na *Lei 7/1996*, «elude a configuración das comarcas como entidades locais de carácter territorial, de xeito que estas carecerán, polo de agora, en Galicia, de personalidade xurídica diferenciada» (Preámbulo, *Lei 5/1997*). Entre os motivos que se esgrimen están: «o custo económico e a duplicidade de funcións que isto supoñería, así como a experiencia doutras comunidades autónomas, recomendan atrasala creación de novas administración públicas no noso país» (Preámbulo, *Lei 5/1997*).

Especialmente crítico foi o BNG ao sinalar que non se regulaba a comarca cando tamén se fuxira deste cometido na lei comarcal: «as comarcas non se quixeron regular na Lei de desenvolvemento comarcal, dicindo que o Estatuto as enviaba a entidades locais territoriais. (…) Resulta que, agora, na Lei de administración local de Galicia nin se citan as comarcas» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 18/2/1997). Censuraban, por un lado, que non se fixese ningunha alusión á comarca cando si se normalizaban ámbitos semellantes en escala como as áreas metropolitanas, as mancomunidades ou os consorcios e, por outro lado, que se potenciasen «descaradamente» as deputacións provinciais. Desde este partido político, reclamouse reiteradamente que se contemplaseen as comarcas como entes locais, primeiro como receptoras das competencias de mancomunidades e áreas metropolitanas e, logo, das deputacións.

Neste contexto, os dous partidos da oposición presentaron sendas emendas ao proxecto de lei (BOPG 8/2/1997). O PSdeG-PSOE presentou unha primeira emenda que buscaba a modificación do art. 1 pola que Galicia se organizaría «en provincias, comarcas, no seu caso, municipios e parroquias». Porén, son as emendas presentas polo BNG as que maior relevancia teñen respecto ao tema comarcal. Así, a través da emenda 2, esta forza política procurou a modificación do artigo homónimo do proxecto co obxectivo de incluír a comarca no articulado

USC DE COMPOSTELA

da lei: «gozan da condición de entidades locais non territoriais as comarcas e as entidades locais menores hoxe existentes». Ademais, propuña un segundo punto neste artigo polo que «na medida en que as comarcas galegas vaian organizándose, as funcións e os *servicios* proporcionados polas áreas metropolitanas, as mancomunidades e os consorcios locais poderán ser realizadas polas *proprias* comarcas». Nesta liña, a emenda 5 procuraba a modificación do art. 8 para que as comarcas asumisen competencias municipais, provinciais e das áreas metropolitanas, mancomunidades de concellos e consorcios locais.

A emenda 130 presentada polo BNG suxería a creación dun novo capítulo relativo ás comarcas que se plasmaba no art. 188 Bis 1. Estas eran definidas como «entidades locais integradas por municipios que teñen vínculos económicos, sociais, culturais e unhas circunstancias xeográficas e territoriais similares que as fan acaídas para abordar determinados *servicios* e actuacións económicas» (art. 118 Bis 1.1). Neste contexto, a Xunta «estimulará, potenciará e axudará directamente á constitución de comarcas como un sinal de identidade da Administración local galega» (art. 118 Bis 1.2.b). Os mecanismos de constitución das comarcas debían vir determinados por Lei e comezaríase polas que contasen cunha «virtualidade no social, económico, xeográfico e cultural, clara» (art. 118 Bis 1.3.a). Entre as competencias que estaban chamadas a exercer encontrábanse as seguintes: planificación económica, ordenación dos usos do solo, transporte, recollida e tratamento de residuos, infraestruturas viarias, mercados, matadoiros, prevención e extinción de lumes, protección civil ou soporte técnico municipal (art. 118 Bis 2.1). Tamén se sinalaba que as competencias delegadas polos concellos eran voluntarias, mentres que as deputacións estaban na obriga.

Finalmente, contemplábase a creación en cada comarca dun «consello comarcal» como «órgano reitor» (art. 118 Bis 3.1). Os seus membros serían elixidos en base a dous mecanismos: por unha banda, cada concello da comarca designaría un represente e, por outra, o resto dos membros serían repartidos de xeito proporcional entre as forzas políticas segundo os resultados acadados nas eleccións municipais nas respectivas comarcas (art. 118 Bis 3.2). Apuntábase a que entre as competencias do consello comarcal estaba a de elixir un «presidente» (art. 118 Bis 3.3). Porén, será unha lei posterior a que regule o proceso de constitución dos consellos comarcais, o número de membros, o procedemento de elección e a súa organización interna.

Para rematar, cómpre facer referencia a unha proposición de lei formulada polo BNG, que foi presentada como «Lei de comarcas» (BOPG 10/5/1999). Na exposición de motivos sinalábase que o obxectivo da lei era «establece-lo proceso paulatino e progresivo de dotar de personalidade xurídica as comarcas galegas e que se constitúan como entes locais na administración pública do país». Neste contexto, dicían que a comarca era a ferramenta máis axeitada para a prestación de actividades e servizos básicos á poboación e para acadar un desenvolvemento equilibrado. Tamén consideraban que a comarca era un instrumento axeitado para «contribuír á simplificación administrativa, sendo o ente que debera ir suplindo en moitas funcións as deputacións provinciais e absorbendo paulatinamente o papel que hoxe cumpren, (…) mancomunidades e convenios municipais ou áreas metropolitanas». O obxectivo que se perseguía era unha estrutura administrativa máis reducida e simplificada.

O proxecto de lei de comarcas de Galicia presentado polo BNG consta de 42 artigos, que se agrupaban en nove títulos (BOPG 10/5/1999). A grandes trazos, este proxecto gardaba grandes similitudes coas emendas presentadas polo BNG á *Lei 5/1997*, aínda que nesta ocasión todos os contidos aparecían máis desenvolvidos. Así, o art. 1 consideraba que a comarca tería «personalidade xurídica propia, plena capacidade de actuar e autonomía para o cumprimento dos seus fins» e que gozaría «da condición de entidade local territorial de carácter supramunicipal». Tamén se determinaba que estaría formada por «municipios limítrofes con características xeográficas, socioculturais, económicas e históricas similares e interese común»

USC DE COMPOSTELA

(art. 1). Entre os obxectivos das comarcas sinalábanse: a estruturación do territorio, a elaboración e xestión de plans de desenvolvemento, a prestación de servizos e actividades supramunicipais, a cooperación municipal e a asunción dos fins de deputacións, mancomunidades e áreas metropolitanas (art. 2).

A iniciativa para a creación das comarcas era competencia dos concellos —todos ou algúns dos concellos que a vaian integrar, mediante acordo da maioría dos membros da corporación municipal—, das mancomunidades e áreas metropolitanas —que integre polo menos a dous terzos dos concellos da comarca— ou do Consello da Xunta (art. 8). Porén, sinalábase que se algún concello rexeitaba entrar na comarca a súa decisión sería respectada. Neste sentido, os concellos tamén tiñan liberdade para mudar de comarca (art. 5) e a comarca de denominación (art. 5). Entre as competencias —algunhas xa contempladas nas emendas presentadas polo BNG á *Lei 5/1997*— que se consideraban podemos atopar: ordenación do territorio e urbanismo, desenvolvemento comarcal, infraestruturas, transportes, feiras e mercados, prevención e extinción de lumes, medio ambiente, xestión de residuos sólidos, acción social, cultura, deportes, artesanía e turismo (art. 10). Ademais, tamén se apuntaba que podían asumir outras delegadas dos concellos, deputacións, mancomunidades e Xunta.

Respecto dos órganos de goberno da comarca, falábase de que en todas houbese un «Consello Comarcal», un «presidente», unha «Comisión de Contas» e, de xeito optativo, unha «Comisión de Goberno» (art. 21). O órgano principal e máis importante sería o «Consello Comarcal», que estaría formado por un representante de cada concello —designado polo pleno municipal— e un número de membros determinado en función do total de habitantes. Desta forma, sinalábanse varios intervalos en función do poboación: até 10.000 habitantes correspondían 13 representantes, entre 10.000 e 20.000 serían 17, entre 20.000 e 30.000 o número de representantes ascendería a 19 … e así até para máis de 200.000, caso no que corresponderían 33 membros (art. 20). Entre as funcións deste órgano estaban: aprobar os plans de desenvolvemento comarcal, elixir o presidente entre os seus membros, aprobar o regulamento de funcionamento, o orzamento comarcal e ordenanzas, exercer accións administrativas e xudiciais, adquirir patrimonio, delegar competencias nos concellos, controlar os órganos de goberno, aprobar o cadro de persoal, etc. (art. 30). Finalmente, resulta necesario facer referencia a que neste proxecto formulado polo BNG considerábase que a Xunta, nas comarcas que se creasen, procedería a disolver as fundacións comarcais (DA 5ª).

O debate político en torno a este proxecto de lei non se fixo agardar. Para o BNG, permitía superar a concepción de comarca do PP e consagrar a comarca como «un instrumento que sirva de base a modificación das condicións de vida, para crear un proxecto de territorio, un proxecto de país» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 14/9/1999). Entre os apoios reunidos arredor do proxecto estaban os dos dous deputados de Esquerda Unida-Esquerda Galega —EU-EG— que, pese a mostrar as súas «profundas diferenzas coa concreación da lei», apostaban por darlle o seu apoio para «nun futuro (…) mellorala no trámite correspondente» (A. Guerreiro Carreiras —EU-EG—, DSPG 14/9/1999).

Pola súa banda, o PSdeG-PSOE e o PP mantiñan unha postura contraria ao proxecto ao considerar que a creación dun novo nivel viría a facer máis complexa a estrutura político-administrativa de Galicia. Nesta liña, o PSdeG-PSOE consideraba que as comarcas que propuña o BNG se parecían máis a «minideputacións» e sostiñan que ese modelo comarcal acabaríase complicando a rede administrativa: «esas comarcas dotadas de personalidade xurídica, á diferencia do que se ten feito coa Administración paralela en torno ás fundacións comarcais, converteríanse en máis nichos de caciquismo, moi parecido ó das actuais deputacións» (M. Á. Cortizo Nieto —PSdeG-PSOE—, DSPG 14/9/1999). Para o PP, tratábase dun modelo «arcaico e intervencionista, que vai en contra (…) da simplicidade da Administración, cargándoa dunha

USC DE COMPOSTELA

burocracia innecesaria, que vai en contra da autonomía e independencia dos concellos e que vai en contra (…) de acerca-la Administración ó cidadán» (M. Ruiz Rivas —PP—, DSPG 14/9/1999).

Unha última proposición de lei á que queremos facer referencia é a presentada polo BNG no relativo á ordenación agraria de Galicia (BOPG 19/6/2001). Este proxecto pretendía a regulación da actividade agraria co obxectivo principal de traballar cara a unha política de desenvolvemento e reestruturación das explotacións agrarias e gandeiras. Neste contexto, un dos fins que se establecían era «a ordenación dos usos da terra, que se articulará a través de plans de ordenación comarcal» (art. 1.b), tamén referidos como «plans comarcais (de ordenación) dos usos da terra». Amais, apostábase pola creación de «Consellos rurais comarcais» «en cada cabeceira de comarca», que virían a ser o «órgano consultivo, de participación e asesoramento de carácter local da Xunta de Galicia, en materia agraria e de desenvolvemento rural» (art. 4.1). Tamén sería da súa competencia a elaboración e seguimento dos plans comarcais de ordenación dos usos da terra. A composición e funcionamento destes órganos determinaríase regulamentariamente. Cómpre sinalar que este proxecto de lei non reuniu o consenso político necesario no Parlamento de Galicia para saír adiante.

8.4.5 O proceso de elaboración do mapa comarcal

O mapa comarcal de Galicia, ao igual que a *Lei 7/1996*, vería a luz bastante tempo despois de que a Xunta iniciase o plan experimental de comarcalización, tal e como se abordou *in extenso* no apartado 8.2.3. Esta situación levou á oposición a preguntar en reiteradas ocasións cales ían ser as comarcas. Durante este tempo, as futuras comarcas de Galicia só se coñecían de maneira parcial a través das 20 comarcas piloto que estaban funcionando. A oposición vía nestas divisións piloto unhas delimitacións «aleatorias» que non foron consensuadas cos concellos integrantes nin debatidas no Parlamento de Galicia. Así, falaban nos seguintes termos: «un día aparece a comarca de Ordes, delimítase e fálase da construción de edificacións da sede comarcal nela; outro día aparece a de Lalín; outro día aparece a do Salnés sen Vilagarcía» (F. Trigo Durán —BNG—, DSPG 27/4/1994). O PP argumentaría na súa defensa que as comarcas piloto serían «delimitacións provisorias», e recoñecía que sería unha futura lei de comarcas a que establecese as delimitacións definitivas.

Desde o BNG, o seu líder consideraba innecesarios os traballos pilotados desde a Xunta de Galicia para «descubrir» as comarcas galegas. Segundo X. M. Beiras Torrado, as comarcas estaban xa suficientemente definidas nos escritos xeográficos de Otero Pedrayo. Considera que a realidade de base comarcal está «perfectamente definida (…) desde a xeración Nós. (…) Parece imposible que a Xunta de Galicia de hoxe teña que darlle tantas voltas a mirar cales son as comarcas» (X. M. Beiras Torrado —BNG—, DSPG 9/9/1992). Para este político, as comarcas, desde o punto de vista social e xeográfico, están xa perfectamente esbozadas por Otero Pedrayo na súa *Historia de Galiza* (1962) —véxase o apartado 6.3—.

Así, o camiño escollido polo goberno galego para a aprobación da división comarcal foi especialmente criticado polo feito de que se fixo por decreto e non se debateu no Parlamento de Galicia. Amais, as divisións comarcais foron tamén amplamente cuestionadas. Por unha banda, porque se botaba en falta unha «xustificación rigorosa dos criterios que levan en cada provincia a unha escolla determinada de comarcas e á adscrición dos concellos a estas» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 10/12/1996). Por outra, porque se ignoraba a existencia de mancomunidades estables de concellos que operaban en ámbitos de escala comarcal. O envío dun mapa-borrador aos concellos co mapa comarcal xa elaborado foi tamén obxecto de disputa ao entender a oposición que se estaba limitando a capacidade de decisión dos concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O PP defendeu en todo momento o respecto dos límites provinciais na configuración do mapa comarcal. Primeiro, porque consideraban que, ao tratarse dun «modelo de coordinación» entre as distintas administracións, o feito de contar con dúas ou tres deputacións dificultaría esta tarefa; e, segundo, porque entendían que «os límites de comarcas que se poidan estender historicamente a máis dunha provincia son practicamente nimios» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 10/12/1996). Porén, para a oposición, o cumprimento das raias provinciais, aínda que tamén das municipais, como punto de partida para a división das comarcas, non respondía aos sinais de identidade propios de Galicia: «partir sobre todo das liñas que dividen as provincias e, nalgúns casos, os concellos para elaborar unha demarcación comarcal, á parte de esquece-la realidade do país, pode producir resultados equívocos e artificiosos» (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG, 10/12/1996). En paralelo, o outro principal partido da oposición afirmaba o seguinte:

> Vostedes xa non están a falar aquí de modelo, vostedes xa elixiron o modelo. (…) As cousas da organización político-administrativa do territorio hai que facelas con consenso e se non é mellor non lles tocar. (…) A proposta de mapa comarcal acendeu a chama dos localismos, acendeu a chama dos egoísmos, acendeu a chama da disgregación, da desagregación ou da *fracturación* política das institucións públicas do país en vez de acende-la chama da vertebración do país (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 10/12/1996).

Para o BNG e o PSdeG-PSOE, o mapa comarcal resultante presentaba numerosas eivas e non respondía de maneira fiel á realidade territorial do país. Sinalábase que durante a configuración do mapa houbo numerosos desacordos e disputas territoriais que se intentaron camuflar desde o Gabinete. Por exemplo, na provincia da Coruña falábase dunha «guerra francamente aberta» e nas de Lugo e Pontevedra de «intifadas» para mostrar os seus desacordos (A. Gato Soengas —PSdeG-PSOE—, DSPG 10/12/1996). Desde o PP restaban importancia a estes conflitos e explicaban que nas provincias de Ourense e Pontevedra o consenso era practicamente absoluto e que en Lugo as «puntualizacións son bastante sinxelas e fáciles de resolver» (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 10/12/1996). Só se recoñecían problemas de delimitación importantes na provincia da Coruña. Isto coincide bastante, de feito, cos cambios observados no mapa comarcal desde o seu borrador oficial e a aprobación definitiva —véxase o apartado 8.2.3—.

Ante as reivindicacións localistas, a oposición sinalou que o PP apostaba pola multiplicación de comarcas como solución: «afondou nos localismos, (…) e perdeuse esa perspectiva de unidade e de vocación comarcal» (I. Rego González —PSdeG-PSOE—, 26/3/1996). Así, por exemplo, da Mariña, di a oposición que foi o Gabinete quen estivo detrás da súa fragmentación económica e social en tres comarcas diferentes (BOPG, 27/12/1995) e o mesmo para A Costa da Morte, onde os partidos da oposición ironizaban que se deitaron un día cunha proposta dunha única comarca e que se espertaron ao seguinte coa mesma crebada en cinco. Considerábase que «esta comarcalización "á carta" reflicte a incapacidade da Xunta para articula-lo territorio», e que o único que lles deixaba era «un sambenito de "minicomarcas", excesivamente fraccionadas que non responde a razóns de tipo social, histórico ou xeográfico» (X. A. Ventoso Mariño —PSdeG-PSOE—, BOPG 8/3/1997). Criticábase o feito de deixar nas mans do Gabinete Comarcal e/ou Sociedade Comarcal a responsabilidade de ir creando «comarcas, comarquiñas e contracomarcas» (I. Rego González —PSdeG-PSOE—, DSPG 27/6/2001) que nada tiñan que ver coa realidade territorial de Galicia.

A Xunta de Galicia vía no seu mapa comarcal, aprobado de maneira definitiva en 1997, o resultado dun longo e laborioso traballo de creación de consciencia comarcal, xa que este labor

foi especialmente intenso naqueles lugares onde a tradición comarcal estaba máis «borrosa». Nestes casos, segundo o conselleiro da Presidencia e Administración Pública, foi preciso ir configurando e definindo as comarcas pouco a pouco tras contar coas opinións dos concellos integrantes (D. Rodríguez Rodríguez —PP—, DSPG 18/9/1991). Con todo, as forzas da oposición e os sectores críticos da sociedade acusaban o goberno galego de estar «inventando (…) Galicia debuxando no mapa unhas e outras comarcas» (X. L. Méndez Romeu —PSdeG-PSOE—, DSPG 10/11/1998). Falaban, desde xeito, da aprobación dun mapa «obsoleto», pensado unicamente para dividir as catro provincias en anacos máis pequenos, sen método e sen planificación. De feito, o mapa estaría afastado do servizo ao territorio e, nin sequera a Xunta era quen de implantalo nas súas consellerías.

> Para que serve o mapa? Segundo a Lei de desenvolvemento comarcal para case nada. Non hai financiamento, non hai personalidade xurídica, non hai competencias, non se abren camiños para transferir competencias, persoal e recursos entre as deputacións e as comarcas. Iso si, permitirá crear unha fundación en cada comarca. Cousa que tamén se fixo e que se podería facer sen o mapa (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 10/12/1996).

8.4.6 O deterioro e desmantelamento do proxecto comarcal

A creación de AGADER a través da *Lei 5/2000,* tal e como vimos no apartado 8.2.4, foi entendida polos partidos da oposición como un feito declarado da debilidade do proxecto comarcal. Este novo instrumento tiña uns obxectivos practicamente idénticos aos da Sociedade Comarcal, feito que demostraba que esta última non era quen de acadar os fins para os que fora creada. Amais, desde as forzas da oposición, acusaban o PP de non acometer unha reestruturación respecto aos organismos que xa estaban en funcionamento. Isto foi percibido polas forzas da oposición como «outro fío máis na arañeira caciquil que cobre todo o país» (X. M. Pazos Varela —EU-EG—, DSPG 21/11/2000). Desde o PSdeG-PSOE presentouse unha emenda á *Lei 5/2000* para que a Xunta procedese, logo da creación de AGADER, á disolución da Sociedade Comarcal e á integración dos seus recursos na primeira (BOPG 28/11/2000). Tamén criticaban que AGADER se crease a través dunha Lei de Medidas Fiscais, cando tiña suficiente importancia para ser obxecto dunha lei e dun debate específicos na materia.

> A Axencia de Desenvolvemento Rural que vén ser a mellor demostración de que os instrumentos establecidos anteriormente rematan nun fracaso. Porque, para que unha Axencia de Desenvolvemento Rural que (…) vai ter os mesmos obxectivos cos que naceu a Sociedade de Desenvolvemento Comarcal? É a gran contradición. (…) Pon un novo ente para seguir tirando dun carro que non tira (F. Sineiro García —PSdeG-PSOE—, DSPG 25/10/2000).
>
> Hai un señor que se chama Precedo Ledo, que todos os anos nos larga unha historia no debate de Comisión sobre a marabillosa actuación da súa Sociedade de Desenvolvemento Comarcal. (…) Imos ter dúas estruturas funcionando en paralelo, planificando en paralelo? (…) Están a recoñecer que en dez anos de gloriosa xestión do señor Fraga, en dez anos non se acordaron de que isto non funcionaba. E véñeno a recoñecer agora (M. Veiga Pombo —PSdeG-PSOE—, DSPG 21/11/2000).

Os últimos anos do goberno de M. Fraga Iribarne coincidiron cun maior abatemento da defensa do modelo de comarcalización por parte do partido no poder, case sen interrupcións, na Xunta nas últimas catro décadas. Non obstante, a finais do ano 2002, aínda rexistramos no Parlamento de Galicia unha postura de defensa do proxecto comarcal por parte do PP. Así, ante

o apoio do BNG a unhas «entidades vivas» que deben ser as comarcas (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 16/12/2002), desde o PP sosteñen o seguinte: «nós consideramos que temos un modelo moito máis eficaz co seu, que o único que fai é trasladar un ente máis, como son as comarcas, co cal ía traer máis gasto, máis burocracia e menos coordinación» (M. Ruiz Rivas —PP—, DSPG 16/12/2002). En outubro de 2004, o conselleiro de Agricultura do PP tamén defendía que os dos obxectivos da Consellería era avanzar na construción de novos centros comarcais (J. A. Santiso Miramontes —PP—, DSPG 19/10/2004).

Despois da saída de A. Precedo Ledo do organigrama gobernamental no ano 2003, semellaba buscarse unha reformulación do proxecto que se escenificaría co traspaso das competencias de desenvolvemento comarcal da Consellería da Presidencia á de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural —véxase, para esta época, o apartado 8.2.4—. Ademais, os obxectivos deixaban de ser tan ambiciosos no sentido de que xa non se procuraba implantar o proxecto en novas comarcas. Os esforzos destináronse a rematar a construción dos centros comarcais previstos, publicar novos estudos de ámbito comarcal e traballar de maneira conxunta con AGADER. De feito, no programa electoral do PP para as autonómicas de 2005, seguiuse a falar da herdanza de fundacións e centros comarcais, pero non se fixo ningunha referencia a seguir avanzando neste sentido.

Durante os derradeiros anos de M. Fraga Iribarne á fronte da Xunta, a oposición continuou cuestionando o labor acometido polos órganos de desenvolvemento comarcal. Entendían que os resultados que ofrecían a Sociedade Comarcal e as fundacións comarcais eran «tan febles e tan cativos» logo de tantos anos de funcionamento que a reorientación do proxecto e o seu traspaso a outro departamento era unha medida insuficiente (X. L. Méndez Romeu —PSdeG-PSOE—, DSPG 25/3/2003). Esta situación levou á oposición a pedir de maneira reiterada no Parlamento de Galicia a supresión do proxecto comarcal e a que o PP recoñecese o seu fracaso nun proxecto de «desenvolvemento comarcal que non serve absolutamente para nada» (I. Rego González —PSdeG-PSOE—, DSPG 6/3/2002). Un exemplo das críticas máis evidentes veu da man do entón líder da oposición tras unha moción de censura presentada polo PSdeG-PSOE a causa da xestión do Prestige no 2002:

> A eliminación e redución ó máximo desa administración paralela, inútil e clientelar, empezando polas fundacións comarcais. Unha a unha hai que pechalas. (…) Fundacións comarcais, que non son máis que elementos de propaganda e de actuación do PP. (…) Instrumentos para, en definitiva darlles emprego a aqueles que desgraciadamente teñen que aceptar que a política é intercambio de votos por favores (E. Pérez Touriño —PSdeG-PSOE—, DSPG 12/12/2002).

Tras as eleccións autonómicas do 2005, a suma de PSdeG-PSOE e BNG permitiu un novo goberno progresista á fronte da Xunta de Galicia. Nos programas electorais cos que ambas as dúas formacións concorreron a estes comicios recoñecían a comarca, aínda que con distintos matices, como peza chave da organización territorial de Galicia. Por unha banda, o PSdeG-PSOE apostaba por unha reformulación da organización territorial para introducir «novas estruturas supramunicipais», a saber: dúas áreas metropolitanas, tres rexións urbanas e «varios ámbitos supracomarcais a determinar» (PSdeG-PSOE, 2005: 35). Deste xeito, o PSdeG-PSOE criticaba a marcada «visión ruralista» coa que se enfocaran as políticas territoriais do PP e apostaba por iniciativas de carácter político-administrativo en novos ámbitos de escala máis ampla que a comarcal.

Por outra banda, desde o BNG defendeuse con maior tesón a adopción de competencias para as comarcas. A comarca era definida como unha «unidade territorial básica» na que «se

poden concretar e acubillar todas as implantacións necesarias para a vida económica, social e cultural das poboacións» (BNG, 2005: 224). Neste sentido, sinalábase que se traballaría na reforma do Estatuto e da Constitución para que Galicia asumise a competencia exclusiva na organización do seu réxime local, réxime que desembocaría na supresión das provincias e no desenvolvemento das comarcas. Porén, asumían que este era un camiño complexo e, mentres non se acadase, propuñan que a administración autonómica actuase para o exercicio das súas funcións sobre unha base comarcal.

No debate de investidura como candidato á presidencia da Xunta de Galicia en xullo de 2005 e cumprindo co previo Acordo sobre Bases Programáticas para a Acción da Xunta de Galicia (PSdeG-PSOE e BNG, 2005), E. Pérez Touriño propuxo «camiñar cara a unha nova organización funcional do territorio de Galicia baseada en comarcas, rexións e áreas metropolitanas» (E. Pérez Touriño ―PSdeG-PSOE―, DSPG 27/7/2005). Ademais, no relativo ás administración locais tamén buscaba a aprobación dunha lei que coordinase as actuacións das deputacións provinciais. Non obstante, non preveu dotar de contido político-administrativo as novas unidades supramunicipais, senón que o que procuraba eran uns «espazos funcionais» que servisen de marco territorial para as actuacións da Xunta: «unha estrutura de planificación de investimentos e de priorización e programación de actuacións» (E. Pérez Touriño ―PSdeG-PSOE―, DSPG 14/9/2005). Neste punto, cómpre sinalar unha diferenza evidente entre os programas electorais dos dous partidos da coalición e o programa de goberno asinado para a lexislatura 2005-2009.

Neste sentido, uns meses máis tarde, o futuro conselleiro da Presidencia e Administración Pública, J. L. Méndez Romeu, explicou que dotar as comarcas e áreas metropolitanas/urbanas de estruturas supralocais con poder político «non sería aceptable» (J. L. Méndez Romeu ―PSdeG-PSOE―, DSPG 27/9/2005). Porén, o outro socio do goberno, o BNG, continuou a reivindicar de maneira clara e decidida desde o Parlamento de Galicia a instauración de comarcas convertidas en verdadeiros entes locais. Argumentaban que a organización territorial de Galicia debía ser «reformulada destemidamente» e que se debía traballar sen «medos estraños» para achegar unha nova organización máis flexible e moderna que convertese a comarca ―e a parroquia― na peza chave (P. González Mariñas ―BNG―, DSPG 27/9/2005). Así, falouse de comarcas no rural e de áreas urbanas e metropolitanas en torno ás principais cidades, mais destas dise que terían a mesma consideración que as comarcas.

Se ben no Acordo programático entre o PSdeG-PSOE e o BNG se falaba de establecer «comarcas», co tempo, precisouse que a escala máis apropiada era a «supracomarcal». Para o PSdeG-PSOE, este ámbito supracomarcal era visto como o máis adecuado á realidade xeográfica, económica e social de Galicia en contraposición ao do PP, ao que se define como «un intento de crear artificialmente un modelo comarcal alleo ás dinámicas económicas e demográficas do país, un modelo que fracasou» (E. Pérez Touriño ―PSdeG-PSOE―, DSPG 14/9/2005). O PP preguntou ao goberno sobre cales eran estes novos espazos supracomarcais cos que buscaba traballar, o que levou ao presidente da Xunta de Galicia a sinalar que as dúas áreas metropolitanas estarían formadas por A Coruña-Ferrol-Carballo e Vigo-Pontevedra-O Porriño e as rexións urbanas constituiríanse en torno ás cidades de Lugo, Ourense e Santiago. Do resto do territorio diríase que aínda non había nada definido, mais exemplificouse o que acontecería coa provincia de Lugo ao sinalar tres ou catro «supracomarcas»: a propia área de Lugo, A Mariña, o espazo artellado arredor de Monforte e, tamén, a «singularidade» da Montaña.

No ano 2006, iniciouse no Parlamento galego o debate en torno a unha reforma do Estatuto de Autonomía. Neste contexto, o BNG presentou o seu proxecto de «Estatuto de Galiza» que, no relativo ao tema comarcal, achegaba importantes cambios respecto ao Estatuto vixente

(BNG, 2006). O art. 54 da proposta estatutaria trataba a «organización territorial» e contemplaba tres niveis político-administrativos: a parroquia, o concello e a comarca, mentres que as provincias desaparecerían. O texto rezaba que Galicia se organizaría «en concellos e comarcas que teñen personalidade xurídica de seu e gozan de autonomía para o exercicio das súas funcións» (art. 54.1). Ademais, neste punto, considerábase tamén que se poderían crear «outras agrupacións de concellos e de comarcas» co obxectivo de garantir a correcta prestación de servizos, de facilitar o adecuado exercicio de competencias e de «recoñecer as singularidades territoriais de Galiza» (art. 54.4), mais non se nomeaban cales podían ser estes ámbitos alternativos.

Nesta liña, contemplouse que as comarcas coordinasen a actuación dos concellos e que contasen con órganos de goberno propios: «as comarcas teñen como finalidade primordial a cooperación e a coordinación dos concellos e a prestación integral dos servizos locais necesarios para o benestar de todos os cidadáns galegos» (art. 54.3). Este mesmo precepto tamén prevía que os órganos de goberno comarcais integrasen representantes de todos os concellos que formasen a comarca (BNG, 2006). Respecto das competencias comarcais, sinalouse que «alén das competencias específicas que a lei determine, corresponderá en todo caso ás comarcas e entidades metropolitanas o exercicio daquelas competencias que os municipios sexan incapaces de exercer satisfactoriamente» (art. 57).

En relación coa reforma do Estatuto, tamén temos coñecemento do texto pactado sobre organización territorial entre as tres forzas políticas na comisión do Parlamento de Galicia aprobada *ad hoc* en 2006. No título específico sobre a materia, consideraban, ademais dos concellos e as provincias, dous niveis máis: un supramunicipal —conformado literalmente por «comarcas», «áreas metropolitanas» e «áreas urbanas»— e outro parroquial. Estes dous novos chanzos contarían, ao igual que os niveis xa recoñecidos pola Constitución —concellos e provincias—, con personalidade xurídica e competencias propias. Á súa vez, dispúñase que as novas entidades serían creadas e reguladas por leis parlamentarias. Porén, non se acadou o consenso necesario para a reforma do Estatuto de Autonomía, ao ser desbotada polo principal partido da oposición naquela lexislatura a inicios de 2007, o que fixo descarrilar o proceso.

Así e todo, a través das intervencións nos debates parlamentarios posteriores vemos que a posición dos partidos políticos sobre o tema local foi de certo enfrontamento. Desde o PP, en palabras do seu líder A. Núñez Feijóo, apostaban por unha maior descentralización de competencias no eido local: «por que non imos descentralizar competencias nos municipios, nas áreas metropolitanas, nas comarcas e nas deputacións, atribuíndolles ás entidades locais máis competencias con garantías de financiamento, e cun único obxectivo: mellorar a vida dos galegos e das galegas?» (A. Núñez Feijóo —PP—, DSPG 29/6/2006). Pola súa banda, desde o BNG, o seu líder A. Quintana González consideraba positiva a introdución das comarcas e áreas metropolitanas como niveis político-administrativos, pero entendía que este paso se debía tomar logo da previa supresión das provincias e dos seus órganos de goberno.

> Está ben que avancemos no Estatuto no deseño territorial, administrativo e político que ten que ser o país. (…) Pero, (…) que lle imos dicir aos cidadáns galegos, que imos facer un novo estatuto para que, ademais dos entes territoriais que temos, (…) imos meter áreas metropolitanas e comarcas? (…) Cando aquí se define un modelo territorial novo (…) hai que dicir o que imos facer e o que imos quitar. E o que hai que quitar, señor Feijóo, son as deputacións (A. Quintana González —BNG—, DSPG 29/6/2006).

Volvendo ao debate en torno ao PDC, a oposición pronúnciase, xa no ano 2005, a favor da súa supresión. Desde o PSdeG-PSOE afirmábase que «o PP coqueteou coa estrutura parroquial

e comarcal, onde varou a pesada nave do clientelismo; isto si, envolta en gastos, fundacións, estruturas e discursos que o único que fixeron foi actualizar o vello control político provincial» (A. Losada Álvarez ―PSdeG-PSOE―, DSPG 11/10/2005). Tamén desde o BNG había unha posición semellante: «algúns dos instrumentos que utilizou no pasado o PP, financiados con recursos públicos, teñen que pasar (…) a mellor vida. Pero déanos tempo, porque (…) vostede sabe que nalgúns deles nin sequera temos nós a capacidade de actuación directa» (A. Suárez Canal ―BNG―, DSPG 10/11/2005).

O desmantelamento do PDC viuse materializado coa aprobación da *Lei 12/2008*. O PSdeG-PSOE ironizaba con que «malamente se pode destruír o que non existe, é imposible destruír nada, porque non hai nada» (M. Soneira Tajes ―PSdeG-PSOE―, DSPG 25/11/2008). Neste contexto de supresión da trama comarcal, o BNG situouse nunha posición difícil, xa que pasou de defender a división comarcal a aprobar unha lei que ía en contra. Porén, desde esta forza política defendeuse que a *Lei 12/2008* non afectaba ao futuro das comarcas e recordáballe ao PP que procuraban a supresión dunha norma que non consideraba as comarcas como verdadeiros entes locais.

Durante o proceso de tramitación parlamentaria, o PP manifestou a súa oposición á aprobación da *Lei 12/2008* que se demostrou coa presentación de 13 emendas parciais e unha á totalidade (BOPG 15/10/2008). Desde o PP falábase da «necesidade de actualizar» algúns dos órganos comarcais ―caso das fundacións e os centros comarcais―, mais tamén estaban de acordo na supresión da Sociedade Comarcal e das unidades técnicas comarcais. Sobre as fundacións comarcais, pedíase a súa reconversión en «Oficinas de desenvolvemento comarcal», que asumirían as funcións atribuídas ás fundacións e engadirían outras derivadas de ser «oficinas delegadas da Xunta». Este cambio tamén afectaría os centros comarcais, que pasarían a ser as oficinas físicas de delegación da Xunta. Porén, sinalábase que estas «oficinas» radicarían nas comarcas onde fose necesario, polo que, a modo de exemplo, falaban da súa necesidade en comarcas como Baixa Limia ou Valdeorras, mais rexeitábanos noutras como Allariz-Maceda. Tamén se demandaba a creación duns «Consellos de consulta e participación comarcal» co fin de que os axentes locais puidesen propoñer iniciativas de desenvolvemento.

As fundacións comarcais seguían a ser os órganos máis cuestionados ao entender que non eran instrumentos útiles ao servizo da administración, senón que foron creados «única e exclusivamente con determinados intereses, sen que se cumpra cunha funcionalidade concreta e sen que teña ningunha utilidade para a sociedade» (T. Paz Franco ―BNG―, DSPG 21/10/2008). Ademais, tampouco vían a súa utilidade posto que un dos seus principais cometidos, a coordinación das administracións e/ou outros entes privados, non se levaba a cabo pola vía da fundación, senón que se constituían mancomunidades ou consorcios. O PSdeG-PSOE e o BNG apuntaban a que a maior parte das fundacións comarcais eran previas á lei comarcal, e que, unha vez se aprobou a lei, creáronse menos, segundo eles, porque obrigaba a articular o proceso de selección do persoal e daquela xa non interesaban tanto: «a inmensa maioría das comarcas non se constituíron quizais porque non había suficientes axentes sociais, privados e públicos, suficientemente domesticados e aquilo que non se controla evidentemente non se constitúe» (M. Soneira Tajes ―PSdeG-PSOE―, DSPG 25/11/2008).

Desde o PP estableceuse unha férrea oposición á supresión do modelo comarcal e acusaron o bipartito de «destruír o modelo existente sen construír unha alternativa clara. (…) Desfacer de xeito importante o vixente modelo de desenvolvemento comarcal, rachando sen pudor e sen alternativa clara os instrumentos establecidos fai máis de dez anos» (A. Rodríguez Miranda ―PP―, DSPG 21/10/2008). Consideraban que o proxecto comarcal, coa introdución dalgunhas melloras, era un modelo válido que debía continuar e que o PSdeG-PSOE e o BNG non tiñan argumentos válidos para o seu desmantelamento alén de quereren desfacer todo aquilo

que considerasen unha «herdanza de Fraga». Criticaban que a Xunta de Galicia se desvinculase das fundacións porque crían que esa situación conduciría á súa supresión e que deixaría no aire a rede de xerentes comarcais, dos que dicían que eran parte do sector público. O único punto de encontro entre goberno e oposición tiña que ver coa supresión da Sociedade Comarcal, xa que ambas as dúas bancadas no Hórreo consideraban que os seus cometidos podían ser asumidos por outros entes.

A supresión do proxecto comarcal foi un proceso lento, segundo o bipartito, por dous motivos, como xa analizamos no apartado 8.2.4. Por un lado, porque a Xunta de Galicia non tiña capacidade de actuación directa sobre as fundacións comarcais —eran os padroados—; e, por outro, porque había algunhas fundacións xestionando programas europeos, o que implicaba ter que actuar cara ao final da lexislatura, no momento en que o programa de financiamento rematase. Deste xeito, a *Lei 12/2008*, que buscaba a supresión do proxecto comarcal e fora recibida con esperanzas polos defensores do PDC, foi paralizada tras a vitoria do PP nos comicios autonómicos de 2009. De feito, no programa electoral do PP falaban dunha «reforma» da lei comarcal co fin de reconverter as fundacións e os centros comarcais en «oficinas de desarrollo comarcal» que «constituirán la presencia de la Xunta en la comarca (…) y funcionarán como delegaciones comarcales interdepartamentales de la Xunta de Galicia» (PP, 2009: 113). Tamén dicían que impulsarían «planes rurales comarcales» —de obxectivos similares aos plans comarcais— co fin de fomentar o desenvolvemento rural.

Pola súa banda, os programas electorais do PSdeG-PSOE e BNG, que optaban á reelección nos comicios de 2009, non facían ningunha alusión a seguir avanzando na desarticulación do PDC. De feito, o programa do PSdeG-PSOE nin sequera recollía ningunha mención —como si fixera en anteriores ocasións— relacionada coa reformulación da organización territorial de Galicia en base a comarcas ou supracomarcas. No caso do BNG si que seguían a apostar pola comarca —e a área metropolitana— como única forma de dar resposta ás formas de vida e ás necesidades da poboación dun xeito eficaz, en coherencia co Estatuto de Nación presentado analizado máis arriba. Así, o BNG volvía sinalar a comarca como peza chave da organización territorial de Galicia e como base para a actuación da administración autonómica; «a elaboración dun novo Estatuto debe dar resposta á cuestión pendente da organización territorial de Galiza, formulando alternativas que, superando o marco provincial e reordenando a plan municipal, dean resposta a formas de vida e a necesidades que só se poden ordenar dun xeito eficaz desde ámbitos comarcais e metropolitanos» (BNG, 2009: 8).

Porén, tal e como xa se explicou no apartado 8.2.4, o PP incumpriu os seus acordos electorais de reformulación do proxecto comarcal e aprobou unhas medidas semellantes ás que propuña o bipartito: a supresión da Sociedade Comarcal e a desvinculación das fundacións —a través da *Lei 15/2010*, que xa comentamos no apartado 8.2.4—. O PSdeG-PSOE e o BNG, agora na oposición, acusaban o PP de estar liquidando as comarcas «sen ruído e sen que ninguén as bote de menos» (X. L. Méndez Romeu —PSdeG-PSOE—, DSPG 11/4/2011). De feito, a oposición consideraba que o PP non tivera a valentía de suprimir o proxecto comarcal durante os goberno de M. Fraga Iribarne cando xa se vía que non se recollía ningún «froito». Tamén crían que se se estaban suprimindo nese momento era porque eles tomaran esa mesma decisión na lexislatura anterior (A. Suárez Canal —BNG—, DSPG 2/11/2011). Polo tanto, pediron ao goberno de A. Núñez Feijóo que non só suprimise o PDC e os seus órganos, senón que tamén recoñecese o seu fracaso:

> Cústalles disolver as fundacións comarcais porque é o recoñecemento do fracaso do PP, que realizou unha comarcalización de Galicia que resultou *fallida*. (…) Disolverán as fundacións os mesmos que as crearon, por certo,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> poñéndolles unha boa lápida despois de ter enterrado previamente centos de millóns de euros (J. M. Lage Tuñas —PSdeG-PSOE—, DSPG 10/11/2010).
>
> Vinte anos máis tarde, logo de investir millóns de euros, (…) agora discretamente están sendo liquidadas. Cal foi o froito desa política de comarcalización ao longo de tantos anos? Absolutamente ningún, ata tal punto que hoxe, cando están sendo liquidadas, ninguén, nin os veciños dos territorios nin os concellos afectados están demandando a súa continuidade (X. L. Méndez Romeu —PSdeG-PSOE—, DSPG 27/3/2012).

A finais do mes marzo de 2012 tivo lugar no Parlamento de Galicia a derradeira mención que consideramos relevante en torno ao proxecto comarcal —como vemos na cita de máis arriba— iniciado, naquela altura, uns vinte anos atrás. Ponse, deste xeito, punto e final ao longo e intenso debate político en torno á comarca ou, máis concretamente, en torno ao proxecto de desenvolvemento comarcal que iniciou o PP a comezos dos 1990. Así, nas novenas eleccións autonómicas que se celebraron en outubro daquel 2012, os dous partidos estatais maioritarios, o PP e o PSdeG-PSOE, omitiron dos seus programas electorais calquera referencia á comarca, unha tónica que se veu repetindo nos vindeiros anos electorais até a actualidade. Só de maneira superflua falaban da potenciación de áreas metropolitanas e mancomunidades de concellos como fórmulas de cooperación intermunicipal (PP, 2012; PSdeG-PSOE, 2012).

Noutro sentido, o BNG seguiu a apostar e reivindicar a comarca. Así, en 2012, procuraban o impulso «á comarcalización administrativa de Galiza, entendida como proceso en que as comarcas se configuran como suxeitos de vertebración territorial con personalidade xurídica propia e cunha finalidade primordial de cooperación, coordinación e prestación conxunto de servizos entre concellos» (BNG, 2012: 49). Nas eleccións de 2016, sostiñan «a eliminación das provincias e da súa referencia como circunscrición electoral, así como a desaparición das Deputacións provinciais. Estruturación do territorio galego a partir dos concellos e as comarcas» (BNG, 2016: 11). Esta mesma consideración —redactada do mesmo xeito— foi recollida no programa electoral para as eleccións últimas autonómicas celebradas en Galicia en xullo de 2020 (BNG, 2020: 12).

O programa electoral do PP para as autonómicas de 2016 considera a elaboración dun «mapa comarcal de servizos locais» que axudase a unha mellor prestación dos servizos. Así, dicían que continuarían a fomentar fórmulas intermunicipais para a prestación de servizos públicos e, de xeito relevante, que potenciarán «as comarcas como espazos singulares dotados de interrelacións e connotacións identitarias propias, impulsando a elaboración dun mapa comarcal de servizos locais» (PP, 2016: 262). Segundo o PP, o obxectivo é contribuír «á racionalización dos servizos públicos municipais a través do modelo de xestión compartida, e serva de base de posibles fusións voluntarias de concellos» (PP, 2016: 262). Nas últimas eleccións celebradas en 2020, o PP non se produce ningunha reivindicación das comarcas.

No caso do PSdeG-PSOE para os comicios autonómicos de 2016, sinalan o seguinte: «impulsaremos a descentralización administrativa como garantía de eficiencia e avaliaremos as posibilidades das comarcas de Galicia dentro do mapa funcional e administrativo, (…) conforme establece o noso Estatuto» (PSdeG-PSOE, 2016: 169). Porén, esta descentralización administrativa e a posibilidade de desenvolvemento das comarcas desapareceu no derradeiro programa electoral desta formación de cara aos comicios de 2020.

Finalmente, desde as coalicións de Alternativa Galega de Esquerda —AGE— e En Marea —EM—, nas que participan partidos nacionalistas de menor alcance como Anova —con representación parlamentaria na novena (2012-2016) e décima (2016-2020) lexislatura—, sosteñen avanzar sobre a comarcalización de Galicia. No programa electoral de EM para as autonómicas de 2016 sinalaban o seguinte: «precisamos unha ordenación efectiva do territorio

que defina novas áreas urbanas ou metropolitanas e que avance no proceso de comarcalización de servizos nas áreas do noso rural», e continuaban dicindo: «implementaremos as comarcas nas zonas máis rurais co fin de crear estruturas administrativas axeitadas para desenvolver unha planificación eficiente da acción do goberno galego, planificación urbanística, políticas de mobilidade, xestión de residuos, servizos sociais, entre outras» (EM, 2016: 74). Non obstante, no programa electoral de Galicia en Común —GeC— para as autonómicas de 2020 desapareceu calquera consideración das comarcas (GeC, 2020).

8.5 CRÍTICAS E MODELOS ACADÉMICOS ALTERNATIVOS

As críticas académicas detectadas ao PDC son abundantes xa desde a década de 1990. En consonancia coa oposición política no Parlamento de Galicia, aparecen voces que cuestionan o xeito en que o proxecto se está a desenvolver. Varias destas posturas van acompañadas de propostas e modelos que procuran ser alternativa ao plan comarcal oficial e que iremos debullando nos apartados seguintes.

8.5.1 Posturas académicas críticas co PDC

A principal crítica detectada ao modelo de desenvolvemento comarcal implantado pola Xunta de Galicia nos anos 1990 céntrase na decisión tomada por esta de que as comarcas non constituísen entes político-administrativos de seu. Desde o campo da Xeografía, Burgueño Rivero (2001) describe este proxecto comarcal como «tecnocrático» ou «gerencial», no sentido de que non é equivalente ao acometido en Aragón ou Cataluña. Tamén Paül Carril (2007) e Paül Carril e Pazos Otón (2009) afianzan a idea de que en Galicia non houbo un verdadeiro proceso de comarcalización homologable ao catalán. Nunha postura similar, Lois González (1999, 2004, 2015) acha que se desenvolveu de xeito «insuficiente» e «pouco ambicioso» ao non ir acompañado de competencias. López Mira (1996, 2000) achega unha contundente reprobación ao considerar que o PDC creaba uns «entes etéreos» e «de ficción» que obviaban as comarcas na organización territorial de Galicia. Para Rodríguez González (2004b, 2004c), as comarcas deviñeron en ámbitos «débiles» ao careceren dun marco de competencias ou de capacidade investidora. Souto González (2007) mantén que a falla de contidos condenou ás comarcas a un «fracaso previsto». Tamén crítico se mostra Doval Adán (2009a) ao considerar que a administración autonómica se limitou a xerar un reducido conxunto de normas lexislativas de contidos «ambiguos y de corto alcance» que non permitiron avanzar na consolidación das comarcas como entes locais.

Ademais do rexeitamento a dotar de competencias e capacidade xurídica propia ás comarcas, outra crítica recorrente ao proxecto comarcal galego ten que ver coa falla de acordo político. Segundo Lois González (1999, 2004), esta foi unhas das eivas máis importantes, xa que sostén que a comarcalización non naceu do consenso político, senón que foi entendida como a aposta dun único partido, o PP. A falla dun proceso de diálogo e negociación cos axentes implicados —alcaldes e presidentes das deputacións provinciais, principalmente— conduciu a que se crease un grupo contrario á comarcalización no que moitos dos protagonistas eran membros do propio PP (Lois González, 1999, 2004; Paül Carril, 2007; Lois González e Aldrey Vázquez, 2011). Os políticos locais vían o avance do proxecto comarcal como unha ameaza directa ás súas competencias, o que levou a que exercesen unha forte presión e até de enfrontamento directo coa Xunta de Galicia.

Para Barreiro Rivas (1997, 1999), as deputacións provinciais, especialmente as de Lugo e Ourense —en mans de dirixentes do PP—, comportaron un freo ao verdadeiro proceso de comarcalización e foron a principal causa do seu fracaso. Segundo este académico, que tamén foi vicepresidente da Xunta de Galicia en dúas ocasións —primeiro co PP e logo con CG—, a

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

oposición interna de moitos membros do PP foi un dos motivos principais polo que o proxecto comarcal non se puido materializar con éxito (Barreiro Rivas, 1997, 1999). Considera que foi por esta circunstancia polo que nin sequera o acordo do Consello da Xunta que daba inicio ao PDC se chegou a aprobar en forma de decreto. Afirma este autor:

> Antes incluso de que se dictase las primeras disposiciones, los conflictos internos del Partido Popular (…) y muy especialmente los que provenían de la siempre díscola provincia de Lugo, dejaron claro que la comarcalización no pasaría de ser una pátina externa y modernista de un vetusto edificio administrativo al que no se le tocarían ninguno de sus elementos esenciales (Barreiro Rivas, 1997: 55).

O PDC foi tamén duramente cuestionado por considerarse que non acadou o fin principal co que foi concibido, isto é, como un instrumento estratéxico destinado á coordinación das actuacións das distintas administracións públicas —como sinalamos no apartado 8.2—. Así, para Ferreira Fernández (1999), o PDC nun puido chegar alén porque non pasaba de ser un simple marco de referencia para as actuacións das administracións implicadas e traspasar eses límites podería ser visto como unha transgresión da autonomía dos entes político-administrativos implicados. Doval Adán (2001a, 2009a, 2009b, 2012), que foi un estreito colaborador do Gabinete Comarcal durante os primeiros anos de andaina do proxecto, afirma que o PDC fracasou debido «a la dificultad que entraña alcanzar objetivos de esta naturaleza, (…) a la resistencia tradicional de las Consejerías y de los Organismos Públicos a ser coordinados, al escaso apoyo político interno y a la reducida dotación presupuestaria» (Doval Adán, 2009a: 86). A imposibilidade de cumprir o principal cometido para o que foi creado levou a que o proxecto se tivese que reorientar de maneira case que obrigatoria. Segundo Doval Adán (2001a: 61-2), o PDC «pronto orientó sus objetivos hacia la fijación y el mantenimiento de las capacidades endógenas» (Doval Adán, 2001a: 61-62).

Os constantes vaivéns e reorientacións sobre a marcha que foi sufrindo o proxecto comarcal desde a súa creación levou a distintos estudosos a pronunciarse ao respecto. Reflexiona Lois González (1999: 298) que «corren ríos de tinta sobre unha cuestión que seguimos sen ter claro para que serve». Segundo este xeógrafo, o PDC converteuse nunha «proposta sen contidos concretos, que só agarda o seu paso á historia» (Lois González, 2004: 131). Tamén López Mira (2000) opinou sobre o talante de «excesiva improvisación» que marcou a boa parte do proxecto comarcal, ao que, tras a súa reorientación, xulgou como un «tímido experimento» enfocado cara ao desenvolvemento local. Xa a finais da década dos 1990, Barreiro Rivas (1997: 56-7) sinalaba que «la comarcalización que se está desarrollando en Galicia se aferra a estrategias de coordinación de las administraciones y de activación de los recursos territoriales, (…) que no alcanza sin embargo a disimular la sensación de tronco hueco que se desprende del modelo diseñado».

Desde o mundo académico, considérase que o PDC era un proxecto destinado ao fracaso case desde o seu principio a causa do seu carácter excesivamente tecnocrático e á carencia duns mínimos de participación cidadá. Opínase que a Xunta de Galicia creou uns instrumentos e órganos comarcais afastados dos controis democráticos, que viñan constituír unha estrutura administrativa excesivamente complexa e que funcionaban de xeito paralelo aos entes locais. En palabras de Burgueño Rivero (2001: 194), tratábase dunha «compleja estructura tecnocrática gubernamental sin los mecanismos de legitimación propios de los entes locales». Para López Mira (1996: 449), no funcionamento destes órganos parecía «brillar al fondo una aureola de neocaciquismo o clientelismo partidocrático». Este estudoso sinala que a falla de participación cidadá foi un dos principais erros que se lle pode achacar ao proxecto comarcal e reproba a súa

«creación y desarrollo en la oscuridad de los gabinetes técnicos de las Consellerías» (López Mira, 2000: 439). Ferreira Fernández (1999: 265) apunta de xeito crítico que se procuraba «someter la acción pública (…) a un régimen jurídico-privado que permita una acción libre (…) del control político que puedan ejercer las instancias democráticamente elegidas por los ciudadanos».

Todos os órganos creados para traballar en materia de desenvolvemento comarcal foron duramente criticados desde o ámbito académico. Do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial, López González e Rodríguez González (1993a) sinalan que só viña ser a xustificación «técnica» das decisións políticas. No caso da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, Ferreira Fernández (1999) non comprende a necesidade desa forma xurídica cando os seus fins os viña acometendo a Administración de xeito directo con anterioridade. Para Lois González (2004), a Sociedade Comarcal acabou converténdose nun mero actor de coordinación de vontades e grupos. Sobre outros órganos, os centros comarcais, apuntan Lois González et al. (2006: 28) que non pasaron de ser uns edificios «que están infrautilizados e que se están a converter en meros escaparates etnográficos do territorio».

Porén, as fundacións comarcais foron os órganos comarcais máis polémicos e controvertidos. Para López Mira (1996), a súa regulación normativa é a que se fai de maneira máis enredada. Ironiza con que a Xunta de Galicia estivese sometida a unha «autotutela», no sentido de que a Administración autonómica exercía o protectorado das fundacións, mais era, á súa vez, fundadora delas e membro dos seus órganos de goberno. Este académico opina que, ao subtraerse da lei as execucións de investimentos públicos previstos nos plans comarcais, os seus contidos víronse reducidos até convertelas en «cascarones vacíos» (López Mira, 1996: 443). Na mesma liña se sitúa Barreiro Rivas (1997: 58), que afirma que a Xunta veu a instrumentalizar e exercer un «evidente control (…) sobre uns órganos teóricamente concebidos para canalizar la actuación de los agentes sociales y económicos de la comarca».

A principal crítica achada ás fundacións comarcais ten que ver coa súa incapacidade para acadar o seu fin principal: poñer en marcha proxectos de desenvolvemento, unha situación que xa avanzamos en Otero Varela e Paül Carril (2018a). Os académicos coinciden en que algúns dos aspectos que impediron este obxectivo foron a reducida dotación de recursos humanos, técnicos e económicos ou a carencia de competencias (Barreiro Rivas, 1997; Díaz Fernández, 2008; Lois González e Aldrey Vázquez, 2011). A imposibilidade de poñer en marcha verdadeiros programas de desenvolvemento levou a Doval Adán (2009: 95) a afirmar que as fundacións comarcais se limitaron «a realizar un trabajo de mero asesoramiento e información a los agentes locales, con escaso impacto y repercusión en el ámbito comarcal». Segundo Rodríguez González (2004b, 2004c), unicamente aquelas fundacións que xestionaron fondos europeos acadaron unha certa incidencia no territorio. Porén, o feito de que en paralelo ás fundacións operasen os GAL/GDR para a xestión de fondos europeos de desenvolvemento rural, levou a estudosos como Doval Adán (2001a, 2001b, 2002a, 2002b) a falar dunha «saturación» de entidades que operaban cos idénticos fins, sobre o mesmo territorio e sen apenas cooperación entre elas.

Outra contundente crítica ten que ver co papel desempeñado por Precedo Ledo á fronte do proxecto de desenvolvemento comarcal. Segundo Lois González (2004), o PDC tivo unha compoñente moi personalista e de escaso consenso, o que conduciu ao progresivo illamento do propio Precedo Ledo. Lois González (2004) considera que os xeógrafos, no caso de teren capacidade real para participaren na organización dun territorio, non deben asumir o seu rol desde a imposición do seu «exclusivo punto de vista persoal» (Lois González, 1999: 297). Neste

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sentido, di que o papel dos xeógrafos debe orientarse a poñer de manifesto as realidades territoriais existentes e non facer propostas «efectivas» de comarcalización:

> Supoño que pode ser certamente pracenteiro trazar liñas enriba dun mapa, (…) pero persoalmente somos moitos os xeógrafos que consideramos máis importante entender primeiro as claves da organización dun espacio e a partir de aí, coñecendo os comportamentos e desexos da comunidade e traballando con outros especialistas, facer propostas modestas de ordenación. Digo propostas, pois aplicar novas divisións do territorio é unha función dos representantes e líderes políticos (Lois González, 1999: 298).

O pouco tacto co que foron tratados os conflitos veciñais en determinados territorios tamén contribuíu a esborrallar o proxecto comarcal. O enfrontamento radicaba en concellos que non se sentían vencellados á comarca proposta ou ben na defensa de determinadas cabeceiras comarcais (Garrido Faraldo e Lois González, 1993). Un caso significativo foi o levantamento popular contra o goberno local e autonómico que se produciu no concello da Fonsagrada a finais de novembro de 1991 e que contou co apoio de concelleiros, partidos políticos e representantes sindicais (Lois González, 2004). O motivo primordial desta mobilización cidadá tivo que ver coa defensa dos servizos agrarios comarcais, que se vían ameazados por un proxecto de reestruturación que procuraba acometer a Xunta de Galicia. Nese proxecto, debuxábase unha extensa «área de servizos agrarios» que abranguía as comarcas da Fonsagrada e Os Ancares e que fixaba a súa cabeceira na vila de Becerreá. Na Figura 8.32 podemos ver parte destas mobilizacións e a presenza de pancartas penduradas na Casa do Concello con lemas moi elocuentes como: «Fonsagrada. Por dereito propio cabeceira de comarca» ou «Sobran razóns para cabeceira de área da extensión agraria».

No conflito da Fonsagrada semella que tamén estaba latente o proxecto de desenvolvemento comarcal que dera os seus primeiros pasos neses anos. En efecto, o levantamento popular reivindicaba unha bisbarra propia como instrumento para corrixir o declive demográfico e económico neste sector de montaña (Lois González, 2004). Neste sentido, o Cuestionario municipal de recoñecemento territorial realizado polo Gabinete Comarcal en 1990 —que debullamos no subapartado 8.2.3— achegaba unha proposta na que o concello da Fonsagrada integraba unha comarca denominada «Terra de Meira e Fonsagrada», aínda que sen sumar o propio concello de Meira. Deste a propia alcaldía contestaron a ese informe sinalando que non estaban conformes, xa que entendían, literalmente, que: «A Fonsagrada ten suficiente identidade para chamarse: Terra da Fonsagrada». Finalmente, pouco tempo despois dos incidentes, en 1992, converteuse á comarca da Fonsagrada nunha «comarca piloto», mais continuouse adiante coa área de servizos agrarios centralizada en Becerreá —véxase subapartado 8.6.1—.

A lexislación en materia comarcal concibida para amparar toda a estrutura comarcal creada tamén foi firmemente reprobada. Para Ferreira Fernández (1999) sorprende o feito de que o proxecto de desenvolvese entre 1990 e 1996 sobre a base dunha «resolución» publicada logo dun acordo do goberno galego que non pasaba de ser unha «mera instrucción política y cuya fuerza normativa vinculante es nula» (Ferreira Fernández, 1999: 258). Ademais, cuestiona que boa parte dos órganos e instrumentos, que logo se formalizarían na lei comarcal —como analizamos no apartado 8.2—, se creasen sen estar programados nin previstos na devandita resolución. López Mira (1996, 2000) ve de xeito negativo que o goberno galego materializase o proxecto comarcal mediante un conxunto de leis, decretos e normas que non consensuou coas administracións político-administrativas preexistentes. Afonda este autor na súa crítica ao

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

considerar que o PP non pretendía dar cumprimento ao mandato estatutario que recollía a comarca como unha entidade local con personalidade e competencias de seu.

Neste contexto, a principal norma en materia comarcal, a *Lei 7/1996*, é referida como un texto «indeterminado» e «voluntarista» que non vén solucionar nada: «en muy pocas ocasiones tuvimos oportunidad de observar en un texto jurídico articulado tan desmedida ansiedad por llenar espacio del boletín oficial. No solo todas y cada una de sus cláusulas son indeterminadas, sino que el voluntarismo campa a sus anchas» (López Mira, 1996: 443). Na mesma liña se pronuncia Ferreira Fernández (1999: 261) ao considerar que a norma comarcal achega un «lenguaje ciertamente críptico y rebuscado (…) a lo largo de todo su articulado, lo que no esconde, sin embargo, una cierta sensación de vacío en el modelo diseñado». Nunha achega máis recente, Lois González (2015) vén dicir que a aprobación desta lei en materia comarcal non pasou de ser un mero «acto simbólico», xa que non supuña ningunha modificación do PDC nin tiña repercusión real na organización do país.

Figura 8.32. Mobilizacións veciñais na Fonsagrada en xaneiro de 1992



Fonte: *El Progreso*, xaneiro de 1992.

A falla de relación entre a lei comarcal e a normativa en materia de ordenación do territorio —*Lei 10/1995*— é outro dos aspectos reprobados na bibliografía xerada sobre esta materia, en parte, porque esta última non afonda na cuestión comarcal cando o proxecto levaba anos

funcionando (López Mira, 1996, 2000). Ademais, a norma sobre ordenación do territorio, en comparativa coa lei comarcal —véxase subapartado 8.2.3—, propoñía un modelo de división territorial e de estratexias de desenvolvemento diferentes para o país e non quedaba claro o xeito en que se ían relacionar os Plans Territoriais Integrados —PTI— e os Programas Coordinados de Actuación —PCA— cos Plans de Desenvolvemento Comarcal (Lois González e Aldrey Vázquez, 2011). De xeito crítico, Ferrás Sexto e Souto González (2002) consideran un erro que a tipoloxía de comarcas —en metropolitanas, urbanas, rururbanas e rurais— non acabase reflectida en documentos legais que servisen de base para a adopción de medidas específicas. Para Souto González (2007), a integración do PDC na Consellería competente en materia de medio rural levou a que se abandonase calquera intento de considerar as comarcas como ferramentas axeitadas para a ordenación do territorio. Garrido Faraldo e Lois González (1993) desaproban que non se fixase a cabeceira ou cabeceiras comarcais, máxime cando este é un paso importante no desenvolvemento de políticas de ordenación do territorio. Pola súa banda, García Álvarez (2008) reproba que os fins e obxectivos formulados no PDC tampouco se conseguisen estender ás principais cidades e áreas metropolitanas de Galicia.

A elaboración e aprobación do mapa comarcal foi tamén acometido baixo unha gran polémica (Lois González, 1999, 2004). As dificultades coas que se atopou o proxecto á hora de determinar os ámbitos comarcais foron notables, no sentido de que se negou a determinados espazos a conformación dunha comarca propia ou se adscribiron certos concellos en territorios cos que non se sentían identificados ou mesmo rivalizaban. Nunhas palabras moi expresivas, Lois González (1999) afirma o seguinte:

> A proposta de comarcalización formulada cambiou polo menos media ducia de veces, creando o escenario propio para que Galicia se convertese no país dos "mapas mutantes", onde de pronto desaparecen a Terra de Soneira ou A Ulloa e logo volven aparecer, xúntanse e segréganse concellos en base a calquera tipo de argumentos (Lois González, 1999: 298).

Neste sentido, Lois González (2004: 132) infire que a «aplicación de modelos moi desiguais de rexionalización baixo unha ficticia coherencia de demarcación» facilitou «asumir calquera reivindicación favorable á definición dunha nova bisbarra». O autor coida que se seguiron dous modelos de comarcalización: un ligado a criterios de funcionalidade polo que a comarca de xustifica a partir dun núcleo cabeceira e a súa área de influencia —fala dos casos de Bergantiños, O Deza, Lemos ou Verín— e outro a criterios de homoxeneidade paisaxística que permite unidades ben delimitadas desde o punto de vista do medio físico —exemplifícao coas comarcas do Baixo Miño, O Eume, A Ulloa ou Valdeorras—. Así, o feito de aceptar distintos criterios de delimitación foi usado como argumento para «xogar» coas comarcas, o que conduciu de xeito irremediable á súa multiplicación (Lois González, 1999, 2004). Garrido Faraldo e Lois González (1993) tamén falan da formación de «tierras de nadie» que correspondían con determinados concellos entre as comarcas que se ían definindo.

Na liña da «multiplicación comarcal» véñense pronunciando outros académicos como Burgueño Rivero (2001: 195), que recoñece que o grao «de fragmentación alcanzado resulta tanto más notable atendiendo el bajo número de municipios» de Galicia. Tamén Paül Carril (2007) sinala o «minifundismo comarcal» do mapa aprobado pola Xunta de Galicia e que se traduce en bastantes comarcas de só dous ou tres concellos. Este xeógrafo tamén indica o desacerto á hora de respectar os límites provinciais na definición das comarcas.

A maiores, para Lois González (1999, 2004), o proceso de delimitación das unidades comarcais fíxose sen ter en conta que determinados sectores de Galicia xa non se explican en chave comarcal. Opina que nos territorios vencellados ás grandes urbes se supera o feito

comarcal e resulta, emporiso, máis oportuno falar de áreas metropolitanas ou urbanas, que veñen definidas por caracteres e relacións funcionais bastante complexas como consecuencia dun proceso de transformación económica, social e cultural. Así, nas comarcas do Eixo Atlántico, onde os procesos de urbanización e metropolitanización son máis extensos, explica Lois González (1999: 303) que a comarcalización consistiu nun «confuso procedemento de agrupar varios concellos».

Entre as razóns que conduciron ao fracaso do mapa comarcal, Lois González et al. (2006) apuntan directamente ao papel desenvolvido pola Sociedade Comarcal. Entenden que o seu illamento de calquera tipo de asesoramento ou estudo territorial alleo aos dos seus técnicos contribuíu de xeito negativo na definición dos ámbitos comarcais. Estes xeógrafos tamén reproban que o mapa comarcal non se formulase como unha proposta ampla, nacida do acordo político entre o partido no goberno e a oposición. Consideran que moitas comarcas que se constituíron responderon exclusivamente ao interese político e ao «amiguismo». Isto levou a varios concellos a formar comarcas por afinidade política e non por coherencia territorial (Lois González et al., 2006). Neste contexto, López Mira (1996, 2000) estende a crítica ao Gabinete Comarcal e ao Consello da Xunta polo feito de tomaren as decisións respecto da delimitación obviando a iniciativa municipal recollida na lei.

Outra postura crítica que garda relación co mapa ten que ver con que este non fose asumido polas distintas consellerías do goberno autonómico, que seguiron desenvolvendo comarcalizacións propias de carácter sectorial pola súa conta —como imos ver no apartado 8.6—. A falla de coordinación entre os distintos departamentos autonómicos, unido a unha insuficiente programación, levou ao país a unha organización totalmente irracional e de «caos» nos servizos (Doval Adán, 2009a). Rodríguez González (2004c, 2010, 2011) mantén que a falla de coordinación entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia á hora de fixar o mapa comarcal —unido á non coincidencia coas mancomunidades de concellos— afectou de xeito negativo á coherencia territorial do país:

> [Non] se logrou acadar, como era unha das súas finalidade principais, un maior nivel de coherencia no que respecta á compartimentación interna do espazo galego. Neste sentido cada liña sectorial da Administración continúa definindo os seus marcos territoriais concretos. As fórmulas de cooperación municipal, tales como as mancomunidades (…) tampouco se axustaron necesariamente ás delimitacións comarcais como sería desexable a fin de lograr unha máis correcta organización espacial (Rodríguez González, 2004c: 144).

En relación co mapa comarcal, desde o ámbito académico vense demandando unha revisión da súa delimitación que implique modificar todos os límites que sexa preciso. Considérase necesario reparar a adscrición comarcal dos concellos que non presentan demasiada integración na comarca á que foron asignados e apóstase por superar os límites municipais e, de xeito máis significativo, os provinciais, á hora de definir as comarcas (Lois González, 2004; Aldrey Vázquez e Vicente Díaz, 2009; Doval Adán, 2009a; Rodríguez González, 2010, 2011). Isto polo que ten que ver coa fixación dos límites destes ámbitos porque, como imos ver nos seguinte apartado, o debate académico de fondo anima a reformular o obxectivo e alcance das propias comarcas.

8.5.2 Contrapropostas e contramodelos académicos

Un dos académicos que máis se significou polas súas achegas ao tema comarcal en Galicia é Lois González. Este xeógrafo considera que as comarcas son as verdadeiras unidades de relación social nas que se organiza o territorio galego (Lois González, 1992, 1993a, 1993b, 1999).

A súa aposta pola comarca vai ligada ao debate ao redor da idoneidade doutras demarcacións territoriais, nomeadamente, o concello e a provincia. En relación con estas outras unidades político-administrativas, defende a comarca como o ámbito territorial máis apropiado grazas, en parte, á súa maior raizame histórica. Ademais, considera que teñen unha dimensión axeitada, xa que non son tan extensas como as provincias e superan en superficie os concellos, o que lles dá certa lóxica como pezas chave do artellamento do territorio (Lois González, 1992, 1999).

A comarca perfílase como o marco territorial de referencia para a poboación unha vez se constatou o desuso dos límites parroquiais e a tendencia á desaparición das comunidades campesiñas (Lois González e Rodríguez González, 1994; Lois González, 1999). Así, este xeógrafo acha que a parroquia vai perdendo forza como unidade representativa da organización social do territorio, non en favor dos concellos, senón das cidades e vilas. Estas foron conformando unidades espaciais máis «amplas» e «complexas», isto é, as comarcas. Segundo Lois González (1992: 136), «estes ámbitos supramunicipais constitúen as auténticas unidades de relación social e económica nas que se organiza o territorio galego unha vez constatado o progresivo declive da realidade parroquial».

As achegas de Lois González ao estudo das comarcas están moi vencelladas, durante toda a súa existencia, á súa relación coas áreas metropolitanas ou rexións urbanas, e mesmo, comarcas urbanas, que supoñen a consideración dunha determinada cidade e a súa orla, que está intensamente conectada con ela por fluxos laborais cotiáns. En 1992, canda Pérez Alberti, presenta un estudo sobre a Xeografía urbana de Ferrol e a súa área. Os autores din que a «"verdadeira" comarca de Ferrolterra» está formada por seis concellos —Ferrol, Ares, Fene, Narón, Neda e Mugardos—, mais logo explican que cumpriría engadir outros tres —Cabanas, San Sadurniño e Valdoviño—, xa que desde o punto de vista histórico, laboral, comercial e das comunicacións estoutros concellos están fortemente ligados á cidade ferrolá (Lois González e Pérez Alberti, 1992) (Figura 8.33). Así, os autores botan man, de xeito explícito, do termo *comarca* para referirse ao espazo supramunicipal rexido por Ferrol.

En 1993, Lois González e Ferrás Sexto formulan a cuestión dunha área metropolitana de Santiago en proceso de formación. De xeito revelador, sinalan que é máis pertinente referirse á área de Santiago como «comarca» que como «área metropolitana», xa que entenden que este último é un termo que implica maiores graos de urbanización no territorio e que, no caso galego, só se debe aplicar á Coruña e Vigo. Sosteñen que o termo «comarca» é máis acaído para a cidade compostelá porque se relaciona «más con el papel que juega la ciudad como cabecera de una serie de sectores próximos que aún mantienen ciertos rasgos naturales» (Ferrás Sexto e Lois González, 1993: 117). A cidade de Santiago exerce a súa influencia sobre os concellos de Ames, Brión e Teo (Figura 8.33), e mesmo sobre «pequeños núcleos subcomarcales», tales como Negreira, Ordes ou Padrón.

Anos máis tarde, en 1996, Lois González realiza un ensaio específico sobre os ámbitos metropolitanos da Coruña e Vigo. No primeiro dos casos, a cidade da Coruña organiza unha «área metropolitana» que se estende por oito concellos —A Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada—, mentres que a de Vigo fai o rol de centro reitor dunha «área metropolitana» integrada por nove concellos —Vigo, Baiona, Cangas, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño e Redondela— (Lois González, 1996). En relación co tema comarcal, defende a idea de que as cidades van incorporando ao espazo metropolitano as antigas comarcas, caso de Vigo sobre o Val Miñor e O Morrazo, da Coruña sobre As Mariñas ou de Santiago sobre A Maía (De Torres Luna e Lois González, 1995; Lois González e De Torres Luna, 1995; Lois González, 1996). Tamén sinala a influencia e os contactos cada vez máis intensos que as principais cidades exercen sobre comarcas tradicionais máis afastadas, tales como Betanzos ou Bergantiños respecto da Coruña ou O Baixo Miño e O Condado en relación

con Vigo. Con todo, Lois González (1996) continúa a falar de «comarcas» na Galicia interior, que veñen conformar a «periferia rural do territorio galego».

En 1998, Lois González, xunto a Martínez Gargamala, presentan unha *Xeografía de Galicia* na que individualizan algunhas das comarcas máis significativas de Galicia. Dedican o sexto capítulo a tratar as «área urbanas, comarcas e localidades». Porén, eles mesmos sinalan que o estudo que presentan «non pretende ser unha análise comarcal, senón un percorrido por Galicia a través das súas vilas, comarcas, cidades e aglomeracións urbanas» (Lois González e Martínez Gargamala, 1998: 91). Cómpre indicar que se refiren aos ámbitos de escala comarcal de maneira diferente. Así, empregan termos máis habituais como «comarca» e «bisbarra», e outros menos frecuentes como «área comarcal» ou «espacio comarcal». O total de ámbitos de escala comarcal que identificamos é de 41 (Figura 8.33).


A Coruña, Santiago e Vigo son cualificadas por estes autores como «aglomeracións urbanas» identificando a súa «área de influencia» nos tres casos, que abrangue os concellos periféricos ás urbes. Isto dá lugar a uns ámbitos de escala comarcal de límites precisos a partir dos concellos que as forman: oito no caso da Coruña, catro no de Santiago e 14 no de Vigo (Lois González e Martínez Gargamala, 1998). Unha mención especial merece a área máis extensa, a de Vigo, xa que aquí os autores recoñecen a presenza de comarcas tradicionais que caen baixo a órbita viguesa como é o caso d'«O Morrazo», «O Val Miñor» e «O Rosal» (Figura 8.33). Das cidades de Ferrol e Pontevedra explican que, pese a proximidade das grandes cidades da Coruña e Vigo respectivamente, manteñen dinámicas propias e rexen cadansúa «área de influencia» —tamén se emprega o termo «bisbarra» para referirse á área de Ferrol— formadas por oito concellos no caso da urbe ferrolá e cinco na de Pontevedra.

Na Galicia occidental, Lois González e Martínez Gargamala (1998) identifican outros ámbitos de escala comarcal aos que se refiren como «outras áreas» ou «outros espacios», no que semella un intento por evitar o emprego dos termos «comarca» ou «bisbarra». Explican que se trata de territorios baixo a influencia das principais cidades, mais que son quen de manter a súa personalidade: «outros espacios que non están moi lonxe, polo que (…) aparecen subordinados ás áreas máis dinámicas de Galicia e que posúen unha certa personalidade como antigas comarcas naturais» (Lois González e Martínez Gargamala, 1998: 99). Este é o caso de unidades de escala claramente comarcal como «Betanzos», «Fisterra», «O Ortegal» ou «O Salnés» (Figura 8.33). Ademais, adoitan definir os centros e subcentros comarcais, como é o caso de Carballo: «auténtico centro de servizos» de «Bergantiños» (Lois González e Martínez Gargamala, 1998: 102) ou de Ribeira: «centro económico máis importante» d'«A Barbanza» (Lois González e Martínez Gargamala, 1998: 103).

Para as provincias de Lugo e Ourense, Lois González e Martínez Gargamala (1998) falan da súa organización interna en «comarcas» (Figura 8.33). En primeiro lugar, consideran a supremacía das cidades de Lugo e Ourense como centros reitores de toda a provincia. Ademais, no caso de Ourense indican que existe unha «periferia exterior» da cidade que inclúe os concellos de Barbadás e San Cibrao das Viñas e de Lugo advirten a súa vinculación cunha serie de núcleos próximos como Meira, Palas de Rei ou Portomarín (Lois González e Martínez Gargamala, 1998). Para o resto do territorio das dúas provincias, os autores identifican oito comarcas no caso de provincia luguesa, como «A Mariña Lucense» ou a «Terra de Chantada», e dez no caso da ourensá, tales como «A Lima» ou «O Ribeiro». Todas estas bisbarras aparecen rexidas por unha ou varias cabeceiras, por exemplo, Vilalba é definida como «centro» d'«A Terra Chá» ou O Barco e A Rúa de «Valdeorras».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.33. Ámbitos comarcais observados en Lois González e Martínez Gargamala (1998)



Fonte: Lois González e Pérez Alberti (1992); Lois González e Ferrás Sexto (1993); Lois González e Martínez Gargamala (1998). Elaboración propia.

Destas datas é tamén a voluminosa *Xeografía de Galicia*, que edita Gran Enciclopedia Gallega entre 1993 e 1999. Conta cun equipo de novos xeógrafos que, baixo a dirección de Pérez Alberti, tratan os distintos aspectos xeográficos de Galicia. Ningún dos seis volumes está dedicado á organización político-administrativa galega, senón que estas cuestións, incluíndo a dinámica comarcal, se atopan dentro dos dous tomos sobre Xeografía Urbana —ambos os dous publicados en 1999—. Porén, a cuestión das comarcas tamén está presente no primeiro dos volumes, o dedicado ás «Viaxes» —de 1993—, no que Pérez Alberti relata as súas andainas polas distintas «comarcas» e «terras» de Galicia. Así, o autor considera que a mellor maneira de iniciar esta Xeografía de Galicia é mediante unha serie de crónicas que recollan as vivencias dun «camiñante observador de vales, chairas e serras da nosa terra» (Pérez Alberti, 1993: 13).

Alén deste primeiro tomo da obra, a cuestión comarcal gaña peso dentro dos dous volumes dedicados á Xeografía Urbana de Galicia, que coordina Souto González. No primeiro deles, o II, trátanse as cuestións relacionadas coas cidades e áreas urbanas de Galicia e na súa


elaboración participan o propio Souto González xunto a Méndez Martínez, Garrido Faraldo e Ferrero González. O outro dos volumes, o VI, contén as vilas galegas e vén da man de Souto González con Álvarez Castro e Rodríguez González. Sobre a cuestión comarcal cómpre sinalar que o feito de que ambos os dous volumes se publiquen en 1999 —seis anos despois do primeiro— implica que o mapa comarcal que a Xunta de Galicia aprobara en 1997 xa fose coñecido —véxase apartado 8.2.3—. Así, os autores recoñecen esta situación e mesmo achegan o mapa das comarcas «oficiais» de Galicia (Souto González et al., 1999a, 1999b).

Alén do mapa comarcal oficial, o número de ámbitos comarcais que podemos identificar nesta achega é de 27 (Figura 8.34). Resulta relevante indicarmos que os autores non dubidan os rachar os límites comarcais decretados en 1997. Así, no primeiro dos tomos sobre Xeografía Urbana, no que tratan a cuestión das principais cidades galegas e as súas áreas de influencia, propoñen para varias das cidades galegas unha «rexión urbana» que non coincide cos límites da comarca «oficial» (Souto González et al., 1999a). Achegan así rexións urbanas —ou áreas de influencia directa— para as cidades da Coruña —dez concellos—, Vigo —sete concellos—, Ferrol —nove concellos—, Ourense —dez concellos— e Pontevedra —oito concellos—. Porén, estas son rexións urbanas *stricto sensu*, xa que os autores recoñecen que se poden ampliar atendendo criterios de dependencia para incluír máis concellos.

Noutro senso, as comarcas propiamente ditas son definidas como «subsistemas de asentamentos, onde os seus elementos, dentro da súa escala, gravitan funcional e financeiramente sobre unha vila cabeceira de marcado carácter urbano» (Souto González et al., 1999b: 16-17). Un dos aspectos máis interesantes en relación co tema comarcal, presente en ambos os dous volumes, ten que ver coa elección de seis comarcas —con límites definidos— para representar a evolución demográfica, a saber: «Barbanza», «Carballiño», «Costa da Morte», «Ribeiro», «Salnés» e «Terra Chá» (Souto González et al., 1999a, 1999b). Resúltanos moi revelador que os límites de todas estas as comarcas non coincidan cos das comarcas «oficiais» e dos que os autores son coñecedores, como ben mostran cando presentan o mapa comarcal que a Xunta de Galicia aprobara uns anos antes. Das seis comarcas, a da «Costa da Morte» é quizais a máis peculiar por canto achega unha denominación e uns límites totalmente diferentes aos da división oficial. Curioso é tamén o feito de que algunhas das comarcas se solapen coas «rexións urbanas» que forman as principais cidades.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.34. «Comarcas» tratadas na *Xeografía de Galicia* que edita Gran Enciclopedia Galega (1993-1999)



Fonte: Souto González et al. (1999a, 1999b). Elaboración propia.

Alén destes traballos de carácter xeográfico, unha das primeiras propostas organizativas —das que temos coñecemento— para o territorio galego é a formulada por López Mira. No ano 2000, n'*Un modelo de organización territorial para Galicia*, presenta un modelo de organización territorial para Galicia en catro niveis: «parroquia», «comarca», «supracomarca» e «rexión». No caso das comarcas, López Mira (1996, 2000) pretende a súa instauración como un ente territorial dotado de competencias e capacidade xurídica propias. Neste sentido, explica que as comarcas están chamadas a asumir, por unha banda, as funcións administrativas dos entes locais —concellos e provincias— e, por outra, as funcións delegadas da administración autonómica. Considera López Mira (1996, 2000) que a asunción da comarca como ente local, ademais de reforzar a vida local comunitaria, viría facilitar o cumprimento da autonomía local. No que respecta ao territorio comarcal, a súa formación levaríase a cabo por «federación» de parroquias. Estas virían determinadas en función de criterios de tipo funcional, isto é, o ámbito que queda baixo a influencia dunha vila cabeceira no que fai á oferta de servizos.

Segundo López Mira (2000), as comarcas contarían con órganos de goberno propios para o correcto desempeño das súas competencias. Habería, pois, unha «Asemblea» ou «Consello Comarcal», que sería elixida polos habitantes da comarca e cuxo número de integrantes estaría marcado en función do volume demográfico. Este órgano encargaríase de elixir unha «Comisión de Goberno», que asumiría as funcións de representación, supervisión, impulso e dirección. Ademais, nunha primeira etapa de funcionamento das comarcas, o autor considera a creación da figura dun xerente comarcal con funcións de «liderado» e para «xestións de anomalías e asignación de recursos». No que respecta ás competencias, os órganos comarcais apropiaríanse das dos concellos e provincias, ademais daquelas que lles transferise o goberno galego. Entre ditas competencias destaca as seguintes: ordenación do territorio e urbanismo, salubridade pública e medio ambiente, servizos sociais, ensino, cultura, deporte, agricultura e gandería ou turismo e lecer (López Mira, 2000).

Ademais das comarcas, López Mira (1996, 2000) tamén contempla a instauración de «supracomarcas», aínda que apunta que esta denominación é totalmente «aleatoria». Un aspecto significativo ten que ver con que se conciben como «zonificacións funcionais» e non como órganos político-administrativos dotados de competencias. Destes ámbitos territoriais sábese que «equivalerían a unha nova división provincial do territorio», mais «menos subxugada a calquera clase de poderes centrais e máis racional en canto ao exercicio de funcións como centros distribuidores de servizos que axuden a erradicar os desequilibrios territoriais» (López Mira, 2000: 482).

En 2004, Lois González presenta *Estructura territorial de Galicia*, un traballo no que propón un novo modelo de organización territorial para Galicia en base a «rexións», «áreas urbanas ou metropolitanas» e «comarcas». En primeiro lugar, logo do conxunto do país galego, o autor aposta por unhas «nove ou dez» rexións, entendidas como «un primeiro nivel efectivo de interpretación, non tanto de xestión, do espazo das catro provincias» (Lois González, 2004: 156). Por unha banda, sete destas rexións estarían centralizadas por cada unhas das cidades galegas e, por outra, cumpriría engadir «A Mariña» e «O Valdeorras», que se presentan como «áreas funcionais autónomas» con trazos ben diferenciados e afastadas da influencia das principais cidades. En segundo termo, suxire a instauración de dúas «áreas metropolitanas» —na Coruña e Vigo— e cinco «áreas urbanas» —en Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago—. En paralelo ao chanzo metropolitano e/ou urbano, funcionarían, no espazo rural, as comarcas ou bisbarras, das que di que serían entre 40 e 60.

Lois González (2004) procura a oficialización das comarcas como o ámbito máis axeitado para corrixir os desaxustes provocados polos concellos e provincias, mais sempre fóra das áreas máis urbanizadas de Galicia. En relación coa división municipal, considera que os concellos son demasiado pequenos para xestionaren determinados servizos, corrixir os problemas de declive demográfico e económico e atraer investimentos e, ademais, acha que son unha demarcación allea ao país. No que fai ás provincias, considéraas estruturas clientelares, opacas e pouco eficaces na xestión. Segundo Lois González (2004), a diferenza do modelo comarcal institucionalizado pola Xunta de Galicia nos anos 1990 —véxase apartado 8.2—, agora, no que respecta ás comarcas e áreas metropolitanas e urbanas, «trátase de crear entidades administrativas, fundamentadas na lexitimidade electoral/democrática, cunha cabeceira a potenciar e cuns obxectivos de goberno explícitos» (Lois González, 2004: 157).

O máis rechamante do modelo organizativo proposto por Lois González (2004) ten que ver coa coexistencia mutuamente excluínte de comarcas e áreas urbanas/metropolitanas, o que se xustifica por tratarse de sectores de distinta complexidade. Ademais, este académico considera que entre as comarcas perfectamente definidas do interior e as áreas urbanas/metropolitanas rexidas polas cidades existen uns ámbitos a medio camiño entre ambas as dúas formas de

USC DE COMPOSTELA

organización que deben ser considerados de xeito singular (Lois González e De Torres Luna, 1995; Lois González, 2004, 2005a, 2005b, 2015; Lois González e Piñeira Mantiñán, 2011). Estes territorios son de carácter comarcal mais están afectados pola urbanización das grandes cidades e, funcionalmente, quedan integrados nesas áreas; en todo caso, o autor considera que teñen suficiente entidade de seu para se converteren en comarcas independentes. Algúns exemplos deste particular tipo de comarcas son «A Barbanza», «O Baixo Miño», «O Eume», «As Mariñas de Betanzos», «O Morrazo», «O Salnés» ou «Terra de Caldas».

Do que non hai dúbida é de que, para Lois González (2004: 157), nas áreas rurais do interior se debe acometer unha comarcalización de tipo funcional «cunha cabeceira ben nítida» e que as comarcas se deben converter en verdadeiras «entidades administrativas». Considera que, se ben as comarcas poden estar marcadas por elementos do medio físico como un val, unha chaira ou un sector litoral, o característico delas é que estean centralizadas por unha vila. Para o autor, estes núcleos actúan como cabeceiras de ámbito comarcal e constitúen, polo xeral, o único lugar dinámico fronte ao abandono da súa periferia: «na maioría dos casos, constitúen os únicos polos dinámicos no medio de áreas rurais en declive demográfico e sumidas na atonía produtiva» (Lois González, 2004: 111).

Contempla que as comarcas teñan un «presidente» e un «consello de goberno» que sería elixido entre os alcaldes e concelleiros da comarca ou como resultado dun proceso electoral (Lois González, 2004). Respecto das súas competencias —que serían similares ás das áreas metropolitanas e urbanas mais nun contexto rural—, di que xirarían ao redor do urbanismo, o transporte, o turismo, a administración común de equipamentos, o desenvolvemento endóxeno, a promoción económica ou a preservación do patrimonio e a paisaxe. Ademais, nas áreas menos dinámicas do interior galego, contempla que a comarcalización vaia acompañada dunha simplificación do mapa municipal, que afecte os concellos de menos de 2.000 habitantes. Segundo Lois González (2004, 2005a), esta medida viría facilitar o camiño ás novas comarcas e áreas metropolitanas/urbanas e axudaría no mellor goberno do territorio sen repercusións negativas na prestación de servizos ou no peche de instalacións.

En achegas máis recentes, Lois González segue a reivindicar varias das cuestións que vén sinalando desde comezos da década dos 1990 en relación co tema comarcal (Lois González, 2012, 2015). Así, en 2009, nun estudo sobre as parroquias galegas que presenta xunto a De Torres Luna, considera que:

> A afirmación do parroquial deberá ser paralela a unha simplificación desexable do mapa municipal, á creación de áreas metropolitanas nos espazos máis urbanizados de Galicia e de comarcas con peso administrativo nos ámbitos rurais. Trátase (…) de recuperar para o século XXI as vellas propostas defensoras de parroquias e bisbarras, ou outras novas territorialidades de nivel supralocal, fronte ás insuficiencias manifestadas desde sempre polas provincias e os municipios (De Torres Luna e Lois González, 2009: 51).

Noutra achega, en *Apuntamentos para o estudo xeográfico (nacional) de Galicia*, Lois González (2015) continúa defendendo a instauración dunhas comarcas con atribucións administrativas e lexitimidade democrática. Considera que estes ámbitos virían outorgar «lóxica», cando menos, á articulación do territorio. En palabras do autor:

> Na actualidade, fai[se] preciso defender a creación de comarcas con atribucións administrativas en toda a Galicia rural e interior, xa que estas permitirían superar unha división provincial pouco útil para o país e racionalizar unha escala de goberno necesaria entre uns concellos demasiado pequenos e unhas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> deputacións afectadas por todo tipo de malas prácticas de xestión (Lois González, 2015: 24).

Tamén Rodríguez González (2004a, 2004b, 2004c, 2005, 2008) asume un papel destacado na procura dun novo modelo de organización territorial para Galicia. Este xeógrafo aposta pola fusión de municipios e a reestruturación da planta local galega en base a uns novos concellos de escala comarcal. Así, en 2004, asume a dirección d'*Os concellos galegos para o século XXI*, unha obra na que profesionais de diferentes disciplinas reflexionan sobre o futuro dos concellos galegos co obxectivo de pescudaren se están en condicións de dar resposta ás responsabilidades que lles son propias (Rodríguez González, 2004a). No segundo volume da obra, Rodríguez González, xunto a Núñez González, Seijas Montero e Iglesias Pérez, presentan *Un modelo aplicativo: o Concello de Deza ¿utopía e viabilidade?*, que consiste nun estudo experimental e alternativo sobre a viabilidade e idoneidade dunha hipotética fusión dos concellos nesta comarca.

De acordo con Rodríguez González (2004b, 2004c), tradicionalmente, apostouse por arranxar as eivas municipais mediante fórmulas de cooperación voluntaria de carácter supramunicipal, tales como comarcas, áreas urbanas/metropolitanas, mancomunidades ou consorcios, mais nunca se avogou pola súa supresión. Neste contexto, Rodríguez González et al. (2004) apostan pola vía da fusión municipal e achegan un estudo sobre as vantaxes que suporía a conversión dos seis concellos que forman a comarca do Deza nun só. Entre os motivos polos que escollen esta comarca —ademais do estudo contar coa colaboración do Concello de Lalín e a implicación do seu alcalde— figura a premisa do que o Deza constitúe unha comarca de carácter «histórico-natural», isto é, considerada como unha das máis «estables» e «definidas» de Galicia e que forma un ámbito «compacto» e «homoxéneo». Tamén se considera apropiada desde o punto de vista funcional, xa que se organiza ao redor dunha cabeceira ben definida, a vila de Lalín (Rodríguez González et al., 2004; Rodríguez González, 2008). Outro motivo pode ser que o autor é natural de dita comarca.

Rodríguez González et al. (2004) falan de dous tipos de fusións: «integral» e «selectiva». Por unha banda, a «fusión integral» procura a creación dun novo concello como resultado da agregación de dous ou máis termos, o que daría como resultado un novo concello que reemprazaría aos anteriores. E, por outra banda, a «fusión selectiva» consistiría no traspaso de competencias, recursos e capacidades dos concellos integrantes ao novo ente local sen que iso lles implique perder a súa identidade territorial. A modalidade «selectiva» sería semellante á das mancomunidades, coa diferenza de que, neste caso, o novo ente local non actuaría por delegación municipal, senón que asumiría directamente as funcións encomendadas con órganos de goberno, responsables políticos, orzamentos e capacidade xurídica de seu.

En Rodríguez González et al. (2004) tamén reflexionan sobre cales serían os órganos dos entes locais resultantes de fusións selectivas. Por unha banda, contemplan un «pleno» como máximo órgano representativo e decisorio, que estaría formado por un «alcalde» e un número determinado de «concelleiros» en función do volume demográfico do novo concello. Estes dividiríanse en «concelleiros delegados» —cando asumen as funcións de goberno— e «concelleiros municipais» —cando a súa misión é representar aos municipios integrantes—. Todos estes cargos, ao igual que na actualidade acontece co alcalde e os concelleiros, estarían integrados en partidos políticos e serían elixidos polos veciños. Por outra banda, falan dunha «Asemblea» como órgano de representación dos intereses de cada un dos antigos concellos, con carácter consultivo e con capacidade de elevar propostas ao Pleno. Esta institución estaría presidida por un «concelleiro municipal» —que é tamén membro do Pleno— e contaría cuns «membros da Asemblea», que serían escollidos polos veciños e que terían a función de

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

representar os intereses e trasladar as preocupacións dos antigos concellos (Rodríguez González et al., 2004; Rodríguez González, 2005, 2008).

Algúns dos beneficios que, segundo Rodríguez González (Rodríguez González, 2005, 2008), traerían os novos concellos son: o aumento do orzamento e dos ingresos; a especialización do persoal ao servizo da administración; a estabilidade e o incremento de servizos, equipamentos e infraestruturas; a racionalización de recursos; a asunción de novas competencias e capacidade de xestión; a redución dos custes na prestación dos servizos; a ampliación do nivel de cobertura á poboación; o incremento da calidade de vida e un maior desenvolvemento territorial; a mellora da capacidade negociadora e un maior grao de autonomía e autogoberno; ou a adopción de decisións con menor presión e maior obxectividade. Ademais, o autor rexeita a idea de que as antigas capitais municipais perdesen a súa significación, xa que, por unha banda, seguirían a ser o lugar de celebración das asembleas e, por outra, manterían a tramitación de asuntos burocráticos, o persoal municipal e os equipamentos e servizos ofertados até antes da fusión.

En calquera caso, Rodríguez González (2005, 2008) recoñece que a vía da fusión municipal debe ser froito do consenso político e social. Explica non se debe facer desde unha mera óptica económica e funcional que teña só en conta criterios de eficiencia e eficacia, senón que se debe ter presente a forza identitaria dos concellos. Convida a «premiar» con incentivos económicos e privilexios financeiros aos concellos que opten pola fusión. Neste sentido, Rodríguez González (2005, 2008) fala tamén de medidas de estímulo no relativo a «campañas informativas» para difundir os beneficios que comportaría a unión e de «estudios técnicos» que permitan fundamentar dita fusión. Tamén considera como un paso necesario a planificación de períodos de adaptación de varios anos para evitar desaxustes e agravios. No camiño da fusión municipal, expresa que, cando o sentimento de identidade da poboación —reforzado polas elites locais— se manifesta en contra da fusión municipal, a mellor alternativa é apostar pola fusión de tipo «selectivo», xa que evita un conflito de grande envergadura e ten un menor custe político e social ao permitir manter a identidade municipal (Rodríguez González, 2005, 2008).

Outro xeógrafo que se significou no estudo comarcal durante a primeira década do presente século foi Souto González. En 2002, presenta unha nova proposta de división para a área ou rexión metropolitana «de Vigo-Pontevedra», na liña dos seus traballos anteriores —véxase o apartado 7.6—. Esta reúne 19 concellos, aqueles nos que, segundo o autor, se dá unha maior mobilidade de poboación entre o centro e a periferia. Considera fundamental contar coas estruturas xa existentes a escala supramunicipal á hora de determinar a área metropolitana, o que lle leva, en primeiro lugar, a ter en conta os concellos que integran a mancomunidade (Souto González, 2002). O feito de reparar nas divisións administrativas preexistentes tamén o conduce a valorar a división en partidos xudiciais e a división comarcal aprobada pola Xunta de Galicia en 1997 —analizada no apartado 8.2.3—. Porén, neste último caso, di que non se debe ter en conta a comarca de xeito íntegro, xa que hai concellos que manifestan una vinculación que non é suficiente.

Establecendo unha relación entre as áreas metropolitanas e as comarcas, Souto González (2009a, 2009b, 2010) considera que as comarcas, tal e como están formuladas, non son quen de asumir de xeito eficaz e eficiente a prestación e coordinación de servizos no conxunto do ámbito metropolitano. Neste sentido, expresa que as comarcas «procuran conservar o que xa non existe homoxeneamente, pois corresponde a outro sistema territorial no que os movementos da poboación e a produción de servizos era menor. Era unha chamada aos sentimentos da terra» (Souto González, 2010: 120). Así, avoga por superar a división comarcal e demanda as áreas metropolitanas, de maior extensión e delimitadas conforme a criterios funcionais. Porén,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ironicamente, a proposta de organización metropolitana que procura non renuncia ás identidades territoriais tradicionais, entre elas, as comarcas.

8.5.3 O estudo académico das cabeceiras de comarca

Vila, *pequena cidade* ou *cabeceira comarcal* son algúns dos termos que se veñen empregando en Galicia para referirse ao chanzo inmediatamente inferior ao formado polas sete cidades. Estes núcleos xogan un papel destacado como organizadores dunha área de influencia de seu de escala comarcal. É evidente que existen unhas tendencias comarcais que proceden do propio dinamismo destes núcleos derivadas dos servizos que prestan á poboación.

A principios da década de 1990, percibimos unha vontade por rachar coas achegas que durante as décadas dos 1970 e 1980 monopolizaron os traballos xeográficos, isto é, o estudo das feiras e mercados —véxase o apartado 7.2—. Neste sentido, De Torres Luna e Lois González (1993) ou Santos Solla (1994) consideran que sería un erro vencellar o mantemento ou auxe das feiras ás cabeceiras comarcais, xa que entenden que hai bastantes capitais municipais que manteñen moi vixente esta función por estaren céntricas ou por contaren cunha forte carga gandeira. No caso contrario, sinalan a decadencia de moitas feiras como consecuencia lóxica da substitución da estrutura económica que vén marcada pola introdución de novas canles de comercialización. Malia esta consideración, interpretan que calquera cabeceira comarcal que pretenda centralizar o espazo rural non pode ignorar as novas formas de feira e mercado, o que contribúe a realzar a súa centralidade. Lois González (1993a) tamén atribúe ás vilas e cabeceiras comarcais outro importante papel que ten que ver coa consolidación dunha consciencia comarcal que deriva da insuficiencia dos concellos á hora de organizaren o territorio.

A ausencia de urbes intermedias entre as cabeceiras comarcais e as sete principais cidades reforza as cabeceiras comarcais como o segundo chanzo do sistema galego de asentamentos. Así, De Torres Luna e Lois González (1995: 738) demandan a necesidade de arbitrarse mecanismos que favorezan o desenvolvemento das vilas: «una propuesta de comarcalización integral del territorio haría posible acomodar la división administrativa existente a la realidad socioeconómica del país y (…) permitiría la conversión de las cabeceras de estos espacios en centros de poder y de decisión». Os autores falan da existencia de entre 40 e 50 cabeceiras comarcais que actúan como indiscutibles centros económicos de ámbitos de escala supramunicipal. Estas caracterízanse por un crecemento demográfico significativo, unha forte especialización terciaria, procesos de industrialización endóxena e/ou unha fisionomía claramente urbana con destacables avances edificativos.

Un dos traballos máis prematuros no campo da Xeografía no que se estuda unha vila galega é o que en 1986 presentan Durán Villa, Lois González, López Elvira e Montoto Quinteiro sobre Viveiro. O significativo desta análise vilega en relación co tema comarcal ten que ver con que os autores consideran o seu tratamento dentro do seu contexto comarcal. Neste sentido, achan que Viveiro non é, malia ser o núcleo con maior volume demográfico, o centro reitor de todo o ámbito comarcal, senón que esta función é desempeñada por un amplo conxunto de núcleos urbanos (Durán Villa et al., 1986). O conxunto de vilas, tales como Burela, Foz, Mondoñedo, Ribadeo ou Viveiro, son incapaces de exerceren a centralización sobre a totalidade da gran comarca, polo que falan dunha compartimentación funcional do espazo onde cada unha organiza pequenas áreas dependentes entre si.

Alén destas achegas, un dos académicos que máis se significou no estudo das vilas e cabeceiras comarcais é Rodríguez González. Este xeógrafo iníciase na década dos 1990 co estudo das vilas de Galicia, o que entendemos que contribúe tamén ao estudo das comarcas (Rodríguez González, 1993, 1994, 1996, 1997a, 1997b, 1999, 2015). En 1992, este xeógrafo presenta a súa memoria de licenciatura sobre a vila de Lalín, da que di que é a «capital» da comarca do Deza —formada polos

USC DE COMPOSTELA

seis concellos que hoxe integran a comarca—. Neste sentido, Rodríguez González (1992) xustifica parte do éxito urbano de Lalín na simbiose entre a propia vila e a «súa comarca natural», ao que lle atribúe o papel de centro abastecedor de bens e servizos, nodo de comunicacións e polo de desenvolvemento industrial (Rodríguez González, 1992, 1995a, 1995b).

Uns anos despois, en 1996, Rodríguez González presenta a súa tese de doutoramento sobre *As vilas do interior: análise xeográfica dun proceso de urbanización*, na que confirma a idea de que o espazo agrario/rural do interior galego se organiza a partir de centros urbanos e as súas respectivas áreas funcionais. Xa na introdución da súa investigación sinala que no interior de Galicia se configura «unha estrutura comarcal en base ás áreas de influencia das diferentes vilas. Comarcas funcionais entendidas como unidades territoriais que gravitan ó redor de centros urbanos onde se localizan actividades terciarias» (Rodríguez González, 1996: 5). Estas ideas serán reiteradas en achegas posteriores do autor como *La urbanización del espacio rural en Galicia* (1997a) ou *De aldeas a cidades* (1999).

Rodríguez González (1996, 1997a, 1999) identifica 31 vilas cabeceiras de comarca. Porén, cómpre sinalar que o estudo se limita ás vilas do interior galego ao considerar que «responden de xeito máis claro cas litorais á tipificación de centros comarcais e tamén porque é máis factible a súa individualización como illas urbanas dentro dun contexto paisaxístico rural» (Rodríguez González, 1999: 10). Non obstante, o autor advirte a existencia de vilas dentro dos espazos urbanos/metropolitanos das principais cidades, nas proximidades destes espazos e nos que corresponden con áreas costeiras periféricas que presentan importantes problemas de accesibilidade. De boa parte destas vilas, Rodríguez González (1996: 37) afirma que constitúen «poboacións que tradicionalmente veñen funcionando como cabeceiras terciarias de comarcas de forte arraigo popular».

Así, na parte occidental de Galicia, estipula a presenza de «rexións urbanas»: «A Coruña-Ferrol» —ou «Golfo Ártabro»—, «Vigo-Pontevedra» —ou «Rías Baixas»— e «Santiago» —ou «Val do Ulla»—. Dentro destas rexións, localiza vilas que están xa plenamente integradas dentro das dinámicas metropolitanas, como é o caso de Arteixo, Baiona, Marín, O Porriño ou Sada, e que, polo tanto, no seu modelo non rexen ámbitos de escala comarcal (Rodríguez González, 1993, 1997a). Pola contra, identifica tamén unha serie de vilas que aínda seguen centralizando a vida social e económica das súas respectivas comarcas tradicionais. Por unha banda, fala de Betanzos, Carballo, Ponteareas ou Tui, que comezan a integrarse cada vez máis nas áreas funcionais das principais cidades. E, por outra, de Caldas de Reis, Padrón, Pontedeume ou as vilas da Ría de Arousa, que, a diferenza das anteriores, contan cunhas dinámicas de crecemento que aínda se manteñen bastante independentes das grandes urbes.

Nunha dinámica completamente distinta, están as vilas costeiras que rexen perímetros de escala comarcal caracterizados polo seu illamento respecto das principais cidades e pola súa marcada personalidade, como é o caso d'«A Mariña lucense», «A Costa da Morte» ou «O Ortegal» (Rodríguez González, 1993, 1997a). Segundo o autor, o feito de ser áreas periféricas está detrás de que as vilas se vaian consolidando como núcleos funcionais e o nivel de dotación de servizos tamén vaia en continuo aumento. O significativo destes espazos ten que ver con que non se destaca un único centro reitor, senón que se forma un subsistema de articulación espacial baseado en varios centros que se complementan de xeito funcional. Este académico destaca Burela, Foz, Ribadeo, San Cibrao e Viveiro na Mariña lucense, Cee-Corcubión, Camariñas e Fisterra na Costa da Morte ou Cariño, Cedeira e Ortigueira en Ortegal.

Porén, o obxecto do traballo de Rodríguez González (1996, 1997a, 1999) céntrase nas 31 vilas identificadas no espazo rural e interior de Galicia. Entre os factores dos que bota man para explicar a elección destes núcleos están a concentración de actividades terciarias, o emprazamento e accesibilidade, o nivel de urbanización, a diversificación da economía, o

desempeño de funcións supramunicipais ou contar cuns volumes demográficos entre 2.000 e 15.000 persoas —se ben este limiar, tal e como sinala o autor, non é un trazo definitorio—. O resultado é unha trama heteroxénea de vilas que son agrupadas en tres categorías: «de montaña», para aqueles núcleos por debaixo dos 2.000 habitantes e que abastecen as comarcas montañosas; «de espacios agrarios», isto é, as vilas entre 2.000 e 5.000 habitantes que rexen comarcas nas que se produciu unha modernización e especialización agropecuaria; e «de economía diversificada», para aqueles núcleos con máis de 5.000 habitantes cunha base industrial e actividades terciarias importantes e cun rápido proceso de urbanización.

N'*A montaña galega: o home e o medio*, que en 1993 presentan Lois González, De Torres Luna e Pérez Alberti, xa se viña sinalando que as vilas de montaña tiñan unha importancia maior, no relativo a resistiren como centros distribuidores de bens e servizos nos espazos máis extremos de abandono e dependencia. Son presentadas como pequenos núcleos rurais que, malia a súa escasa entidade demográfica, exercen como cabeceira administrativa e económica de amplos ámbitos comarcais de montaña (De Torres Luna et al., 1993). Os autores identifican en Galicia sete cabeceiras de comarca: Becerreá, Chantada, A Fonsagrada, Meira, A Pobra de Trives, Quiroga e Viana do Bolo, se ben consideran que tamén se poderían agregar A Cañiza e Maceda.

O significativo do estudo das vilas respecto ao tema comarcal ten que ver con que son consideradas como núcleos centralizadores e organizadores de espazos de escala comarcal. Rodríguez González (1996: 54) defende un «modelo de organización espacial para o interior galego baseado na comarca», xa que «fronte ás áreas litorais de forte impacto do proceso urbanizador, o interior, mantén unha estructura do territorio organizada a partir das vilas cabeceiras». Deste xeito, segundo este académico, «xérase unha serie de subsistemas de asentamentos humanos que dependen funcionalmente do núcleo central» e «considérase así, a comarca dende un punto de vista funcional, como aquel espacio de vida en común delimitado pola zona de influencia dun asentamento urbano» (Rodríguez González, 1996: 54).

A configuración das comarcas baséase na «centralidade» que exercen as cabeceiras comarcais, é dicir, a capacidade de atraer os habitantes da súa periferia para consumiren ou participaren nas súas funcións. Deste xeito, a centralidade móstrase como un elemento revelador, xa que permite diferenciar as vilas cabeceira de comarca doutros núcleos de volumes demográficos semellantes mais que non exercen capacidade de atracción sobre as súas periferias (Rodríguez González, 1993, 1994, 1996, 1997a, 1997b, 1999; Lois González e Rodríguez González, 1996). Tradicionalmente, a centralidade destes núcleos veu marcada por constituíren centros periódicos de intercambio agrario, mais as transformacións sociais e económicas das últimas décadas, ademais de reforzar este papel, inclúen novos elementos. Por unha banda, o potencial comercial do núcleo. E, por outra, a presenza de servizos públicos vencellados á sanidade, á educación ou á administración como consecuencia das políticas de descentralización.

Segundo Rodríguez González (1996, 1997a, 1999), a Galicia rural do interior organízase en «subsistemas de asentamentos de carácter comarcal», onde cada vila cabeceira actúa como centro reitor. O vínculo entre comarca e vila conduce a tres tipos principais de subsistemas: «policéntricos», «debilmente polarizados» e «monocéntricos polarizados». Segundo o autor, os «subsistemas policéntricos» están dirixidos por varias vilas que comparten a mesma área de influencia. Estes son habituais no litoral polo elevado número de núcleos urbanos, mais no interior tamén identifica a comarca de Valdeorras. Os «subsistemas debilmente polarizados» caracterízanse porque o núcleo cabeceira non ten entidade suficiente para satisfacer as demandas da comarca a causa dunha oferta terciaria deficiente ou por estar próximo a outros núcleos maiores ou semellantes, como é o caso de Allariz, Monterroso ou Negreira. E, os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«subsistemas monocéntricos polarizados» significánse por contaren cun centro capaz de satisfacer as demandas da súa área, tales como Ribadavia, Vilalba ou Xinzo de Limia.

Outro aspecto de importancia en relación coas comarcas ten que ver cos seus límites. Neste sentido, Rodríguez González (1997a: 59) considera que «la inexistencia de una acepción única y universalmente válida de lo que se entiende por comarca impide el establecimiento de una delimitación con un trazado estable de las mismas». Para o autor, a cuestión dos límites é unha das tarefas máis complexas e difíciles de precisar de calquera proposta de comarcalización, xa que entende que constitúen elementos «vivos», «cambiantes», «mutantes» e, explica que, aínda que finalmente se establezan, non veñen máis que a responder a uns intereses individuais e a uns determinados criterios de delimitación (Rodríguez González, 1997a). Parte da inestabilidade dos bordes comarcais ten que ver coa adaptación das comarcas aos cambios que se van producindo, como os avances nos sistemas de transporte e comunicación, a introdución de novas actividades económicas ou as mudas nos valores sociais e de comportamento.

Rodríguez González (1997a) mesmo chega a poñer enriba da mesa a idea de que as comarcas funcionais poidan carecer de límites precisos e, para isto, apóiase na existencia de «áreas de indefinición» que dependen indistintamente dunha ou doutra cabeceira comarcal. As comarcas separaríanse entre si por este tipo de «áreas» a causa da existencia de varias esferas de influencia para un mesmo centro —tantas como funcións se localizan no núcleo central—, o que leva, indefectiblemente, á imposibilidade de trazar uns límites claros, continuos e perfectamente definidos.


Neste sentido, a zona de influencia das vilas cabeceira vén marcada en función das actividades comerciais e servizos públicos que se consideraren. Para Rodríguez González (1997a), as actividades vencelladas co comercio constitúen o mellor elemento para trazar a zona de influencia dunha vila, xa que é o que marca dun xeito máis óptimo os fluxos naturais da sociedade. Asume que cada individuo actúa coa máxima liberdade de elección á hora de acceder aos bens e servizos que ofrecen os núcleos cabeceira, se ben existen determinados condicionantes como a propia natureza do ben ou servizo a consumir, a infraestrutura que garante os desprazamentos ou a distribución espacial das unidades ofertantes. Porén, no caso dos servizos públicos, este académico explica que xa hai unha compartimentación espacial previamente definida por parte das administracións que condicionan e dirixen os fluxos humanos cara a uns determinados núcleos (Rodríguez González, 1997a). Así, di que que é máis pertinente falar de «áreas de cobertura» dun servizo que de «áreas de influencia» dunha vila.

O aspecto máis interesante en relación co tema comarcal ten que ver con que a investigación sobre as vilas leva a Rodríguez González (1996, 1997a, 1997b) a achegar unha proposta de división comarcal para Galicia. Representa 54 ámbitos de escala comarcal formados por agrupación de concellos (Figura 8.35). Por unha banda, 30 destas comarcas corresponden coas áreas de influencia das 31 vilas que determina na Galicia interior —trata dentro da mesma comarca O Barco e A Rúa— e, por outra, identifica 24 comarcas que corresponden coas principais cidades e as áreas costeiras e litorais. Porén, cómpre sinalar que dentro deste segundo grupo delimita algunhas comarcas que se poden catalogar como «de interior», mais das que non achega un tratamento específico sobre as súas vilas cabeceira. Este é o caso, por exemplo, das áreas de Padrón, Ponteareas ou Ponte Caldelas —esta última é a única na que non se identifica a existencia de ningunha vila—.

Pese a que o mapa comarcal oficializado pola Xunta de Galicia é destas datas —véxase o apartado 8.2.3—, as comarcas presentan unha certa variabilidade no relativo aos seus límites. Respecto ao mapa comarcal oficial, Rodríguez González (1996, 1997a, 1997b) non considera as comarcas de Castro Caldelas —que inclúe dentro d'«A Pobra de Trives»— e de Muros —que trata dentro da de «Noia»—. Porén, si trata outras áreas de escala comarcal que non oficializa

o goberno galego. O movemento máis habitual é a disgregación de varias delas: «Allariz» e «Maceda»; «Mondoñedo» e a súa parte litoral ao redor de Foz; e «Pontevedra» e o seu interior que pivota sobre Ponte Caldelas. Amais, a comarca do Eume queda circunscrita á parte interior dirixida pola vila das Pontes. A delimitación comarcal de Rodríguez González (1996, 1997a, 1997b) presenta certa similitude con propostas previas de Precedo Ledo. Así, por exemplo, o concello de Baralla intégrase en Lugo, Val do Dubra en Ordes, Padrenda e Pontedeva no Ribeiro ou Muras na Mariña Occidental.

Figura 8.35. Proposta comarcal formulada por Rodríguez González (1996)



Fonte: Rodríguez González (1996, 1997a, 1997b). Elaboración propia.

Ademais das significativas achegas sobre o estudo das vilas de Rodríguez González, outros académicos, maioritariamente desde o campo da Xeografía, destacan na década dos 1990 polos seus traballos ao respecto. Dúas teses de doutoramento, presentadas en 1998, centran a súa análise sobre determinadas actividades terciarias representativas das vilas. Por unha banda, López González (1998), en *Comercio e espacio no interior de Galicia e o occidente da*

provincia de León, focaliza a súa investigación nas actividades propiamente comerciais. E, por outra banda, en torno aos servizos de carácter sanitario, González Pérez (1998) presenta *Contribución al estudio de la Geografía de la Salud en Galicia: las provincias de Pontevedra y Ourense.* Ambos os dous investigadores consideran que as vilas que identifican rexen cadanseus ámbitos de escala comarcal.

Próximos á actualidade, Rodríguez González (2015), novamente, presenta *Pequenas cidades: illas urbanas nun océano rural*, dentro da obra colectiva *A Galicia urbana*, onde volve reivindicar o papel que desempeñan as vilas, pequenas cidades ou cabeceiras comarcais na organización territorial de Galicia, ben como centros que articulan o espazo rural ou ben como núcleos integrados dentro das dinámicas das rexións urbanas. Considera que a maior parte destas vilas «organizan a vida en sociedade das contornas próximas, dando lugar á formación de áreas de gravitación funcional de carácter comarcal» (Rodríguez González, 2015: 538). Explica que, nas últimas décadas, a maior parte das cabeceiras comarcais están vendo como se reforza a súa posición con motivo de varios factores: a localización de servizos públicos de carácter supramunicipal, a consolidación do comercio e a industria, o auxe construtivo, o incremento do consumo da poboación, a canalización de maiores fluxos económicos ou o feito de seren punto de referencia para as actuacións das administracións.

Noutra recente publicación, Barreiro Quintáns et al. (2019) expoñen as dificultades para determinaren o nivel formado polas vilas galegas. Achegan unha selección de 90 vilas para as que seguen como criterio fundamental o de tipo demográfico, isto é, todos aqueles núcleos con máis de 2.000 habitantes —independentemente do seu emprazamento—. Estas víronse completadas cos núcleos definidos como «nodos para o equilibrio do territorio» nas DOT (2011) —véxase apartado 8.6.2— que non alcanzaban o limiar demográfico considerado. Respecto ao noso tema de estudo, o criterio demográfico lévaos a considerar un alto número de vilas próximas ás periferias das cidades que non presentan ningún trazo comarcal. Este é o caso, por exemplo, de Arteixo, O Burgo, Cambre ou O Porto de Santa Cruz na periferia da Coruña.


8.5.4 O papel desenvolto por algunhas editoriais sobre o asunto comarcal

Xa desde os primeiros anos da década dos 1990, observamos un intento por parte dalgunhas editoriais por crear unha colección comarcal, o que semella responder a unha certa «moda» por abordar esta escala. Destaca polo seu traballo a esta causa a editorial Ir Indo, que presenta até tres coleccións diferentes: *Galicia en comarcas* entre 1993 e 1996, *Galicia a fondo* entre 1998 e 2003 e, de novo, *Galicia en comarcas* en 2005. Cómpre sinalar que foron varias as xeracións de xeógrafos que participaron nos equipos redactores dos distintos volumes. Así, por exemplo, nas dúas primeiras series identificamos algúns nomes como os de Formigo Couceiro, López González, Gómez Nieto, González Pérez ou Rodríguez González, sendo ademais este último coordinador dalgún dos volumes. Na colección de 2005 participan xeógrafos como Iglesias Pérez, Miramontes Carballada, Santomil Mosquera ou Taboada Faílde.

A primeira destas coleccións foi presentada entre os anos 1993 e 1996, polo que o mapa comarcal oficializado pola Xunta de Galicia aínda estaba en fase de elaboración —véxase o apartado 8.2.3 deste capítulo—. Esta primeira serie consta de cinco volumes, dirixidos por De Juana López e centrados en cinco comarcas do leste ourensán (Figura 8.36). Nunha comparativa coas comarcas oficiais, podemos observar falla de coincidencia no que respecta tanto aos límites como ao nome de varias das comarcas. Así, por exemplo, algunhas evitan a denominación das súas cabeceiras, como é o caso d'«O Alto Arnoia» ou «O Arenteiro» (De Juana López, 1993a, 1993b, 1993c, 1996a, 1996b). No que fai aos límites, detectamos certas diferenzas nos perímetros d'«O Alto Arnoia» —que non inclúe o concello de Vilar de Barrio—, «A Baixa Limia» —que contén a Verea— ou «O Ribeiro» —que deixa fóra A Arnoia e Cortegada—.

Entre 1998 e 2003, a mesma editorial publica a colección *Galicia a fondo*, na que presenta outros cinco volumes. As cinco comarcas que se tratan nesta nova quenda encádranse na parte do leste e centro ourensán e na zona meridional de Pontevedra (Figura 8.36). A dirección dos volumes é asumida, novamente, por De Juana López (1998a, 1998b, 1998c), ao se suma Rodríguez González (2002, 2003) como coordinador de dous dos tomos. O máis significativo da serie ten que ver con que algunhas das comarcas evitan, outra vez, as denominacións e límites «oficiais», mais, desta volta, o mapa comarcal fora xa oficializado pola Xunta de Galicia —véxase apartado 8.2.3—. Así, por unha banda, úsase o nome de «Baixo Arnoia» no canto de Terra de Celanova e inclúense nela os concellos da Arnoia e Cortegada. Por outra, trátanse de xeito conxunto as actuais comarcas de Caldelas e Trives, ás que se engade na denominación o apelido de «Ribeira Sacra».


Figura 8.36. Comarcas estudadas pola editorial Ir Indo nas coleccións *Galicia en comarcas* (1993-1996) e *Galicia a fondo* (1998-2003)



Fonte: De Juana López (1993a, 1993b, 1993c, 1996a, 1996b, 1998a, 1998b, 1998b); Rodríguez González (2002, 2003). Elaboración propia.

En 2005, a editorial Ir Indo publica unha nova colección comarcal que, a diferenza das anteriores, cobre toda Galicia. Nesta ocasión, os límites das comarcas oficiais son asumidos e respectados, mais non se presenta un volume individualizado para cada unha, senón que, de maneira habitual, achégase un tratamento conxunto para dúas, tres ou mesmo catro delas. Isto implica que o número de perímetros valorado sexa de 30 (Figura 8.37). Por exemplo, «A Mariña e Ortegal» engloba as «tres» Mariñas e Ortegal, ou «A Limia» xunta nunha soa unidade as comarcas «oficiais» da Limia e Baixa Limia. Respecto dos límites comarcais, estes coinciden en todo momento cos aprobados pola Xunta en 1997, mais non acontece o mesmo coas denominacións comarcais. Algúns dos nomes oficializados mudan por outros, como Quiroga que pasa a ser «O Courel», O Barbanza e O Salnés trocan por «Ría de Arousa», Caldas cambia por «Umia», O Carballiño torna en «Arenteiro» ou Fisterra e Terra de Soneira convértense na «Costa da Morte».

Figura 8.37. Comarcas segundo a editorial Ir Indo na colección *Galicia en comarcas* (2005)



Fonte: Ledo Cabido (2005). Elaboración propia.

Unha última colección á que nos queremos referir é a presentado pola editorial A Nosa Terra no ano 2008. En *As Comarcas de Galiza*, un equipo integrado por varios mestres e profesores —denominado Equipo Xea— achegan un pequeno volume para cada unha das comarcas oficiais. Nesta ocasión, os límites da división comarcal de 1997 son coidadosamente respectados, mais introducen algúns cambios no relativo á denominación das mesmas. Identificamos un cambio, ou mellor dito, perfección de nome en tres comarcas: «Baixa Limia-Xurés», «O Courel-Quiroga» e «Umia-Caldas».

8.6 COMARCALIZACIÓNS SECTORIAIS RECENTES DESDE O GOBERNO AUTONÓMICO

Desde a chegada da democracia e a aceptación da autonomía, os departamentos do goberno autonómico veñen xerando, de xeito sistemático, mapas comarcais propios. No apartado 4.5.2 reparamos naqueles anteriores á entrada en vigor do PDC, mais, desta volta, imos centrarnos nas divisións comarcais sectoriais producidas desde a década de 1990. Como imos ver deseguido, algunhas das áreas do goberno galego que máis se significaron na consecución dun mapa comarcal que respondese aos seus intereses específicos foron as de Agricultura, Sanidade e Política Territorial. Os mapas sectoriais producidos nesta etapa presentan, a diferenza dos da década de 1980, unha maior relación co mapa comarcal oficial de 1997.

8.6.1 A institucionalización do desenvolvemento rural

A comezos da década de 1990, podemos falar da aparición no país de «comarcas rurais» ou «comarcas de desenvolvemento rural». Estas teñen a súa orixe na iniciativa LEADER da Unión Europea, que nace como unha nova forma de abordar os desequilibrios e as desigualdades do medio rural a través de iniciativas locais de desenvolvemento que permitan a diversificación da economía en base ás potencialidades endóxenas (Pérez Fra, 2003; Lois González, 2004; Lois González et al., 2006; Paül Carril, 2013; Paül Carril et al., 2016). Para a xestión dos fondos europeos, tómase que os concellos, especialmente os rurais, son demasiado pequenos para poñer en marcha programas de desenvolvemento, o que leva á constitución de Grupos de Acción Local (GAL) —renomeados logo como Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR)—, entendidos como unha agrupación variable de concellos que forman ámbitos territoriais de maior dimensión. Asúmese que estes grupos xeran un mapa supramunicipal de escala comarcal.

A iniciativa LEADER foi aprobada pola Comisión Europea o 15 de marzo de 1991 e, desde esta data, vén funcionando a través de varios períodos de programación: 1991-1993, 1994-1999, 2000-2006, 2007-2013 e 2014-2020 (Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2011). Cómpre indicar que os mapas «comarcais» que se debuxaron nos primeiros períodos, entre 1991 e 2006, achegan uns ámbitos territoriais que nacen do pacto voluntario entre concellos. Porén, a partir do período 2007-2013, co LEADER *mainstreaming* (Dax et al., 2016), a Xunta de Galicia —a través de AGADER— pasa a encargarse da configuración dos perímetros GAL/GDR. Un traballo no que avanzamos nesta dirección foi presentado en Otero Varela e Paül Carril (2018b).


Desde o ámbito académico, Lois González (2004) asume que estes programas implicaron a creación dun «auténtico mapa supramunicipal». Porén, entende que obedece a uns intereses financeiros e a unhas lóxicas partidistas concretas: «apréciase unha unión de territorios por interese. Non se trata como nas comarcas de definir un espazo cun mínimo de coherencia, a partir dunha cabeceira ou por homoxeneidade paisaxística» (Lois González, 2004: 136). Outro aspecto chave destes espazos en relación co tema comarcal ten que ver coa inexistencia dunha cabeceira ou núcleo de referencia que centralice as iniciativas (Lois González, 2004; Lois González et al., 2006). Desde fóra de Galicia, varios estudosos tamén consideran que estas

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

estruturas supoñen un factor de revalorización e recuperación do propio concepto de comarca e da súa funcionalidade (Esparcia Pérez et al., 2000; Plaza Gutiérrez, 2001, 2005).

O primeiro dos períodos de programación, o de 1991-1993, supuxo o financiamento de 53 GAL para o conxunto do Estado español. No caso de Galicia, o LEADER I, que foi xestionado desde o Ministerio competente, conduciu á constitución de catro GAL —que agrupan 19 concellos— (Goyanes Vilar, 1994) (Figura 8.38). Estes primeiros GAL, un por provincia —aínda que un deles presenta carácter interprovincial—, reúnen características comarcais no que ten que ver co feito de xuntar varios concellos e mesmo coa súa denominación. Dúas destas «comarcas»: «Os Ancares» e «Baixo Miño», presentan unha marcada visión «precediana» —véxase apartado 8.2.3—.

Figura 8.38. GAL/GDR para o período 1991-1993



Fonte: AGADER; Goyanes Vilar (1994). Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


O período de programación 1994-1999 implicou a creación de 26 GAL en Galicia, que abranguían 163 concellos (Figura 8.39). Do total de grupos locais, 13 foron financiados a través do programa LEADER II —coordinado xa polo goberno galego— e os outros 13 do PRODER I —dirixido desde o Estado—. Este último naceu como un proxecto do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para financiar a aqueles grupos que quedaron excluídos do LEADER II (Hernández Lafuente, 1998; Álvarez Monteserín, 1999). Este foi tamén o primeiro período de programación no que interviñeron as fundacións comarcais —ver apartado 8.2.1.6— como xestoras de varios dos programas de desenvolvemento, o que supuxo unha interface entre estes órganos xurdidos do proxecto de desenvolvemento comarcal e os GAL para a xestión de fondos europeos. En Galicia, deuse, polo tanto, unha situación de solapamento territorial e de competencias entre ambas as dúas institucións e tamén houbo dificultades de coordinación (Rodríguez González e Lois González, 1999).

Dos 26 GAL que operaron en Galicia durante este período practicamente todos presentan unhas características comarcais claras e definidas. Tres dos catro grupos locais do período anterior continúan e dous deles fano xuntando máis termos municipais. Consecuencia do compromiso entre concellos, o ámbito «comarcal» dos GAL mostra unha forte heteroxeneidade, que vai desde os máis minúsculos como «Ambía» ou «Val do Miño» até os de grande extensión como as dúas «Ribeira Sacra», divididas pola sempiterna delimitación provincial. Algúns dos GAL como «A Fonsagrada», «Comarca de Ortegal» —que emprega na súa denominación o termo «comarca»— ou «Ulloa» rexistran un perímetro que coincide plenamente co das comarcas oficializadas pola Xunta de Galicia en 1997 —véxase apartado 8.2.1.6— (Figura 8.39). Ademais, outras como «Bergantiños», «Monterrei» ou «Terra Chá» tamén concordan, en liñas xerais, coas comarcas oficiais. Outro indicador comarcal ten que ver co uso habitual de topónimos destas características, tales como «Conso-Frieiras», «A Limia» ou «Terra de Montes».

No seguinte período de programación, o do 2000-2006, o número de GAL en Galicia pasou, por primeira vez, a cubrir a totalidade do territorio —agás o concello da Coruña—. Establecéronse 40 perímetros GAL, dos cales 19 estaban financiados por LEADER Plus —tres son de ámbito interautonómico—, 11 por PRODER II e dez por AGADER (Figura 8.40). O programa AGADER foi implantado e financiado de xeito íntegro polo goberno galego para cubrir aqueles territorios que non conseguiron algún dos outros programas (Paül Carril et al., 2016). Isto implicou que, *de facto*, se asentase o LEADER *mainstreaming* (Dax et al., 2016). A pesar das diferenzas de nome, todos os programas contaban coa mesma estrutura e características e, de feito, eran coordinados desde AGADER —véxase apartado 8.2.4—. Este organismo, creado no ano 2000 para traballar en materia de desenvolvemento rural, pasaou a asumir a coordinación e seguimento dos GAL en Galicia —agás os tres GAL interautonómicos, que foron seguidos desde o Ministerio competente—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.39. GAL/GDR para o período 1994-1999




Fonte: AGADER; Hernández Lafuente (1998). Elaboración propia.

O número de concellos que reúnen os GAL galegos é moi variable. Como podemos observar na Figura 8.40, hai ámbitos duns poucos concellos como «Avinza» ou «Ulloa», mentres que outros xuntan cantidades en torno á vintena, especialmente na provincia ourensá, ao redor dos vales do Arnoia, Limia e Miño. Nos GAL do interior, podemos apreciar unha tendencia a constituír unidades territoriais de maior extensión que reúnen varias «comarcas» cuxa identidade tende a quedar patente no propio nome; por exemplo, «Val do Limia-Terra de Celanova» ou «País do Bibei-Ribeira Sacra do Sil». Un aspecto moi significativo ten que ver coa rotura dos límites provinciais, tanto dentro como fóra da comunidade autónoma; así, ademais dos tres GAL interautonómicos —Os Ancares, Pena Trevinca e Ponte dos Santos—, cómpre sinalar algúns como «Montes» ou «Portodemouros», que toman termos municipais de varias provincias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.40. GAL/GDR para o período 2000-2006




Fonte: AGADER; Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Elaboración propia.

Entre 1991 e 2006, a iniciativa LEADER, a través dos programas LEADER I, LEADER II e LEADER Plus, e os concomitantes desta, PRODER I, PRODER II e AGADER, significáronse polo seu carácter selectivo e seren escollidos en función do seu potencial innovador. Porén, desde o período de programación 2007-2013, o programa LEADER pasou a xeneralizarse a todo o espazo rural —dentro do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)— (Paül Carril et al., 2016). Isto supuxo a institucionalización do LEADER *mainstreaming* e un cambio de paradigma na constitución dos GAL/GDR (Dax et al., 2016). Os GAL —agora renomeados como GDR— deixaron de formarse a través de pactos locais entre concellos e a administración autonómica e/ou estatal. No caso de Galicia, foi AGADER quen pasou a desempeñar un papel chave non só na coordinación dos GDR, senón tamén na súa demarcación. Isto implicou tamén que as fundacións comarcais deixasen de ser xestoras destes proxectos —véxase apartado 8.2.1.6—.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Galicia, no período 2007-2023, debuxouse un mapa formado por 31 GDR (Figura 8.41). Observamos unha tendencia á redución dos perímetros, o que supón o avance de «ámbitos comarcais» de maior superficie sobre aqueles máis cativos. Respecto ao período anterior, por exemplo, os tres grupos locais da zona da Mariña intégranse nun só e outros pequenos ámbitos comarcais como O Morrazo, Ortegal ou A Ulloa son fusionados con outros grupos próximos. Ademais do respecto polos límites provinciais e autonómicos, un aspecto significativo ten que ver co emprego de nomes de carácter comarcal para denominar os ámbitos territoriais. Neste sentido, tamén se emprega o termo «comarca» para referirse a algúns dos GDR, tales como «Bergantiños», «Ordes» ou «Ourense».

Figura 8.41. GAL/GDR para o período 2007-2013




Fonte: AGADER. Elaboración propia.

Finalmente, o último mapa de perímetros GDR é o do período de programación 2014-2020. Neste, ao igual que o anterior, a iniciativa LEADER está incardinada como un eixo máis dentro do FEADER (Paül Carril et al., 2016). No caso de Galicia, AGADER continúa a ser o órgano

encargado da xestión dos fondos europeos de desenvolvemento rural e da planificación e delimitación dos GDR. Cómpre indicar que, por primeira vez, o mapa é rescatado —sen cambios— para o período de programación actual, o de 2021-2027.

Os ámbitos que se definen no conxunto do territorio galego son 24 (Figura 8.42). O mapa de GDR vén consolidar dúas tendencias: a súa distribución por todo o territorio —agás os concellos da Coruña e Vigo, por considerarse urbanos— e a redución de grupos locais —contamos sete menos—. Varios dos perímetros GDR mantéñense, en liñas xerais, respecto ao período de programación anterior. Por exemplo, é o caso da Mariña luguesa —agora renomeada como «Terra de Miranda»—, da zona do «Condado-Paradanta», da «Terra de Compostela» ou de Monterrei. Porén, a redución do número de GDR leva á desaparición de diversos perímetros e a integración destes concellos noutros de maior dimensión. O resultado son territorios «comarcais» moi heteroxéneos internamente, como acontece cos da «Costa da Morte», «Ribera Sacra-Courel» ou «Seitura 22».

Figura 8.42. GAL/GDR para o período 2014-2020 e actual



Fonte: AGADER. Elaboración propia.

Alén dos GAL/GDR, as axencias de extensión agraria tamén se significan por definir áreas de ámbito comarcal. As primeiras axencias —hoxe, rebautizadas como Oficinas Agrarias Comarcais (OAC)— creadas en Galicia datan dos anos 1950. As de Negreira e Verín, que entran en funcionamento en 1956, son parte das dez primeiras que funda o Estado para o conxunto do territorio español (Rodríguez Troncoso et al., 2015). Coa chegada da democracia, a organización e xestión destas oficinas, xunto con outras funcións e servizos en materia de agricultura e pesca, foron transferidas, no noso caso, á comunidade autónoma de Galicia —a través do *Decreto 3318/1982*—. Porén, non contamos con datos que nos permitan a reconstrución do/s primeiro/s mapa/s de OAC para o conxunto de Galicia.

Na actualidade, Galicia conta con 67 OAC operativas e, polo tanto, con 67 ámbitos de escala comarcal a cuxo territorio presta servizo esta oficina (Figura 8.43). No pasado, o número destas oficinas agrarias era maior co funcionamento doutras xa extintas como as de Castro de Ribeiras de Lea, Navia de Suarna, Sanxenxo ou Tui (Rodríguez Troncoso et al., 2015). Tradicionalmente, as OAC ofrecen dous tipos de servizos: os propiamente agrarios e os de carácter veterinario. Porén, se ben todas elas contan cos primeiros, os segundos só radican naquelas OAC que veñen coincidir coas comarcas gandeiras —que veremos a continuación—, o que implica que algunhas das OAC, como as de Cedeira, Ponte Caldelas ou O Rosal, por pór algúns exemplos, non ofrezan servizos veterinarios. Ademais, respecto das OAC actuais, cómpre sinalar que algunhas delas, tales como as de Cangas, Forcarei ou Vila de Cruces, funcionan como auxiliares, o que leva a que presten uns servizos máis reducidos —de rexistro administrativo— e só durante uns días á semana.

As OAC emprázanse nas principais vilas e cabeceiras comarcais do país. Respecto á súa estrutura, se ben algunhas, tales como Friol, Silleda ou Vila de Cruces, só prestan servizo ás xentes do seu concello, a inmensa maioría funciona como centro de territorios de escala manifestamente comarcal. Que algunhas das OAC se vexan reducidas a territorios modestos pode responder ao interese da Administración por achegar o servizo á poboación labrega. Alén disto, como podemos observar na Figura 8.43, a semellanza entre as OAC e as comarcas oficiais aprobadas pola Xunta en 1997 —véxase apartado 8.2.3— resulta evidente. Así, unha boa parte das OAC atende un ámbito comarcal que coincide co das «comarcas oficiais» como, por exemplo, as de Carballo, Ponteareas, Sarria ou Xinzo de Limia. Amais, o servizo comarcal agrario tamén recoñece un número considerable de «comarcas oficiosas» que non foron recoñecidas legalmente polo goberno galego na década dos 1990, tales como Cedeira, A Gudiña, Ponte Caldelas ou Redondela.

Cómpre sinalar que, co obxectivo de mellorar a coordinación, as OAC agrúpanse en 15 «áreas». Esta división que integra varias OAC foi a que espertou entre os concellos certa inquedanza ao percibila como ameaza que no futuro puidese implicar o peche dalgunhas oficinas. O caso máis coñecido é o da Fonsagrada, que expuxemos no apartado 8.5.1, e que temía verse desprazada por Becerreá.

En íntima relación coas comarcas agrarias están as comarcas gandeiras, establecidas tamén polo Ministerio de Agricultura. Segundo fontes ministeriais consultadas, a orixe das comarcas gandeiras remóntase aos anos 1950. Porén, só temos coñecemento da división vixente. Na actualidade, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación emprega estes ámbitos comarcais como as áreas sanitarias da gandaría en España desde o punto de vista de saúde animal, isto é, para a aplicación de programas de control de enfermidades, como zonas de restrición ou como base para a organización dos Servizos Veterinarios Oficiais —que xestiona a Xunta de Galicia—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.43. Ámbito de actuación das oficinas agrarias comarcais



Fonte: Oficinas agrarias comarcais; Consellería do Medio Rural. Elaboración propia.

Galicia divídese en 54 comarcas gandeiras (Figura 8.44). As distintas unidades presentan unha alta heteroxeneidade: hainas de grandes dimensións como «Terra de Lemos-Quiroga» ou «Vigo-O Baixo Miño», mentres que outras reúnen tan só dous concellos, tales como «Allariz» ou «A Gudiña». Un aspecto significativo ten que ver co emprego de nomes claramente comarcais para denominar a estes perímetros como «Bergantiños», «A Limia» ou «A Paradanta». Este mapa é moi semellante ao aprobado pola Xunta de Galicia en 1997 —véxase apartado 8.2.3—. Así, por exemplo, na provincia de Ourense, o número de comarcas e os seus límites, agás casos contados como «Allariz», «Maceda» ou «A Gudiña», son idénticos. No resto de provincias tamén podemos observar unha forte correlación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.44. Mapa das comarcas gandeiras




Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Elaboración propia.

Para rematar este apartado, cómpre falar tamén dos distritos forestais, que foron definidos pola Consellería do Medio Rural en 2008. A *Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes* sinala que o perímetro territorial no que implantar os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais debe ser de «ámbito comarcal». Así, a través do *Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia* dividiuse o territorio en «distritos forestais» co fin de ordenar os usos do monte e precisar un ámbito que permitise achegar a administración aos cidadáns. A norma dispón que esta división se fixa en función de condicións de «homoxeneidade estrutural» en base á procura de territorios que alberguen características xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais e paisaxísticas homoxéneas.

O *Decreto 43/2008* fixa 19 «distritos forestais», que son os que representamos na Figura 8.45. O aspecto máis relevante ten que ver co respecto polos límites das comarcas «oficiais», o que na práctica leva a equiparar estes distritos con conxuntos comarcais ou supracomarcais.

Todos presentan unha dimensión territorial considerable, mais é posible observar trazos comarcais tanto neste aspecto como no da súa denominación. O emprego de nomes como «O Barbanza», «Deza-Tabeirós», «A Mariña» ou «Valdeorras» contribúe a darlle aos distritos forestais características propiamente comarcais.

Figura 8.45. Distritos forestais de Galicia




Fonte: *Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia*; Consellería do Medio Rural. Elaboración propia.

8.6.2 Os traballos autonómicos en materia de ordenación do territorio

Un fito de suma importancia en materia de ordenación do territorio deuse en 1995 coa aprobación da *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*. Nela detállanse distintos instrumentos para traballar en materia de ordenación do territorio, algúns deles para proceder a escala comarcal como os PTI ou os PCA. Alén destes, o que se pode considerar como o instrumento máis importante para actuar nesta materia son as Directrices de Ordenación do Territorio —DOT—, xa que deben constituír o marco xeral de referencia, a nivel

do conxunto de Galicia, para o resto de políticas con incidencia territorial. Non foi até entrado o século XXI cando se comezou a traballar a prol deste documento básico en materia de ordenación do territorio, o que implicou que fosen saíndo á luz diferentes propostas con modelos territoriais de alcance comarcal (Figura 8.46). O proceso culminou, como veremos, en 2011 coa aprobación definitiva.

Figura 8.46. Modelos territoriais formulados nos documentos previos á aprobación definitiva das DOT (*Avance* 2004, Aprobación inicial 2008)



Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (2004); Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (2008).

Inicialmente, en 2004, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda presenta o *Avance* das DOT, que constitúe o documento de base sobre o que traballar nesta materia. Respecto ao tema comarcal, asúmese que a planificación territorial está dirixida a áreas supramunicipais con características comúns e achégase unha cartografía de «áreas funcionais homoxéneas». Sobre os criterios seguidos, como indica o propio nome que se lle dá a estas unidades, dise que se busca «unha característica homoxénea en tódalas delimitacións, que ó tempo inclúen elementos heteroxéneos pero que forman parte dunha funcionalidade común en canto área conxunta» (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, 2004: 52). Neste sentido, desde a Consellería competente afírmase apostar por un modelo territorial respectuoso coa realidade, coherente cos antecedentes socioeconómicos e históricos e que atenda ás necesidades de vertebración de Galicia.

O modelo organizativo proposto para Galicia no documento de *Avance* está formado por 44 «áreas funcionais homoxéneas» (Figura 8.47). Destas, cinco defínense como «áreas metropolitanas e urbanas», no sentido de que corresponden cos «ámbitos comarcais de integración territorial máis estreita» rexido polas principais urbes. Outras nove forman o «sistema urbano intermedio», que se presenta como unha agrupación de concellos ou comarcas, que sen contar cunha cidade semellante ás anteriores, no seu conxunto forman unha «área de equivalencia urbana». E, as 30 unidades restantes forman as «áreas de enlace territorial», isto é, zonas que pese a carecer dun núcleo urbano significativo teñen un papel fundamental na organización do territorio e constitúen «circunscricións recoñecidas» (Consellería de Política

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Territorial, Obras Públicas e Vivenda, 2004). Deste xeito, semella que os ámbitos territoriais veñen definidos polo recoñecemento e a significación dos centros urbanos.

Porén, o aspecto máis destacado no mapa de «áreas funcionais homoxéneas» que se presenta ten que ver coa súa particular relación co mapa comarcal de 1997. Neste sentido, indícase que se procura o encaixe na trama comarcal preexistente sempre que sexa posible pola vontade das propias Directrices de plasmarse en esquemas de acción operativa: «cando foi posible respéctase a delimitación do mapa comarcal de Galicia, dado que ademais dun instrumento de diagnóstico establecido, probado e debatido na sociedade galega, representa unha base para unha política de acción territorial que está operativa» (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, 2004: 54). Porén, apúntase que para certos enfoques de acción territorial se require de espazos «maiores» como acontece no caso das áreas metropolitanas, o que leva a alterar a distribución comarcal preexistente.


Observando a Figura 8.47 podemos determinar que a provincia de Ourense é a única na que se dá unha correspondencia total entre as «áreas funcionais homoxéneas» e as comarcas oficiais, tanto no que respecta á denominación como a límites. En Lugo tamén se observa unha alta relación entre estes dous ámbitos territoriais, agás no norte da provincia, onde as «tres Mariñas» se fusionan nunha soa área e se mudan os límites de Meira. A provincia de Pontevedra é a que maior cambios recolle respecto ao mapa comarcal oficial, xa que unha boa parte das comarcas son integradas dentro da área metropolitana de «Vigo-Pontevedra». A área funcional-homoxénea de «Arousa», que abrangue ambas as dúas marxes da ría homónima, constitúe a única de carácter interprovincial. O tratamento conxunto desta ría, ademais da de «Noia-Muros», pode estar detrás da busca dunha maior funcionalidade. Finalmente, no que respecta á provincia da Coruña, hai coincidencia entre estas áreas e as comarcas na parte occidental, mais non no resto do territorio; así, por unha banda, as dúas «áreas metropolitanas» avanzan sobre as comarcas periféricas e, por outra, dáse recoñecemento a «comarcas» do interior que carecían del, tales como «Curtis» e «As Pontes».

Ao *Avance* das Directrices de 2004 séguelle a aprobación inicial do documento en xullo de 2008. Porén, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes desbota a organización en «áreas funcionais homoxéneas» e aposta pola estruturación do territorio en espazos supramunicipais sen límites definidos, agás para o caso das áreas metropolitanas e/ou urbanas. Neste proxecto de Directrices, a organización do territorio non se leva a cabo a través da adopción de ámbitos supramunicipais pechados, senón dos núcleos de poboación que estruturan estes perímetros co obxectivo de «consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio» (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2008: 11).

Deste xeito, identifícase un sistema formado por dúas áreas metropolitanas e tres urbanas de límites precisos, mais que difiren da proposta anterior, xa que nesta ocasión contemplan menos concellos (Figura 8.48). Ademais, séguese tratando de xeito conxunto as áreas rexidas pola Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra. No resto do territorio, só se sinalan unha serie de «cabeceiras» —18— e/ou «subcabeceiras» —11— que forman o denominado «sistema urbano intermedio», que vén constituír o segundo chanzo do sistema urbano entre as áreas metropolitanas/urbanas e o espazo rural (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2008). Entre as funcións que o documento recolle para estes núcleos intermedios están a prestación de servizos urbanos de certo nivel, a dinamización dos procesos de desenvolvemento, a prevención do despoboamento ou a corrección dos desequilibrios territoriais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.47. Áreas funcionais homoxéneas recollidas no *Avance* das DOT (2004)



Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (2004). Elaboración propia.

Nalgúns casos, estes núcleos, dos que se di que teñen unha forte identidade, móstranse como «cabeceiras» e/ou «subcabeceiras» dos seus «respectivos ámbitos de influencia» que, sen límites específicos, manteñen certa coincidencia coas comarcas (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2008). En total, pódense distinguir 16 destes ámbitos de escala comarcal, centralizados por unha ou varias destas cabeceiras (Figura 8.48). Por exemplo, «A Mariña» é presentada como un espazo polinuclear —integrado por dúas cabeceiras: Ribadeo e Viveiro, e dúas subcabeceiras: Burela e Foz—, mentres que «Verín» ou «Xinzo» están rexidas por cadansúa cabeceira que actúa como único núcleo de certa importancia na organización do espazo supramunicipal.

Finalmente, identifícase un conxunto de «nodos para o equilibrio do territorio» que forman parte tamén do chanzo urbano intermedio e que veñen pechar a xerarquía dos asentamentos con influencia supramuncipal (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2008) (Figura 8.48). Os 24 núcleos son presentados como «pequenos polos de actividades

económicas no medio rural», cuxo obxectivo consiste en prestar os servizos urbanos básicos á poboación no relativo á saúde, educación, cultura ou transportes. As funcións similares entre entes núcleos «para o equilibrios do territorio» e as «subcabeceiras» non están tan claras, de feito, algúns «nodos» como Ribadavia ou Vimianzo intégranse tamén dentro dos ámbitos comarcais capitaneados por algunha cabeceira.

Figura 8.48. Ámbitos comarcais presentes na aprobación inicial das DOT (2008)




Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (2008). Elaboración propia.

As DOT galegas son aprobadas de xeito definitivo en 2011, a través do *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio*. A versión final mostra escasas similitudes co documento de 2004, no sentido de que non recupera espazos supramunicipais de escala comarcal. Porén, presenta semellanzas notables co traballo de 2008, polo menos no que se refire ao «sistema urbano intermedio», que é practicamente idéntico (Figura 8.49). Neste sentido, o obxectivo respecto aos núcleos intermedios segue a ser o mesmo que o esbozado no documento anterior, isto é, «consolidar

unha rede de núcleos de pequeno e mediano tamaño con capacidade para asegurar a viabilidade demográfica e a xestión de procesos de desenvolvemento de todos os municipios da comunidade» (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 2011a: 23).

Séguese a distinguir entre «sistema urbano intermedio» —formado por «cabeceiras» e «subcabeceiras»— e «nodos para o equilibrio do territorio» (Figura 8.49). Dunha banda, o «sistema urbano intermedio» é presentado como o conxunto de «pequenas cidades» e «vilas» que exercen a función de «cabeceiras de carácter supracomarcal» e que achegan unha base urbana sólida a cadanseus «ámbitos de influencia» ou «ámbitos funcionais». Nalgúns destes ámbitos territoriais tamén figuran vilas con «influencia supramunicipal» que exercen de «subcabeceiras» e que prestan servizos de xeito complementario ás cabeceiras. Doutra banda, os «nodos para o equilibrio do territorio» son definidos como «núcleos con influencia supramunicipal que actúan como centros de prestación de servizos e de dinamización dos espazos rurais» (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 2011a: 290). Desta forma, semella facerse un maior fincapé na diferenciación entre as «cabeceiras» como núcleos reitores de espazos supracomarcais e os «nodos» dos comarcais.

Figura 8.49. Modelos territoriais formulados nas DOT (2004, 2008)



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (2011a).

Respecto a este segundo chanzo urbano, a única diferenza entre os documentos de 2008 e 2011 ten que ver co ascenso de Chantada a «cabeceira» —o que eleva o número de espazos supramunicipais rexidos por estes núcleos a 17—, coa incorporación de Porto do Son como

«subcabeceira» —dentro do ámbito comarcal rexido por Noia— e coa inclusión de Curtis e Meira como novos «nodos para o equilibrio do territorio» —o que eleva o número destes a 26— (Figura 8.49). Outra diferenza notable entre ambos os dous documentos ten que ver coas estruturas metropolitanas e/ou urbanas, que deixan de contar con límites definidos e precisos. Alén disto, malia que logo se teñen en conta á hora da axeitada ordenación do territorio, a parte descritiva do documento está chea de referencias ás comarcas; Galicia é «un territorio diverso no que aparecen comarcas como O Salnés, O Ribeiro ou O Rosal, que nada teñen que ver co Deza ou Melide e menos cos Ancares ou O Courel» (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 2011a: 37).

Desde o mundo da academia, hai consenso en que o poder político non foi capaz de implantar en Galicia unha política coherente e racional de ordenación do territorio (Aldrey Vázquez e Vicente Díaz, 2009; Lois González e Aldrey Vázquez, 2011). Isto levou a que a escala de integración «comarcal» —tamén denominada «subrexional», «supralocal» ou «metropolitana»— non se materializase. Con todo, os estudosos continúan a reivindicar un nivel intermedio entre as provincias e os concellos que sirva de base en materia de ordenación do territorio.


Un estudo moi significativo deste período en materia de ordenación do territorio é *As áreas supramunicipais da provincia da Coruña*, que publica a Deputación Provincial da Coruña no 2008. Estipula dúas áreas supramunicipais principais con límites definidos: a «rexión urbana da Coruña-Ferrol» —que engloba 34 concellos— e a «área urbana de Santiago» —que integra 17 concellos— (Martínez Suárez, 2008) (Figura 8.50). Tamén contempla outras seis áreas supramunicipais, que carecen de límites e que descansan no sistema de vilas: «Costa da Morte», «Arousa Norte», «Ría de Noia», «Bares-Ortegal», «Interior Central» e «Interior Oriental». Alén destas, o «sistema urbano do Barbanza» preséntase como unha área definida que vén incluír o ámbito de Arousa Norte, parte da ría de Noia e Padrón. Tamén cómpre sinalar que establece unha tipoloxía de vilas entre «costeiras», «interiores» e «intermedias».

Alén destas cuestións máis vencelladas á ordenación do territorio, durante as primeiras décadas do presente século, no goberno autonómico espertou un crecente interese por avanzar no traballo das «comarcas paisaxísticas». O marco normativo básico en Galicia en materia paisaxística vén definido pola *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*. No apartado sobre Catálogos da paisaxe (art. 9), considera que estes son os documentos de referencia que deben delimitar, en base a distintos criterios, varios ámbitos paisaxísticos: «grandes áreas paisaxísticas», «áreas paisaxísticas», «unidades da paisaxe», «tipos de paisaxe» e «áreas de especial interese paisaxística». Porén, a lei non especifica de xeito claro a escala e a relación entre os diferentes ámbitos que se propón identificar.

Á marxe da lei, foi aprobado o *Mapa das Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia* que recoñece 12 «grandes áreas paisaxísticas» e 50 «comarcas paisaxísticas» —esta última denominación escalar non aparece recollida na lei— (Figura 8.51). A cartografía é obra do xeógrafo A. Pérez Alberti e é presentada en 2011 dentro da Estratexia da Paisaxe de Galicia, que ten como obxectivo protexer e preservar os elementos máis significativos das paisaxes (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 2011b). O mapa foi entendido como o punto de partida para a elaboración dos Catálogos e das Directrices da paisaxe. Porén, só se chega a aprobar un único Catálogo, o do Deza —a través do *Decreto 171/2012, do 1 de agosto, polo que se aproba o Catálogo da paisaxe da comarca paisaxística de Deza*—, que delimita o mesmo ámbito comarcal que o que se considera no mapa paisaxístico. É certo que se comezaron os traballos nas comarcas de «Costa da Morte» e «Fosa de Ourense», mais nunca se chegan a concretar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.50. Unidades comarcais e supracomarcais nun estudo publicado pola Deputación Provincial da Coruña (2008)



Fonte: Martínez Suárez (2008). Elaboración propia.

En 2016, o *Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia* implicou a paralización da publicación de catálogos a nivel de cada comarca e asumiuse un único documento que abranguese todas as comarcas paisaxísticas. Esta norma supuxo a derrogación do Catálogo da comarca paisaxística do Deza, ao sinalar que esta se integraba neste novo documento. Foi neste contexto no que se aprobou o Catálogo das paisaxes de Galicia, que recollía todas as comarcas paisaxísticas definidas no mapa (Pérez Alberti et al., 2014; Borobio Sanchiz et al., 2014).

A procura de «áreas homoxéneas» contémplanse como o principal factor á hora de identificar os ámbitos territoriais de carácter paisaxístico. Neste contexto, asúmese como coherente realizar unha delimitación que transcenda as divisións político-administrativas. Respecto ás «grandes áreas paisaxísticas», a súa individualización lévase a cabo en función de «elementos estruturais», isto é, os máis estables no tempo. No caso das «comarcas paisaxísticas», téñense en conta os «elementos texturais», que requiren un estudo a una escala

máis próxima (Borobio Sanchiz et al., 2014). Na Estratexia da Paisaxe de Galicia sinálase que os ámbitos foron delimitados en función da topografía, o clima e os usos do solo.

As comarcas paisaxísticas, pese a tratarse dunha división *ex novo*, presentan notables similitudes coas oficiais no que respecta á súa denominación, tales como «Baixa Limia», «Terra de Soneira» ou «A Ulloa» (Figura 8.51). Porén, no relativo aos límites precisos, difiren as unhas das outras, en parte porque son os criterios topográficos os que definen ás paisaxísticas. Isto levou a que os límites dos concellos e provincias fosen amplamente ignorados. Que sexa o criterio topográfico o elemento principal na identificación das comarcas paisaxísticas levou á aparición de varias de unidades, especialmente ligadas a algunhas bacías e sectores costeiros, que pouco ou nada teñen que ver coas oficiais. Este é o caso do «Arco bergantiñán», «Baixo Miño interior» ou «Ribeira Sacra miñota» —e «silense»—. Noutro senso, o criterio topográfico, quizais condicionado pola existencia das comarcas oficiais preexistentes, levou á consideración dalgúns ámbitos de bastante reducida extensión como «Terra de Fisterra» ou «Terra de Montes-Alto Lérez».

Figura 8.51. Comarcas paisaxísticas de Galicia



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (2011b). Elaboración propia.

Desde o goberno de Galicia tamén se veu traballando en materia de promoción e ordenación turística. Neste contexto, a *Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia* posibilita a creación de «xeodestinos turísticos», de escala comarcal e/ou supracomarcal. Esta norma defíneos como «as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparte unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos» e que «conforman unha identidade turística diferenciada e singular» (art 23.1, *Lei 7/2011*). Ademais, os xeodestinos veñen ser os ámbitos territoriais aos que o goberno galego debe prestar «especial protagonismo» nas accións de promoción turística. Respecto á confección dos perímetros turísticos, a lei faculta á Xunta, a través da Consellería competente en materia de turismo, como a única responsable.

No ano 2011, a Xunta de Galicia presentou un mapa de xeodestinos turísticos (Figura 8.52). Este está formado por 14 ámbitos, que podemos ampliar a 20, xa que dous dos xeodestinos: «Rías Altas» e «Rías Baixas», desagréganse, á súa vez, en unidades de maior detalle (Figura 8.53). Boa parte dos xeodestinos recollen nomes propiamente comarcais como «Deza», «Ferrolterra», «Limia», «Mariña lucense» ou «Terra Chá». Outros apostan por marcas máis «comerciais» como son a «Costa da Morte», «Rías Baixas» ou «Ribeira Sacra». Na formación destes ámbitos, observamos que se respectaron os límites municipais —aínda que a lei non o especifique—, mais non os provinciais. Estes últimos son amplamente ignorados na formación dos xeodestinos «Ribeira Sacra» e «Ría de Arousa».

Figura 8.52. Presentación por parte do goberno galego do mapa dos «xeodestinos turísticos» de Galicia en novembro do 2011



Fonte: Xunta de Galicia, 30/11/2011. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.53. Mapa dos «xeodestinos turísticos» de Galicia (2011-2022)




Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Dez anos despois, en 2022, a Xunta de Galicia reformula o mapa de xeodestinos turísticos e o número de ámbitos ascende aos 26 (Figura 8.54). Así, vemos unha tendencia á compartimentación dos perímetros; por exemplo, as «Terras de Santiago» desagréganse en tres unidades: «Terras da Comarca de Ordes», «Terras de Santiago» e «Ulla-Tambre-Mandeo». O resultado é un mapa moi heteroxéneo, que vai desde os de superficie máis reducida como «Mar de Santiago» ou «Salnés» até os de grande extensión como «Ferrolterra» ou «Ribeira Sacra». Cómpre sinalar que as principais cidades non son incluídas en ningún xeodestino. Unha das cuestións que máis chama a atención ten que ver coa forma «irregular» dalgúns dos ámbitos: o enclave que forma o concello de Vilanova de Arousa —no xeodestino «Mar de Santiago»— ou a adscrición dalgúns concellos que semellan «colgados» como Barbadás —no xeodestino «Celanova-Terras do Xurés»— ou Vilar de Santos —no de «Allariz-Maceda»—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.54. Mapa dos novos «xeodestinos turísticos» de Galicia (2022-)



Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

8.6.3 Outras comarcalizacións sectoriais

Alén dos mapas sectoriais de escala comarcal vencellados ao desenvolvemento rural e á ordenación do territorio, na actualidade, cómpre traermos a colación os mapas esbozados por outros departamentos autonómicos e que, claramente, tamén esbozan divisións comarcais que responden aos seus intereses específicos.

No ámbito da sanidade, o mapa sanitario de 1989 —véxase apartado 4.5.2— continúa vixente, aínda que nunca se chegou a poñer en funcionamento. Desde esta data son varias as normas que se viñeron aprobando desde a administración autonómica e que foron introducindo modificacións na delimitación orixinal. En 1992, creáronse dúas novas «áreas de saúde», a saber: «O Barco de Valdeorras» —*Decreto 50/1992*— e «O Salnés» —*Decreto 342/1992*—, o que naquel momento elevou o seu número a 11. En 1993, a través do *Decreto 200/1993*, dispúxose que a atención primaria se organizase «funcionalmente» en «unidades de atención primaria» e «servizos de atención primaria». Desta forma, a través do *Decreto 352/1998*

modificouse o mapa sanitario de 1989 coa introdución das «unidades básicas de atención primaria» como ámbitos de base do sistema sanitario galego. Estas virían a coincidir territorialmente coas demarcacións municipais e influirían nas delimitacións de escala comarcal posteriores.

Alén destas modificacións puntuais no mapa sanitario, desde a Xunta de Galicia foise materializando, de xeito paralelo, unha división sanitaria alternativa de escala comarcal. En 1995, aprobouse o Plan de Urxencias Extrahospitalarias de Galicia —*Decreto 172/1995*—, o que implicou a creación dos Puntos de Atención Continuada —PAC—. Os PAC, que se constituíron nas principais vilas e cabeceiras comarcais, viñeron ser, segundo González Pérez (1998a: 509), un «tipo de nuevas "comarcas sanitarias" que coinciden en buena medida con las comarcas reales centralizadas por estas cabeceras» (Figura 8.55). Entre os criterios seguidos para a súa demarcación, o *Decreto 172/1995* establecía os seguintes: volume demográfico, dispersión da poboación, infraestruturas de comunicación viaria, accesibilidade ás instalacións hospitalarias ou recursos sanitarios dispoñibles. Na norma tamén de dispuña que, no espazo rural, o volume de poboación debía ser ao redor de 25.000 habitantes e que se debía respectar unha isócrona de 30 minutos entre o lugar no que se sitúa o PAC e o espazo ao que dá cobertura.

No momento presente, Galicia conta con 90 PAC que se localizan nas principais cidades e vilas do país (Figura 8.55). A distribución deste servizo de urxencias en atención primaria está moi condicionada polo volume demográfico. Así, por unha banda, observamos unha alta concentración de PAC na zona do Golfo Ártabro e das Rías Baixas. Estes abranguen territorios que se reducen ao dos seus concellos, tales como os PAC de Boiro, Culleredo ou Marín. Por outra banda, cara ao interior, podemos falar dun número de PAC máis reducido, pero que actúan sobre espazos de escala propiamente comarcal. Por poñer algúns exemplos, os PAC de Bande, Ribadavia ou Vilalba. Cómpre sinalar que este servizo é respectuoso coa división provincial. En particular, isto implica que non se rachase, como si facían os mapas sanitarios anteriores —véxase apartado 4.5.2—, o límite provincial no tramo final do Ulla, xa que se establece cadanseu PAC en Padrón e Valga-Pontecesures. Tamén cómpre engadir a existencia de seis «zonas especiais» de saúde nas áreas máis montuosas do país.

No que respecta á organización territorial do sistema sanitario galego, en 2003, a través da *Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia*, determinouse que esta se estruturase en tres niveis: «áreas sanitarias», «distritos hospitalarios» e «zonas de atención primaria». Uns anos despois, en 2008, esta norma foi substituída pola *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*, que só contemplaba dous niveis: «áreas sanitarias» e «zonas sanitarias». Durante estes anos e até o 2018 foron 11 as «áreas sanitarias» que viñeron operando en Galicia. Porén, no 2018, aprobouse a *Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*, vixente na actualidade, que reduciu as «áreas sanitarias» a sete e considerou 14 «distritos sanitarios» (Figura 8.55). A norma tamén estima «zonas sanitarias», cuxa delimitación di que se debe realizar en base a criterios de «carácter funcional», mais estas, das que podemos presupor unha escala semellante á comarcal, nunca foron definidas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.55. Ámbitos sanitarios dos PAC



Fonte: Consellería de Sanidade; SERGAS. Elaboración propia.

Ao igual que a sanidade, outro servizo público, o educativo, tamén contribúe cun mapa claramente comarcal no que atangue ao nivel de bacharelato. Así, no caso do ensino, só os Institutos de Educación Secundaria —IES— con oferta de bacharelato esbozan un verdadeiro mapa de escala comarcal (Figura 8.56). Isto non o podemos trasladar aos centros públicos de ensino preescolar, primaria e secundaria, nos que as delimitacións municipais —e mesmo inframunicipais— son tidas en consideración. Desde o ámbito académico, Lois González (2004), que achegara unha investigación na que abordara a área de recrutamento dos institutos de BUP —véxase apartado 4.5.2—, sinala, nun estudo recente, a importancia das localidades —habitualmente vilas e/ou cabeceiras de comarca— nas que se emprazan os institutos á hora de xerar consciencia comarcal nos estudantes, especialmente no rural:

> As experiencias de *deceas* de miles de adolescentes extradidadáns nuns lugares de estudo, pero tamén de relación social como son os institutos, explica que en

> xeracións enteiras de galegos a práctica da convivencia comarcal (…) fose e sexa unha realidade. Os INB convertéronse en emblemas da reafirmación do vilego, das bisbarras funcionais e expresaban a necesidade temperá de ultrapasar os estreitos límites dos concellos (Lois González, 2004: 145).

Figura 8.56. Localidades que contan con polo menos un centro público de bacharelato



Fonte: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Elaboración propia.

O número de localidades que identificamos no conxunto de Galicia que conten con polo menos un IES con oferta de bacharelato é de 115 (Figura 8.56). Nas provincias de Lugo e Ourense, e tamén no interior das da Coruña e Pontevedra, observamos que os núcleos nos que se emprazan os IES son vilas e cabeceiras que rexen un espazo de ámbito claramente comarcal. Porén, a delimitación das áreas de recrutamento non é posible e desde a Consellería competente non contan con información que permita avanzarmos no coñecemento das mesmas. Alén disto, vemos que todas as comarcas «oficiais» definidas en 1997 pola Xunta de Galicia contan con alomenos un centro que ofrece bacharelato, agás a Terra de Caldelas, cuxos rapaces se teñen

que desprazar fóra da comarca —cara a Maceda ou A Pobra de Trives—. No caso das Rías Baixas e do golfo Ártabro a densidade de núcleos é moito maior, dándose, neste caso, unha equivalencia maior co nivel municipal que co propiamente comarcal.

Outro dos servizos da Xunta de Galicia que xerou *de facto* un mapa comarcal foron as oficinas de emprego, que se localizan nas principais cidades e vilas do país (Figura 8.57). O mapa comarcal que debuxan estas oficinas ten un valor engadido, xa que foi nestas instalacións nas que pasaron a desempeñar os seus postos os xerentes comarcais logo da extinción das fundacións comarcais —como deixamos analizado no apartado 8.2.1.6 sobre as fundacións comarcais e no 8.2.4 sobre o proceso de desmantelamento do PDC—.

Figura 8.57. Área de actuación das oficinas comarcais de emprego



Fonte: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Elaboración propia.

Na actualidade, a Xunta de Galicia conta con 53 oficinas de emprego, que organizan 43 áreas de ámbito comarcal (Figura 8.57). O número de «comarcas» é máis reducido, xa que varias das oficinas emprázanse no mesmo lugar, a saber: Vigo conta con catro oficinas de

emprego; A Coruña con tres; e Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago cun par cada unha. As «comarcas» que debuxan estas oficinas son heteroxéneas no que respecta á súa dimensión. Hainas de gran superficie como «Lugo» ou «Santiago de Compostela», que engloban varias das comarcas oficinais, como A Fonsagrada e Meira no caso lugués ou Arzúa, A Barcala e O Sar no caso compostelán. Outras, especialmente na área das Rías Baixas, tales como «Cangas», «O Porriño» ou «Vigo», reúnen entre un e tres concellos.

Para poñer fin a este apartado de divisións comarcais sectoriais esbozadas desde o goberno autonómico cómpre referírmonos á comarcalización que acometeu outro departamento da administración pública, neste caso a nivel estatal, a Axencia Tributaria. Na actualidade, Galicia con 22 delegacións de facenda. Oito na provincia da Coruña: Betanzos, Carballo, Cee, A Coruña, Ferrol, Ortigueira, Ribeira e Santiago. Tres na de Lugo: Foz, Lugo e Monforte. Cinco na de Ourense: O Barco, O Carballiño, Celanova, Ourense e Verín. E, seis na de Pontevedra: A Estrada, Ponteareas, Pontevedra, Tui, Vilagarcía e Vigo. Porén, observamos que o mapa resultante está máis próximo a ámbitos de escala supracomarcal, que a comarcas propiamente ditas. Desde o ámbito académico, Lois González (2004) veu sinalar que este reducido grupo de «grandes vilas» destaca do resto de vilas e/ou cabeceiras de comarca pola presencia dunha maior dotación de servizos. Así, por exemplo, podemos ver que vilas como O Barco, Cee, Monforte ou Vilagarcía se sitúan nun nivel superior a outras que, non por esta razón, deixan de rexer tamén espazos de alcance comarcal.


8.7 PROPOSTAS COMARCAIS RECENTES DESDE O NACIONALISMO GALEGO

Desde as primeiras eleccións autonómicas en 1981 até a actualidade foron varios os partidos e coalicións políticas de corte nacionalista galego que acadaron representación parlamentaria como é o caso do BNG, BNPG, CG, EG, PNG, PSG, UPG ou Anova. Nos programas electorais de todas estas formacións políticas, que xa analizamos nos apartados 4.5.1 —relativo ao debate político sobre a cuestión comarcal no primeiro autonomismo (1981-1989)— e 8.4 —sobre este mesmo asunto desde a aparición do PDC en 1990 até a actualidade—, puidemos comprobar que a defensa da organización territorial de Galicia en base ás comarcas estivo presente e foi unha constante. O capítulo 6 tamén estivo centrado no tratamento dado á comarca por parte do nacionalismo galego. Porén, agora, desde a oficialización dun mapa comarcal por parte da Xunta de Galicia en 1997, o nacionalismo galego non vai poder ignorar, como veremos deseguido, esta particular compartimentación comarcal.

De entre os diferentes partidos políticos, o BNG podemos consideralo como o máis significativo do nacionalismo galego a causa do seu longo percorrido histórico —con representación parlamentaria de maneira ininterrompida no Parlamento de Galicia desde os primeiros comicios autonómicos—. É máis, na actualidade, todos os deputados nacionalistas galegos no Parlamento galego sono por esta formación política. O BNG non só aposta de maneira decidida pola reorganización administrativa do país en comarcas, senón que é o único dos tres grandes partidos en Galicia que se organiza internamente nestes ámbitos. Así, mentres o PP e o PSdeG-PSOE manteñen unha estrutura organizativa en base ás provincias, o BNG faino por comarcas. Esta forza política organízase en 25 comarcas —e dúas subcomarcas—, que contan con cadansúa executiva comarcal (Figura 8.58). Cómpre indicar que esta división en comarcas constitúe unicamente un instrumento de traballo para esta formación en función da militancia e dos seus intereses como partido e que, en ningún caso, observamos que esta sexa a división comarcal proposta cando desde o BNG reivindican a comarca como ámbito territorial sobre o que organizar Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.58. Estrutura comarcal interna do BNG




Fonte: BNG. Elaboración propia.

A única división comarcal coñecida de Galicia vencellada ao nacionalismo e/ou independentismo galego é a achegada por Nós-Unidade Popular (Nós-UP). O mapa foi presentado no 2003 unido a unha gran polémica a causa de incluír dentro de Galicia territorios que na actualidade non o son e que forman parte das actuais provincias de Asturias, León e Zamora (Figura 8.59). A través de varias intervencións na prensa dos que foron os dirixentes de Nós-UP podemos indicar que a intención do mapa era representar a Galicia «real», isto é, a Galicia «histórica» e de fala galega. O emprego da comarca como ámbito de representación do territorio achega unha intención declarada no sentido de que é asumida como o ente local chave á hora de organizar e estruturar o país.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.59. Mapa comarcal de Nós-UP




Fonte: Nós-UP.

O mapa comarcal editado por Nós-UP consta de 53 comarcas —46 son as que están dentro dos límites da Galicia «oficial»— (Figura 8.60). O número de comarcas estritamente galegas é sensiblemente inferior ao das comarcas definidas no *Decreto 65/1997*. Así, nalgúns territorios, os ámbitos comarcais son de maior tamaño que o das comarcas «oficiais», como acontece coas comarcas de «Compostela» —que agrupa as comarcas «oficiais» da Barcala, O Sar e Santiago—, «Costa da Morte» —que integra as de Fisterra, Terra de Soneira, Xallas e parte da de Muros— ou «Marinha» —que fusiona nunha soa as tres comarcas mariñás decretadas en 1997—. A outra das comarcas «oficiais» que non atopa continuidade no mapa de Nós-UP é a de Meira, que é repartida entre «Burom», «Lugo» e a «Marinha». No camiño inverso, créase a comarca de «Terra de Montes» xuntando cinco concellos das comarcas «oficiais» de Pontevedra e Vigo.

Porén, agás estes casos comentados, os límites comarcais da división presentada por Nós-UP coinciden *grosso modo* cos do mapa comarcal «oficial», polo que podemos determinar que a influencia do mapa decretado en 1997 é significativa. Así, por exemplo, as comarcas da provincia ourensá son as mesmas, sen que se rexistre ningún cambio na adscrición comarcal dos concellos (Figura 8.60). Nas restantes provincias galegas, as semellanzas no que respecta aos límites comarcais son tamén evidentes. Un aspecto que cómpre sinalar ten que ver co respecto polos límites provinciais, tanto dos externos como dos internos, á hora de determinar a configuración das comarcas. En relación co mapa comarcal «oficial», observamos unha tendencia ao emprego doutras denominacións comarcais, tales como «Arnóia», «Burom», «Courel», «Marinhas» ou «Trasancos» no canto de Allariz-Maceda, A Fonsagrada, Quiroga, Betanzos ou Ferrol, respectivamente.

Figura 8.60. Mapa esbozado por Nós-UP dentro dos actuais límites de Galicia



Fonte: Nós-UP. Elaboración propia.

Para poñermos fin a este apartado, queremos mencionar o traballo recente que o Projeto Estreleira está desenvolvendo para a difusión dos símbolos da nación galega. No pasado 2022, esta iniciativa popular asumiu como acaído o mapa comarcal deseñado por Nós-UP e para cada unha das 53 comarcas —incluídas as de fóra da Galicia autonómica— deseñouse un brasón. Na Figura 8.61 podemos ver oito exemplos de brasóns das comarcas definidas por Nós-UP. Así, esta plataforma, con movemento nas redes sociais, está contribuíndo a divulgar e popularizar esta particular división de Galicia en comarcas e, como consecuencia, rexeita o mapa oficializado pola Xunta de Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 8.61. Algúns exemplos dos brasóns deseñados por Projeto Estreleira para as comarcas de Nós-UP



Fonte: Projeto Estreleira.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

9 DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS / DISCUSSION AND CONCLUSSIONS

9.1 DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Do estudo sistemático da cuestión comarcal en Galicia desenvolvido nos capítulos precedentes, podemos tirar unha conclusión xeral que responde ao obxectivo principal fixado ao comezo desta investigación: o significado do termo *comarca* en Galicia non é unívoco nin se presenta estable na liña do tempo.

Deseguido, iremos debullando os obxectivos específicos e as hipóteses que definimos ao inicio da presente tese doutoral e realizaremos, ademais, dúas tarefas a maiores coherentes co carácter deste apartado final. Dunha banda, estableceremos unha discusión, isto é, un contraste entre as achegas obtidas nestas páxinas —capítulos 4 a 8— e o estado da cuestión, tanto ontolóxico e disciplinar sobre a temática rexional —nuclear en Xeografía— como específico sobre o estudo das comarcas —en Galicia en particular—. Doutra banda, esta sistemática e interpretación dos resultados acadados permitirá conducirnos á listaxe de todos os significados que achamos que alcanzou a comarca na historia contemporánea de Galicia.

Obxectivo 1. Resolver desde cando se fala de comarcas en Galicia e en que termos

En Galicia, a aparición dun discurso comarcal consistente e razoado é recente. Esta investigación permitiunos situalo nos anos 1920. Daquela comézase a perfilar o tópico comarcal no país, que trata de entrada as comarcas dunha determinada maneira: como ferramenta axeitada para describir e interpretar o territorio de Galicia no seo do desenvolvemento da ciencia xeográfica. Entre os pioneiros que achegan un entendemento particular das comarcas galegas figuran Dantín Cereceda (1922) e, de xeito especial, Otero Pedrayo (1926c, 1926d, 1928). Con todo, o concepto de comarca, alén do xa sinalado, acada axiña na década de 1930 outros significados da man do nacionalismo galego. En primeiro lugar, asúmese como o ámbito máis axeitado para a organización do país, como queda demostrado na declaración de principios do Partido Galeguista (1931). Neses mesmos anos, este significado vaise diluíndo e a comarca emerxe en paralelo como un ámbito territorial acaído para a actuación periférica da administración —como especificaremos noutro destes obxectivos—.

No entanto, os ámbitos comarcais, aínda que non nomeados como tales, proveñen de tempos máis pretéritos. Podemos considerar os partidos xudiciais creados polo Estado liberal español nas primeiras décadas do século XIX —pese a eludiren o nome de *comarca*— como os primeiros ensaios de comarcalización moderna, o que confirma as ideas ao respecto de autores como González Mariñas (1994), López Morán (1994), Burgueño Rivero (1995) ou Rodríguez González (2011). De feito, López Morán (1994) non dubida en categorizar a planta xudicial decimonónica como «comarcalización histórica». Anterior á creación do Estado liberal, varios académicos tamén falan de espazos de escala comarcal, como é o caso de Baliñas Pérez (1992) e Bermúdez Beloso (2017) sobre os condados medievais, de Barreiro Fernández (1974a, 1974b) e Morán García (1998) sobre os arciprestados e arcediagados ou de Gallego Domínguez (1988) e Saavedra Fernández (1990b) sobre os señoríos xurisdicionais —revisión completa de todos estes antecedentes realizada no capítulo 3—. Así e todo, de acordo co traballo nestas páxinas, non resulta pertinente establecer unha continuidade entre estes ámbitos de escala aparentemente comarcal e as comarcas posteriores: a creba prodúcese coa aparición do Estado liberal e a súa

USC DE COMPOSTELA

necesidade de (re)organizar por completo o territorio (Burgueño Rivero, 1996, 2011; García Álvarez, 2002). Isto comporta a creación coherente e homoxénea dunha escala territorial ao servizo da administración de xustiza —primeiro, pois, cun alcance limitado— que logo será reconfigurada, xa non só polos actores estato-nacionais.

Desta forma, podemos soster que, nas décadas de 1920 e 1930, a comarca, nomeada como tal, adquire forza e aséntase nos discursos políticos e académicos con catro significados cronoloxicamente moi próximos:

- Primeiro, como ferramenta para a descrición do territorio, particularmente rendible nos manuais escolares e en xeografías rexionais sobre Galicia e/ou España.
- A continuación, adquire matices que lle confiren trazos de ente local. A declaración de principios do Partido Galeguista (1931) vai nesta dirección.
- E, finalmente, a súa defensa concéntrase na interpretación do termo como ámbito para a administración e xestión do territorio, tanto para os propios nacionalistas galegos como, con matices, para o goberno do Estado.
- Porén, non se pode esquecer que os ámbitos de escala comarcal, baixo a denominación de partido xudicial, viñan funcionando, de xeito máis ou menos estable, desde as décadas de 1820 e 1830, cun significado bastante particular: a comarca ao servizo do Estado-nación español.


Obxectivo 2. Coñecer os diferentes mapas comarcais de Galicia e precisar até que punto as divisións comarcais máis antigas influíron nas posteriores

Ao longo dos capítulos de resultados achegamos 134 mapas de elaboración propia nos que representamos 5.397 ámbitos de escala comarcal. Só con este dato podemos confirmar cos nosos resultados a visión académica sostida por autores tales como Agnew (2018), Cochrane (2018), Entrikin (2018) e Paasi et al. (2018) relativa a que o mundo adoita presentarse composto de moitas e variables rexións.

Coa intención de achegar unha cartografía que dea proba desta idea, na Figura 9.1 representamos superpostas todas as unidades comarcais de límites estables obtidas —lémbrese a diferenciación entre os dous tipos de representación comarcal efectuada no subapartado 1.6.6—. Con este fin, superpoñemos 141 divisións, que abranguen 2.763 comarcas que seguen límites de carácter municipal e/ou parroquial —as divisións consideradas son as que relacionamos no Anexo desta investigación—. O exercicio de superposición de divisións comarcais permítenos visualizar o rendemento diferencial dos bordes: a frecuencia vai desde unha coincidencia de dous límites para os máis etéreos e inestables até unha concorrencia de 76 nos máis constantes e claros. Esta actividade dános unha primeira imaxe sobre a imposibilidade de acadar a rexión perfecta, inequívoca e unívoca, na liña do formulado por Haggett (1965) e Lacoste (1976 [trad. 1977]). A gran cantidade de cartografías tamén concorda co concepto de «cartographic anxiety» (Gregory, 1994; Painter, 2008), a través do cal se tende a considerar o espazo como algo obxectivo, que conta con límites precisos e que se pode representar nun mapa. Porén, esta tese doutoral apunta exactamente ao contrario: é unha mera aspiración considerar que os territorios están fóra de nós perfectamente delimitados e a teima pola (sobre)representación cartográfica constitúe un esforzo desesperado por tentar soster esta asunción errónea.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 9.1. Representación dos mapas comarcais de límites precisos en Galicia




Elaboración propia.

Os límites máis estables, como podemos comprobar na Figura 9.2, son os provinciais —vixentes na actualidade— e os xudiciais —actuais e pretéritos—. Así, os bordes provinciais reúnen todos unha frecuencia superior a 50, agás nos dous casos que esta tese doutoral permite categorizar como máis «problemáticos»: o baixo Ulla —entre Padrón e Pontecesures— e no val do Sor —entre Mañón e Viveiro—. Nestes dous territorios, as comarcas propostas permiten censurar a división provincial por sistema, sinal que, cando menos aí, resulta rotundamente carente de sentido e/ou funcionalidade. No limiar superior a 50 tamén podemos observar algúns límites xudiciais —os dos partidos históricos de 1834—, que debuxan case enteiramente por sistema algúns partidos/comarcas como O Deza, Monterrei ou Ordes. A frecuencia de límites que abrangue o segundo chanzo —entre 30 e 49— coincide tamén case na súa totalidade cos bordes xudiciais. Pola contra, os límites máis volátiles, os inferiores a nove, son todos municipais e parroquiais.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así e todo, os límites xudiciais non aglutinan tanta frecuencia en todos os casos (Figura 9.2). Por unha banda, determinados partidos xudiciais —de 1834— como Pontevedra, Santiago, Vilalba ou Vigo vense desbordados, xa que os seus ámbitos territoriais son de dimensións bastante reducidas respecto a como os viñeron asumindo autores posteriores. Tamén podemos observar algúns ámbitos que non coinciden cos límites xudiciais decimonónicos e que tenden a ser individualizados, caso do Barbanza, O Morrazo ou A Ulloa. No sentido contrario, outros partidos, como Muros, Ponte Caldelas ou Redondela, tenden a diluírse.

Figura 9.2. Frecuencia dos límites comarcais en Galicia




Elaboración propia.

Á vista dos resultados, podemos determinar que a influencia do mapa de partidos xudiciais de 1834 sobre os seus homólogos posteriores é alta. A práctica totalidade dos mapas comarcais esbozados, tanto desde o ámbito político como académico, mostra similitude coa división xudicial histórica. As Figuras 9.1 e 9.2 permítennos comprobar que a semellanza non só afecta ao número de unidades esbozadas —entre 40 e 60—, senón que tamén abrangue os límites

comarcais. Unha proba da autoridade do mapa xudicial decimonónico é a súa similitude co mapa comarcal oficial actual, deseñado máis de 160 anos despois. Na Figura 9.3 observamos como 45 das 53 comarcas oficiais de 1997 aparecían xa trazadas —con maior ou menor similitude— en 1834. De feito, varias delas —nove— reúnen exactamente os mesmos concellos e outras tantas —19— varían en só un ou dous concellos. Esta é unha conclusión de máxima relevancia para esta tese doutoral e resulta coherente coa opinión de Burgueño Rivero (2003) e Oliveras Samitier (2007) para o caso de Cataluña.

Figura 9.3. Relación entre a división xudicial de 1834 e as comarcas oficiais actuais (1997)



Fonte: *Decreto 21/4/1834*; Fariña Jamardo (1990); *Decreto 65/1997*. Elaboración propia.

De acordo coa Figura 9.3, o territorio no que se produce a maior discordancia entre a planta xudicial orixinaria e a división comarcal de 1997 é o occidente da actual provincia da Coruña, onde esta tese demostra que houbo un proceso moi específico de construción comarcal. Así, comprobamos que, inicialmente, as propostas oficiais desde o goberno autonómico consideraban menos comarcas das que finalmente resultaron. Noutro senso, o aumento de

comarcas en relación co número de partidos xudiciais débese a que se concedeu un ámbito comarcal a espazos rexidos por vilas de dimensión semellante e que mesmo rivalizaban entre si como Arzúa e Melide, O Castro de Caldelas e A Pobra de Trives ou Noia e Ribeira.

Isto abriga unha interesante reflexión sobre a importancia do paso do tempo na consolidación de imaxinarios territoriais vencellados a unha determinada división espacial, na liña do expresado por Tuan (1991) ou Nogué Font (1991 [trad. 1998]). Así, esta tese permítenos afirmar que a longa estabilidade dos partidos xudiciais, pese a que nunca contaron con recoñecemento político-administrativo, contribuíu a reforzar —ou mesmo crear— sentimentos de identidade e identificación. Seguindo os postulados teóricos de Farinelli (2007), podemos determinar que a representación cartográfica dos partidos xudiciais tamén viría fortalecer a identidade comarcal. É bastante probable que a xente, ao ver e experimentar os mapas xudiciais, tendese a dalos por válidos e fixase estes ámbitos na súa mente. Non hai dúbida de que as instancias oficiais contribuíron a reforzar os imaxinarios da xente en torno a eles.

Alén do exposto, este segundo obxectivo levounos a outra interesante conclusión: nas primeiras décadas do século XX definiuse outro modelo de comarca que marcaba distancia co partido xudicial. Así, Dantín Cereceda e Otero Pedrayo esbozan unha idea de comarcas de extensión máis cativa —semellantes en escala aos concellos actuais—, de límites non necesariamente precisos e que procuran adaptar aos accidentes do medio físico: un val, un chan —*chao* no galego de Otero Pedrayo— ou unha península, por exemplo. Isto difería notablemente dos partidos xudiciais, que achegaban unhas comarcas de maior dimensión —formadas pola agrupación de concellos—, con límites ben definidos e, habitualmente, dotados dunha cabeceira comarcal nítida. Porén, esta vía comarcal que encarnaban ambos estudosos rematou extinguíndose. De feito, o propio Otero Pedrayo presenta en 1955-6 un estudo sobre as comarcas galegas que se afasta dos seus traballos anteriores e que podemos incardinar no modelo fixado polos partidos xudiciais, de xeito que se produce unha sorte de autoenmenda na súa traxectoria. Sexa como for, os traballos comarcais de Dantín Cereceda e Otero Pedrayo non van alén dun significado particular xa identificado no primeiro dos obxectivos, isto é, a comarca como ferramenta para a descrición e análise do territorio galego.

Chegados a este punto, podemos ver que a ***primeira das hipóteses*** se consuma. Así, os partidos xudiciais foron quen de delimitar uns ámbitos de escala comarcal —e unhas cabeceiras— que, con algunhas modificacións como consecuencia principalmente do intercambio de concellos, veñen funcionando desde hai case 200 anos. A súa longa estabilidade no tempo e a súa representación cartográfica contribuíron a fixar estes ámbitos territoriais na mente da poboación e dos seus gobernantes. Isto repercutiu, como consecuencia, en estudos e realizacións posteriores a este respecto. Así, a gran maioría de divisións comarcais, incluído o mapa vixente na actualidade, imitan, *grosso modo*, as demarcacións xudiciais decimonónicas.

Obxectivo 3. Valorar en que momentos o mapa comarcal foi empregado por parte de calquera administración pública e con que intereses

Como xa avanzamos no primeiro dos obxectivos, a primeira vez que desde a Administración Pública se bota man do ámbito comarcal para organizar os seus intereses foi nas primeiras décadas do século XIX. O partido xudicial perfilou unidades de escala comarcal que se apoiaron nunha serie de lugares centrais que definían áreas de atracción económica e social. Este tipo de comarcas creadas inicialmente con fins xudiciais rapidamente foron asumindo outras funcións que contribuíron a reforzalas. Así, podemos afirmar que os partidos xudiciais son o primeiro e máis claro exemplo do significado de comarca como perímetro territorial axeitado para a administración do territorio. Polo tanto, situamos o seu uso administrativo na mesma aparición do Estado-nación liberal español.

Xa no século XX, durante a Segunda República, a comarca pasou bastante desapercibida, a diferenza do acontecido en Cataluña. Os textos dos proxectos de estatuto de autonomía para Galicia dábanlle un tratamento escaso. De feito, o texto estatutario definitivo que se somete a referendo non inclúe ningunha referencia á comarca. Neste caso, non podemos tirar unha conclusión clara do que levou aos políticos a non prestar atención á comarca, mais, talvez, as comarcas non fosen factibles politicamente porque os seus límites non estaban definidos.

Alén dos partidos xudiciais, a primeira vez que as administracións públicas se interesaron pola comarcalización do territorio foi durante o franquismo. Nesta etapa histórica as comarcas atoparon certo acubillo en temas de planificación e lexislación sectorial. O réxime franquista, tal e como apuntou Burgueño Rivero (2003) para o caso catalán, non mostrou animadversión cara ao feito comarcal ao entender que a comarca era un ámbito que encaixaba dentro das denominadas *rexións naturais* e, ademais, axudaba a rebaixar a transcendencia dos nacionalismos periféricos. Aquí, agroma outro interesante significado que se foi reforzando co paso das décadas estudadas: a comarca ao servizo do Estado-nación español.

A chegada de democracia implicou un maior recoñecemento por parte dos poderes públicos, o que contribuíu a reforzar o significado de comarca como nivel territorial acaído para a administración do territorio. Na lexislación estatal básica, caso da LRBRL (1985), as comarcas emerxen cun significado semellante ao das mancomunidades de concellos, isto é, como ferramenta para a prestación de servizos municipais. Porén, foi nos estatutos das comunidades autónomas onde a comarca atopou maior consideración, o que logo comportaría desenvolvementos diferenciais *ad hoc*. No caso de Galicia, o Estatuto de Autonomía (1981) indica que é competencia exclusiva do poder autonómico a organización das comarcas como entes locais con personalidade xurídica. Desta forma, materialízase, por primeira vez, a posibilidade de comarcas non só como ámbito periférico doutras administracións, senón tamén como ente político-administrativo con contidos de seu. Con todo, en Galicia, as comarcas non se converteron en entes locais por decisión política expresa nos anos 1990.

Sexa como for, a autonomía, polo menos no que respecta ao caso galego, implicou unha efervescencia de comarcalizacións sectoriais: agrarias, educativas, sanitarias, de ordenación do territorio, etc. Este alto número de comarcalizacións guiadas desde o poder político coincide coas afirmacións formuladas ao respecto por Lovering (1999) ou Agnew (2018). Amais, este tipo de comarcas encaixan bastante ben dentro do concepto de *new* ou *invented regions*, formulado por Paasi et al. (2018) e que designa as divisións que nacen da man do poder político e que responden a uns determinados fins de planificación.

Obxectivo 4. Relacionar a evolución do mapa comarcal coa historia da Xeografía de Galicia —e de España—

Logo desta investigación, non temos dúbida de que o estudo das comarcas galegas evoluciona de xeito intrínseco coa historia da Xeografía de Galicia, e de España. As primeiras xeografías que consideran o territorio galego, tales como Labrada Romero (1804), Martínez Padín (1849), Rubido Prieto (1891) ou Crespo Rodríguez (1916), botan man das terras e vales como unidades para a descrición xeográfica do país, aínda que sen a sistemática que acadarán autores posteriores. Estas «Xeografías» de Galicia e de España relacionan aproximadamente 50 ámbitos de escala comarcal e teñen como trazos comúns a falla de límites e a cobertura desigual do país. Non obstante, rexistramos unha carencia case total da identificación destes ámbitos como comarcas e/ou bisbarras, malia *de facto* séreno.

Da década de 1920 son as primeiras Xeografías de Galicia que avanzan na consolidación do estudo das comarcas. Este traballo foi acometido por Dantín Cereceda en *Ensayo acerca de las regiones naturales de España* (1922) e, de xeito máis significativo, por Otero Pedrayo, que

presenta nestes anos a *Síntesis xeográfica de Galicia* (1926c), a *Guía de Galicia* (1926d) e *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* (1928). O número de comarcas identificado en Otero Pedrayo é especialmente elevado: entre 100 e 130, de reducida extensión, sen límites precisos e concentradas na parte occidental de Galicia —achamos que polas maiores densidades de poboación e interacción socioeconómica— e no occidente ourensán —cremos que pola orixe do autor—. Porén, as comarcas oterianas caracterízanse sobre todo pola ambigüidade e imprecisión á hora de identificalas e individualizalas. Así, non resulta infrecuente que nun parágrafo unha comarca se trate dunha determinada forma e, no seguinte, ese mesmo territorio se clasifique dun xeito diferente.

Tanto Dantín Cereceda como Otero Pedrayo introducen na Xeografía de Galicia o concepto de *comarca natural*. Logo desta investigación, podemos afirmar que ningún dos dous perfila as súas comarcas en base exclusivamente a criterios do medio físico, na liña da definición achegada por Solé Sabarís (1975) para *rexión natural* —que, en teoría, se podería trasladar á noción de *comarca natural*—. Ambos consideran tamén o ser humano e as súas actividades como un factor determinante das comarcas. Polo tanto, coincidimos co sinalado por Vilà Valentí (1993a) cando afirma que os estudosos das comarcas aludían co adxectivo *natural* ao carácter espontáneo, vivo e lóxico do proceso de formación das comarcas, isto é, entenden que a comarca non é resultado dun mecanismo artificial ou ficticio, senón que aparece como algo natural. Así, dentro da terminoloxía expresada por Solé Sabarís (1975) ou Vilà Valentí (1993a), nós interpretamos que o máis correcto sería referirse a este tipo de comarcas como *xeográficas*, malia eles as denominaren sistematicamente *naturais*.

Nos anos 1970 e 1980 rexistramos a primeira gran creba no estudo e no tratamento das comarcas no seo da disciplina xeográfica. Esta foi consecuencia do nacemento do Departamento de Xeografía da USC, que veu ligado á chegada de Miralbés Bedera, De Torres Luna e Precedo Ledo. Esta nova xeración aplica ao estudo das comarcas, que se converteu case que nun monotema durante estas décadas no traballo departamental, as teorías da localización en boga dentro da Xeografía teorético-cuantitativa (Paasi e Metzger, 2017; Farinós Dasí e Fernández Henríquez, 2017). Verificamos, polo tanto, unha desaprobación do concepto de *comarca natural* e unha evolución cara á *comarca funcional*, *nodal* ou *polarizada*. En consonancia, prodúcese tamén un cambio de significado entre ambos os dous xeitos de entender as comarcas.

Estes xeógrafos teñen entre os seus referentes a teoría dos lugares centrais proposta por Christaller (1933), que é aplicada en Galicia co obxectivo de cuantificar o valor funcional de cada lugar central e establecer, desta forma, a súa xerarquización. Como quedou demostrado, a área de influencia dos lugares centrais é, para estes autores, homologable ás comarcas. A existencia dun centro reitor e organizador do espazo, nos termos fixados por Kayser (1964), vai ser unha condición *sine qua non* para a existencia das comarcas. Porén, observamos que a aplicación dos paradigmas da Ciencia Rexional chegan tarde a Galicia e con carencias teóricas e metodolóxicas. Así, os nosos resultados no capítulo 7 permiten apuntar que, máis que ante verdadeiras *comarcas funcionais* no sentido dado no esplendor da Xeografía teorético-cuantitativa (Paasi e Metzger, 2017; Farinós Dasí e Fernández Henríquez, 2017), estamos ante *comarcas xeográficas definidas en base aos asentamentos e as súas xerarquías*.

Cómpre indicar que estas dúas etapas identificadas en Galicia non se presentan como caixóns perfectamente definidos e pechados. Advertimos, de feito, trazos funcionais desde as décadas centrais do século XX nas obras de Otero Pedrayo (1945) e Fraguas Fraguas (1953). En efecto, ambos os dous académicos, especialmente o segundo, precisan a cabeceira para unha boa parte das comarcas que identifican. Ademais, entre os criterios de delimitación declarados para os partidos xudiciais decimonónicos, aparecía a atracción exercida polos centros de

mercado. Deste xeito, sostemos que non se poden considerar os traballos do primeiro Departamento de Xeografía como totalmente innovadores. Noutro lado da balanza, nas décadas de 1970 e 1980, observamos que a xeografía comarcal desenvolvida en Galicia non se enmarca exclusivamente dentro do paradigma da Ciencia Rexional. En efecto, os traballos de Pérez Alberti (1979), Souto González (1980) ou De Torres Luna et al. (1985) veñen individualizar comarcas naturais e/ou xeográficas dun xeito semellante ao iniciado por Dantín Cereceda e Otero Pedrayo e, polo tanto, marcadamente diferentes ás do primeiro Departamento de Xeografía.

Obxectivo 5. Interpretar en que sentido o mapa comarcal foi un debate político-ideolóxico, en particular para o nacionalismo galego

O nacionalismo galego reivindica desde as súas orixes unhas divisións internas propias e diferentes das do Estado español, feito que resulta plenamente coherente coa segunda das sete grandes interaccións entre nacionalismos e territorio definidas por Nogué Font (1991 [trad. 1998]). Esta investigación permitiunos confirmar que, para os nacionalistas galegos, as comarcas —e as parroquias— veñen ser eses ámbitos propios e *naturais* sobre os que organizar internamente o territorio. Son consideradas como a alternativa á división do Estado español en provincias e concellos, divisións, para eles, *artificiais* e impostas.

A comarca é asumida polo nacionalismo galego como un totalizador da historia. Porén, nesta investigación non atopamos uns antecedentes no propio galeguismo que de xeito claro puidesen xustificar as comarcas como un territorio enraizado na historia, na liña do xa expresado por González Mariñas (1994). Unicamente a figura de Brañas (1889, 1898b), aínda que non empregou o termo *comarca*, pode sentar algún precedente na reivindicación e definición destes ámbitos, como ben explicou García Álvarez (2001, 2003). Desta forma, podemos afirmar que o nacionalismo galego inventa unha tradición comarcal que remonta até tempos moi pretéritos —empregamos «inventar» *à la* Hobsbawm e Ranger (1983), é dicir, asumindo que os que «inventaron» *de facto* non tiñan a consciencia de estalo a facer, senón que querían enraizarse solidamente na historia—. De feito, nos escritos dos principais intelectuais, tal e como sinalou González Mariñas (1994), é habitual que xustifiquen as comarcas galegas poñéndoas en relación cos *populi* castrexos, por exemplo.

Nesta investigación, influídos por esta visión esencialista, incorremos na mesma trampa e por iso elaboramos o capítulo 3. Porén, o propio exercicio valeunos para reforzar a nosa sospeita de que uns antecedentes comarcais anteriores ao nacemento do Estado liberal español non encaixan no concepto de comarca. Neste punto, chegamos ao paroxismo cando atopamos representacións cartográficas actuais do nacionalismo —mesmo independentista— galego empregando con leves variacións as comarcas vixentes —como vimos, *de facto* os partidos xudiciais estato-nacionais españois— ao debuxaren mapas da Alta Idade Media que mesmo literalmente emparentan coa época prerromana (Figura 9.4). Este é un claro exercicio de presentismo e de «invento» da tradición que, en todo caso, evidencia como as comarcas constitúen un produto ideolóxico deste nacionalismo. Esta mesma Figura 9.4, amais, permite realizar outras correlacións entre nacionalismo galego e territorio, nomeadamente as supostas relacións persistentes ao longo dos milenios con outros pobos atlánticos.

Alén do exposto, tal e como sinalamos no primeiro dos obxectivos, o significado determinante de comarca xorde co nacionalismo galego na década de 1930. Así, a primeira evidencia firme e clara da aposta deste nacionalismo detectámola no programa do Partido Galeguista, aprobado en asemblea en decembro de 1931. Reivindican daquela o recoñecemento da personalidade xurídica da comarca —e da parroquia— con dereito á administración do seus

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

intereses. Deste xeito e por vez primeira, o nacionalismo galego atribúe á comarca o significado de ámbito para a organización do territorio.

Figura 9.4. Unha banda con deseños actuais do indepentismo galego actual




Fonte: Lamas Hermida et al. (1995: 19).

Con todo, na propia década de 1930, observamos que a defensa das comarcas por parte dos intelectuais galeguistas é feble. Así, analizamos como se produce a súa lene reivindicación, mais, ao mesmo tempo, evidenciamos como non deron xerado un discurso ao respecto. Nos escritos de Bóveda (1935), López Cuevillas (1935) ou Castelao (1944) a instauración das comarcas dotadas de contidos dilúese. Só consideran unha «oficiña administrativa» en cada comarca —sen precisaren cantas nin cales— para a realización de determinados cometidos. Deste xeito, podemos comprobar como as comarcas se limitan a un significado meramente administrativo, isto é, como estruturas auxiliares do goberno autónomo desexado. A conclusión que podemos tirar é que, talvez, desde as filas do nacionalismo galego dos anos 1930 se procuraba reforzar antes de nada a unidade política de Galicia e deixar para tempos máis proclives a súa organización interna. Esta idea aparece no *Sempre en Galiza* (1944): primeiro, acadar a autonomía para Galicia e logo xa virá o resto.

Logo da exposición de resultados, non atopamos probas, cando menos de maneira explícita, que axuden a explicar o porqué o nacionalismo galego se interesa polo estudo e defensa das comarcas. Talvez o fixesen influídos polo catalanismo político, que, xa non só durante a década de 1930 senón destes anos, apostou firmemente e deu desenvolvido, de maneira eficaz, unha división deste tipo en Cataluña durante a curta experiencia da Generalitat republicana (Burgueño Rivero, 2003). Neste sentido, si existiron encontros entre políticos e intelectuais de ambos os dous nacionalismos periféricos, mais non podemos demostrar en base a razóns contundentes que o nacionalismo galego o fixese por imitación do catalán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 9.5. Ilustracións de Castelao que mostran o seu desapego pola xustiza



Fonte: Castelao (ca. 1920 [ed. 1931]; ca. 1924 [ed. 1961-71]).

Outra conclusión da análise realizada salienta que ningún político nin académico vencellado ao nacionalismo galego chegou a definir cartograficamente o mapa comarcal de Galicia. A produción xeográfica de Otero Pedrayo —o xeógrafo do nacionalismo— dedica extensións xenerosas á procura das comarcas de Galicia, mais non foi quen de concretalas de maneira precisa. Así e todo, puidemos constatar que desde as filas do nacionalismo galego non se foi tan belixerante cos partidos xudiciais como cos concellos nin, especialmente, coas provincias. Entón, podemos asumir que se tendían a dar por bos os ámbitos da división xudicial do Estado español, mais cun necesario cambio de nome: de partido xudicial a comarca. Isto resultaría sarcástico, xa que a opinión que tiñan da xustiza os nacionalistas galegos era especialmente negativa, como podemos ver nas ilustracións de Castelao (Figura 9.5).

En relación co exposto neste obxectivo, podemos ratificar en parte a ***segunda das hipóteses*** que marcamos ao comezo desta investigación. Quedou demostrado que o nacionalismo galego lle achegou ao concepto de *comarca* o seu significado determinante nas primeiras décadas do século XX. Non obstante, a defensa da comarca está máis enfocada no «invento» da súa tradición histórica que na súa reivindicación político-administrativa. Noutro senso, da nosa análise non podemos achegar razóns fundamentadas de por que os nacionalistas galegos apostaron por estes ámbitos, mais talvez o fixesen por imitación do nacionalismo catalán.

Obxectivo 6. Pescudar en que termos se desenvolveu o debate comarcal na Galicia autonómica e de que modo a dinámica galega foi diferente á doutras comunidades autónomas

O debate comarcal adquiriu unha relevancia maior do que nunca antes na súa historia na derradeira década do século XX. Concretamente, no esplendor do *fraguismo*, desde que Fraga Iribarne asume a presidencia da Xunta de Galicia en 1990 até a norma lexislativa que crea AGADER no ano 2000. Porén, a comarcalización de Galicia acometeuse dun modo que non foi equiparable ao resultante noutras comunidades autónomas como Aragón e Cataluña, tal e como xa indicaron Burgueño Rivero (2001) e García Álvarez (2008). En Galicia, as comarcas non

implicaron a creación de contidos político-administrativos de seu, senón que, unicamente, se perfilaron uns ámbitos destinados á administración do territorio por parte do goberno autonómico. Isto mesmo se chegou a explicitar no preámbulo da lei comarcal, aínda vixente, aprobada en 1996.

O debate comarcal remóntase aos primeiros anos de autonomía. Na década de 1980, existiu unha clara vontade por parte de todos os partidos políticos pola consolidación dunhas comarcas devidas entes locais. Puidemos constatalo tanto en forzas políticas máis vencellados ao galeguismo e/ou nacionalismo galego como BNG, CG, EG-PSG ou PNG, como noutros partidos aliñados coa Constitución —desde o comezo ou *a posteriori*—, tales como AP/PP ou PSdeG-PSOE. A única diferenza notable que percibimos entre ambos os dous bloques é que para os primeiros a intención era que as comarcas avanzasen pola vía de supresión previa das provincias e os seus órganos de goberno, mentres que os segundos non buscaban na práctica alterar os niveis político-administrativos preexistentes xa instituídos.

Así, podemos soster, logo da nosa análise, que o partido político que deseñou o modelo comarcal galego na década de 1990, o PP, perseguiu inicialmente uns obxectivos máis ambiciosos. No programa electoral deste partido político para os comicios autonómicos de 1989 e tamén no discurso de investidura do seu líder como presidente da Xunta de Galicia apuntábase nunha dirección clara: a comarca como entidade local con competencias e personalidade xurídica propias. Porén, observamos que nos primeiros anos da década de 1990 se deu un abandono da idea inicial do PP, que se afastaba do seu compromiso electoral. O novo significado que adquiriu a comarca en Galicia non foi alén de demarcación territorial para os intereses do goberno autonómico.

Entre os motivos que conduciron á reorientación do proxecto atopamos especialmente os de carácter político. Nesta investigación quedou demostrado que as presións políticas, exercidas principalmente desde as deputacións provinciais de Lugo e Ourense —con líderes fortes do PP, os chamados «baróns»—, obrigaron a reformular o debate comarcal de Galicia. Ambos os dous persoeiros provinciais vían con preocupación que unha comarcalización dotada de contidos avanzase sobre as competencias que consideraban súas e crease estruturas que funcionasen de contrapeso. Os debates consultados tamén nos mostran que houbo temor a imitar a organización territorial de Cataluña, considerada polo partido no poder como negativa, polo xeral por asumiren que implicaría máis gastos. Significativamente, nese tipo de comparacións non se mencionou Aragón, que xerou consellos comarcais tanto ou máis fortes cós cataláns. Isto proba que a alusión a Cataluña debe lerse cun evidente contexto político.

Neste escenario cambiante, os «novos» obxectivos da comarcalización en Galicia pasaron a ser tres: coordinación das accións das administracións públicas, ordenación do territorio e desenvolvemento local. Porén, unicamente o relacionado co desenvolvemento local tivo certa implantación, a pesar de que os outros dous nalgún punto se intentaron e mesmo se reflectiron na lexislación. Por este motivo, máis que falar dun verdadeiro proxecto de *comarcalización*, resulta máis axeitado soster que se trata dun proxecto de *desenvolvemento comarcal*, que viu nas comarcas ámbitos apropiados para formularen políticas deste tipo. Non en van, a estratexia autonómica ao respecto foi nomeada como Plan de Desenvolvemento Comarcal —PDC—. En relación cos significados de comarca, aquí podemos falar dun novo vencellado ao desenvolvemento local, o único que chegou a institucionalizarse como tal. Deste xeito, á fin e ao cabo, a comarca dos anos 1990 actuaría *de facto* como unha mera aterraxe do novo paradigma do desenvolvemento rural creado por instancias europeas a finais dos anos 1980 (Ray, 2006; Dax et al., 2016).


Á vista dos resultados obtidos no capítulo 8, podemos constatar que o PDC non acadou os fins para os que fora creado, nin sequera o máis ligado ao desenvolvemento local. Algunhas

das conclusións que podemos sistematizar do traballo aquí efectuado para explicarmos o fracaso do PDC son as seguintes:

- A falla de consenso político e social á hora de deseñar o proxecto.
- A creación dunha estrutura burocrática que carecía de mecanismos de lexitimación democrática. Algúns dos órganos, caso dos consellos comarcais ou das unidades técnicas comarcais, non chegaron a funcionar.
- O seu carácter parcial, xa que os órganos e instrumentos previstos non chegaron a abranguer o conxunto do territorio (Figura 9.6). Ademais, non se conseguiu estender ás principais cidades e áreas metropolitanas, o cal implica que non afectou a inmensa maior parte da poboación galega.
- O seu funcionamento durante boa parte da súa vixencia como «plan piloto», isto é, sen lexislación específica que o amparase.
- A existencia de dous discursos: un político e outro académico, que, en varias ocasións, eran discordantes.
- A falla de documentos de ordenación do territorio, xa que os plans comarcais (Figura 9.6) non foron aprobados como tales. Os plans comarcais convertéronse nunha colección de libros que se foi publicando, mais sen valor vinculante nin executivo. Fracasaron no seu intento de coordinar outras administracións e fixar os seus investimentos. Tampouco se estableceron vínculos coa lexislación en materia de ordenación do territorio, malia que a Lei 10/1995 instauraba unha posible ponte neste sentido que non foi nunca aproveitada e, de feito, na recente Lei 1/2021 desapareceu.
- En materia de desenvolvemento local, non se despregaron verdadeiros proxectos de desenvolvemento. As fundacións comarcais (Figura 9.6), os órganos creados para traballar nesta dirección, desenvolveron un mero papel de asesoramento e información aos axentes locais, a causa da falla de recursos económicos e humanos e de apoio doutras administracións.
- O excesivo carácter personalista do proxecto, centrado en torno á figura de A. Precedo Ledo. Era director/secretario xeral do goberno autonómico, conselleiro delegado da Sociedade Comarcal e presidente dos padroados das 34 fundacións comarcais que se chegaron a constituír.
- Os centros comarcais (Figura 9.6) implicaron unha considerable lapidación de recursos públicos, que non se xustificou na súa escasa finalidade.

A partir do ano 2000, constatamos un abatemento do proxecto comarcal. A creación de AGADER nesta data implicou a entrada en escena dun novo organismo que pasou a rivalizar coa Sociedade Comarcal e coas fundacións comarcais, que se viron axiña desprazadas da xestión dos fondos europeos de desenvolvemento rural. Isto deixou patente o conflito dentro do goberno do PP co enfrontamento entre conselleiros, o cal seguramente non se pode desvencellar das tensións existentes polo relevo de Fraga xa no primeiro lustro do século actual. No 2003, a saída de Precedo Ledo do organigrama da Xunta de Galicia e a integración do PDC na Consellería de Política Agroalimentaria —até ese momento estaba na da Presidencia—, coa súa conseguinte progresiva absorción por parte de AGADER, foron os fitos máis sobranceiros que marcaron o final do proxecto. O debate mobilizado ao respecto móstranos que o PP foi moi duro cando o BNG propuxo aprobar unha lei para desmantelar o proxecto comarcal. Ironicamente facíao un partido político que apoiaba as comarcas, pero como eles verbalizaron crían nas comarcas como entes político-administrativos. En 2010, novamente o PP, con Núñez Feijóo no poder, foi o que suprimiu o PDC definitivamente.

Figura 9.6. Órganos e instrumentos comarcais creados polo PDC nas décadas de 1990 e 2000



Elaboración propia.

Á vista dos resultados, en relación coa ***terceira das hipóteses***, podemos afirmar que, inicialmente, as expectativas ao comezo do actual período autonómico en torno ás comarcas eran moi altas. Todas as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia na década de 1980 apostaban por converter a comarca nun ente local dotado de contidos. Porén, pouco despois de Fraga Iribarne asumir a presidencia da Xunta de Galicia, o proxecto comarcal reorientouse, achamos que forzado polas deputacións provinciais, cara a novos obxectivos —o desenvolvemento local foi o único que tivo certa transcendencia— que en ningún caso contemplaban dotar as comarcas de competencias e capacidade xurídica de seu.

Obxectivo 7. Reparar en se o mapa comarcal actual, aprobado en 1997 e na actualidade só con efectos de delimitación, resulta valedoiro no momento presente

Na actualidade, o mapa comarcal oficial, aprobado pola Xunta de Galicia en 1997, limítase ao ámbito académico e a valer de base para a información estatística e a elaboración de estudos de

diverso tipo. Porén, non podemos precisar se os ámbitos territoriais que define resultan valedoiros no momento presente. Quizais si, na medida en que respecta a división xudicial do século XIX e, como sinalamos en varias ocasións, a súa vixencia no tempo levou a que se crease un sentimento de arraigo popular en torno a ela.

No entanto, o mapa tamén convida á súa revisión. En primeiro lugar, cómpre lembrar que a división comarcal foi aprobada sen consenso político e social. Neste sentido, os cuestionarios municipais de recoñecemento territorial que enviou a Xunta de Galicia aos alcaldes en 1990 mostraron un alto número de reclamacións pola falla de vínculo de varios concellos coa proposta oficial, o cal mostra a complexidade de obter unhas divisións unívocas e incontrovertibles. Ademais, inicialmente, o propio Precedo Ledo, como vimos en reiterados mapas dos resultados —Figuras 8.3, 8.4, 8.5, 8.23, 8.25—, procuraba menos comarcas das que finalmente se aprobaron. Hoxe en día, podemos engadir varias cuestións que invitan a reflexionar tamén sobre a división vixente: a mingua económica e demográfica que afecta a un bo número de comarcas; as áreas metropolitanas que desbordan os límites tradicionais comarcais; ou a fusión de municipios, pois a unión de Cerdedo e Cotobade no 2016 integrou dous concellos de comarcas diferentes, o que deixou o mapa nunha situación vulnerable ao non resolverse a adscrición comarcal resultante en ningunha dirección.

Alén disto, non debemos esquecer que o mapa comarcal oficial de 1997 leva operando no territorio preto de 30 anos. Por este motivo, consideramos que resulta axeitado nestas conclusións ver o seu grao de institucionalización nos termos de Paasi (1986). Con este fin, botamos man dos catro estadios que identifica Paasi (1986) no proceso de institucionalización rexional:

- Forma territorial. Por primeira vez na súa historia, as comarcas galegas adquiriron en 1997 uns límites «oficiais», que contribuíron á súa identificación e definición (Figura 9.6).
- Forma conceptual. Ao redor das comarcas galegas desenvolveuse un discurso histórico, unha paisaxe que as identifica, unhas tradicións e mesmo un nome propio que garda conexión co pasado, polo xeral a través dunha copiosa produción bibliográfica que revisamos no capítulo correspondente. Con todo, o valor simbólico que detectamos é bastante frouxo. A construción dos centros comarcais foi un dos principais factores que se tentou que axudase a cimentar as comarcas como ámbito de identificación social (Figura 8.21). Tamén a manifestación física a través de paneis e letreiros nas rúas contribuíu nesta dirección (Figura 9.7).
- Forma institucional. As comarcas galegas non se encheron de contidos político-administrativos, mais na súa consolidación adquiriron importancia outros roles. O sistema educativo desempeña un papel importante coa inclusión do mapa comarcal nos libros de texto escolares (Figura 9.8). Leva estudándose máis de dúas décadas, o cal non resulta menor.
- Promoción do rol establecido. Ante a falla de contidos político-administrativos propios, estanse empregando outras vías na consolidación da consciencia comarcal. En especial, podemos salientar o papel dos medios de comunicación de masas, onde son evocadas frecuentemente e, nalgúns casos, modificadas para os seus fins (Figura 9.9). Ademais, a Xunta de Galicia tamén veu presentando moitos datos e traballos a nivel comarcal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 9.7. Indicadores sobre comarcas



Lalín, 27/11/2020



N-547 entre Melide e Palas, 6/10/2020



N-120 á entrada de Ourense, 3/1/2021



Carballo, 6/11/2022

Elaboración propia.

Figura 9.8. Algúns exemplos da inclusión do mapa comarcal oficial en libros escolares de Xeografía



AS COMARCAS E A SÚA DIVERSIDADE

En Galicia hai 53 **bisbarras** ou **comarcas**, distribuídas do seguinte xeito: 18 están na provincia da Coruña, 13 na de Lugo, 12 na de Ourense e outras 10 na provincia de Pontevedra.

As bisbarras adoitan ter unha localidade principal que salienta sobre as demais. Normalmente é a vila ou cidade de maior poboación e a que lles ofrece máis servizos aos habitantes de toda a comarca, por exemplo, hospital, instituto de educación secundaria, mercado, xulgado ou bombeiros. Cada bisbarra ten unha capital de comarca.

AS COMARCAS DE GALICIA

Amplía na Rede...

Para saberes máis sobre as comarcas galegas, entra en: www.tiching.com/49030


CONTRASTES DE POBOACIÓN ENTRE AS COMARCAS GALEGAS 2015

Comarcas máis poboadas				Comarcas menos poboadas			
Vigo	422 796	Pontevedra	123 039	Os Ancares	10 719	Quiroga	5 514
A Coruña	396 728	Lugo	119 579	A Barcala	10 634	A Fonsagrada	5 432
Santiago	165 361	O Salnés	110 422	A Ulloa	9 475	Meira	5 425
Ferrol	158 029	O Morrazo	83 347	Baixa Limia	7 409	Terra de Trives	4 348
Ourense	144 810	Bergantiños	68 428	Viana	6 153	Terra de Caldelas	3 141

1. Realiza unha táboa por provincias coas comarcas de cada unha delas.
2. Localiza no mapa as comarcas máis poboadas. Onde están situadas a maioría?
3. Cales son as comarcas interiores que superan os 100 000 habitantes? Por que están máis poboadas?
4. Localiza no mapa as cinco comarcas menos poboadas. Que medio físico ocupan a maioría?
5. Cales son as entidades territoriais recoñecidas polo Estatuto de Autonomía?
6. Explica o que é un municipio. Cales son os elementos que forman o municipio?
7. Que son as parroquias? Busca na Internet as parroquias que integran o teu municipio.
8. Por que está tan fraccionado o territorio galego?
9. Cal é a diferenza entre municipio, comarca e parroquia? Busca algún exemplo no que poidas detallar situación, extensión ou habitantes de cada entidade territorial.
10. Explica cales son os desequilibrios internos que existen na Comunidade galega e distingue as zonas máis poboadas daquelas que contan con menos habitantes.
11. Como se chama a bisbarra na que vives? Indaga os municipios que a integran.

O medio físico e as actividades económicas 19

Albet Mas et al. (2016: 19). Ed. Vicens Vives



08 A organización política e económica do Estado español e de Galicia

07.2 As comarcas

Un segundo nivel de división sería o comarcal, a división intermedia entre as provincias e os concellos. En Galicia temos 53, repartidas do seguinte xeito:

A CORUÑA
18 en total. Barbanza, Noia, O Sar, Muros, Fisterra, Xallas, A Barcala, Santiago, Arzúa, Terra de Melide, Betanzos, Ordes, Bergantiños, Terra de Soneira, A Coruña, Eume, Ferrol, Ortegal.

OURENSE
Son 12 en total. Baixa Limia, A Limia, Verín, Viana, Valdeorras, Terra de Trives, Terra de Caldelas, Allariz-Maceda, Terra de Celanova, Ourense, O Ribeiro, O Carballiño.

LUGO
13 comarcas. Chantada, Terra de Lemos, Quiroga, A Ulloa, Sarria, Os Ancares, Lugo, A Fonsagrada, Meira, Terra Chá, A Mariña Occidental, A Mariña Central, A Mariña Oriental.

PONTEVEDRA
10 comarcas. O Baixo Miño, Vigo, O Condado, A Paradanta, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés, Caldas, Tabeirós-Terra de Montes, Deza.

07.3 Os concellos

A división administrativa máis pequena é a dos **concellos**. En Galicia temos 314, cada un deles formado por un conxunto de núcleos de poboación que rodean os 3 700, o que quere dicir que a metade dos de España se atopan en Galicia. Existe polo tanto un importante nivel de **dispersión xeográfica da poboación.** A distribución segundo o tamaño dos núcleos indica que aqueles con máis de 500 habitantes representan pouco máis do 1 % do total galego, mentres os lugares e aldeas con menos de 10 fogares comprenden case o 72 %.

Despoboación

Nos últimos trinta anos arredor dunhas 1 400 aldeas quedaron totalmente despoboadas. É o problema máis importante ao que se enfronta Galicia.

As comarcas de Galicia.

Giménez Ruiz et al. (2015: 182). Ed. Edelvives



7. Galicia, Comunidade Autónoma

A **Comunidade Autónoma de Galicia** é unha **nacionalidade histórica dentro do reino de España**, pois ao feito de posuír unha lingua e unha cultura propias, sumáselle o feito histórico e político de someter a referendo o seu Estatuto de Autonomía no 1936.

A recuperación do autogoberno comezou tras a restauración democrática iniciada en 1975. Así, **en 1981 aprobouse o Estatuto de Autonomía** de Galicia, que se converteu na norma institucional básica da Comunidade Autónoma.

O Estatuto define as institucións que integran o autogoberno e as competencias en materia de facenda, territorio, educación, sanidade, urbanismo, industria, etc.

As institucións galegas

O conxunto das institucións de autogoberno da Comunidade Autónoma de Galicia constitúe o poder galego:

- O **Parlamento** representa o pobo galego e exerce a potestade lexislativa dentro de Galicia. Actualmente fórmano 75 deputados elixidos cada catro anos.
- O **Presidente da Xunta** é elixido polo Parlamento de entre os seus membros e nomeado por El-Rei. É a suprema representación da comunidade autónoma. Os grupos parlamentarios presentan cadansúa candidato.
- A **Xunta de Galicia** é o órgano colexiado do goberno de Galicia. Dirixe a política xeral e a Administración. Os membros da Xunta reciben o nome de Conselleiros e son designados polo Presidente da Xunta.
- O **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** é o máximo órgano xurisdicional de Galicia.

Outras institucións son o Valedor do Pobo, o Consello de Contas, o Consello Consultivo de Galicia, o Consello Económico e Social, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega.

Santiago de Compostela é a capital de Galicia.

A organización territorial

No século XIX creouse a actual división provincial e municipal. Actualmente Galicia está organizada en catro **provincias**: **A Coruña**, **Lugo**, **Ourense** e **Pontevedra**. Estas divídense en **municipios**, que están gobernados por **Concellos**, na actualidade son 315.

As **comarcas** son unha entidade intermedia entre a provincia e o municipio que aínda se está a desenvolver. Galicia ten 53 comarcas (doc. 13).

A división territorial galega tradicional é a **parroquia**, creada xa na época dos suevos, no século VI. A parroquia ten uns límites definidos onde se asentan varios lugares ou aldeas.

A importancia cada vez maior dos núcleos urbanos está comezando a introducir na lexislación autonómica o concepto de **área metropolitana**, para que as cidades máis grandes e cadansúa zona de influencia tenan uns servizos comúns.

ACTIVIDADES

13. ●● **Comprende o texto.**
- Que significa Estatuto e Parlamento?
- Cales son as principais institucións galegas? Que funcións teñen?
- Que son a comarca e a parroquia?
- Cales son as principais institucións galegas?

14. ●●● **Busca fóra do texto.**
- Busca os grupos parlamentarios galegos na páxina www.parlamentodegalicia.com
  a) Que grupos políticos compoñen o Parlamento de Galicia?
  b) A que se dedican os parlamentarios?
- Busca información sobre a túa comarca: Extensión, localización, poboación, cabeceira...

Doc. 13 Mapa das provincias e comarcas de Galicia.

79

Espino de Torres et al. (2011: I 79). Ed. Obradoiro



Esquema da unidade

1. O proceso histórico da ordenación territorial
   1.1. A época antiga
   1.2. A época medieval
   1.3. A época moderna
   1.4. O século XIX
   1.5. O século XX
2. A organización territorial actual
   2.1. As institucións propias
   2.2. As competencias autonómicas
   2.3. O financiamento das comunidades
   2.4. As divisións territoriais actuais

Antes de comezar

O Estado é unha unidade política que exerce un poder de organización e goberno sobre o grupo humano ou pobo que habita un territorio determinado. A sociedade que forma cada Estado é moi variada, polo que necesita organizarse para poder solucionar os seus conflictos e asegurar a convivencia. O sistema político de cada Estado é o que determina a forma de goberno deste.

A Constitución de 1978 proporciona dúas novidades importantes na organización política española. Por unha banda, o deseño dun Estado democrático, baseado na garantía duns dereitos e liberdades fundamentais, na soberanía popular, no pluralismo político e na división de poderes. Por outra, o proxecto dunha redistribución territorial do poder político, é dicir, a formación do Estado das Autonomías.

- Indica cál é o sistema político español e describe a forma de goberno.
- Explica en qué consisten os conceptos de soberanía popular, pluralismo político e división de poderes.
- Cita un momento da nosa historia no que non se desen tales conceptos.

Mapa comarcal de Galicia.

Sede do Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela.


327

Martínez Romero et al. (2003: 327). Ed. Rodeira


Figura 9.9. Tratamento ás comarcas nos principais medios galegos de comunicación de masas



Come a comarca (TVG)



Recantos, Luar (TVG)



O tempo (*La Voz de Galicia*)

Alén da discusión ao redor do mapa, puidemos constatar que o debate comarcal é un tema que continúa vivo en Galicia na actualidade. Por unha banda, no plano académico, pois moitos traballos aínda apostan por unidades de escala comarcal como as máis acaídas para organizar e xestionar o territorio, tales como López Mira (2000), Lois González (2004) ou Rodríguez González (2008). Porén, dentro dos paradigmas teóricos da *New New Regional Geography*, vemos que estas achegas non chegan a definir os ámbitos comarcais, feito que nos permite establecer unha liña de similitude cos identificados como *fuzzy-bounded soft spaces* (Allmendinger e Haughton, 2009; Jones e Paasi, 2013; Cochrane, 2018; Paasi et al., 2018).

E, por outra banda, no plano político, observamos que os debates avanzan sobre o propio concepto de comarca, no sentido que Paasi et al. (2018) percibiron para o de rexión. Así, podemos falar de novos termos como área metropolitana ou GAL/GDR. Nalgúns casos operan a unha escala propiamente comarcal, mais noutros, por exemplo na área metropolitana de Vigo que analizamos en Otero Varela e Paül Carril (2022), vemos que varias das delimitacións do fenómeno metropolitano vigués son claramente supracomarcais, o que pode apuntar á progresiva obsolescencia da escala analizada nesta investigación.

Logo desta tese e das conclusións que vimos de debullar, achamos nove significados de comarca en Galicia que constitúen *per se* un resultado relevante da investigación desenvolvida. Estes significados foron sinalados ao longo de cada un dos obxectivos, e son:

1. Comarca como ferramenta para a descrición e interpretación do territorio.
2. Comarca como nivel político-administrativo para a organización do territorio.
3. Comarca como demarcación para a administración e xestión do territorio.

4. Comarca como unidade territorial ao servizo ideolóxico do Estado-nación español.
5. Comarca como escala territorial ao servizo ideolóxico do nacionalismo galego.
6. Comarca natural como ámbito espontáneo e vivo.
7. Comarca funcional como espazo rexido por un determinado lugar central.
8. Comarca como perímetro para o desenvolvemento local/rural/endóxeno.
9. Comarca como ámbito territorial de identificación social.

En relación con estes significados, Burgueño Rivero (2003) identifica no seu estudo sobre Cataluña varios tipos de comarca. Así, as comarcas naturais e as funcionais identificadas en Burgueño Rivero (2003) coinciden plenamente cos dous significados homónimos achegados nesta investigación. A única diferenza notable ten que ver con que, no caso catalán, o estudo sobre as comarcas funcionais —o mercado— é iniciado moito tempo antes, na década de 1930, mentres que en Galicia, estes estudos son das décadas de 1970-1980. Para Burgueño Rivero (2003) as comarcas históricas son en parte os partidos xudiciais, mais nesta investigación achamos que estes se adaptan a dous significados concretos: como ámbito para a administración do territorio e como ámbito ao servizo ideolóxico do Estado-nación español. As comarcas político-administrativas, nomeadas así por Burgueño Rivero (2003), non se chegaron a implantar en Galicia, mais o nacionalismo galego sempre avogou por elas, por descontado en función da súa propia ideoloxía territorial. Finalmente, as comarcas xeográficas de Burgueño Rivero (2003), que segue a Vilà Valentí (1993a), entendidas como a amalgama de diversos elementos xeográficos, coincidirían con todos os significados achegados nesta tese, pois a Xeografía, para nós, abrangue todo.

Cómpre indicar, tal e como sinalamos na introdución desta investigación, que esta tese non remata por suturar completamente o tema comarcal en Galicia. Aínda queda moito por facer ao respecto. De cara ao futuro, propomos dúas posibles liñas de estudo no que atangue á cuestión comarcal. Un primeiro campo de traballo consistiría en reflexionar sobre a viabilidade das comarcas como ámbitos sobre os que reestruturar a planta local galega, isto é, como substitutas totais ou parciais da división municipal e/ou provincial, que achamos que resultan inadecuadas á realidade presente. Especificamente, logo desta investigación, sostemos a incongruencia da división provincial nun ámbito como é a baixa bacía do Ulla que, non se pode esquecer, se trata do único territorio no que o eixo urbano atlántico cruza uns límites provinciais. É necesario, baixo o noso punto de vista, unha investigación que pescude as vantaxes e desvantaxes da fusión de municipios na liña do traballo xa iniciado hai anos por Rodríguez González et al. (2004). É posible, en fin, unha reorganización do mapa municipal en base a novas unidades locais e/ou municipais de alcance comarcal?

Outra interesante e necesaria liña de investigación debería avanzar sobre o arraigo da comarca entre a poboación, profundando no sentido que esta lles atribúe —na liña do noveno dos significados obtidos—. Este é un traballo que aínda non se fixo en Galicia, pois, como demostramos, nin sequera na década de 1990 se desenvolveu un verdadeiro proceso de participación cidadá. Neste sentido, os cuestionarios municipais de recoñecemento territorial (1990) elaborados polo Gabinete Comarcal só foron enviados aos alcaldes. O ser humano non debe ser considerado como un mero elemento á hora de discernir rexións empregando datos numéricos do seu comportamento ou das súas características, senón que os seus xuízos e opinións, na liña do expresado por Frémont (1984) ou Paasi (2002), se tornan imprescindibles para construírmos a propia rexión. Non é suficiente unha división comarcal sustentada na intuición, por moito que se apoie en datos obxectivos. Para que unha división sexa axeitada e poida poñerse en práctica debe coñecer e avanzar na percepción que os habitantes teñen do territorio no que habitan.

USC DE COMPOSTELA

A modo de reflexión final, queremos deixar constancia do vivente do tema comarcal galego na actualidade. Cremos firmemente que o futuro da comarca pasa pola súa institucionalización como ente local, que substitúa a provincias e/ou concellos. Pero, que comarcas? Neste traballo non nos atrevemos a debuxar un mapa comarcal propio porque consideramos que non pasaría de ser, ao igual que moitos dos anteriores, unha mera proposta sen utilidade á que só depararía o fondo dun caixón. Así e todo, esperamos que esta investigación achegue algo de luz sobre esta descoñecida e pouco traballada división territorial e que, á súa vez, sirva de primeiro chanzo para a reconstrución das comarcas galegas. Cando menos, para non repetirmos os erros do pasado respecto á nosa organización territorial.

* * *

9.2 DISCUSSION AND CONCLUSIONS

From the systematic study of the *comarcal* question in Galicia undertaken in the previous chapters, we can draw a general conclusion that responds to the main objective underlined at the beginning of this investigation: the meaning of the term *comarca* in Galicia is not unambiguous and has not remained stable with the passing of time.

Next, we will outline the specific objectives and the hypotheses that we defined at the start of this doctoral thesis, undertaking two addition tasks in accordance with this final section. On the one hand, a discussion, that is to say, a contrast between the findings in this document —Chapters 4 to 8— and the current state of the regional issue, both ontological and disciplinary. On the other hand, this systemisation and interpretation of the results achieved will allow us to make a list of all the meanings that the *comarca* has had in the contemporary history of Galicia.

1st Objective. Resolve how long the term **comarca** *has been used and under what circumstances*

In Galicia, the first mention of a *comarcal* discourse that is consistent and well-reasoned is recent. This investigation permitted us to date it back to the 1920s. That was the moment the *comarcal* topic was determined in the region, when the *comarcas* appeared under a certain guise: as a suitable tool to describe and interpret the Galician territory at the heart of the development of geographical science. Amongst the first to coin the term the following names are prominent: Dantín Cereceda (1922), and in particular, Otero Pedrayo (1926c, 1926d, 1928). However, the concept of *comarca*, beyond that already outlined, obtains other meanings by Galician nationalism at the beginning of the 1930s. Firstly, it is considered to be the most suitable way to organise the territory, as is proven by the declaration of principles of the Galicianist Party (*Partido Galeguista*) (1931). During those same years, this meaning loses steam in favour of the *comarca* as a territorial area to facilitate administrative communication —as we will detail in another one of the objectives—.

Nevertheless, the *comarcal* areas, although not yet known as such, date back even further. We can consider the jurisdictions (*partidos xudiciais*) created by the liberal Spanish state in the first decades of the 19th century —although the term *comarca* had not yet been used— as the first attempts of modern division; numerous authors confirm this theory such as González Mariñas (1994), López Morán (1994), Burgueño Rivero (1995) and Rodríguez González (2011). In fact, López Morán (1994) does not hesitate to categorise the 19th century creation of jurisdictions as a historical *comarcal* regionalisation. Before the creation of the liberal State, several academics also mention spaces on a *comarcal* scale, as are the cases of Baliñas Pérez

(1992) and Bermúdez Beloso (2017) referring to medieval counties, of Barreiro Fernández (1974a, 1974b) and Morán García (1998) referring to the jurisdiction of archpriests or of Gallego Domínguez (1988) and Saavedra Fernández (1990b) referring to squire estates —a complete evaluation of these antecedents can be found in Chapter 3—. Therefore, according to the work undertaken in these pages, it is not appropriate to establish a continuity between these apparent *comarcal* areas and the later *comarcas*: the rift occurs with the appearance of the liberal State and its need to completely (re)organise the territory (Burgueño Rivero, 1996, 2011; García Álvarez, 2002). This entails a coherent and homogenous creation of a territorial scale in order to administer justice —firstly, thus, with a limited reach— which would later be modified, not only by the agents of the nation state.

In this way, we can maintain that, during the 1920s and 1930s, the *comarca*, as such, acquires power and becomes a staple in political and academic discourse with four meanings within a short span of time:

- Firstly, as a tool to describe the territory, particularly relevant in school textbooks and in regional geographies of Galicia and/or Spain.
- Next, it acquires nuances that lend it traces of a regional entity. The declaration of principles of the Galicianist Party (1931) heads in this direction.
- And, finally, its advocacy for the designation as an area for administration and management of the territory, both for the Galician nationalists and, with certain nuances, for the government of the State.
- However, one must not forget that the *comarcal* areas, under the designation of jurisdiction, have existed, in a more or less stable manner, since the 1820s and 1830s, with a special meaning: the *comarca* at the service of the Spanish nation state.

2nd Objective. To get to know the different maps of the* comarcas *of Galicia and to determine to what point the old* comarcal *divisions have influenced the later ones

Throughout the chapters of results, we have created 134 maps of our own making in which 5.397 areas of *comarcal* scale have been represented. With this information alone, we can confirm with our results the academic vision maintained by authors such as Agnew (2018), Cochrane (2018), Entrikin (2018) and Paasi et al. (2018) regarding the fact that the world is usually presented as being composed of many and variable regions.

With the intention of obtaining a cartography that proves this idea, in Figure 9.1. we represent all the units of stable *comarcal* boundaries —not forgetting the differentiation between the two types of *comarcal* representation mentioned in subsection 1.6.6—. In order to do this, we have superimposed 141 divisions, which cover 2.763 *comarcas* that follow municipal and/or parochial boundaries —the divisions that we have taken into consideration are listed in the appendix of this investigation—. The act of superimposing the *comarcal* divisions allows us to visualise the differential utility of the borders: the frequency goes from a mere coincidence of two borders for the most ethereal and unstable to a coincidence of 76 in those most constant and clear. This exercise offers us a first image that proves the impossibility of achieving a perfect, unmistakable and unambiguous region, in the same line as Haggett (1965) and Lacoste (1976 [transl. 1977]). The huge number of cartographies also concur with the concept of "cartographic anxiety" (Gregory, 1994; Painter, 2008), according to which one tends to consider space as something objective that has precise boundaries and that can be represented on a map. But this doctoral thesis proves the exact opposite is true: it is a mere aspiration to consider that the territories around us are perfectly demarcated and fixation on

cartographic (over)representation is a desperate attempt to try to support this erroneous assumption.

The most stable borders, which we can confirm in Figure 9.2., are the provincial —currently used— and judicial ones —current and former—. Thus, all the provincial borders meet over a frequency of 50, except for the two cases that this doctoral thesis allows us to categorise as more "problematic": the lower Ulla River valley —between Padrón and Pontecesures— and the Sor River valley —between Mañón and Viveiro—. In these two territories, the proposed *comarcas* allow one to systematically censor the provincial divisions, a sign that, at least in those cases, the delineation of provinces totally lacks sense and usefulness. With those above 50, we can also observe some judicial borders —the historic jurisdictions of 1834— that systematically outline certain jurisdictions/*comarcas* such as O Deza, Monterrei or Ordes. The range of the frequency of borders in the second stage —between 30 and 49— almost all coincide with judicial borders. On the contrary, the most volatile borders, those below nine, are all municipal and parochial.

Even so, the judicial borders do not coincide in all cases (Figure 9.2.). On the one hand, certain jurisdictions —of 1834— like Pontevedra, Santiago, Vilalba or Vigo are overflown, as their territorial areas have reduced dimensions with respect to assumptions made by later authors. We can also determine that some areas do not coincide with the 19th century judicial borders and that have a tendency to be individualised, such as Barbanza, O Morrazo or A Ulloa. In the opposite sense, other jurisdictions tend to become blurred as in the cases of Muros, Ponte Caldelas or Redondela.

In light of the results, we can determine that the influence of the map of jurisdictions of 1834 on its latter counterparts is high. Almost all the *comarcal* maps drawn up, both in the political and academic spheres, show a significant similarity to the historic judicial division. Figures 9.1. and 9.2. allow us to verify that the similarity not only affects the number of units sketched —between 40 and 60— but also it covers the *comarcal* borders. Proof of the authority of the 19th century judicial map is its similarity to the current official *comarcal* map, which was designed 160 years later. In Figure 9.3., we can observe how 45 of the 53 official *comarcas* were already drawn up in 1997 —with more or less similarity— to those drawn up in 1834. In fact, several of them —nine— include the exact same municipalities and other —19— vary in only one or two municipalities. This is an extremely relevant conclusion for this doctoral thesis and is in coherence with the opinions of Burgueño Rivero (2003) and Oliveras Samitier (2007) in the case of Catalonia.

In accordance with Figure 9.3., the territory with the largest number of flaws in correspondence between the original judicial layout and the *comarcal* division drawn up in 1997 is in the west of the current province of A Coruña, where this thesis proves there has been a very specific process in *comarcal* construction. Initially, the official proposals from the autonomous government accounted for fewer *comarcas* than were finally recorded. In another sense, the increase in the number of *comarcal* areas in relation to the jurisdictions is due to the fact that the consideration of *comarca* was awarded to spaces governed by towns of a similar size and even that shared rivalries such as Arzúa and Melide, O Castro de Caldelas and A Pobra de Trives or Noia and Ribeira.

This provokes an interesting reflection about the importance of the passing of time in the consolidation of imaginary territories linked to a certain spatial division, along the lines of the writings of Tuan (1991) or Nogué Font (1991 [transl. 1998]). Therefore, this thesis allows us to claim that the long-time stability of the jurisdictions, in spite of them never having had political-administrative recognition, has contributed to reinforce —or even create— feelings of identity and identification. According to the postulated theories of Farinelli (2007), we can

determine that the cartographic representation of the jurisdictions would also fortify *comarcal* identity. It is quite likely that people, upon seeing and experiencing judicial maps, tended to accept them as valid and it fixed these areas in their minds. There is no doubt that, being official, these maps contributed to reinforcing people's imagination of what surrounded them.

